



O Servizo de Extensión
Agraria en Galicia
1956 - 2002

**Amador Rodríguez Troncoso
José Mariano Pérez Fernández
Constantino Mariño Torreira**



**O Servizo de Extensión Agraria en Galicia
1956 - 2002**

**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*Santiago de Compostela
2015*

Edita

Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.

Colaboradores:

José Recimil Tábor

José Pérez Varela

Portada

JMR Casabiell

Maquetación

Ainhoa Rodríguez

Asesor lingüístico

Francisco Xosé Suárez Benito/Antonia Vega Prieto

Impresión e encadernación

Gráficas Garabal, S. L.

Depósito Legal

C 2045 - 2015



Amador Rodríguez Troncoso. Guntín-Oroso-A Cañiza-Pontevedra 1922

Licenciado en Dereito pola USC. Foi axente de Extensión Agraria en Negreira, xefe provincial deste Servizo en Lugo e Pontevedra e xefe rexional ata a súa xubilación.

Como docente impartiu clases de Desenvolvemento Comunitario na Escola de Asistentes Sociais da USC.

Foi o primeiro presidente do órgano reitor do Produto Galego de Calidade Mel de Galicia. Presidente da Asociación de Produtores de Mel de Montaña de Galicia.

Colaborou activamente coa Semana Verde de Galicia e promoveu e organizou os primeiros e segundos encontros de técnicos agrarios de Galicia e o norte de Portugal.

É socio fundador das fundacións Castelao e Alexandre Bóveda. Foi secretario do consello do Novo Seminario de Estudos Galegos, do que acabou sendo vicepresidente.



José Mariano Pérez Fernández. Valladolid 1944

Enxeñeiro técnico agrícola pola UCM. Foi axente de Extensión Agraria en Ponteareas e A Cañiza, xefe provincial deste Servizo en Ourense e director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria da Xunta de Galicia.

Foi secretario da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrícolas e Peritos Agrícolas de Ourense. Foi profesor en cursos da EGAP e en másteres da Facultade de Ciencias do Campus de Ourense da Universidade de Vigo.

Relator do “Programa operativo de desenvolvemento e diversificación económica en zonas rurais de Galicia (PRODER GALICIA)” nas xornadas sobre xestión de fondos estruturais organizadas en Bruselas pola UE, para países receptores de fondos FEOGA.

Está en posesión do diploma de directivo expedido pola Escola de Administración Pública.

Na actualidade ocupa o cargo de xefe da Área do Servizo de Control de Calidade Agroalimentaria e Industrias na Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural e do Mar de Ourense.



Constantino Mariño Torreira. Lens-Ames-A Coruña 1936 - Santiago 2015

Enxeñeiro técnico agrícola pola Escola Universitaria de Lugo. Foi axente de Extensión Agraria en Viana do Bolo, A Fonsagrada e Foz, xefe de sección de Contratación de Obras da Consellería de Cultura e Deportes e xefe territorial do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais en Mondoñedo ata a súa xubilación.

Experto en micoloxía.

O SERVIZO DE EXTENSIÓN AGRARIA EN GALICIA 1956-2002

A agricultura galega da tradición ao futuro

Desde a evolución histórica que viviu o agro galego ao longo dos séculos, ata a revolución contemporánea dos últimos 60 anos, moitos foron os cambios experimentados na actividade agraria de Galicia, onde ademais de enfrontarnos a un illamento xeográfico natural, tivemos que superar as dificultades dunha estrutura agraria minifundista e unha dispersa e atomizada poboación, con escasas e deficientes vías de comunicación terrestres.

Obstáculos estes, que esixían un maior esforzo dos nosos agricultores e gandeiros e que, sen dúbida, encontraron un apoio fundamental no Servizo de Extensión Agraria, que iniciaba a súa andaina en 1956, coa apertura da Axencia de Negreira, con Amador Rodríguez Troncoso á fronte. Unha oficina nunha comarca eminentemente agrícola e gandeira, pioneira no proceso de concentración parcelaria e na que tamén o cooperativismo agrario arraigou con forza.

Foi Amador, quen xunto a outros axentes de extensión agraria, introduciron na nosa Comunidade novas técnicas de cultivo e contribuíron dun modo determinante á modernización das actividades agrícolas e gandeiras.

Pero se a súa tarefa foi abnegada e recoñecida, non o foi menos o labor desenvolvido por José Mariano Pérez Fernández, xefe da Axencia da Cañiza nos anos 70. Un traballador incansable, coa convicción da importancia desa modernización e transformación. A súa entrega e constancia a prol do agro galego desde a comarcal pontevedresa levouno ata a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, desde onde exportou as súas ideas e accións a toda Galicia e contribuíu ao progreso e renovación da actividade agraria.

Constantino Mariño Torreira foi outro pilar fundamental do Servizo de Extensión Agraria, que soubo valorar a importancia do capital humano dos axentes, motivalos e crear unha auténtica 'familia'. Cría firmemente que a extensión agraria debía ser para os profesionais que desenvolvían a súa actividade neste Servizo como a súa propia familia, e por iso había que mimala, coidala e respectala.

Tres grandes expoñentes do Servizo de Extensión Agraria que coa súa constante entrega e dedicación fixeron ver aos seus compañeiros e aos profesionais do rural que a permanente evolución, adaptación e modernización das actividades agrogandeiras era o único camiño para converxer con outras rexións de España.

Entre estes profesionais senlleiros ben merece ser citada Pencha Santasmarinas, unha funcionaria de Extensión Agraria que en 1993 se incorporou á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura e importou os seus coñecementos de mellora e organización no ámbito agrario para aplicalos noutra banda do sector primario, neste caso ao marisqueo. Así, como xefa de Extensión Pesqueira, Pencha foi



Ánxeles Vázquez Mejuto
Conselleira do Medio Rural

a impulsora dun proceso de renovación e cambio da actividade marisqueira en Galicia, contribuíndo á profesionalización desta actividade practicada por milleiros de mulleres ata entón como unha actividade secundaria e complementaria allea á regulación.

Sirvan estes trazos de catro exemplos deste Servizo para dar constancia e achegar o respecto ao importante labor e experiencia dos axentes da Extensión Agraria, que transcendeu, como vimos, o agro para estenderse a todo o sector primario.

Neste senso, as orixinais axencias de Extensión Agraria evolucionaron no formato das actuais oficinas agrarias comarcais e esa transformación non foi máis que un acto que reflicte a adaptación constante a un agro galego que cambiaba, melloraba e avanzaba ano a ano salvando problemas e mellorando as súas capacidades de competitividade e viabilidade sen perder un ápice da súa valía como fonte de alimentos de calidade.

Hoxe, o traballo que desempeñan os 300 profesionais, entre veterinarios, enxeñeiros agrónomos, enxeñeiros técnicos agrícolas e persoal administrativo, nas case 70 oficinas agrarias comarcais distribuídas por toda a xeografía galega continúa sendo imprescindible.

Co seu traballo garanten a seguridade alimentaria dos produtos agrícolas e gandeiros, a sanidade animal e vexetal, controlan os riscos medioambientais derivados da actividade agraria, informan e asesoran os agricultores e gandeiros, tramitan as axudas da PAC e canalizan as solicitudes e peticións que os profesionais do sector presentan á Administración.

Un complexo labor, nun contexto europeo e global, cunhas esixencias dos mercados e unha normativa en permanente evolución, circunstancias ás que estes funcionarios das oficinas comarcais souberon adaptarse cunha profesionalidade admirable, xa que, se nos anos 50 a modernización do agro chegou da man dos axentes de extensión agraria, hoxe a evolución chega da man da innovación e das novas tecnoloxías aplicadas ao medio rural e na aplicación dese cambio seguen tendo un papel fundamental os funcionarios das OAC.

Xunto á introdución de novos cultivos, con plantas e sementes melloradas xeneticamente, técnicas e maquinaria innovadora para o desenvolvemento das actividades agrarias e demais avances incorporados ao rural, a Oficina Agraria Virtual constitúe outro exemplo da adaptación aos novos tempos. Unha ferramenta telemática para a atención e tramitación administrativa que os profesionais requirían.

Ante isto, e sen que ningún medio telemático sexa capaz de suplir a dedicación dun grupo de persoas, podemos afirmar que o impagable labor que prestaron os profesionais do Servizo de Extensión Agraria desde o seu comezo no 1956 é incuestionable, como imprescindible é o traballo que desenvolven hoxe os funcionarios das OAC para continuar avanzando na mellora da estrutura agraria de Galicia.

Xa que logo, esta publicación supón unha merecida homenaxe aos centos de homes e mulleres que dende o Servizo de Extensión Agraria actuaron como auténtico motor e correa de transmisión para que os profesionais do medio rural modernizaran as súas explotacións e visen como o agro pasaba de ser símbolo de atraso a ser motor de futuro e fonte de oportunidades capaz de sobordar mesmo as etapas de crise económica.

A todos, funcionarios e profesionais do agro, quero facer chegar desde este prólogo o meu máis sincero recoñecemento e admiración por ser quen de situarnos en pé de igualdade con outras rexións de España e de Europa. A Amador, José Mariano e Constantino, grazas por facer dese logro parte das súas vidas e reflectilo neste libro.

Ánxeles Vázquez Mejuto

Conselleira do Medio Rural



INFORME SOBRE A PUBLICACIÓN *O SERVIZO DE EXTENSIÓN AGRARIA EN GALICIA*


O Servizo de Extensión Agraria (SEA) en Galicia abre a súa primeira axencia en Negreira no ano 1956 e cesa nas súas actividades no ano 1982. Creado en España o ano anterior por unha R.O., chegou a ter en Galicia 68 axencias. As súas funcións de asesoramento do medio rural tomaron como modelo as axencias norteamericanas e o seu labor en Galicia pódese considerar que foi decisivo e inseparable do proceso de modernización das explotacións agrarias que se desenvolveu a partir da década dos setenta.

Ata o de agora o labor do SEA de Galicia, recoñecido por todos como un elemento decisivo da nosa historia agraria recente, foi obxecto de moi contados e limitados estudos a pesar da transcendencia dos seus traballos. Por todo iso, este estudo sobre o SEA galego, que ten un carácter enciclopédico e está redactado polos propios protagonistas, ten un valor incalculable como testemuño desa etapa fundamental da nosa agricultura.

Non só por xustiza histórica debe ser coñecido este labor do SEA de Galicia mediante a publicación deste volume senón tamén como estímulo e material de traballo para os que na actualidade practican a extensión agraria desde diferentes institucións. A extensión agraria segue a ser necesaria na actualidade e, posiblemente, con máis urxencias e fondura que antano pois as técnicas utilizadas na explotación agraria así como as condicións do contorno socioeconómico no que se move o mercado agrogandeiro acadaron unha complexidade e sofisticación moi superiores ás dos anos en que o SEA desenvolveu o seu labor.

O Consello da Cultura Galega recomenda encarecidamente a publicación deste traballo polas anteditas razóns (xustiza histórica e utilidade técnica actual das súas experiencias), pero tamén polo importante labor cultural que desenvolveu o SEA en Galicia. As súas recomendacións foron maioritariamente técnicas, pero tamén temos constancia de que os axentes máis comprometidos co seu traballo desenvolveron un auténtico labor de difusión cultural nos máis variados eidos entre as mulleres e homes do rural galego. Algúns exemplos deste labor figuran neste traballo.

Por todo isto, o Consello da Cultura Galega, cumprindo a súa función de alto organismo asesor que lle confire o Estatuto de autonomía de Galicia, recomenda ás institucións públicas galegas con competencias no medio rural que faciliten os medios, na medida das súas posibilidades, para a edición deste libro.


Asdo. Francisco Díaz-Fierros Viqueira
Coordinador da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade

PRÓLOGO

Cando os autores deste libro me pediron que lles fixese o prólogo, nin sequera me atrevín a preguntarlle por que. Quero pensar que é porque son un dos extensionistas máis novos, dos saídos da Escola Central de San Fernando, en contraste con Amador Rodríguez Troncoso que é da primeira promoción.

Sexa cal sexa a causa, teño que recoñecer que me fai moita ilusión poñer un granciño de area nesta obra imprescindible para que as xeracións vindeiras teñan un importante punto de vista respecto do cambio agrario producido en Galicia nos derradeiros 50 anos e sobre os seus protagonistas.

É por todo iso que quero agradecer aos autores deste libro que tivesen a sensibilidade de recompilar documentación, testemuñas e lembranzas, que tan só a súa mestría e o seu laborioso facer poderían levar a bo fin. Se eles non o fixesen, probablemente quedaría para o esquecemento un labor que marcou unha época, tanto en metodoloxía de traballo coma en resultados prácticos.

A Amador Rodríguez Troncoso coñecino, aló por xuño de 1976, sendo el supervisor da provincia de Pontevedra e eu axente de Extensión Agraria en prácticas en Ponteareas. Despois de falar (examinarme tal vez) durante longo tempo, terminou a conversa dicíndome: “Se eu tivese os teus 22 anos, quizais pensase coma ti. Tómao por onde queiras”.

A José Mariano Pérez Fernández coñecino tamén a mediados do ano 76, cando el era o xefe da Axencia da Cañiza, limítrofe con Ponteareas. Posteriormente foi o meu xefe como supervisor da provincia de Ourense. Nesa época traballaba pola mañá, pola tarde e as fins de semana levaba traballo para a súa casa. Posteriormente, como director xeral, foi o meu leal, eficaz e incansable colaborador na Consellería. Foi e será un bo amigo.

A Constantino Mariño Torreira coñecino con bastante posterioridade, aló polos principios dos anos 80. Con ocasión dunhas xornadas de Extensión Agraria en Monforte de Lemos subiu ao estrado e cunha maxistral oratoria esfiou o seu relatorio sobre o espírito de Extensión Agraria. Recordo que rematou con algo así como que "Extensión Agraria para os extensionistas debera ser como a familia propia, mimala, coidala e respectala ata a fin dos nosos días".

A eles tres e máis os seus colaboradores a miña máis profunda admiración polo moito e bo traballo que fixeron ao longo da súa dilatada vida profesional.

Non quero caer no tópico que dicía que calquera tempo pasado foi mellor; mais o que si é certo é que moitos dos que vivimos aquela época de esplendor de Extensión Agraria lembrámola con moito cariño. É evidente que é irrepetible, porque as circunstancias son notablemente diferentes, pero naqueles momentos Extensión, tal como se reflicte no libro, marcaba as diferenzas.

O horario de traballo, ou mellor dito a ausencia de horario, xa que nos adaptabamos ás posibilidades dos agricultores, incluíndo sábados e domingos.

Diferente tamén era a remuneración do noso labor, xa que cobrábamos bastante máis cós nosos colegas doutros ámbitos da Administración.

Diferentes eran os incentivos ao traballo. Por unha banda, o recoñecemento explícito nas reunións provinciais de avaliación anual; e por outra as “pagas de cursiños”, que así se chamaban o que hoxe se podía traducir en incentivos ao traballo, e que nalgúns casos acadaban o equivalente á nómina de catro meses.

Diferente, así mesmo, en canto aos medios audiovisuais que utilizaba, xa que a maior parte das axencias dispuñan xa dende os anos 60 de proxector de películas de 16 mm, proxector de transparencias e de opacos e as mellores cámaras fotográficas da época; e, como non, de franelógrafo, un orixinal invento do mestre da comunicación Más Candela, que consistía nun feltro, no que se pegaban as imaxes ou os textos cunha especie de velcro. Nesa época non dispuñan deses medios nin as universidades.

Diferentes eran as relacións entre compañeiros de diversas escalas dentro da mesma oficina, como co persoal doutras localidades. Un termo acuñado naquela época era “a familia de Extensión”, xa que logo, con escasas excepcións, as relacións humanas eran case familiares.

Diferentes eran as relacións coa superioridade, xa que, a pesar de ser un organismo de carácter nacional con máis de 500 oficinas en toda España, tanto o director xeral coma o secretario xeral, aquel admirado Miguel Olivas Soto, coñecían polo seu nome á meirande parte do persoal de Extensión Agraria.

O extensionista era un promotor de “cambios de actitude na poboación agraria”, rezaba un dos principios metodolóxicos de Extensión, que entre nós se chamaba “a filosofía de Extensión”.

Diferentes eran as relacións da Administración co administrado, xa que a gran parte do traballo facíase nos pobos, nas explotacións e incluso nas casas dos agricultores.

Diferentes eran as relacións coas autoridades civís. Estando vixente a lei de reunión, pola que era preceptivo solicitar “autorización gubernativa”, nunca tivemos ningún tipo de limitacións para convocar cantas reunións estimamos oportunas, sen pasar polo legalismo da mencionada autorización. É máis, nos derradeiros anos da ditadura, cando algúns axentes de Extensión manifestaban as súas inxerencias democráticas, tiñan unha certa bula; e se algún era detido, bastaba unha chamada do supervisor de Extensión Agraria ao gobernador civil para que fose posto en liberdade de inmediato.

Paradoxalmente, os problemas políticos do persoal de Extensión Agraria empezaron coa instauración da democracia, cando, como consecuencia de presentarse ás primeiras eleccións democráticas, dous xefes de Axencia foron expedientados.

Diferente era tamén a planificación do traballo, xa que cunhas directrices moi xenéricas era cada Axencia a que planificaba con enteira liberdade as liñas prioritarias que se ían executar e plasmábanas nun plan anual de traballo, que en contadas ocasións era obxectado pola superioridade. Logo estaban os resumos mensuais e anuais de traballo, que servían de autoavaliación e de instrumento de control para os supervisores.

Podería ser discutible se esa metodoloxía era mellor ou peor que a actual, mais en todo caso coincidirán comigo en que era diferente.

Con moito detalle e con mellor capacidade de expresión que a miña, os autores deste libro reflicten dende os antecedentes históricos ata a análise meticulosa, comarca por comarca, da realidade agraria dunha Galicia que saía do autoconsumo e aspiraba a ser o que hoxe é.

Non quero rematar sen render unha inmensa homenaxe a todas aquelas mulleres e homes que fixeron deste Servizo de Extensión Agraria o máis recoñecido pola poboación do rural galego e a todos os agricultores que coa súa bonhomía facilitaron este labor, porque baixo o meu punto de vista, corroborado polo contido deste libro, “o protagonista do cambio agrario en Galicia foi e seguirá a ser o agricultor”.

Aínda que a identificación dos extensionistas cos agricultores galegos e as súas familias foi case perfecta, parece oportuno recoñecer especialmente dende este prólogo o mérito daqueles que, procedendo doutras terras, traballaron con verdadeira ilusión e entrega pola nosa e consagraron a súa vida por ela.

Resaltando isto último, quero subliñar que José Mariano Pérez Fernández, coautor deste libro, naceu fóra de Galicia, concretamente en Valladolid. Ata é probable que viñese para o seu primeiro destino en Pontearreas porque “lle tocou”. O que si é certo, pois eu fun testemuña de gran parte da súa vida profesional, é que se integrou e soubo captar a idiosincrasia do agricultor galego mellor que moitos dos que nacemos aquí. Pola súa competencia, eficacia, responsabilidade e exemplaridade, marcou unha pegada no traballo do rural galego que perdurará máis aló da súa actividade profesional.

Verín, marzo de 2009

Cástor Gago Álvarez

Exconselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria

En recoñecemento a todos os agricultores das diferentes comarcas de Galicia, que co seu protagonismo e os seus propios recursos foron quen de modernizar o agro galego e mellorar as condicións de vida do mundo rural, fronte ás claras desvantaxes socioeconómicas nas que se encontraban en relación cos demais sectores produtivos e o mundo urbano

Capítulo I

Estrutura agraria de Galicia

A. Rodríguez Troncoso

Abel Bouhier, que durante 17 anos (1959-19676) analiza polo miúdo a nosa área rexional, di que en Galicia “debido ao feble desenvolvemento da técnica e ao enorme peso que conservan unhas estruturas modeladas en séculos de lenta evolución, a organización agraria no seu conxunto segue a ser amplamente dependente de imperativos naturais e moi fortemente vinculados a vellos usos, que moitas veces só comezaron a racharse no decurso das últimas tres ou catro décadas”.

Di tamén que Galicia como complexo agrario “ten antecedentes moi remotos” e “pertence á gran familia das fisterras de Europa occidental” que “posúe, sen dúbida, unha individualidade rexionalmente única co Miño portugués, o que só se fai realidade unha vez”.

Describe as súas “Formas de organización agraria” tendo en conta a distribución do hábitat, a estrutura dos núcleos habitados, a situación das terras de labor e os aspectos parcelarios, e divide a Galicia nas seguintes zonas:

Dominio dos eidos dispostos en bancais e socalcos

Esta zona é exclusivamente litoral e comprende tres subzonas separadas entre si: As Mariñas (A Coruña, Betanzos, Pontedeume); O Suroeste Litoral e Miñán (Litoral de Pontevedra e Baixo Miño) e o Extremo Noroeste (Cedeira-Viveiro).

Hai unha alta densidade de poboación e alto grao de urbanización a beiramar. A actividade agrícola compártese con outras actividades non agrícolas como son a pesca e a industria.

a) As Mariñas

Comprenden o norte e centro do Concello de Arteixo, os da Coruña, Culleredo, Oleiros, Sada, Bergondo e Cambre, a parte setentrional e central de Carral e Abegondo, o de Betanzos, a parte setentrional de Oza dos Ríos, o noroeste de Coirós e o occidente de Paderne, Miño e o occidente de Vilarmaior, Pontedeume, Ares e Mugar dos, oeste de Cabanas, Fene, Neda, e os de Narón e Ferrol.

Considera as Mariñas entre as terras ben cultivadas e mellor dotadas de toda Galicia. A poboación das aldeas agrícolas na case totalidade está formada por campesiños, pero dende hai uns vinte anos tende a facer desvíos profesionais

pola influencia dos centros urbanos. Ademais de cultivadores de tempo completo hai campesiños a tempo parcial.

Os bancais están case sempre cultivados na súa totalidade, escasos anacos están a toxo. Non teñen rega e os ribazos énchense de herba e de arbustos que serven de lindeiros entre as parcelas. A superficie das parcelas está por debaixo de 1 ha e a media por parcela establécese nalgunhas parte en 3,89 áreas. As aldeas están rodeadas de froiteiras e de hortas.

b) O Suroeste Litoral e Miñán

Ademais das penínsulas que separan as rías de Vigo, Pontevedra e A Arousa, comprende a depresión meridional de Tui a Caldas de Reis e a ribeira do Miño dende Crecente a Tui, con parte dos concellos de Salceda de Caselas, Salvaterra, Pontearreas, As Neves, Arbo e Crecente.



Betanzos (Autor JMRC)

A agricultura está acantonada nas zonas baixas da beiramar en espazos de Extensión variable de acordo coa orografía. Os vaos do Fragoso e do Miñor e o Salnés ofrecen máis amplitude para os cultivos.

As aldeas das montañas están en contacto co terreo inculto e por debaixo están as terras de labradío en bancais ou socalcos, e máis abaixo aínda os prados no fondo do val. Alternan a agricultura coa pesca. A superficie de cultivo é da orde de media hectárea por cada familia.

Nalgunhas comarcas a delimitación dos espazos agrícolas faise difícil polas urbanizacións diseminadas e a influencia urbana infíltrase e gaña o interior do tecido rural, polo que as células agrícolas puras non existen.

O paso de campesiño a obreiro é habitual e neste caso toma o relevo a muller, polo que a función agrícola non desaparece e a proporción de campesiños-peóns é elevada.

A diversidade de casas e a multiplicidade de matices que se suceden ao longo da depresión meridiana, dende Caldas de Reis á fronteira portuguesa, non exclúen unha certa unidade de organización agraria.

Entre Crecente e Tui o val do Miño forma unha banda ancha con bancais abertos e a superficie media por fogar é da orde de 1,10 a 1,30 hectáreas por encima da do Salnés, do Miñor e do Fragoso, se ben ao lado do río Miño por familia non sobe por riba de 0,70 a 0,80 hectáreas.

A terra de regadío ten un valor moi superior á terra de secaño.

As sementeiras e as colleitas fanse ao mesmo tempo polos propietarios dos bancais e socalcos e realízanse a man, tamén as binas e as sachas, tanto de millo coma de patacas, sempre en harmonía de todos os veciños.

Nos bancais de secaño o millo entra en rotación cun cereal de inverno.

A viña ocupa un lugar importante no suroeste galego, predominando os parrais, tanto ao lado das casas coma en socalcos, e algúns encima dos camiños.

c) O Extremo Noroeste

A área dos bancais redúcese á zona do litoral cunha anchura que nunca excede de 4 ou 5 quilómetros. O conxunto queda quebrado pola rías de Cedeira, Ortigueira, O Barqueiro e Viveiro.

En xeral, o verdadeiro dominio agrícola non sobe nos bordes das rías por riba dos 100 metros e a meirande parte das terras quedan por debaixo. Os eidos de bancais desaparecen a unha distancia de 4 ou 5 quilómetros cara a arriba.

A actividade marítima ligada á agricultura é discreta, e a ausencia dun núcleo urbano grande limita as posibilidades de emprego, conservando toda esta rexión un marcado carácter agrícola.

Frecuentemente as aldeas están en contacto directo co monte e no medio das terras labradas.

Desde o leste de Cedeira substitúese a tella das casas pola lousa, que se xeneraliza a partir de Ortigueira. Esta característica non é exclusiva do litoral, xa que tamén é propia do interior. Hai ausencia de todo tipo de rega.

Os ribazos dos bancais están ateigados de abundante vexetación e con loureiro común e real. Estas sebes vivas serven para os cerrados das hortas das aldeas. Hai algúns cerrumes con chantos de pedra. A superficie das parcelas oscila entre 15 e 35 áreas.

Como resumo dos eidos dispostos en bancais e socalcos, pódese dicir que, se borramos a fronteira con Portugal, encontramos un foco central formado polo Miño e o suroeste galego, onde hai a máxima intensidade das organizacións de eidos de socalcos e, por outra banda, dúas zonas de menor perfección e amplitude que flanquean esta área central: unha ao sur, portuguesa, que reúne as montañas de Beira e que aínda practica o pequeno regadío, e outra ao norte formada por As Mariñas e o Extremo Noroeste, máis estirada, que só coñece o secaño.

Os eidos de bancais e socalcos do borde marítimo galego non teñen prolongación polo litoral cantábrico, acabándose na propia Galicia e pódese considerar que chegan ao centro de Portugal.

Eidos de cerrados das montañas setentrionais

Esta área ocupa o norte de Galicia no interior dunha liña que vai de Cervo ao Valadouro e logo do Valadouro a Abadín e á Capela.

Engloba o interior dos concellos de Ortigueira, Mañón, Riobarba (O Vicedo), Viveiro e Xove, a totalidade do de Oourol, a maior parte do de Muras, As Pontes de García Rodríguez e A Capela e a parte alta dos concellos das Somozas, San Sadurniño, Cerdido, Valdoviño, Abadín e O Valadouro.

É unha zona de extrema complexidade. Hai áreas de hábitat moi escaso, onde por causa do frío e a neve non se pode cultivar o millo e fanse especialmente difíciles as condicións de vida pola altitude, onde os eidos só ocupan pendentes pouco acusadas. Os cumios están cubertos de mato raso con algunha valgada de fraga degradada.



O Valadouro (Autor JMRC)

As mesetas forman brañas e algunha vez aparecen turbeiras. Polo xeral, estas superficies chás e solos continuos son ácidos e impropios para os cultivos, e os poboamentos están nas ladeiras, onde tamén se encontran os eidos.

O seu centro industrial é o das Pontes de García Rodríguez, que explota os lignitos da depresión e fabrica nitrato amónico cálcico dende os anos 1949-1954. A súa central térmica subministra, cos excedentes, enerxía eléctrica ao resto de Galicia.

As casas de labranza teñen cubertas a catro augas e todas contan cunha horta con muros de sebe de loureiro, onde cultivan verzas, repolos, allos e cebolas en superficies de 80 a 100 metros cadrados.

As explotacións illadas ou casaríos teñen entre 2,50 ha e 4,50 ha. Non hai prados de sega, pero si algún pasteiro.

Hai cultivos de toxo para estrume e tamén para leña ao cabo de 12 ou 15 anos, mediante rareos. Levantado o toxo, ou se dedican a estivada ou novamente a toxo.

Os labradíos están suxeitos a rotacións bienais e alternanse con toxais e tamén como pasteiros.

Hai eidos illados en pleno monte. Teñen cerramentos amplos e no seu interior hai porcións tamén cerradas máis pequenas con alternativas de toxal-pasto, toxal- estrume e labradío.

Algúns eidos están separados por franxas de mato de 150 a 300 metros de ancho, outros individualízanse con cerrados de toxo ou de xesta, e outros labradíos están en contacto directo entre si.

Non hai unha rotura brutal entre os eidos da franxa litoral e os eidos cerrados do interior. A transición entre as dúas zonas é de 2 a 3 quilómetros. Os ribazos dos bancais van sendo substituídos polos cerramentos.

Existe unha semellanza dos eidos desta área xeográfica cos eidos cerrados do oeste de Francia. A diferenza está en que os galegos están rodeados de terreo inculto e nos de Francia continúan os espazos agrícolas, así como que a porción de prado nos eidos franceses é maior cá dos galegos, e en que os eidos de casarío de Galicia son moito máis pequenos que os seus equivalentes armoricanos.

Ata a metade do século XIX nalgúns rexións do oeste francés, e ata comezos do século XX na Bretaña Central, moitos eidos comprenderon parcelas a mato e incluso cerrados especializados de toxo que fornecían estrume e que só se cultivaban episodicamente.

Os eidos do norte galego prolongan en pleno século XX as imaxes agrarias que foron noutrora habituais no Macizo Armoricano.

Os eidos de agras

Están formados pola asociación de bloques de cultivos divididos interiormente en parcelas abertas. Cada aldea ten polo menos dúas agras e nalgúns casos faise difícil saber as que corresponden a cada unha das aldeas.

Cobre a maior parte de Galicia, a Galicia occidental (Allóns, Xallas, Tambre), a meridional (Ulla, Alto Miño, Umia, Lérez e Oitavén), a do alto Miño, excluído o Sil, a alta Limia, a conca do Navia. O eido das agras é a forma de organización agraria máis difundida de Galicia.

Os nomes con que se coñece polos campesiños varía duns lugares a outros: “agras”, “agros”, “veigas”, “barbeito”, “praza”, “vilar” e “chousa”.

Neste grupo de eidos de agras describe Abel Bouhier cinco subzonas:

a) *O dominio mesturado dos eidos cerrados e dos eidos de pequenas agras.*

A rama oriental vai do fondo da ría de Viveiro a Abadín, pasando por Cervo e O Valadouro.

A rama occidental empeza en Moeche e San Sadurniño coa depresión do río Grande de Xubia e chega a Monfero.

A parte meridional vai dende Monfero a Abadín, e pola banda oeste do Eume chega case ao alto Ulla.

Os cumios están cubertos de monte raso, que algúns invernos se cobren de neve.

Os eidos están ás veces illados por terreos incul-tos e por toxais cerrados. Case por todas partes, e máis nas partes baixas, a terra revela insuficien-cia de drenaxe e forma brañas.

Nos sectores inferiores, onde a rede hidrográfica se afirma, os cultivos abandonan os fondos dos vales e dispóñense en abano nos espazos que deixan os meandros dos ríos.

Entre o río Parga e o río Narla a organización interna dos eidos transfórmase e fan a súa aparición as grandes agras, que se continúan pola parte norte da gran depresión da Terra Chá. Na Terra Chá vilalbesa hai unha diminución de aldeas e de pequenos grupos de casas cos corres-pondentes eidos.



Santiago (Autor JMRC)

Os eidos de cerrados presentan as mesmas características de conxunto que as das montañas setentrionais, pero os loureiros son substituídos por muros de cachotes, bloques de granito, laxes de esquistos ben deitados uns enriba doutros ou chantados en liña.

Algúns están formados por parcelas de 2 a 4 hectáreas con labradío, toxal e pasto, cerrados de maneira irregular.

Tamén hai eidos de pequenas agras divididos e en moitas parcelas de ata 25 áreas, e estas agras están sometidas ao mesmo cultivo no mesmo

ano, con millo ou patacas, ou sementadas de centeo. As agras teñen unha pesada barreira de madeira (cancela) e están rodeadas de cómaros anchos que serven como pasteiros e nos que en longos intervalos se acumula *humus*. Os donos das parcelas destas agras cavan este *humus* e lévano para a súa. As máis das veces esta operación faise mediante traballo en común dos propietarios do eido.

Nalgúns casos as parcelas pequenas dedícanse a prados de sega ou pacidos con algún animal pola corda. As alternativas son libres, aínda que predomina o millo.

Os toxais, xesteiras e pasteiros envolven as agras. Os toxais son cultivados na súa totalidade ou por partes cada 6, 8, 10, 12 ou 15 anos, de acordo coas necesidades.

A superficie que chamamos pequenas agras mantense entre 2,5 e 6 hectáreas.

b) Zona central de grandes agras

Esta zona afecta en parte ou na súa totalidade aos concellos seguintes:

Provincia da Coruña: A Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbría, Vimianzo, Mazaricos, Zas, Santa Comba, Negreira, A Baña, Val do Dubra, Trazo, Ordes, Oroso, Frades, Boimorto, Toques, Melide, Arzúa, O Pino, Touro, Enfesta, Boqueixón, Vedra, Santiago, Ames, Teo, Padrón, Rois e Brión.

Provincia de Pontevedra: Silleda, Vila de Cruces, Agolada, Rodeiro, Dozón e Lalín.

Provincia de Lugo: Palas de Rei, Friol, Begonte, Cospeito, Abadín, Castro de Rei, Pol, Castroverde, Neira de Xusá (Baleira), Lán cara, O Corgo, Lugo, Outeiro de Rei, Rábade, Guntín, Portomarín, Monterroso, Antas de Ulla, Taboada, Chantada, Carballedo, Pantón, Sober, O Saviñao, Paradela, O Páramo, Sarria, Samos, O Incio e Bóveda.

Provincia de Ourense: O Irixo, Boborás, O Carballiño, Maside, Piñor, Cea, Vilamarín, Amoeiro, Coles e A Peroxa.

Na Terra Chá da provincia de Lugo o terreo incul-to foi seriamente reducido pola obra de colonización que o Instituto Nacional levou a cabo nos tres sectores de Espiñeira, Arneiro e

Matodoso, preto de 3.000 hectáreas que foron saneadas.

Nesta ampla subzona das grandes agras, tan extensa, encóntrase a depresión da Terra Chá oriental, a depresión de Sarria, as mesetas rixidas do Tambre e do Ulla e a cubeta do Xallas. Polo oeste está bordeada polas terras de Soneira e Bergantiños, de altitudes entre 200 e 300 metros e con sensible influencia atlántica.

O grao de fragmentación parcelaria é moi variado, as medias poden alcanzar, segundo as agras, entre 3 e 20 áreas. Na provincia da Coruña (Brión, Ames, Negreira, Mazaricos, Vimianzo, O Pino, Enfesta, Santiago e Vedra), en menos importancia na provincia de Pontevedra (Silleda) e aínda menos nas de Lugo e Ourense, afrontouse a súa concentración parcelaria en perímetros moi limitados de parroquias.

O esnaquizamento parcelario é tan grande que nalgúns casos é aínda maior que na zona dos eidos de bancais e socalcos do suroeste. A única diferenza é que é menos pronunciada a intensidade da dispersión parcelaria da propiedade a causa da maior agrupación do hábitat.

As máis das veces a propiedade do titular da explotación non se afasta máis de un quilómetro e medio da aldea de residencia e a distancia que máis separa as dúas parcelas do mesmo dono non pasa de 2 a 2,5 quilómetros. O espallamento pode ser de 3 a 4 quilómetros nos vales do baixo Tambre e do baixo Ulla e tamén nalgún punto do Ulla medio.

Os cerramentos das agras poden ser valados feitos con terra ou cascallos e tamén con muros con moitas variantes.

Normalmente as grandes agras están sometidas a unha rigorosa disciplina de cultivos, máis aínda ca nas pequenas agras dos eidos da zona de transición.

c) A zona oriental

A zona oriental das grandes agras esténdese do litoral cantábrico ata o Sil ao longo duns 120 quilómetros e un ancho que vai dos 15 aos 50 quilómetros.

No sector máis setentrional comprende os concellos de Foz, Barreiros, Ribadeo, a parte baixa

do Valadouro e Alfoz, o centro de Mondoñedo, a maior parte de Lourenzá, Trabada, A Ponte Nova e Riotorto.

O sector central comprende os concellos de Meira, Ribeira de Piquín, parte de Ourel, Castroverde, Baleira, A Fonsagrada, Negreira de Muñiz e Navia de Suarna, parte dos de Neira de Xusá (Baleira) e Láncara, os de Cervantes e Becerreá, o centro de Samos, O Incio, Triacastela, As Nogais e Pedrafita e parte de Folgoso do Courel.

O sector meridional comprende o Concello de Monforte de Lemos e parte dos de Folgoso do Courel, Quiroga, A Pobra do Brollón, Bóveda e a metade do de Sober.

A superficie das agras do sector setentrional e central oscila entre 6 e 10 ha, aínda que hai unidades que teñen entre 4 e 5 ha. No sector meridional a superficie das agras varía entre 10 e 14 ha.

Nas montañas os pasteiros de altura e as fragas só teñen un lugar extremadamente limitado, e nas cimas máis altas dos Ancares algúns céspedes de *Nardos stricta* son usados polas aldeas máis próximas para unha estancia de verán do gando.

As fragas componse de carballos (*Quercus pedunculata* e *Quercus pyrenaica*), carballo albariño e carballo cerquiño que se asocian con bidueiros e ás veces, no afloramento dalgunhas terras calcarias, con faias.

Nas grandes alturas hai xesteiras, "*Cister albus*", xesta branca e moitas uceiras, "*Erica australis*", e tamén uceira moura e branca. Nos arredores de Samos e O Incio abunda a xesta negra, "*Sorotamnus scoparius*".

Os prados seguen o eixe dos regueiros e están nas proximidades das aldeas.

Arredor das aldeas e en contacto cos prados, pero separadas, están as cortiñas que teñen un valor venal de 2 a 5 veces maior có das agras que están situadas a máis distancia.

Os castiñeiros invaden o terreo de moitas cortiñas. Abundan en Cervantes e O Cebreiro.

As terras a centeis non están catastradas porque se consideran que forman parte do monte común.

Na depresión de Monforte e A Pobra do Brollón as centeeiras son menos extensas e nalgúns eidos desaparecen.

d) O dominio dos eidos de organización dobre, de agras e de bancais e socalcos

Comprende porcións e nalgúns casos a totalidade dos concellos seguintes:

Provincia da Coruña: Cee, Dumbría, Carnota, Muros, Mazaricos, Outes, Noia, Lousame, Porto do Son, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo e Dodro.

Provincia de Pontevedra: Valga, Catoira, Caldas de Reis, Curtis, A Estrada, Silleda, Forcarei, Cerdedo, Campo Lameiro, Moraña, Pontevedra, Ponte Caldelas, Cotobade, A Lama, Fornelos de Montes, O Covelo, Mondariz, Pazos de Borbén, Mos, Pontearreas, As Neves, A Cañiza, Crecente, Baiona, Nigrán, Oia, A Guarda, Gondomar e Tomiño.

Provincia de Ourense: Beariz, O Irixo, Boborás, Carballeda de Avia, Avión, Melón, Castrelo de Miño, Toén, A Merca, Gomesende, Ramirás, Acevedo do Río, Celanova, A Bola, Padrenda, Vereá, Entrimo, Lobios, Muíños, Lobeira, Bande, Rairiz de Veiga, Porqueira e Calvos de Randín.

Comprende varias unidades morfolóxicas, pero hai unha grande unidade paisaxística en toda a zona.

A distribución e localización dos eidos recorda o Suroeste Litoral e Miñán, pero con frecuencia máis fragmentado.

Os muros de defensa das agras están feitos xeralmente de grosos bloques de granito e cada socalco dispón dunha entrada independente.

Na sucesión dos cultivos tales como cereal de inverno, millo e patacas, as rotacións son obrigatorias.

Na baixa Limia tan pronto acaban a sementeira do millo cerran as agras unha a unha con sorprendente regularidade.

En Outes e Lousame polos anos 1960 empeza a perderse a noción de organización a nivel de agra.

En Rianxo uns bancais cérranse e outros quedan abertos. En Noia nunca se cerran e en Boiro os muros vanse desfecendo co paso do tempo.

Nalgunhas zonas tende a desaparecer o regadío, como en Calvos de Randín, mentres noutras aínda se mantén, en especial nas hortas e nas cortiñas.

A viña está presente en forma de parras e máis raramente en viñas baixas.

Nesta zona a forma de agras é a principal, e a disposición de bancais e socalcos, sen carecer de importancia, queda subordinada.

e) A zona sudoriental

Son afectados os concellos seguintes: A Merca, Taboadela, Paderne de Allariz, Esgos, Xunqueira de Espadañedo, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas e Ribas de Sil, San Xoán de Río, A Pobra de Trives, Chandrexa de Queixa, Montederramo, Maceda, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Allariz, A Bola, Rairiz de Veiga, Porqueira, Vilar de Santos, Sandiás, Xinzo de Limia, Sarreaus, Laza, Castrelo do Val, Verín, Oímbra, Monterrei, Cualedro, Trasmiras, Baltar, Os Blancos e Calvos de Randín.

Os eidos comprenden cortiñas, máis coñecidas aquí co nome de nabais e agras chamadas prazas, unhas próximas ás cortiñas cerradas con muros fortes e outras máis afastadas, que son de maior tamaño e están rodeadas de valados de terra.

Hai cerramentos aos que se lles recoñece a propiedade de uso individual e chámanlle poulas, e outros cerramentos fanse por un período determinado de tempo e cultivan neles millo, centeo e patacas, e os seus usuarios poden ser obrigados a abandonar as pezas despois das colleitas para o pastoreo.

As normas que rexen o aproveitamento das agras abertas son por usos e costumes, e os pobos toman os acordos respectando os ditos usos.

As comunidades teñen unha organización estruturada semellante á da cunca da alta Limia, mediante concellos abertos. Nalgúns pobos teñen un touro en común coas súas cortes e os seus prados. Este uso e costume pasa a fronteira portuguesa.

Na depresión de Verín predomina o cultivo da viña, que se implantou despois dos estragos da filoxera (1880-1890) polos labradíos de secaño do fondo do val.

A implantación do viñado no val de Verín trouxo consigo unha profunda transformación dos eidos.

Paisaxes de campos abertos con ausencia de cerrumes do extremo sueste

Afectan total ou parcialmente os concellos de Rubiá, O Barco de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, A Rúa, Larouco, Carballeda de Valdeorras, A Veiga, O Bolo, Manzaneda, Vilariño de Conso, Viana do Bolo, A Mezquita, A Gudiña, Castrelo do Val, Riós, Vilardevós e Verín.

As árbores fóra dos enclaves de repoboamento e de anacos de soutos só aparecen nas valgadas en pequenos agrupamentos. As serras e os altos macizos están cubertos de pastos de *Nardus stricta* ou dun manto de uces onde domina a *Calluna vulgaris*, a erica australis a erica arbórea e a *Pterosparlum tridentanum* (Carqueixa). O toxo molar é raro e abunda algo o toxo arnal, a xesta xigante e a xesta branca nos arredores das terras de centeo. Nas zonas calcarias de Valdeorras a media ladeira medran os carrascos.



Os Ancares (Autor JMRC)

Os terreos agrícolas chegan aos 1.300 metros de altitude e a diminución das choivas coa elevación das temperaturas estivais aseguran a maduración do centeo e frean a acidificación dos terreos agrícolas que son os máis altos de Galicia.



Verín (Autor JMRC)

Hai unha grande solidariedade nesta zona e o forno común é coñecido en todos os pobos.

Teñen zonas de regadío e zonas de secaño. Os prados encóntranse no fondo da gran valgada e hainos de regadío e de secaño.

O eido de cada pobo componse dunha auréola de cerrados rodeando as casas, despois os prados, os soutos e as terras abertas de centeo. Na auréola que envolve o pobo están as hortas lindeiras coas casas e as cortiñas algo máis afastadas.

Os soutos son habituais e nalgúns lugares ocupan grandes ladeiras.

As terras abertas de centeo están nas pendentes, enriba dos poboados, e a súa Extensión varía de ano a ano segundo as necesidades.

Hai partes onde deixan medrar as xestas de 5 a 8 anos, que se arrincan para leña e dedican o terreo a cultivo.

A partir de 1965 comezáronse a abandonar as porcións máis mediocres das terras.

En Valdeorras e no propio Val do Sil a superficie de viña é moi desigual e foi descendendo das ladeiras chegando a invadir as cortiñas, os nabais, as terras a cereais, a millo e mesmo os prados.

A implantación da viña retardouse dende o ano 1965 e algunhas terras de pouca produción foron postas a piñeiros.

Hai moitas identidades destas terras coas de Trás-Os-Montes, tan diferente da do Miño en organización agraria. Estas identidades son o reforzamento dos eidos, a distribución das terras de centeo en grandes follas e o papel de primeira orde exercido polo souto, aínda que o comunitarismo agrario parece máis avanzado na parte setentrional de Trás-Os-Montes que na parte galega.


Formas agrarias peculiares

Estas formas agrarias peculiares son de tres clases:

1.- Viñedos de socalcos e pequenos socalcos

Están nas grandes ribeiras do Miño e do Sil e algúns dos seus afluentes: río Barbantiño e Avia para o Miño e ríos Cabe e Bibe para o Sil.

A franxa do Miño ten uns 110 quilómetros de longo dende O Páramo en Lugo ata Cortegada en Ourense. Pasa por Portomarín, Taboada e Chantada. Algúns socialcos foron amputados polo embalse de Belesar. Moitas das viñas son de propietarios foráneos que viven nas mesetas.



Socialcos no Sil (Autor JMRC)

No ano 1957 creouse a Denominación de Orixe do Ribeiro, que comprende os concellos de Ribadavia, A Arnoia, Cortegada, Castrelo de Miño, Carballeda de Avia, Leiro, Cenlle e Beade, e as parroquias de Varón, Cabanelas e Banga do Carballiño, as de Pazos e Albarelos de Boborás, os lugares de Santa Cruz de Arrabaldo e Untes do de Ourense, o de Puga, a Eirexa de Puga, Olivar, Feá, Celeiros e a parroquia de Alongos do de Toén, e as parroquias de Barbantes e Punxín do Concello de Punxín.

As viñas son de cepa, raramente montadas en arames, son máis ben viñas de estaca. Na Arnoia e Cortegada o 10% da superficie plantada está en parras. Estas parras marcan o tránsito deste sistema, que acaba por xeneralizarse nas beiras do Miño do suroeste.

A ribeira do Sil empeza cando o río abandona a depresión de Valdeorras e chega ata a confluencia co Miño ao longo de 70 quilómetros. Pasa por Quiroga e Sober, onde se producen os famosos viños de Amandi.

Tanto na ribeira do Bibeí coma na do baixo Cabe e do Sil as cepas ou son de porte baixo ou están montadas en arxóns de 1 a 1,20 metros de altura.

Hai unha grande fragmentación de parcelas. Algunhas delas están muradas transversalmente e as viñas neste caso quedan nun cerrado.

2.- Os pequenos “Operfields” (campos abertos) de tipo atlántico

Encóntranse en Ribadeo e Rinlo e na ría de Foz, no val de Lourenzá, en pequenos vales que desembocan directamente no mar, na península de Abanqueiro (Boiro), nos vales amplos de Padrón e Pontecesures, na veiga do Umia, na depresión do río Louro preto de Tui, e en certos puntos do Rosal e de Tomiño do val do Miño.

Os cultivos son variados, así na veiga de Padrón cultívanse pementos dende o século XVIII, na veiga do Umia cultívanse as viñas en parras, en Ribadumia e Cambados, viñas, horta e tabaco, en Xubia da ría de Ferrol, repolos, allos e tomates, e en Ribadeo e Rinlo, hortalizas variadas. Tamén se cultiva millo asociado a cereal de inverno.

3.- Os eidos embrionarios

Son aquelas terras labradas que carecen de toda organización coordinada. Algúns están ligados a casas illadas e a pequenas aldeas. Encóntranse sobre todo na zona chamada das montañas setentrionais. E no dominio mixto dos eidos de cerrados e das pequenas agras. Tamén son peculiares das montañas orientais (serra do Courel) e do bloque montañoso da serra de Queixa.

Os eidos embrionarios ligados a casas illadas ou a pequenos núcleos de hábitat poden ser de primeira clase cando a confusión agraria neles é case total. Empezan cun quinteiro ao lado da casa, seguen con minúsculas cortiñas e, aínda que hai algúns valados, acaban por abrirse e perderse progresivamente no monte. Un exemplo destes eidos embrionarios de primeira clase é o de Couce Curto na parroquia de Devesos en Ortigueira.

Son eidos embrionarios de segunda clase cando hai un muro que os separa do monte, como por exemplo o de Lombos da parroquia de San Pedro de Eume, do Concello da Capela.

Tamén hai eidos embrionarios que dependen de aldeas bastante grandes ou de pobos de grande tamaño, como sucede, respectivamente, en Cortes, na ribeira esquerda do río Lóuzara da serra do Courel, e en Outeiro, no fondo do val do río Soldón na mesma serra Minho.

Capítulo II

**Evolución histórica do
agro galego**

A. Rodríguez Troncoso

Agricultura prehistórica

Remontándonos aos asentamentos neolíticos encontramos as mámoas en terreos propios para un sistema pastoril-gandeiro ou para o desenvolvemento de actividades agrícolas en terras de Xallas, Sobrado, Curtis, serra da Capelada, zonas do Paradanta e tantos outros lugares de Galicia.

Manteñen algúns autores que os terreos graníticos que predominan en Galicia son máis aptos para o cultivo de cereais, pero que na economía megalítica galega predomina a gandería e a actividade cinexética, compartidas cunha agricultura incipiente de rozas para cultivos de cereais.

Partindo de fontes paleobotánicas, arqueolóxicas e literarias (estas do xeógrafo grego Estrabón), podemos concluír que na época castrexa existía unha agricultura de cereais, como trigo, orxo, paínzo, e tamén fabas e chícharos, e depósitos de grans, e non só pan de landras ás que se refire Estrabón.

É posible que xa se usase o arado e que mesmo se constituísen bancais arredor dos castros, como opinan Cuevillas e o xeógrafo francés Bouhier.

Tendo en conta estudos iconográficos, paleontolóxicos, arqueolóxicos e literarios chegamos ao convencemento de que os castrexos explotaron a gandería: vacas, ovellas, cabras, cabalos e porcos.

Segundo Estrabón os pobos dos castros consumían manteiga en lugar de aceite, tiñan pouco viño e gardábano para consumir nas festas familiares ou tribais, nas que tamén celebraban bailes.

A romanización

O abandono dos castros foi progresivo e as grandes urbes como *Lucus Augusti* (Lugo), *Bracara Augusta* (Braga), *Flavium Brigantium* (A Coruña), *Vico Spacorum* (Vigo), *Ad Duas Pontes* (Pontevedra), *Aquae Flaviae* (Cuntis) e *Iria Flavia* (Padrón), entre outras, non afectaron a dispersión poboacional de Galicia, que aínda perdura na actualidade.

A apertura de vías romanas, das que aínda afloran moitos restos, contribuíu ao fomento do comercio interior sen afectar o predominio do hábitat rural.

As explotacións agrarias son favorecidas polo cambio de localización, pola introdución de

ferramentas agrícolas, como o arado romano, e novas especies e variedades de cultivo, e tamén polo comercio exterior, chegando a transportarse viño de Amandi ata Roma, onde era moi valorado pola súa calidade e por ter menor riqueza alcohólica que os viños do Mediterráneo, sendo polo tanto máis apto para prolongar as bacanais dos romanos, ás que como se sabe eran tan afeccionados.

Sen necesidade de afondar no rigor da investigación histórica, non resulta aventurado pensar que a cultura romana fomentou e estendeu os cultivos dos soutos e dos viñedos e introduciu nos vales do Miño e do Sil as oliveiras, así como mellorou os muíños para moer os cereais. Tamén pode estar relacionada coa cultura romana a conservación da carne de porco, xa que foron os romanos os que trouxeron a industria de salazón do peixe ou polo menos a industria artesanal das salgadasuras, con incidencia tanto na beira do mar coma no interior.

Polo topónimo “Cerdeiras”, que se encontra na aba dalgún castro, pódese colixir que tamén trouxeron as cereixas, importadas polos romanos de Asia Menor, así como outras froitas como “os fatóns”, aínda reminiscentes no século XX ao lado das ameixeiras, pero de maior tamaño e mellor calidade cás ameixas.

Nas zonas máis romanizadas (provincias de Pontevedra e Ourense) introduciron novas técnicas de aproveitamento e manexo da apicultura, que persistiron ata o século XX coas prerromanas do norte de Lugo e da Coruña, semellantes ás da Bretaña francesa, onde había alacenas nas paredes das casas e ademais practicaban o apicidío para extraer o mel.

Nalgunhas axencias de Extensión atopáronse no seu traballo habitual con situacións que testemuñan tanto a cultura dos castros coma as da “*Villae*” romana. Así Mariano García Rollán, xefe da Axencia de Celanova, promoveu a escavación do castro de Castromao e contribuíu a que os historiadores puidesen interpretar coa adecuada continuidade dos tempos a columna romana de Chaves (Portugal), dedicada a Traxano por dez *civitas* bracarenses.

A Axencia de Negreira no ano 1963 e posteriores mantivo contactos moi estreitos con Leonardo Gómez Vilanova, doutor en dereito *cum laudem* pola Universidade de Madrid e convertido en labrego, na súa explotación agraria de Cirro

(Os Ánxeles- Brión), e colaborou na escavación dunha *villae* romana coa intervención de Fermín Bouza Brey e o asesoramento de Chamoso Lamas.

Esta *villae*, situada nun pequeno cerro de escasa elevación, escavouse sen afectar a actividade normal da explotación agraria.

O mundo suevo

Os romanos na súa decadencia fixeron acordos *foedus* con invasores xermanos e tamén cos suevos que se estableceron no sur de Galicia con Braga por capital.

Paulo Orosio, que viviu o asentamento dos suevos, deixou escrito que “Os bárbaros deixando as súas espadas, empuñan os seus arados e tratan os demais romanos como compañeiros e como amigos, de tal xeito que hai algúns que prefiren a pobre liberdade da que gozan entre os bárbaros á opresión tributaria na que vivían entre os romanos”.

No transcurso do século V, que coincide co dominio dos suevos, é cando se ultima o proceso dos castros, baseado nunha agricultura de rozas, e se pasa a agricultura de asentamento no val, aínda que este proceso empezase xa coa dominación romana.

Hai un longo camiño en Galicia, que podemos empezar coa romanización e acabar coa eliminación do poder suevo polos visigodos, no que o proceso agrario se vai transformando. Neste longo proceso de transformación xogan un papel importante os *potentiores* e os *honestiores* romanos donos das terras, especialmente das *villae* mediante acordos e reparticións co poder suevo, pero a verdadeira estruturación do campo galego, tal como chega aos nosos días, non se empeza a xerar ata que toman protagonismo os agricultores dos miles de castros prerromanos diseminados por toda Galicia.

Este protagonismo transformador e consolidador da estrutura agraria empeza coa evanxelización do cristianismo promovida polo priscilianismo, movemento de tipo campesiño, e culmina coa organización das igrexas rurais, entre os anos 572 e 582, mediante o chamado *Parrochiale Suevum*, que estrutura San Martiño de Dumio.

San Martiño, natural de Panonia, chegou a Galicia polo ano 550 e, como fixemos os axentes

de Extensión na segunda metade do século XX creando axencias en toda as comarcas, organizou os campesiños en parroquias, abordou os problemas dende a base, loitando a pé de obra, e non dende a sé episcopal, contra o vexetarianismo priscilianista, contra a superstición de render culto á lúa e ás estrelas antes das sementeiras e das plantacións de árbores. A súa “folla divulgadora” foi o seu tratado *De correctione rusticorum*, onde combatía moitas supersticións, como eran a de poñer pan nas fontes, debrocar gran e viño no lume, elixir o día de Venus para casar, acender candelas nas encrucilladas e queimar ramas de loureiro no lume da casa para escorrentar os troncos. (Isto aínda o facía o meu pai cando era neno alá polo ano 1930 e as candelas para alumearnos de noite facíamolas os rapaces das cascas exteriores do bidueiro branco).

A época altomedieval

A invasión árabe tivo pouca repercusión na evolución agraria de Galicia. A finais do século XII aparecen os arcediagos como intermedio entre as parroquias e as sés episcopais. Algo así como a aparición das axencias de zona no Servizo de Extensión cando foron crescendo o número de axencias comarcais.

O sedentarismo da agricultura acabou por consolidarse mediante unha xerarquización baseada na propiedade da terra con influencias fortes da aristocracia e da Igrexa a través das sés episcopais e dos mosteiros.

Algún autor considera que dunha propiedade única dependían varias explotacións cedidas polo dono aos seus servos ou a homes libres para que as traballasen. Neste campo influíron bastante os mosteiros de Sobrado, fundado polo conde de Présaras, e o mosteiro de Celanova, no que tanto entrevistou San Rosendo.

Claudio Sánchez Albornoz mantén que na zona galaica o enraizado costume agrario e social perdurou vivo despois da invasión sarracena, como prolongación das vilas hispanorromanas ou hispanogodas, sen constituír aldeas, mentres outros como M. Rubén García Álvarez, aceptando algunhas explotacións unitarias do tipo *villae-explotación*, ás que se refire Sánchez Albornoz, di que á altura dos séculos IX e X a inmensa maioría das *villae* xa son as aldeas onde se retirou a poboación cando abandonou os castros.

Estas aldeas foron nacendo, segundo Robert Dossier, arredor dun eirado aproveitado en común e próximo aínda á agricultura de rozas de monte baixo.

A propiedade das terras agrícolas pasaba moitas veces, en detrimento dos pequenos propietarios, ás mans da aristocracia, por non pagar impostos ou como fianzas e pagamentos de sancións. A aristocracia tamén recibía terras por concesións reais en pago de servizos prestados á coroa.

No século X as familias da aristocracia galega que concentraban máis propiedades eran:

1.- O tronco aristócrata de San Rosendo tiña un conxunto de propiedades na actual provincia de Ourense arredor de Celanova e á beira dos ríos Limia, Tâmega e Avia, e en Castro Caldelas. Chegaban as súas propiedades aos ríos Arnego e Deza, a Sarria, Guntín e ao val de Lemos; tamén á costa do Morrazo, ás Rías Altas, así como ao Bierzo, Zamora e ao val do Mondego.

2.- Outro grande patrimonio era o do conde de Présaras, con núcleo central na cabeceira dos ríos Tambre, Ulla e Mandeo, prolongándose a terras dispersas en Lugo e aos vales do Avia e Limia.

3.- De menor volume era o patrimonio de Osorio Gutiérrez no val de Lourenzá e outras zonas do noroeste galego.

4.- Hermenexildo Méndez tiña bens en Sarria, Parada de Lemos e algúns máis dispersos noutras zonas de Galicia.

Estas propiedades eran traballadas por servos ou por campeciños libres, que progresivamente van entrando na dependencia señorial pagando censos e rendas.

Nas aldeas viven homes servos e homes libres. Algúns destes servos son domésticos e outros están instalados nas terras. Estes son a forza de traballo da aristocracia e da Igrexa. Algúns homes libres ceden as súas terras a cambio de protección.

Os homes libres estaban obrigados a pagar impostos e, se abandonaban as terras deixándoas ermas, estaban obrigados a indemnizar a El-Rei ou ao señor que llas cedera.

A Baixa Idade Media

No século XII o Código Calixtino recolle de Galicia a seguinte visión:

Despois, pasada a terra de León e as partes do monte Irago e do monte Cebreiro, encóntrase a terra dos galegos. Abunda en bosques, é agradable polos seus ríos, os seus prados e riquísimos pomares, os seus bos froitos e as súas clarísimas fontes; é rara en cidades, vilas e sementeiras. Escasea en pan trigo e viño, abonda en pan centeo e sidra, en gando e cabalerías, rica en ouro e prata, e en tecidos e peles silvestres e noutras riquezas, e sobre todo en tesouros sarracenos.

Nos séculos XII e XIII hai un incremento de poboación en Galicia e dá lugar, por unha parte, á fragmentación da propiedade rural e, por outra, ao aumento de labradío mediante transformación de terras incultas en laborais.

Os mosteiros e a aristocracia outorgan cartas de poboamento e xorden novas aldeas, configurándose Galicia a finais do século XIII cuns trazos que xa non se alteraron moito ata épocas recentes.

Como é lóxico, xorden tamén núcleos urbanos á beira do mar como Baiona, Redondela, A Guarda, Viveiro, Ribadeo e tamén Tui e Mondoñedo. As Partidas de Afonso X consideran núcleo urbano “todo aquel lugar que é cerrado dos muros”.

A ampliación das terras de cultivo faise de tres formas diferentes: ampliando os eidos antigos mediante incorporación de terras baldías; creando eirados e aldeas novas coa participación señorial; e, por último, fundando casais illados cun forte esforzo individual.

Tamén contribúen á ampliación dos cultivos os mosteiros cistercienses que se crean en Galicia durante o século XII coa protección da monarquía. Os cistercienses acaban por aceptar rendas polo traballo das súas terras como xa o viñan facendo outras institucións eclesiásticas, e desta forma participan tamén indirectamente na ampliación da base produtiva agrícola.

O aumento da produción debeuse a que cada ano se collían colleitas novas pola ampliación da superficie cultivada. Tamén axudaron a aumentar a produción as melloras técnicas en ferramentas e a intensificación dos cultivos, especialmente nas hortas co uso do esterco e a ampliación nalgúns

casos da oliveira e a vide. Este último cultivo, á parte da cunca de Lemos e dos vales do Sil e do Miño, chegou a implantar nos arredores da Coruña, Betanzos e Viveiro, en terras que antes ocupaban as fragas e os baldíos, e nalgunhas ocasións en terras dedicadas a cereais.

Os mosteiros de Oia, Melón, Sobrado e Meira intensificaron o cultivo de cereais en terras que producían dúas colleitas no ano, unha de inverno e outra de primavera. Un de cada tres anos a terra quedaba baleira. En cada rotación trienal introducían unha leguminosa para mellorar a fertilidade da terra. Como cereal de inverno usaban o trigo e o centeo e na primavera o orxo e o paínzo (millo miúdo).

Xa se fala nalgúns documentos do arado chamado *avessadoiro*, dotado de dobre rella, veso e rodas, que araba máis fondo e era tirado por cabalos, fronte ao uso habitual dos bois. Non hai constancia de que este arado se xeneralizase en Galicia.

Entre os séculos XIII e XIV xeneralizáronse en Galicia os muíños de auga, que estiveron sempre a disposición das comunidades, co conseguinte aforro de man de obra.

O patrimonio dos mosteiros e dos cabidos cardinalicios aumentaron moito na Baixa Idade Media (séculos X a XIV). Isto ponse de manifesto no número de adquisicións de terras dos mosteiros de Sobrado, Meira, Oseira, Melón, Armenteira e Oia, mediante doazóns e compras. Son doadores e vendedores os reis, nobres laicos e pequenos propietarios.

Estes mosteiros organizaban granxas en lugares adecuados para cultivo, que traballaban os propios monxes e conversos con persoal asalariado permanente ou temporal.

Chegou un momento no que os mosteiros non foron capaces de levar directamente o cultivo das súas terras e acabaron por cedelas dalgunha das seguintes maneiras:

- a) *A precaria remuneratoria*, cesión de terras con carácter vitalicio a cambio doutras en enteira propiedade.
- b) *A coplantatio*. Era para o cultivo da vide. O cultivador entregaba ao mosteiro que colaboraba na explotación, ao principio, unha renda pequena, e nos anos posteriores a metade do viño.

c) *Ad laborandum*. Cedíase a terra a cambio dun censo.

d) *Ad populandum*, cando esixe o mosteiro que o campesiño resida na explotación e acepte ser vasalo.

Estas fórmulas acaban por desaparecer e son substituídas ao longo do século XIII polos foros.

A concentración da propiedade nos mosteiros e cabidos cardinalicios chegou a tanto que, cando no século XIX se desamortizaron os bens eclesiásticos, calcúlase que o 80% do dominio da terra era das institucións eclesiásticas.

As aldeas están formadas por *hereditari* (proprietarios) e *populatores* (traballan terras dos mosteiros). Entre eles hai unha forte solidariedade por razón de convivencia, incluso no traballo. As aldeas intégranse nas parroquias e a institución parroquial refórzase e revitalízase en Europa durante a Baixa Idade Media.

A parroquia adquire ao longo dos séculos XII e XIII un gran fortalecemento e acaba por utilizarse o termo de “freguesía” para situar as aldeas, e o termo “parroquia” para situar a propiedade, o cal demostra que as aldeas teñen moi arraigado o seu sentido de pertenza á parroquia.

Na segunda metade do século XIV, a causa do descenso da poboación pola peste negra de 1348-1350, quedan algúns pobos abandonados e baixa a produtividade da terra por falta de man de obra. Os mosteiros e os cabidos cardinalicios trataron de cambiar as rendas dos foros en especie por rendas fixas en diñeiro. Víronse obrigados ao alongamento da duración dos foros e ao alixeiramento das cargas señoriais. Apareceron os subforos, que se xeneralizaron no século XV.

A viña mantivo o seu espazo e aínda ocupou moitas das terras abandonadas por outros cultivos, porque os prezos do viño resistiron mellor a crise, pois dependían do exterior e cambiaban viño por panos de Flandes.

Ademais do descenso da poboación polas pestes, moitos campesiños no século XIV abandonaron o campo para incorporarse ao artesanado nas vilas e cidades, ben como asalariados, ben por conta propia. Así na zona de Tui hai obreiros, canteiros, carpinteiros, xastres, peleteiros, zapateiros, panadeiros e ferreiros, e na de Mondoñedo carneiros, alfaiates, toneleiros, pintores,

armeiros, prateiros, ferradores, ademais dos profesionais citados na zona de Tui.

Durante o século XV os campesiños reveláronse, arrepxéronse aos señores feudais ante as súas exixencias de impostos. Así no ano 1431 os homes de Pontedeume, Vilalba e Mondoñedo enfrontáronse coa casa de Andrade. Foi a primeira guerra irmandiña. Cortáronlle as viñas e derrubáronlle as súas fortalezas.

No ano 1466 comezou a segunda revolta irmandiña, obra de burgueses e algúns nobres que pretendían derrubar o poder da alta nobreza galega. A esta revolta uníronse os campesiños porque nos castelos dos nobres escondíanse persoas que lles roubaban o gando e cometían outros abusos nas súas propiedades coa impiedade que lles propiciaba o poder dos donos dos castelos.

Os irmandiños pretendían administrar xustiza e actuaron ao abeiro dun suposto mandato real que os autorizaba a derruír os castelos. Destruíron 130 fortalezas e, despois de vencidos os burgueses e os que se uniran á revolta, foron os labregos os que tiveron que levantar co seu traballo e achegas económicas 45 delas.

Convén aclarar que os labregos uníronse á revolta, pero non foron os que a promoveron.

Os que venceron aos irmandiños foron o arcebispo Fonseca, o conde de Lemos, Pardo de Cela e o duque de Soutomaior.

Con esta revolta Galicia quedou empobrecida e entrou na idade moderna en condicións de inferioridade con relación a outras rexións do reino.

O mundo rural galego do século XVI

No derradeiro curso do século XV hai un crecemento agrícola e demográfico, ocupáronse terras e aínda aldeas que quedaran ermas na Baixa Idade Media, polo que aumentou o número de casas, o que demostra unha demanda maior de terras. Nalgún dos foros comprométese os foreiros a levantar casas e habitalas.

En certos lugares chegou a duplicar o número de habitantes durante o século XVI. A finais deste século a poboación galega aproxímase aos 800.000 habitantes, cunha densidade de 25-27 habitantes por quilómetro cadrado, tendo a súa maior concentración no litoral a causa da floreciente vida urbana e tamén a mellor fertilidade das terras.

Segundo o Licenciado Molina, en 1550 hai unha grande diversidade de cultivos. Así, Pontedeume está abastecido de toda clase de froitos; en Ribadeo hai grandes cantidades de laranxas; Viana “terra fértil e moi gandeira que abastece case toda Galicia e manda tamén a Castela”; En Monforte “lábrase moita seda e boa”; nas Pontes de García Rodríguez “susténtanse de labrar pan, trigo, nabos e criar gandos porque é terra de montaña”; en Monfero “labran centeo, millo e nabos e crían gando de toda clase e son xentes pobres e necesitadas as máis delas pola aspereza da terra”; en Viveiro “cóllese moito viño”; polos portos de Vigo e Pontedeume no ano 1600 exportáronse laranxas e limóns; nas montañas de Muras os cultivos non lles dan para sustentarse, senón fose polo gando que crían, “del sacan para comprar pan”.

Nas terras de Santiago a colleita de cereais componse de 15,5% de trigo, 44,5% de centeo e o 40% de paínzo. Cara ao interior de Galicia a porcentaxe de paínzo vai diminuíndo. Así en Castroverde é do 5 ao 10 %; en Oseira o 1,3%; e na montaña de Lugo xa non se sementa ou é aínda máis baixa a porcentaxe.

Os castiñeiros ocupan nalgúns lugares moita importancia, en cambio na Terra Chá e nas montañas de Muras ou de Ourense apenas existen plantacións de castiñeiros. Non obstante, aparecen as castañas e o viño como única produción nalgunhas áreas.

Nos vales fértiles da Galicia Occidental e nos do Cantábrico o paínzo supón o 50 % da produción dos cereais e entra en rotación cos cereais de inverno. O paínzo foi avanzando cara ao interior dende as terras baixas.

Hai en todas as aldeas algún tipo de disciplina colectiva no exercicio da actividade agraria que impón a comunidade aldeá.

As ordenanzas de Mondoñedo de 1503 organizaban as labranzas e viñas da cidade en nove agras.

As ordenanzas da Vila e Terra de Sarria, ditadas polo conde de Lemos en 1504, dispoñen que “todos deben cerrar el mes de diciembre de cada año”; loxicamente, quedarán libres “al recoger la cosecha para el pasto común”.

As ordenanza de Cotobade de 1595 impoñen a obriga de cerrar tamén aos que non queren sementar.

As ordenanzas de Viveiro de 1551 restrinxen severamente as cortas polo “disipados que estaban” os montes, e en 1553 parte deles foron cercados para lograr a súa conservación.

En Viana do Bolo, pola contra, sometéronse en 1571 á aprobación real unhas ordenanzas pola “grande necesidade que avía de que se criasen montes para leña, carbón, pasto y abrigo de los ganados”.

Nas terras ourensás, onde a posesión dos montes pertencía a unha ou varias aldeas, os enfrontamentos entre concellos foron constantes dende mediados do século XVI por razón de pastos.

O acordo suscrito en 1588 entre os concellos de Bande e Lobeira dicía: “pasten los ganados de una jurisdicción a otra a rejas vueltas, sin cortar madera ni leña..., y cuando se ofrezca cavar o labrar pan en cualquiera de las partes, cave y labre cada uno en su monte y jurisdicción”.

Os viñedos

No século XVI rexístrase a maior Extensión de viñedo en Galicia. Ocupa terras nas Mariñas, Rías Baixas, na cunca do Eo, arredores de Mondoñedo, Valadouro, Viveiro e en calquera val abrigado da montaña lucense.

As pipas de viño co peixe e a madeira son os produtos normais de exportación.

Nos séculos XVII e XVIII nas zonas pouco produtivas acabará por desaparecer. O viñedo ourensán atravesou os mellores momentos no século XVI, aumentando constantemente a súa superficie, non só nos vales do Sil e do Miño, senón tamén no val de Monterrei. O mosteiro de San Clodio de Leiro impón aos colonos foreiros a plantación de vides, pero a expansión deste cultivo responde tamén a súa rendibilidade, porque os agricultores venden o viño para comprar cereais sen necesidade de seguir os cultivos de ano e vez do cereal. Para os mosteiros de Oseira, San Clodio e Meira éralles difícil evitar fraudes nas rendas forais de viño e, cando a cota era fixa, os foreiros trataban de pagar co de peor calidade.

Nas comarcas de viñedo había unha oposición ao gando pola súa incompatibilidade con este cultivo. As ordenanzas de Viveiro de 1551 permitían matar as cabras e os xatos bravos que entraban nas viñas e penalizaban as vacas e as ovellas, aínda que estas podían andar de outubro a marzo entre os viñedos se estaban rapadas. En

Valdeorras tamén se permitían as ovellas entre os viñedos.

O viño do Ribeiro exportábase a Francia e Inglaterra por Baiona, Vigo e Pontevedra.

A gandería

A abundancia de espazos incultos e o propio clima húmido permiten soste unha poderosa gandería.

Nas terras de Santiago hai labregos con 10, 15 e 20 cabezas, contando as crías; en Meaño e Vilagarcía de Arousa algúns agricultores soben da ducia de animais vacúns, medio cento de ovellas, algunhas cabras e dúas ducias de porcos; outro tanto sucedía en Ribadeo, Lourenzá e no Valadouro; no litoral occidental había medias de 4 animais de vacún adulto, 2 crías, 17 ovellas e cabras e 4 porcos. No século XVII estas medias redúcense nas zonas citadas.

Agás nas zonas de viñedo no século XVI proliferaron os bois “bravos” ou “de monte” ao lado dos de “xugo”, vacas, ovellas, cabras e porcos, non só nas terras montañosas, senón tamén nas do litoral e vales fértiles.

No século XVIII en moitas zonas desapareceron as cabras, e os campesiños sen ovellas son máis da metade nalgunhas parroquias.

A riqueza non está ben repartida. Pódese calcular un 10 ou un 12 por cento de xente acomodada no medio rural, dun 10 a 15 por cento de desposuídos, e quedaba o resto que traballaba para poder subsistir.

En Monterroso e en Cervantes, despois de pagar as rendas, aínda se empeñan para poder acabar o ano, segundo se desprende de certos expedientes de Facenda.

A repartición do pago da alcabala faise de acordo co valor da “labranza e crianza” de cada campesiño. Na repartición dos impostos aparecen as porcentaxes citadas de campesiños acomodados, moitos deles fidalgos, os autosuficientes e os veciños pobres.

Control político e relixioso do campesiño

Aínda que a sociedade agraria se volveu menos violenta cá dos séculos anteriores, non desaparece a afección aos roubos; roubo de gando, de ferramentas, froitos e hortalizas.

As xa citadas ordenanzas de Mondoñedo de 1503 din que o maior mal que hai na cidade e nas aldeas é o feito de que cada cal “non é señor do seu e do que labra, porque cada un ten atrevemento de tomar e aproveitar do alleo”. As de Viveiro de 1551 din que por falta de rigor de castigo deste delito “toman tanto atrevemento que non hai quen poida dicir que ten cousa por súa”.

Polo ano 1590 nos arredores de Lugo non había nabeira ou horta na que non se roubase, e algunhas ordenanzas rurais como a de Cotobade “obrigaban a todos os veciños a teren unha nabeira e unha horta para evitar a tentación de ir ás dos veciños”.

En relación coa Igrexa existe absentismo de moitos curas das súas parroquias, hai xente amancebada, algúns deles eclesiásticos. Certos curas queixábanse de que a xente ía pouco a misa e cando ían daban voces na igrexa. Algúns casaban sen ir ao clérigo.

As constitucións sinodais de Mondoñedo de 1534 ocupáronse do comportamento dos cregos, tratando de que evitasen determinadas prácticas como os matrimonios clandestinos bendicidos por algún tonsurado, raerlles as barbas aos defuntos e gardalas para feitizos, meterlles os pés aos nenos na auga na que coceron estrugas para curarlle as lombrigas, tornar as tixolas e os trespés cara ao ceo para evitar os tronos e non dar décimos dos roxelos nin doutro gando os días do luns e venres.

Estas constitucións sinodais aínda buscan o mesmo fin que o que buscaba San Martiño de Dumio en tempo dos suevos, no século VI, co seu libro *De Correctione Rusticorum*.

Nos últimos 40 anos do século XVI, a Inquisición procesou a máis de 1.000 persoas e polo menos 511 eran campesiños e 127 cregos rurais. As condenas foron por bigamia e por ofensa ao Santo Oficio. Moitas das crenzas populares eran apoiadas polos cregos, como por exemplo a tolerancia sexual, que se xustificaba fóra do matrimonio, en particular entre solteiros.

Un informe dos inquisidores de Santiago de 1585 din que entre labregos e rústicos consideran que non é pecado o acceso carnal dun solteiro e unha solteira, e as "xustizas" deste reino disimulan e non os castigan, aínda que estean amancebados.

Un cura de Valdeorras dicía que “a simple fornicación non era pecado, porque unha muller sol-

teira que se ofrece pola súa vontade non queda ofendida e ao non haber ofensa non hai pecado”.

Tampouco tiñan por pecado a blasfemia, “que era costume incluso entre as mulleres”.

Nun padrón de veciños do Couto de Valboa (Ribadeo) en 1584 confesan varias mulleres con toda a naturalidade que tiveron fillos de diferentes pais.

Fames e pestes

No ano 1563 houbo fame no Reino de Galicia e morreu moita xente, tamén a causa da peste. Desde a costa, por onde entrou, foi indo para o interior e chegou a Ribadavia, Ourense e Allariz.

Para remediar a fame importáronse cereais e abríronse almacéns en varias poboacións, como o da Coruña de 400 fanegas de capacidade ou o de Lugo para 800 fanegas.

No ano 1618 a abundancia de auga provocou a perda das colleitas e proliferaron os mendigos a causa da fame, porque houbo dificultades nos anos 1627, 1632-35, 1641 e 1644 provocadas pola abundancia de chuvia. Estas dificultades de produción de cereais pola mesma causa houbos tamén nos anos 1685 e 1689.

A fame dobrou o número de mortos dun ano normal entre os anos 1693 e 1695.

No século XVII houbo máis mortaldade ca no anterior, nos anos 1709-11 e 1768-70, porque apenas houbo colleitas.

Fixéronse moitas rogativas para que non chovese e provocáronse motíns a causa da carestía dos cereais, con mortes nalgún deles.

As rogativas tamén se facían con San Roque nas épocas de peste.

En 1710 as cidades enchéronse de pobres procedentes das aldeas, e en maio declarouse unha epidemia. Chegáronse a comer estrugas, labazas, uces, cardos e liñaza. Roubaban casas e igrexas, mataban vacas, bois, carneiros e castróns de noite e de día.

Tamén foi crítico o ano 1747 pola perda de case toda a colleita e a elevación dos prezos dos cereais de importación, pero neste caso as mortes debéronse máis a unha epidemia ca á fame, porque morreu moita xente que non a pasaba.

Pero os anos 1768-69 aínda foron peores a causa das chuvias, facendo bo o refrán de que “en Galicia a fame entra nadando”.

Cando era pequeno, meu pai sempre me dixo, que os anos de fame en Galicia foran a causa da moita chuvia e nunca en anos de seca. Recordo que as únicas rogativas que se facían alá pola década dos anos 1930 eran para que chovese, levando en procesión a San Bernabé da Ameixeira (Crecente), rezando ata albiscar o río Miño. Nunha ocasión choveu ao cabo de tres días.

En 1769 arriban 320 buques cargados de cereal ás costas, dos cales 164 viñan de Francia. Nun só día chegaron a San Martiño Pinario ata 3.200 pobres e morreron no Hospital de Santiago 1.500 dos 4.300 ingresados.

Expansión do millo

De 1600 a 1800 a poboación de Galicia duplicouse acadando 1.500.000 habitantes. A maioría vivía no campo e polo tanto a agricultura ante tal presión demográfica tivo que pasar de extensiva a intensiva.

En 1750 Galicia tiña unha densidade media de 44 habitantes/quilómetro cadrado, 2,5 veces superior á da Coroa de Castela.

O cultivo do millo, que vai substituíndo ao paínzo, iniciouse antes en Asturias que en Galicia.

Polos anos 1610-15 os barcos de Avilés ou Xixón, que viñan a Pontevedra ou a Viveiro a buscar viño, traen a Galicia algunhas fanegas de millo.

Entre 1610 e 1618 aparecen zonas illadas de cultivo de millo no Barbanza e en Cangas, pero ata 1630-39, e a raíz da crise de 1628-32, o millo non alcanza importancia como cereal de consumo.

En 1640-49 representa xa o 50 ou 60 por cento do volume de produción de cereais na súa área de cultivo.

A produtividade por hectárea do millo é superior á do centeo e á do trigo.

O millo vai avanzando polo interior de Galicia detrás do paínzo, ao que substitúe a medida que este mellora as terras.

O millo foi o alimento básico de Galicia ata mediados do século XX e contribuíu á creación de novos fogares e ao aumento da poboación.

Coa introdución do millo en Galicia occidental diminuíu a media de cabezas de gando por explotación. Na Galicia cantábrica tamén diminuíron as medias, pero non de forma tan espectacular estes descenso. Aumenta en toda Galicia o número de veciños sen gando.

Nalgunhas zonas onde se implanta o millo acaban por desaparecer as cabras. A diminución de gando non implica menos produción, xa que o millo contribúe a unha mellor alimentación e polo tanto a unha mellora da cabana e un aumento de esterco.

A mediados do século XVIII a distribución do millo en Galicia é irregular, con variacións moi marcadas dunha comarca a outra. Así no val do Ulla, nas mellores terras, aínda había unha alternativa na que se producía un ano centeo seguido de millo e fabas, ao ano seguinte trigo e nabos, e ao terceiro ano liño e millo, cun mínimo descanso.

No norte da provincia de Santiago e nas de Mondoñedo e Betanzos, nas terras baixas, había unha rotación de trigo ou centeo, nabos e despois millo. En Mondoñedo aínda non fora desprazado o paínzo polo millo.

Nas provincias de Lugo e Ourense e nas partes altas de Mondoñedo e Betanzos (Muras, As Pontes de García Rodríguez e Bretoña) a maioría das terras producen centeo un ano cada dous e descansan 14 meses. Unicamente as cortiñas daban unha colleita ao ano de liño, nabos, millo e trigo. Na Terra Chá, antes da introdución da pataca, as terras daban só centeo e avea.

A agricultura das montañas de Lugo é máis diversificada cá do interior da provincia, especialmente nos vales. Hai moitos soutos e cortiñas.

Na provincia de Ourense as labranzas producen como en Lugo unha colleita cada dous anos, agás as terras de val ou regadío onde xa se cultiva o millo.

O cultivo da pataca

Así como o millo se limitou a substituír o cultivo de paínzo, a pataca acabou cos barbeitos e adaptouse ben ás terras máis altas.

Ata mediados do século XVIII non comeza a ter importancia o cultivo da pataca, que xa se introducira na Lorena e nos Países Baixos entre os anos 1630 e 1670.

Herbella de Puga sinalaba en 1776 que a pataca fora introducida 40 anos antes por dous eclesiásticos naturais de San Martiño de Condes (Friol). Trouxéranas de Portugal.

Nas contas de 1778-81, que se fan das esmolas que recibe a Virxe da Peneda (norte de Portugal), aparece unha partida de “patacas galegas” valorada en 1.600 reais. As esmolas que recibía a virxe da Peneda eran dalgún Concello dos actuais partidos xudiciais de Celanova, Bande, Ribadavia ou Pontearreas, todos eles a moita distancia de Friol, o que nos fai supoñer que o cultivo da pataca nos anos 1778-81 xa se estendera nas áreas fronteirizas con Portugal.

Nos últimos 15 anos do século XVIII empeza a estenderse o seu cultivo en toda Galicia. Hai autores que cren que foi á causa da crise alimentaria de 1768. O seu cultivo dedicouse ao principio para cebar os porcos.

Na primeira metade do século XIX foise estendendo con lentitude. En Monterroso non empeza a penetrar nas agras ata 1845, conxuntamente cos nabos e co millo.

A xente como alimento dáballle preferencia ás castañas e a súa alimentación mellorou coa introdución da pataca, porque ademais de engordar os porcos con ela, dispuxo de máis abundancia de castañas para comer.

Ás patacas chamábanlle “castañas mariñas” nalgunhas partes. Cando se creou a Axencia de Negreira en 1956, na comarca do Xallas aínda eran coñecidas por “castañas”. Na comarca de Noia coñecíanse por “balocas”.

O cultivo da pataca deu lugar a moitos preitos polo pago de décimos e rendas forais, e tamén porque había que cercar os seus cultivos e dificultaba o pastoreo nos barbeitos abertos. O primeiro preito coñecido foi en 1736, promovido polo párroco de Santiago de Bravos (Viveiro) contra os seus fregueses, que se negaban a pagarlle os décimos.

Coa desaparición progresiva dos foros a partir de 1925 a situación quedou resolta.

As rendas e foros e a súa redención

As rendas producidas polos campesiños son o sostén dos grupos dominantes durante o antigo réxime: clero, nobreza e fidalguía.

Os tipos de rendas son moi variados: foros, subforos, arrendos, parcerías, censos, cargas señoriais e décimos.

A maioría dos excedentes agrarios no antigo réxime pasaban á Igrexa. De todas as rendas a que máis conflito creou foi o foro.

Os décimos foron suprimidos a finais da década de 1830, pero os foros chegaron ata ben entrado o século XX.

A maioría das terras eran traballadas en réxime foral e o sistema foral contribuíu a singularizar a estrutura agraria de Galicia. A figura xurídica do foro, pola súa longa duración, é semellante a da enfiteuses, coñecida dende un tempo antiquísimo en Grecia, asumida polos romanos e consolidada polo emperador Zenón do imperio romano de oriente (474-491 d. de J.C.)

O contrato de foro consistía en que o dono da terra (dominio directo) cedíalla ao cultivador (dominio útil) por unha renda, normalmente en especie por tres voces (no século XVI) ou por tres vidas de reis e 29 anos máis, nalgúns casos por 100 anos (séculos XVII e XVIII). As rendas eran moi variadas: cando o cultivo era de cereais medíase en ferrados mediados, cando se pagaba en trigo e centeo por metade, e en ferrados terzados cando se pagaba en trigo, centeo e paínzo por terceiras partes. Algunhas veces a renda incluía ademais algunha libra de manteiga de vaca, un polo, castañas “pilongas” e noutros casos cera ou mel. Outras rendas eran só dun determinado cereal, segundo o cultivo das terras aforadas.

Os foreiros (donos do dominio útil) podían dividir as terras e de feito facíase nas herdanzas mentres o aforante (dono do dominio directo) continuaba normalmente sendo o mesmo moiteiro, cabido cardinalicio ou señor feudal.

Polas sucesivas divisións do dominio moitas veces creábanse conflitos e había que facer “rateos” entre os foreiros para distribuír as cotas que tiña que pagar cada un en función da terra que aproveitaba. Dada a prolongada duración do contrato de foro tamén aparecían algunhas veces conflitos sobre os lindeiros do terreo aforado e neste caso facíase o que se denominaba “apeo” ou deslinde. Tanto nos “rateos” coma nos “apeos” interviñan os aforantes e os aforados.

En moitos casos o dono do dominio útil aforáballe as terras a outro para que as traballasen e deste xeito xurdiu o subforo. Foi este un medio

polo que a fidalguía entrou a percibir rendas forais. A burguesía tamén se fixo partícipe das rendas forais cando lle comprou ao Estado as terras que lle expropiou á Igrexa mediante as leis desamortizadoras de finais da década de 1830.

O foreiro ou dono do dominio útil podía transmitir a súa propiedade mediante a venda, pagándolle unha cota ao aforante ou dono do dominio directo (*laudemio*) e tamén aos seus herdeiros mediante o pago doutra cota (*luctuosa*).

No ano 1763 unha pragmática de Carlos III prohibiu as demandas de espolio e quedaron os foros nunha “interinidade legal”. Na práctica o foro converteuse en perpetuo.

Ademais dos conflitos para desaloxo das terras ou para subir as rendas ao final das correspondentes voces, tamén houbo algún porque o aforante quería cambiar o ferrado habitual polo de Ávila, que tiña máis capacidade á hora de medir o gran, ou porque os mosteiros, os cabidos e a aristocracia pretendían, despois do tempo pactado (voces), cambiar a renda foral por un arrendamento normalmente a nove anos.

Xurdirón bastantes conflitos entre a fidalguía contra a Igrexa e a alta aristocracia polos subforos. En realidade a fidalguía, e tamén a burguesía, despois das leis desamortizadoras, foron dous estamentos importantes para a conservación do sistema foral, mentres o campesiño mostraba certa pasividade e ademais carecía de medios para calquera redención.

No Congreso Agrícola de Santiago de 1864, Montero Ríos defendeu a redención dos foros, e cando foi ministro en 1886 presentou no Parlamento un proxecto para redimilos, pero esta redención non foi posible porque nin a fidalguía nin a burguesía, que eran titulares de rendas forais, estaban interesados, nin tampouco os campesiños podían dispoñer de diñeiro para facelo.

Realmente o foro foi un contrato de longa duración que favoreceu moito máis aos cultivadores directos que á parcería e aos arrendamentos de curto prazo.

O problema foral foi abordado pola ditadura de Primo de Rivera, que publica unha Orde con data 10 de marzo de 1924 e crea unha comisión para o estudo do tema, considerado urxente e grave, “convertido ás veces en motivo de axitación política”.

Publícase o Decreto-Lei do 26 de xuño de 1926 con 24 artigos. Sinala este decreto-lei tres módulos de redención: 4,5% para os que non proceden da desamortización; 5,5% para os que proceden da desamortización; e 6,5 % para os subforos.

Teñen dereito exclusivo durante 5 anos os foreiros a redimilos. Pasados estes cinco anos, durante outros 5 poden os aforantes esixir a redención aos que traballan as terras. Pasados estes 10 anos os perceptores das rendas poden consolidar no seu favor os dous dominios, o directo e o útil.

Creouse tamén un Servizo de crédito agrícola para posibles anticipos aos foreiros.

Na Segunda República, por Decreto do 18 de xuño de 1931, prorrógase de maneira indefinida o dereito dos cinco anos concedidos ao traballador da terra para a redención e derróganse os que autorizaban ao dono directo a redimilos.

O campesiñado galego viu esta última medida moi ben, porque lle garantiu a continuidade dunhas terras que herdara dos seus antepasados.

Cos recursos que chegaron da emigración, das vendas do gando e da madeira, foille posible aos campesiños consolidarse na propiedade das que sempre consideraron as súas terras.

O agrarismo

Segundo Justo Beramendi, a crise agraria finisecular, o inicio da descomposición do sistema foral e o exemplo do incipiente movemento obreiro, son as causas maiores do nacemento do agrarismo. As súas primeiras formas foron as “mutuas gandeiras”, que apareceron de maneira crecente a partir do ano 1886.

As ligas galegas

O 31 de outubro de 1897 constituíse a Liga Galega da Coruña para defensa de “todo aquilo que fose de interese para o adianto moral, político e económico da rexión galega”.

No 18 de xullo de 1898 fundouse a Liga Galega de Santiago. Coa morte de Alfredo Brañas esta liga non se desenvolveu.

O logro máis importante que conseguiu a liga da Coruña foi o monumento aos mártires de Carral.

Estas dúas ligas tentaron facer un congreso para asentar as bases do uso do dereito histórico, pero

por discrepancias entre elas non se chegou a celebrar.

Solidariedade Galega

Animados polo éxito que tivo Solidariedade Catalá nas eleccións xerais de abril de 1907, en agosto dese mesmo ano constitúese Solidariedade Galega. Forman parte dela republicanos, tradicionalistas, neocatólicos e galeguistas.

Entre outros fins, como o de “conseguir unha representación parlamentaria eminentemente galega”, perseguía o de prestar “particular atención aos problemas da agricultura galega”.

A súa composición era heteroxénea e o seu programa un conglomerado pouco artellado de aspiracións. Onde tivo resposta positiva foi no campo, pero foi acollida con frialdade nas cidades e nos medios intelectuais.

Solidariedade prendeu no campo porque entre os seus obxectivos estaban os de eliminar os foros e o caciquismo rural, e aínda que o seu programa era ambiguo en moitos puntos, resultaba moi directo e claro no tema agrario.

Os problemas máis importantes do campo

A principios do século XX a poboación campesiña representaba o 90% da de Galicia. No ano 1930 Galicia segue coa máis alta ruralidade de España, cun 84% de xente campesiña, e na década dos anos 1950 a poboación rural é sobre o 75%.

A falta de industrias que recollan a man de obra excedentaria do campo forza a poboación a emigrar dende mediados do século XIX. O máis grave para o campo é que emigra a xente máis nova, que é a que acumula máis forza de traballo e a que ten máis propensión ao cambio e ás innovacións, quedando a máis vella, que como se sabe é a máis rutineira e menos propensa ás innovacións e á incorporación da tecnoloxía que demanda o século XX para o medio rural.

Como a terra segue atada aos foros, o propietario do dominio directo distrae entre o 20 e o 25% do produto bruto a terra en forma de rendas forais, sen incluír as alcabalas e outros impostos que paga ao que a traballa.

Existe por outra parte unha atomización das terras pola sucesivas particións entre os foreiros obrigados polo aumento da poboación agraria,

dende polo menos o século XIII, no que se estableceu o contrato de foro.

A produción de carne para a exportación encóntrase cos aranceis proteccionistas de 1891, que lle son prexudiciais aos agricultores, sendo o peixe e a carne, algo menos a madeira, os produtos máis importantes de Galicia.

Aínda que Galicia é a rexión máis produtora de millo de España, ao incrementarse a gandería ten que importalo e os aranceis que impón o Estado son de 80 ptas./tonelada, os máis altos de Europa. Italia que lle segue entre os máis elevados ten un arancel de 25 ptas./tonelada. Con tales aranceis Galicia ten que desembolsar cada ano 20 millóns de pesetas entre os anos 1910 e 1915 polo millo que importa.

A fertilización das terras, cada día máis necesaria pola intensificación dos cultivos, especialmente millo e pataca, obriga o campesiño a pagar fertilizantes importados tamén con elevados aranceis.

Pero os problemas que quedan referidos dende principios do século XX teñen orixes máis remotas e veñen arrastrados do século XIX. Foron orixinados polos impostos, en especial os que gravaban o consumo dos produtos agrarios, e a leva dos quintos, que privaban ao medio rural da man de obra moza, tan necesaria para o traballo do campo.

Con motivo dos pronunciamentos de 1868, que destronaron a Isabel II e deron lugar máis tarde á 1ª República, púxose de manifesto o descontento xeral entre os campesiños. Cómpre destacar os seguintes acontecementos: o día 20 de xaneiro de 1870 amotináronse en Dozón máis de 1.000 campesiños, véndose a Garda Civil obrigada a pechase no cuartel para defenderse; no mesmo ano, 300 campesiños de Quiroga enfrontáronse coa Garda Civil, que se viu forzada a disparar a queimarroupa e resultaron catro agricultores mortos; en maio do referido ano 1870 amotináronse 2.500 campesiños de Maceda, douscentos deles armados, negándose a pagar os impostos e enfrontándose á Garda Civil e a 150 soldados, morrendo tres agricultores e un garda civil; no mes de setembro de 1870 amotináronse os campesiños de Cambre e deron gritos de “Morra a Garda Civil” e “Viva a República”; en Palas de Rei 500 agricultores apoderáronse dos impostos municipais e enfrontáronse coa Garda Civil, resultando catro deles mortos e moitos feridos;

entre o 5 e o 18 de xullo do ano a que nos vimos referindo, 2.000 agricultores da Estrada, das 50 parroquias do Concello, amotináronse contra o pagamento dos impostos e tivo que ser liberada a vila polo exército; en novembro de 1870 tamén se amotinaron contra o pago de impostos en Merza, Vilatuxe e Carral, polas mesmas causas e o día 14 do referido mes de novembro morreron tres agricultores, foron feridos 13 e detidos 132 na localidade de Sarria por enfrontarse á Garda Civil; en 1873 en Ribas de Sil, uns 300 campesiños, por negarse a pagar a contribución, enfrontáronse coa Garda Civil, cousa que tamén fixeron novamente os da Estrada, onde houbo un morto e varios feridos; no mes de xuño do indicado ano 1873, en Vimianzo e Baiñas, houbo 12 mortos, 22 feridos e moitos agricultores detidos por negarse a pagar os impostos; e tamén a finais deste ano 1873, tanto en Viana do Bolo coma en Ordes, amotináronse os agricultores para facer desaparecer as listas dos mozos chamados a filas.

Mentalidade agrarista

Os problemas que hai no campo, a repatriación de moitos galegos procedentes de Cuba e Porto Rico, que teñen que incorporarse ao medio rural, os antecedentes das ligas galegas e o de Solidariedade Galega, van creando unha conciencia agrarista no medio rural que acaba por mobilizarse.

Entre 1898 e 1907 constitúense 273 sociedades agrícolas nas catro provincias, federándose unhas entre parroquias, outras a nivel comarcal, e en 1903 federáronse en Pontevedra 30 sociedades. Tamén hai asociacións municipais como as de Vilaboa (1903) e as de Cotobade e Guillarei (1904).

Estas asociacións tratan de defender os intereses comúns, evitar litixios entre os socios, crear créditos para a agricultura e organizar mutuas para perdas e mortes de gando.

O bispo de Ourense tratou de frear estas organizacións cando non se facían baixo o dominio da Igrexa. Paradoxalmente, Basilio Álvarez, o cura de Leiro, coa súa obra *El cura Rural*, uniuse a este intento do bispo e máis tarde fixo o contrario cando dirixiu o movemento de Acción Galega.

O 10 de marzo de 1903 o cardeal de Santiago, Martín Herrera, publicou unha circular contra as asociacións agrarias por consideralas socialistas.

Algo presentían o bispo de Ourense e o cardeal de Santiago, porque cando veu a República en 1931, na parroquia de Oroso do Concello da Cañiza (Pontevedra) constituíuse unha asociación na que os socios se comprometían a facer o seu enterro civil sen cura, se este cobraba polo funeral máis do que a propia asociación tiña establecido como tope máximo.

O 28 de xaneiro de 1906 promulgouse a Lei de Sindicatos Agrícolas e o seu regulamento foi aprobado o 16 de xaneiro de 1908. Esta lei permitía a asociación dos agricultores para adquirir maquinaria, fertilizantes e exportación de produtos, pero non contemplaba a defensa dos dereitos dos asociados.

Asociacións máis importantes

1.- *Solidariedade Galega*.- Xa nos referimos a ela con anterioridade. Tivo centros en Curtis, Sobrado e Arzúa, e chegou a adoitar posturas terroristas nas aldeas, polo que se procesaron 16 dos seus membros.

Tamén houbo organizacións de Solidariedade Galega en Pontedeume, Betanzos e Ordes (A Coruña), Lán cara, Monforte e Chantada (Lugo) e Vina do Bolo (Ourense).

O mitin de Monforte do 26 de abril de 1909 congregou 6.000 campesiños.

En 1908 dinamitaron a casa do Concello de Frades, a do alcalde e a do secretario do Concello.

Nas asembleas que celebrou Solidariedade Galega en Monforte, os anos 1908, 1910 e 1911, defenderon a supresión dos aranceis do millo, seguros do gando, créditos ao campo, loita contra o caciquismo, redución de impostos e a supresión dos foros mediante a súa redención.

Por morte ou retirada dos líderes máis importante, Solidariedade Galega acaba por desaparecer polo ano 1912.

2.- *Unión Campesina*.- Aparece rexistrada o 8 de setembro de 1907. Ten o seu centro na Coruña e en dous meses encadra a 7.000 campesiños. Loita pola eliminación do foro, dos arbitrios municipais e do consumo. Os seus membros non podían intervir en política, nin municipal nin estatal. No ano 1910 desaparece porque a xente do campo galego é pouco partidaria de actitudes anarquistas. Ademais tiveron en contra aos ministros de Gobernación e de Xustiza.

3.-*Antiforistas de Teis*.- Constitúese en decembro de 1907 para loitar contra o caciquismo e contra o foro. Piden a suspensión dos foros sen indemnización ningunha. Esténdese pola provincia de Pontevedra e chega con certa significación a Beerreá. Participaron na I Asemblea de Monforte de 1908 e desapareceron no ano 1913.

4.-*Acción Galega e Basilio Álvarez*.- O campesiño creu encontrar en Acción Galega a posibilidade de loitar contra o caciquismo, contra os impostos e contra os foros.

Basilio Álvarez estudou no Seminario de Ourense, pasou a Madrid como capelán do marqués de Urquijo. No ano 1910 crea con outros prominentes galegos, como Portela Valladares, Acción Galega.

Renuncia ao seu posto na corte e vén de párroco a Leiro, onde acababan de asasinar ao cura desta parroquia.

En 1912 publica un “manifesto” contra os foros, a escravitude campesiña, as mentiras dos políticos pagados por Galicia e que non a defenden, e incita a loitar aos campesiños contra os caciques “buscándoos nos seus propios tobos”.

Foi perseguido pola policía e pola garda civil e o bispo de Ourense suspéndeo *ad divinis*. En 1928 afiliouse ao partido radical de Lerroux, pero xa non arrastraba ás masas campesiñas. “Pasou pola historia de Galicia como un furacán”, di o historiador Ramón Barreiro Fernández.

5.- *O Agrarismo Católico*.- Pola encíclica *Rerum Novarum* a Igrexa quere estar presente na vida social, tanto no mundo obreiro coma no mundo agrario. Trata de paliar o problema agrario por medio de cooperativas.

Antes da Lei de sindicatos agrícolas de 1906 só había noticias dalgunha sociedade preto de Pontevedra, en Seavia (A Coruña), Salceda de Caselas (Pontevedra) e Arrabaldo (Ourense). No ano 1920 das 4.451 organizacións católicas que había en España, 441 estaban en Galicia.

Os párrocos encontraron nestes sindicatos un instrumento de control social. Constituíronse federacións en Lugo, Tui, A Coruña, Ourense, Mondoñedo e Monforte de Lemos, cun número total estimado de asociados de 45.000.

Ao lado deste agrarismo católico, había tamén un agrarismo neutro que non era confesional e no que se pode encadrar Acción Galega de Basilio Álvarez, xa citada, e outras organizadas por líderes de menor calado.

6.-*Agrarismo de excitación popular*.

a) Varios poetas incitan a xente campesiña ás revoltas, con poemas tales como “*A fouce do avó*” de Curros Enríquez, “*A xustiza pola man*” de Rosalía de Castro, e o eco do “*¡Érguete labrego!, ¡Érguete e anda!, ¡Como en Irlanda!, ¡Como en Irlanda!*”, de Alfredo Brañas.

Ramón Cabanillas compuxo o himno de Acción Galega e nel hai estrofas con ventos rebeldes como:

*Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns galegos!,
que corra o sangue a regos,
dende a montaña ao mar*

b) Os sucesos de Oseira.- A decisión do bispo de Ourense de retirar o altar maior do mosteiro, que estaba en ruínas, contra a opinión do pobo, o 23 de abril de 1909. A Garda Civil disparou e houbo 9 mortos e 19 feridos.

c) Os sucesos de Nebra.- As sociedades agrarias opuxéronse a uns impostos do Concello do Son. O día 10 de outubro de 1916 presentouse o fisco coa Garda Civil para embargar os bens do alcalde de barrio de Nebra, ao que se opuxo o pobo. O día 12 preséntanse para a execución ás 9 da mañá e houbo 3 mortos e 32 feridos.

d) Os mortos de Sobredo.- O 28 de novembro de 1922 preséntase o xuíz no lugar de Sobredo, parroquia de Guillarei do Concello de Tui, para embargar os bens a un veciño por falta de pago do foro. Tocaron a rebato as campás e opuxéronse os veciños. A Garda Civil disparou e morreron 3 persoas, quedando moitas máis feridas.

O ministro de Gobernación, Mariano Ordóñez, era un grande cacique de Tui e deulle ordes ao gobernador civil de Pontevedra para que actuase con contundencia.

Capítulo III

**Os antecedentes
máis inmediatos**

A. Rodríguez Troncoso

O século XIX

Mudanzas do sistema agrario

Tanto o millo coma a pataca alcanzan a máxima expansión na segunda metade do século XIX. Hai unha tendencia constante ao crecemento do cultivo de forraxes e pratenses, destacando a implantación do nabo. Vaise esvaecendo o cultivo do liño, o cânabo, a moreira e os agres. Hai tamén unha lenta desaparición dos soutos, non só polo ataque da “tinta”, senón tamén pola expansión do millo, a pataca e os prados.

Desde mediados de século hai unha corrente exportadora de bovino de carne a Inglaterra.

Fronte ás pragas como o oídio, a filoxera e a tinta do castiñeiro, o Estado adoptou unicamente medidas prohibitivas. Así o Boletín Oficial da provincia da Coruña do 30-II-1875 prohibe a entrada de pataca norteamericana por vir contaminada “por un insecto coleóptero que se reproduce axiña e devora a semente”. Trátase do escaravello da pataca, que entraría de maneira masiva polo porto do Habre na Guerra de 1914 e que xa non se desterraría de Europa.

En 1866 chega a Pontevedra unha partida de guano peruano, pero nove anos despois o seu uso aínda era excepcional, mentres os fertilizantes químicos empezaban a desprazar o esterco na Europa do noroeste e tamén no levante español.

Hai certos avances nas rexións costeiras galegas no uso de fertilizantes mariños: patexo, ouca, xabre, mexillón, escamallo, areas de praia e o aproveitamento da salmoira.

Cando se abriu a Axencia de Negreira en 1956 aínda quedan reminiscencias destes usos do século XIX, e algúns agricultores separados da costa uns 70 quilómetros seguen a traer camións de area para botala ás terras. Con anterioridade, o transporte facíano en carros do país. A area que traían era, por comodidade, a das partes máis baixas das praias, sendo a de maior riqueza calcaria a das partes máis altas, onde empuxaban os ventos as partículas menos pesadas, que eran precisamente as calcarias.

A finais de século había xa algunhas melloras de apeiros, especialmente da gadaña e tamén se notaron avances nos muíños de auga coa introdución das aceas mediante rodicios verticais.

A gandería

O mercado inglés rexeitaba as razas mouras de vacún e dáballe prioridade aos bois sobre as vacas e os xatos, pois tamén os usaban como forza de traballo. As ferrañas, os nabos e o millo constituían a base forraxeira para soste esta exportación.

Este sistema de cría de gando persiste ata os anos 60 do século XX. As condicións hixiénicas son malas e a estabulación moi deficiente, e os métodos de reprodución non conducen a unha mellora xenética.

Aínda que na última década do século se pecha o mercado a Inglaterra, prodúcense melloras tanto no vacún coma no porcino mediante cruzamentos e sistemas de ceba. Os efectivos de gando vacún chegouse a duplicar, pasando de 580.000 cabezas en 1865 a 950.000 en 1925.

As eguas galegas criadas nos montes tiñan moita demanda para producir gando mular e chegou a existir un importante comercio equino con Castela, Aragón e Andalucía, tendo o seu maior auxe no momento en que se substitúe o traballo bovino polo mular.

A preocupación do Estado pola formación agraria

A estrutura institucional como soporte da formación agraria empeza a preocupar en Europa e tamén en Norteamérica ao longo do século XIX, con excepción de Gran Bretaña e Holanda, que non a consideran necesaria ata o século XX.

O esforzo legislativo da primeira metade do século non deu resultado por falta de obxectivos claros.

No ano 1848 apróbase o “Catecismo de Agricultura Escolar” de Alejandro Oliván, e canalízanse as ideas dos ilustrados a través da escola pública, como intento de romper a rutina familiar tradicional. Os resultados foron escasos.

En 1855 créase a Escola Central de Agricultura en Aranjuez para enxeñeiros, peritos e capataces, que foi trasladada en tres ocasións.

Á marxe da iniciativa estatal, créanse por particulares algunhas granxas escolas experimentais, todas elas fóra de Galicia.

En 1879 creouse o corpo de enxeñeiros agrónomos e aprobáronse as bases dos servizos agronómicos provinciais, que tardaron varias décadas en desenvolverse, por certo como unha auténtica burocracia.

Tamén se crean granxas-modelo en Sevilla, Zaragoza, Granada, Valladolid, Valencia e Córdoba, así como as granxas-escola da Coruña, Xerez e Cáceres, baseándose en que, de acordo coa filosofía dos ilustrados, os males da agricultura só se remedian coa instrución, e polo tanto a súa preocupación foi exclusivamente educativa.

O problema agrario de Galicia

A cuestión agraria de Galicia difería moito da do resto de España. A súa reestruturación dependía moito máis da solución do sistema foral que da ilustración dos campesiños. Ademais moitos dos intereses agrarios estaban máis nas mans da burguesía, que era a dona do poder e do capital, que nas dos traballadores do campo.

As “Juntas Provinciales de Agricultura”, creadas en 1848 como órganos consultivos dos gobernos civís, convertéronse en 1859 en “Juntas Provinciales de Agricultura, Industria y Comercio” e funcionaron por separado ata que se fusionaron en 1874. En 1884 pasaron a denominarse “Consejos Provinciales de Agricultura, Industria y Comercio”.

Nin estes organismos, nin outros como as seccións agronómicas, lles deron nunca saída aos problemas do campo galego, motivo polo que o Conde de Pallares censuraba á Administración, por inoperante.

As deputacións e a Real Sociedade Económica de Santiago

Ante a inoperancia do Estado toman parte as deputacións na solución dos problemas do campo.

A Deputación de Pontevedra crea a Escola de Agricultura da Caeira, que empeza a funcionar o ano 1873 con dous capataces para as ensinanzas prácticas, correndo as teóricas a cargo dos profesores do Instituto de 2ª Ensinanza de Pontevedra. Funcionou durante trece anos e chegou a especializarse na venda de plantas e flores. Ao deixar de dar clases teóricas os profesores do instituto, acabou por desaparecer.

Tamén chegou a funcionar o Banco Provincial de Pontevedra, fundado en 1856 como “banco agrícola” para préstamos a baixo interese aos pequenos agricultores.

Polos anos 80 deste século funcionou tamén unha “Escola de Agricultura” baixo o padroado dependente da Deputación da Coruña. Esta escola orientouse á formación de hospicianos en coñecementos agrícolas.

A entidade animadora da promoción tecnolóxica no campo era a Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, como herdeira das ideas culturais dos ilustrados do século XVIII. Na súa “Revista Económica” escribían os intelectuais agrarios máis destacados do momento.

Chegou a formar un xardín botánico e unha “Escola Práctica de Agricultura” no Convento de Santo Domingo, cedido no ano 1840, pero esta iniciativa entrou en decadencia ao ser cedido no ano 1891 á Escola de Veterinaria.

A Sociedade Económica de Santiago quixo compatibilizar o exconvento de Conxo como granxa agraria e como manicomio, e pretendeu tamén canalizar as ideas da loita contra a rutina dos labregos a través do clero rural, tendo en conta a súa ascendencia sobre os agricultores.

Esta última idea púxo a en práctica con excelentes resultados a Axencia de Negreira a partir de 1957 para estruturar o movemento cooperativo, que canalizou a creación de FEIRACO.

Á parte das iniciativas que quedan descritas houbo algunha máis. Unha delas foi de carácter privado, chegando a funcionar en 1879 unha “Escola de Agricultura” en San Pedro de Nós, preto da Coruña.

Razóns fundamentais da falta de eficacia

Aínda que no Congreso Agrícola de Galicia de 1864 se lle prestou especial atención á produción de forraxes para potenciar os efectivos gandeiros e á fertilización para a intensificación dos cultivos, sen esquecer a mellora de sementes nin a mecanización, a crise de fin de século, que afectou toda Europa, dificultou a aplicación destas medidas.

Ao nulo impulso estatal con relación a Galicia e á falta de iniciativa privada uníronse o desinterese

dos propios agricultores, que non eran donos de pleno dereito dos predios que traballaban. As rendas ou eran dos fidalgos ou dos burgueses, e ningún deles mostraba interese polo traballo directo da terra, nin sequera por consolidarse no seu dominio, nun momento en que as rendas foron diminuindo coa baixa dos prezos dos cereais.

A balanza da consolidación da propiedade empezou a inclinarse a favor dos campesiños, pero non se chegaría a consolidar ata o século XX. Nesta situación de inestabilidade non se podía pensar na mellora produtiva.

Ademais de todas estas razóns, tamén hai que destacar que tanto os técnicos coma as administracións, e mesmo os intelectuais agrarios, herdeiros da ilustración do século XVIII, consideraban os labregos como uns verdadeiros burráns e rutineiros, carentes da mínima capacidade de iniciativas, e polo tanto todas as propostas caeron en baleiro pola “incapacidade” dos seus destinatarios.

O século XX

A Granxa Agrícola da Coruña

Esta granxa, creada en 1887, empezou a funcionar no ano 1900 a causa das súas dificultades orzamentarias.

No ano 1920, dentro da estrutura da granxa, empezou a funcionar unha “Escola de Peritos Agrícolas”, que se pechou polo Real decreto do 20 de xuño de 1924, transformándose en “Escola de Capataces Agrícolas”, máis tarde instalada en Bastiagueiro e da que foi director don Pedro Urquijo Landaluce. Algúns dos axentes de Extensión, como Constantino Mariño Torreira, Antonio Rama Facal e Manuel Rodríguez Friol, formáronse nesta escola de Bastiagueiro.

A Granxa Monelos da Coruña estableceu campos de demostración para difundir as súas técnicas nas seguintes localidades: Santiago, Pontearreas, Mondoñedo, Meis, Monforte, Ortigueira, Curtis, Outes, A Baña, Piazas de Silleda, Vedra, a Estrada e Viveiro.

Tamén estableceu estacións experimentais en Silleda, A Fonsagrada e Betanzos.

Coa ditadura de Primo de Rivera, a Xunta coruñesa propón a urxente creación de campos

de demostración en Vimianzo, Ordes, Arzúa e Carballo, e deixa en estudo as solicitudes para As Pontes, Cedeira e Melide.

En relación con estes últimos, hai constancia de que se instalaron, coa chegada da República, en Carballo (1931), Arzúa (1933) e Noia (1935).

Tamén se creou unha Estación de Fitopatoloxía en 1924, con dependencia da Granxa Monelos, así como unha Estación de Ensaio de Sementes, pero esta última nunca chegou a funcionar.

En 14 das 20 localidades onde funcionaron os campos de demostración creáronse axencias de Extensión Agraria a partir do ano 1956. Estas localidades foron Santiago, Pontearreas, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Ortigueira, A Estrada, Viveiro, Silleda, A Fonsagrada, Betanzos, Ordes, Arzúa, Carballo e Noia.

O director da Granxa Agrícola da Coruña, señor Hernández Robledo, organizou entre 1926 e 1929 cátedras ambulantes de divulgación, utilizando o persoal das seccións agronómicas provinciais.

Chama a atención que entre os campos de demostración establecidos pola Granxa Agrícola non figure ningún na provincia de Ourense.

No ano 1956, no que se crea o Servizo de Extensión Agrícola, estaba á fronte da Granxa Monelos don Pedro Urquijo Landaluce, co que mantivemos contactos directos nas instalacións de Monelos e recibimos del orientacións sobre o control de pragas, especialmente para o tratamento da “tinta” dos castiñeiros polo seu método, que consistía en descalzar as raíces principais das plantas enfermas e aplicarlles sulfato de cobre a unha concentración superior ao 4%, tapándoas coa mesma terra despois. O sistema era moi laborioso, pero as escasas veces que se aplicou deu resultado.

A Misión Biolóxica de Galicia

No ano 1921 creouse a Misión Biolóxica de Galicia en Santiago e instalouse en media hectárea de terra que lle cedeu a Escola de Veterinaria.

No ano 1926 foi suprimida a Escola de Veterinaria de Santiago e a Misión Biolóxica viuse obrigada a trasladarse ao Pazo de Salcedo, onde a Deputación de Pontevedra lle cedeu o predio de 12 hectáreas co apoio da Deputación de Ourense.

Por influencia do médico monfortino Juan López Suárez ante a Xunta Nacional de Ampliación de Estudos, obtivo unha bolsa de estudos nos Estados Unidos Cruz Gallástegui Unamuno, e fíxose cargo da Misión Biolóxica.

Juan López Suárez, coñecido polos amigos como Xan de Forcados, polo ano 1967, sendo eu axente de zona en Monforte de Lemos, fíxome unha visita e levoume a ver o seu terreo para que lle recomendase a mellor orientación produtiva. Como xa pasou tanto tempo, non recordo se era a do Pazo de Tor, como teño entendido, ou algunha en Forcados do Saviñao, onde el nacera. O que si lembro é que andaba como un gamo por encima duns toros de piñeiro que tiña tallados para serrar; movéuselle un e caeu ao chan sen que lle pasase nada. Ergueuse coa mesma axilidade dun rapaz, malia que tiña bastante máis de oitenta anos, porque faleceu no ano 1970. Cito esta anécdota porque Xan de Forcados foi un dos homes galegos que máis fixo pola nosa terra en moitos eidos no século XX.

Coa chegada da República, Juan López Suárez e Cruz Gallástegui deseñaron unha organización dos servizos agrarios para Galicia na que propuñan a creación dunha estación enolóxica para Ourense, outra de praticultura para Lugo e unha terceira de arboricultura para A Coruña. Tamén propuñan a constitución dun instituto de patoloxía vexetal en Santiago que asumira as funcións da suprimida Estación de Fitopatoloxía.

Esta armazón agropecuaria levaría consigo a desaparición das seccións agronómicas provinciais, o establecemento de campos de demostración en todos os partidos xudiciais e a potenciación das cátedras ambulantes. Todo baixo un padroado dos servizos agropecuarios de Galicia, con integración nel das catro deputacións provinciais.

Esta planificación, que pretendía loitar contra a burocracia administrativa e a forte rivalidade existente entre enxeñeiros e veterinarios, estaba apoiado polo Partido Galeguista, pero foi rexeitado polos de ámbito estatal e non prosperou.

Con don Cruz Gallástegui Unamuno mantivemos no predio de Salcedo de Pontevedra, sede da Misión Biolóxica, un pausado encontro o xefe da Axencia de Verín, José Vázquez Álvarez, e mais eu como responsable da Axencia de Negreira, no mes de xuño de 1957, aos poucos meses de abrir

as primeiras axencias do Servizo de Extensión Agrícola.

Falounos dos seus esforzos para mellorar o cultivo da pataca e díxonos que chegou a ter no alto de Fontefría, Concello da Cañiza, de onde eramos Vázquez e mais eu, uns campos de ensaio deste cultivo.

Pero o que máis lle preocupaba era que, a pesar dos avances conseguidos no cultivo do millo híbrido, os agricultores non o aceptaban e seguían co do país. Levounos a un campo de millo híbrido do propio predio, lindeiro con outras de millo do país dos veciños de Salcedo, para que comprobásemos a marcada diferenza que había entre eles e como, pese as diferenzas de produción, que eran notorias a simple vista, os labregos seguían dándolle volta e cultivando o millo de sempre.

Facilitounos un folleto dunhas catro páxinas, moi simple e doado de interpretar por calquera, coas variedades de híbridos existentes no mercado, os seus ciclos, marco de sementeira e fertilización, e os recomendados para as distintas comarcas de Galicia en función da súa altitude.

Na Axencia de Negreira este folleto serviu de guía para recomendarlles aos agricultores das distintas parroquias a variedade de millo híbrido que debían sementar. Os resultados foron rotundos.

A Granxa Pedro Murias de Ribadeo

Foi concebida polo indiano Pedro Murias, que deixou fondos no seu testamento para que se crease, dentro do posible, a semellanza da colonia agrícola de Ruysselede de Bélxica.

Empezou a funcionar o ano 1922 con fins educativos e divulgativos. Os tres primeiros directores foron enxeñeiros agrónomos e orientaron a granxa, os dous primeiros, á produción de leite e á súa transformación, de acordo co que se viña facendo entón nos países máis avanzados de Europa. Tratában de conseguilo mediante cruzamento da raza rubia galega coa parda alpina. O terceiro director deulle prioridade á produción de carne.

O predio tiña algo máis de doce hectáreas de superficie. Fomentouse a produción de forraxes a base de trevo, raigrás, coles, nabos, avea e veza.

Esta granxa cooperou coa Cátedra Ambulante de Divulgación Pecuaria de Galicia e contribuíu á organización de envíos conxuntos de vacún de carne a Barcelona, Bilbao, Madrid e Santander.

Como na actualidade esta granxa-escola depende funcionalmente da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia e foi posta en funcionamento na súa nova etapa polo Servizo de Extensión Agraria con anterioridade á súa desaparición, abordámola con máis amplitude no Capítulo XI, que trata das escolas de Capacitación Agraria.

O Plan Agrícola de Galicia

Por Decreto do 5 de xullo de 1945 créase o Padroado do Plan Agrícola de Galicia. Tiña como obxectivo fundamental a mellora do gando vacún mediante a introdución da raza South Devon, importada de Inglaterra polo parecido que tiña coa raza rubia galega. Incluso había quen nos dicía que se trataba da mesma rubia galega mellorada polos ingleses, pois fora levada a Gran Bretaña por Felipe II coa Escuadra Invencible.

Para mellorar a alimentación do vacún, o Plan Agrícola de Galicia facilitáballe aos agricultores fórmulas de semente de prados artificiais a base de gramíneas e leguminosas ou alfalfa, coas normas sobre a preparación e fertilización, así como a maneira e época de sementar as pradeiras.

Tamén concedía subvencións para a construción de silos foxo, para conservar as forraxes, e prestaba asistencia técnica gratuíta.

O director do Plan Agrícola, nos principios, foi don César Fernández Quintanilla, un enxeñeiro agrónomo que ostentaba tamén a Delegación da raza South Devon en España.

A nivel operativo, estaban nas oficinas da Coruña, na Praza de Vigo, os enxeñeiros agrónomos don Valeriano Yepes Hernández, de Madrid, asesor tamén da empresa láctea ILEPSA con sede en Pontecesures (Pontevedra), e don Joaquín Jiménez de Azcárate, agregado á Xefatura Agronómica da Coruña.

Nas comarcas máis gandeiras tiñan uns capataces encargados de promover entre os agricultores a implantación de pradeiras e a construción de silos. Estes capataces colaboraron dende o primeiro momento coas axencias de Extensión.

En maio de 1958 o Plan Agrícola de Galicia organizou un cursiño dunha semana sobre establecemento de pradeiras artificiais no seu predio da Pobra de Brollón para os axentes de Extensión de Negreira, Verín, Betanzos, Monforte de Lemos, Viana do Bolo e Xinzo de Limia. Este curso dirixiuno don Valeriano Yepes e foi clausurado polo gobernador civil de Lugo.

As propostas de actuación do Plan Agrícola sincronizaron moi ben coas propios do Servizo de Extensión, que as reforzou nos seus programas de traballo. Convén clarexar que non foi posible en Galicia o cultivo da alfalfa que quería introducir o Plan Agrícola, pola grande acidez dos solos e posiblemente tamén pola elevada pluviosidade que propicia o crecemento das malas herbas. En certas zonas de terra calcaria das comarcas de Lourenzá e de Becerreá o cultivo da alfalfa resultou máis doado.

Explotacións agrarias exemplares

A Lei do 15 de xullo de 1952 (Xefatura de Estado) autoriza ao Ministerio de Agricultura para outorgar a denominación de “Explotación Agraria Exemplar” ás explotacións cultivadas directamente polo propietario como persoa física, sempre que reúnan condicións de viabilidade, incrementen a produción, apliquen as tecnoloxías oportunas e contén con vivendas adecuadas e hixiénicas.

Como paso previo ao outorgamento de “Explotación Agraria Ejemplar”, pódese conceder polo Ministerio a categoría de “Explotación Agraria Cualificada” se se compromete a facer un plan mínimo de melloras para poder alcanzar o recoñecemento de exemplar.

Como consecuencia desta lei, publícase o Decreto do 27 de xaneiro de 1956 para poñer en marcha as “Explotaciones Familiares Protegidas” polas xefaturas agronómicas provinciais da Dirección Xeral de Agricultura, e uns meses máis tarde o Decreto do 26 de xullo de 1956 para o recoñecemento de “Ganderías Diplomadas ou Ganderías Cualificadas” por parte das xefaturas provinciais da Dirección Xeral de Gandería. A diferenza entre Gandería Diplomada e Ganadería Cualificada está en que esta última é de inferior grao; goza de análogos beneficios pero non poderá optar aos premios que convoque o Ministerio de Agricultura.

As explotacións adaptadas a calquera dos dous últimos decretos terán asistencia técnica gratuíta por parte das respectivas xefaturas provinciais e gozarán de prioridade na adquisición de maquinaria, sementes, fertilizantes, gando selecto, pensos compostos, auxilios económicos, melloras de colonización de interese local e calquera outra axuda que soliciten do Instituto Nacional de Colonización, do Patrimonio Forestal do Estado, Servizo Nacional do Trigo, Servizo de Crédito Agrícola, Instituto Nacional para a Producción de Sementes Selectas, Servizo Nacional do Cultivo e Fermentación do Tabaco, Dirección Xeral de Agricultura, Dirección Xeral de Gandería e Dirección Xeral de Coordinación Crédito e Capacitación Agraria, sempre que se fagan os trámites a través da Xefatura Agronómica ou da Xefatura de Gandería, segundo os casos.

Non temos constancia de que houbera en Galicia ningunha gandería diplomada, pero si “cualificada”. Foi a de porcino das Gándaras de Porriño, recoñecida como tal por resolución da Dirección Xeral de Gandería en 1957 (BOE núm. 204, do 10-08-57).

En canto ás explotacións familiares protexidas o seu número elevouse en Galicia entre 1956 e 1964 a un total de 96, destacando a provincia da Coruña con 44. A Orde do 9 de marzo de 1956 convoca o primeiro concurso para poder solicitar o título de explotación familiar protexida e anuncia 16 para A Coruña e 10 para cada unha das restantes tres provincias. En total 46 para toda Galicia. Esixía unha superficie mínima de 2 hectáreas e unha máxima de 10.

En anos sucesivos fóronse anunciando convocatorias nas catro provincias.

A continuación facemos constar por anos e por provincias as localidades onde existiron explotacións agrarias protexidas:

Provincia da Coruña:

Ano 1956: Oroso, Mugardos, Coristanco, Arteixo, Malpica, Vedra, Vilamaior e Arzúa.

Ano 1957: Cerceda, A Laracha, Tordoia, Boimorto, Santa Comba, A Capela, Ponteceso, A Baña, Monfero e Mañón.

Ano 1958: Boiro, Muxía, Coirós, Carballo, Santiso, Mesía, Cabanas, O Pino e Culleredo.

Ano 1959: Cambre, Oleiros, Curtis, Frades, Vila-santar, Paderne, Padrón e Fene.

Ano 1960: Carral, Cabana, Ferrol, Brión, Ribeira, Bergondo e Melide.

Ano 1961: Noia.

Ano 1964: Ames.

No ano 1960 cambian de titularidade por falecemento dos titulares as de Arzúa e Cambre e foi anulada, coa obriga de devolver as subvencións recibidas ao Instituto Nacional de Colonización, a de Frades.

Provincia de Lugo:

Ano 1957: Guntín de Pallares, Pantón e Ribeira de Piquín.

Ano 1958: Outeiro de Rei, Lugo, Ribadeo, Trabada e Muras.

Ano 1959: Lugo e Santalla da Pobra de Brollón.

Ano 1960: A Pastoriza e Chantada.

Ano 1961: Veiga de Logares, da Fonsagrada, e O Saviñao.

Ano 1962: Monforte, Ousá de Friol, Carballedo e Láncara.

Ano 1963: Samos.

Provincia de Ourense:

Ano 1957: O Carballiño, Viana do Bolo, Baños de Molgas, Punxín, Xunqueira de Espadanedo, Cortegada, Berán (Leiro) e Toén.

Ano 1958: Maside e Ramirás.

Ano 1959: Sandiás, San Amaro e Os Brancos.

Ano 1960: Coles, Boborás, Laza e A Quinza (Ribadavia).

Ano 1961: Xinzo de Limia, Trasmiras e Nogueira de Ramuín.

Ano 1962: Esgos e Viana do Bolo.

Provincia de Pontevedra:

Ano 1958: Lalín, Vilagarcía e Cotobade.

Ano 1960: Meis e Cuntis.

Ano 1961: Meaño, Cruces, Agolada e Vilagarcía.

Ano 1962: Gondomar.

Ano 1963: Arbo.

De acordo co artigo 6º do Decreto do 17 de xaneiro de 1956, o titular da explotación familiar protexida queda obrigado a cooperar coa Dirección Xeral de Agricultura a difundir dentro da comarca o coñecemento e resultado das melloras

de orde técnica, económica e social, permitindo a cantos agricultores da zona o soliciten a visita ao predio, de acordo coas instrucións que lle dera a xefatura agronómica.

O contido deste artigo que impón a obriga e a dependencia do titular, contrasta cos principios participativos de voluntariedade cos que actuou sempre o Servizo de Extensión Agraria. Quizais fose esta a causa pola que a rede de explotacións familiares protexidas non incardinara, nin para ben nin para mal, coa estrutura das axencias de Extensión no seu habitual traballo de promoción do medio rural.

Os agricultores vían estas explotacións protexidas en niveis non alcanzables para eles, porque normalmente dispuñan dunha superficie agraria útil máis pequena, e ademais eles non podían contar coas axudas que recibían as amparadas pola Administración.

Non as tiñan en consecuencia como explotacións de referencia, e polo tanto non adoptaban as súas técnicas. Sucedía algo semellante ao que comentaba Gallástegui sobre os millos híbridos do predio de Salcedo, que os consideraban os labradores lindeiros inalcanzables para eles porque non tiñan os medios de que dispuña a Administración.

Debemos facer constar que en ningún momento tentaron as xefaturas agronómicas o mínimo achegamento á Extensión Agraria para relanzar a rede das explotacións familiares protexidas como instrumento de promoción do medio rural mediante visitas colectivas, demostracións di-

rixidas de métodos ou de resultados con grupos de agricultores.

Ata que o Ministerio de Agricultura creou as súas delegacións provinciais, as distintas direccións xerais actuaban cada unha pola súa conta, porque cada unha tiña o seu espazo acoutado, a semellanza do que facían na Idade Media os señores cos seus feudos.

A postura de Extensión foi dende o principio de colaboración sen condicionamentos e adoptou posturas de entendemento co Plan Agrícola de Galicia en promoción de pradeiras artificiais e construción de silos para forraxe; coa Axencia de Desenvolvemento Gandeiro nas técnicas de estabulación libre e accións concertadas de vacún de carne; coa Granxa da Coruña en tratamentos de pragas e enfermidades fitosanitarias; coa Misión Biolóxica de Galicia no fomento do millo híbrido; co Centro Forestal de Lourizán e co Patrimonio Forestal do Estado na repoboación forestal de montes particulares; co P.P.O. do Ministerio de Traballo na programación e desenvolvemento de cursos agrarios; con diversos departamentos da Universidade de Santiago en cursos de puericultura, análise de meles e emendas calcarias; co Seminario de Estudos Galegos na celebración de xornadas agrarias; co Servizo de Concentración Parcelaria na promoción de solicitudes entre os agricultores; co Instituto Nacional de Colonización no fomento de accións de interese local; coa Organización Sindical de entón na organización de reunións informativas de interese para os agricultores; e con todos os servizos provinciais do Ministerio en temas das respectivas incumbencias que fosen de interese para os agricultores.

Capítulo IV

Relaciones de Extensión
Agraria con otros
organismos

A. Rodríguez Troncoso

O Servizo de Extensión e o de Concentración Parcelaria

As dúas primeiras axencias comarcais abertas en Galicia foron as de Negreira e a de Verín. Estaban en concentración as zonas de San Xoán de Barcala e Santa María de Ordoeste (A Baña), da comarca de Negreira, e as de Tintores e Vilela, da de Verín.

No caso de Negreira, onde o minifundio era acusado e os cultivos de millo, pataca e forraxes eran anuais, de acordo cos agricultores, o Servizo de Extensión impulsou dende o primeiro momento a concentración das parcelas.

En cambio en Verín, Extensión, ante o desinterese da xente do campo, mantivo unha actitude pasiva porque, aínda que tamén era acusado o minifundio, o cultivos de viñedo, de tan longa duración, dificultaba a reestruturación da propiedade.

O traballo da Axencia de Negreira programouse segundo a concentración de toda a comarca de traballo, como paso previo para conseguir unha adecuada estrutura fundiaria, con vías de comunicación adecuadas entre as parcelas e as propias aldeas, a mecanización do campo e a reconversión da produción exclusiva de carne, tamén en produción de leite, coa posterior organización cooperativa dos agricultores para a transformación e comercialización da produción de acordo coas exixencias do mercado.

O primeiro paso, que era o da concentración, resultaba difícil polo carácter traumático que tiña. O agricultor, habituado a unha agricultura de autoconsumo, consideraba a súa explotación como unha reserva intocable e como unha garantía familiar de subsistencia. Antes de modificala prefería emigrar e deixala como reserva, por se non lle ían ben as cousas. Como dicía Curros Enríquez, o poeta de Celanova do século XIX, referíndose á emigración: “o que cambia o seguro polo incerto, motivos ha de ter”. Cando alguén carece de casa de labor din del que “non ten onde caer morto”, e se chega da emigración sen diñeiro din que vén cunha man detrás da outra.

A explotación agraria galega é para os seus donos unha verdadeira fortaleza, que defenden con uñas e dentes cada un dos seus recunchos por pequenos que sexan. A vinculación do labrego

galego con cada unha das parcelas que compoñen a súa explotación non é só de propiedade e posesión, senón basicamente de afecto persoal e familiar. Dálle máis importancia a cada curruncho o recordo que os une de telo traballado cos seus antepasados que o froito que lle produce. O refrán de que “amiguiños si, pero a vaca polo que vale” referenda a relación de afecto que une o labrego galego coas vacas que cría e coa terra que traballa para alimentalas.

Os enxeñeiros e peritos de concentración coñecían normalmente o valor agronómico das terras, pero á hora de centralas non tiñan en conta a vinculación afectiva que as unía con elas aos que as traballaban. Moitos dos problemas xurdidos débéronse a que non se abordou debidamente, por descoñecemento, esta realidade cultural.

Extensión Agraria fixo neste campo un papel moi importante para tranquilizar e convencer a moitos agricultores de que o lote de substitución que recibían era xusto e beneficioso para eles. Nalgúns casos foi necesario que transcorresen un ou dous anos para que se convencesen da mellora que representaba para eles a concentración das súas terras.

Nós comprendiamos as razóns ao rexeitamento dos lotes de substitución que recibían, porque realmente coñecían moi ben as parcelas que deixaban, por telas traballado, e descoñecían as que recibían, precisamente porque non as traballaran nunca.

En ocasións as protestas polas parcelas que recibían estaban xustificadas, incluso na mesma clase de terra, porque o que as deixaba non as tiña estercoado, nin traballado ao uso do bo labrador.

Nas solicitudes de concentración nunca se conseguiu a unanimidade por varias razóns. En primeiro lugar, a desconfianza de que non lles asignasen como substitución terras coa calidade das que deixaban, non só pola clasificación inadecuada das terras, senón por temor ao caciquismo de persoas influíntes que inclinaban as decisións dos enxeñeiros de concentración encargados de facela en beneficio deles e en prexuízo seu.

Outros estaban en contra da concentración porque ao desaparecer o minifundio tan acusado

non podían apacentar as vacas nas parcelas dos veciños, que era o que facían aínda que as levasen pola corda, se ben a maioría das veces deixábanas escapar para as parcelas dos outros, normalmente con mellores pastos.

Nas axencias de Extensión atendiamos todas as queixas, visitabamos parcelas obxecto de descontento e facíámoslles os escritos de reclamación cando considerabamos que eran xustas, pero tratábase de que non reclamasen cando ao noso xuízo non lles asistía a razón. Normalmente confiaban en nós porque sabían que eramos obxectivos, pois non participáramos nas operacións da concentración.

Foron moitas as ocasións en que fomos ver os lotes de substitución dos que estaban descontentos os agricultores, para convencelos de que deberían estar satisfeitos, e un deles, ao cabo dunha semana, apareceu na Axencia cun puro habano xigante que lle mandaran de Cuba nun envase de madeira, e conservámolo como “termómetro” para medir a amizade e a satisfacción dos agricultores, en función da largura dos puros que nos regalaban por lle levar a tranquilidade ao seo das súas familias afectadas pola concentración das terras.

Noutras ocasións facíámoslles un escrito para que llo levaran ás oficinas de concentración tiña na Coruña e que lle explicaran ao mesmo tempo as razóns do seu descontento. A Antonio do Castro, de Lañas (A Baña), fixémoslle un escrito dirixido a don Pedro Molezún, enxeñeiro xefe do Servizo de Concentración, e levoullo persoalmente á Coruña un día pola mañá. Pola tarde chegou á Axencia de Negreira de volta totalmente desconcertado, porque tan pronto abriu a porta do despacho do señor Molezún este arremeteu contra el sen mediar palabra e botouno fóra a empurróns polas escaleiras abaixo. Realmente o que lle levara co papel que nós lle fixeramos foi o mellor xamón do mellor porco que matara aquel ano.

A don Pedro Molezún sucedelle na xefatura de concentración don Eladio Escauriaza, un pouco máis afín a nós e aos “peritos a mis ordes”, como adoitaba dicir Molezún cando se refería a estes profesionais que dependían del. Desde este cambio de xefatura os enxeñeiros de concentración vían con bos ollos a nosa colaboración. Entre eles podo citar a Manuel Baena Orriols, que chegou a

ser xefe provincial en Pontevedra e a Odón Abad Flores, co que mantivemos excelentes relacións, tanto en Negreira, onde concentrou a parroquia de Landeira, coma en Monforte de Lemos, cando dirixiu a concentración de Bascós antes de que o nomearan xefe provincial de concentración en Lugo.

Nunha ocasión encontrei a Eladio Escauriaza sentado nunha terraza dun bar de Negreira con catro vasos cheos diante e invitoume a tomar un viño. Sentei ao seu lado e pregunteille a quen esperaba. Díxome que a ninguén, que lle mandara traer os catro vasos xuntos ao camareiro para que non dera tantos paseos.

En tempos do noso amigo Escauriaza fíxenlle un recurso conforme a lei a unha agricultora de Cabanas (A Baña) e non lle debeu gustar moito, porque me trasladaron como agregado á Inspección Rexional de Extensión de Betanzos, cesándome como xefe da Axencia de Negreira, despois de ser amoestado verbalmente polo meu director xeral.

Escauriaza non era rancoroso porque foi fiel ao que nos prometera e deixou un terreo como masa común na vila de Negreira para construír o edificio de Cáritas Interparroquial Rural, onde se aloxaron as oficinas da Cooperativa Comarcal “FEIRACO” creada por Extensión Agraria.

A verdade é que eu facíalles algunhas falcatruadas aos de concentración parcelaria. Un agricultor de Santa María de Ordoeste, de avanzada idade, tiña necesidade de lle levar un escrito de reclamación e acompañeino ata A Coruña para axudalo a expoñer os seus puntos de vista, porque ademais de xordo era chosco.

Como o equipo de traballo da zona de concentración se ausentara para Santiago, viñemos de volta e atopámonos con el no bar máis céntrico e concorrido desta cidade, despois de pasar polas oficinas que tiñan entón na rúa do Vilar. Tan pronto nos viron chegar invítáronnos a que nos sentásemos e que tomásemos algo. Eu pedín un café con leite e o agricultor de Ordoeste unha cervexa, pero sen se sentar púxose no medio do bar a bebela polo bico da botella como cando andaba labrando a terra e bebía pola cabaza e de maneira semellante á dos pistoleiros americanos cando entraban desafiando nos bares. Os de concentración quedaron lívidos, case escanda-

lizados coa forma de beber do labrego, porque os puña en evidencia diante da xente de elite que enchía o bar, da que eran moi coñecidos, e para cortar aquela situación desafiante, para eles tan violenta, levantáronse e dixéronnos que os acompañásemos ata as oficinas.

Tamén dixen nunha reunión de agricultores, que estaban descontentos da forma de levar os traballos de concentración da súa parroquia, que aínda que os técnicos que os facían foran tan malos a concentración era tan boa e necesaria que tiñan que apoiála se querían solucionar os seus problemas a medio prazo.

Uns agricultores negábanse a asinar as solicitudes de concentración dicindo que os seus pais viviran sen ela e non lles fora tan mal, e outros, en cambio, botábanlle a culpa aos seus pais dicindo que foran uns burricáns por non a solicitaren antes.

Nós non lle dabamos a razón a ningún deles. Diciámoslles que estaban errados porque os seus pais non eran ningún burricáns, xa que para labrar as parcelas a base de legóns ou co arado romano non necesitaban concentrar, mais agora había que meter tractores para labrar as terras e necesariamente había que centralas, para adaptármonos aos novos tempos.

A primeira zona de concentración parcelaria de Galicia que se terminou foi a de San Xoán de Barcala (A Baña) co lugar de Padín da de Santa María de Covas (Negreira). Na tarde do día 5 de setembro de 1958 na explanada da igrexa de Seoane o daquela xefe do Estado, Francisco Franco, acompañado de toda as autoridades civís e militares e do cardeal Quiroga Palacios, entregoulles os 263 títulos de propiedade aos novos titulares da referida zona, despois de entrar a comitiva pola aldea de Padín e percorrer a zona concentrada pola de Lameiro e Cores ata a igrexa indicada, onde se levantara un palco de autoridades acaroado á parede leste da casa de Salvador.

Sendo mediador o arcepreste de Barcala, cura da parroquia concentrada e da de Santa María de Ordoeste, don Francisco Graña Ribeiro, o cardeal Quiroga Palacios xogou un papel importante ao autorizar a creación por primeira vez na Arquidiocese de Santiago de Cáritas Interparroquial Rural con sede en Negreira, para liderar

o movemento cooperativo comarcal promovido polo Servizo de Extensión Agraria, que concibiui a Cooperativa FEIRACO.

Relacións de Extensión con investigacións agrarias

O Servizo de Extensión Agraria comeza sendo un fillo adoptivo do Instituto Nacional de Investigacións Agronómicas. Desde a primeira promoción de axentes en 1956 ata a promoción XXIV en 1970, todos os cursos de perfeccionamento e formación en internado realízanse no predio de El Encín en Alcalá de Henares (Madrid), pertencente ao INIA. Ademais dos aloxamentos da residencia estiveron a disposición de Extensión as cortes de vacún de leite coas súas instalacións, as parcelas cos seus cultivos e o propio director don Cándido del Pozo, que impartiu clases teóricas en todos os cursos e propiciou a realización das prácticas, sempre coa máxima amabilidade e predisposición vocacional, como se de algo seu se tratase. Nos encontrabámonos en El Encín como na nosa propia casa, non só dentro dos cursos de formación, senón tamén cando programabamos entre nosoutros actividades de ocio.

Expertos do INIA de diversas especialidades da investigación agronómica desenvolveron charlas en todos os cursos de internado, conforme o programa establecido pola dirección do Servizo.

Este camiño, empezado nos cursos de formación, continuouse polas primeiras axencias de Extensión. A Axencia de Negreira, que foi a número 1 de España, conectou inmediatamente co INIA para o establecemento de campos de ensaio e demostración de millos híbridos, así como para o cultivo da soia asociada a esta planta, razón pola cal foi galardoada en 1959 co “Premio del Centro de Mejora del Maíz” do referido instituto.

As axencias de Galicia empezan o seu traballo no campo en colaboración coa Granxa Monelos da Coruña no referente ao control de pragas e enfermidades das plantas, co apoio de don Pedro Urquijo Landaluce, director dela e especializado no tratamento da tinta do castiñeiro. O seu método, aínda que laborioso, foi aplicado por Extensión nalgunhas ocasións, con éxito en todos os casos.

Ao pasar esta granxa ao predio de Bos, constrúese a Escola de Capacitación Agraria de Guísamo en terreos cedidos a Extensión Agraria

polo INIA e as relacións estréitanse aínda máis a través do seu profesorado e o do Centro Rexional de Extensión Agraria de Galicia, que se trasladou aos locais da referida escola dende Betanzos.

Cando o INIA adquire o predio de Mabegondo, cédelle á Escola de Capacitación de Guísamo unha superficie de 20 hectáreas no predio de Bos, onde os alumnos realizan as prácticas, sen prexuízo de que as sigan a facer tamén nas demais instalacións que conserva o instituto no mesmo predio.

Os contactos de Extensión co Crida-01 de Mabegondo son constantes e ininterrompidos. Juan Piñeiro Andián acompañou grupos de axentes a campos de ensaio de pradeiras instaladas en montes a toxo e mantivo sempre relacións amigables e profesionais con todos eles e co persoal técnico de Extensión.

As axencias visitaron con grupos de agricultores as experiencias dirixidas por Francisco Sineiro García no Marco da Curra (Monfero) sobre implantación de pasteiros en monte cavado e con carga gandeira de vacún de carne.

Son tamén puntos de referencia para os axentes de Extensión as investigacións e experiencias que dirixen en Mabegondo Jesús Francisco Moreno González sobre millos híbridos e Jaime Zea Salgueiro sobre produción de leite e carne de vacún. Acoden en moitos casos con grupos de agricultores a este centro para coñecer as técnicas e os resultados destas investigacións e experiencias, que son explicadas no mesmo campo e a pé de obra polos propios expertos do CRIDA. Nalgunhas ocasións, os axentes adoitaban coñecer antes das visitas cos agricultores os resultados das experiencias dos investigadores.

Tanto os axentes coma os técnicos do Servizo de Extensión Agraria participan nos distintos seminarios relacionados co campo que organiza o CRIDA-01.

Tamén asistiron aos seguintes simposios: en 1978, sobre transformación en pradeiras de terras a mato; en 1979, a un de carácter internacional sobre millos e outro sobre produción de carne en terreos a mato; e en 1981, ao celebrado sobre patoloxía animal en Galicia.



Visita no ano 1973 ás cavaduras do Marco da Curra que dirixe o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

(Foto do arquivo persoal de A R Troncoso)

(De esquerda a dereita: Jaime López Soriano, axente en Monterroso; Amador Rodríguez Troncoso, supervisor da provincia de Lugo; Generoso Valle Leal, axente en Pontecaldelas; Julio Manuel Romero Gonzalez, axente en Teixeiro; Constantino Mariño Torreira, axente en Foz; Mariano Pino Vázquez, axente en Viana do Bolo; e o que está dando explicacións é o encargado da empresa das cavaduras dos montes para convertelos en pasteiros. Detrás deste último, con lentes, está o seu colaborador, e o que está detrás de Mariano Pino coa man dereita no peto do pantalón é un axente destinado en Ordes do que non lembramos o nome.)

En todos os casos, dende o ano 1978 en que deron comezo, as axencias de Extensión Agraria organizaron autocares para levar aos agricultores das diferentes comarcas de Galicia ao Centro de Mabegondo e ao Marco da Curra os días de “Portas Abertas” ou “Día de Campo”, organizados polo CRIDA-01.

Extensión e o Patrimonio Forestal do Estado

A repoboación forestal en España empezou na época da ditadura de Primo de Rivera. Por R.D. do 26 de xullo de 1926, complementado polas instrucións do 26 de xullo de 1927, decídese establecer un viveiro central en cada provincia dunha superficie mínima de 10 hectáreas, para repartición de plantas e sementes forestais. Recoméndase a repoboación con especies indíxenas e para utilizar as exóticas convén facer antes ensaios en diferentes altitudes e “en las riberas de los ríos por ser propiedad del Estado”.

O verdadeiro impulso do Patrimonio Forestal do Estado, máis tarde Instituto Nacional da Conservación da Natureza (ICONA) deullo o réxime de Franco. A lei do 10 de maio de 1940, co Decreto do 30 do mesmo mes e ano que aproba o

seu regulamento, institucionalizan o Patrimonio Forestal do Estado, derogando as leis do 9 de outubro de 1935 e do 26 de agosto de 1939.

A Lei do 26 de maio de 1942 destina polo Estado 680 millóns de pesetas, distribuídas en anualidades sucesivas, cada unha non inferior a 50 millóns de pesetas, para o Patrimonio Forestal do Estado.

A partir deste momento o réxime autoritario esténdese a todos os recunchos de España e chega a ocupar ata os montes máis empinados onde historicamente se refuxiaban os labregos nas épocas das invasións.

Esta ocupación empezou a crear de inmediato conflitos cos usufrutuarios e donos dos montes e en especial co pastoreo, porque a repoboación era incompatible coa gandería tradicional das comunidades agrarias. Moitas delas foron reiteradamente sancionadas e víronse obrigadas incluso a acelerar a emigración. Desapareceron moitos rabaños de ovellas e a totalidade das cabras. O gando vacún pastaba nos montes sempre gardado polos donos, para evitar que pasase a montes repoboados, e co gando bravo a conflictividade foi permanente.

Ben é certo que a repoboación forestal levou ao campo os primeiros xornais, que nalgúns casos minguaron un pouco a situación de miseria e fame que se atravesaba entón na España rural da “cartilla de racionamiento”. Na xente moza que andaba ao xornal plantando piñeiros nos montes afloraba a xovialidade grupal e facíanlle mofa aos gardas forestais. Na parroquia de Filgueira do Concello de Crecente (Pontevedra) había daquela un garda forestal que tiña o nariz algo longo e acabou por ser coñecido en toda a comarca do Paradanta polo “Narigón”. Destacaba non só polo seu nariz, bastante máis pronunciado que o seu cerebro, senón pola súa fidelidade á causa da repoboación, principio fundamento para el, que relegaba a un segundo posto tanto os intereses familiares coma os individuais e comunitarios.

Neste caso foi un claro exemplo a “filosofía de entrega aos demais e renuncia aos propios intereses” que practicamos os de Extensión, coa diferenza de que nós sincronizamos co pobo e eles enfrontáronse con el.

Moitos dos incendios que sufrimos na actualidade teñen orixe nas repoboacións dos montes galegos en contra dos intereses e sen a participación dos donos e usuarios reais deles, que eran os labregos dende tempos inmemoriais. O atavismo cultural en todos os eidos mantense latente na memoria dos pobos e aflora imprevisiblemente en calquera momento, incluso de maneira instintiva, como se se integrase nos xenes das comunidades.

O Servizo de Extensión Agraria viuse inmerso nesta situación conflictiva e de confrontación do pobo co Patrimonio Forestal do Estado. A nosa actitude foi clara dende os primeiros momentos. Estar ao lado dos agricultores, pero coas mans atadas para poder promover a súa defensa organizada, porque era loitar contra o imposible. Era tanto como tratar de amortecer a calor botándolle xiringazos de auga ao sol cando máis quente no mes de agosto.

A Axencia de Negreira informa con obxectividade cando foi chamada polo subsecretario de Agricultura don Santiago Pardo Canalís con motivo da morte do agricultor José Esperante París, da aldea de Montalbos, parroquia de Eirón, do Concello de Mazaricos (A Coruña), o día 22 de xaneiro de 1963, nun enfrontamento coa Garda Civil de Outes en defensa dos seus montes.

Cando o ministro de Agricultura visitou os montes de “O Campo do Oso” entre Abadín, A Pastoriza e Mondoñedo, estaban cos agricultores os axentes de Meira e Mondoñedo e tamén o axente de zona de Lugo para apoialos, pero non foi necesario. O ministro preguntoulle a un agricultor porque metían o gando entre os piñeiros, e contestoulle: “Non señor ministro, os que meteron os piñeiros entre o gando foron eles”. Tiña razón o agricultor e así o viu o ministro, porque o gando vacún que pacía naquel monte non tiña dono e non coñecera nunca as cortes. Estaba presente nesta ocasión o noso director, don José García Gutiérrez, e tamén Pepe Recimil, xefe da Axencia de Mondoñedo. Pensamos que o ministro foi Díaz Ambrona.

A comarca de Quiroga, que comprenden os montes do Courel, ardía todos os anos mediante incendios provocados a causa do descontento da xente daquelas montañas. Para tratar de poñerlle remedio a esta situación Antonio Rama Facal, xefe da Axencia Comarcal de Quiroga, co apoio

da Axencia de zona de Monforte, organizou unhas charlas nas parroquias máis conflictivas con asistencia de don Manuel Trujillo, enxeñeiro xefe do Distrito Forestal de Lugo e don Manuel Martínez Garrido, xefe de ICONA da mesma provincia. En todas as parroquias este achegamento das autoridades forestais á xente foi satisfactorio, menos nunha onde o xefe de ICONA manifestou que se negaba a repoboar os seus montes, acabados de incendiar, porque foran eles os que lle puxeran lume para que se volvese plantar e percibir deste xeito xornais diarios na plantación.

De todas as maneiras, ao ano seguinte os incendios diminuíron de forma moi sensible. Tamén é certo que o xefe de ICONA, por non dar o seu brazo a torcer, díxonos que a carencia de incendios débese a que o ano fora máis chuvioso.

Julián Gil Cabrera, xefe da Axencia de Monterroso, tamén convocou varias reunións cos veciños de Sambreixo ás que asistiu Manuel Martínez Garrido, para acabar solicitando a declaración do seu monte como veciñal en man común. Foi este o primeiro monte veciñal en man común de Galicia que aprobou os seus estatutos de funcionamento. Para a súa redacción contouse co asesoramento de Vázquez Portomeñe, que máis tarde foi conselleiro da Xunta de Galicia e senador polo Partido Popular.

Na provincia de Ourense debemos constatar o papel relevante que xogaron na defensa dos montes dos veciños Amador de Celis Suárez, xefe da Axencia de Bande, e Justiniano Miguélez López, xefe da de Maceda. O primeiro loitou a brazo partido para conseguir a declaración dos montes veciñais en man común de Santa Olalla de “Maus de Salas” (Concello de Muíños), e o segundo promoveu a organización da parroquia de Rebordecho do Concello de Vilar de Barrio, próxima á Virxe dos Milagres, para recuperar a administración dos seus montes xa repoboados, e cando xa o tiñan conseguido apareceron un día totalmente carbonizados. Os que os visitamos, antes e despois de arder co conselleiro de Agricultura Francisco Sineiro e varias autoridades forestais de Ourense, quedamos abraiados ante tal desastre e perda tan significativa para os veciños.

Na provincia de Pontevedra ao xefe da Axencia de Caldas de Reis, José Vázquez Fouz, abríuselle un

expediente disciplinario por orde do gobernador civil, que foi sobresido, por apoiar a varias comunidades rurais que levaban vivindo dende tempos inmemoriais en casas construídas en montes públicos. O xefe de ICONA de Pontevedra, don Ricardo García Borregón, co apoio do delegado de agricultura, don Ángel Delmas Pérez de Salcedo, retirou a demanda de desafuzamento que se encontraba en tramitación no xulgado e todo acabou cunha comida de “carneiro ao espeto”, dos veciños e coas autoridades.

Extensión e a universidade

Nos Estados Unidos de América, de onde procede a doutrina e a metodoloxía de Extensión, o Servizo de Extensión Agraria depende das universidades e no seu traballo, ademais de contar con fortes vínculos locais, estatais e federais, mantén relacións moi estreitas cos estudos universitarios.

En España o Servizo de Extensión estivo integrado dende a súa creación no Ministerio de Agricultura e as relacións coa universidade tiveron sempre carácter esporádico.

Como é lóxico, en Galicia esta situación non podía ser unha excepción. Contra o propio criterio da dirección do Servizo, manifestado de maneira tímida e pouco explícita por algún inspector nacional, a Axencia de Negreira, para poder asesorar mellor os agricultores, solicitou nos primeiros momentos o asesoramento da Cátedra de Edafoloxía da Facultade de Farmacia de Santiago, onde o xefe da Axencia e o axente comarcal acudían un día por semana para recibir orientacións do catedrático Muñoz Taboadela e o entón o seu adxunto doutor Guitián Ojeda sobre fertilización das terras da comarca.

Os dous axentes de Negreira colaboraron coa referida cátedra na toma de mostras para análise de solos, mediante desprazamentos á comarca de Caldas de Reis, que estaba a ser estudada por esta cátedra. Ían en compañía unhas veces do señor Guitián e outras do señor Casaseca, máis tarde catedrático da Universidade de Salamanca.

Nunha ocasión participou activamente e de maneira desinteresada nun seminario para axentes de economía doméstica sobre puericultura o catedrático da Facultade de Medicina señor Tojo, invitado polo Centro Rexional de Santiago.

Na Escola Universitaria de Asistentes Sociais impartiu clases catro ou cinco cursos, a petición do seu director, sobre desenvolvemento comunitario, o axente Amador Rodríguez Troncoso, adscrito ao Centro Rexional de Santiago.

A Cátedra de Botánica da Facultade de Santiago, dirixida polo doutor Izco, colaborou en cursos impartidos polas axencias sobre recoñecemento e identificación de cogomelos comestibles, mediante charlas impartidas polo membros da referida cátedra don Luis Freire e dona María Luisa Castro, actual profesora da Universidade de Vigo.

Coa Cátedra de Bromatoloxía, dirixida polo doutor Simal, houbo unha prolongada e estreita colaboración por parte do Servizo de Extensión de Galicia. Grazas a ela, e ao interese sempre desinteresado do profesor Huidobro, fíxose un estudo do mel de Galicia mediante mostras enviadas polas distintas axencias, que foi punta de lanza tecnolóxica no Primeiro Congreso de Apicultura de España, presentado polo señor Huidobro. Este estudo serviu de base para a declaración do Mel de Galicia como Produto Galego de Calidade e tamén para varias teses de doutoramento. Foi esta actividade promotora de Extensión Agraria a primeira en abrir paso a todos os recoñecidos hoxe en día na Comunidade Autónoma de Galicia, como son a Pataca Galega e a Ternera Gallega, así como o resto dos admitidos como tales pola Unión Europea. Neste caso, o principio romano de que *Prior in tempore potior in jure* está fallando, porque o mel quedou á cola, cando foi o primeiro en abrir o camiño.

Sobre este tema concreto da colaboración do Servizo de Extensión Agraria coa Universidade de Santiago, para a oportuna constancia, detallamos que don Francisco Huidobro Canales fixo a tese de doutoramento entre os anos 1979 e 1983, titulada "*La Miel. Algunos Parámetros de Interés en su Control de Calidad*", con 91 mostras de mel de Galicia, facilitadas polas axencias comarcais coa coordinación do Centro Rexional, e 24 mostras comerciais, mediante análises comparativas. O congreso ao que nos referimos antes tivo lugar na Escola Central de San Fernando de Henares (Madrid), baixo a coordinación do técnico de Extensión don Jesús Bernardo Marquina Pérez, durante os días 17 a 22 de outubro de 1983, e nel o profesor Huidobro defendeu con rigor cientí-

fico os parámetros fisicoquímicos de calidade do Mel de Galicia.

Tanto o asesoramento técnico do profesor Huidobro coma os resultados dos parámetros fisicoquímicos dos seus traballos de investigación, feitos sobre o mel de Galicia, serviron de base para declaralo Produto Galego de Calidade en 1989 (DOG do 14 de abril). En 1987, pola orde do 1 de outubro, pasou a chamarse Denominación Específica Mel de Galicia e en marzo do 2003, como consecuencia do disposto na orde do 19 de febreiro, Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia.

No Primeiro Salón Agroalimentario da Feira Internacional Semana Verde de Galicia, celebrado durante os días 23 a 29 de maio de 1989, o profesor Huidobro fixo demostracións prácticas, á vista do público visitante, dos parámetros de calidade do mel de Galicia exposto no dito salón, e con tal motivo un importador alemán quixo contratar a importación de 50 toneladas de mel galego, que non eran capaces de reunir daquela entre todos os envasadores. Na actualidade, algún dos ditos expositores vén exportando mel de Galicia como produto de calidade a Alemaña e a outros países.

Melloraron a calidade e tamén a eficacia do traballo de Extensión outros contactos que non se deron coa universidade, como por exemplo coas facultades de Económicas ou de Xeografía e Historia, onde se fixo un traballo sobre a gandería galega á marxe do Servizo de Extensión Agraria, e as relacións co xeógrafo francés Abel Bohuier, que estudou o mundo agrario galego dende 1959 a 1976, foron circunstanciais.

Xa despois das transferencias en materia de Extensión e Capacitación Agraria á Xunta de Galicia, e ante a inoperancia das persoas responsables do Servizo, houbo un intento de vincular as actividades das axencias comarcais coas tres universidades galegas e moi especialmente coas cátedras de tecnoloxía agraria do campus de Lugo.

En colaboración con José Luis Villaverde, de Extensión Universitaria de Santiago, fíxose un estudo cos seus orzamentos para incardinar a través do Día do Agricultor da Semana Verde de Galicia ás axencias coas universidades. Na primeira experiencia cos últimos cursos de

veterinaria e enxeñeiros técnicos agrícolas, os resultados non se podían mellorar en entusiasmo e ilusión por parte dos alumnos.

Con este proxecto, que foi rexeitado tanto pola Consellería de Agricultura coma pola Semana Verde, pretendíase acercar os estudos universitarios á realidade do campo de Galicia, co protagonismo dos axentes de Extensión e dos agricultores, e interrelacionala cos centros de estudos agrarios europeos a través dos distintos departamentos universitarios mediante teses e tesinas feitas polos alumnos de fin de carreira con base nas diferentes orientacións produtivas das explotacións agrarias galegas.

Relacións co Plan Agrícola de Galicia

En Galicia a importancia da produción de forraxes é de extraordinaria relevancia dende tempos ancestrais, polo peso específico que tivo sempre a gandería, en especial a de vacún.

Desde o ano 1956, en que se establecen as primeiras axencias galegas, as relacións de Extensión co Plan Agrícola de Galicia foron constantes no que atinxe á implantación de pradeiras artificiais e na construción de silos foxo para a conservación de forraxes.

O Plan Agrícola de Galicia, creado polo Decreto do 5 de xullo de 1945, fixou o seu domicilio na cidade da Coruña en virtude do Decreto do 20 de maio de 1949. Tanto o seu director técnico, don Valeriano Hernández de Madrid, coma o enxeñeiro agregado, don Joaquín Giménez de Azcárate, visitaban as axencias a medida que se abrían para ofrecer a súa incondicional e eficaz colaboración, non só a nivel directivo senón

tamén a través dos capataces que tiñan destacados nalgunha comarca.

Os xefes das axencias de Negreira, Verín, Betanzos, Monforte, Xinzo de Limia e Viana do Bolo asistiron no ano 1958 a un cursiño dunha semana sobre implantación de pradeiras e construción de silos, organizado polo Plan Agrícola no seu predio da Pobra de Brollón.

Desde entón, a colaboración, que xa viña funcionando, acentuouse aínda máis, non só pola relevante importancia que tiña para os agricultores galegos a mellora e o incremento da produción de forraxes, senón tamén pola predisposición incondicional de apoio que mostrou o Plan Agrícola, tanto nos directivos coma nos capataces destacados nalgunha Axencia. O capataz que levaba a comarca de Betanzos, chamado Teolindo, traballaba dende a Axencia como se se tratase dun axente máis. O mesmo poderíamos dicir doutros capataces do Plan Agrícola, dos que non recordamos o nome, en relación con outras axencias, como a de Becerreá e a de Santa Comba. Este era un tal Pensado Plágaro, que chegou dende a cámara agraria local a organizar unha excursión de agricultores a Madrid con dous autocares, para lle reclamar unha Axencia Comarcal ao director xeral para Santa Comba. Antes da súa xubilación chegou a ser funcionario desta Axencia Comarcal no momento en que se suprimiron as cámaras agrarias. Foi un verdadeiro e entusiasta extensionista despois de xubilado, ata o mesmo día do seu falecemento no ano 2008.

O seguinte cadro reflicte a importancia da colaboración de Extensión Agraria co Plan Agrícola de Galicia:

**PRADEIRAS ARTIFICIAIS ESTABLECIDAS EN COLABORACIÓN CO
PLAN AGRÍCOLA ATA O ANO 1962 POLAS 19 AXENCIAS DE EXTENSIÓN
AGRARIA DE GALICIA QUE SE CREARON ATA O REFERIDO ANO**

Ano de apertura	Axencia	Prados establecidos
1957	Xinzo de Limia	1533
1958	Sarria	689
1959	Silleda	586
1957	Monforte de Lemos	560
1957	Viana do Bolo	504
1956	Negreira	445
1961	Ponteareas	335
1959	Vilalba	298
1956	Verín	257
1957	Betanzos	227
1958	Caldas de Reis	141
1960	Tui	138
1960	O Carballiño	112
1960	Arzúa	81
1960	Carballo	69
1959	Padrón	59
1960	A Estrada	51
1960	Ribadeo	49
1960	Ortigueira	15
TOTAL PRADEIRAS:		6.149

Datos da revista de "Extensión Agraria nº 7", de abril de 1962

Capítulo V

Relacións de Extensión cos
servizos agrarios do norte de
Portugal

A. Rodríguez Troncoso

As primeiras visitas a Portugal

As visitas á Feira Internacional de Braga polos anos 70 dalgúns axentes de Extensión da provincia de Pontevedra deron lugar aos primeiros contactos do Servizo de Extensión Agraria cos servizos agropecuarios da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho do Norte de Portugal, que tiña a súa sede principal en Braga, aínda que algunhas das súas dependencias estaban situadas en Porto.



Axentes de Galicia visitando en 1980 a rexión dos viños verdes en Portugal dirixidos polo enxeñeiro Pinho, presidente da denominación. (Autor A R Troncoso)

Con algunha posterioridade, e por iniciativa das axencias do Barco de Valdeorras, A Rúa e Ribadavia, fíxose unha visita autorizada polo Centro Rexional de Galicia que durou varios días á zona demarcada dos viños verdes de Entre Douro e Minho, dirixida polo enxeñeiro Artur Pinho, presidente entón da dita denominación protexida.

Nesta ocasión, ademais das explotacións vitivinícolas da referida rexión, tamén se visitou unha adega cooperativa ao sur do río Douro, na Beira Alta, que se estaba establecendo cun forte apoio económico do goberno portugués.

Dende o primeiro día que deu comezo esta visita organizada, o grupo de técnicos portugueses que nos acompañaba mostrounos o seu interese de que visitásemos tamén “as maseiras” de Póvoa de Varzim. Eu persoalmente pensei que se trataba de cultivos de maceiras, porque un tal Cardoso asesorou a INDUCOA no programa de plantacións regulares de froiteiras en Galicia, especialmente de maceiras, co apoio económico de Caixa Galicia e no que intentou implicar o Servizo de Extensión Agraria e o seu director xeral de entón.

A sorpresa foi rotunda, porque xa estabamos chegando á mesma costa do Atlántico en Póvoa de Varzim e non se vía ningunha plantación de froiteiras por ningunha parte. Había tan só cultivos intensivos de horta, e de súpeto encontrámonos realmente coas “maseiras”, semellantes ás artesas da cociña onde os agricultores amasan a fariña para facer o pan. Trátase de pequenas parcelas escavadas na area ao lado da praia, achafranadas en forma de maseira, nas que na parte plana cultivan produtos de horta e nos laterais crecen as viñas a rentes da terra, e onde maduran moi ben as uvas, igual que os produtos de horta, moi soleados e preservados dos ventos mariños.



Unha das célebres “maseiras” que visitamos en Póvoa de Varzim co Enxeñeiro Pinho en 1980. (Autor A R Troncoso)

En relación con INDUCOA, á que nos referimos antes, a empresa “Frutales de Galicia”, a finais dos anos 60 e principio dos 70, fixo unha campaña masiva nos medios de comunicación encamiñada á plantación de froiteiras de forma regular, especialmente maceiras, tomando como punto de referencia un predio do tal Cardoso no norte de Portugal, con “árbores de extraordinaria precocidade e de calidade incomparable dos seus froitos”, segundo dicían na prensa, con titulares como: “EN LA FRUTA PUEDE ESTAR LA REDENCIÓN DEL CAMPO GALLEGO” (Faro de Vigo do 23-04-1969, páxinas 8 e 9 a toda plana).

Plantáronse miles de hectáreas de froiteiras, en contra do criterio de Extensión Agraria, porque non se contaba co protagonismo dos agricultores. Estas plantacións acabaron por ser abandonadas, porque a maioría dos propietarios das leiras non eran traballadores directos, senón profesionais alleos á agricultura.

Os que nos dedicabamos por afección á apicultura faciamos pola nosa conta visitas a Porto para manter contactos coa Asociación de Apicultores do Norte de Portugal e informarnos das técnicas máis avanzadas do momento.

Máis tarde, xa constituída a Asociación de Apicultores de Galicia (AGA), os contactos entre as dúas asociacións foron constantes, ben mediante visitas colectivas mutuas ou coa asistencia ás diferentes xornadas que sobre apicultura se celebraban cada ano tanto en Portugal coma en Galicia.

Aínda en 2007 a maioría do material apícola que se usa en Galicia vén de Portugal, onde a man de obra é máis barata para a construción de colmeas.

O Servizo de Extensión tamén mantivo relacións coa rexión de Trás-os-Montes, lindeira con Ourense, mediante participación en xornadas apícolas en Chaves e Macedo de Cavaleiros, reunións técnicas nesta última localidade sobre gandería de carne. Puxo en contacto ao presidente de Ternera Gallega coas autoridades de Trás-os-Montes, interesadas en promover a raza de aptitude cárnica daquela rexión.

Outros contactos salientables

Como consecuencia das relacións referidas, acabou por producirse unha corrente de visitas de técnicos e de agricultores portugueses a Galicia.

Os técnicos, especialmente os de Entre Douro e Minho, cos de Extensión visitando as experiencias do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, e os agricultores, organizados cada ano polos servizos portugueses, para visitar as explotacións e cooperativas agrarias promovidas por Extensión. Eran aloxados de maneira gratuíta nas escolas de Capacitación Agraria de Sergude, Monforte de Lemos e Benquerencia durante os días das súas visitas.

Estas visitas, que ao principio se circunscibían a Entre Douro e Miño, ampliaron a área de procedencia e acabaron organizándose visitas colectivas con agricultores que viñan de máis aló do río Douro. A antiga *Gallecia* romana era agora máis extensa.

Así da Escola de Capacitación Agraria de Gafanha, próxima a Coimbra, o seu director, señor

de Sá, traía a Galicia todo os anos aos seus alumnos, acompañados de agricultores, para que coñecesen os avances da agricultura galega nas súas diferentes orientacións produtivas, e sempre foron ben acollidos, con manutención e aloxamento nalgunha das escolas citadas.

A correspondencia dos portugueses para nós era mutua. Recordo que fomos nunha ocasión dous membros do Centro Rexional de Santiago visitar algunhas zonas de desenvolvemento rural integral subvencionadas pola FAO, e pagaron tanto a nosa manutención coma as nosas estancias. Neste senso hai que recoñecer que os portugueses, tan orgullosos de ser o que son, deixan sempre en nivel moi alto o seu comportamento.

Con anterioridade, algúns axentes de Extensión de Galicia visitamos os servizos de agricultura de Entre Douro e Minho e as súas experiencias en viticultura e froiteiras, sendo acollidos con todas as atencións en todos os casos na Escola de Capacitación de Veirão, onde por certo teñen un museo etnográfico interesante sobre o cultivo do liño e a elaboración tradicional do viño.

Como consecuencia da acción promotora de Extensión Agraria, continúa na actualidade (2007) unha constante relación coas rexións de Trás-os-Montes e Entre Douro e Minho a través dos concursos do Día do Agricultor que mantén a Semana Verde de Galicia todos os anos e nos que participan tamén os agricultores da Comunidade Autónoma do Principado de Asturias.

Primeiros encontros de técnicos agrarios de Trás-os-Montes, Entre Douro e Minho e Galicia

Con data 21 de xullo de 1980 o Centro Rexional de Extensión de Santiago, a través da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agraria, proponlle ao subdirector xeral xefe da 1ª División Rexional Agraria de Galicia do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en escrito motivado, a celebración dunhas xornadas de estudo entre expertos de Galicia e do norte de Portugal sobre os problemas que ocasionará ao sector agrario a previsible entrada de España e de Portugal na Comunidade Económica Europea.

Un dos máis graves problemas nese momento era a peste porcina africana, moi difícil de erradicar en Galicia, pola falta de barreiras naturais (oro-

gráficas e hidrográficas) co resto da península, sen a cooperación da zona norte de Portugal.

O director xeral de Capacitación e Extensión Agraria, Gerardo García Fernández, con data do 29 de xullo do referido ano, maniféstalle por escrito a Francisco Barreiro Etchevers, xefe da División Agraria de Galicia, que considera imprescindible a opinión da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio sobre a oportunidade e interese de tales xornadas, porque “estas cuestións son delicadas cuando el tema de las negociaciones está en plena ebullición”.

A proposta de celebración destas xornadas era para os días 14 a 17 de outubro no Pazo de Mariñán, pero por razóns de calendario celebráronse dende o día 3 ao día 7 de novembro do ano 1980.

Os temas e as persoas dos dous países participantes que as abordaron foron os seguintes:

1.- MILLO

Por parte de España:

Mercedes Cebrián del Moral, do CRIDA de Mabegondo.

José Fernández Paz, de Extensión Agraria do Porriño.

Enrique Losada Cortiñas, do CRIDA de Mabegondo.

Jaime Lloveras Vilamajó, do CRIDA de Mabegondo.

Jesús Francisco Moreno González, do CRIDA de Mabegondo.

Armando Ordás Pérez, da Misión Biolóxica de Galicia en Pontevedra.

Eloy Villada Legaspi, da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro.

Por parte de Portugal:

José Paulo Dacosta, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Porto.

Luis Felipe Freire de Andrade, do CRIDA-INIA en Braga.

Manuel Rodríguez, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Porto.

João Simões de Vasconcelos, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Porto.

2.- FORRAXES

Por parte de España:

José Jesús García González, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Luis López Jamar, da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro na Coruña.

Juan Piñeiro Andión, do CRIDA de Mabegondo.

Francisco Sineiro García, do CRIDA de Mabegondo.

Gumersindo Varela Prado, do ICONA na Coruña.

Por parte de Portugal:

Manuel José de Almeida, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Braga.

Augusto S. Lage, da Dirección Rexional de Trás-os-Montes en Mirandela.

Francisco Xavier Cuadros de Morães Sarmento, da Dirección Xeral de Trás-os-Montes en Chaves.

3.- SANIDADE ANIMAL

Por parte de España:

José M. Alonso Gómez, xefe de Producción Animal de Ourense.

Jesús Marcos Orejas, xefe de Producción Animal da Coruña.

Ricardo Perez Rosón, presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Lugo.

Eugenio Rey Fernández, do CRIDA da Coruña.

José Rico Lenza, xefe Producción Animal de Pontevedra.

Juan Manuel Tábara Delgado, inspector rexional Veterinario da Coruña.

Francisco Valenzuela Cerezuela, do Laboratorio Rexional de Sanidade Animal de Lugo.

Por parte de Portugal:

César dos Santos Toscano, xefe da División de Sanidade Animal en Braga.

4.- PRODUCCIÓN DE LEITE E CARNE

Por parte de España:

Mario Gomez Pérez, do CRIDA de Mabegondo.

Ramón González Santillana, do CRIDA de Mabegondo.

Carlos Posada Navia, da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro da Coruña.

Crescencio Rodríguez Epelde, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Luciano Sánchez García, do Centro de Selección Animal de Lugo.

Jaime Zea Salgueiro, do CRIDA de Mabegondo.

Por parte de Portugal:

Ramiro Antunes Ribeiro do Rosario, director do Servizo de Apoio á Producción en Porto.

José M. Canavarró do Rosario, da empresa “Laticínios de Pazos de Ferreira” de Porto.

Joaquín da Silva Moreira, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Porto.

5.- VIÑEDO

Por parte de España:

Baltasar Casés Sancho, axente de Extensión en Pontevedra.

José Luis Dadín Rivadas, do Servizo de ICA de Lugo.

Horacio Fernandez Presas, axente de Extensión no Barco de Valdeorras.

Cástor Gago Álvarez, axente de Extensión en Verín.

José Antonio Yglesias Prieto, axente de Extensión en Ribadavia.

Ángel Ligeró Fraile de Tejada, do Laboratorio Rexional na Coruña.

Ismael Sierra Franco, da Delegación Provincial de Pontevedra.

Por parte de Portugal:

Artur José de Oliveira e Pinho, da Comision Viticultura da Rexión dos Viños Verdes en Porto.

Armando José Sampaio Martinho, do Centro de Viticultura do Douro en Peso da Régua.

6.- EXTENSIÓN, CAPACITACIÓN, ASOCIACIONISMO E XESTIÓN

Por parte de España:

Fernando Barbeito Nistal, da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro na Coruña.

Antonio Campos Beiro, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Feliciano Casado Gallego, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Juan Antonio Garrido Suárez, da Escola de Capacitación Agraria de Sergude.

Ramón Mariño Rivas, do IRIDA en Ourense.

Ángel Prieto Muñoz, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Ángel Rubín Fernández, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Amador Rodríguez Troncoso, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Por parte de Portugal:

José J. de Brito Trigueiros, do Servizo de Extensión en Braga.

Antonio J. Cartageno Ferreira, de Extensión Rural en Moimenta da Beira.

Manuel Colço do Rosario, da Dirección Rexional de Trás-os-Montes en Vila Real.

Luciano Lof Lof, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Porto.

Fernando Madureira, da Dirección Rexional de Trás-os-Montes en Vila Real.

Miguel de Meneses Malheiro Peixoto, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Viana do Castelo.

José do Nascimento García, da Dirección Rexional de Trás-os-Montes en Mirandela.

Francisco José Pimenta Lópes Teixeira, da Dirección Rexional de Entre Douro e Minho en Braga.

7.- MONTES

Por parte de España:

Manuel Álvarez de Mon y Pérez, da Delegación Provincial de Agricultura na Coruña.

Guillermo Camarero Cuervo, do ICONA da Coruña.

José I. Garbayo Abascal, do ICONA en Ourense.

Ricardo García Borregón, do ICONA en Pontevedra.

Ricardo García-Borregón Millán, da Asociación Galega de Taboleiros en Pontevedra.

Francisco S. Hernández González, da Delegación de Agricultura na Coruña.

Andrés López-Suevos Fernández, da Delegación de Agricultura na Coruña.

Fernando Molina Rodríguez, do Centro de Investigacións Forestais de Lourizán.

Federico Ruiz Hernández, do ICONA de Lugo.

José Sánchez Pulido, do ICONA da Coruña.

Mariano Scola Fernández, inspector rexional do ICONA na Coruña.

Roberto Taracido Peiteado, do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago.

Por parte de Portugal:

Alberto de Castao Lencastre, da División Piscícola en Vila do Conde.

Fortunato Fortuna, do Instituto Universitario de Vila Real.

Aguinaldo Augusto Ferreira de Miranda, dos servizos forestais en Viana do Castelo.

Adolfo A. de Morais, do Parque Nacional da Peneda-Gerés en Braga.

Alvaro Peres, ca Circunscrición Forestal de Porto.

José Joaquín Ribeiro, de Ordenamento e Xestión Forestal en Porto.

Ernani José Silva, da Circunscrición Forestal de Porto.

O comité executivo estaba formado polo presidente Francisco Barreiro Etchevers, xefe da 1ª División Rexional Agraria de Galicia, Carlos Domingos Torres, director rexional dos servizos de Agricultura de Entre Douro e Minho, e José Herculano Brito Carballo, director rexional dos servizos de Agricultura de Trás-os-Montes.

Eran vicepresidentes Rafael Méndez de la Vega Pardo, Dasio Carballeira Tella, José Manuel López Seco e Miguel Ángel Delmas Pérez de Salcedo, delegados provinciais de Agricultura da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, respectivamente.

Unha vez examinadas as conclusións dos distintos relatorios, esta comisión executiva fixo como resumo de todo o traballo realizado as seguintes:

1. Creación dunha secretaría permanente en cada un dos dous países que interveñen nestes encontros.

2. Celebración anual durante o mes de outubro, en anos sucesivos, de xornadas de encontros agrarios, alternando cada ano en Galicia e Portugal.
3. Os relatorios quedan abertos para cantas suxestións se queiran facer ás respectivas secretarías permanentes.
4. Quedan tamén abertas as posibilidades de que os relatores se reúnan en caso de urxencia dalgún tema proposto, mediante coordinación dos secretarios permanentes.
5. Na reunión anual plenaria, as comisións darán conta das reunións parciais que se celebren.
6. O pleno dos encontros deberá coñecer o grao de cumprimento das conclusións dos diferentes relatorios.

Como secretario permanente foi nomeado por parte de Galicia Manuel Vázquez García, da Delegación de Agricultura da Coruña.

O día anterior ao da clausura o enxeñeiro Artur Pinho, presidente da Comisión da Rexión Demarcada dos Viños Verdes de Portugal, dedicoume unhas estrofas que escribiu de puño e letra de maneira espontánea, nunha comida conxunta dos asistentes ás xornadas. Polo que significan en confraternidade de convivencia e en esperanza e ilusión, constátoas de seguido, traducidas do portugués ao galego:

*Estes "encuentros" nacentes
serán un día historia.
Saibamos ser competentes
para conducirlos á vitoria.
Para o ano se Deus quere,
será no Minho a función,
onde quérome alá ver,
a dar colaboración.
Mais xa non podó calar.
Unha soa cousa eu digo,
non é preciso lembrar
que en min tedes un amigo.
Na túa persoa, Troncoso,
unha aperta de amizade,
e para os labregos galegos,*

votos de felicidade.
Vamos brindar polos ausentes,
do voso e do noso lado.
Brindemos tamén polos presentes,
polo paso que xa foi dado.
En busca de máis fortuna,
Galicia e máis Minho
debaten a Agricultura,
para ficaren máis preto.
Viva a vida, viva a festa,
viva a nosa reunión,
bebamos o que nos resta
desta cunca de emoción.
Oh Mariñán, Mariñán!
de ti levo saudade.....
Obrigado, moitas grazas
por tanta hospitalidade.
 (6-XI-80). *Artur Pinho*

Durante a celebración destes encontros programáronse actividades paralelas complementarias para as respectivas mulleres acompañantes dos relatores, mediante visitas turísticas, culturais e comerciais ás cidades da Coruña e Santiago.

Segundos encontros de técnicos agrarios de Entre Douro e Minho, Trás-os-Montes e Galicia

Convocados polo director rexional dos servizos agrarios de Entre Douro e Minho celebráronse no Centro Apostólico do Sameiro, en Braga, durante a semana do 26 ao 30 de outubro de 1981.

Os temas abordados foron os seguintes:

1. Millo gran, millo forraxe, outros cultivos forraxeiros de planicies e de altitude.
2. Horticultura e viveiros.
3. Viña.
4. Produción de leite e carne en planicie e na montaña.
5. Sanidade animal.
6. Extensión, formación profesional, asociacionismo e xestión.

7. A explotación forestal e o pastoreo. Protección contra incendios. Produción de madeira de calidade. Viveiros en invernadoiros. Pastoreo de altitude.

8. Adhesión á Comunidade Económica Europea nos seus aspectos técnicos.

Participantes de Galicia:

Francisco Barreiro Etchevers, Rafael Menéndez de la Vega y Pardo, Dasio Carballeira Tella, José M. López Seco, Miguel Ángel Delmas y Pérez de Salcedo, José Luis Martínez de Velasco, Ricardo Pérez Rosón, Javier Hernández González, Manuel Acero Valbuena, Baltasar Cases Sancho, Manuel Vázquez García, Jaime Zea Salgueiro, Mario Gómez Pérez, Juan Piñeiro Andión, Luis López-Jamar Martínez, Jesús F. Moreno González, Armando Ordás Pérez, Juan José Díaz Pardo, Ángel Ligerero Fraile de Tejada, Luciano Sánchez García, José Rico Lenza, José Sánchez García, Crescencio Rodríguez Epelde, José M. Tábara Delgado, Francisco Valenzuela Cerezuela, Amador Rodríguez Troncoso, Juan Antonio Garrido Suárez, José Jesús García González, Mariano Scola Fernández, Ricardo García Borregón, Pedro Ruiz Zorrilla, Odón Abad Flores e Carlos Dans Gárate.

Participantes de Trás-os-Montes:

Enxeñeiro Brito Carballo, enxeñeiro Armando Martinho, doutor Amadeo Campos, doutora María de Lurdes Campos, doutor José Carlos Perdiz Martins, enxeñeiro Fernando Madureira, enxeñeira María de Lurdes Fernádes, enxeñeiro Antonio Fernando de Cruz Oliveira e enxeñeiro Antonio Gama Amaral.

Participantes de Entre Douro e Minho:

Enxeñeiro Carlos Torres, doutor Joaquín Moreira, enxeñeiro Joao Vasconcelos, enxeñeiro Jorge Sousa Santos, enxeñeiro Ilidio Araujo; enxeñeiro Joao Pedro Mira Paulo, enxeñeiro Manuel Babo, enxeñeiro José Limpo Trigueiros, enxeñeiro Manuel Rodrigues, enxeñeiro Luis Nogueira, enxeñeiro Antonio Crispín, enxeñeiro Francisco Teixeira, doutor Boaventura Fernández, doutor Helio Santos, enxeñeiro Artur Dasilva Pazo, enxeñeiro Fonseca Cardoso, enxeñeiro Luis Van Zeller, enxeñeiro José M. Maia, doutor Joaquín Rita Borgas, enxeñeiro

Miguel Malhiero, doutora Elsa Neves, enxeñeiro Adolfo Macedo, enxeñeiro Manuel Almeida, enxeñeiro José Paulo da Costa, enxeñeiro Jorge Reis de Almeida, enxeñeiro Evaristo Varandas, enxeñeiro Antonio Silva, enxeñeira María Ángela Vasconcelos, enxeñeiro Antonio Amaral, doutor Leonel Reis, doutor César Toscano, doutor Ricardo Tavares, enxeñeiro Armando Brandão, enxeñeiro Artur Pinho, enxeñeiro Ramiro do Rosário, enxeñeiro José Manuel Meneses, enxeñeiro Ferraz Machado, enxeñeiro Bernardino Mota, enxeñeira Ana Barroso, enxeñeiro técnico agrario Horacio Figueiredo, enxeñeiro Hernán Silva, enxeñeiro J. Moreira da Silva, enxeñeiro Álvaro Peres, enxeñeiro Aguinaldo Miranda, enxeñeiro Jorge P. Magalhães, enxeñeiro Eduardo Lancaster, enxeñeira Helena Rocha e Melo e enxeñeiro técnico agrario Trigo.

Presentaron as seguintes comunicacións:

O millo forraxeiro na rexión de entre Douro e Minho, por Antonio F. Silva.

Sistema integrado de mellora no millo, por Amando Ordás, da Misión Biolóxica.

O millo forraxeiro nas explotacións agrarias, por Jesús F. Moreno González.

Interese agronómico de ecotipos españois de plantas de pratenses, por J. Piñeiro e M. Pérez, do CRIDA de Mabegondo.

O ensilado nas explotacións de Galicia, por Luis López-Jamar, da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro.

A produción de forraxes no noroeste e a experimentación, por Antonio Silva, enxeñeiro agrónomo.

A horticultura en Galicia, por Juan J. Díaz Pardo, do Centro Rexional de Extensión en Santiago.

A horticultura en Portugal, por J.P. Mira Paulo.

A horticultura en Entre Douro e Minho, por Evaristo Varandas.

A floricultura de Entre Douro e Minho, por M^a. Ángela Vasconcelos.

A selección da videira na Rexión Demarcada dos Viños Verdes, por Antonio Joaquín Amaral.

O regulamento da denominación de Orixe Viño Verde, por Manuel Babo.

Aproximación á ecoclimatoloxía vitícola de Galicia, por J.A. Yglesias Prieto.

Control de calidade en viños de Galicia, por Ángel Liger Fraile de Tejada.

Comprobación de equipos de muxidura mecánica, por Crescencio Rodríguez Epelde, Luciano Sánchez García, José Rico Lenza e José Sánchez García.

Produción de leite e carne, polos mesmos anteriores.

A calidade do leite de vaca en Galicia, polos mesmos anteriores.

Tipos de produción e calidade de carne de vacún en Galicia, polos mesmos anteriores.

A produción de carne de vacún nas áreas de montaña de Galicia, polos mesmos anteriores.

Posibilidades de produción de carne ovina e caprina en Galicia, polos mesmos anteriores.

Acción e fomento do efectivo bovino leiteiro na rexión de Entre Douro e Minho, por Juan Ricardo Ovidio Tavares.

Salas de muxidura mecánica colectivas, por Manuel Rodrigues e Joaquín Moreira.

Empresa agropecuaria produtora de leite en Entre Douro e Minho, por Ramiro Antunes Ribeiro do Rosário, José Manuel Canavarro Donasbotto e Meneses e Horacio Antonio Ferreira Figueiredo.

O relatorio sobre sanidade animal foi presentado por Ricardo Pérez Rosón, José Rico Lenza, José Sánchez García, Juan Manuel Tábara Delgado e Francisco Valenzuela Cerezuela, con comunicacións sobre a brucelose de Boaventura Fernandes, a evolución da peste porcina africana en Portugal e medidas tomadas para o seu combate, por Joaquín da Rita Borgas, profilaxes da rabia en Trás-Os-Montes, por José Carlos Perdiz Martíns, e a febre aftosa, por César dos Santos Toscano.

Do concepto á estratexia dun Servizo de Extensión Rural, por José Julio de Brito Limpo Trigueiros.

Breves reflexións sobre formación profesional, por Antonio Fernando da Cruz Oliveira.

Planificación do traballo con mozos a medio prazo, por Amador Rodríguez Troncoso e Juan Antonio Garrido Suárez.

As cooperativas e os mercados agrícolas, por María de Lurdes Miranda Fernández.

A xestión da empresa agrícola, unha experiencia do traballo realizado en Entre Douro e Minho, por Luis A. Fonseca Cardoso.

A defensa forestal e o pastoreo silvícola, por Antonio Gomes da Gama Amaral.

Os incendios forestais, por Ricardo García Borrégón.

Notas para unha historia do piñeiro en Galicia, por Pedro Ruiz Zorrilla.

Detección por primeira vez en España dun ataque de *Phoracanta Semipunctata* Fb sobre *eucalyptus glóbulus*, por M. C. Gil Sotres e J. P. Mansilla Vázquez.

A construción en madeira laminada. Un novo campo de aplicación da produción de eucalipto en Galicia, por Carlos Baso López.

Experiencias realizadas en Lourizán sobre métodos sinxelos de tratamento de conservación de madeira de uso rural, por M^a Victoria Boanza Merino.

Alternativas ante unha eventual insuficiencia na produción de plantas por parte dos viveiros forestais, por A. de la Mata Martínez e María C. Salinero Corral.

Monte galego actual. Produción e comercialización das súas madeiras, pola Delegación Provincial de Agricultura da Coruña.

Repercusións da integración na CEE dende o punto de vista rexional, por Carlos Dans Gárate.

Sobre a metodoloxía para o estudo da incorporación de Galicia ao Mercado Común Agrícola Europeo, por Odón Abad Flores.

A organización común do mercado dos cereais e o mercado dos cereais en Portugal, por José Magallães Reis Almeida.

Estes segundos encontros, ao igual que os primeiros, foron complementados con actividades para as mulleres que acompañaron aos relatores, mediante visitas turísticas, culturais e comerciais guiadas a Braga e Porto.

A clausura fíxose cunha cea solemne na Escola de Capacitación Agraria de Veirão, na que cantaron fados os interpretes máis prestixiados de Portugal, sendo galardeadas todas as damas asistentes con colgantes típicos de filigrana de ouro.

Os III encontros, que correspondían celebralos en Galicia en outubro de 1982, conforme a 2^a conclusión aprobada pola comisión executiva celebrados no Pazo de Mariñán en novembro de 1980, xa non se chegaron a convocar.

Co traspaso das competencias do Estado en materia de Extensión e Capacitación á Xunta de Galicia polo Decreto do 24 de xullo de 1982, o responsable do Servizo de Extensión que me relevou desentendeuse destes encontros xa institucionalizados co norte de Portugal.

Este abandono non se debeu a razóns de tipo político, senón á falta de visión e á carencia de interese polos verdadeiros valores agrarios de Galicia, tan interrelacionados cos do norte de Portugal.

Afirmamos isto porque tanto a nivel cultural coma institucional e económico, coa entrada na Comunidade Económica Europea (hoxe Unión Europea), as relacións entre Galicia e o norte de Portugal como eurorexión foron incrementadas mediante a creación do Eixo Atlántico, no que tanto protagonismo está tendo o Goberno Galego, se ben, a causa da negligencia descrita, cun predominio das urbes sobre o mundo rural.

Capítulo VI

Centro Rexional e axencias
da provincia da Coruña

A. Rodríguez Troncoso

O Centro Rexional de Santiago de Compostela

Primeira etapa

Funcionou como Inspección Rexional do Servizo, con oficina en Betanzos, no mesmo local que a Axencia de zona da Coruña, sendo axente de zona Efrén Juanes Fidalgo.

Persoal: Francisco Barreiro Etchevers, inspector rexional; Amador Rodríguez Troncoso, axente adxunto, Isolina Fernández Corredoira, auxiliar administrativo, Luis Martínez Teijo, auxiliar administrativo, e José Manuel González Vázquez, auxiliar administrativo.

Isolina aprobou as oposicións con data 12-04-1964 e foi destinada polo Servizo Central á Inspección Rexional de Betanzos, pero Luis e José Manuel estiveron contratados dende antes, ata que aprobaron as oposicións os dous con data 06-11-1971.

Cando se inaugurou a Escola de Capacitación de Guísamo, a Inspección Rexional, con todo o persoal citado, pasou as súas oficinas ás súas instalacións, onde se lle facilitou vivenda ao inspector e ao axente agregado.

Durante a permanencia da inspección nesta escola incorporáronse como enxeñeiros agrónomos agregados, por esta orde: Luis Acacio Martínez Cuétara, Julio Lucini Casales, Gerardo Luis García Fernández e Andrés Vázquez Hombrados, este último especializado en pratenses. Ao primeiro deles, que estaba casado, tamén se lle facilitou vivenda na escola. En agosto de 1969 foi trasladado de La Vellés (Salamanca) a este centro Julio Franco Criado, capataz.

Esta 1ª Inspección Rexional do Servizo de Extensión Agraria abrangúa os seguintes territorios: Galicia, Asturias, Santander e Vascongadas.

Posteriormente, esta 1ª inspección desagregouse en dúas, a de Galicia e a de Asturias, Santander e Vascongadas, esta última con sede en Muriedas (Santander).

A partir do mes de maio de 1968 as inspeccións rexionais pasaron a denominarse centros rexionais do Servizo de Extensión Agraria, coas mesmas localizacións e funcións, e os seus

responsables cambiaron o nome de inspectores por rexedores, conservando o mesmo número. Así o Centro Rexional de Galicia seguiu sendo o número 1 dos 11 que funcionaron en España.

Segunda etapa

Ante o número elevado de axencias, a dirección do Servizo acordou trasladar o Centro Rexional de Guísamo a Santiago de Compostela, por ser un lugar moito máis céntrico para Galicia e tamén máis estratéxico pola ascendencia que tiña como centro universitario e apostólico, sen caer dentro da estrutura administrativa tradicional da que sempre fuxiu o Servizo Central á hora de fixar as sedes dos centros rexionais.

Conxuntamente con Francisco Barreiro Etchevers, e sempre coa súa conformidade, solicitamos do Concello de Santiago uns terreos para construír o Centro de Extensión Agraria de Galicia. O Concello ofrecéunolo nas Cancelas, onde despois se construíu o Cuartel da Garda Civil. Fómolo ver, e a Barreiro non lle gustou, a nós tampouco.

Por mediación de José Abeijón Sánchez, Alcalde de Negreira e deputado provincial, a quen nos unía boa amizade dende os tempos de axente na dita localidade, e co que fora tenente alcalde con el, conseguimos que a Deputación da Coruña nos cedese un terreo de 7 hectáreas (71.077 metros cadrados) onde estaba o Lazareto de San Lázaro, con dúas ou tres monxas, a punto de abandonalo, e coas que falei eu antes de facernos cargo da referida parcela e do edificio onde estaba o lazareto. Por certo, que antes de tomar nós posesión desapareceu a campá que tiñan as monxas para chamar a capítulo. Esta parcela dooulla á Deputación da Coruña o Estado segundo o Decreto 1.061/1968, especificamente para construír o Centro Rexional de Extensión Agraria de Galicia e formalizouse a doazón en escritura pública de data 4-11-1972.

O Servizo Central reparou o edificio que ocupaba o lazareto e dedicouno a centro de formación profesional agraria de primeiro grao, construíndo outro para ás oficinas do Centro Rexional, así como tres chalés independentes que ocuparon o rexedor rexional, o director do centro de formación profesional e o conserxe e a limpadora coa que estaba casado.

Por orde publicada no BOE do 11 de abril de 1969 fóronlle adxudicadas as obras de construción do Centro Rexional de Extensión Agraria en Santiago á Empresa Ross Pellicer en 6.000.000 de pesetas. Fora licitada en 7.788.374 pesetas.

O traslado de Guísamo a Santiago fíxose a primeiros do ano 1971 e pasou a ter como enderezo postal: km 2 estrada de Santiago a Lugo, apartado 241.

Persoal

Rexedores por orde cronolóxica: Francisco Barreiro Etchevers, Gerardo Luis García Fernández, Juan Antonio Garrido Suárez e Amador Rodríguez Troncoso.

Técnicos: Crescencio Rodríguez Epelde, veterinario; Manuel Teodosio López Marcos, veterinario; Ángel Rubín Fernández, enxeñeiro agrónomo; Luis María Martínez Esteruelas, enxeñeiro agrónomo; Roberto Taracido Peiteado, enxeñeiro de montes; Ramón Muñiz de las Cuevas, sociólogo; José Jesús García González, enxeñeiro agrónomo; Eliseo J. Miguélez Díaz, enxeñeiro agrónomo; e Edmundo Bayón Bueno, con residencia en Monforte, tamén enxeñeiro agrónomo, que dirixe as obras da escola de Capacitación da dita localidade.

Especialistas: Juan José Díaz Pardo, fruticultura; Eugenio Martín Martín, xuventudes; Ángel Prieto Muñoz, xuventudes; Feliciano Casado Gallego, gandería vacúa; Carlos Bugallo Varela, horticultura; Antonio Campos Beiro, cooperativismo; Teófilo Poncela Montes, gandería ovina; Juan José Cruz Martín, xestión de explotacións, Mariano García Rollán, medios audiovisuais; e Lorenzo Montserrat Bermejo, en cooperación, con residencia en Betanzos.

Monitores: José Ramón Fernández Salgueiro, Faustino Muñoz Albetos e José Antonio García Gallego.

Persoal administrativo: José Gomez Diéguez, secretario; e Antonio Calderón Barroso, Avelino Nistal Nistal, Antonio Castro Ferreiro -na práctica era debuxante-, Manuel Ramos Lema, Concepción Ruiz Ortiz e Sara García.

Conserxe: Pedro Míguez Lorenzo.

Limpadora contratada: Josefa Castro.



Herminio Leis Cobas (con gorra), o primeiro agricultor galego que entrou na Axencia de Extensión de Negreira, falando co rexedor Amador Rodríguez Troncoso diante do Centro Rexional de Santiago en xuño de 1979. (Autor Feliciano Casado Gallego)

Transferencia á Xunta de Galicia

O Servizo foi transferido á Xunta de Galicia, o Centro Rexional e todas as axencias e escolas de Capacitación de Galicia, agás a Escola de Benquerencia que estaba concertada con Caixa Galicia e o propio rexedor, que quedou cun pequeno equipo dependendo do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, practicamente sen funcións.

Esta transferencia fíxose polo Decreto da Presidencia 3318/1982 do 24 de xullo.

As oficinas deste equipo radicáronse na rúa Altamira, 18, que ocupaba antes a Axencia Comarcal de Santiago de Compostela.

O equipo estaba formado polos seguintes funcionarios: Amador Rodríguez Troncoso, rexedor; José Jesús García González, técnico enxeñeiro agrónomo; Crescencio Rodríguez Epelde, técnico veterinario; Eugenio Martín Martín, especialista en xuventudes; Ángel Prieto Muñoz, especialista en xuventudes; Antonio Calderón Barroso, auxiliar administrativo; María Luisa Saavedra Arango, auxiliar administrativa; e Baltasar Cases Sancho, especialista en viticultura, con residencia en Pontevedra.

María Luisa Saavedra Arango, por razóns familiares, prestou servizos en organismos centrais da cidade da Coruña coa tolerancia do rexedor, simplemente, e Baltasar Cases Sancho continuou na Axencia de Zona de Pontevedra ata que pediu traslado á comunidade valenciana.

O rexedor, de *motu proprio* e por ética profesional, deixou libre o chalé que ocupaba en San Lázaro e que reservaba para el o propio decreto de transferencias, e pasou a unha vivenda que alugou na rúa do Home Santo de Santiago.

Funcións específicas do Centro Rexional

Á fronte do Centro Rexional estaba o rexedor de actividades, que era nomeado ou cesado libremente polo director xeral. Era a máis alta autoridade en Galicia en materia de Extensión e Capacitación Agraria. Formaba parte da Comisión Rexional Agraria presidida polo subdirector rexional xefe da División Agraria, do que dependían directamente os catro delegados do Ministerio de Agricultura de Galicia. O rexedor non dependía nin funcional nin xerarquicamente do xefe da División Agraria que presidía a Comisión Rexional, á que asistía para informar das actividades e resultados de Extensión e Capacitación Agraria e para coordinar as actividades do Ministerio, baixo a presidencia do referido xefe da División Rexional, conxuntamente cos xefes rexionais doutros servizos autónomos.

Antes de ser transferido o Servizo de Extensión Agraria á Xunta de Galicia, o Centro Rexional fixo as seguintes actividades destacables:

a) Entre os días 8 e 18 de abril de 1980, con motivo da visita a España do presidente do Instituto Nacional de Técnica Agraria e do director nacional de Extensión e Fomento do Ministerio de Agricultura de Arxentina, o Centro Rexional de Santiago informounos dos aspectos agrarios de Galicia e, en especial, do funcionamento do CECA de Santiago e da Escola de Capacitación Agraria de Sergude, así como dos programas de incorporacións de mozos ás empresas agrarias, mediante toma de contacto coa realidade.

b) Durante os días 14 a 30 de xullo de 1980 o Centro Rexional coordinou o 24 Congreso das I.A.A.S (International Asociación Agrícola de Estudantes), que versou sobre “A Extensión e a Capacitación Agraria no Desenvolvemento Rural”, presentando neste congreso relatorios varios expertos (rexedor, técnicos e especialistas).

Colaboraron tamén expertos da FAO e do CRIDA-01 de Mabegondo. O programa completouse con visitas ás axencias de Negreira, Ordes, Santiago e Padrón, así como á parcela do Crida-01 de Mabegondo, e complementouse

cunha mostra gráfica da agricultura galega na Escola de Sergude.

c) Durante os días 26 a 31 de outubro de 1981 o Centro Rexional informou a nove altos cargos do Ministerio de Agricultura e cooperativas de Thailandia da estrutura agraria de Galicia e do funcionamento do Servizo de Extensión Agraria, mediante visitas a explotacións de diferentes comarcas, a cooperativas e a experiencias que tiña en marcha o CRIDA-01.

Axencias da provincia da Coruña

Nesta provincia abríronse 20 axencias comarcais, que se relacionan e detallan por orde cronolóxica de apertura coa numeración que tiveron en relación coas do resto de España.

Levaron a supervisión destas axencias Efrén Juanes Fidalgo, da segunda promoción de axentes, convocada o 24 de decembro de 1956, e Manuel González Rodríguez, como adxunto, da primeira promoción, convocada o 7 de decembro de 1955. Efrén Juanes Fidalgo, antes de asumir a supervisión desta provincia, levou tamén a de Lugo. Con carácter orientativo o Servizo veu nomeando un axente de zona por cada dez axencias, para a súa supervisión.

A cabeceira de zona estivo en Verín (Ourense) para toda Galicia. A medida que foi aumentando o número de axencias ían nomeando máis axentes de zona, así cando nomearon a Efrén Juanes Fidalgo, supervisor da Coruña e Lugo, a cabeceira pasou a Betanzos para estas dúas provincias, onde permaneceu ata que se nomearon os delegados provinciais do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que pasou a sede da supervisión á Coruña, co nome de Axencia Provincial, desaparecendo a denominación de Axencia de zona, porque daquela xa había unha sede en cada provincia.

1.- Axencia Comarcal de Negreira (Nº. 1).

Creación

Empezou a funcionar co número 1 de toda España o día un de setembro de 1956, coa Axencia de Verín que era a número dous.

Concellos

Comprendía os concellos de Negreira, Ames, A Baña e Brión. Ata o ano 1970 en que se creou a

Axencia de Santa Comba tamén atendía a este Concello e ao de Mazaricos.

Explotacións

Aínda que o número de explotacións agrarias dos concellos da Baña, Ames, Brión e Negreira era de 6.488, a Axencia prestáballe atención prioritaria a 3.866 comprendidas entre 2 e 20 hectáreas, por seren as únicas capaces dunha viabilidade mínima para a gandería, que era ademais da forestal a principal orientación produtiva da comarca.

Estas explotacións encontrábanse diseminadas en 461 asentamentos rurais dos referidos catro concellos e, aínda que había moitas que requirían unha atención directa mediante visitas puntuais, o esforzo principal da Axencia, para chegar a todas centrouse en métodos de grupo (reunións e demostracións) en cada unha das 53 parroquias que comprendía a comarca de traballo.

A superficie censada ascendía a 29.543 hectáreas e 283.616 parcelas, cunha media de 43 destas parcelas por explotación.

Actividades

Como actuacións máis destacadas sinalamos o fomento da repoboación forestal polos particulares, a concentración parcelaria de toda a comarca, a reconversión da produción exclusiva de carne de vacún tamén en produción de leite, mediante a introdución de razas selectas e a organización cooperativa para a transformación e comercialización do leite e nalgúns casos para a produción comunitaria deste produto e de carne de vacún.

a) Repoboación forestal

Fomentouse dende os primeiros momentos a repoboación dos montes polos particulares mediante campañas parroquiais e a subministración de plantas a domicilio procedentes dos viveiros forestais do Estado, pagadas a prezos módicos polos solicitantes. As plantacións foron de piñeiros, fundamentalmente *pinus pinaster*, e eucalipto, *eucalyptus glóbulus*. Durante os anos 1957 e 1958 plantáronse na comarca máis de un millón de árbores, ata o punto de que se chegaron a esgotar as existencias nos viveiros dos distritos forestais e do ICONA de toda Galicia. Sempre

se contou neste traballo co asesoramento do Instituto Nacional de Investigación e Experiencias Forestais e co Centro Forestal de Lourizán. Intentouse introducir o chopo pero, aínda que a variedade “*Campeador*” medraba ben, a excesiva acidez dos solos da comarca desaconsellou a súa expansión.



Veciños de Oroso-A Cañiza (Pontevedra) diante da Catedral de Santiago, despois de visitar en 1964 a zona de concentración de Negreira. (Autor A R Troncoso)

Non se abordou nesta Axencia o problema dos montes veciñais en man común porque os ditos montes foron divididos entre os veciños con anterioridade ao ano 1928, segundo un documento destas datas asinado polo alcalde no que di: “pues la mayor parte de los montes fueron divididos amigable y particularmente dende hace anos” e “en el término municipal de Negreira no existe ningún monte catalogado como del Estado, comunal ni propio del municipio, ni declarado de utilidad pública y así se participó reiteradas veces a la Superioridad”.

b) Concentración parcelaria

Foi verdadeiramente intenso o traballo neste campo. Partindo da concentración de San Xoán de Barcala, a primeira que se fixo en Galicia e pola que se creou precisamente a Axencia en Negreira, comezouse un labor de concentración expansiva que acabou por plasmarse en todas e cada unha das parroquias da comarca, agás das do Baixo Val da Mahía, onde había máis dificultades polos cultivos de viñedo. Os agricultores aceptaron ben a concentración das terras de labradío e con algunhas reticencias as dos prados. Unicamente incluíu os montes a parroquia de Cabanas do Concello da Baña. De maneira tardía tamén solicitaron a concentración dos montes outras parroquias.

A concentración do Val de Barcala e os concellos altos da Mahía foi unha referencia para toda Galicia. A Axencia dedicou moito do seu tempo a percorrer as zonas concentradas con autobuses cheos de agricultores procedentes das catro provincias galegas, para poñelos *in situ* en contacto coa xente que fixera a concentración. Como anécdota, algún destes agricultores amosábanlles o seu descontento porque agora xa non podían deixar pastar as vacas nas veigas dos veciños como facían antes.

c) Cooperativismo

1.- Como paso previo á constitución dunha cooperativa comarcal, á que se chegou con FEIRACO, fomentouse o espírito cooperativo e creáronse 27 cooperativas parroquiais e 5 seccións de crédito, de acordo co principio de Extensión de que *a nadar apréndese nadando e a cooperar cooperando*. Esta metodoloxía, co apoio incondicional de todos os curas, deu resultados porque se alcanzaron os obxectivos premeditadamente programados, pero temos que constatar que a persoa que daquela asumiu a presidencia de FEIRACO, coa nosa proposta por considerala a máis idónea, non incorporou como tiñamos previsto as entidades cooperativas xa constituídas, e foi necesario vender un terreo que adquiriran no centro urbano de Negreira, devolvéndolles a cada unha delas as achegas que fixeran.

FEIRACO contribuíu a fomentar a produción de leite e tamén de carne na comarca de traballo da Axencia e noutras máis de Galicia. Chegou a ter máis de 700 puntos de venda en toda España, cunha frota de camións de varias empresas, estableceu unha fábrica de pensos para atender as explotacións, así como servizos técnicos agrarios e veterinarios para a adaptación do sector produtivo ás esixencias das directivas da Unión Europea.

2.- A Axencia promoveu tamén a constitución de cooperativas comunitarias de terras e gando. Algunhas delas aínda continúan en plena actividade. Creáronse cooperativas deste tipo en Tapia (Ames), dúas en Viceso (Brión), Lameiro (A Baña), San Cosme de Antes (Mazaricos) e Logrosa, Rons, Campelo, Aro e Xallas (Negreira).

d) Mellora da gandería.

A existente na comarca era unicamente gandeira de aptitude cárnica. O leite que lle sobraba aos xatos era para autoconsumo. Había a empresa ILNE (Industrias Lácteas de Negreira), instalada na Areeira, parroquia de Logrosa, de fabricación de queixos, propiedade de Antonio Fabeiro García, que segundo nos manifestaba non era quen de recoller 500 litros diarios, imprescindibles para subsistir en toda a comarca de Barcala, A Mahía e Xallas.

Foi necesario actuar intensamente, importando vacún de aptitude leiteira, implantando pradeiras artificiais e silos para a conservación de forraxes en colaboración co Plan Agrícola de Galicia, adaptando as cortes e mellorando a xenética das vacas mediante a inseminación artificial. Neste campo xogou un papel fundamental o veterinario D. Manuel Martínez Antelo, que estableceu e atendeu, con verdadeira competencia, eficacia e aceptación da xente, os circuítos de inseminación artificial, mediante a construción de centros primarios de inseminación nos lugares máis idóneos da comarca. Estes centros primarios aplicativos establecidos estratexicamente en toda a comarca contribuíron a manter e a mellorar a xenética do gando vacún de leite. Temos, polo tanto, que resaltar o labor que fixo en paralelo, en estreita colaboración con esta Axencia, o referido veterinario, para que Negreira chegase a ser pioneira e punto de referencia durante moitos anos, para Galicia, tamén na produción de leite.

Na revista de *Extensión Agraria* nº.7, de abril de 1962, aparece un artigo dun tal R.R.M., páxinas 10, 11 e 12, no que salienta a eficacia desta Axencia en novos cultivos, repoboación forestal, mellora de sementes, implantación do millo híbrido, concentración parcelaria, na aplicación do Plan de Expansión Agrícola da Coruña, fomento cooperativo e traballo coa mocidade. Achaca o éxito alcanzado a que, malia o rápido crecemento do Servizo de Extensión, nesta Axencia continúa o mesmo axente dende a súa creación, cousa que non sucede na maioría das outras axencias.

Realmente esta apreciación ten o seu valor, porque o cambio de dirección nunha Axencia sempre representa un cambio na evolución das actividades e, polo tanto, nos resultados. En todo caso, a programación a medio prazo marca un

rumbo que é irreversible ante calquera cambio de axente, porque os programas en Extensión fanse sempre coa participación da xente coa que se traballa.



D. Manuel Martínez Antelo, o veterinario que coa inseminación artificial contribuíu a mellorar a xenética do vacún leiteiro importado pola Axencia de Negreira.

Podemos afirmar que as propostas de actuación que se foron consolidando nos primeiros anos coa anuencia da xente foron respectadas polos axentes que sucesivamente se fixeron cargo da Axencia. Referímonos a todos os programas de traballo, pero máis concretamente á programación do cooperativismo, que rematou, como estaba previsto, coa fundación de FEIRACO. Neste último punto, o que foi proposto e máis tarde nomeado como presidente de FEIRACO, asumindo as ideas e o enfoque básico da programación, prescindiu do protagonismo das cooperativas parroquiais autoras do proxecto, e víronse obrigadas, como xa temos comentado, a vender un terreo que xa compraran no centro de Negreira (Camiño Vello) como sede central.



Membros do *plantel* de Liñaio



D. Roberto Reboiro López, líder do *plantel* de Liñaio

Non por esta causa, senón por razóns ideolóxicas e de enfoque, algún axente, e mesmo algún especialista rexional, tivo certas diferenzas cos criterios da dirección de FEIRACO, por entender que os agricultores non tiñan o adecuado protagonismo no manexo da cooperativa.

e) Traballo coa mocidade

Esta Axencia dende os primeiros momentos do seu establecemento, antes de que se institucionalizasen os *planteles* de Extensión Agraria a nivel nacional, empezou a traballar coa xente nova organizando un grupo de mozos dos catro concellos, cos que fixo demostracións de métodos e prácticas en actividades agrarias, ao mesmo tempo que se lles impartían ensinanzas teóricas, dándolles prioridade á cultura xeral, en locais cedidos polo Concello de Negreira na Carreira de San Mauro, onde está na actualidade a Casa da Cultura.

O primeiro *plantel* formal estableceuse na parroquia de Liñaio, liderado polo mestre daquela parroquia D. Roberto Reboiro López, excelente colaborador, tanto pola súa eficacia como pola súa implicación, que demostrou sempre de forma desinteresada e sen percibir remuneración ningunha.

Nota aclaratoria: os denominados *planteles* de Extensión Agraria, creados polo Servizo de Extensión Agraria e regulados polo BOE do 1 de xullo de 1970, son "grupos de aprendizaxe e acción integrados por mozos do medio rural comprendidos entre os 14 e os 25 anos, procedentes dunha mesma localidade ou de localidades cuxa proximidade permita aplicar a metodoloxía que os anima.

Axentes xefes

Foron axentes xefes por esta orde: Manuel González Rodríguez, Amador Rodríguez Troncoso, Feliciano Casado Gallego, José Antonio Muíña Rodríguez, Antonio Campos Beiro, Joaquín Lucas Buelga del Río, Fernando Coduras Orera e María del Carmen Álvarez de Ron Riopedre.



Francisco Cancela Nimo, un dos mellores colaboradores da Axencia de Negreira. Ao fondo un dos primeiros silos da súa propiedade, que se construíron na comarca. (Autora Ainhoa Rodríguez-Xullo de 2008)

Axentes comarcais

Como axentes comarcais prestaron servizos nesta Axencia: Nicolás Prieto Pastrana, José Antonio Hoyos Ruíz, Fernando Coduras Orera, Miguel Cidoncha Soto, José Pérez Varela, Jorge Santiso Blanco, Juan José Cruz Martín (como especialista en xestión de explotacións agrarias), José Antonio Muíña Rodríguez, José María Carpio Recena, Francisco de la Paz de la Paz, Begoña María Porto Silva e Mercedes Espasandín Lois. Ao desaparecer a categoría de axente prestaron, por esta orde, servizos en calidade de técnicos: Raimundo Castaño Bascoy, Montserrat Fuciños Gómez, Rosario Prieto López e José Vilariño López, postos nos que continúan na actualidade os dous últimos.

Axentes de economía doméstica

A primeira axente de economía doméstica foi María Asunción Carrazoni Losada, que empezou a traballar o día 5 de xuño de 1965. Sucedeulle María del Carmen Álvarez de Ron Riopedre, que asumiu tamén nalgunha ocasión a xefatura da Axencia.

Alumnos en prácticas

Fixeron nela as súas prácticas de adestramento: Efrén Juanes Fidalgo, Claudio Alfredo Ansele Suárez, Jesús López Mayo, Donato González Iglesias, Crescencio Rodríguez Epelde, Gonzalo Casino Mínguez, Ángel de Lombas Barco, Ángel Palomero Bretón, César Varas Martínez, que non as chegou a rematar, José María Carpio Recena, José Pérez Varela, Pedro García Vázquez e José Francisco Santos Ucha.

Auxiliares administrativos

No momento da súa apertura foi contratada como auxiliar feminina María del Carmen Magariños Leis, a quen lle sucedeu despois de varios anos María Rosa Silva Caamaño. Na actualidade está como terceiro administrativo Adolfo Manuel Barbosa Pérez, dende o ano 1987.

Localización das oficinas

As oficinas desta Axencia estiveron primeiro en locais alugados no baixo do núm. 7 da Praza de Ferreiro, despois no baixo do núm. 47 da rúa da Cachurra, máis tarde no núm. 3, 2º da Carreira de San Mauro, e por último no local cedido pola alcaldía na rúa de Castelao, s/n, onde na actualidade está situada a Oficina Agraria Comarcal.

Anecdótico

a) Estando encargado da xefatura da Axencia José Antonio Muíña Rodríguez, na súa ausencia presentouse o secretario xeral do Servizo don Miguel Olivas Soto, acompañado do interventor xeral. Recibiunos o axente en prácticas José María Carpio Recena, pensando que eran uns representantes dunha casa comercial.

Conversando mentres esperaban o regreso do señor Muíña, preguntoulle Miguel Olivas se era perito agrícola. Contestoulle Carpio Recena: *Non, eu como non servía para estudar, díxome meu pai que me fixese capataz agrícola e despois que me metía en Extensión.* Aclaroulle ao mesmo tempo Carpio Recena ao secretario xeral que o seu pai era veterinario e director da Escola de Capacitación Agraria de Badaxoz, onde el fixera os estudos de capataz agrícola.

Tan pronto marchou o secretario xeral, Muíña aclaroulle de quen se trataba, e contra todo prognóstico Miguel Olivas, que era portador dunha

inmensa dimensión humana, fixo caso omiso de tales confidencias, porque Carpio Recena superou o período de prácticas e foi destinado como axente comarcal a Carballo.

b) Antonio, un agricultor da aldea do Castro, parroquia de Lañas, Concello da Baña, foi multado pola Garda Civil cando ía para a feira de Santa Comba pola esquerda montado nunha besta. Chegoulle a primeira notificación da multa e non lle fixo caso. Cando lle chegou un segundo oficio coa prevención de embargo, veu á Axencia de Negreira para consultar o tema co axente. Como este estaba no campo, deixoulle o escrito á administrativa para que llo entregase ao regreso. Ao día seguinte o axente presentouse na súa motocicleta *LUBE* co escrito pola vía de constrinximento na casa do agricultor e díxolle co papel na man: *Antonio, ti non tiveches antes deste outro oficio?* El quedou dubitativo e ao cabo de varios segundos contestou: *Mire, don Amador, eu a vostede voulle dicir a verdade porque nunca me enganou: antes de ser labrego funlle carpinteiro.* A que extremo chegaba a desconfianza dos agricultores ante as persoas foráneas, que o seu subconsciente non lle deixaba ver o papel que tiña diante dos ollos!

c) Con motivo dunha campaña na comarca de promoción do cultivo da pataca con semente seleccionada, a Axencia organizou na localidade de Pesadoira, parroquia de Alvite, Concello de Negreira, unha reunión para falar deste cultivo coa axuda da proxección dunha película do Marqués de Villalcázar sobre o referido cultivo, cun proxector portátil de 16 mm. Acudiron á charla todas as mulleres, homes e rapaces de Pesadoira, que era un dos núcleos rurais con máis poboación do Concello. Incluso se celebrou alí en tempos non moi afastados unha feira mensual. A multitudinaria asistencia estivo moi atenta e en silencio na proxección da película mentres se preparou e fertilizou o terreo e se tallaron e sementaron os tubérculos, mais no momento en que apareceron nacidas as patacas, como se dun resorte se tratase, erguéronse todos os asistentes e, ao unísono, como se fose unha soa voz, berraron: *tongo.., tongo.., estes véñenos enganar, as patacas non nacen nin medran tan pronto!*. Menos mal que inmediatamente, levantou a voz para tranquilizalos un veciño que fora emigrante e que xa vira cine, porque do contrario de seguro que nos agredirían e esganificarían o proxector e a pantalla.

d) O doutor Armesto, otorrinolaringólogo con consulta en Ourense, construíu un *silo zanxa*, subvencionado polo Plan Agrícola de Galicia, na súa explotación gandeira, que tiña no lugar de Salaño, parroquia de Ons, do Concello de Brión. Como o seu caseiro se negaba a ensilar, pasou pola Axencia para que fosen os axentes a convencelo. Ao día seguinte, soleado, sobre as doce horas, montados na moto *LUBE* presentáronse na explotación o axente xefe e o axente comarcal. Como non atoparon a ninguén, achegáronse ao silo mentres esperaban que chegase o caseiro porque era a hora do xantar. A súa sorpresa foi maiúscula, pois no fondo do silo estaban durmidos, tomando o sol ao carón un do outro, o gato da casa e un rato. Cando o gato ía en persecución do rato, caeron os dous pola rampla do silo, do que non puido escapar ningún. Sábese que os maiores rivais acaban por unirse fronte ao inimigo común, que neste caso foi o silo zanxa, que se transformou para eles en “silo trampa”.

Ao pouco tempo chegou o caseiro coas vacas, argumentando ante os axentes que se se metía a herba no silo con terra por encima, que podrecía, e que non era o mesmo que meter sardiñas en lata. *A vostede que lle parece, será máis doado que se conserve a herba no silo ou que o seu gato se encontre tomando o sol tranquilamente nel cun rato?*, díxéronlle os axentes. *Máis doado é que se conserve a herba no silo, porque dende que teño ese gato non vexo un rato por ningunha parte*, contestou o caseiro.

Os axentes eran Amador Rodríguez Troncoso e Nicolás Prieto Pastrana. O doutor Armesto agradeceu a capacidade de convicción do Servizo na primeira visita que fixo a Axencia.

e) Ao agricultor Rogelio Pais Baña, do lugar de Vilar da Torre, parroquia de Lañas, Concello da Baña, puxéronselle de cor branca todas as maceiras que tiña nun pomar ao lado da casa. A Axencia comprobou que se trataba dun intenso ataque de pulgón lanífero e pediu á Estación de Fitopatoloxía Agraria de Burjasot (Valencia) unhas colonias de “*Aphelinus Mali*”, para controlar con este parasito depredador do pulgón a praga. Colocáronse tres caixiñas de cartón atadas debaixo dunhas pólas doutras tantas maceiras do pomar, que chegaran por correo o “*Aphelinus*”, baixo a sarcástica, retranqueira e desconfiada mirada de Rogelio.

Transcorridos uns días desapareceulle a totalidade do pulgón lanífero das maceiras e a Roxelio metéuselle na cabeza de que aquilo “*fora cousa de bruxas*”, e así o propagou por toda a comarca. Coa súa actitude contribuíu a afianzar aínda máis o prestixio que xa tiña a Axencia no control das pragas e enfermidades dos cultivos, porque a superstición era endóxena, con especial relevancia na escala de valores dos labregos. A “Sabia” da localidade de Vilaserío, do Concello de Negreira, e a de Baiñas, en terra de Xallas, onde tamén traballaba a Axencia, eran coñecidas en toda Galicia polas súas artes feiticeiras no tratamento de enfermidades.

2.- Axencia Comarcal de Betanzos (Nº. 22).

Creación

Foi fundada no ano 1957 co número 22, xunto coas de Monforte de Lemos, Viana do Bolo e Xinzo de Limia.

Concellos

Betanzos, Bergondo, Sada, Paderne, Coirós, Abegondo, Cesuras, Oza dos Ríos, Irixoa e as parroquias de Feás e Fervenzas do Concello de Aranga.

Explotacións

O número das explotacións agrarias da comarca ascendía a 9.769, das que 4.692 superaban a superficie de dúas hectáreas.

Actividades destacadas

Polos anos 50-60 funcionou a pleno rendemento un secadoiro de lúpulo da empresa concesionaria, ao que acudían os cultivadores nos meses de agosto e setembro para o seu secado. O cultivo do lúpulo foi de relevante importancia nos concellos próximos ao núcleo urbano de Betanzos, pola achega de ingresos ás familias agrarias, tanto para cultivadores coma para as colleiteiras. A Axencia, ante a limitada capacidade de secado establecido pola empresa concesionaria, promoveu a construción de 19 secadoiros familiares con axudas do INC (Instituto Nacional de Colonización) e propiciou a mellora de ingresos dos agricultores afectados, evitando a deterioración do lúpulo por falta de secado. A finais dos anos 70 a empresa concesionaria abandonou a co-

marca de Betanzos e concentrou a súa produción en León.

Había 800.000 plantas de lúpulo de 1.600 cultivadores da comarca e, ademais das pertinentes orientacións para as instalacións de arame e a fertilización, a Axencia fixo unha campaña para o control do mildio neste cultivo a partir do ano 1958, con pulverizadores de alta presión (20 atmosferas) e cun alcance de doce metros, en colaboración con casas comerciais.

En desenvolvemento comunitario a Axencia promoveu electrificacións, camiños, traídas de auga a domicilio, teléfonos rurais, teleclubs, áreas recreativas, fontes públicas e lavadoiros públicos. Destas accións beneficiáronse a totalidade dos lugares da comarca mediante o sistema de “Axuda mutua e esforzo propio”.

A Axencia prestoulle especial atención ás explotacións agrarias de froiteiras, horta, flor e gando vacún.

No campo das amas de casa atendeu á mellora da vivenda, á alimentación humana e á hixiene, fundamentalmente.

Promoveu a concentración parcelaria en 73 parroquias das cen existentes na comarca de traballo.

Chegaron a funcionar teleclubs en cines de Oza dos Ríos, Coirós, Crendes de Abegondo, Santiso de Mabegondo e Paderne.

A nivel comarcal organizouse unha cooperativa de fabricación de pensos para as explotacións de vacún. Esta cooperativa era tamén de subministración e entre os socios fíxose un intercambio laboral con substitucións en caso de necesidade ou vacacións previamente programadas.

Constituíronse cooperativas comunitarias en Oza dos Ríos, Quintás de Paderne e San Xulián de Vigo, tamén de Paderne.

Nos anos 80 aínda funcionaba a cooperativa comarcal referida, creada polo *plantel* comarcal de Betanzos. Tamén funcionaban as cooperativas de vacún de leite en Santa María da Cabeza de Bergondo, San Tirso de Mabegondo, San Tirso de Ambroa en Irixoa, Río Lambre, tamén en Irixoa, e “Gandeiros Xuntos” en Paderne. En comercialización de flor cortada funcionaban

as cooperativas “Dami-Flor” en Paderne e “Flor Barcés” en Abegondo.

O traballo desta Axencia en xuventudes foi moi destacado. Así na I Convención Nacional de *Planteles* de Extensión Agraria, celebrada entre o 21 de outubro e o 26 de novembro de 1974, presentou o relatorio sobre incorporación á empresa agraria a través dos *planteles* o membro do de Betanzos, Antonio Pena.

E no I Concurso Nacional de *planteles* de Extensión, convocado polo Ministerio de Agricultura en 1975, obtivo o segundo premio o *plantel* de Betanzos. Foi premiado cunha viaxe de todos os membros por Europa durante 21 días.

Axentes xefes

Juan Antonio Garrido Suárez, Juan María Ruiz Revuelta e Ana Beatriz Álvarez Penas.

Axentes comarcais

Julián del Caño Abad, Jesús Alonso Rosano, Julio Martín García, Pedro Alonso Gago, José Ramón Yarza García, Santiago Sobejano Sobejano, Antonio Fernández Oca, Miguel Cabezas Calvo, Antonio Rodríguez Taracido, Paulino Rodríguez Taracido, Cesar Domínguez Castro, Antonio Álvarez González, Diego Sánchez Sánchez, Carlos Sanza Santa-Olalla, Montserrat Fuciños Gómez e Lorenzo Montserrat Bermejo, con dependencia funcional este último do Centro Rexional de Guísamo (agosto de 1970), como especialista en cooperación.

Axentes de economía doméstica

Pilar González Redondo, Matilde Estébanez Félix, Prudencia Santasmarinas Raposo, María Jesús Domínguez Legaspi, Manuela Cerqueiro Parafita e Ana Beatriz Álvarez Penas.

Axentes e outro persoal en prácticas

César Domínguez Castro, Carlos Bugallo Varela, Paulino Rodríguez Taracido, María Luz Baamonde González, María Ángeles Martín Martínez como axente de economía doméstica, Gerardo Luis García Fernández, Carlos Enrique López, Luis Acacio Martínez Cuétara, Juncal Caaveiro de la Vega e Andrés Vázquez Hombrados. Os cinco últimos eran enxeñeiros agrónomos e técnicos do Servizo.

Auxiliares administrativos

José Manuel González Vázquez, María Luz Baamonde, contratada, Pilar Martínez Pazos e Rosa Isabel Lauda Brandariz.

Localización das oficinas

Nos primeiros momentos e de maneira provisional a Axencia estableceuse nuns locais cedidos polo Instituto Laboral. Pasou ao pouco tempo en aluguer ao baixo do número 5 da rúa Arxentina e dende o ano 2000 estableceuse na Avda. Carregal, s/n, no edificio da Xunta, onde na actualidade está a Oficina Agraria Comarcal.

3.- Axencia Comarcal de Padrón (Nº. 61).

Creación

Creouse no mes de decembro de 1959 coas de Vilalba e Silleda.

Concellos

Comprendía os concellos de Padrón, Rois, Dodro, Teo e Rianxo.

Explotacións atendidas

Nas 5.885 explotacións que hai nos cinco concellos da comarca predominan as inferiores ás dúas hectáreas e, polo tanto, a maioría delas son máis propias para o autoconsumo, para o seu aproveitamento a tempo parcial ou para cultivos intensivos, en especial de horta.

En canto ao aproveitamento viable de gando de leite e carne hai en Rois 707 explotacións superiores ás dúas hectáreas e en Teo 957, pero neste último, pola súa condición de lindeiro co de Santiago, a terra dedicouse á urbanización, ata tal punto agora, no ano 2008, existen neste Concello unicamente tres explotacións de vacún de leite e carne.

Actividades

Os primeiros traballos foron sobre a mellora da pataca, as pradeiras, millo e o gando vacún, mediante o establecemento de campos de demostración nas diferentes parroquias. Nos primeiros 31 anos de funcionamento da Axencia o persoal traballou todos os domingos e días festivos, sen compensación complementaria ningunha.

Na década dos 70 conseguiran a concentración parcelaria da maioría da comarca, agás o Concello de Rianxo. A de Dodro ultimouse na década dos 80.

O labor para lograr a concentración esixiu un grande esforzo en contactos e diálogos individuais e en grupo, proxectando películas nas parroquias e aldeas cun proxector ás costas de máis de 40 quilos de peso. En Imo (Dodro) unha señora vociferaba en contra da concentración e o xefe da Axencia, Crescencio Rodríguez Epelde, que era leonés, cansado de camiñar por aquelas corredoiras coa referida máquina ao lombo, díxolle: “Cállese señora que le van a caer los dientes!” Estas argumentacións, apoiadas pola constancia e polo esforzo, eran as que convenían á xente.

Para complementar os ingresos das familias promoveron a cría de pitos procedentes do País Vasco, que recibían por ferrocarril e distribuíanos ata as tres da madrugada nas diferentes aldeas coa furgoneta do Servizo. Como consecuencia desta iniciativa chegaronse a establecer máis de 30 granxas industriais de polos de engorde na comarca. Tamén se estableceron algunhas de porcos.

Para mellorar os cultivos fomentaron o encalado dos solos, repartindo borras de cal procedentes do Barco de Valdeorras e solicitadas pola Axencia.

Importaron vacas leiteiras de vaquerizas de Madrid, coa orientación de don Cándido del Pozo Pelayo, delegado para España da raza holandesa. Con posterioridade a Deputación da Coruña importounas de Holanda.

Nunha destas importacións escapouse no desembarco, na Coruña, unha vaca e meteuse nunca sucursal bancaria, obrigando aos empregados a esconderse detrás do mostrador e das mesas de traballo, aterrados pensando que se trataba dun touro de lidia.

Dado o acusado minifundio da zona promoveron a explotación comunitaria de terras e gando, constituíndo dúas destas cooperativas, unha en Rois e outra en Teo.

A diseminación da poboación agraria nas 428 aldeas da comarca fixo necesaria a promoción de centros de frío para o leite, que se estruturaron

en grupos sindicais de colonización e en sociedades agrarias de transformación (SAT). Moitos destes centros de frío integráronse en FEIRACO.

Organizáronse visitas colectivas a Villaviciosa (Asturias), Muriedas (Cantabria), Derio (Vizcaia), Badaxoz, Portugal, Francia e Italia. Estas visitas colectivas de agricultores da comarca tamén se facían con motivo de feiras internacionais como a de Cremona, Sevilla e Lisboa.

Os horticultores organizados visitaron explotacións e cooperativas hortícolas en Portugal, Iberflora de Valencia e O Maresme catalán.

Tamén se fomentaron granxas de coellos e visóns, ademais das avícolas citadas, así como a fruticultura, amorodos, viñedo e caracois, chegando as plantacións de kiwi a unhas 30 hectáreas.

Unha das actividades máis destacables foi o cultivo baixo abrigo, nos cinco concellos da comarca de traballo, do pemento de Padrón, tan coñecido, que, coa venda de plantas de cebolo, tomate, pemento, porros e outros cultivos de horta nas feiras das comarcas lindeiras no radio de máis de trinta quilómetros, son a base dos ingresos principais das explotacións agrarias da comarca.

Os intentos dos horticultores promovidos pola Axencia para conseguir a denominación de orixe ou a indicación xeográfica protexida para o pemento de Padrón tropezaron co inconveniente de que esta marca xa estaba rexistrada por unha casa comercial. De todos os xeitos, o teimudo espírito de Extensión prendeu nos horticultores e están loitando pola indicación xeográfica protexida do “Pemento de Herbón”.

A floricultura alcanzou na comarca, tanto en plantacións coma en vendas, unha destacada importancia.

Chegaron a funcionar os seguintes *planteles* de Extensión: Urdilde, dous; Augas Santas; Buxán; Rois; Herbón; Carcacía; Oza, tamén dous; Reis; Recesende; e Lampai. Ademais, para a incorporación de mozos ás súas explotacións, funcionou en Padrón un grupo de empresa de carácter comarcal.

En desenvolvemento comunitario hai que resaltar nas 428 aldeas o abastecemento de auga aos fogares, saneamentos de núcleos rurais, mellora

de rúas, apertura de camiños, regadíos, pontes, centros aplicativos de inseminación artificial, bebedoiros do gando, parques infantís, electrificacións rurais, campos de deportes, centros sociais e recuperación e restauracións de muíños e templos parroquiais. Todo mediante o principio de “Axuda mutua e esforzo propio”.

En xuño de 2002, cando xa o Servizo de Extensión en Galicia fora suprimido por omisión legal, “como quen non quere a cousa”, polo conselleiro do momento da Xunta, os asistentes ao XVIII Curso Internacional de Especialización en Extensión Agraria e Desenvolvemento Rural, celebrado na Escola Central de Capacitación Agraria de San Fernando de Henares, con participantes dos 19 países latinoamericanos, foron agasallados cunha comida típica galega polos 12 veciños da aldea de Silvarredonda (Roís) e polos grupos de mulleres rurais de Remédelo e Urdilde, despois de visitar o cemiterio parroquial de San Miguel de Costa, construído polos veciños, así como outras moitas accións comunitarias, en especial as da aldea de Buxán, que acababa de recibir o primeiro premio de desenvolvemento comunitario da Semana Verde de Galicia con motivo do seu 25 aniversario, en concorrencia con outras comunidades do resto de Galicia, de Asturias e do norte de Portugal.

Tamén visitaron as accións comunitarias desta comarca, en xullo de 1980, os asistentes ao 24 Congreso da Asociación Internacional de Estudantes de Agronomía, que se celebrou en Santiago, e non se necesitaron intérpretes porque actuaron como tales, en cada caso, en inglés, francés e italiano, os agricultores que tiñan estado na emigración.

Esta Axencia tomou tamén parte moi activa na solicitude, organización e redacción de ordenanzas en máis de 70 montes veciñais en man común dos concellos de Rianxo, Roís, Padrón e Dodro.

En lembranza da axente de economía doméstica, hoxe falecida, Carmen Rubí Burgoa, facemos constar que nos anos 1962 e 1963 promoveu, co apoio dos concellos de Padrón, Roís e Dodro, un concurso sobre acondicionamento e limpeza das casas de labranza e en especial das cociñas, así como as dotacións de mobles e utensilios. O primeiro premio consistiu nunha cociña de butano, o segundo nunha ola a presión e o terceiro nun

ferro de pasar eléctrico. Tamén se concederon premios consistentes en mesas de cociña, cadeiras, lotes de alimentos e libros de cociña a cargo de diferentes casas comerciais.

Estes concursos foron apoiados con programas de incremento dos ingresos familiares mediante actividades complementarias como produción de ovos, crianza de pitos para o mercado e mellora tecnolóxica dos cultivos de horta.

A resposta das amas de casa foi moi boa e esta metodoloxía contribuíu a mellorar a calidade de vida do medio rural dentro da comarca e a artellar programas da Axencia para traballar conxuntamente coa familia e a explotación.

Axentes xefes

Crescencio Rodríguez Epelde, Julio Martín García e José Ramón Torreira García.

Axentes comarcais

Camilo Fernández Rocha, Julio Martín García, Ricardo Pérez-Fernández del Pozo, Julián Díaz Ortega, que foi máis tarde presidente da Deputación de Córdoba, Pablo Gardel Peiró, que ocupou un alto cargo na Generalitat Valenciana, Francisco Roig Cuervo e Ramón Torreira García.

Axentes de economía doméstica

Trinidad Jaume Pons, mallorquina, Carmen Rubí Burgoa, María Teresa Alonso, Inés Fernández Herrero, María Luz González Fidalgo, que foi máis tarde alcaldesa de Maceda (Ourense) e Carmen Castaño Fernández.

Alumnos en prácticas

Félix Expósito Martínez, Juan Díaz de Benito, Ramón Azurmendi Cucullo, vasco, e María Montserrat Fuciños Gómez.

Tamén fixeron prácticas nesta Axencia un tal Bacariza, enxeñeiro agrónomo, Carmen Freire, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, e outra moza da que non se nos facilitou o nome.

Auxiliares administrativos

Lorenzo Magariños Leis, María Dolores Araujo, Amparo Cuíña Vence, Ana Fernández Calvo e María Isabel Castro Rodríguez.

Localización das oficinas

Primeiro instaláronse no local dos sindicatos, despois pasaron en aluguer á rúa do Castro, nun baixo; máis tarde a un primeiro andar, tamén en aluguer, da avenida de Compostela, onde foron desafuzados por falta de pago cando xa dependía da Xunta, e por último en locais da cámara agraria.

4.- Axencia Comarcal de Carballo (Nº. 86).

Creación

Foi creada no ano 1960 con Arzúa, Ortigueira, Ribadeo, O Carballiño, a Estrada e Tui.

Concellos

Laracha, Carballo, Malpica, Ponteceso, Coristanco, Cabana de Bergantiños e Laxe.

Explotacións

No conxunto da comarca había 13.532 explotacións agrarias, das cales 6.303 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas e capaces polo tanto dunha viabilidade para gando de vacún.

Actividades máis importantes

Tiveron os seguintes *planteles* de: Rus (Carballo), con máis de 80 mozos, mixto, cun teleclub; Sampaio (Coristanco); Pazos (Ponteceso); Rebordelos (Carballo), onde se fixeron os primeiros invernadoiros, que foron galardoados con 1º Premio Nacional e recibiron o premio en Madrid de mans de Franco; e Baldaio. Este *plantel* desenvolveu tarefas de horticultura con éxito; plantou pementos de Padrón e chegou a vendelos no ano 1985 a 300 pesetas o cento.

Fomentaron cooperativas parroquiais e promoveron a súa federación, constituíndose a cooperativa "COREBER" (Cooperativas Reunidas de Bergantiños) cuns 700 socios de toda a comarca. Ten fábrica de pensos, comercializa leite e subministra fertilizantes e todo o necesario para as explotacións agrarias dos socios. Conta cunha sección de horta. Hai tamén as seguintes cooperativas de horta: "Roanllóns" e a de Laracha. Durante varios anos funcionou a Cooperativa de Pataca Certificada de Coristanco.

Axentes xefes

Manuel Teodosio López Marcos, César Domínguez Castro, Francisco Roig Cuervo e María Manso Cid.

Axentes comarcais

Miguel Ángel García de la Chica, Florencio Cardador Canelo, Andrés Núñez Rajoy, Manuel Espasandín Lois, Roberto García Ferreiro, Ricardo Míguez Abajo e José María Carpio Recena, o da anécdota de Negreira, que foi trasladado a unha Axencia fóra de Galicia.



Asistentes a un cursiño de Negreira visitando o 23-11-1961 unha explotación familiar protexida en San Pedro de Quembre (Carral) dirixidos polo xefe da Axencia de Carballo M.Teodosio López Marcos. (Autor A R Troncoso)

Axentes de economía doméstica

Julia Lamas Álvarez e María Manso Cid.

Monitores

Darío Dios Blanco.

Auxiliares administrativos

Juan, do que non conseguimos os apelidos, María del Carmen Cotelo, Pilar Barbeito Miramontes, María Dolores Araújo e Ramón Pombo Manteiga, o actual.

Localización das oficinas

Rúa Valle Inclán (antes José Antonio) e no Complexo Parroquial; en aluguer en ambos os dous casos.

Anécdotas relacionadas con esta Axencia

María Manso Cid, que ademais de desempeñar o cargo de axente de economía doméstica foi tamén xefa da Axencia, enviounos moitas anécdotas das que seleccionamos as seguintes:

1. Estando como axente comarcal un estremeño, preguntoulle un agricultor o marco de plantación dos “allos” e díxolle que era duns 5 metros, porque entendeu que lle falaba de “faias” (“hayas”). O labrego quedou asombrado ante tal resposta.

2. Copiamos de maneira literal, omitindo nomes, o oficio que lle dirixiu un garda ao director xeral de Colonización:

El que suscribe....., guarda de la finca de....., con el debido respeto tiene el honor de esponer a V.I. -Que no tengo mas remedio que escribirle la presente porque el dia 25 de este mes hablé con el colono del lote n°. 22 que se negara a que entrase yo en la parcela, para ber el aforo, yegando a palabras mallores y amenazas con otros parceleros que se pusieron a favor de dicho parcelero y luego dijeron amos a endiñarle y apedrearon al que suscribe cagandose en la puta madre de V.I cuya vida garde Dios muchos años....

3. Tamén recibiron nesta Axencia un “Saluda” de Miguel Olivas Soto, de data 14 de xuño de 1963, que di o seguinte:

“El Vicesecretario de la Dirección General de Capacitación Agraria SALUDA al Jefe de la Agencia de Extensión Agraria y se complace en comunicarle que por correo aparte se le remiten 40 ejemplares de los folletos “Decálogo del buen peatón”, “El Guardián de mi hermano” y “Normas sobre socorrismo” y uno de los carteles “Señales de peligro”, “Aventuras de Ramón que en golpes fue campeón”, “Protéjase con casco” (La cabeza no tiene recambio), “Por la noche los carros son pardos”, “Señales de prohibición, señales de obligación” y “Señales de circulación”, editados por la Jefatura Central de Tráfico”.

4. Un agricultor diríxelle á Axencia o seguinte escrito:

Ardaña 4 de Novienbre de 1.970. -Señor encargado de la Estension Agraria. -Muy señor Mio.- Le ruego encarecida mente que la pista de Novi esta terminada hasi lo dicen los vecinos pero toda-

bia falta un liviadero y reparar los paseos y las Conetas Cosa que a mi guicio deven Vd asegirle alos Becinos antes de Soltar .-El Dinero y sin otro particular les saludo muy cordialmente .-Jesús Suarez.-

5. No taboleiro de anuncios desta Axencia aparecían de vez en cando anuncios como estes:

- a) “VÉNDESE CALIFASIÓN A GASOY, Telf...”
- b) “SE VENDEN VACAS PAXEGAS Y JERSEIS, Telf...”
- c) “VÉNDESE PITA CON POLOS RAZA DA CASA Telf...”

5.- Axencia Comarcal de Arzúa (Nº. 87).

Creación

Foi creada no ano 1960 coas axencias de Carballo, Ortigueira, Ribadeo, O Carballiño, A Estrada e Tui.

Concellos

Abarcaba os concellos de Arzúa, Boimorto, O Pino e Touro.

Explotacións

Das 5.414 explotacións agrarias que comprendía o conxunto dos catro concellos da comarca de traballo, a Axencia atendía con carácter prioritario as 4.070 que tiñan unha superficie superior ás dúas hectáreas, que eran as únicas con capacidade de ser viables para gando vacún de leite ou carne, orientación produtiva principal da área de traballo.

Actividades

Pola orientación produtiva gandeira de leite e carne da comarca, a Axencia prestoulle atención á implantación de pradeiras artificiais, á construción de silos para a conservación de forraxes e á mellora de cortes e introdución de reses selectas de produción de leite, sen desatender a introdución de pataca seleccionada e millo híbrido e o control de pragas e enfermidades deste cultivo, así como a súa fertilización.

Promoveu en toda a comarca o fomento da elaboración do queixo de Arzúa, ata o punto de

que sendo este queixo coñecido tradicionalmente como “queixo da Ulloa”, nos primeiros momentos chegou a denominar oficialmente “queixo de Arzúa”, ata que acabou esta marca de orixe coa denominación “Arzúa-Ulloa”, dado que a área, dende tempos inmemoriais, de produción deste tipo de queixo abrangue tanto a zona Arzúa-Melide da provincia da Coruña coma as lindeiras de Palas de Rei, Antas de Ulla e Monterroso de Lugo. Na actualidade, este queixo promóvese en feiras anuais que se celebran tanto en Arzúa coma en Monterroso.

A xente dos concellos do centro de Galicia onde se produce este queixo cre que a súa calidade se debe aos nabos con que alimentan as vacas. Esta circunstancia inclínanos a pensar que empezou a coller relevancia a produción deste queixo a partir do ano 1845, en que se introduce o cultivo do millo, a pataca e os nabos nas terras de Monterroso. Do queixo do Cebreiro hai constancia que xa se exportaba a Castela no século XVIII.

Algún dos expertos en elaboración de queixos afirman que a única relación que hai entre a calidade do queixo de Arzúa-Ulloa e os nabos é que o mellor queixo tradicional coincidía coa época da produción dos nabos, cando as temperaturas son máis baixas e polo tanto máis aptas para conseguir boa calidade, sen relación ningunha co consumo de nabos polas vacas. Coas técnicas de frío utilizadas na actualidade a calidade do queixo é a mesma en calquera época do ano.

Esta Axencia tamén lle prestou moita atención á concentración parcelaria, sendo máis de 40 as parroquias que a fixeron en toda a comarca.

Funcionaron *planteles* de Extensión Agraria en Prevediños (Touro), Arca (O Pino) e Rendal e Burres (Arzúa).

Axentes xefes

Desde a súa creación ata súa desaparición como Axencia de Extensión, o seu único axente xefe foi Claudio Ansedo Suárez.

Axentes comarcais

Demetrio Mansilla de Castro, Amador de Celis Suárez, Ángel Martínez Illanes, Jesús Alonso Rosano, Juan Manuel Gómez López, de Sevilla,

Rafael Muñoz Moreno, Manuel Espasandín Lois e Germán Crespo Miramontes.

Non foi posible identificar unha axente que segundo se nos dixo traballou como tal nesta Axencia e que era oriúnda de Guadalaxara.

Axentes de economía doméstica

María Luisa Castro Rodríguez e Ángeles Mariño Barreiro. A segunda foi trasladada a Ferrol por razóns de unificación familiar, e a primeira a Monterroso de onde era natural.

Auxiliares administrativos

José Ramón Valiño, que deixou o posto para abrir a gasoleneira de Arzúa, María del Carmen Carreira López, trasladada a petición propia a Vila de Cruces onde casou, Dolores García Baamonde e María Teresa Cacharrón Rey.

Localización das oficinas

No momento da súa creación establecéronse na casa do Concello, máis tarde pasaron a un baixo da estrada de Lugo en aluguer, e por último ocuparon os locais da cámara agraria local, onde continúa a actual Oficina Agraria Comarcal da Xunta.

6.-Axencia Comarcal de Ortigueira (Nº. 88).

Creación

Abriuse esta Axencia no ano 1960 con Carballo e Arzúa da provincia da Coruña, Ribadeo de Lugo, O Carballiño de Ourense e A Estrada e Tui da de Pontevedra.

Concellos

Nos primeiros momentos comprendía os de Ortigueira, co actual de Cariño e Mañón. Cando a Xunta comarcalizou Galicia pasou a pertencer tamén a esta comarca o de Cerdido.

Explotacións

Das 6.728 explotacións agrarias que comprendía a comarca, a Axencia prestáballes atención prioritaria ás 3.769 que superaban a superficie de dúas hectáreas, por seren as únicas con posibilidades de viabilidade gandeira, que era a orientación produtiva principal da comarca.

Actividades

Nos comezos fíxose un intenso labor de asesoramento técnico en cultivos e implantación de pradeiras artificiais, conservación de forraxes, fertilización e control de pragas e enfermidades dos cultivos, hixiene e saneamento gandeiro, estabulación e importación de reses selectas de aptitude leiteira.

Tentouse abordar a concentración parcelaria, solicitándoa a metade da parroquia de San Adrián de Veiga, e fracasou o intento.

Traballouse en desenvolvemento comunitario mediante apertura de camiños e traídas de auga, principalmente.

Ante o desinterese das centrais leiteiras, polo afastado e non ben comunicado recuncho do Ortegal, fóronse vendendo as pequenas cotas de leite das explotacións familiares, e progresivamente as terras de labor e de pastos repoboáronse con eucaliptos, chegando en moitos casos a ser rodeadas as agras por estas plantacións, nas que acabaron por implantar tamén estas repoboacións.

Resultados destacables

A Axencia promoveu a organización dos gandeiros con esta vocación e con posibilidades de viabilidade na cooperativa Agroortegal, conseguindo deste xeito que Leyma recollese o seu leite en toda a comarca.

Agroortegal organizou “Cumás”, estableceu servizos de substitucións para posibilitar ausencias de fin de semana e vacacións, mellorou a xenética do gando leiteiro, a súa estabulación máis hixiénica, a subministración de pensos e a comercialización tanto do leite coma da carne.

A súa localización está en Ortigueira, pero atende tamén socios de Mañón, Cariño e Cedeira, prestando servizos de interese ás explotacións gandeiras de toda a comarca.

Axentes xefes

Foron por esta orde: Camilo Fernández Rocha, Javier Sainz Gutiérrez, Antonio Rodríguez Taracido e Paulino Rodríguez Taracido.

Axentes comarcais

Tamén por esta orde foron axentes comarcais: Eugenio Martín Martín, Julio Manuel Romero González, Agustín Muñoz García, Antonio Sánchez Oriol, Juan Carretero López e Paulino Rodríguez Taracido.

Estivo destinada nesta Axencia algún tempo a axente de economía doméstica Ángeles Mariño Barreiro, que traballou como axente comarcal e non coa función específica de economía doméstica.

Auxiliares administrativos

Así mesmo, por esta orde: José Gómez Diéguez, Antonio Bermúdez Garrote, Pilar Rodríguez Cid, María del Carmen Torrón Fernández, Manuela López Fernández, Irene Castaño Fernández e Ana Isabel Domínguez Santiso.

Procedentes de cámaras agrarias cando estas foron disoltas, incorporáronse a esta Axencia como administrativos: Miguel Carredaguas Carredaguas, José Antonio Rubido Martínez e Juan Carlos Berrocal Regueira. Este último continúa na actualidade.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron na rúa do Cárcere, pasaron a rúa General Franco, núm. 51-1º, en aluguer, e por último ao núm. 40, baixo, desta mesma rúa, nun local cedido polo Concello, que paga o aluguer.

7.- Axencia Comarcal de Ordes (Nº. 151).

Creación

Abriuse esta Axencia no ano 1962 coa das Pontes de García Rodríguez, a do Barco de Valdeorras e a de Lalín.

Concellos que comprende

Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo.

Explotacións

Das 7.891 explotacións agrarias que comprendía a comarca de traballo a Axencia prestáballe atención prioritaria a 5.593, que eran as comprendidas entre 2 e 20 hectáreas de superficie, por

seren as únicas con posibilidades de viabilidade para a gandería, que era a orientación produtiva fundamental da comarca.

Actividades

Orientouse o traballo ao fomento do vacún de leite e carne, produción e conservación de forraxes, organización de grupos de mecanización, instalación de centros de frío de leite nas explotacións e ao fomento do cooperativismo.

Resultados salientables

Organizáronse cooperativas de subministración e abastecemento en Oroso, Trazo, Tordoia, Cerceda e Ordes.

Constituíronse explotacións comunitarias de terras e gando en Poulo, Céltigos, Frades e Abellá.

A cooperativa de Ponte Carreira, que empezou con 90 socios, chegou a máis de 800 dos concellos de Frades e Mesía, con algúns socios de Ordes e de Oroso. Esta cooperativa elaborou pensos, estableceu servizos de asistencia técnica e constituíu un grupo de xestión de explotacións de produción de leite e carne.

Solicitaron a concentración parcelaria as parroquias dos concellos de Frades, Oroso, Mesía e Ordes na súa case totalidade, e un 40% das do Concello de Tordoia. Non se conseguiu a solicitude de ningunha das parroquias do Concello de Cerceda, pola interferencia da Central Térmica das Encrovas.

Funcionaron *planteles* de Extensión Agraria en Gorgullos, do Concello de Tordoia, e en Salceda, do de Frades, e organizáronse grupos de amas de casa nas localidades de Lesta e Vilamaior, do Concello de Ordes.

Axentes xefes

Félix Expósito Martínez, que abriu a Axencia, Gregorio Ruiz Peña, que permaneceu nela ata a súa xubilación, Teodosio Martino Martino, que foi alcalde de Ordes, e Esther Viana Conde.

Axentes comarcais

Federico Cabrera Domínguez, José Recimil Tábora, José Manuel Campo García, Emiliano Avilés Repena, de Xaén, José Manuel Romero Bueno, de Sevilla, Antonio López Suárez, de Málaga, José Souto Pérez, Luis Arenas Barreiro, Javier López García, Eduardo Peláez Ruiz, de Madrid, Teodosio Martino Martino e Ángel Martínez Illanes.

Axentes de economía doméstica

Esther Viana Conde.

Axentes en prácticas

Jaime Liza Escánez, de Huesca, Jesús Mundiña Acebo e Alfonso Ruano Prieto, que foi primeiro destinado á Axencia do Porriño, despois das transferencias foi xefe do Servizo en Pontevedra e na actualidade está destinado en AGADER.

Auxiliares administrativos

Javier Veiga López, María del Carmen Viqueira Vereá e María José Iglesias Conde.

Localización das oficinas

Rúa Lagartos, baixo, en aluguer; Rosalía de Castro, núm. 1, tamén en aluguer; e Generalísimo, agora rúa Nova, 41-1º, cedido pola cámara agraria local.

8.- Axencia Comarcal das Pontes de García Rodríguez (Nº. 152).

Creación

Abriuse no ano 1962, xuntamente coas axencias de Ordes, O Barco de Valdeorras e Lalín.

Concellos

A comarca desta Axencia comprendía os concellos das Pontes de García Rodríguez, A Capela, As Somozas, a parroquia de Alto Xestoso do Concello de Monfero, as de Piñeiro, Miraz, Roupár, Cabreiros e Lousada do Concello de Xermade (Lugo), e as de Ambosores, Burgo, Irixoa, Muras, Silán e Viveiró do Concello de Muras (Lugo).



As Pontes de García Rodríguez en 1979.

(Autor A. R. Troncoso)

Explotacións

Comprende a comarca de traballo 3.091 explotacións agrarias, das que 2.022 son superiores ás dúas hectáreas de superficie e polo tanto con certas posibilidades de viabilidade para vacún de leite, se ben hai que esclarecer que polas características orográficas e climáticas non son aconsellables como viables para esta orientación produtiva explotacións inferiores a tres hectáreas. As inferiores a esta superficie considéranse de subsistencia. Proba diso é que a porcentaxe de explotacións superiores ás dúas hectáreas chega ao 65% no global da comarca.

Actividades

Transcribimos literalmente o que nos di o que foi xefe desta Axencia Manuel J. Ferreiro Redondo:

“Tendo en conta que a vocación produtiva da comarca e a súa tradición era a gandeira e a forestal, toda a actividade desenvolvida pola Axencia fíxose en función destas orientacións produtivas, aínda que a forestal non tivo a intensidade suficiente ao ser un campo ou eido acoutado para outros funcionarios.

Os primeiros anos a actividade centrouse en dar a coñecer o Servizo e tamén a coñecer a comarca polo funcionario correspondente. Introdúcense novas técnicas e alternativas de cultivos e variedades selectas (pradeiras artificiais, pataca, millo híbrido, etc.). O traballo fíxose con demostracións de método, campos de ensaio, etc.

Despois dos dous primeiros anos e ata o ano 1977 faise un traballo importante de desenvolvemento rural, principalmente nos concellos de Muras, Monfero, As Pontes e Somozas, mediante ac-

cións comunitarias que fan que se doten dunha mínima infraestrutura de acceso a bastantes lugares que estaban incomunicados. Promóvense traídas de auga que melloraron as condicións de traballo e hixiénicas nas vivendas e, a súa vez, a calidade de vida das familias, sentando a base para un posterior desenvolvemento das explotacións; tamén se fan accións comunitarias para instalacións eléctricas.

Na década dos 70 iníciase un traballo de mellora, ampliación e especialización das explotacións gandeiras; á súa vez, ábreanse novas canles de comercialización, coa creación de cinco cooperativas, sendo o seu traballo a compra dos insumos para o funcionamento das explotacións e comercialización do leite. Tamén se establece unha cooperativa de traballo comunitario que hoxe non existe.

Nesta década establécese un *plantel* para a incorporación de mozos.

Coa incorporación da axente de economía doméstica desenvólvese un traballo na mellora da vivenda e na dieta alimenticia das familias, ao incorporar novas variedades de horta, técnicas de cultivo e conservación de alimentos.

Nos anos 80 séguese coa mellora das explotacións, tanto no aspecto estrutural, a través das axudas do antigo IRYDA e Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, coma no manexo das explotacións (fertilización, establecemento e renovación de pradeiras, técnicas de ensilado, xenética do gando, manexo da muxidura, control preventiva da mamite, técnicas de secado, etc.).

Introdúcese a xestión de explotacións, para a análise comparativa da xestión técnica e para acadar a maior rendibilidade económica posible.

No inicio da década dos 80 establécese unha fábrica de pensos na cooperativa da Capela e unha rede de frío en todas as explotacións pertencentes a esta; posteriormente esta cooperativa transformase en APA (Asociación de Produtores Agrarios).

Tamén na década dos 80 promóvese o saneamento gandeiro en toda a comarca, sendo o Concello da Capela o primeiro na provincia da Coruña que saneou toda a súa cabana, incluso as vacas soltas no monte Forgoso.

Despois de moitos intentos de todos os que pasamos polas Pontes, conséguese tamén na década dos 80 a primeira concentración parcelaria en dúas parroquias de toda a comarca das Pontes, e que se solicite noutra parroquia do Concello de Xermade.

Tamén na década dos 80 se inician as tramitacións das axudas da Comunidade Económica Europea, e o abandono paulatino do traballo que caracterizou ao Servizo de Extensión Agraria.

Non significa que as axudas da UE teñan a culpa deste abandono do verdadeiro traballo de Extensión, senón que despois das transferencias á Comunidade Autónoma, os dirixentes usáronnos para ese traballo administrativo regrado, e o outro traballo clásico de Extensión, se se fixo algo, quedou en mans doutras entidades ou organismos con marcadas características políticas; os resultados foron desiguais, para min bastante pobres se se comparan os medios económicos que se dedicaron. Como exemplo temos programas Leader, Proder, Agader, asociacións de mulleres rurais, axentes de desenvolvemento locais, cursos de formación de 200 horas impartidos por entidades, etc.”.

Xefes de Axencia

César Domínguez Castro, Rafael Roldán Aragonés, Antonio Pérez García e Manuel J. Ferreiro Redondo.

Axentes comarcais

Juan Rodríguez Díaz, Juan Quinela Peteiro, Juan Ramón Fernández Sanguino-Prieto, Rafael Roldán Aragonés, Antonio Rodríguez Taracido, Pablo Guillamón Garrido e Pantaleón Palacios del Hoyo (irmán de La Salle).

Axentes de economía doméstica

María Esther Gómez Cardeso.

Auxiliares administrativos

Avelino Nistal Nistal e María del Carmen Lami-gueiro Carballo, que aínda continúa en traballos administrativos na actual Oficina Agraria Comarcal das Pontes.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron situadas na avenida do Xeneralísimo núm. 9, baixo, hoxe avenida de Galicia, en arrendamento. Pasaron máis tarde, tamén en arrendamento, á rúa Pontedeume, núm. 12, baixo, onde continúa hoxe a Oficina Agraria Comarcal. Está previsto, *sine die*, que pase aos locais da antiga cámara agraria local, pendentes de reparación e acondicionamento.

9.- Axencia Comarcal de Corcubión (Nº. 161).

Creación

Creouse por Orde do 30 de setembro de 1963 coas axencias de Pontedeume e Celanova, e a elevación á categoría de axencias ás subaxencias do Porriño e Silleda. Por outra orde deste mesmo ano tamén se abriron as axencias de Monterroso e Mondoñedo.

Concellos

Muxía, Dumbría, Cee, Fisterra, Corcubión e Carnota. Na práctica traballouse pouco no Concello de Carnota.

Explotacións

A comarca comprendía 4.910 explotacións agrarias, das que 2.066 alcanzaban unha superficie superior ás dúas hectáreas e eran aptas para explotacións viables de vacún de leite no momento de establecerse a Axencia.

Actividades máis salientables

Transformación de explotacións gandeiras, estando na actualidade moitas delas a nivel europeo e son punteiras na produción de leite.

Un dos primeiros traballos desta Axencia foi que solicitasen a concentración parcelaria todas as parroquias da comarca.

En desenvolvemento de comunidades realizáronse acometidas de auga á maioría dos lugares da comarca, así como camiños de acceso e pavimentacións desta por medio dos lugares, suprimindo as insalubres “cañeiras”.

Destaca neste proxecto o exemplo de Lires, lugar no que se filmaron as súas realizacións nunha película premiada nos certames internacionais de cine agrario en Italia e en Chile. Película

que aínda hoxe se proxecta nos cursos de especialización en Extensión Agraria para técnicos latinoamericanos na Escola Central de Capacitación Agraria de San Fernando de Henares, nos programas de cooperación existentes con estes países.

Foi pioneira no desenvolvemento do programa de “Vacacións en casas de labranza”. Aínda hoxe “Casa Raul” de Lires, que funciona ininterrompidamente dende o ano 1969, é a casa de turismo rural máis antiga de Galicia.

En teleclubs constituíronse os de Lires, Buxantes, Olveira, Senande (Villastose), Viseu (Morquintíán), Trasufre, Pereiriña e Brens. En moitos deles edificáronse os locais.

En xuventudes destacaron os *planteles* de Lires, premio nacional de *planteles* de Extensión no ano 1968 polas obras comunitarias levadas a cabo, e os de Olveira, Pereiriña e Vilastode (1º premio de teleclubs).

Foi unha das primeiras axencias de Galicia en acometer a repoboación forestal, implicando a toda a poboación.

En economía doméstica fomentouse a hixiene persoal, e no fogar a alimentación familiar, a puericultura e a formación integral da muller.

Como consecuencia do traballo con *planteles* de Extensión e da realización de cursiños, incorporáronse mozos ás explotacións agrarias para modernizalas. Destacaron os irmáns Jesús e Ramón Pérez Pérez, fillos de emigrantes en Alemaña. O primeiro asistiu a varios cursos impartidos pola Axencia e o segundo ingresou na Escola de Sergude. Modernizaron a súa explotación, que tiña unha boa base territorial, pero querían saír daquela situación sen necesidade de emigrar como fixera o seu pai e montaron unha fábrica de pensos en Olbeira, do Concello de Dumbría, e outra de elaboración de produtos lácteos na Pereira, no Concello de Santa Comba, creando 22 postos de traballo fixos. Os primeiros pasos déronos cunhas subvencións que recibiron do Servizo de Extensión Agraria e co diñeiro que enviou o seu pai dende Alemaña. Na actualidade o volume mensual de leite é de 4,5 millóns de litros. En pensos elaboran tres millóns de quilos cada mes. Con estas dúas empresas están retardando a desaparición das explotacións agrarias das comarcas de Soneira, Xallas e Fisterra.

Os mesmos irmáns fundaron a asociación de gandeiros ASGASOXAFI, con sede en Santa Comba, para a solicitude de subvencións e facilitarlle información e asesoramento técnico aos gandeiros das referidas tres comarcas.

Cando deixou de funcionar o matadoiro da Pereira, da mancomunidade dos concellos de Santa Comba, Mazaricos, A Baña, Negreira, Carnota e Muros, puxérono a funcionar tamén estes dous irmáns.

Creáronse as explotacións comunitarias de terras e gando de Tedín (Lires) e Pereiriña, así como a de comercialización de produtos agrarios de Quintáns (Ozón).

Axentes xefes

Ángel Estévez Casal, Ángel Espadas Escanciano, Tomás Antonio Sanmartín Vázquez, José María Fernández Vázquez de Prada, dunha familia nobre de Valladolid, Avelino Tubío Calvo, monitor, Delia Pérez Quiñones, axente de economía doméstica, e Juan Carlos Lauroba Sánchez, xa despois das transferencias.

Axentes comarcais

José Santos Ucha, Ángel Espadas Escanciano, Herminio Cervera Millán, Juan José Molina Vázquez, Mariano Romero Escribano e Emilio Rosa Solano.

Axentes de economía doméstica

María Cruces Balbuena Campillos, Rosa García Pose, Rosa María Lorenzo Martínez e Delia Pérez Quiñones.

Axentes en prácticas

José Santos Ucha, Alfredo Iglesias Raido, Juan Quintela Peteiro, Jesús Alonso Rosano, Ángel Espadas Escanciano e Pedro Vilariño Couselo.

Auxiliares administrativos

Manuel Ramos Lema, Gloria López Teijeira, María José Canosa Lema, Jesús Abuelo del Río, procedente de cámaras agrarias, e María Manuela Virtudes Lago Freire.

Localización das oficinas

Instalouse a Axencia nos baixos da antiga casa do Concello, pasou despois a un local alugado na

rúa Rafael Juan, logo a outro local cedido polo Concello na nova casa consistorial, e por último a un edificio propio na rúa Aviña, núm. 3, onde está actualmente a Oficina Agraria Comarcal.

10.- Axencia Comarcal de Pontedeume (Nº. 162).

Creación

Abriuse no ano 1963 coas de Corcubión, Celanova, Monterroso e Mondoñedo.

Concellos

Ares, Fene, Mugardos, Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior e Miño.

Explotacións

O número de explotacións agrarias da comarca era de 7.319, sendo 2.586 as que alcanzaban unha superficie superior ás dúas hectáreas. Estas eran as únicas que se consideraban con capacidade viable para gando vacún de leite. Contemplando o conxunto de toda a comarca as explotacións con capacidade viable para vacún non superaba o 35%, mentres que no Concello de Monfero esta porcentaxe chegaba ao 83%.

Actividades máis salientables

Desenvolvemento comunitario, en especial apertura e acondicionamento de camiños e acoitada de augas a domicilios rurais.

Constituíronse explotacións comunitarias de cultivos hortícolas en Callobre, do Concello de Vilarmaior, en San José de Ombre e en Alto de Ombre, do de Pontedeume.

Organizouse o funcionamento dun grupo de xestión de explotacións de gando vacún en Monfero e outro seminario deste tipo sobre cultivos de horta que abarcaba toda a comarca.

Creouse un plantel de Extensión na localidade de Vilachá, do Concello de Monfero, e un grupo de amas de casa no Val do Xestoso, tamén do Concello de Monfero.

Concurso rexional de froitas de calidade

Desde os anos 1940 víñase celebrando na localidade de Pontedeume a “Festa das peras” no mes de setembro, polo día de San Nicolás (8 de

setembro). Ademais das peras había outras froitas como as cereixas de Irines, as máis temperás de Galicia, e as de Ombre, que se vendían na Alameda desta localidade e gozaban de fama de calidade.

Sendo xefe da Axencia Alfonso Valladares López, co apoio do especialista do Centro Rexional en fruticultura, Juan José Díaz Pardo, natural deste Concello, mantívose este mercado local polas festas de San Nicolás e promoveuse a nivel rexional, concedéndolle como premio a “Pera de Ouro”.

Este concurso rexional de froitas de calidade, co apoio do Concello e das institucións da Xunta de Galicia, chegou a ter bastante sona en toda Galicia. Participaron expositores das comarcas de Valdeorras, Monforte de Lemos, Betanzos, A Estrada, Chantada e Ares.

Axentes xefes

José Daniel González Alonso, José Roberto Fernández Argul, Anxo Vázquez Pernas, Alfonso Valladares López e Agustina López Rúa.

Axentes comarcais

Ángel Gancedo Nistal, Jesús María López Díaz, Agustín Muñoz García, Paulino Rodríguez Taracido, Pedro Vilariño Couselo e Javier López García.

Axentes de economía doméstica

Carmen Palomo Pascual e Agustina López Rúa.

Auxiliares administrativos

Pilar Rodríguez Cid. Houbo algúns máis, entre eles un tal Camilo, que debeu ser o primeiro, e Beatriz, dos que non foi posible coñecer os apelidos.

Localización das oficinas

Desde o primeiro momento foron instaladas na rúa San Miguel, núm. 8, nun baixo que era o antigo almacén do SENPA cedido pola cámara agraria local e acondicionado polo Servizo de Extensión. Na actualidade continúa no mesmo local a Oficina Agraria Comarcal.

11.- Axencia Comarcal de Teixeira-Curtis (Nº. 331).

Creación

Creouse no ano 1965 coas axencias de Allariz, Viveiro, Ferrol e A Cañiza.

Concellos

Comprendía os concellos de Sobrado dos Monxes, Teixeira-Curtis, Vilasantar, a parroquia de Brañas do Concello de Toques, as de Muniferral, Cambás e a Castellana do de Aranga, e as de Castro, Bascoi e Cabrui do de Mesía.

Explotacións

Das 3.589 explotacións agrarias que abarcaba a comarca de traballo, 2.465 tiñan unha superficie superior ás dúas hectáreas e, polo tanto, eran as únicas con posibilidades de viabilidade económica para produción de leite ou carne de vacún, orientación produtiva predominante e fundamental da zona. Dentro da comarca o número de explotacións superiores ás dúas hectáreas superaba o 60%.

Actividades máis importantes

Destacaron accións de desenvolvemento comunitario, en especial a mellora de camiños e as traídas de augas aos domicilios.

Promoveron a concentración parcelaria nalgúns parroquias.

En cooperativismo crearon a cooperativa CU-SOVIAME, con socios dos concellos de Curtis, Sobrado, Vilasantar e Mesía, de aí o nome coas primeiras sílabas dos referidos catro concellos.

Esta cooperativa estableceu unha fábrica de pensos e ademais subministraba fertilizantes, patacas de sementeira e outra sementes, así como aceite para os propios socios, mediante compras conxuntas a muíños de aceite andaluces.

Axentes xefes

Julio Manuel Romero González, que abriu a Axencia o 13 de outubro de 1965, Miguel Ángel Santamaría de la Chica, Teodosio Martino Martino, en comisión de servizo, José Manuel Rodríguez Bao, Agustín Rodríguez Rodríguez, Jorge Santiso Blanco, en comisión de servizo, Tomás Gómez Domínguez, en comisión de servizo,

Antonio Iglesias Nécega, Beatriz Álvarez Pena e Alberto Vázquez Cadahía.

Axentes comarcais

Ricardo Andrés Mozo, Dionisio Rodríguez Álvarez, Manuel Cesareo Rodríguez Taracido e Ramón Torreira García.

Axentes de economía doméstica

Beatriz Álvarez Penas.

Monitores

Víctor Sobrino Vázquez e José Luis Tubío Sayáns.

Auxiliares administrativos

María del Carmen Miraz Valiña, contratada, Rosa Mahia Neira, contratada, e Mercedes Cal Ansedo.

Localización das oficinas

Primeiro establecéronse no antigo Concello. Pasaron co Concello ao novo edificio construído, e por último situáronse nos locais da cámara agraria local, onde continúa hoxe como Oficina Agraria Comarcal.

12.- Axencia Comarcal de Ferrol (Nº. 332).

Creación

Creouse no ano 1965 coas de Allariz, Viveiro, Teixeira-Curtis e A Cañiza.

Concellos

Ferrol, Narón, Neda, Valdoviño e San Sadurniño.

Explotacións

O número de explotacións agrarias ascende a 9.528, das que só 3.522 teñen unha superficie superior ás dúas hectáreas, que son as que permiten unha mínima viabilidade para vacún de leite e carne. As explotacións agrarias con esta base territorial predominan nos concellos de San Sadurniño e Valdoviño, mentres que as de superficie máis pequena están nos concellos de Ferrol, Narón e Neda. Abundan as explotacións a tempo parcial, onde se comparte a actividade coa da industria ou coa pesca e o marisqueo.

Actividades

Primeiras actuacións:

Encamiñáronse á introdución do millo híbrido, á implantación de pradeiras artificiais, construción de silos, mellora de cortes e promoción de gandería de aptitude leiteira.

Seguiu a plantación frutícola, chegando a establecerse unha de 1,5 hectáreas e outra de 3,5 hectáreas, así como o cultivo de amorodo acolchado.

Desenvolvemento comunitario:

Fixéronse camiños, traídas de auga, locais sociais, electrificacións e palcos de música. Partíuse sempre de grupos promotores, destacando os de Esmelle, Narahio, Vilaboa, Loira, Ferreira, Igresafeita, Anca e Pedroso.

O primeiro camiño que se fixo foi entre Santa Mariña e Camiño Arriba. O camiño de Loira en Vilaboa fíxose a pico e pa. Non existiu parroquia ningunha na comarca na que non se fixese algunha obra comunitaria. Sentíanse orgullosos por seren eles os que o facían mellor.

Fixéronse 100 abastecementos de auga, 500 camiños, 2 redes de sumidoiros, 4 electrificacións, 4 campos de fútbol, 4 campos de recreo, 6 teleclubs, nos que en dous construíron os edificios, 1 parvulario, 1 instalación telefónica, 5 pontes, 3 centros aplicativos de inseminación artificial e 2 programas de “Vacacións en casas de labranza”.

Cooperativismo:

Establecéronse cooperativas en Narahio, O Val, Sedes, Lamas, Monte, Igresafeita, e creouse a primeira cooperativa de segundo grao de Galicia, “COPAGRO” (Sociedade Cooperativa Agropecuaria do norte de Galicia), porque na comarca chegaron a funcionar 17 cooperativas.

Tróuxose de Alacuás (Valencia) material para instalar os primeiros invernadoiros, que acabaron por fabricarse na comarca, para cultivos de horta e flor, e para comercializar a produción constituíronse para os produtos de horta “HORTOFER” e para os de flor “AGROFLOR”.

En agricultura de grupo chegaron a funcionar tres cooperativas comunitarias de terras e gando vacún, unha de gando porcino e unha de horta. A primeira explotación comunitaria de Galicia

estableceuse en Prospes e foi promovida por César López.

Para potenciar o movemento cooperativo na comarca promoveuse a constitución das seguintes asociacións; ASFEGA (vacún), HORFLOR (horta e flor), ASCUFER (coellos), PROMAFE (forestal), AGRUMEGA (mellora gandeira), XUVENAGRA (mozos gandeiros), HORTINOR (vendedores de produtos de horta) e FEDERACIÓN AGRARIA FERROLTERRA (FAE), que aglutina a todas as asociacións citadas. Estas asociacións inscribíronse no SMAC da Consellería de Traballo.

Para perfeccionar a xestión das empresas cooperativas, apoiar os programas, asistencia técnica e promoción agraria, constituíuse en decembro de 1989 a Unión de Cooperativas Agrarias de Ferrol (UCAFE), que aglutinou a 34 cooperativas de abastecemento, 10 seccións de crédito, 3 fábricas de pensos, 5 Cumas (cooperativas para a utilización conxunta de maquinaria agrícola), 14 de recollidas de leite e 6 explotacións comunitarias.

No ano 1999 constitúese a Cooperativa de 2º grao CECONOR, que integra 8 cooperativas do norte de Galicia.

O xefe da Axencia Manuel Domínguez Rodríguez promoveu a constitución da asociación CÍRCULO GACELA, con 310 socios, con fins formativos e informativos no medio rural, para promover este medio. Unha vez xubilado, continúa facendo Extensión na comarca de Ferrolterra sen ánimo de lucro.

Xuventudes:

Chegaron a funcionar *planteles* de Extensión Agraria en Loira (Valdoviño), Vilaboa e Doniños (Ferrol), Pedroso (Narón) e Lamas (San Sadurniño).

Tamén se creou a nivel comarcal un grupo de empresa de orientación gandeira, cun grupo de xestión de 40 explotacións gandeiras de referencia.

Concentración parcelaria:

O líder comarcal Fernández Pita, antes da creación da Axencia, fixera unha promoción sobre concentración parcelaria que potenciou o Servizo de Extensión Agraria e promoveu ademais

a concentración de Moeche, Sequeiro, Sedes, Narahio, Monte e O Val.

Axentes xefes

Manuel Domínguez Rodríguez (tomou posesión como interino o 13 outubro 1965 e é confirmado con carácter definitivo en agosto de 1968), Atilano Soto Soto e Jesús Martínez Permuy.

Axentes comarcais

Rafael Roldán Aragonés, José Vázquez Fouz, Carlos Bugallo Varela, Antonio Pérez Romero, Florencio Cardador Canelo, Manuel Fernández Álvarez, Atilano Soto Soto e Carmen Jiménez Enríquez, de Salamanca.

Axentes de economía doméstica

María Asunción Carrazoni Losada, Concepción Ramos Fernández, Prudencia Santasmarinas Raposo, María Gutiérrez Melero e Ángeles Mariño Barreiro.

Auxiliares administrativos

Unha tal Cristina, da que non nos lembramos os apelidos, Teresa Vila Espasandín, Pilar Beltrán Jara, Enedina Vallejo Antón, Ángeles Tapia González, José Antonio Blanco e Juan Rodríguez Meizoso, estes dous últimos procedentes das cámaras agrarias.

Outro persoal

Traballaron ademais nesta Axencia José Luis Vivero, un técnico vinculado ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, outro chamado José que pasou despois á provincia de Lugo e do que non nos facilitaron os apelidos, un enxeñeiro técnico agrícola que procedía dunha fundación de Ordes, do que non dispoñemos do nome, e Benigno Gómez Rodríguez, en comisión de servizo e que procedía do laboratorio que tiña en Fene o antigo Servizo de Control Leiteiro.

Localización das oficinas

Primeiro establecéronse nun local cedido polo Concello en Prisas de Canido, núm. 22, que foi acondicionado cunha subvención da Caixa de Aforros de Ferrol; despois pasaron en aluguer a un primeiro andar no núm. 4 da rúa do Carme; máis tarde foron trasladadas, tamén en aluguer,

á rúa Pascual Veiga, do barrio de Esteiro; e por último foron instaladas na Praza de España, no edificio da Xunta.

Unha breve reseña do axente Manuel Domínguez Rodríguez

Natural de Monforte de Lemos, exerce como veterinario en Vila de Cruces en 1957. A partir de 1960 traballa para unha empresa privada de pensos na provincia de Pontevedra.

En 1964 ingresa no Servizo de Extensión e foi destinado á Axencia do Carballiño. Faise cargo da Axencia de Ferrol en 1965, na que permanece ata a súa xubilación, agás o período comprendido entre decembro de 1982 e xuño de 1984 no que desempeñou o cargo de director da Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos.

Outra paréntese como xefe da Axencia de Ferrol é o comprendido entre 1989 e novembro de 1991, no que desempeña o cargo de xefe do Servizo de Fomento Cooperativo da Xunta, ao que renuncia para asumir a xefatura de área de Ferrol.

Representa a Galicia durante catro anos, por elección dos compañeiros, na Sección Especial do Servizo de Extensión Agraria con sede en Madrid. Concedéronlle o ingreso na Orde do Mérito Agrícola coa categoría de cabaleiro, e participou en visitas do persoal de Extensión a Francia e Alemaña dentro dos intercambios de colaboración con España.

Polos seus merecementos, foille concedida pola Alcaldía de Ferrol a Medalla de Ouro desta cidade.

Con independencia do traballo que desenvolveu durante a súa vida activa na Axencia de Ferrol, temos que salientar neste axente o mérito de promover no ano 1993 a creación da Asociación Agrarista CÍRCULO GACELA, con 287 socios fundadores de toda a comarca de Ferrolterra.

O CÍRCULO GACELA é unha agrupación de animación cultural e empresarial de carácter agrario do que é secretario coordinador, sen ánimo de lucro, Manuel Domínguez Rodríguez, e no que continúa exercendo despois de xubilado a súa función vocacional de extensionista. O número de socios no ano 2006 era de 310.

Trátase dunha entidade legalmente constituída, con local propio de 120 metros cadrados no centro de Ferrol, á que están adscritos un titulado superior como coordinador, un enxeñeiro técnico agrícola, a asesoría xurídica e contable e persoal administrativo. Publica cada trimestre a revista *Terra*, follas divulgadoras para os socios, e imprime información agraria útil cada quince días para os membros. Fai previsión de actividades anuais e tamén o resumo das actividades realizadas por anos. Organiza cursos de formación de materias moi diversas como horticultura, conservería, cultivos ecolóxicos, froiteiras e apicultura, e leva a cabo visitas colectivas, visitas a explotacións, demostracións de métodos e de resultados, charlas, reunións, convivencias e xestións. Conta cunha xunta rectora moi dinámica e operativa de trece membros.

13.- Axencia Comarcal de Noia (Nº. 411).

Creación

Abriuse no ano 1966 coas axencias de Meira, Maceda e Ponte Caldelas.

Concellos

Actuou na totalidade dos concellos de Noia, Outes, Lousame e Muros, e na metade dos de Boiro e Porto do Son. A outra metade destes dous concellos foi atendida pola Axencia de Ribeira.

Explotacións

Das 8.349 explotacións que comprendía a área descrita de traballo, tan só 2.260 tiñan unha superficie superior ás dúas hectáreas e polo tanto eran as únicas cunha mínima viabilidade posible para vacún de leite e carne. O resto das explotacións, que era a maioría, compartían a man de obra agraria coa pesca, o marisqueo, algunhas conserveiras, a construción, a mecánica e en servizos varios.

Actividades

a) Introducción do cultivo do kiwi

Nunha viaxe particular do xefe da Axencia, Marcos Salas Villa, á comarca de Burdeos en Francia, trouxo 9 plantas (3 machos e 6 femias) como curiosidade. Naquela data tan só existía este cultivo nunha granxa do Porriño (Pontevedra),

pero non transcendía ao resto de Galicia porque o levaban dunha maneira bastante reservada.

A Axencia fixo probas sobre o seu cultivo, sobre adaptación, rendementos, e tamén sobre a reprodución de plantas.

Como os resultados foron positivos, informouse ao especialista do Centro Rexional en hortofruticultura e pedíuselle o seu parecer para tratar de estender este cultivo, incluso a outras axencias de semellantes características e afectadas polo clima litoral. A resposta foi de indiferenza e recomendóuselle ao persoal que seguira traballando en pementos, leitugas e demais produtos de horta tradicionais.

En vista do anterior, a Axencia contactou coa Deputación da Coruña, presidida entón por Marfany, e despois de varias xestións creouse unha SAT no lugar de Rates, parroquia de San Cosme, do Concello de Outes, formada por seis agricultores de aldeas diferentes, para reproducir plantas de kiwi e facilitalas gratis para fomentar este cultivo na comarca. A Deputación subvencionou este programa á referida SAT con dous millóns de pesetas.

Inicialmente regalábanlle un mínimo de 25 plantas a cada agricultor, mais como o volume de peticións chegou a ser elevado acabaron por cobrar cada planta a 100 ptas, para compensar gastos e man de obra. Máis tarde quedou con todo un dos membros da SAT e acabou por cobrarlas a prezos máis altos.

A influencia deste programa repercutiu sen dúbida ningunha na introdución do cultivo do kiwi en Galicia, xa que, cando esta SAT levaba funcionando uns tres anos, creouse outra semellante, subvencionada tamén pola Deputación, na zona de Ferrol.

b) Montes veciñais en man común

A Axencia despregou bastante actividade co fin de que os agricultores afectados puidesen acollerse aos beneficios que lles outorgaba a Lei de 1968 e o seu regulamento posterior. Foron asesoradas as comunidades rurais sobre os seus dereitos comunitarios amparados pola citada lei, como constituír as xuntas de comunidade e redactar os correspondentes estatutos. Nuns casos

os montes eran de lugares e noutros pertencían a parroquias.

A Axencia prestoulles atención e asesoramento a todas e cada unha das comunidades rurais afectadas e en todas elas obtiveron a cualificación de montes veciñais en man común por parte do correspondente xurado provincial.

c) Obras comunitarias

Neste campo a actuación da Axencia foi similar a das restantes axencias da provincia, promovendo a explanación e acondicionamento de camiños, abastecemento de augas, pavimentacións de rúas e organizacións de teleclubs, principalmente.

Xefes de Axencia

Marcos Salas Villa e Gerardo Martínez Feijoo.

Axentes comarcais

Valentín Martínez Aguilar, de Guadalaxara, Ramón Aumendi Cucullo, de Irún, Jesús Alonso Rosano, de Navarra, Antonio Felix Ávila Cerrada, de Oropesa (Toledo) e Gerardo Martínez Feijóo, de Filgueira-Crecente (Pontevedra).

Axentes de economía doméstica

María del Carmen Torreiro Sande.

Axentes en prácticas

José Manuel Rey Maneiro, alcalde actual de Mazaricos (A Coruña).

Auxiliares administrativos

María del Pilar Liñares Suárez.

Localización das oficinas

Na rúa Felipe de Castro, 36, baixo; máis tarde no Campo de Noia; e por último na Alameda. Todos estes locais foron sempre ocupados por cesión do Concello.

14.- Axencia Comarcal de Santiago de Compostela (Nº. 434).

Creación

Abriuse esta Axencia no ano 1967 coas de Quiroga, Ribadavia, Cambre, Cangas e Redondela.

Concellos

Santiago, Val do Dubra, Vedra, Boqueixón, as parroquias de Bendaña e Vilar do Concello de Touro, e as parroquias da Pereira, Arca, Budiño, Castrofeiro e O Pino do Concello do Pino. Na parroquia de Arca, deste último Concello, actuou exclusivamente no que atinxe a unha cooperativa de traballo comunitario que se formou alí.

Explotacións

A comarca desta Axencia comprendía 6.751 explotacións agrarias, das que 3.483 tiñan unha superficie igual ou superior ás dúas hectáreas. Algo máis do 50% permitían unha dedicación á gandería con certa viabilidade económica.

Actividades máis salientables

Esta Axencia traballou en vacún de leite, horticultura, viticultura, visóns, aves, porcino, floricultura e xardinería, froiteiras, coellos e incluso caracois, así como en desenvolvemento comunitario e cooperación.

No ano 1989 organizou, co apoio da Consellería de Agricultura da Xunta, o 1º Congreso Galego de Helicicultura e promoveu a Cooperativa COGAPROGA con sede en Pontecesures, de produción e comercialización de caracois.

Constituíu as cooperativas de traballo comunitario de terras e gando de Arca (O Pino), San Román e Insua, ambas as dúas do Concello do Val do Dubra, e a de San Xulián de Sales (Vedra).

En promoción cooperativa non podemos deixar de citar a constituída polos membros do *plantel* de Extensión Agraria de Boqueixón, onde primeiro se organizaron dúas cooperativas e despois refundíronse nunha soa co nome de PICO SACRO, para fabricación de pensos e comercialización de leite.

Constituíron así mesmo a cooperativa de horta VAL DO ULLA, que contribuíu ao fomento dos cultivos hortícolas e á súa comercialización en toda a comarca do Ulla.

Para poder integrar os viños da comarca do Ulla na denominación de orixe “Rías Baixas” organizaron a Asociación de Viticultores da Val do Ulla.

Conseguiron a solicitude da concentración parcelaria na case totalidade das parroquias da comarca. Nestes momentos estanse concentrando tamén os montes.

En desenvolvemento comunitario acondicionáronse os camiños en todas as parroquias e levouse a traída de auga a cantos domicilios rurais carecían dela.

A axente de economía doméstica tiña grupos de amas de casa e *planteles* femininos nos concellos de Vedra e Boqueixón, cos que traballou de maneira permanente en desenvolvemento rural. Promoveu dezasete cooperativas de corte e confección, segundo as compoñentes de *planteles* femininos previamente constituídos. Cosían prendas de roupa mediante contrata, especialmente para ZARA. Destas cooperativas destacaron polo seu volume de traballo dúas en Ledesma, dúas en Campo Rapado e a de Sarandón.

Cómpre salientar a actuación desta Axencia en xuventudes co *plantel* masculino de Vedra, 1º premio nacional en obras comunitarias, e feminino da mesma localidade, 2º premio nacional en cultivos de horta; ambos os dous formaron daquela un grupo rexional de baile, confeccionando o *plantel* feminino os propios traxes. Tamén a destacar os *planteles* de Lestedo (Boqueixón), 1º premio en obras comunitarias e 2º premio en cultivos intensivos, o de Buxán e o de Portomedal, do Val do Dubra.

Estes *planteles* transformáronse con posterioridade en tres *planteles* con tarefas de empresa: o de Boqueixón, formado por mozos de Vedra e Boqueixón, e os de Santiago e Val do Dubra, cuxos compoñentes transformaron as súas explotacións de vacún de leite integrándose en grupos de xestión de explotacións.

Axentes xefes

Feliciano Casado Gallego, Ángel Estévez Casal, José Francisco Santos Ucha, Aurora González Vidal e Alfonso María Barriga García.

Axentes comarcais

Segundo Pérez Queiro, Julio Manuel Romero González e Juan José Cruz Martín, que pasou do Centro Rexional do Cantábrico a esta Axencia en marzo-abril de 1971 como especialista en xestión de explotacións.

Axentes de economía doméstica

Pilar González Redondo (incorporada en xaneiro-febreiro de 1968) e Élida Varela González, que se incorporou no momento en que se suprimiu o CECA de San Lázaro, onde traballaba. Durante algún tempo tamén traballou como axente de economía doméstica nesta Axencia, María del Carmen Torreiro Sande.

Alumnos en prácticas

Herminio Cervera Millán, Fernandino Carbalho Silva (axente portugués), Pedro Gómez Casals, Marisa Diéguez Diéguez, Jorge Santiso Blanco, José Antonio Villar Pita (monitor) e Francisco Martín Arroyo (monitor).

Auxiliares administrativos

María Socorro Fernández Sanmamed-Lestón, África Leira Sanmartín, Blanca Álvarez Puig, interina, e un chamado Manolo, do que non coñecemos os apelidos, que procedía das extintas cámaras agrarias. Con anterioridade a María Socorro Fernández, prestou servizo como interina algún tempo María del Carmen Baltar.

Localización das oficinas

Altamira, 18-2º, en aluguer, ás que pasou o rexedor co persoal non transferido do Centro Rexional. As oficinas desta Axencia, no momento das transferencias, foron trasladadas aos baixos do Centro Rexional en San Lázaro, e por último á rúa Fonte dos Concheiros, número 9, baixo, en alugueiro, onde na actualidade está a Oficina Agraria Comarcal.

15.- Axencia Comarcal de Cambre (Nº. 483).

Creación

Abriuse esta Axencia no ano 1967, coas de Santiago, Quiroga, Ribadavia, Cangas e Redondela.

Concellos

Comprendía os concellos de Cambre, A Coruña, Culleredo, Carral, Arteixo e Oleiros.

Explotacións

O número de explotacións agrarias da comarca no momento de establecerse a Axencia era de

9.916, alcanzando unicamente unha superficie superior ás dúas hectáreas 2.672 delas, unha porcentaxe do 26%. Esta porcentaxe oscila entre ao 5% no Concello da Coruña e o 53% no Concello de Carral.

Actividades máis salientables

Inicialmente, esta Axencia empezou a traballar en gandería de vacún, pero as explotacións de dúas ou tres vacas, pola proximidade aos mercados da cidade da Coruña, evolucionaron a horta. Tamén contribuíron a esta evolución as progresivas construcións de vivendas. Máis do 90% destas explotacións eran a tempo parcial, con hortas familiares nas que ademais se cultivaban pataca, fresa e horta en xeral, para vender na Coruña. Prosperaron escasamente os cultivos de flor e de froiteiras, en contraste coa comarca lindeira de Betanzos, onde a flor chegou a ter certa importancia.

En Carral constituíuse a cooperativa FRUTAGAL con 20 membros, que chegou a enviar en avión a Canarias, Baleares e Valencia un furgón diario de amorodos dende Lavacolla, en temporadas de baixa produción naquelas zonas.

Tamén se constituíu a cooperativa HORCOPAR en Arteixo con apoio da Deputación Provincial da Coruña, con tecnoloxía importada do levante español. Comercializou produtos de horta, e chegou a ter bastante auxe.

En traballos coa mocidade funcionou con eficacia e bastante dinamismo o *plantel* comarcal de Cambre, de orientación hortícola.

Establecéronse teleclubs nas localidades de Montrove, do Concello de Oleiros, e na de Tarrío, do de Culleredo.

En desenvolvemento comunitario traballouse na apertura de camiños, que máis tarde se foron asfaltando e constitúen na actualidade a rede principal de vías de comunicación do rural. Tamén se lle prestou atención as traídas de auga para os domicilios.

A concentración parcelaria ofrecía serias dificultades polo valor das terras para edificar vivendas. Conseguiuse que solicitasen a concentración as parroquias de Santa María de Vigo, do Concello de Cambre, e San Vicente de Vigo, do de Carral.

A axente de economía doméstica traballou en fomento de hortos familiares e na constitución de grupos de amas de casa e asociacións de veciños.

No Concello de Culleredo organizáronse grupos de amas de casa no Burgo, Orro, Castelo e Leñoso. No Concello de Oleiros en Santa Cruz e Mera. Ademais, na mesma localidade de Oleiros, formáronse dúas agrupacións: a de amas de casa e a de amas de casa rurais.

No Concello de Cambre formáronse catro grupos: o de Cambre, o de amas de casa rurais de Cecebre, o de Sigrás e o de Anceis.

No Concello de Carral dous, o de amas de casa e o de amas de casa rurais, e no Concello da Coruña a asociación de veciños de Feáns.

Axentes xefes

Nazario Martínez Fuertes (incorporado en xaneiro-febreiro de 1968) e Manuel Rodríguez Friol. No ano 2008 foi destinado a esta Axencia, xa como Oficina Agraria Comarcal, Ángel Martínez Illanes.

Axentes comarcais

Ignacio María Peñarrocha Sanchís e Manuel Rodríguez Friol.

Axentes de economía doméstica

Julia Álvarez Lamas, que con anterioridade estivo en Carballo.

Auxiliares administrativos

Gloria López Teijeira, que foi destinada a Corcubión e traballou con Ángel Espadas e con Ángel Estevez; Rosa Lauda Brandariz, Estrella Pérez Parapar, María Pilar Barbeito Miramontes e Jesús López López.

Localización das oficinas

No momento de creación da Axencia establecéronse no baixo do Concello, en cesión, e máis tarde pasaron á rúa Samosteiro, núm. 5, baixo edificio da antiga cámara agraria, propiedade da Xunta, onde está na actualidade a Oficina Agraria Comarcal.

16.- Axencia Comarcal de Baio (Nº. 579).

Creación

Abriuse no ano 1969, coas de Foz, Castro Caldeas, O Rosal e Sanxenxo.

Concellos

Zas de Carreira, Vimianzo, Cabana de Bergantiños, Camariñas e Laxe. Na actualidade os concellos de Cabana de Bergantiños e Laxe pasounos a Xunta á Oficina Agraria Comarcal de Carballo, pero os agricultores continúan acudindo a Baio, onde os seguen atendendo.

Explotacións

O número de explotacións agrarias da Comarca de Baio era de 6.898, das que 3.408 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas. No conxunto dos cinco concellos as explotacións de máis de dúas hectáreas representaban o 49%, alcanzando o 65% no Concello de Vimianzo.

Actividades principais

A Axencia orientou o seu traballo á mellora das explotacións gandeiras de leite e promoveu tamén as accións concertadas para á produción de carne, traballo no que destacou. Primeiramente acolleuse á acción concertada o agricultor Roque Lema Varela, do lugar da Piolla, parroquia de Nantón, do Concello de Cabana, e seguiron o seu exemplo outros agricultores.

Tamén é destacable o desenvolvemento comunitario mediante a apertura e o acondicionamento de camiños. A primeira pista que se abriu nesta comarca, promovida e subvencionada polo Servizo de Extensión, foi a de Brañas Verdes no Concello de Camariñas.

Axentes xefes

Evaristo Puñal Castro e Ángel Martínez Illanes. Este encóntrase na Oficina Agraria Comarcal en espera de ser trasladado á de Cambre. Fixo as prácticas na Axencia de Soria, foi axente comarcal en Arzuá e Nájera (Logroño). Pasou á xefatura da de Cantalapiedra (Salamanca), máis tarde á Consejería de Medio Ambiente de Andalucía, despois a director provincial do MAPA en Ourense (1987-1990), a continuación incorporouse a Extensión Agraria pasando polas

axencias de Maceda, Sanlúcar La Mayor e Ordes, ata que foi destinado por concurso á xefatura de Baio no ano 2000. Como anécdota conta este axente que “nunha ocasión viuse obrigado a pedir que lle remolcasen a furgoneta avariada, estando en Arzúa, cunha xunta de bois”.

En canto a Evaristo Puñal Castro, foi unha persoa de extraordinaria vocación e moi traballador, ata tal punto que chegou a ser inhabilitado por incapacidade física e psíquica, e obsesionábase por continuar atendendo a Axencia.

Axentes comarcais

Julián Alvira Siero e Mónica López López.

Auxiliares administrativos

María José Canosa Lema e Ana María Mira López. Esta última continúa na actualidade na Oficina Agraria Comarcal, que ingresou no ano 1973.

Cando Ana María Mira López, para poder ser contratada, fixo unhas probas ante o xefe da Axencia con outras aspirantes moito mellor mecanógrafas ca ela, preguntoulle a Evaristo Puñal por que a seleccionara. El contestoulle, “porque as outras espantan aos agricultores”. Realmente o contraste debía ser grande, porque no curso de formación que fixo en 1974 na Escola Central de Capacitación Agraria en San Fernando de Henares, coñecida por “El Palomar”, organizaron os axentes en formación un concurso de beleza e elixírona “Miss Paloma” entre as 52 asistentes ao curso de toda España. A unha de Andalucía elixírona “Miss Pichón”. Neste curso de formación tamén participaron de Galicia a administrativa Olga Cuíña Vence, Rosario Miguélez Fuciños e Guadalupe R. A. García Veira.


Localización das oficinas

Primeiro establecéronse na rúa Bispo Romero Lema, núm. 23, en aluguer, e despois pasaron a un edificio construído por Caixa Galicia sobre o ano 1971 e cedido a Extensión Agraria para que a Axencia non fose trasladada a Vimianzo.

17.- Axencia Comarcal de Santa Comba (Nº. 616).

Esta Axencia foi creada co número 616 nun dos dous últimos meses do ano 1970, xuntamente

coas axencias de Ribeira (617), Melide (618), Castroverde (619), Ourense (620), A Rúa-Petín (621), Forcarei (622) e Vila de Cruces (623).



Letreiro do estante de publicacións da AXENCIA DE SANTA COMBA aínda utilizado no 2008. (Autor A. R. Troncoso)

No ano 1969 a Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros de Santa Comba, presidida por Agustín Redondo Maneiro, coa colaboración de Ignacio Pensado Plágaro, capataz agrícola do Plan Coruña e secretario da dita cámara agraria, organizou unha expedición de agricultores da comarca a Madrid con dous ómnibus para entrevistarse co entón director do Servizo de Extensión, don José García Gutiérrez, e solicitarlle a apertura desta Axencia, fundándose en que o excelente labor que viña facendo a de Negreira non chegaba a todas as parroquias do Concello.

Para a súa localización ofrecéronlle a planta alta do edificio da cámara agraria, na avenida Tomé Taboada, s/n, onde se estableceron as oficinas no momento de ser aberta. Pasou máis tarde, tamén en local cedido, a unha planta alta na avenida Armán Lois, s/n, onde se encontra hoxe o Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Abriu esta Axencia como xefe da mesma Jesús Alonso Rosano, en setembro-outubro de 1971, e sucedéronlle á fronte desta, por esta orde: Pedro Nofuentes Cabrera, José Manuel Santos Maneiro, Jorge Atán Castro, Mariano García Agra e José Crego Lavandeira, estando dirixida agora como Oficina Agraria Comarcal por María José López Fraga, en calidade de xefa de sección.

Como axentes comarcais estiveron destinados nesta Axencia José Fernández Gutiérrez, Abel Yáñez Armesto, María Blanca Fernández Díaz e José Antonio Faraldo Castro, prestando servizo na actualidade como xefes de sección María Luisa Castrillo Rodríguez e María Teresa Abad

Pan, esta última actuou con anterioridade como administrativa.

Traballou nesta Axencia como técnico agrónomo Jesús Fuentes Castiñeiras.

Desde o ano 1974 ao ano 2000 estivo destinada nesta Axencia como axente de economía doméstica María del Carmen Castaño Fernández.

Foron administrativos por esta orde: Oliva Mouzo Grille, María Hermida Canzobre, unha tal Purificación, destinada actualmente en Ourense, Juan Ramón Albite Albite, Esther Díaz Ramos, Ignacio Pensado Plágaro (procedente da cámara agraria local), e na actualidade María del Carmen Sixto Vilas.

Comarca de traballo

Comprende os concellos de Mazaricos e Santa Comba, cun total de 2.957 explotacións agrarias. Por ser a súa orientación fundamentalmente gandeira, déuselle prioridade ás superiores ás dúas hectáreas, xa que eran as únicas que permitían unha mínima viabilidade, e polo tanto a Axencia atendía a 2.787 explotacións. Destas 1.142 estaban comprendidas entre 5 e 10 hectáreas, dedicadas a labradío, prado e monte, cunha carga gandeira da orde de cinco vacas por explotación de aptitude cárnica e de traballo. O leite que non mamaban os xatos era para autoconsumo familiar a case totalidade.

A superficie censada da comarca era de 30.396 hectáreas e o número de parcelas de 136.350, cunha media de 46 por explotación. O número de núcleos rurais da comarca ascendía a 284, agrupados en 29 parroquias.

Actividades máis destacadas

O traballo da Axencia centrouse na mellora gandeira, reorientándoa á produción do leite. Implantáronse pradeiras con gramíneas e leguminosas, introducíronse vacas de aptitude leiteira, mellorouse a estabulación, a mecanización e a produción e conservación de forraxes, e fomentouse o cooperativismo para a transformación e comercialización do leite, así como a mellora sanitaria do gando e a subministración conxunto de pensos, fertilizantes e produtos fitosanitarios.

En materia de economía doméstica organizáronse grupos de amas de casa, destacando os de San Cosme de Antes e o de Alborés do Concello de Mazaricos.

Resultados máis dignos de mención

Desde o primeiro momento prestoulle atención á cooperativa comunitaria de terras e gando de San Cosme de Antes (Mazaricos), promovida pola Axencia de Negreira en 1967.

En Santa Comba promoveu a creación da Cooperativa XALLAS, que se constituíu con 1.400 socios dos concellos de Santa Comba, Coristanco, Zas, A Baña e Mazaricos. No primeiro momento promoveu a creación de centros de frío e recollida de leite para a súa comercialización conxunta. Na actualidade conta cunha fábrica de pensos para os socios e subministra ademais fertilizantes, sementes, apeiros, gasóleo, produtos fitosanitarios e maquinaria, así como asesoramento sanitario do gando e todo tipo de tramitacións ante os organismos oficiais.

Das 29 parroquias da comarca terminaron a concentración parcelaria 19 e encóntranse en fase avanzada do proceso outras 3.

Nota breve

Resulta obrigado salientar o apoio que lle prestou ás actividades da Axencia, tanto para a súa creación coma en actividades fundamentais, Ignacio Pensado Plágaro, primeiro como capataz agrícola do Plan Coruña e máis tarde como secretario da Irmandade Local de Santa Comba, ata a súa xubilación en decembro do ano 2005, sendo funcionario da Oficina Agraria Comarcal, despois de incorporarse como administrativo á Axencia de Extensión Agraria, cando foron disoltas as cámaras agrarias locais.

18.- Axencia Comarcal de Ribeira (Nº. 617).

Creación

Abriuse no ano 1970, coas de Santa Comba, Melide, Castroverde, Ourense, A Rúa-Petín, Forcarei e Vila de Cruces.

Concellos

Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo.

Explotacións

A comarca ten no momento da apertura da Axencia 8.715 explotacións agrarias, das que 1.207 teñen unha superficie igual ou superior

ás dúas hectáreas. Estas representan o 13% do conxunto. Nos concellos de Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Rianxo esta porcentaxe é da orde do 10%, mentres que no de Boiro alcanza o 29%.

Actividades salientables

Chegouse a constituír unha SAT (Sociedade Agraria de Transformación) duns vinte socios, que acabou por desaparecer. Concentrou o leite do Barbanza para elaborar queixos e para vendelo aos consumidores da zona nos principios. Máis tarde foille recollido por unha central leiteira ata a súa desaparición.

Promoveu unha asociación de cunicultores que aínda funciona.

Organizou a Asociación de Viticultores de Viños da Terra Barbanza e Iria Flavia, que está empezando mediante plantacións de viñedo e organización de adegas.

Fíxose a concentración parcelaria da parroquia de Macenda (Boiro) e están en trámite as de Boiro e Cures.

Funcionou un *plantel* feminino en Baroña (cando levaban tamén Porto do Son).

Nalgún momento chegaron a fomentar o establecemento de granxas de visóns, ata o punto de que veu un técnico danés para asesoralos na cría e no curtido de peles, pero como algúns non chegaron a cobralas acabaron por desaparecer todas.

En desenvolvemento comunitario destacaron as traídas de auga e os camiños.

Axentes xefes

Carlos Bugallo Varela e Diego Sánchez Sánchez.

Axentes comarcais

Antonio Iglesias Nécega.

Axentes de economía doméstica

Rosa García Pose.

Auxiliares administrativos

Elisa Álvarez Castiñeiras, Luisa Grullán Fajardo, María Luisa Martínez Méndez, María del Car-

men Rodríguez, Eladio Romero Maneiro, Juan Segade Calo e Manuela Novo Mazaira.

Locais da oficina

Rúa Rosalía de Castro, baixo, e rúa General Franco, 64-66-1º, ambos os dous cedidos pola alcaldía. Neste último enderezo encóntrase a actual Oficina Agraria Comarcal.

19.- Axencia Comarcal de Melide (Nº. 618).

Creación

Empezou a funcionar no ano 1970, coas de Santa Comba, Ribeira, Castroverde, Ourense, A Rúa-Petín, Forcarei e Vila de Cruces.

Concellos

Abarcaba os concellos de Melide, Santiso e Toques, así como as parroquias de Corneda e Rodieiros do de Boimorto.

Explotacións

A comarca de traballo comprendía 3.302 explotacións, das que 1.863 tiñan unha superficie superior ás dúas hectáreas e polo tanto as únicas capaces de alcanzar unha viabilidade económica dedicadas a vacún de leite e carne, que era a orientación produtiva básica da zona de traballo.

Actividades

a) Explotacións agrarias


Sendo fundamentalmente gandeira a orientación produtiva da comarca, a Axencia prestoulle atención á implantación de pradeiras artificiais para a produción de forraxes de calidade e fomentou o seu ensilado para mellorar o seu valor nutritivo.

Tratou de relegar, no posible, a feación da herba polas perdas nutritivas co secado, que ademais encontraba serias dificultades en anos chuviosos. O ensilado permitía mellor o aproveitamento do millo como forraxe de grande valor nutritivo e de máis produción por hectárea.

A estabulación libre foi outro campo de actuación que contribuíu á mellora sanitaria do gando e á diminución de man de obra no seu manexo.

b) Cooperativismo

En Santa Uxía do Monte (Toques) constituíuse unha cooperativa de gando e terras con 30 socios, na que se agruparon 10 explotacións familiares con 30 hectáreas de regadío e 70 hectáreas máis a base de monte transformado en pasteiro. Construíuse un cortello con capacidade para 70 vacas de leite máis as súas crías. Recibiron unha subvención da Deputación da Coruña para o asfaltado do camiño de acceso construído polos veciños e outra do 20% do investimento do IRYDA, que tamén lle concedeu un crédito do 60% deste a un prazo de dez anos e interese do 4,5%.



Diploma de honor concedido á Axencia e oficio dirixido ao seu xefe

Con sede en Melide constituíuse a Sociedade Cooperativa MELISANTO, que continúa na actualidade funcionando con máis de 650 socios. Esta cooperativa fabrica pensos para os socios e subministrales fertilizantes e demais insumos para as explotacións, ao mesmo tempo que lles presta asistencia técnica e asesoramento.

c) Traballo con xuventude

O *plantel* de Visantóna (Santiso) recibiu a nivel nacional premios durante tres anos polo excelente traballo que fixo en melloras de desenvolvemento comunitario. Os membros deste *plantel* foron recibidos dúas veces polo anterior xefe de Estado Francisco Franco “El Caudillo” e unha vez no Palacio de Oriente polo rei Don Juan Carlos I. Así mesmo á Axencia foille concedido o diploma de honor no ano 1977 pola atención que lle prestou á mocidade e pola incidencia que tivo a xente nova no desenvolvemento rural.

Axentes xefes

Antonio Mosqueira Rañón, Carlos Liñeira Casal, Alfonso María Barriga García e Francisco Sabino Pérez Escafide. O primeiro foi o fundador, estivo durante 13 anos no Servizo de Estudos e Publicacións da Consellería de Agricultura da Xunta e na actualidade encontrase novamente destinado na Oficina Agraria Comarcal de Melide.

Axentes comarcais

Carlos Álvarez Cabrerros e Juan Francisco Fernández López.

Auxiliares administrativos

María Pilar Beltrán Jara, María del Carmen Oro Guerreiro e Rosario Miguélez Fuciños, que aínda continúa na Oficina Agraria Comarcal.

Localización das oficinas

Ao inaugurarse a Axencia estiveron nun baixo alugado polo Concello na estrada de Agolada. Despois pasaron ao baixo do Concello, con entrada pola Praza do Convento. Máis tarde continuaron tamén no baixo do Concello, pero con entrada pola parte posterior, e por último pasou ao 1º andar do edificio do Concello, onde continúa a Oficina Agraria Comarcal.

20.- Axencia Comarcal de Cedeira (Nº. 686).

Creación

Esta Axencia estableceuse no ano 1971, coas de Guitiriz, Lugo, Navia de Suarna e A Gudiña. Foron as últimas cinco axencias que se abriron en Galicia.

Concellos

Cedeira, Cerdido e Moeche.

Explotacións

No ano da súa apertura tiña esta comarca 3.455 explotacións agrarias, das que 1.496 superaban a superficie de dúas hectáreas e polo tanto permitían unha mínima viabilidade económica para

vacún de leite e carne. Contemplando o conxunto da comarca abarcaba, en canto á superficie agraria mínima viable para vacún, o 43% das explotacións.

Actividades máis salientables

Durante a curta estancia da axente de economía doméstica promoveron algunhas reparacións de vivendas.

En obras de desenvolvemento comunitario fixéronse vías de saca, especialmente en Cerdido onde destacan as plantacións de eucalipto, centros de frío veciñais e traídas de auga.

Creáronse as cooperativas de Cerdido-Barqueiro, de orientación gandeira, e a de San Román de Cedeira para subministracións en xeral.

O traballo máis significativo desta Axencia foi a promoción de 8 sociedades agrarias de transformación para o aproveitamento da Serra da Capelada con gandería de carne.

Axentes xefes

Antonio Paredes Benavent, José David Macía Fernández e Antonio Rodríguez Taracido.

Axentes comarcais

Antonio Nogueira Márquez e Manuel Cesáreo Rodríguez Taracido.

Axentes de economía doméstica

Concepción Ramos Fernández.

Auxiliares administrativos

María Aurora Oroza Vila e Amelia Martínez Cabo.

Localización das oficinas

Establecéronse nun principio na rúa Ortigueira, nos locais cedidos pola cámara agraria local, e despois pasaron á rúa Ponte Nova, s/n, en alugueiro, onde está na actualidade a Oficina Agraria Comarcal.

Capítulo VII

**Axencias da
provincia de Lugo**

A. Rodríguez Troncoso

Nesta provincia chegaron a funcionar as 18 axencias comarcais que se relacionan e detallan máis adiante por rigorosa orde de apertura. Primeiro supervisounas José Vázquez Álvarez, que foi nomeado axente de zona de toda Galicia. Máis tarde, cando o número de axencias de Galicia se achegou ás 20, fíxose cargo Efrén Juanes Fidalgo, que foi nomeado axente de zona das provincias da Coruña e Lugo, con sede en Betanzos.

Con data do 24 de febreiro de 1967 (data na que a nosa Rosalía de Castro cumpriría 130 anos) foi nomeado axente de zona, con residencia en Monforte de Lemos, para supervisar as axencias desta provincia, Amador Rodríguez Troncoso, da 1ª promoción de axentes (convocatoria do 7 de decembro de 1955). Máis tarde nomearon axente de zona adxunto a José Antonio Rodríguez Fraguas, da 6ª promoción de axentes (convocatoria do 19 de maio de 1961). No momento deste nomeamento xa fora trasladada a sede da supervisión a Lugo, á capital, como Axencia Provincial.

Ao pasar Amador Rodríguez Troncoso como axente de zona adxunto á provincia de Pontevedra, con sede en Vilagarcía de Arousa, foi nomeado axente de zona de Lugo Mario Fernández Fernández, da 8ª promoción (convocatoria do 31 de xullo de 1962), que faleceu nun accidente de automóbil en acto de servizo. A Mario sucedeuno José Antonio Puente Andrés, da 16ª promoción (convocatoria do 5 de xullo de 1965), que desempeñou o cargo de supervisor adxunto nesta provincia durante uns dous anos, ata que o destinaron a Santander para facerse cargo da supervisión daquela provincia ao falecemento de Gonzalo Casino Mínguez.

Tamén foron axentes de zona das axencias desta provincia José Recimil Tábor, da 7ª promoción (convocatoria do 21 de novembro de 1961), tendo como adxunto a José Andrés de la Fuente Vázquez, da 28ª promoción (convocatoria do 4 de abril de 1973). Durante algún tempo foi tamén axente de zona, adxunto con José Recimil, Ángel Espadas Escanciano, da 22ª promoción de axentes (convocatoria de 14 do maio de 1968).

Durante a localización da Axencia de zona en Monforte de Lemos foron destinados a esta unidade para o apoio técnico das axencias de Lugo, Francisco Cuéllar Moratalla, enxeñeiro agrónomo, e Federico Ruiz Hernández, enxe-

ñeiro de montes. Este último, que faleceu sendo enxeñeiro de montes adxunto do ICONA (Instituto Nacional para a Conservación da Natureza) en Lugo, deu lugar a algunhas anécdotas, que nos parece oportuno contalas:

Prohibíalle á auxiliar administrativa da Axencia de zona, Petra Fernández Pastrana, que o tutease, esixíalle que o tratase de “don Federico” e non obstante comíalle a metade do bocadillo que ela levaba para tomar a media mañá, sen lle pedir permiso nin contar co seu consentimento.

Escribiulle unha carta ao ministro de Obras Públicas, Don Federico Silva Muñoz, sen coñecelo de nada e polo simple feito de ser o seu homónimo, para que lle buscasse unha praza do seu rango.

Á hora punta das mañás, cando a “elite” das señoritas de Monforte tomaba o vermú na cafetería “La Polar” da rúa do Cardeal, a máis céntrica da cidade, aparecía cun can, policía alemán, do axente de zona, cuns zapatos rotos nos que asomaban as dedas gordas dos pés polos buracos das puntas. Preguntoulle o axente de zona por que o facía e contestoulle que era para levarlle a contraria a Félix Expósito Martínez, xefe da Axencia, porque intentaba ser o seu conselleiro.

Nunha ocasión en que tiña que participar nunhas actividades forestais na Axencia de Ribadeo, chamaron dende esta Axencia ao día seguinte dicindo que non aparecera por alí. Preguntoulle o axente de zona e díxolle que se confundira de tren e que cando se decatou estaba en Ourense.

1.- Axencia Comarcal de Monforte de Lemos (Nº. 23).

Creación

Abriuse no ano 1957, coas de Betanzos, Viana do Bolo e Xinzo de Limia. É a primeira Axencia que se crea na provincia de Lugo, co número 23 das de toda España e data do 27 de novembro do referido ano 1957.

Concellos

Bóveda, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra de Brollón, Saviñao e Sober. Ten 140 parroquias, 1.044 unidades de poboación e uns 35.000 habitantes. A superficie é de 940 quilómetros cadrados.

Explotacións

Das 71.000 hectáreas agrarias, 5.000 son de labradío, 20.000 de pastos permanentes, 18.000 forestais e as 28.000 restantes dedicadas a outros usos. Na comarca hai 10.945 explotacións agrarias, das que 7.598 son superiores ás dúas hectáreas e representan o 69% destas, chegando ao 80% no Concello do Saviñao.

Actividades salientables

Mellorouse a gandería orientándoa á produción de leite, adaptando as cortes e implantando novas forraxes. Na actualidade hai unhas 1.500 cortes e 25.000 vacas. Para solucionar os problemas de subministración das explotacións, e para comercializar a produción, Extensión promoveu a creación da “Cooperativa Lemos”, con 1.500 socios. Tamén se crearon cinco sociedades agrarias de transformación con 30 socios.

Na Escola de Capacitación Agraria de Monforte impartíronse cursos de micoloxía organizados pola Axencia para os agricultores da comarca coa colaboración do Centro Forestal de Lourizán.

Na mesma escola tamén organizou a Axencia os primeiros cursos sobre apicultura nos que interviron como profesores as primeiras autoridades do momento na materia, como Antonio Gómez Pajuelo. Participou nestes cursos a Cátedra Benigno Ledo da Deputación Provincial de Lugo e chegouse a propoñer o establecemento na referida escola dunha unidade didáctica de apicultura. Esta proposta non prosperou, pero tanto os cursos sobre micoloxía coma os de apicultura foron un dos antecedentes do dinamismo que se alcanzou nestes dous campos en toda Galicia coas asociacións de apicultura e micoloxía. O primeiro presidente da federación das asociacións micolóxicas de Galicia, Antón Patiño Regueira, era de Monforte, aínda que residía en Vigo, e o que lle sucedeu, do que non temos o seu nome, tamén. En Monforte, a pesar da fobia que existía en Galicia ao consumo de cogomelos, había o costume ancestral de consumir a *Lepiota Procera*, coñecida no Val de Lemos como “choupín”.

En montes veciñais en man común redactáronse 20 estatutos para o seu aproveitamento por outras tantas comunidades veciñais. O que foi xefe desta Axencia, Jaime López Soriano, fixo un folleto de 18 páxinas titulado *Os Montes*

Veciñais en Man Común que publicou a Xunta de Galicia e no que se condensan o concepto destes montes, o seu aproveitamento, a organización das comunidades, o proceso da súa legalización, os posibles auxilios económicos e técnicos, así como o número de comunidades propietarias destes montes por provincias e a súa superficie.

En traballo con xuventudes funcionaron na comarca catro *planteles* de Extensión Agraria cun total de 80 mozos.

A Axencia sempre lle prestou atención aos cultivos de viñedo da comarca e en especial aos da ribeira do Sil. En colaboración co Ministerio de Agricultura e co Goberno preautonómico da Xunta, promoveu a mellora destes cultivos a base de variedades autóctonas de calidade como Mencía, Treixadura e Godello e a introdución do Albariño en Escairón, partindo da primeira plantación no predio do señor Moure. Fóronse substituíndo as variedades Alacante e Xerez de baixa calidade polas xa citadas. Fixéronse novas plantacións e recomendáronse fertilizacións, tratamentos fitosanitarios, marcos de plantación, podas e vendimas adecuadas.

A Denominación de Orixe Ribeira Sacra ten orixe sen dúbida ningunha na atención que lle prestou na súa programación a Axencia de Monforte ao cultivo do viñedo.

Os viños de Amandi gozan de fama de calidade dende os romanos, e na actualidade hai uns 6.670 viticultores que cultivan 1.300 hectáreas e 56 adegas, das que foron rehabilitadas 30.

Axentes xefes

Efrén Juanes Fidalgo, Guillermo Gómez Quijano, con carácter interino, Félix Expósito Martínez (incorporado o 13 de outubro de 1965), Antonio Rama Facal, Jaime López Soriano e Jesús Ordás Pérez.

Axentes comarcais

José Barredo (dende o 27/11/57 ao 10/12/58, que deixou o Servizo), Guillermo Gómez Quijano (incorporado o 13 de outubro de 1965), Mariano García Rollán, Manuel Ferreiro Redondo, Jesús Ordás Pérez e José Fernández Rodríguez.

Axentes de economía doméstica

Adoración Martín Martín (trasladada dende Chantada en xullo-agosto de 1969), María Cruz Santamarta Caballero (incorporada en xaneiro-febreiro de 1968) e Rosa María Lorenzo Martínez.

Axentes en prácticas e outro persoal

Bricio Lombardero Rico, técnico; Roberto Taracido Peiteado, técnico; Darío Dios Blanco, monitor; e Pedro Luis Sánchez Castro, monitor. Lino Andián Barros, (xaneiro-febreiro de 1968) e Argimiro Rubio Almazán (marzo-abril de 1969), axentes en prácticas.

Auxiliares administrativos

Manuela Villegas Valcarce, José Antonio Camino Balsa, María Luz Rodríguez López, Guadalupe García Veiga, Purificación Fernández Fernández e Benita López Albar.

Localización das oficinas

Primeiramente instaláronse nun baixo da rúa Roberto Baamonde, máis tarde pasaron ao primeiro andar da rúa do Cardeal, núm. 49-1º, despois á avenida de Galicia, núm. 64 bis; en todos os casos en alugueiro. No mes de xuño do ano 2008, xa como Oficina Agraria Comarcal, pasou ás instalacións da escola de Capacitación Agraria.

Lembranza especial de dous axentes

Referímonos a Guillermo Gómez Quijano e a Antonio Rama Facal. Considéraos o agricultor Antonio Rodríguez Besteiro, veciño da Ferreirúa (A Pobra de Brollón) que tivo unha explotación de 12 vacas leiteiras, uns verdadeiros apóstolos do Val de Lemos. Guillermo era tan traballador que seguiu atendendo os agricultores despois de xubilado, ata que morreu, e Antonio Rama, segundo nos dixo, era moi intelixente. Do que non tivo coñecemento foi da súa morte prematura nunha rúa de Pontevedra, cando tiña destino na Delegación Provincial da Consellería nesa cidade.



O agricultor Antonio Rodríguez Besteiro co seu tractor LU-VE 69557 comprado de segunda man en Cidade Real o ano 1969, descansando os dous na Ferreirúa, xa xubilados, en maio do 2008. (Autor Borja R. Fernández)

2.- Axencia Comarcal de Sarria (Nº. 49).

Creación

Creouse no ano 1958, coas do Porriño e Caldas de Reis.

Concellos

A comarca de traballo abarcaba os concellos de Sarria, O Incio, Láncara, Paradela, O Páramo e Samos. Engloban 131 parroquias con 889 núcleos rurais e unha poboación de 24.300 habitantes.

Explotacións

O número de explotacións desta comarca é de 6.916, superando as dúas hectáreas 4.613, que no conxunto dos seis concellos representan o 66,7%. No Concello de Samos esta porcentaxe chega ao 77%.

Actividades máis salientables

A actividade da Axencia centrouse basicamente no fomento da gandería. Hai neste momento dúas mil cortes e 35.000 vacas, sendo o 80% de aptitude leiteira.

Constituíron tres cooperativas no Concello de Sarria. A principal é COGASAR, con 200 socios. Tamén se crearon dúas cooperativas no Concello do Páramo, outras dúas no de Paradela e unha en cada un dos concellos de Samos, Láncara e O Incio.

Fíxose unha campaña de concentración parcelaria e foi solicitada por 38 parroquias, das que xa se finalizou en 6.

Constituíronse dez teleclubs, redactáronse ordenanzas de seis montes veciñais en man común, promoveuse a constitución de dúas sociedades agrarias de transformación e funcionou a nivel comarcal un *plantel* de Extensión Agraria con 40 membros.

Nesta comarca alcanzaron moita importancia as granxas avícolas e porcinas, xa que chegou a haber unhas 15 das primeiras e 12 das segundas.

Axentes xefes

Victorino Beltrán del Río, Nicolás Prieto Pastana, Marcos Salas Villa, Celedonio Prieto Rebollo, Mariano de Leyva y Vega, Jesús Alonso Flores e Victorino Amado Bande.

Axentes comarcais

Jaime López Soriano, Manuel de Miguel García, Alfonso Torrente Gallego, Enrique Manclús Blasco, José Fernández Rodríguez e Mariano de Leyva y Vega (axudante incorporado en xaneiro-febreiro de 1968).

Axentes de economía doméstica

María Paz Álvarez González (incorporada en novembro-décembro de 1966 en prácticas e con data do 1 de abril de 1967 de forma definitiva) e Beatriz Somoza Sobrado (trasladada dende O Carballiño en xullo-agosto de 1969).

Monitores

Emilio Jesús Levices González.

Auxiliares administrativos

César López, Pilar Quintana, María Teresa López Fernández, Ana Anido González e Berta Varela González.

Localización das oficinas

Primeiro, no momento da apertura, estiveron en alugueiro nun primeiro andar da rúa Calvo Sotelo. Despois pasaron á rúa Diego Pazos, 32-1º, tamén en alugueiro, e por último pasaron á rúa Vázquez Queipo, 25, aos locais da antiga cámara agraria.

3.- Axencia Comarcal de Vilalba (Nº. 62).

Creación

Foi creada no ano 1959, xuntamente coas axencias de Padrón e Silleda.

Concellos

Vilalba, Cospeito, Xermade e a parroquia da Balsa do Concello de Muras.

Abarcaba 61 parroquias e 1.206 núcleos de poboación con 28.500 habitantes.

Explotacións

Ten 7.407 explotacións agrarias, das que 5.669 son superiores ás dúas hectáreas, cunha porcentaxe do 76,5%. Esta porcentaxe mantense entre o 76 e o 78,9% nos catro concellos da comarca. A situación das explotacións gandeiras responde ao contido do seguinte cadro.

EXPLORACIÓNS DE GANDO VACÚN

Concellos	Nº parroquias	Nº explot. de 1 a 9 vacas	Nº explot. de 10 a 19 vacas	Nº explot. de 20 a 49 vacas	Nº explot. de máis de 50 vacas	Nº total explot.	Nº de vacas
Cospeito	20	427	283	201	15	926	12.774
Muras	1	8	21	7	-	36	497
Vilalba	30	1.233	371	143	5	1.752	14.801
Xermade	5	153	68	21	9	251	2.783
TOTAIS	56	1.821	743	372	29	2.965	30.855

(Datos facilitados por Juan Quintela Peteiro, que colaborou no estudo de comarca por áreas naturais da Terra Chá)

Actividades máis salientables

Mellora da produción de forraxes e construción de cortes. O número actual de explotacións gandeiras é de 2.520, cun censo gandeiro de vacún de 28.278 cabezas, sendo o 60% de aptitude leiteira.

Promoveu a creación dunha cooperativa para a elaboración de pensos e a comercialización de produtos agrarios.

Tramitaron 10 peticións de concentración parcelaria, crearon 10 teleclubs e colaboraron no programa de incorporación de colonos a explotacións gandeiras do Instituto Nacional de Colonización na Zona de Arneiro en Terra Chá.

Axentes xefes

Higinio Movilla González, fundador da Axencia, José Luis de Marco Gómara, Alfredo Iglesias Raído, José Juan Puertas Rabal e Juan Carretero López.

Axentes comarcais

José Galán (podería tratarse de José Sala Galán da III promoción, que ingresou en agosto de 1962 e que, segundo referencias, estivo con Movilla, sendo este último trasladado ao Barco de Valdeorras, que se abriu precisamente neste ano 1962), Julián del Caño Abad, Antonio Paredes Benavent, José Antonio Fernández, José Antonio Díaz Pérez (da XXI promoción, incorporado en novembro-décembro de 1968), Jesús Rielo Rico, José Manuel Fernández Fernández, Juan Manuel Carretero López e, como técnico, Remedios Soto Lorenzo.

Axentes de economía doméstica

María Isabel Garrido Blanco, María Luisa Gómez Diéguez, María del Carmen Vela Olabarrieta (incorporada en xaneiro-febreiro de 1968), María Ángeles Mariño Barreiro (incorporada en marzo-abril de 1971), María Asunción Carrazoni Losada e Rosa María Incio Balboa.

Auxiliares administrativos

María del Carmen Baamonde Díaz e Purificación Fernández Fernández.

Localización das oficinas

Primeiro establecéronse na rúa José María Chao, 18, baixo. De alí pasaron á avenida de Terra Chá,

nun baixo, e por último ao Edificio Administrativo Comarcal na rúa Poetisa Carmiña Rouco, s/n. En todos os casos en alugueiro, xa que na actualidade, como Oficina Agraria Comarcal, abóanlle á Consellería da Presidencia a renda da súa estancia.

4.- Axencia Comarcal de Ribadeo (Nº. 89).

Creación

Creouse esta Axencia no ano 1960, coas de Carballo, Arzúa, Ortigueira, O Carballiño, A Estrada e Tui.

Concellos

Ribadeo, Trabada e Barreiros. A comarca comprendía 26 parroquias, 325 núcleos de poboación e 15.200 habitantes.

Explotacións

Comprende esta comarca 3.068 explotacións agrarias, das que 1.592 teñen unha superficie igual ou superior ás dúas hectáreas. Representan estas explotacións o 51,8% das existentes. Neste cómputo inclúense os dous terzos das do Concello de Barreiros.

Actividades máis salientables

Destacaron as actividades sobre a mellora da cabana gandeira. Existen na actualidade 660 cortes reformadas e 10.910 cabezas de vacún, das cales o 80% son de aptitude leiteira. Os rendementos en produción de leite son dos máis altos de Galicia.

No momento da súa apertura, esta Axencia encontrouse no aspecto gandeiro cunhas explotacións agrarias máis avanzadas en relación co resto de Galicia, a causa da repercusión que tivo sobre esta comarca a Escola Pedro Murias, da que se trata con máis detalle noutro apartado deste libro.

Promoveron a constitución da cooperativa OS IRMANDIÑOS para fabricación de pensos, subministracións ás explotacións agrarias e venda de leite. Esta cooperativa está dinamizando a produción e a comercialización do leite na comarca.

Conseguiron a concentración parcelaria de todas as parroquias dos concellos de Ribadeo e de Trabada e o 80% das do Concello de Barreiros.

Tamén traballaron no fomento da horticultura, na que se especializaron 20 familias de toda a comarca.

A constitución de tres *planteles* de Extensión dentro da comarca xustificou o convenio subscrito pola dirección do Servizo de Extensión Agraria con Caixa Galicia para poñer en funcionamento o Centro de Capacitación Agraria de Benquerencia en réxime de internado, onde se impartiron ensinanzas de formación profesional agraria. Este centro, que fora construído pola Caixa Galicia para colonias escolares no verán, ao carón da praia de Benquerencia do Concello de Barreiros, foi derruído por razóns ecolóxicas, e as ensinanzas que viña impartindo Extensión Agraria nel pasaron á denominada “Granxa Pedro Murias”, despois de facer as correspondentes adaptacións.

Axentes xefes

Juan Antonio Garrido Suárez, José Antonio Rodríguez Fraguas (incorporado o 1 de xuño de 1965), Santiago Sobejano Sobejano (incorporado en novembro-décembro de 1966), Antón Oca Fernández (en maio-xuño de 1969 como xefe interino), Lorenzo Molejón Villamil e Jesús Mundiña Acebo.

Axentes comarcais

Felipe Muñoz Castro, José Antonio Rodríguez Fraguas, Francisco Calvo Gómez, Argimiro Rubio Almazán (incorporado en xullo-agosto de 1969), Julián Sánchez-Palomo Vaquerizo, Antonio Rama Facal e Emilio Francisco Rodríguez Calvo, como especialista en xestión de explotacións este último (incorporado en xullo-agosto de 1971).

Axentes de economía doméstica

María del Carmen Carballeda Pérez (incorporada en xaneiro-febreriro de 1968, destinada en prácticas da X promoción), María Antonia González Abrido, Isabel Gutiérrez Gutiérrez (incorporada o 1 de abril de 1967, da VII promoción e que xa fora destinada a esta Axencia en prácticas en novembro-décembro de 1966).

Auxiliares administrativos

Fernando Duarte e Dolores Díaz López.

Localización das oficinas

Durante os primeiros quince anos establecéronse en local cedido polo Concello de Ribadeo, nos

baixos da casa do Concello, rúa Ibáñez, en cesión, e máis tarde pasaron, en alugueiro, á avenida de Galicia, núm.7, baixo, onde está hoxe a Oficina Agraria Comarcal.

5.- Axencia Comarcal de Monterroso (Nº. 193).

Creación

Abriuse esta Axencia no ano 1963, coas de Corcubión, Pontedeume, Celanova e Mondoñedo. Foi solicitada pola Cámara Agraria Local e apoiada esta solicitude pola Secretaría Xeral do Ministerio.

Concellos

Monterroso, Antas de Ulla, Palas de Rei, Taboada e Portomarín. Abarcaba 121 parroquias e 693 núcleos de poboación.

Explotacións

O número total das explotacións da comarca é de 6.957, tendo 4.951 unha superficie igual ou superior ás dúas hectáreas. As que igualan ou superan as dúas hectáreas representan o 77,7% de todas as da comarca.

Actividades máis salientables

Dada a importancia da gandería, as actividades encamiñáronse a mellorala mediante implantación de pradeiras artificiais, acondicionamento de cortes e adquisición de reses selectas de aptitude leiteira. Na actualidade hai 1310 cortes e 31.210 cabezas de vacún, sendo o 40% de aptitude cárnica.

Promoveu a solicitude da concentración parcelaria en dez parroquias e a redacción de estatutos de seis montes veciñais en man común.

Os primeiros estatutos de montes veciñais en man común que se redactaron en Galicia foron os do Monte Sambreixo, do Concello de Monterroso. Asinouse un convenio entre a comunidade veciñal da parroquia de Sambreixo, os servizos forestais provinciais e a Axencia de Desenvolvemento Gandeiro para o establecemento de pasteiros de aproveitamento común, que serviron de precedente para o aproveitamento doutros montes veciñais en man común de Galicia.

Constituíronse cooperativas de subministración e abastecemento para as explotacións agrarias nos concellos de Monterroso, Antas de Ulla, Palas de Rei e Portomarín.

O traballo coas xuventudes empezouse co *plantel* de Retorta, no Concello de Palas de Rei. Máis tarde ampliouse a toda a comarca e acabou por construírse, en terreos cedidos polo Concello, o CECA de Monterroso, para impartir ensinanzas de formación profesional agraria de primeiro grao.

O asolagamento de labradíos do Concello de Portomarín polo encoro de Belesar motivou programas da Axencia para o asesoramento no establecemento de novos viñedos e cultivos de horta aos agricultores afectados, en especial aos do núcleo de Portomarín.

Colaborou na campaña de “Vacacións en casa de labranza”, promovendo dez casas nos concellos de Portomarín e Palas de Rei, ambos os dous afectados polo Camiño de Santiago Francés.

Tamén promoveu esta Axencia a constitución de seis teleclubs en colaboración co Ministerio de Información e Turismo.

En desenvolvemento comunitario despregou esta Axencia unha grande actividade en toda a comarca. Destacou a explanación e acondicionamento de camiños mediante a axuda mutua e o esforzo propio, dos que se beneficiaron 80 comunidades rurais.

Axentes xefes

José Recimil Tábor, que inaugurou o traballo da Axencia, Julián Gil Cabrera (incorporado o 5 xuño de 1965 como axudante e en xaneiro-febreiro de 1967 como xefe interino), Andrés de la Fuente Vázquez e José Luis Graña.

Axentes comarcais

Maximino Santamarina González (incorporado en novembro-décembro de 1968), Rafael Laguna Esteras, Jaime López Soriano e José Fernández Rodríguez.

Axentes de economía doméstica

Marina González Piñeiro e Josefa González Sánchez.

Auxiliares administrativos

Blanca García Carballo, que pasou primeiro a Lalín e despois a Guitiriz, e Ofelia Barrio Montenegro.

Localización das oficinas

Inicialmente instaláronse en locais cedidos polo Concello, na rúa General Salgado, nun baixo, e ao construírse o CECA pasaron a locais habitados nel, onde se encontra na actualidade a Oficina Agraria Comarcal, na rúa Miguel Olivas Soto, 4.

Un comentario de interese

Aínda que os axentes sempre se identificaron cos agricultores da comarca de traballo, no caso de Julián Gil Cabrera, esta identificación foi absoluta e digna de resaltar para poder entender mellor o compromiso que todos os extensionistas chegamos a contraer coa xente do medio rural, calquera que fose a procedencia das diversas terras de España.

Cando a Julián, despois de permanecer nesta comarca 14 anos, tres meses e 11 días, lle foi rendida unha homenaxe multitudinaria de despedida, con data do 16 de setembro de 1979, o alcalde de Monterroso, Luis Pereiro Vázquez, leu a seguinte poesía composta por Xavier Rodríguez Barrio:

*Adeus ao noso Julián.
Un adeus máis nesta lingua
temos hoxe que dicir:
Un adeus e unha morriña,
Monterroso vai sentir.
Hai anos chegou un home,
estremeño e solteirón,
casou na Estremadura,
i en Galicia desfoitou.
Hoxe vaise pra súa terra,
pro voltará de contado
a tacear o Ribeiro
e lembrar o pasado.
Adeus Julián, e ben sabes
que este pobo e teu amigo,
e a onde queira que vaías
Monterroso irá contigo.*

6.- Axencia Comarcal de Mondoñedo (Nº. 194).

Creación

Creouse esta Axencia a petición do Concello de Mondoñedo no ano 1963, con Corcubión, Ponte-deume, Celanova e Monterroso.

Concellos

Mondoñedo, Abadín, Lourenzá, parte de Pastoriza e parte de Barreiros. Abarcaba 49 parroquias, con 595 núcleos de poboación e 17.320 habitantes.

Explotacións

Ten 5.471 e destas superan a superficie de dúas hectáreas 3.580, que representan o 65,4% das da comarca. Esta porcentaxe é do 52,6% no Concello de Mondoñedo e chega ao 74,8% no de Abadín.

Actividades máis salientables

As actividades orientáronse a promover a mellora gandeira de vacún mediante a modernización de cortes, implantación de pradeiras artificiais e selección de vacún de aptitude leiteira. Hai na comarca 2.074 explotacións desta orientación produtiva e 22.200 cabezas.

Promoveu a concentración parcelaria na case totalidade do Concello de Pastoriza, no de Lourenzá, no Val de Cabarcos do de Barreiros, en sete parroquias do de Mondoñedo e en cinco do de Abadín.

Como consecuencia deste labor de concentración, a implantación de forraxes e a mellora xenética ás 4.000 explotacións de vacún de aptitude cárnica do Concello de Pastoriza, fixo que pasaran a 13.000 na actualidade de aptitude leiteira.

Tamén se fomentou a horticoltura nos vales de Mondoñedo e Lourenzá, onde hai 15 explotacións dedicadas á horta na actualidade.

No ano 1968 organizouse a primeira “Rapa das Bestas” en Campo do Oso, onde se recuperaron os pasteiros para mellora do gando cabalar e vacún bravo, que existe no dito monte dende tempos inmemoriais.

Promoveu a redacción de ordenanzas de cinco montes veciñais en man común.

Creáronse tres *planteles* de Extensión Agraria no Val de Cabarcos, en Lourenzá e na Pastoriza.

En desenvolvemento comunitario construíronse 12 teleclubs, organizáronse cinco comunidades para a acometida de auga aos seus fogares e 20 fixérono para a apertura e acondicionamento de camiños rurais. Tres dos indicados teleclubs

foron incorporados á rede do Ministerio de Información e Turismo.

Axentes xefes

Eugenio Martín, José Recimil Tábora (incorporado en xaneiro-febreiro de 1967 como xefe interino), Manuel de Miguel García, Lorenzo Molejón Villamil e María José Martínez.

Axentes comarcais

Mariano de Leyva y Vega (incorporado o día 13 de xullo ou de agosto de 1966), Juan Carlos Antúnez Sánchez, Lino Andión Barros (incorporado en marzo-abril de 1968), Antonio Mosqueira Rañón e Antonio Meilán y Dans Mansilla.

Axentes de economía doméstica

María del Carmen Torreiro Sande (incorporada en maio-xuño de 1968 en prácticas e en setembro-outubro do mesmo ano como titular), María Jesús Domínguez Legaspi e María José Martínez.

Axentes en prácticas

Matías Francisco Robles Álvarez (marzo-abril de 1969).

Auxiliares administrativos

María Concepción Ares Seoane.

Localización das oficinas

Primeiro instaláronse no Consistorio Vello da Praza de España, nun baixo fronte á catedral, en cesión. Despois pasaron, tamén en cesión, á rúa de Alcántara, ao grupo escolar. Máis tarde pasaron en alugueiro a un 2º andar da Praza do Seminario, e na actualidade, xa como Oficina Agraria Comarcal, está no edificio da Xunta na rúa Pardo de Cela, núm. 22.

7.- Axencia Comarcal da Fonsagrada (Nº. 229).

Creación

Creouse en 1964, coas de Becerreá, Vilagarcía de Arousa, a Pobra de Trives e Chantada.

Concellos

A Fonsagrada, Negueira de Muñiz e parte de Baleira, con 35 parroquias, 379 núcleos de poboación e 6.500 habitantes. Ata que se crearon as axencias de Castroverde (1970) e Navia de

Suarna (1971) esta Axencia da Fonsagrada atendía tamén a totalidades dos concellos de Navia de Suarna e Baleira, que en conxunto comprendían 65 parroquias, cos xa referidos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz.



Terras da Fonsagrada en 1980.

(Autor A. R. Troncoso)

Explotacións

O número de explotacións agrarias é de 2.585, das que 2.012 igualan ou superan as dúas hectáreas. A porcentaxe destas últimas explotacións é do 77,8%, superando nos tres concellos o 70%. Convén facer constar que se trata dunha comarca onde predomina o monte e que do Concello de Baleira figuran unicamente a cuarta parte das súas explotacións.

Actividades máis salientables

Prestoulle atención ás explotacións de vacún de carne e ovino e á produción forestal, onde o ICONA repoboou con piñeiros extensas superficie de monte e fixo algúns pasteiros. O número actual de explotacións é de 760, cunha capacidade de 8.600 vacas, das que tan só o 5% son de aptitude leiteira.

Redactáronse ordenanzas de montes veciñais en man común, se ben hai que advertir que a posesión destes montes nesta comarca, igual que na de San Antolín de Ibias de Asturias e tamén na de Becerreá, é diferente á do resto de Galicia. Ata tempos recentes mantívose o costume de parcelar entre os veciños os montes en “senaras” para sementar centeo. Unha vez recollido o cereal, durante dous ou tres anos, o monte pasaba a ser común para o pastoreo e outros aproveitamentos. A partición non se facía por partes iguais, senón de acordo coa contía que cada un herdaba dos seus devanceiros e que figuraba nos cadernos particionais. Esta contía de porcentaxe no monte

á hora de cultivalo tamén se respectaba para a distribución dos impostos e cargas do Concello. Se aparecía algún caseiro sen terras, a comunidade recoñecía o dereito a cultivar a novena parte dos montes comunais en precario.

O traballo que alcanzou verdadeiro impacto en toda a comarca foi o desenvolvemento comunitario, mediante apertura e explanacións de camiños a todas as aldeas que estaban totalmente incomunicadas para o tráfico rodado. Sempre se chegou a acordos entre os veciños para a cesión gratuíta dos terreos afectados. Así, na Lastra, cando un veciño puxo a condición de que cedía o terreo se non lle tiraban un carballo, os veciños dixéronlle: *Non te preocupes, nós garantímosche que non cho imos tirar, do que non che respondemos é que caía el cando abra o camiño a niveladora*. O afectado terminou por prestar a súa conformidade, porque en realidade o que quería era dicirlle á muller, cando chegase a casa, que se comprometeran a non tirar o carballo.

Tamén se levou a auga corrente ás casas de dez parroquias e organizáronse outros tantos teleclubs.

O axente Juan José Molina Álvarez promoveu a creación na vila da Fonsagrada, en locais cedidos polo Concello, do Museo Etnográfico Comarcal mediante a colaboración veciñal, contribuíndo deste xeito a testemuñar, de maneira permanente, a arraigada cultura rural da alta montaña de Galicia, nun momento en que o seu testemuño estaba en inminente risco de desaparecer.

Axentes xefes

Constantino Mariño Torreira, que foi o fundador, Manuel Rodríguez Friol, Jesús Rielo Rico e Juan José Molina Álvarez, por esta orde.

Axentes comarcais

Manuel Miguel García (incorporado en novembro-décembro de 1966) e Miguel Carbonell Roig.

Axentes de economía doméstica

María Paz Quiroga.

Auxiliares administrativos

María Luisa Saavedra Arango e María Elena Ares Seoane.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron na rúa Falangista Cedrón, hoxe avenida de Galicia, pasaron máis tarde a outro local da mesma avenida, sempre en cesión por parte do Concello. Na actualidade, xa como Oficina Agraria Comarcal, está nesta referida avenida de Galicia, núm. 36, 1º, que é o edificio da antiga cámara agraria local.

Testemuño do axente Constantino Mariño Torreira

Polo seu valor testemuñal relacionado con esta Axencia, na que permaneceu nela durante cinco anos, copiamos de forma literal a carta que nos escribe, dende Foz no mes de xuño de 2008, Constantino Mariño Torreira:

O día 21 de setembro de 1964 levoume Efrén alí. Era día da feira anual do San Mateo. Comemos o polbo na feira. Despois das visitas e saúdos de rigor Efrén marchou, e toda a bagaxe da Axencia acabada de crear eramos eu e máis a maleta que levaba. Non tiña onde hospedarme porque había xente das obras de estudo do que pretendía ser a presa do Gran Suarna. Ao fin conseguíuse un cuarto nunha casa particular, no que estiven varios días, ata que quedou libre un cuarto en Casa Víctor.

Aos poucos días chegou un camión grande procedente de Madrid, de onde traía mobiliario e material para dúas ou tres axencias da mesma fornada, en cada viaxe. Pero non preguntaron por min, senón polo alcalde. O local da Axencia era unha idea de futuro. Non houbo outra solución que meternos nunha parte do baixo dun edificio construído poucos anos antes para hospitaliño municipal, pero nunca posto en funcionamento. Nel quedaba a Axencia cando marchei para Foz e alí seguii varios anos máis. Hoxe ese edificio é un bonito e interesante Museo Histórico Etnográfico Comarcal. Nese momento o alcalde era o médico Justiniano González Rosón-Rozas, que pouco antes fora nomeado en substitución do veterinario José Antonio Freije López, alcumado “Salgueirín”, que fora cesado de maneira fulminante. Por iso en Madrid crían que el podería resolver o problema do local e eu non. Pasados dous ou tres anos, o mesmo gobernador civil cesou o médico Justiniano González Rosón-Rozas, para nomear novamente ao mesmo veterinario José Antonio Freije López, o alcumado “Salgueirín”. El sabería

o porque. Este alcalde, o “Salgueirín”, foi visitado por Gerardo e Troncoso para responderlle varias preguntas que fixo relacionadas coas actividades da Axencia.

Dous ou tres anos despois, cando xa cambiáramos de alcalde, asistín invitado a unha reunión pública no Concello, onde un arquitecto de Lugo apelidado Basanta presentou o proxecto do que pretendía ser o Centro Administrativo Municipal, onde tamén ía Extensión Agraria; asignounos un espazo de ¡2x2 m! Pedín a palabra e díxenlle que na miña opinión ninguén pode proxectar nada que lle sexa descoñecido e que eu non podería proxectar un “tablaio” flamenco a pesar de ter idea de que alomenos se precisa sitio para un guitarrista, unha “bailaora”, un chulo que faga palmas e algo de público. Á reunión asistía Leopoldo Calvo Sotelo Bustelo, que era procurador en Cortes electo pola provincia de Lugo, acompañado polo Gobernador Civil de Lugo, Eduardo del Río Iglesias e do secretario xeral técnico do Ministerio de Gobernación.

Ao día seguinte veu por fin alguén do Concello para dicirme que mandase un informe sobre as condicións que debía reunir o local da Axencia de Extensión.

Volvendo ao principio, de Madrid mandáronme ir buscar unha moto a Cangas de Narcea. Fun cedo no coche de liña, con transbordo en Pola de Allande; era a mesma LUBE-125 na que xa eu andara en Negreira. Volvín pola rota do Puerto del Couño, entre Cangas e San Antolín de Ibias e Negreira de Muñiz, porque parecía máis cerca. Con moita sorte cheguei sen novidade antes de que fose noite, case un milagre. Na primavera seguinte fun buscar a furgoneta Citroën a Madrid.

Poucos días despois de chegar coa moto, fun a Lourizán a asistir a un cursiño no que Antonio Odriozola e máis Carlos Valencia faláron de cogomelos. Á volta, como era xusto no outono, empezáronse a recolectar e consumir cogomelos na comarca da Fonsagrada. Tiña o primeiro libro de Perala Santolaria.

Foi aquela unha época de traballo intenso e continuado que, normalmente, non se interrompía nin os festivos, nin moitas veces, ata altas horas da noite, nin á hora dos viños ou das comidas. Ademais dos consabidos proxectos e facetas distintas do traballo no eido agrícola, gandeiro e forestal, outros proxectos salientables foron:

Desenvolvemento de comunidades:

Dentro deste proxecto atendéronse diversos conceptos, pero o máis significativo foi a apertura de pistas de comunicación ás aldeas, xa que o 82% dos núcleos de poboación estaban totalmente incomunicados para vehículos automóbiles, por distancias que ían dende 500 metros ata 12 quilómetros. Foi un traballo moi gratificante; cambiáballes a vida ás aldeas. Xeralmente era preciso conseguir dos veciños: cesión de terreos, achega de cotas económicas variables e achegas de man de obra necesaria. O máis importante era chegar ao acordo de empezar a obra, porque despois quen máis convencía era a pa, cando vían aquel prodixio e traballo e aquel cambio. Sempre necesitaban máis terreo que o acoutado de antemán, pero sempre se foi resolvendo todo e só en raras ocasións houbo algún problema e algunha anécdota importante.

En Vilarpandín, de Navia de Suarna, un paisano sentou diante da pa porque lle collía moito máis do que el quería, e o padeeiro acomodou o caso de maneira que, con moito xeito, foino pousar acolá máis arriba, sentado no terrón, mentres a xente aplaudía (sempre había xente mirando) e o home tamén entrou no xogo deixándose ir polas boas.

En Llencias, da parroquia fonsagrada de San Martiño de Suarna, a dificultade chegou á hora de atravesar a aldea, xa que parando nas primeiras casas seguían quedando case todos condicionados a un camiño longo e angosto que era un lameiral impracticable. Houbo que reunilos ao aire libre, co panorama a vista, e botarlle un sermón, como o da Montaña, salvando as distancias, pero tocándolles as fibras sensibles; ao fin cedeu cada un o que cumpría. Pero en plena faena, sen máis razón nin aviso, aparece un home berrando e a pedradas co padeeiro, que tivo que cubrir a cabeza coa chaqueta de coiro. Os veciños enseguida pararon e trataron de acougar aquel home. Era que a pa, ademais da parede da horta e a anchura que acordara ceder, íalle levando, un diante de outro, unha rea de enxertos de maceira, que, como dicía aqueloutro, non era que a pa os quitase, xa caían eles ao quitar o resto.

Hai moitas máis, que sería cansado contar, coma o da viga de carballo que coñece Troncoso, na pista que se fixo dende a Lastra ao Vilarín de Cubilledo, no Concello de Baleira, que, ao dicirlle que non se lle tira pero que pode caer ou quedar desprotexido

polo lado do vendaval, dixo: se cae, iso é outra cousa, eu o que quero é que non ma tiren.

Outra boa, a última para hoxe, foi a que tivemos co enxeñeiro do Patrimonio Forestal do Estado Jorge de la Peña en Ferreira de Arriba, en Fonsagrada. Tiñan previsto abrir a pista e falado co padeeiro, que viría algo máis adiante, despois de rematar outros traballos, presentouse un sábado dicíndolles que se querían podería empezar o luns. Pillounos a contrapé, co proxecto sen perfilar, xa que para empezar baixando polo camiño de sempre tiñan un treito de moita pendente; pensaban xestionar co Patrimonio Forestal poder facer un rodeo a través dunha plantación de Insignis de 7 ou 8 anos, para saír ao mesmo camiño máis abaixo.

Así que houbo que improvisar. O sobregarda Arias, que vivía no Xipro, preto da Fonsagrada, encargouse de localizar a D. Jorge esa fin de semana e explicarlle o asunto. O luns ben cedo fun preguntarlle o resultado, e díxome que si, que conseguira falar con D. Jorge, que si. Fomos dicírllelo aos veciños. O padeeiro estaba sentado na pa co motor apagado e os veciños todos por alí arredor. Enseguida arrancou abrindo o primeiro desmonte polo medio dos pinos.

Cando de la Peña viu o traballo enfadouse moito, seica pensou que serían 40 ou 50 metros (eran polo menos 500). Mandáronme ir velo. Creo que foi Troncoso quen se interesou en que me acompañase Federico Ruiz. De la Peña díxonos: vouno comunicar a Madrid e xa vos amañaredes. Eu díxenlle, por min podes comunicalo a Madrid e a Barcelona e ao Vaticano, que teño todo o pobo, e o pobo tamén me ten a min de testemuña de como Arias lles dixo que falase contigo e ti autorizabas o traballo, e que non se moveu unha area antes de contar con esa autorización. Ao fin dixo, “bueno yo me hago el loco, no me doy por enterado y a ver que pasa”. Xa chovía sobre mollado, porque eu viña de conseguir que o Gobernador Civil mandase archivar as multas que lle tiñan imposto a uns 12 veciños da parroquia de Arroxo, vítimas de desinformación por denuncias reiteradas dos seus gardamontes, cando transcorreran todos os prazos de recurso e o propio de La Peña me dixera: “tienen que pagar, pónganse como se pongan”. Tamén de vez en cando lles levaba varios quilos de instancias solicitando o cambio de consorcio dos concellos para os veciños titulares de cada monte comunal.

Planteles xuvenís:

Tivemos ata sete, coido que ben organizados e funcionando ben simultaneamente. Como é sabido, o programa de actividades que se desenvolveron, había que mandalo aprobar a Madrid. Nos planteles como o de San Matiño de Suarna, A Trapa e Carballido, formados por mozos xa de certo fuste, incluíronse un ano dous ou tres temas relacionados con enfermidades venéreas, contaxio, consecuencias, profilaxe e tratamento, impartidas polos médicos municipais, cos que se tiña acordado, que ben sabían que facía moita falta esa información, e facíase constar todo isto. Pois o mexapilas de turno devolveunos sen aprobar, a condición de que se suprimisen os ditos temasiiii.....iiiiii.

Dous planteles foron premio nacional de tarefas. O de San Martiño, por unha plantación de castiñeiros, e o da Trapa, por facer un xardín no terreo frontal do cemiterio parroquial. Xa se ve que os temas eran variados.

No Programa “Vacacións en casa de labranza” chegaron a interesarse e participar máis de 350 familias, aproveitando o interese paisaxístico, fluvial e de montaña dos concellos da Fonsagrada, Navia de Suarna e Negueira de Muñiz. A Axencia tamén atendía Baleira.

Outras actividades dignas de mención foron os cursiños e as viaxes colectivas e a proxección de mozos a escolas de capataces e ao Centro de Formación Acelerada da Coruña, así como a colaboración coa Cooperativa Comarcal Buronesa de San Martiño de Suarna, a xestión e distribución de pataca de semente, da chamada de destríos, procedente do Campo de Gonza da Caixa de Aforros de Ourense, e a xestión e distribución de calcarias para a mellora de solos. Esta cooperativa creouse co patrocinio do entón notario da Fonsagrada, Enrique Fosar Benlloch, que achegaba do seu peto unha paga ao xerente Leonardo Álvarez Carballido, que era un magnífico líder colaborador. O notario seguiulle enviando a súa achega económica dende que xa se trasladara a Huelva. Tamén se organizaron actividades culturais. Gabriel Plata Astray e Xesús Alonso Montero foron algúns dos conferenciantes que pasaron por alí.

Os concellos de Foz e A Fonsagrada teñen establecido na actualidade un intercambio de visita colectiva, de aquí van á festa do butelo e de alí veñen á do berberecho. Hai tres anos fomos Mari e máis eu; ao saír de comer correu tras nós un mozo a dicirme, moi emocionado, que tiña moitas ganas

de verme e de coñecerme, que toda a vida levaba oíndo falar de min e do moi interesante que fora para toda aquela bisbarra. Cando ese mozo naceu xa había sete anos que eu marchara da Fonsagrada para Foz. Foi un emocionante testemuño do moi agradecida que é aquela xente.

*Cando eu fun a Fonsagrada, en 1964, Don Benjamín de Villabol convocaba, organizaba e presidía cada 20 de novembro a misa por José Antonio Primo de Rivera e demais caídos por **Dios y por la Patria**. Á saída cantábase o **Cara al Sol**. Don Benjamín Álvarez Fernández, coñecido como Benjamín de Villabol, era veciño de Fonsagrada e procurador dos tribunais. Fora tamén procurador nas Cortes de Franco e vicepresidente da Deputación Provincial, pero sobre todo un xefazo falanxista. Teño entendido que nalgún tempo foi **Jefe Provincial del Movimiento**, aínda que o Gobernador Civil era outro.*

Especiais dificultades no traballo:

Con motivo da asistencia á Asemblea da Toxa, celebrada na primeira quincena do mes de marzo de 1969, o axente MariñoTorreira di:

Non recordo con quen vin ata Lugo, pero de Lugo a Fonsagrada fun dous días no coche de liña ata o Cádavo, e volta para Lugo. Non podía seguir debido á enorme nevarada. O terceiro día tampouco pasou. Pero veu de Fonsagrada o taxista Eladio Couso cun enfermo para o Hospital de Lugo. O taxi era un Land-Rover longo ben equipado, e viña acompañado, ademais do enfermo, de tres homes armados con ferramentas axeitadas para loitar coa neve. Díxonos a min e mais a outro que estaba na mesma, que á volta podía levarnos. E así foi. Tivemos que parar a padexar a neve e empurrar un pouco o Land-Rover, quizais 12 ou 15 veces.

Nota aclaratoria: “Efrén” e “Troncoso” eran axentes de zona, “Gerardo” foi director xeral, “Federico Ruiz” un enxeñeiro de montes adscrito á Axencia de zona de Monforte, que abarcaba a provincia de Lugo, “Casa Víctor” era a única pensión que había na Fonsagrada. Efectivamente, Mariño andara na LUBE porque traballou varios meses na Axencia de Negreira, voluntario e sen remuneración ningunha, antes de ingresar no Servizo de Extensión Agraria.

Testemuño do axente Miguel Carbonell Roig

Durante os últimos meses do ano 1971 e os primeiros de 1972 asumiu a xefatura desta Axencia

en comisión de servizo o valenciano Miguel Carbonell Roig, que se encontrou con máis de 40 obras de desenvolvemento comunitario previstas no plan de actividades da Axencia, consistentes en traídas de auga e apertura de camiños para o acceso do tráfico rodado ás aldeas ata entón incomunicadas entre as esgrevias montañas da comarca. Nos seus desprazamentos adoitábao acompañar algún cura acabado de saír do Seminario de Lugo, armado dunha escopeta como medida preventiva ante a posible acometida dos lobos tan abundantes en toda a zona de traballo. O “Land Rover” (PMM 38372) da Axencia quedou en máis dunha ocasión embarrancado nas fondas carrileiras que facían as carrocetas construídas “ad hoc” na Pontenova para poder sacar a madeira dos montes. Coa axuda dos paisanos, que o levantaban con troncos e longas pancas de madeira, conseguían poñelo en funcionamento mediante a dobre tracción.

Anecdótico

a) Na parroquia de Padrón, Concello da Fonsagrada, había un cura que trataba as pragas dos cultivos léndolles os evanxeos, e con verdadeira eficacia “a pulguña da col”, que era moi abundante nesta comarca. Este pulguón, que come a epiderme das follas dos coleiros, ten unha soa xeración e ao cabo duns quince días as plantas empezan a recuperar a cor verde, coa desaparición natural da praga. O cura íalle ler os evanxeos á leira, diante do labrego, despois das dúas semanas en que empezara o ataque da praga, e o resultado do seu tratamento era sempre fulminante.



Miguel Carbonell Roig dándolle instrucións ao padeiro en plena faena para a explanación dun camiño promovido pola Axencia. (Foto facilitada por Miguel Carbonell)

Nunha ocasión foino chamar un labrego, preguntoulle cando empezara o ataque da enfermidade e aos quince días presentouse cos evanxeos

para lelos con solemnidade e bendicir a leira. Ao comprobar que se trataba do escaravello da pataca, pechou o libro e dixo: *Ai, fillo de puta, este non lle fai caso aos evanxeos.*

b) Nunha visita de supervisión que fixen a esta Axencia, indo con Constantino Mariño Torreira, xefe desta, por unha parroquia da que non recordo o nome pero que teño entendido que lindaba con Asturias, vin unha rodeira moi ampla de cruceiros altos de madeira que me chamaron a atención. Díxome Mariño que os colocaban os labregos para evitar que lle atacasen as pragas e as enfermidades aos cultivos. Supoño que tamén os colocarían para combater os malos espíritos.

Na parroquia de Viveiró, do Concello de Muras, tamén hai cruceiros nos montes, pero son de pedra e, segundo nos contaron os nativos, aquelas persoas que tiñan posibilidade erixían un cruceiro destes en lugar visible no medio do monte cando lle emigraba un fillo ás Américas, para que o protexese e retornase con saúde.

8.- Axencia Comarcal de Becerreá (Nº. 230).

Creación

Creouse esta Axencia no ano 1964, coas da Fonsagrada, Vilagarcía de Arousa, A Pobra de Trives e Chantada.

Concellos

Becerreá, Baralla, As Nogais, Pedrafita e Triacastela. Abarca 85 parroquias, 410 núcleos de poboación e 15.560 habitantes.

Explotacións

Contabilízanse nesta comarca 4.082 explotacións agrarias, das que 3.166 igualan ou superan as dúas hectáreas de superficie. A media destas últimas explotacións supera o 77,5% en toda a comarca e chega ao 80,5% no Concello de Pedrafita. Hai que ter en conta, coma no caso da Fonsagrada e Navia de Suarna, que se trata de comarcas de alta montaña, onde o monte ten un manifesto predominio sobre os labradíos e pasteiros.

Actividades máis salientables

As actividades gandeiras foron obxecto de atención dende os primeiros momentos mediante implantación de pradeiras artificiais en colaboración co Plan Agrícola de Galicia, que tiña

destacado un capataz na comarca cando se creou a Axencia.

Mellorouse ademais a estabulación e impartíronse numerosos cursos neste sentido. Na actualidade existen 1.230 explotacións, con capacidade para 14.500 cabezas, das que o 90% son de aptitude cárnica.

Partindo da creación dun *plantel* Comarcal de Extensión Agraria moi dinámico, promoveuse a primeira cooperativa para a elaboración de pensos e distribución de produtos agrarios, con 200 socios.

Tamén se organizaron dúas sociedades agrarias de transformación, elaboráronse 12 estatutos de montes veciñais en man común e establecéronse pasteiros de aproveitamento comunitario en 60 montes veciñais.

Por tratarse dunha área de alta montaña, semellante á da Fonsagrada, as accións comunitarias foron moi intensas, especialmente en apertura de camiños para permitir o tráfico rodado a todas as aldeas.

Para o desprazamento aos núcleos rurais, todos eles de montaña, dispuña a Axencia dun Land Rover. Polo ano 1973, cando Ricardo Andrés Mozo, o xefe da Axencia, ía á aldea de Buslullán do Concello de Pedrafita con José Bernedo Chaos, secretario da cámara agraria dese Concello, quedaron embarrancados no camiño e foron buscar unha xunta de vacas para que lles remolcase o Land Rover.



Terras de Becerreá en 1973.
(Autor A. R. Troncoso)

A comunicación entre as aldeas era dificultosa pola deterioración dos camiños a causa das nevadas e das chuvias, ás veces torrenciais; o Servizo de Extensión foi testemuña de moitas outras anécdotas por este motivo.

Cando abrían o camiño de Rubiais á Veiga de Brañas, no referido Concello de Pedrafita, a explanadora arrancou uns acivros, coñecidos alí por “xardóns”, e a súa dona arremeteu a fungueirazos cunha vara contra ela, dirixíndolle todo tipo de improperios e maldicións, sen falar nin ameazar para nada ao que a manexaba. Foi necesario chamar a José Bernedo Chao, entón secretario da cámara agraria, para que Adelaida, que así se chamaba a dona dos “xardóns”, deixara de darlle paus á máquina explanadora. O periodista Julio Camba describe unha escena semellante entre dous cocheiros que se pelexaban entre eles en París, dándolles lategazos aos cabalos do contrario, pero con moito coidado de non dalos entre si.

O primeiro tractor que entrou en Pedrafita foi un “Ebro-55”. Comprouno un emigrante retornado de Francia da aldea de Vilasol, coñecido por “Caldo”, e púxolle de maneira ben visible o seguinte rótulo: *¡Ahí va Caldo, va como la chispa!*

Para darse conta das dificultades e peripecias dos axentes de Extensión nesta comarca, para estar ao lado dos agricultores, abonda recordar o que di a tradición da orixe do Santo Grial de Pedrafita do Cebreiro: o viño e a hostia fixéronse sangue e corpo de Cristo cando o cura que dicía misa nun día de inverno cun só asistente pensou ao momento de alzar: como é posible que este pobre home viñera con tanta neve dende tan lonxe para ver este pan e este viño?

Este Santo Grial do Cebreiro foi visitado polos Reis Católicos con motivo dunha viaxe súa a Galicia.

Axentes xefes

Julián del Caño Abad, Ricardo Andrés Mozo, Lesmes Martínez Pertejo e Manuel Rivera González.

Axentes comarcais

Lesmes Martínez Pertejo, Manuel Rivera González, Domingo Hidalgo Gutiérrez, Juan Carlos Tapia Ordóñez, Jesús Ordás Pérez, Martín Martín, Miguel Raposo, José Folgueiras López (da 1ª promoción da Xunta) e Emilio Gómez Martín (marzo-abril de 1968).

Axentes de economía doméstica

Yolanda Pulpeiro González.

Auxiliares administrativos

Elvira Fernández Díaz e Elia Arias Vázquez. Ao suprimirse as cámaras agrarias foi destinado a esta Axencia José Bernedo Chao, procedente da cámara de Pedrafita.

Nota complementaria

No ano 1989 a Xunta de Galicia nomeou delegado de zona, con despacho situado nesta Axencia, a José María Moraleja Alonso, funcionario do Servizo de Concentración Parcelaria.

Localización das oficinas

Inicialmente instaláronse en locais cedidos no antigo edificio do Concello, despois pasaron a un local acabado de construír e cedido por Caixa Galicia, e por último pasaron a outro en arrendamento na Ronda do Outeiro, onde se encontra a actual Oficina Agraria Comarcal.

Anecdótico

Cando estaba á fronte da Axencia Julián del Caño Abad, aproveitaba cantos carteis recibía de Madrid para empapelar as oficinas, incluíndo as portas dos armarios. Nunha ocasión anunciou a celebración dun cursiño sobre gandería, resaltando que se concedían "becas" de estudo de mil pesetas para os asistentes. Aos poucos días presentouse un agricultor na Axencia dicíndolle que estaba interesado nas "vacas" a mil pesetas que anunciara nos carteis.

Julián aclaroulle que non se trataba de vacas, senón de "becas" de estudo, e o agricultor xa ben informado despediuse, pero a sorpresa de Julián foi que abriu a porta do armario das oficinas e metéuselle dentro. Confundiulle a porta de saída coa do armario porque as dúas estaban revestidas cos mesmos carteis que utilizaba o axente para decorar a Axencia.

9.- Axencia Comarcal de Chantada (Nº. 265).

Creación

Creouse no ano 1964, coas da Fonsagrada, Becerreá, Vilagarcía de Arousa e A Pobra de Trives.

Concellos

Chantada e Carballedo. Abarca 77 parroquias, 651 núcleos de poboación e 16.400 habitantes, nunha superficie de 416 quilómetros cadrados.

Máis de 5.800 habitantes superan os 65 anos, e as mulleres superan nun 5% aos homes.

Explotacións

Alcanzan o número de 4.157 e delas 2.883 son iguais ou superiores ás dúas hectáreas, que vén sendo o 69,3% das da comarca. Esta porcentaxe baixa ao 66,2% no Concello de Chantada e sobe ao 74,5% no de Carballedo.



Ribeira de Chantada. (Autora Ainhoa R. Fernández)

Axentes xefes

Ángel Palomero Bretón, destinado a esta Axencia en decembro de 1964.

Axentes comarcais

Amador de Celis Suárez (incorporado en xaneiro-febreiro de 1967), Miguel Carbonell Roig e Jesús Ortega Carrasco.

Axentes de economía doméstica

Adoración Martín Martín, María Paz Álvarez González (incorporada en xullo-agosto de 1969), Concepción Ramos Fernández e Visitación Cubino Gallego.

Auxiliares administrativos

María Cabo Gómez.

Localización das oficinas

Primeiramente establecéronse nun local da cámara agraria; trasladáronse máis tarde a un local cedido polo Concello no Campo da Feira; despois pasaron á Praza de España, núm.1-1º, onde estivera o antigo cárcere; e por último pasáronas á rúa Alférez Baamonte, 38, baixo, onde está a actual Oficina Agraria Comarcal.

Achega de Miguel Carbonell Roig

A Axencia Comarcal de Extensión Agraria de Chantada, como non podía ser menos, tiña na súa parroquia máis progresista de Mariz un *plantel* mixto de rapaces e rapazas do que era colaborador o cura párroco, don Isaac. Como final de curso celebrábase todos os anos o “Día do *Plantel*”, ao que asistían os alumnos, os pais e tamén as autoridades de Chantada. Despois da misa e das intervencións de rigor entregábanse premios aos alumnos máis destacados e aos que tiñan mostrado máis interese.

A Axencia no seu labor de formación e desenvolvemento rural non podía deixar de atender ao que ía ser a sociedade rural do futuro e neste senso levou a cabo unha grande actividade coa xuventude, traballando especialmente con aqueles mozos que abandonaban os estudos e que se incorporaban ao traballo da casa e da explotación agraria familiar.

Sobre as feiras de Chantada, que se celebraban os días 5 e 21 de cada mes, Miguel Carbonell Roig fainos a seguinte achega persoal, que é traducida polos autores:

Recordo un vello refrán que dicía meu pai: “A la fira no vages si no portes dines, porque voras moitas cosas y no comprarás res” (Á feira non vaías se non levas diñeiro, porque verás moitas cousas e non comprarás nada).



Pulpeiras no campo da feira de Chantada. (Foto cedida por Miguel Carbonell Roig)

Creo que este dito valenciano pode recoller o sentido esencial do contido da feira, que é un evento sociocultural que se fai periodicamente, neste caso na cabeceira de comarca, consistente maiormente en transaccións comerciais, onde a poboación rural merca o que necesita e vende o que produce.



Celebración da misa ao aire libre na parroquia de Mariz con motivo do “Día do *Plantel*”. (Foto facilitada por Miguel Carbonell Roig)



Membros do *plantel* de Extensión Agraria de Chantada co equipo de traballo da Axencia nun “Día do *Plantel*”. (Foto facilitada por Miguel Carbonell Roig)

As feiras, tanto a de Chantada coma as que se fan no resto de Galicia, son o resultado do fenómeno económico instaurado a partir da Idade Media para o desenvolvemento e a subsistencia dos concellos baseados nunha economía agropecuaria limitada á area de influencia dos medios de transporte existentes en cada unha das épocas.

Os paisanos do Concello de Chantada, prioritariamente, e dos lindeiros da Barrela e Taboada, tiñan o costume de proverse das súas necesidades nos días de feira, que estaban espazadas 15-16 días, á vez que levaban á feira o que producían nas súas explotacións agropecuarias para vendelo.

Como a actividade económica principal da comarca era a gandeira, o mercado de gando era o máis importante, e este celebrábase nun recinto pechado denominado “Campo da feira”, situado ao noroeste da vila, xunto á estrada de Ourense a Lugo, nunha superficie de 10 a 15.000 metros cadrados.

Baixo a sombra duns plataneiros e xunto á fonte, agrupábanse as distintas razas de vacún, tanto de leite coma de engorde, xovencas, xatos etc. As especies de porcos, ovellas e cabras ocupaban outras zonas no campo, que eran moito máis reducidas, porque a explotación destes tipos de gando era máis ben para autoconsumo da comarca. O recinto feiral rodeábano uns alpendres nos que se situaban os postos de polbo, de pan de Cea e de caldeiros de carne cocida, onde se subministraba a comida á multitude de visitantes da feira.

O resto das rúas e prazas da vila eran ocupadas por multitude doutros postos con produtos necesarios para o desenvolvemento da actividade agrícola e gandeira da comarca, como apeiros agrícolas, frutícolas e gandeiros ou de estabulación, aparellos de coiro curtido, cestas, ferraxes, utensilios de barro, ferro ou cobre, depósitos etc.

Os postos de roupa ou prendas para o fogar tamén ocupaban os seus lugares determinados. Os agricultores e amas de casa da zona da ribeira, adoitaban ocupar as rúas laterais da igrexa vendendo os seus produtos hortícolas de temporada, ovos, aves e animais de curral cebados para consumo dos habitantes da vila.

Os postos de venda de aves de recría de curral, como pitos e parrulos, situábanse nas rúas do centro.

Para a Axencia de Extensión Agraria, que estaba situada dentro do recinto feiral, xunto á entrada principal próxima á vila, os días de feira eran tamén especiais. Os paisanos aproveitaban o día para cubrir preferentemente as peticións de axudas existentes para a sementeira e fertilización de pradeiras artificiais e de millo híbrido americano, ou para facer calquera consulta sobre coidados e melloras de cultivos hortícolas ou explotacións gandeiras. As amas de casa, así como os mozos do *plantel*, tamén aproveitaban o día para conectar coa axente de economía doméstica, que era a que se ocupaba dos hortos familiares e invernadoiros onde as amas de casa obtiñan os produtos de autoconsumo necesarios para unha alimentación equilibrada da familia.

Era tal a afluencia masiva de paisanos ao longo do día, que as estancias da Axencia estaban constantemente cheas.



Primeiro plano dos directivos do *plantel* de Chantada. De esquerda a dereita: D. Isaac López Bernárdez, o cura párroco de Mariz, guía do *plantel*; Mario, bolseiro en prácticas; María Paz Álvarez González, axente de economía doméstica; Miguel Carbonell Roig, axente comarcal; e Ángel Palomero Bretón, xefe da Axencia. (Foto facilitada por Miguel Carbonell Roig)

Anotación complementaria

Esta Axencia foi unha das que serviron de referencia para tratar de promover dende o Centro Rexional o cultivo regular de froiteiras en Galicia, coa óptica educativa de Extensión Agraria e coas posibilidades territoriais, económicas e participativas de aprendizaxe dos agricultores.

Na comisión central de persoal, integrada por todos os rexedores de España, tívose en conta esta circunstancia para destinar como axente comarcal a esta Axencia a Miguel Carbonell Roig, procedente de Valencia, onde a tecnoloxía horto-frutícola estaba máis avanzada ca en Galicia.



Souto en Chantada en 1971.

(Autor A. R. Troncoso)

Anecdótico

Nun outeiro que hai na marxe dereita da estrada que une Lalín con Chantada, sentido a esta última localidade, na parroquia de San Vicente de Argozón, existía un cruceiro de pedra dende

o que se divisaban sete parroquias. Había a convicción entre os labregos de que grazas a este cruceiro os tronos nunca causaban danos nas referidas sete parroquias.

Esta convicción era tan sólida que o cruceiro desapareceu. Roubárono, posiblemente para protexer algunha das parroquias rurais de Galicia, segundo manifestou Jaime Fernández Ledo, o sobriño do coñecido como “O cura das abellas”, don Benigno Ledo González.

10.- Axencia Comarcal de Viveiro (Nº. 298).

Creación

Creouse no ano 1965, con Allariz, Teixeira-Curtis, Ferrol e A Cañiza.

Concellos

Viveiro, O Vicedo, Oulol, Xove e Cervo. Abarca 44 parroquias, 856 núcleos de poboación e 28.800 habitantes.

Explotacións

Ten esta comarca 6.136 explotacións, das que 2.887 igualan ou superan as dúas hectáreas de superficie, cunha porcentaxe sobre a totalidade do 48,6%. Esta porcentaxe baixa ao 28% no Concello de Viveiro e sobe ata ao 81,6% no de Xove.

Actividades salientables

As principais actividades foron encamiñadas a mellorar a gandería de vacún, intervindo en máis de 864 explotacións con 4.820 cabezas, das que o 70% era de aptitude cárnica. Tamén fomentou o cultivo de horta en 50 explotacións.

En montes veciñais en man común promoveu a redacción de 12 ordenanzas, en dúas delas (Silan e Viveiró) con pasteiros comunitarios.

Ademais de promover a creación de pasteiros, asesorou a cooperativa agraria de consumo e comercialización de madeira, ben directamente aos socios ou como membros da referida cooperativa, para cortas e venda de madeira.

Prestou así mesmo asesoramento aos gandeiros sobre a mellora e mantemento da gando cabalar semisalvaxe.

En desenvolvemento comunitario destacan a construción de 12 teleclubs, traídas de auga e apertura de camiños en diversas localidades.

No ano 1970 a parroquia de Vilaestrofe desta comarca, mediante promoción da Axencia, acometeu obras comunitarias para unha solución integral dos problemas máis sentidos pola comunidade veciñal e abriu e acondicionou os camiños de nove aldeas, dotou 76 das 78 vivendas de auga corrente, construíu e acondicionou un local para o teleclub e montou unha báscula pública para pesar os becerros para ao mercado, un campo de fútbol e instalou un reloxo público. Tamén se instalou unha báscula en Xuances.

Promoveu e asesorou unha cooperativa agraria de traballo comunitario e promoveu a celebración da Primeira Rapa das Bestas en Boimente.

En Viveiro promove un teleclub, un *plantel* de Extensión e a traída de augas parroquial para 160 familias.

Axentes xefes

Francisco Calvo Gómez, que abre a Axencia o 15 de abril de 1965.

Axentes comarcais

Manuel Rodríguez Friol (incorporado en xaneiro-febreiro de 1968), Lorenzo Molejón Villamil, Antonio Nogueiro Márquez, Rafael Hueso Feliu e Remedios Soto Lorenzo, como técnico este último.

Axentes de economía doméstica

Prudencia Santamarinas Raposo.

Auxiliares administrativos

África Leira Sanmartín, María del Carmen López e María del Carmen Torrón Fernández.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nunha 1ª planta dun local cedido pola Organización Sindical, logo nun 3º andar en aluguer na avenida da Mariña, propiedade do Concello, despois pasou á rúa Alfonso Pérez, s/n, e por último no centro de saúde, onde continúa como Oficina Agraria Comarcal.

11.- Axencia Comarcal de Meira (Nº. 390).

Creación

Creouse no ano 1966, coas de Maceda, Ponte Caldelas e Noia.

EXPLORACIÓN DE GANDO VACÚN

Concellos	Nº parroquias	Nº explot. de 1 a 9 vacas	Nº explot. de 10 a 19 vacas	Nº explot. de 20 a 49 vacas	Nº explot. de máis de 50 vacas	Nº total explot.	Nº de vacas
Riotorto	8	178	60	36	2	276	2.414
Meira	2	59	43	44	1	147	2.177
Ribeira de Piquín	4	110	43	4	-	157	1.292
A Pontenova	11	280	53	13	2	348	2.128
Castro de Rei	25	303	201	247	27	778	13.337
Pol	19	140	112	117	18	387	7145
A Pastoriza	19	253	208	320	33	814	16.224
TOTAIS	88	1.323	720	781	83	2.907	44.717

Estes datos foron facilitados por Juan Quintela Peteiro, que colaborou no estudo de comarca por áreas naturais da Terra Chá

Concellos

Meira, Ribeira de Piquín, Castro de Rei, Riotorto, A Pontenova, Pol e parte da Pastoriza. Abarca 75 parroquias, 718 núcleos de poboación e 25.720 habitantes.

Explotacións

Esta comarca comprende 6.245 explotacións agrarias en total e delas 4.943 igualan ou superan as dúas hectáreas de superficie. Representan estas últimas explotacións o 79% das da comarca de traballo. No cómputo destas explotacións tan só se inclúen a metade das do Concello da Pastoriza, xa que a outra metade considérase da comarca de Mondoñedo. As explotacións de gando vacún responden ao contido do cadro anterior.

Actividades destacadas

Fomento da gandería de leite mediante selección, adaptación de cortes e establecemento de pradeiras artificiais nos distintos concellos. Actualmente hai unhas 1.820 explotacións con 32.300 reses, das que o 14% son de aptitude cárnica e o resto de produción de leite.

A Axencia incidiu con certa intensidade na zona de colonización do Matodoso.

Referíndonos ao Concello da Pastoriza, existían unhas 4.000 reses de vacún de carne no ano 1964, e na actualidade hai unhas 13.000 de aptitude leiteira. Este incremento e a reconversión do vacún de carne en vacún de leite apréciase en todos os concellos da comarca.

Promoveu a concentración parcelaria en 40 parroquias da comarca e a constitución de 15 teleclubs, así como dúas cooperativas con 150 socios e dúas sociedades agrarias de transformación.

Prestou unha importante colaboración para a creación do mercado de Castro de Riberas de Lea.

Axentes xefes

Ángel Gancedo Nistal (incorporado en novembro-décembro de 1966), Lino Andián Barros, José Luis Piñeiro Barrio (trasladado dende A Cañiza en xullo-agosto de 1969) e Rogelio Pombo Carrillo.

Axentes comarcais

Andrés Medrano Begue, Francisco Palomares Chavernas, Salvador Benegas Sanahuja e José María Rodríguez Portero.

Auxiliares administrativos

María Visitación López García.

Localización das oficinas

Foron instaladas nos baixos do edificio do convento, cedidos polo Concello de Meira.

12.- Axencia Comarcal de Quiroga (Nº. 435).

Creación

Creouse no ano 1967, xunto coas de Santiago de Compostela, Ribadavia, Cambre, Cangas e Redondela. Empezou a funcionar en setembro do referido ano (a orde de apertura foi de data 05-04-67).

Concellos

Quiroga, Folgoso do Courel e Ribas de Sil. Abarca 38 parroquias, 170 núcleos de poboación, 577 quilómetros cadrados e unha poboación de 6.800 habitantes, con predominio das mulleres e un 45% maiores de 65 anos.

Explotacións

A superficie agraria é de 51.540 hectáreas, das cales 1.164 son terras labradas, 2.150 pastos permanentes, 22.241 terreos forestais e 25.985 terras non forestais.

Ten 3.505 explotacións agrarias, das que 1.251 alcanzan unha superficie igual ou superior ás dúas hectáreas. Estas representan o 35,6% da comarca. Esta porcentaxe chega ao 45% no Concello de Folgoso do Courel, onde o predominio do monte é máis manifesto.

Nunha ocasión que veu visitar á Axencia un técnico, enxeñeiro agrónomo do Servizo Central de Madrid (Fuentes Yagüe), quedou abraiado pola baixa superficie a labradío e pastos e preguntou: *De que vive esta xente?*

Actividades máis importantes

Pola estrutura accidentada e montañosa da comarca as posibilidades gandeiras son reducidas, en especial para leite. Hai 217 cortes, 2.000 reses de vacún e outras tantas de ovino e caprino. Algúns agricultores están introducindo a raza vacúa cachena, pola súa rusticidade.

Empeza a ter certa relevancia a cría de cabritos polo denominado sistema “da cesta”, no que tan só se moven os animais para mamar.

Establecéronse dúas incorporacións de mozos con rabaños de cabras para a produción de cabritos polo mencionado sistema.



Terras do Courel en 1974. (Autor A. R. Troncoso)

Tamén se promoveu o cultivo de oliveiras na beira do río Sil, para recuperar a tradición que se mantivo en Montefurado dende a cultura romana de produción de aceite, por certo de boa calidade pero de baixa produción.

A Axencia sempre lle prestou atención aos viñedos da veiga lindeiros co Sil, pola súa calidade, e non apoiou a idea que tiñan algúns propietarios de transformala en regadío para outros cultivos. No ano 1982 empezou a reestruturación dos ditos viñedos, substituíndo as variedades Alacante e Xerez polas de Mencía e Godello, de mellor calidade, en 577 hectáreas de 2.568 viticultores.

Das seis adegas existentes, rehabilitáronse dúas, sendo incluída a comarca, como consecuencia desta actividade, na Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Tanto pola súa orografía coma pola flora e o clima, a comarca reúne unhas condicións idóneas para a apicultura. Xa no século XVIII, segundo Lucas Labrada, tiña fama o mel producido no val do Sil dende Quiroga a Valdeorras. A Axencia fixo cursos de apicultura, en colaboración co extinguido PPO do Ministerio de Traballo, nos concellos do Courel e de Quiroga, e como consecuencia os tradicionais “albares” transformáronse en alvarizas modernas, moitas delas en mans foráneas.

En Quiroga estableceuse unha cooperativa de apicultores cun centro de extracción e envasado de mel coas técnicas máis modernas. Esta cooperativa, denominada CAURU, formada por 8

socios, coa sede e as instalacións no polígono industrial de Quiroga, procesa dez toneladas de mel cada ano dunhas mil colmeas, pertencentes todas elas a membros da comarca. Un dos principais promotores foi Antonio Neira, residente en Vigo e natural da Seara. Os sete restantes son de Outeiro, Carballal, Bustelo de Lor, Parteme, Centeais, Vilarmel e Vilamor.

Axentes xefes

Antonio Rama Facal, que abriu a Axencia, ata 1972, Agustín Muñoz García, Mariano Díaz Guerra del Castillo, ata 1976, e José Cerrato Gómez, un extremeño amante e coñecedor da apicultura.

Axentes comarcais

José Cerrato Gómez e Manuel Rivera González.

Auxiliares administrativos

Blanca Nieves Quiroga Álvarez, Marina Gómez Abelaira e Manuela Blasco Mateo.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nun baixo da rúa General Franco, nun baixo en aluguer, coa cámara agraria local. Despois pasou á rúa Río Sil, nun edificio da Xunta, onde está hoxe a Oficina Agraria Comarcal.

Cando se abriu esta Axencia a alcaldía de Quiroga ofreceulle ao Servizo para a instalación das oficinas o edificio do cárcere do partido xudicial, que estaba totalmente en ruína e cheo de hedras, con parte das paredes caídas. Esta oferta non foi aceptada porque a reparación era moi custosa.

Anecdótico

a) Unha aldea do Courel, Vilar de Lor, que abriu un camiño en pura roca a pico e pa para ter acceso rodado co exterior con axuda de Extensión, tiña á súa entrada unha figura zoomorfa feita en roca e colocada de forma moi visible. Tanto podía ser un lobo coma un oso; o certo é que chamaba a atención e non pasaba desapercibida por cantos entraban na aldea.

Preguntámoslles o significado de tan estraña figura e dixeron que a recordaban sempre alí como gardián da aldea, para lle meter medo aos ladróns alleos.

b) Na localidade de Quiroga había un panadeiro que puña cine na súa casa as fins de semana, ao que acudía a xente dos arredores. Para quentar o forno traíalle os torgos de uceira nun burro unha señora do Courel e invitouna a durmir un sábado na súa casa para que puidese ver o cine por primeira vez. O domingo pola mañá, antes de retornar para o Courel, preguntoulle o panadeiro se lle gustara a película. Ela contestoulle: *Gustar gustoume moito, pero non puiden pegar ollo en toda a noite pensando como lle pode dar de comer a tanta xente.*

13.- Axencia Comarcal de Friol (Nº. 501).

Creación

Creouse no ano 1968, xuntamente coa de Bande.

Concellos

Comprendía unicamente o Concello de Friol, con 32 parroquias e 355 núcleos de poboación. Tamén traballou nas parroquias de Gaioso, Santo Tomé, Aspai e Candai do Concello de Outeiro de Rei, chegando a lugares do Concello de Lugo ata que se abriu esta Axencia.

Explotacións

Na actualidade existen 660 explotacións agrarias con 11.600 cabezas de gando vacún, o 66% de aptitude de carne.

No momento da creación desta Axencia o número de explotacións agrarias era de 1.917, das que 1.401 tiñan dúas hectáreas ou máis, cunha porcentaxe do 64,9%.

Actividades máis salientables

O traballo fundamental centrouse na adaptación de explotacións agrarias de vacún e ovino ás novas exixencias, en especial na implantación de pradeiras artificiais, mellora de cortes e alimentación e manexo da gandería.

Participou na constitución de dúas cooperativas de fabricación de pensos e venda de produtos agrarios.

Promoveu a redacción de 34 estatutos de montes veciñais en man común. A maioría destes montes veciñais tiveron orixe nas leis desamortizadoras de Mendizabal do século XIX.

O *plantel* de Seixón promoveu a repoboación forestal de 99 hectáreas de monte polos seus propietarios.

En desenvolvemento comunitario cómpre sinalar a constitución de catro teleclubs e a explicación e acondicionamento de accesos a todas as parroquias da comarca.

Axentes xefes

José Antonio Muíña Rodríguez, que foi o que a inaugurou, permaneceu como tal dende o 28-03-1969 ata o 11-12-1980, Nicanor Payo Boo, Manuel Miguel García, Jesús Alonso Flores e María Jesús Domínguez Legaspi.

Axentes comarcais

Ubaldo Herrero Alonso e Nicanor Payo Boo.

Axentes de economía doméstica

María Jesús Domínguez Legaspi.

Auxiliares administrativos

Dolores Carballal Pardellas, que pasou á Axencia Comarcal de Lugo no momento da súa apertura (1971), María Dolores Villamide, Purificación Fernández Fernández e Olga Polín.

Localización das oficinas

Primeiro establecéronse na 1ª planta do Concello, en cesión. Despois pasou á avenida da Coruña, núm. 21, baixo, en alugueiro, onde continúa hoxe a Oficina Agraria Comarcal.

14.- Axencia Comarcal de Foz (Nº. 580).

Creación

Creouse esta Axencia en 1969, xuntamente coas de Baio, Castro Caldelas, O Rosal e Sanxenxo.

Concellos

Foz, Alfoz e Ferreira do Valadouro, con 28 parroquias, 415 núcleos de poboación e 15.600 habitantes, e as parroquias de Benquerencia, Celeiro de Mariños e Barreiros, as tres do Concello de Barreiros.

Explotacións

Ten 3.852 explotacións, das que 2.295, que son o 59,6%, superan as dúas hectáreas de superficie.

Esta porcentaxe baixa ao 46% no Concello de Foz e sobe ao 82% no de Alfoz.

Actividades salientables

Centráronse na mellora gandeira. Na actualidade hai 768 explotacións con 6.200 reses de vacún, un 30% delas de aptitude leiteira.

Promoveu a transformación de 20 hectáreas en cultivos de horta, a concentración parcelaria de oito parroquias e a redacción de catro ordenanzas de montes veciñais en man común.

Tamén son dignas de mencionar diversas melloras comunitarias, sobre todo camiños, xa que había moitos núcleos incomunicados ou con comunicación deficiente nas parroquias da montaña do Valadouro e nas do interior do Concello de Foz.

Constituíronse tres *planteles* de Extensión, tres grupos de amas de casa con apoio das axentes de economía doméstica das axencias de Ribadeo, Mondoñedo e Viveiro, un grupo de xestión (SEXE) e moitas tarefas de capacitación e incorporación de mozos, programados a nivel de áreas naturais.

En relación co programa de “Vacacións en casas de labranza” e “Pescadores”, tamén destacou esta Axencia, especialmente nas parroquias costeiras. En 1976 o xefe da Axencia, Constantino Mariño Torreira, foi invitado a un curso sobre “Vacacións en casas de labranza”, celebrado en Montanejos (Castellón), e no ano 1977 este axente participou nunha viaxe a Alemaña de “Expertos en turismo rural”.

Axentes xefes

Constantino Mariño Torreira (incorporado en abril de 1970) e Francisco Otero Otero (incorporado en xullo de 1988).

Axentes comarcais

Manuel Ferreiro Redondo (en período de prácticas), David Macía Fernández, Manuel Fernández Álvarez e Francisco Otero Otero.

Auxiliares administrativos

María Aurora Oroza Vila, María Dolores Fernández López e María Dolores Villamide Díaz. María Aurora Oroza Vila, que foi a primeira auxiliar administrativa desta Axencia, volveu a ela, xa

como Oficina Agraria Comarcal, despois de prestar servizos varios anos na Axencia de Cedeira.

Localización das oficinas

Estiveron sempre nun primeiro andar da rúa Mariscal Pardo de Cela (Praza do Mercado), no edificio do Concello, mediante cesión.

15.- Axencia Comarcal de Castroverde (Nº. 619).

Creación

Foi creada no ano 1970, coas de Santa Comba, Ribeira, Melide, Ourense, A Rúa-Petín, Forcarei e Vila de Cruces. Abriuse a petición da cámara agraria local e do entón Sindicato Nacional de Gandería.

Concellos

Castroverde e parte do de Baleira, con 43 parroquias, 218 núcleos de poboación e 5.400 habitantes.

Explotacións

Ten esta comarca 1.982 explotacións agrarias, das que o 78% iguala ou supera en superficie as dúas hectáreas. Inclúense neste cómputo as tres cuartas partes das explotacións de Baleira; a outra cuarta parte era atendida pola Axencia da Fonsagrada.

Actividades

Foron principalmente gandeiras. Hai na actualidade 590 explotacións con 9.300 cabezas de gando vacún, sendo o 70% de aptitude leiteira.

Participou na redacción de cinco estatutos de montes veciñais en man común e promoveu a concentración parcelaria da parroquia de Montecubeiro.

En desenvolvemento comunitario conseguiu a apertura e acondicionamento de camiños para tráfico rodado en todas as parroquias da comarca, así como a construción e funcionamento de catro teleclubs.

En xuventudes creouse un *plantel* comarcal que funcionou bastante ben.

Axentes xefes

Maximino Santamarina González, que continúa na actualidade á fronte da Oficina Agraria Comarcal.

Axentes comarcais

José Andrés de la Fuente Vázquez, Antonio Díaz Martínez, María Elvira Gamarra Mondelo (de 1994 a 2003) e tres axentes máis doutras comunidades dos que non nos foi posible coñecer os seus nomes.

Axentes de economía doméstica

Alsira Fernández Novo, María del Carmen Varela Regueira e Visitación Cubino Gallego.

Monitores

José Iglesias Pernas e Emilio Jesús Levices González.

Auxiliares administrativos

María Elena Ares Seoane, María del Carmen Torrón Fernández, Inés Méndez Castelao, Laura Torrón Fernández e Blanca Rojo.

Localización das oficinas

Primeiro instaláronse no baixo dun local da rúa Rosalía de Castro, 65, cedido en precario por José Báscuas Pérez ata o ano 1973. Pasaron a outro baixo, no núm.108 da mesma rúa, en alugueiro. A continuación, tamén en alugueiro, trasladáronse ao 1º andar do núm. 81 da referida rúa de Rosalía de Castro. Está previsto no verán de 2008 o seu cambio para a Praza do Concello, ao local da antiga cámara agraria, xa como Oficina Agraria Comarcal.

16.- Axencia Comarcal de Guitiriz (Nº. 687).

Creación

Creouse no ano 1971, con Cedeira, Lugo, Navia de Suarna e A Gudiña.

Concellos

Guitiriz e Begonte, con 37 parroquias, 417 núcleos de poboación e 11.590 habitantes.

Explotacións

De acordo co censo agrario de 1962 o número de explotacións agrarias da comarca era de 3.444 (2.009 en Guitiriz e 1.435 en Begonte), das que

892 tiñan unha base territorial inferior ás dúas hectáreas.

En relación coa gandería de vacún, segundo datos facilitados por Juan Quintela Peteiro, xefe da Axencia durante moitos anos, a situación era a seguinte:

permite planificar os partos para as datas de mellores rendementos económicos.

Para obter cordeiros de boa conformación cárnica crúzase a raza *Romanof* con sementais das razas *Île de France*, *Berrinchón du Cher*, *Texel* e *Moutón Charolés*.

EXPLOTACIÓNS DE GANDO VACÚN

Concellos	Nº parroquias	Nº explot. de 1 a 9 vacas	Nº explot. de 10 a 19 vacas	Nº explot. de 20 a 49 vacas	Nº explot. de máis de 50 vacas	Nº total explot.	Nº de vacas
Guitiriz	18	427	258	130	15	830	10.325
Begonte	19	352	64	24	2	442	2.973
TOTAIS	37	779	322	154	17	1.272	13.298

Actividades salientables

a) Gando vacún:

Das 1.272 explotacións, 608 son de vacún de leite, con 8.291 vacas, e 664 de vacún de carne, con 5.007 vacas.

O traballo coas explotacións foi de asesoramento para a transformación de montes en prados, indicándolles cales eran as especies pratenses idóneas e os sistemas de sementeira de cada unha delas. Dentro de cada especie, cales eran as variedades máis indicadas: variedades de raigrás inglés, variedades de raigrás híbrido, trevo, etc.

Practicamente todas as cortes que se construíron foron asesoradas pola Axencia, estudando as posibilidades das explotacións, facendo os bosqueiros das construcións e visitando as explotacións mentres realizaban as melloras.

En vacún de carne fixéronse moitas reunións sobre razas adecuadas e selección da rubia galega, indicando cales eran os sementais máis propios para facilitar o parto e cales eran os máis indicados para conseguir as becerras de reposición.

b) Gando ovino:

Dentro das explotacións de gando ovino había unha que destacaba sobre as demais. Tiña unhas 300 ovellas de raza *Romanof*, que é moi prolífica, boa produtora de leite e sen *anoestro*, o que

c) Incorporación de mozos:

Empezou este traballo Alfredo Iglesias Raído, creando un *plantel* comarcal de tarefas de empresa. A Axencia continuou este traballo e conseguiu que nos anos 1976 e 1977 se incorporasen 30 mozos ás súas explotacións agropecuarias, garantindo así o relevo xeracional.

Ao longo dos anos seguíronse incorporando mozos ás explotacións, ata un número que superou a centena. A maioría destas incorporacións foron de vacún de leite, unhas 18 de vacún de carne e unha de ovino.

d) Montes veciñais en man común:

A situación dos montes veciñais en man común na comarca responde ao seguinte detalle:

Foron clasificados 26 montes, cunha superficie total de 11.195 hectáreas, de 1.873 veciños. Destes 26 montes, tiñan xunta de comunidade e estatutos 22, e vinte deles estaban consorciados e dispuñan de convenio de repoboación. En seis dos montes veciñais en man común establecéronse pasteiros en 254,80 hectáreas, das que eran beneficiarios 291 propietarios.

Por concellos a distribución destes montes era a seguinte:

Guitiriz: 14 montes declarados en man común, de 1.281 veciños e cunha superficie de 8.494 hec-

táreas; en catro destes montes, de 183 veciños, establecéronse pasteiros cunha superficie de 182 hectáreas.



Terras da comarca de Guitiriz. (Autora Ainhoa R. Fernández)

Begonte: 12 montes declarados en man común, de 592 veciños e cunha superficie de 2.701 hectáreas. En dous destes montes, de 108 veciños, establecéronse pasteiros nunha superficie de 72,8 hectáreas.

A Axencia participou activamente na redacción das ordenanzas nas 22 parroquias, que posteriormente se converteron en estatutos, na constitución das xuntas de comunidade e na creación de pasteiros.

e) Cooperación:

Constituíronse tres cooperativas: Villares, Mariz e Buriz, con 176 socios en total, se ben Axencia tivo pouca participación nesta actividade.

f) Desenvolvemento comunitario:

Traballouse na explanación e afirmado de camiños en toda a comarca. Todas estas explanacións e afirmados son na actualidade estradas asfaltadas.

Todos os núcleos de tres ou máis veciños de toda a comarca foron pavimentados.

No municipio de Begonte, sendo alcalde don José Pena Rábade, conseguiuase que se asfaltasen todos os núcleos de poboación, mediante achega da man de obra veciñal e a conxunción unificada das subvencións de Extensión, as axudas económicas do Concello e as que a alcaldía conseguía da Deputación Provincial.

Foi un traballo conxunto, que adoitaba finalizar nun acto no Concello onde participaban os

veciños de todas as comunidades para a entrega das subvencións.

Dentro do desenvolvemento comunitario tamén se constituíron cinco teleclubs en outras tantas comunidades.

Axentes xefes

Alfredo Iglesias Raído, o que a inaugurou, e Juan Quintela Peteiro, que permaneceu ata a súa reconversión en Oficina Agraria Comarcal.

Axentes comarcais

Victorino Amado Bande.

Axentes de economía doméstica

Rosa Marina González Piñeiro e María Antonio González Abrairo.

Auxiliares administrativos

María Teresa López Fernández, Guadalupe García Veira, Blanca García Carballo, que estivo antes en Monterroso e despois en Lalín, e José Ramil Vázquez.

Localización das oficinas

Primeiro situáronse nun baixo da rúa do Concello, despois pasaron á rúa Serulfe, núm. 9, baixo, e por último á rúa Terra Chá, xa como Oficina Agraria Comarcal.

Anecdotario

A un agricultor desta comarca matáronlle os lobos tres ovellas e un carneiro. Pasou pola Axencia de Extensión para que o acompañasen á Garda Civil para denunciar os feitos e poder cobrar a indemnización da Xunta de Galicia. O axente de Extensión acompañante, ao ver que o Garda Civil, que redactaba o atestado en castelán, dubidaba como escribir a palabra “carneiro”, díxolle: *Se escribe en castelán pódelle poñer “morueco”*. O garda instrutor, que ao parecer non coñecía a palabra “morueco”, curándose en saúde, omitiuna, e limitouse a salientar unicamente as tres ovellas, polo que o agricultor non recibiu ningunha subvención polo carneiro.

17.- Axencia Comarcal de Lugo (Nº. 688).

Creación

Creouse no ano 1971, con Cedeira, Guitiriz, Navia de Suarna e A Gudiña, a petición da cámara agraria provincial.

Concellos

Lugo, Guntín, O Corgo e Outeiro de Rei, con 151 parroquias e 908 núcleos de poboación.

Explotacións

O número de explotacións desta Axencia elévase ás 9.560 e delas 5.495 son superiores ás dúas hectáreas de superficie. Representan estas o 57,4% das da comarca. A porcentaxe máis alta destas explotacións está no Concello de Outeiro de Rei co 83,5%. No Concello de Lugo está a porcentaxe baixa, co 43,8%.

Actividades máis salientables

Centráronse na mellora gandeira mediante produción de forraxes e a adecuación das construcións agrarias. Na actualidade hai 2.132 explotacións gandeiras con 31.210 cabezas de vacún, das cales o 70% son leiteiras. O incremento destas vacas de aptitude leiteira foi do 50%.

Para a fabricación de pensos, subministración e distribución de produtos agrarios constituíuse unha cooperativa. Tamén se constituíu outra para a comercialización do leite.

En San Xoán do Campo promoveuse a constitución dunha cooperativa de explotación comunitaria de terras e gando, que continúa na actualidade.

Tamén se construíron tres teleclubs, promoveuse a apertura e acondicionamento de camiños para tráfico rodado en 20 parroquias, así como tres traídas de augas para os domicilios rurais.

Axentes xefes

José Recimil Tábora, que foi o que a inaugurou, Camilo Domingo Fernández Rocha e José Rocha (pode que sexa José Reche Mármol, da XIX promoción) e José Fernández Rodríguez.

Axentes comarcais

Eliseo Miguélez Díaz e Manuel Miguel García.

Axentes de economía doméstica

Adoración Martín Martín.

Auxiliares administrativos

María Dolores Carballal Pardellas.

Localización das oficinas

Primeiramente os locais foron cedidos pola cámara agraria provincial e máis tarde pasaron en alugueiro á rúa Vilalba, núm. 1, e por último, xa como Oficina Agraria Comarcal, pasaron á rúa Dr. Fleming, ao edificio da antiga cámara agraria provincial.

18.- Axencia Comarcal de Navia de Suarna (Nº. 689).

Creación

Foi creada no ano 1971, con Cedeira, Guitiriz, Lugo e A Gudiña, a petición da cámara agraria local.

Concellos

Navia de Suarna e Cervantes, con 46 parroquias, 305 núcleos de poboación e 8.900 habitantes.

Explotacións

Ten esta comarca 2.090 explotacións agrarias, das que 1.727 igualan ou superan unha superficie de dúas hectáreas, cunha porcentaxe do 82,6%, ben entendido que se trata dunha comarca de alta montaña e predomina de maneira visible o monte sobre os labradíos e os pastos.

Actividades

Esta comarca é de alta montaña, onde a produción forestal e de vacún de carne son as orientacións produtivas fundamentais, e polo tanto as actividades centráronse nestes dous campos e no desenvolvemento comunitario.

Promoveuse a redacción de 21 ordenanzas de montes veciñais en man común e fixéronse numerosas aperturas e acondicionamentos de camiños para facilitar o acceso ás aldeas. Nunha delas foi necesario abrir o camiño en pura roca, a pico e pa, porque ata que chegou o Servizo de Extensión a Navia de Suarna os veciños da referida aldea tiñan que vender os xatos antes dos 4 meses, xa que despois non os podían sacar

pola estreiteza do camiño; non cabían e caíanlle polo cavorco.

Noutra das aldeas hai un paso que se chama o dos “Cinco Mortos”, porque nunha ocasión que conducían entre catro un cadaleito para enterralo, caeron polo precipicio e foron os cinco ao cemiterio.

As dificultades de traballo nesta Axencia requirían desprazamentos, para unha simple visita áleira, dun día de duración e o Centro Rexional, contra toda legalidade, para poder atender os agricultores, viuse obrigado a pagarlles axudas de custo por desprazamentos dentro do propio Concello de localización da Axencia aos axentes, pois tiñan que comer fóra da localidade de residencia.

Polas dificultades que ofrecía a comarca, a causa da súa orografía tan accidentada e da dispersión dos seus núcleos de poboación, illados uns dos outros e sen vías idóneas de comunicación, esta Axencia abriuse a última hora grazas á insistente presión que fixo Alfredo Robledo, secretario da Cámara Agraria Local de Navia de Suarna, a través da Cámara Agraria Provincial de Lugo, dirixida por Antonio Rosón, quen era ademais senador.

Outra das razóns que desaconsellaban a apertura desta Axencia era a coñecida “Presa do Gran Suarna”, prevista polo réxime de Franco e que nunca se chegou a construír, pero que pesou como a espada de Damocles sobre aquela comarca, porque de chegar a facerse anegaría as

terras máis fértiles e incluso a vila de Navia de Suarna.

Esta Axencia foi a verdadeira cinsenta de todas as de Galicia e incluso se chegou a pensar por algún rexedor en suprimila pola dificultades que tiña o Servizo de que o persoal a solicitase. O último rexedor opúxose a calquera idea de supresión desta Axencia por respecto aos agricultores daquela comarca e mantívose aberta, se ben é certo que escasamente dotada de persoal. Que recordemos, o único axente titular foi Juan Carlos Antúnez Sánchez, porque os demais atendíana dende Becerreá. Incluso continuábase atendendo dende Becerreá xa como Oficina Agraria Comarcal, unha vez desaparecido o Servizo de Extensión Agraria.

Axentes xefes

Juan Carlos Antúnez Sánchez. que a inaugurou, Victorino Amado Bande, Juan Carlos Tapia e Manuel Rivera González.

Auxiliares administrativos

María Emilia Arrojo Arias e Rosa María González Ramos.

Localización das oficinas

Ao principio instaláronse nun local cedido pola cámara local e máis tarde pasaron a outro en alugueiro na avenida del Generalísimo, nun baixo. De aquí foron trasladadas á antiga escola de Barcia, rehabilitada, onde está hoxe a Oficina Agraria Comarcal.

Capítulo VIII

Axencias da
provincia de Ourense

J. M. Pérez Fernández

Vaia por diante a advertencia de que a recompilación realizada, sobre todo na parte referida ao persoal, resultou moi dificultosa e laboriosa, debido en grande parte á desaparición de arquivos e documentación na maioría das antigas dependencias de Extensión Agraria, actualmente con persoal novo en moitas delas. Como consecuencia de todo isto pode que conteña erros e omisións que somos os primeiros en lamentar, pero que non nos desanimaron na tarefa realizada nin á súa publicación, pois máis vale así que non deixar testemuño do traballo levado a cabo en cada unha das unidades do SEA na provincia de Ourense e das persoas que contribuíron co seu esforzo. Dende aquí expresamos a nosa petición de perdón e recoñecemento para os esquecidos involuntariamente.

Aínda que se relacionan as axencias comarcais por orde alfabética, a cronolóxica da súa apertura foi a seguintes: Verín, Viana do Bolo, Xinzo de Limia, O Carballiño, O Barco de Valdeorras, Celanova, A Pobra de Trives, Allariz, Maceda, Ribadavia, Bande, Castro Caldelas, Ourense, A Rúa-Petín e A Gudiña.

Axencia de Zona ou Provincial (Nº. II).

Creación

Foi creada no ano 1966, inicialmente con sede na localidade de Verín, sendo asignada como Axencia da Zona II a nivel estatal, da que dependían en principio todas as axencias de Galicia, logo as de Ourense e Pontevedra e, finalmente, só as das provincia de Ourense, aínda que non estaba completada a implantación de todas as axencias comarcais. No ano 1971 trasladouse á capitalidade.

Durante o seu período de funcionamento en Verín utilizou as instalacións da Axencia Comarcal. Na cidade de Ourense instalouse inicialmente na entón denominada rúa Capitán Eloy (hoxe en día rúa da Concordia), no quinto andar do número 17, onde a Delegación Provincial do Ministerio de Agricultura tiña alugada o andar para outras xefaturas provinciais, permanecendo alí durante uns meses, ata que se decidiu o seu traslado á tamén céntrica rúa de San Miguel, no número 18, nun terceiro andar alugado e ocupado pola propia Delegación, permanecendo neste lugar ata o quince de xaneiro de 1997, no que se

trasladou ao sétimo andar do edificio “Torre de Ourense”, sito na rúa Curros Enríquez, 1, tamén alugada pola Delegación Provincial da entón Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, onde estivo situada ata xullo de 1998. A partir desa data pasou a integrarse nas dependencias da propia Delegación Provincial da Consellería, nese intre denominada de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, na tamén céntrica rúa Florentino López Cuevillas, 4-6, baixo, nun local do patrimonio da Xunta de Galicia no que operaban a maioría dos seus servizos, onde continuou ata a desaparición do Servizo de Extensión Agraria no ano 2002.



No centro da foto o primeiro axente de zona de Ourense, Luis Llorente Llorente, xunto con outras autoridades provinciais nunha das primeiras exposicións agrarias organizadas na provincia. (Foto cedida pola viúva de Luis Llorente, Lucila Presa)

Unha das primeiras axencias de zona creadas en España foi a de Verín, sendo nomeado como xefe José Vázquez Álvarez, que era o xefe da Axencia Comarcal da localidade. Desta zona, como xa temos dito, dependían todas as axencias comarcais de Galicia naquel momento. Máis tarde, cando xa existían unhas 20 axencias comarcais en Galicia, creouse a zona de Betanzos, da que se fixo cargo Efrén Juanes Fidalgo, con xurisdición nas provincias da Coruña e Lugo, agrupando a de Verín as axencias das provincias de Ourense e Pontevedra. No ano 1966 abríronse axencias de zona en Vilagarcía de Arousa para a provincia de Pontevedra, da que se fixo cargo José Vázquez Álvarez, e en Monforte de Lemos, a cargo de Amador Rodríguez Troncoso, para a provincia de Lugo. Nesta data é cando Luis Llorente Llorente accede á supervisión da provincia de Ourense, con sede na Axencia de Zona de Verín.

Persoal

O primeiro axente de zona, posto que logo pasaría a denominarse supervisor e máis tarde xefe provincial do Servizo de Extensión Agraria, foi o veterinario e axente de Extensión Agraria Luis Llorente Llorente, natural de Mansilla Mayor (León), anteriormente xefe da Axencia de Verín, que o desempeñou dende o 24 de febreiro de 1967 ata o seu falecemento o 25 de xaneiro de 1979. Luis Llorente Llorente estaba en posesión da Medalla do Mérito Agrícola, nas súas categorías de oficial, concedida polo xefe do Estado o 01/10/1965, e de Comendador, mediante concesión polo Rei o 05/01/1977.



O xefe provincial xunto cos axentes interinos da Xunta de Galicia. De esquerda a dereita e de atrás para adiante: Aurora González (Ourense), Miguel González (Ribadavia), Antonio Fidalgo (Allariz), José Mariano Pérez (Provincial), Juan Ramón Canosa (A Gudiña), María Jesús González (Provincial), Julián Ferreiro (Viana do Bolo), Margarita Segade (do Servizo de Conservación da Natureza), Xosé Carballido (Ribadavia), Carlos Mansanet (Castro Caldelas) e Alfonso Barriga (Maceda). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Mentres non se convocou e cubriu o posto, durante algúns meses de 1979, levou a zona, agregadamente, o supervisor de Lugo, José Recimil Tábor. No mes de setembro foi nomeado José Mariano Pérez Fernández, enxeñeiro técnico agrícola e axente de Extensión Agraria, natural de Valladolid, procedente da Axencia da Cañiza (Pontevedra), que permaneceu ata mediados de decembro de 1979, data na que pasou a ocupar o posto de director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

Foi substituído dende o comezo do ano 1979, primeiro en comisión de servizo e logo con

nomeamento oficial, por Felipe Galán Mateos, tamén enxeñeiro técnico e axente de Extensión Agraria, natural de Arenas de San Pedro (Ávila), procedente da xefatura de área A Limia, con sede na Axencia de Xinzo de Limia, que ocupou o posto ata que desapareceu o SEA no ano 2002.

Nesta unidade prestaron tamén os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

1) Axentes de Extensión Agraria ou de economía doméstica como especialistas ou persoal de apoio: José Antonio Yglesias Prieto (especialista en vitivinicultura, † 08/07/1995); Purificación Veiga Pombo (especialista en alimentación e nutrición); María Luz Eugenia González Fidalgo, provisionalmente, actuando como apoio administrativo; María Jesús González Gómez († 28/07/1999), actuando como apoio do supervisor; e Carlos Mansanet Perea, ocupando a sección de desenvolvemento rural.



Recortes de *La Región* do 01/11/1979, dando a noticia da toma de posesión do novo axente provincial, e do 18/09/1979 cunha entrevista ao entón xefe provincial do SEA, Felipe Galán Mateos. (Recortes de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)

2) Persoal administrativo específico do SEA: Victoria Blanco Luis, auxiliar; María Domínguez González, administrativa; Margarita Élica Varela Méndez, auxiliar; e Rosario Fernández López, administrativa, ocupando a sección de desenvolvemento rural.

3) Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución e doutros organismos: María de los Ángeles González Rodríguez, procedente da Cámara Agraria Provincial de Ourense; e María José Ca-

sas Iglesias, procedente da Dirección Provincial do Instituto de Fomento Asociativo Agrario.



Membros da Axencia Provincial nun xantar de confraternidade: na foto de enriba e de esquerda a dereita: José Mariano Pérez, José Antonio Yglesias, María Jesús González e Miguel Ángel Prada; na foto de abaixo: Miguel Ángel, María Luz E. González, Purificación Veiga, Rosa María Díaz, Concepción Fernández, Purificación Martínez (do Servizo de Sanidade Animal), José Mariano e José Antonio. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)



4) Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: Miguel Ángel Prada Iglesias, auxiliar técnico (antigo calculista do IRYDA, falecido); Concepción Fernández Cid, auxiliar; Emilia Salanova Sarmiento, auxiliar; Rosa María Díaz Vázquez, auxiliar; José Manuel Pérez Sousa, auxiliar; Isabel Rodríguez Pérez, auxiliar; Silvestre Celso Álvarez Cid, administrativo, ocupando a xefatura da sección de apoio; Celso Iglesias Vila, auxiliar; Magdalena González Lameiro, auxiliar; María Cristina Gómez Salgado, auxiliar; e Juan Rivero Rivero, auxiliar técnico, contratado por Consumo ante o problema do aceite de colza e logo transferido á Consellería de Agricultura.

5) Limpadoras: Josefa Grande Álvarez e Nieves Montes Tarrío.

Principais actuacións desenvolvidas

Estiveron case sempre relacionadas coas naturais dunha unidade integrada na estrutura da Delegación Provincial e coa representación na provincia do SEA, ademais das propias do obxectivo fundamental da supervisión para lograr un bo equipo de axencias, baseado en gañar a confianza do persoal e a coordinación das súas actividades, e das áreas de traballo cando se crearon, estimulando a confección e execución dos seus programas de traballo, compartindo as súas propostas e puntos de vista e apoiándoas, orientándoas e estimulándoas, tratando de manter a ilusión e a unificación de criterios sen chegar a enfrontamentos, contemplando as particularidades de cada unidade e ofrecendo maior apoio a aquelas con maiores problemas.

Cómpre salientar, como labor fundamental, o apoio ás actuacións das axencias mediante visitas constantes a todas elas, así como o labor da programación do seu traballo, destacando a impulsada a medio prazo no ano 1980, para o período 1981-1985, realizada utilizando, en canto se refire ás explotacións, unha tipoloxía unificada a nivel provincial e matizada a nivel de cada unha das áreas naturais existentes, e para o resto dos campos de actuación (comunidades, familias e xuventudes), empregando indicadores homoxéneos tamén por áreas, o que levou á unha identificación de problemas e determinación de obxectivos por primeira vez a nivel superior ao de cada Axencia e, en definitiva, á creación dun apoio técnico e actuación conxunta na maioría dos obxectivos, que rompía coa actuación individualizada neste sentido predominante ata entón en cada unha das axencias. Isto propiciou a creación de grupos de xestión de explotacións nas principais orientacións produtivas, integrados por agricultores e gandeiros de distintas comarcas e en ocasións áreas, co que o intercambio de experiencias e resultados entre as axencias de cada unha das áreas, e incluso a nivel provincial, resultou máis enriquecedor. A experiencia foi seguida e imitada en parte polos responsables das outras provincias galegas.



No recorte de prensa, coa noticia dunha xornada técnica en Lourizán (Pontevedra), aparecen entre outros: en primeira fila, Eliseo Miguélez (técnico do Centro Rexional); en segunda, José Mariano Pérez (supervisor) e Fernando Mateos (Allariz); en terceira, á esquerda, Mariano Pino (Viana do Bolo), e en cuarta, á dereita, José Jesús García (técnico do Centro Rexional). (Recorte de prensa do arquivo persoal de José M Pérez)

Outra faceta que cómpre destacar na misión da Axencia Provincial foi a reciclaxe continua do persoal en función dos programas establecidos, emprendida mediante a organización de numerosas xornadas técnicas, seminarios e cursos, a maioría en coordinación co Centro Rexional.



Noticia dunha actividade organizada con Caixa Galicia. (Recorte de prensa do arquivo persoal de José M Pérez)

Tamén deu especial relevancia ao apoio técnico ás axencias, mediante a resolución de consultas de calquera tipo e demandas de información, así como á coordinación co equipo de especialistas e técnicos do Centro Rexional, destacando neste aspecto a realizada para a creación dos grupos

de xestión de explotacións e a toma e análise de datos, e cos restantes servizos da Delegación Provincial.

A faceta da avaliación do persoal e dos programas desenvolvidos constituíu outra das facetas importantes desta xefatura, tratando de mellorar o traballo e o perfeccionamento das persoas, procurando facela cos interesados, para que coñecesen e tentasen superar as súas debilidades. Cando se implanta na Xunta de Galicia o sistema da avaliación das unidades, esta xefatura contribúe decididamente a nivel rexional na determinación dos indicadores que cómpre ter en conta para a medición do traballo, organizando un sistema unificado de recollida de actividades e resultados, que é implantado nas restantes xefaturas provinciais do SEA.

O labor de representación do SEA a nivel provincial tratouse de levar con pleno respecto aos superiores xerárquicos da Delegación na que estaba integraba a unidade, máis sempre tratando de defender as actuacións das axencias e as particularidades e necesidades do SEA na provincia, ás veces non moi ben entendidas, sobre todo a partir da designación de delegados de responsabilidade política, sen compoñente técnica. Tamén tratou de manter as mellores relacións coas organizacións sindicais, institucións e empresas vinculadas co sector agrario. Cabe destacar neste sentido a levada con COREN e os seus dirixentes, a cuxas instalacións a Axencia Provincial organizou numerosas visitas para acompañar a diversos grupos de visitantes, tanto universitarios coma técnicos (alemáns, tailandeses, portugueses, hispanoamericanos, franceses, propios do SEA, etc.), coma agricultores de diferentes comarcas de Galicia e do resto de España, sendo atendidos sempre polos seus máximos representantes. Durante o período de funcionamento dos CECA as relacións de coordinación estendéronse cos responsables das delegacións provinciais do Ministerio de Educación e da Consellería do ramo, principalmente os seus inspectores.

A faceta administrativa tivo tamén a súa importancia, tanto na recompilación de informes, enquisas e partes periódicos, para a súa remisión á superioridade, coma no control de medios e gastos de todas as axencias da provincia. Especial dedicación realizouse para a unificación de arquivos e control de expedientes tramitados a

partir da proliferación nas axencias das solicitudes da PAC, así como para o funcionamento do sistema unificado de anotacións contables dos seus gastos de funcionamento.



Recorte de *La Región* coa noticia da visita a COREN de estudantes de varios países, acompañados polo xefe provincial do SEA en Ourense. (Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)

Esta xefatura defendeu, cando o SEA estaba a dar os seus últimos sinais de vida, debido á asunción de innumerables tarefas administrativas, a necesidade de que a Administración agraria galega mantivese, polo menos a nivel de área, un equipo específico de técnicos especializados nas orientacións produtivas predominantes, que actuasen como asesores de xestión e da transferencia tecnolóxica ás explotacións, á vez que fosen os dinamizadores dos programas de actuacións de desenvolvemento rural, aproveitando a experiencia acumulada dos máis antigos axentes de Extensión Agraria aínda activos, coordinado aos diferentes axentes de desenvolvemento e de emprego, sen apenas experiencia práctica, dos que dispuñan diversas organizacións, fundacións e concellos por todo o territorio.



Xornada de convivencia do persoal do SEA en Ourense celebrada o 28/06/1993 no Parque Natural do Invernadoiro. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Toma de xuramento como director xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, o 15/12/1997, de José Mariano Pérez Fernández, xefe provincial do SEA en Ourense durante 18 anos (1979-1997). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

1.- Axencia Comarcal de Allariz (N. 297).

Creación

Foi creada co número 297, iniciando a súa actividade o 15 de marzo de 1965 coa incorporación do seu primeiro xefe.



Casa do Concello de Allariz onde estivo situada durante moitos anos a Axencia de Extensión Agraria e instalacións posteriores, utilizadas agora como Oficina Agraria Comarcal. (Autor José M Pérez)

Nun principio instalouse, mediante cesión, nun cuarto do baixo da vella pero nobre casa do Concello, na súa parte posterior, practica-

mente sen ventilación e en malas condicións, permanecendo alí ata o ano 1970, no que, ante o principio de desprendemento do teito, decidiuse o seu traslado ao ata entón despacho do alcalde no primeiro andar, situándose este noutro lugar do mesmo nivel. Entón, con orzamento do SEA, subdivídese a única peza cedida mediante biombos e créanse tres espazos diferenciados, cun corredor de acceso, para a administrativa, para o xefe da Axencia e o recibidor. A Axencia emprega tamén, para gardar os BOE e outros elementos de traballo, o almacén xeral do Concello situado na planta baixa, pero que se encontraba en pésimas condicións de utilización. Cando se acondicionou e ampliou a casa do Concello tamén utilizou a Axencia para reunións, cursos e outras actividades, o salón de plenos.

Posteriormente, ante a necesidade de reestruturar a localización dos servizos do propio Concello, tomouse a decisión, de novo, do seu traslado á planta baixa, ocupando unha sala situada esta vez na parte anterior do edificio, pouco acondicionada para as necesidades da Axencia. Ante esta situación o SEA determinou sacar a Axencia da casa do Concello e trasladala a un amplo e acondicionado baixo, preparado para o efecto polo propietario para ao seu aluguer, na rúa Oliveira, número 6 (hoxe en día o 8), onde na actualidade continúa instalada a Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro, que tamén foi quen procedeu á súa apertura o 15 de marzo de 1965, foi o axente e perito agrícola, natural de Armenteros (Salamanca), Fernando Mateos Sánchez, procedente da Axencia de Verín. Permaneceu ata 1984, no que pasou á Axencia Comarcal de Ourense.

Foi substituído polo axente e enxeñeiro técnico agrícola Atilano Soto Soto, natural de Peñafuente-Gradas de Salime (Asturias), procedente da Axencia de Ribadavia, dende abril de 1987 ata xaneiro de 1993, no que pasou ao Servizo de Axudas Estruturais da Delegación Provincial en Ou-

rense da Consellería de Agricultura. Durante os últimos tempos de Atilano na Axencia, colaborou tamén co departamento de apoio da Delegación en Ourense, aínda que seguía atendéndoa dous días á semana.

Outros funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias no posto anteriormente ocupado polo xefe da Axencia, pois careceu sempre de axente axudante: Antonio Fidalgo Lorenzo, Aurora González Vidal, María Jesús González Gómez e Luis Jorge Álvarez Ferro.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Josefa Conde Franco, María Rita Carballo Muñoz e Margarita Élida Varela Méndez.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Jesús Manuel Seara Otero, procedente das cámaras agrarias de Allariz e Xunqueira de Ambía, ás que atendeu no seu día conxuntamente.

Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: María Josefa Otero Pato, Obdulia Rodríguez Blanco e María Rita Seoane Encinas.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: César Fernández Portal, enxeñeiro agrónomo, bolseiro no ano 1993.

Limpadoras: María Luisa Pérez Cid.

Comarca de traballo

Comprendía os concellos de Allariz, Taboadela e Xunqueira de Ambía, cunha superficie territorial de 171,40 km², na que se integraban 28 parroquias e 169 lugares.

O número de explotacións agrarias segundo o censo agrario de 1964 era de 3.448, cunha superficie de 15.239 ha e 120.761 parcelas, co que resultaba unha media de 35 parcelas/explotación. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 293; entre 0,5 e 1: 330; entre 1 e 2: 646; entre 2 e 5: 1.575; entre 5 e 10: 531; entre 10 e 20: 59; entre 20 e 50: 5; entre 50 e 100: 3; entre 100 e 200: 1; entre 200 e 500: 1; entre 500 e 1.000: 2; e de máis de 1.000: 2. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en

man común, administrados polos concellos, pois aínda non foran devoltos ás comunidades.

A orientación produtiva da maioría das explotacións era a de gando vacún de aptitude mixta, de autoconsumo con venda de pequenos excedentes de leite e dos xatos. Os cultivos estaban supeditados ás necesidades alimenticias dos animais e dos compoñentes da familia, incluída a xeral granxa familiar, principalmente millo e nabos e un horto pouco diversificado, agás na zona da desecada Lagoa de Antela, no Concello de Xunqueira de Ambía, onde comezaba a implantarse o cultivo da pataca para a súa venda comercial.

Actuacións máis destacadas

O traballo da Axencia orientouse no campo das explotacións cara á mellora dos cultivos forraxeiros e ás técnicas da súa conservación, así como á substitución de especies e variedades por outras máis produtivas, incluída a substitución do millo do país por millo híbrido, para o que estableceron, ao longo de varios anos, campos de ensaio e demostración en colaboración cos agricultores máis progresistas. Incidiuse tamén no melloramento das condicións de estabulación dos animais, así como na mecanización de labores e na selección e reposición para a súa especialización produtiva, o que levou ao nacemento de explotacións especializadas en vacún de leite e de carne, así como de gando ovino. Tamén realizou unha exhaustiva actuación de asesoramento no tratamento de pragas e enfermidades, tanto nos cultivos forraxeiros coma nos de horta, e nos coidados culturais das árbores froiteiras, incluída a súa correcta poda, técnicas pouco coñecidas ou empregadas moitas veces incorrectamente na bisbarra.

Outro campo destacado de actuación foi o das comunidades, tanto no que se refire ás accións de interese comunitario coma no de cooperación, destacando neste último a promoción de diversas sociedades agrarias de transformación de carácter familiar para a explotación comunitaria de terras e gandos, algunha delas aínda existente, como é o caso da de Torneiros.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980

para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 27 accións, con 535 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 19 accións, con 496 familias afectadas.

Melloras de accesos a núcleos de poboación: realizadas 38 accións, con 1.883 familias afectadas.

Pavimentacións de núcleos: executadas 78 accións, con 1.744 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: realizadas 7 accións, con 883 familias afectadas.

Alumeados públicos: executadas 2 accións, con 68 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 50, con 1.670 familias afectadas.

Clasificados: 9, con 318 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 2 comunidades, con 172 comuneiros afectados.

Superficies: 824 ha repoboadas, 352 ha non repoboadas, 4 ha transformadas en pasteiros, total: 1.180 ha.

c) Cooperación:

Número de circuítos de inseminación artificial existentes: 3; número de postos de aplicación: 6; número de vacas inseminadas/ano: 1.280.

d) Comercialización:

Número de circuítos ou rutas de recollida de leite: 5, nos que 397 gandeiros entregan 1.787.000 litros.

Matadoiros: 1, en Allariz.

Almacenistas: 1 de patacas, en Allariz.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva patacas combinada con gando vacún ou ovino: 48, ningunha a tempo parcial, cunha superficie media de 12 ha e unha media de 4 UGM.

2) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos o leite: 9, ningunha delas a tempo parcial, cunha superficie media de 11,60 ha e unha media de 12 UGM.

3) Explotación de gando vacún orientadas á recría de xovencas: 2, ningunha delas a tempo parcial, cunha superficie media de 13 ha e unha media de 120 animais.

4) Explotacións con orientación produtiva de gando vacún e ingresos equilibrados entre leite e carne: 2.598 (160 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 3,49 ha e unha media de 1,5 UGM.

5) Explotacións de gando ovino-caprino aproveitando monte veciñal, predominando o ovino nun 90%: 6, ningunha delas a tempo parcial, cunha superficie media propia de 2 ha e unha media por explotación de 68 cabezas.

6) Explotacións dedicadas á plantación de froiteiras, principalmente maceira: 3 (2 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,60 ha.

7) Explotacións sen terra de gando porcino (70% en ciclo completo e 30% a cebo): 10 a tempo completo, cunha media de 714 animais.

8) Explotacións avícolas sen terra: 59 a tempo completo, cunha media de 6.610 aves.

9) Explotacións cunícolas sen terra: 2 a tempo total, cunha media de 26 nais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 4.872.

Número de familias agrarias: 2.311.

Número medio de membros por familia: 4.

Número de casas reformadas ou novas: 180.

Número de casas con cuarto de baño: 1.185.

Número de familias con contrato de gas butano: 3.337.

Número de xubilados: 2.511.

Número de familias que viven do subsidio e das producións das súas granxas e hortos familiares: 1.218.

No campo de actuación coa xuventude:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 392, a partes iguais entre homes e mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 371 homes e 363 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 76 homes e 84 mulleres.

Con independencia do anterior, as actuacións máis destacadas da Axencia foron as seguintes:

A campaña intensiva realizada no Concello de Xunqueira de Ambía, nas parroquias estremeiras coa desecada Lagoa de Antela, para que os seus agricultores solicitasen as parcelas, ao que en principio eran remisos.

A promoción da concentración parcelaria de Bustelo-Casasoá, no Concello de Xunqueira de Ambía, con múltiples actividades de reunións cos veciños dos diferentes pobos e visitas casa por casa dos propietarios, acompañado polos integrantes das comisións locais promotoras, para explicarlles as vantaxes e convencerlos para que a solicitasen.

A creación do *plantel* con tarefas de empresa en Bustelo de Veiga, no Concello de Xunqueira de Ambía, integrado por 16 mozos con actividades produtivas de gando vacún e pataca.

A creación e mantemento do SEXE comarcal, integrado por 12 agricultores con actividade de gando vacún, que se reunían o día 15 de cada mes para tratar temas de interese e analizar conxuntamente a situación das súas explotacións, resultados que constituían a base dos que utilizaba a Axencia para a divulgación ao resto dos da comarca.

Por último, cabe destacar que en 1994 a comunidade de San Vitoiro (Allariz) obtivo o primeiro premio en desenvolvemento comunitario no concurso do “Día do Agricultor” da Semana Verde de Galicia, pola actuación desenvolvida na programación de cursos formativos, pavimentacións de rúas, recuperación de espazos de lecer e descanso e na execución de accións encamiñadas á protección da natureza, tales como loita contra

incendios, conservación ecolóxica e fabricación e colocación de niños para paxaros.

Anecdótico

Nunha das visitas realizadas á Axencia polo supervisor, no ano 1981, acompañou pola tarde ao xefe da Axencia, Fernando Mateos Sánchez, nas visitas programadas, unha delas á casa dun colaborador dun campo de demostración na localidade de Outeiro de Torneiros do Concello de Allariz, para comentar a marcha da recollida de datos e transmitir instrucións das próximas tarefas que se ían levar a cabo. Á entrada do pobo o axente aparcou o Citroën 2 C.V. xunto a unha pequena eira, iniciando o camiño ata a vivenda a pé. Á esquerda, xusto antes das primeiras casas e xunto a un valado, estaban instaladas un par de colmeas en plena actividade, pois transcorría o mes de maio e o tempo era espléndido. Ao pasar xunto a elas, o axente comentoulle ao supervisor que tiña agarrotada a articulación do dedo polgar da man dereita dende había algúns días e que ao regreso pensaba introduci-lo na piqueira dunha das colmeas, pois xa o tiña feito outras veces e a picadura de abella, polas súas propiedades, facíalle recuperar o movemento. O supervisor non lle prestou atención, pois sendo el alérxico a estas picaduras, e polo tanto gardar o máximo respecto e distancia con tales insectos, non pensou que ía en serio.

Chegaron a casa do colaborador e trataron con el do asunto do campo, sen poderse librar de merendar unhas laxas de xamón con viño, tras o que realizaron unha visita á leira onde estaba instalado. Unha vez finalizada a visita despedíronse do agricultor, agradecéndolle a súas atencións e traballo e encamiñáronse cara ao coche, para seguir realizando o programa de visitas determinado previamente.

Sen mediar palabra ningunha, ao pasar de novo xunto ás colmeas, Fernando plantouse diante dunha das dúas e sen meditalo colocou o dedo artrítico no burato de entrada e saída das abellas. Como se o estivese esperando e dunha intervención programada se tratase, unha abella inxectou o seu aguillón no punto exacto da articulación, sen que o resto da colonia se revolucionase.

No interior do coche o axente extraeu con delicadeza e experiencia o aguillón e empezou, louco de contento, a mover o dedo, para demostrar os rápidos efectos terapéuticos da medicina

aplicada. O supervisor non daba pábulo ao visto, máis tamén alegrouse da súa efectividade, aínda que el nunca pensaba aplicala.

A axente arrancou e pola curvada e arborada estrada dirixiuse cara ao próximo destino, sen deixar de comentar a melloría do seu dedo, ata que aos poucos minutos parou de falar en seco e só conducía. O supervisor mirouno de esguello e viuno pálido e suorento, tras o que lle espetou con voz enérxica: *Qué che pasa?* A resposta recibida foi: *Que me mareooo...* O supervisor berrou: *Fernando, frea e para, que nos matamos!* E o último que fixo Fernando antes de derrubarse foi conseguir frear e parar o coche no medio da estrada, pola que naquel intre, menos mal, non circulaba ninguén máis, tras o que o supervisor conseguiu colocalo no asento do copiloto e trasladalo de urxencia á farmacia máis próxima, onde lle inxectaron algo que tras uns momentos de repouso logrou recuperalo, recibindo o consello que acudise ao médico. Se o supervisor o tiña claro antes do acontecido, non lle quedou ningunha dúbida para o sucesivo. En canto a Fernando, continuou solucionando os seus problemas mecánicos nas articulacións por outros métodos menos expeditivos, aínda que segue convencido que como a picadura de abella nada.

Outra anécdota que conta o antedito axente con moita frecuencia é a de que no convento de clausura das clarisas en Allariz os únicos homes que tiñan entrada sen reparo eran o médico, o veterinario e máis el, o primeiro por razóns obvias, o segundo porque as monxas tiñan vacas, e el porque era reclamado, en moitas ocasións e sempre por vía telefónica, para atender as necesidades de poda das froiteiras e os cuidados das plantas do horto do convento, faenas nas que sempre era acompañado por dúas residentes.

2.- Axencia Comarcal de Bande (Nº. 502).

Creación

Foi creada a finais do ano 1968, co número 502, iniciando a súa actividade a mediados do seguinte ano coa incorporación do seu primeiro e único xefe. Instalouse nun primeiro andar alugado na rúa José Antonio, 31, onde aínda continuaba cando desaparece o SEA no ano 2002. Na actualidade, dende o 2008, a Oficina Agraria Comarcal está situada nun novo edificio na rúa

Mestre Taibo, 29, xunto cos restantes servizos da Delegación.



Inmable en cuxo primeiro andar estivo situada a Axencia durante toda a súa existencia. (Autor: José M. Pérez)

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro, que tamén foi o único e quen procedeu á súa apertura a mediados do ano 1969, foi axente e mestre, natural de Villaquilambre (León), Amador de Celis Suárez, procedente da Axencia de Chantada (Lugo). Permaneceu no posto ata a desaparición do SEA no organigrama da Consellería, xubilándose posteriormente no mes de marzo do ano 2005 como funcionario da Oficina Agraria Comarcal e falecendo pouco despois, concretamente o 13/11/2006. Amador estaba en posesión da Medalla do Mérito Agrícola, na súa categoría de oficial, concedida polo xefe do Estado e foi alcalde de Bande dende as segundas eleccións municipais democráticas no ano 1983 ata o momento do seu deceso, un total de 23 anos.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Francisco Jesús Corral Jiménez e Manuel Alfonso Losada Quiroga.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Teresa Álvarez Fernández.

Funcionarios do corpo especial e xeral da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Gali-

cia no posto anteriormente ocupado polo axente axudante ou comarcal: José Antonio Quintas Rodríguez, capataz forestal, e Aurora González Vidal, enxeñeira técnica agrícola.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: María Domínguez González, María del Pilar Vázquez Sánchez e María del Pilar Fernández Seoane.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Antonio Rodríguez González, procedente da Cámara Agraria de Bande, Ana María Rodríguez Rodríguez, da de Calvos de Randín, María del Pilar Pereira Garrido, da de Lobeira, e Lisardo Domínguez Rodríguez, da de Muíños.

Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: María Manuela Pérez Hermida e María Dolores Calvo López.

Persoal en prácticas doutros países: David Nguema Mañana, axente ecuatoguineano, no ano 1983.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Demetrio Espinosa Mangana, enxeñeiro técnico agrícola, bolseiro no ano 1988.

Limpadora: Victoria Suárez Domínguez.

Comarca de traballo

Comprendía os concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios, Muíños e Padrenda, cunha superficie territorial de 685 km², na que se integraban 62 parroquias e 322 lugares.

O número de explotacións agrarias segundo o censo agrario de 1964 era de 7.658, cunha superficie de 60.452 ha e 212.129 parcelas, co que resultaba unha media de 28 parcelas/explotación. As explotacións sen terra eran 18. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 1.214; entre 0,5 e 1: 1.440; entre 1 e 2: 2.250; entre 2 e 5: 2.299; entre 5 e 10: 332; entre 10 e 20: 50; entre 20 e 50: 9; entre 50 e 100: 10; entre 100 e 200: 8; entre 200 e 500: 10; entre 500 e 1.000: 5; e de máis de 1.000: 13. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

A maioría das explotacións existentes podían cualificarse de subsistencia ou autoconsumo, con orientación de gando vacún de aptitude mixta, con venda de pequenos excedentes e dos xatos, reempregando as forraxes e cultivos producidos (principalmente millo, cereais e nabos e o horto familiar pouco diversificado), que estaban supeditados ás necesidades alimenticias dos animais e dos compoñentes da familia, incluída a xeral granxa familiar.

Actuacións máis destacadas

O traballo da Axencia orientouse no campo das explotacións cara á mellora dos cultivos forraxeiros, así como á substitución de especies e variedades por outras máis produtivas, incluído a substitución do millo do país por millo híbrido e o cultivo de cereais máis adaptados ás condicións climáticas da comarca, caso do triticale, para o que estableceu, ao longo de varios anos, campos de ensaio e demostración en colaboración cos agricultores máis progresistas. Coa devolución dos montes veciñais en man común ás comunidades, a Axencia incidiu na transformación dalgún deles para o seu aproveitamento gandeiro con base no vacún de carne, ovino-caprino e cabalar.

Outra actividade impulsada pola Axencia foi a do cultivo do tabaco, para o que determinadas zonas da bisbarra presentaban unhas excelentes condicións, producindo unha folla de alta calidade, que chegou a que unhas 25 explotacións o tivesen como actividade complementaria en pequenas superficies, dada a alta demanda de man de obra do cultivo sobre todo no intre da recolección, permanecendo, aínda xa cun pequeno número de cultivadores, ata pouco despois da implantación de cotas para a seu cultivo en función das producións entregadas ao Servizo Nacional do Tabaco, producida aos poucos anos da entrada de España na Unión Europea, que o fixo inviable polas pequenas cantidades conseguidas.

Pero se se debe destacar algún campo específico de traballo de Extensión na actuación da Axencia, este non é outro que o das comunidades, fundamentalmente no aspecto das accións de interese comunitario, onde se realizou un importante labor, e no de cooperación, no que se promoveu a constitución de varias cooperativas,

onde destacan seis delas de consumo e unha de explotación comunitaria de terras e gando en Grou (Lobios), con actividade de gando vacún de leite e integrada por cinco socios.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 163 accións, con 4.191 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 69 accións, con 2.122 familias afectadas.

Melloras de accesos a núcleos de poboación: realizadas 115 accións, con 4.685 familias afectadas.

Pavimentacións de núcleos: executadas 118 accións, con 3.065 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: realizadas 31 accións, con 2.694 familias afectadas.

Alumeados públicos: executadas 4 accións, con 329 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 146, con 4.242 familias afectadas.

Clasificados: 135, con 3.811 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 73 comunidades, con 1.862 comuneiros afectados.

Superficies: 15.820 ha repoboadas, 29.485 ha non repoboadas, 60 ha transformadas en pasteiros, total: 45.365 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 28, con 471 familias participantes, 4.230 cabras e 2.810 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 229, con 3.256 regantes e 11.378 ha afectadas; mellorados: 16, con 546 regantes e 601 ha.

Número de circuítos de inseminación artificial existentes: 1; número de postos: 1; número de vacas inseminadas/ano: 1.100.

Cooperativas agrarias existentes: 7, con 878 socios, 6 delas de autoconsumo, cun volume anual de 6.910.000 ptas., e unha de produción agrogandeira e consumo, cun volume de 2.600.000 ptas. de vendas e 1.200.000 ptas. de compras.

Concentración parcelaria: 1 zona executada, 2 en realización e 6 máis solicitadas.



Descansando na visita á Expo'92 aparecen de adiante para atrás: José Mariano Pérez (xefe provincial do SEA), Amador de Celis (xefe da Axencia de Bande), Alfonso Barriga (Maceda) e José González Álvarez (gandeiro de Calvos de Randín excelente colaborador da Axencia, † 15/03/2005)
(Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

d) Comercialización:

Número de circuítos ou rutas de recollida de leite: 8, nos que 1.030 gandeiros entregan 2.602.700 litros.

Matadoiros: 6, en todos os concellos da bisbarra agás no de Lobeira.

Tratantes de gando: 31, repartidos por toda a comarca.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva a cultivo do tabaco complementado con gando vacún: 2, ningunha a tempo parcial, cunha superficie media de 0,30 ha e unha media de 1 UGM.

2) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún de aptitude mixta en réxime extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 541 (12 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,43 ha e unha media de 4,12 UGM.

3) Explotación de gando vacún de aptitude mixta con ingresos equilibrados entre leite e carne: 2.172 (45 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,59 ha e unha media de 2,16 UGM.

4) Explotacións de gando ovino-caprino, con número equilibrado de animais das dúas especies: 21, ningunha delas a tempo parcial, cunha superficie media propia de 2,08 ha e unha media por explotación de 78 cabezas.

5) Explotacións con gando vacún e ovino-caprino equilibrados: 327 (5 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,27 ha e unha media por explotación de 3,13 UGM.

6) Explotacións de gando vacún complementado con apicultura: 22, ningunha delas a tempo parcial, cunha superficie media de 2,35 ha e unha media por explotación de 3,22 UGM.

7) Explotacións con viñado como orientación produtiva única: 54 (17 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 0,73 ha.

8) Explotacións con orientación produtiva de tipo forestal, fundamentalmente piñeiro: 86 (50 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2 ha.

9) Explotacións sen terra de gando porcino (70% en ciclo completo e 30% a cebo): 9 a tempo completo, cunha media de 1.200 animais.

10) Explotacións avícolas sen terra: 21 a tempo completo, cunha media de 7.619 aves.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 4.169

Número de familias agrarias: 3.384

Número medio de membros por familia: 4.

Número de casas reformadas ou novas: 3.791.

Número de casas con cuarto de baño: 2.005.

Número de familias con contrato de gas butano: 4.044.

Número de xubilados: 4.632.

Número de familias que viven do subsidio e das producións das súas granxas e hortos familiares: 2.808.

No campo de actuación coa xuventude.

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 590 homes e 510 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 340 homes e 380 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 92 homes e 118 mulleres.

Noticias de prensa e fotografías de actividades



(Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Alumnos e profesores en “La Rábida (Huelva)”, o 10/09/1992 nun curso organizado pola Axencia sobre “Aproveitamento de recursos naturais” (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Alumnos e profesores do curso organizado pola Axencia sobre “Aproveitamento de recursos naturais” na visita a Ponte de Lima (Portugal) o 14/11/1992. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

3.- Axencia Comarcal do Barco de Valdeorras (Nº. 153).

Creación

Foi creada por orde do director xeral do Servizo de Extensión Agraria de data 23 de novembro de 1962, entrando en funcionamento o 22 de decembro do antedito ano coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse inicialmente, mediante cesión, nos locais da Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros do Barco de Valdeorras, sita na praza do Concello. A partir do 21 de xuño de 1967 a Axencia trasladouse ao edificio situado na rúa Doutor Pérez Lista, núm. 6, ocupando o primeiro andar e a parte traseira do baixo. O propietario era D. Victorino Rodríguez Rodríguez, veciño da localidade de Puente Rodríguez Flórez (León), e a renda anual inicial ascendía a trinta e oito mil catrocentas pesetas (230,79 €).


En xaneiro do 1997 efectúase un novo traslado ao primeiro andar da restaurada Casa Grande de Viloira, do patrimonio da Xunta, onde continuou ata a desaparición do SEA, sendo utilizadas posteriormente estas instalacións como Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro, que tamén foi quen procedeu á súa apertura, foi o axente e mestre Higinio Movilla González, natural de Baños de Molgas (Ourense), procedente da Axencia de Vilalba (Lugo), que tomou posesión o 22/12/1962 e permaneceu ata a súa morte en accidente de automóbil, en acto de servizo, o 30/08/1965.



Documentación do arquivo da Axencia notificando a incorporación e baixa de José A. Yglesias.

Dende o 15/01/1966 e ata o 15/09/1967 ocupou o posto o axente e perito agrícola, natural de Monforte de Lemos (Lugo), José Antonio Yglesias Prieto († 08/07/1995), pasando coa mesma categoría a abrir a Axencia de Ribadavia.

Foi substituído, dende outubro de 1967, polo axente e perito agrícola Horacio Fernández Presa, natural de Armunia (León), que prestaba os seus servizos como axudante na mesma Axencia, permanecendo no cargo ata súa xubilación o 08/08/1997. Horacio está en posesión da Medalla de Galicia, na súa categoría de bronce, concedida polo Consello da Xunta no ano 1999 en recoñecemento ao seu labor na recuperación da variedade da vide Godello.

O derradeiro xefe da Axencia foi, dende o 08/08/1997 e ata o 01/01/1998, no que pasou a desempeñar o posto de xefe de área, o axente e enxeñeiro técnico agrícola José Luis Bartolomé Lozano, natural de Ponferrada (León), axente comarcal na mesma dependencia, que na actualidade continúa destinado na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Horacio Fernández Presa, Juan Francisco Uña Castaño, Alfonso Valladares

López, José Pedraza Montero, Salvador García Vidal e José Luis Bartolomé Lozano.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Rosa María Lorenzo Martínez, Agustina López Rúa e María Fe Manso Cid.

Axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica de carácter estatal que realizaron o seu período de prácticas na Axencia: Francisco Uña Castaño, Alfonso Valladares López, José Pedraza Montero, María Josefa Martínez Núñez (axente de economía doméstica), Miguel Ángel Rodríguez López, José Miguel Bayón Hermida, Salvador García Vidal e José Luis Bartolomé Lozano.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia no posto anteriormente ocupado polo axente axudante ou comarcal: Manuel Sotelo Sotelo e Benito Muñiz Hermida († 15/05/2007), ambos os dous enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Francisco Vidal López e Josefa Vidal López, irmáns.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: María Josefa Guitián López, procedente da de Vilamartín de Valdeorras.

Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: Ramón Caneiro Bahillo, María Luz Díaz Rodríguez e Isabel Gacio Pacios.

Persoal en prácticas doutros países: Antonio Julio Cartagena Ferreira, técnico portugués en prácticas, dende o 09/04/1973 ata o 07/05/1973, co que o persoal da Axencia seguiu a manter unhas excelentes relacións de amizade.

Limpadora: Francisca López Doporto, nai dos administrativos Francisco e Josefa.

Comarca de traballo

Comprendía inicialmente os oito concellos da comarca natural; é dicir, os do Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras, cunha superficie territorial de 678,70 Km², na

que se integraban 83 parroquias e 149 lugares, quedando reducida, a partir do ano 1971, no que comeza o funcionamento da Axencia da Rúa-Petín, pola formada polos concellos do Barco de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras, cunha superficie territorial de 497,40 km², na que se integraban 52 parroquias e 93 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca natural, segundo o censo agrario de 1964, era de 7.408, cunha superficie de 60.400 ha e 159.650 parcelas, co que resultaba unha media de 22 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran tres. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 1.189; entre 0,5 e 1: 1.348; entre 1 e 2: 1.902; entre 2 e 5: 2.165; entre 5 e 10: 547; entre 10 e 20: 166; entre 20 e 50: 34; entre 50 e 100: 10; entre 100 e 200: 7; entre 200 e 500: 16; entre 500 e 1.000: 9; e de máis de 1.000: 12. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Para a comarca de traballo reducida, o número de explotacións agrarias era de 4.574, cunha superficie de 45.952 ha e 93.612 parcelas, co que resultaba unha media de 20 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 2. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en ha, era a seguinte: menores de 0,5: 821; entre 0,5 e 1: 820; entre 1 e 2: 1.234; entre 2 e 5: 1.305; entre 5 e 10: 254; entre 10 e 20: 84; entre 20 e 50: 9; entre 50 e 100: 10; entre 100 e 200: 7; entre 200 e 500: 13; entre 500 e 1.000: 5; e de máis de 1.000: 10.

No estudo de comarca da Axencia do ano 1974, referido aínda ao conxunto da comarca natural, subdivídese a comarca en tres zonas, atendendo á súa situación xeográfica, orografía e clima, que condicionan as orientacións produtivas e as características das explotacións:

1.- Zona de val: con dedicación á viña e hortofruticultura. O número de explotacións é de 2.496, que supón unha porcentaxe en relación á total da comarca do 32%. A superficie media das explotacións é de 1 ha, distribuída do seguinte xeito: horta, 0,05 ha; vide, 0,60 ha; e monte: 0,35 ha. O número de parcelas por explotación é de 10

e o tamaño medio da parcela de 560 m². Un 70% das explotacións non chega a 1 ha, un 20% está entre 1 e 2 ha, e o 10% restante superan as 2 ha. O beneficio bruto das explotacións con menos de 1 ha é de 88.000 ptas.

2.- Zona de ladeira: na que predomina o cultivo da vide, castaños e gandería. O número de explotacións ascende a 3.042, que representa o 39% do total da comarca. A superficie media das explotacións é 3 ha, repartidas da seguinte forma: horta, 0,10 ha; vide, 0,50 ha; pradeira: 0,50 ha; labradío, 1,00 ha; e monte, 1,90 ha. O número de parcelas por explotación é de 13 e o tamaño medio da parcela de 480 m². O número medio de animais existente por explotación é de 2 vacas, 5 ovellas, 1 porco e 10 galiñas. A produción media de castañas por explotación é de 2.000 kg. O 80% das explotacións de 4 ha ou menos alcanzan as 72.000 ptas. de beneficio bruto.

3.- Zona de montaña: eminentemente gandeira. Comprende 2.262 explotacións que supoñen o 29% do total da bisbarra. A explotación media dispón dunha superficie de 4 ha, repartidas do seguinte xeito: horta, 0,03 ha; pradeira: 0,50 ha; labradío: 2,00 ha; e monte, 1,50 ha. O número de parcelas por explotación é de 10 e o tamaño medio das parcelas de labradío de 0,4 ha. O gando por explotación é de 3 vacas, 7 ovellas, 2 porcos e 10 galiñas. O 75% das explotacións ten menos de 4 ha, un 15% entre 6 e 8 ha, e un 10% dispoñen de máis de 8 ha. O beneficio bruto destas explotacións é de 73.000 ptas.

A característica predominante no conxunto das explotacións da bisbarra é que están moi orientadas cara ao autoconsumo, e a explotación lévaa normalmente o pai e a nai, pois os fillos, na súa maioría e ao rematar o período escolar, emigran ou colócanse noutras actividades non agrarias.

En canto á idade da poboación agraria cómpre destacar que no 90% das explotacións o empresario ten máis de 50 anos, sen fillos ou con fillos fóra da explotación. A porcentaxe de explotacións en mans de empresarios con menos de 50 anos, ou con máis anos pero con fillos na explotación, só supoñen o 10%.

Isto dá idea do envellecemento da poboación rural e das dificultades que, á hora de realizar transformacións ou reorganizacións na explotación, se atopan por parte do empresario.

Se a isto lle engadimos a situación complicada das explotacións, por mor da transmisión de bens de pais a fillos, a descapitalización das explotacións e o férreo costume dos antepasados, comprenderemos as dificultades que existen de toda orde á hora da actuación do SEA, para lograr unha evolución desta bisbarra.

Actuacións máis salientables

Comezamos por transcribir, pois reflicte a actuación da Axencia en pleno período de aplicación da metodoloxía de Extensión, a actualización do seu estudo de comarca no ano 1974, que segue a considerar a totalidade da comarca natural e proporciona os seguintes datos e información:

Analizando a situación existente, e conscientes da importancia que ten o traballo coa familia rural, o SEA está a procurar incidir nesta dunha forma integral, considerando a persoa en si mesma como integrante dunha familia e como membro dunha comunidade.

As catro áreas de actuación son: comunidades, explotacións, familia-fogar e xuventudes.

Comunidades:

A evolución e transformación que están a mostrar os núcleos rurais é extraordinaria. Conscientes os veciños da problemática que tiñan, e co seu propio esforzo persoal, lograron realizar obras que noutras circunstancias non farían. Confiar nas súas posibilidades, e sabéndose escoitados e apoiados nas súas ideas, deu lugar ás seguintes realizacións: obras feitas, 83; familias afectadas, 3.697; orzamento, 52.536.142 ptas.; subvención recibida: 12.694.7176 ptas.

Estas obras están repartidas do seguinte xeito: 40 abastecementos domiciliarios de auga, 11 redes de sumidoiros, 13 arranxos de rúas en núcleos de poboación, 11 melloras de camiños de acceso e outras 8 accións de diverso tipo.

Explotacións:

Os problemas de cada unha das zonas, a falta de rendibilidade das explotacións e o duro traballo, explican unha serie de realidades que se están a producir. O empresario é persoa vella, cunha mentalidade aferrada á tradición e cun gran apego á súa terra, que foi a dos seus antepasados. Mentres vive non permite a toma de decisións por parte

dos fillos, non transmite a súa herdade, e estes vense obrigados a ter que emigrar a outros sectores máis rendibles, máis dignos e considerados no traballo, onde poidan desenvolver a súa propia personalidade.

O excesivo parcelamento, as pequenas superficies de cada explotación, o réxime xurídico en que se realizan as vendas e particións, a falta de obra nova, a descapitalización do campo, a falta da axeitada comercialización das producións, etc., están a crear unha situación crítica que se vai traducindo no abandono de explotacións e na supervivencia das existentes, que, ao estaren rexidas e explotadas por persoas anciás, as teñen como entretemento, pois a súas fontes de ingresos son as proporcionadas polos que envían os familiares emigrados.

Non obstante, o SEA está a procurar incidir nelas, ben evolucionando a novos cultivos, ben coa súa reestruturación. Así, nas explotacións da subbisbarra 1 (zona de val) con menos de 1 ha, procúrase que, dentro dun traballo digno, alcancen un renda "per cápita" maior. Tendo como base a súa pequena superficie e localización, preténdese orientalas á horticoltura, actividade na que se produce unha utilización máxima da man de obra dispoñible por explotación, á vez que a súa rendibilidade é maior. As explotacións con superficies superiores orientaranse á fruticultura, nas que, sen recorrer á man de obra allea, as producións son maiores. No primeiro tipo de explotacións, preténdese pasar dunha marxe bruta (M.B.) de 88.000 ptas. a outra de 224.000 ptas. Coa segunda orientación, que está dirixida a explotacións territorialmente maiores, pásase dun M.B. de 200.000 ptas. a outra de 661.000 ptas.

Na subbisbarra 2 (zona de ladeira) as marxes brutas oscilan dende as 72.000 ptas. nas pequenas explotacións a 217.000 ptas. nas maiores. Os seus problemas son máis complexos. Ao ser a súa base fundamental o viñado, hai que tender á súa reestruturación. En canto ás pequenas, a solución óptima, para lograr unha produtividade axeitada e a dignificación do traballo, debe estar enfocada á creación de explotacións comunitarias; e nas maiores, á súa racionalización. Os pasos que se van seguir para lograr estes obxectivos son: a concentración parcelaria, elección de portaenxertos e variedades axeitadas e a súa proporción, novas plantacións con marcos axeitados que permitan a mecanización, establecemento de

servizos antimildio, constitución de cooperativas que na súa acción abarquen dende a produción ata a recolección, con integración nelas de todas as explotacións, e a creación dunha cooperativa de comercialización a nivel comarcal que agrupe as tres existentes.

Na subbisbarra 3 (zona de montaña), eminentemente gandeira, as explotacións teñen unhas marxes brutas que varían dende 72.000 ás 121.000 ptas. Coa agrupación das pequenas explotacións en unidades maiores, por medio de explotacións comunitarias, obtérase unha marxe neta de 325.000 ptas. por cada explotación. En canto ás explotacións maiores, mediante a súa racionalización, obtérase unha marxe neta de 270.000 ptas.

Con esta formulación de futuro, as axencias do SEA desta bisbarra, están a incidir en cada conxunto de explotacións.

No proxecto de fruticultura existe un grupo SEXE que está a abordar a comercialización en común da froita dos seus integrantes, tratándose de integrar actualmente aos seus compoñentes nunha cooperativa para a construción de caixas. As explotacións que están orientadas á fruticultura son 32, cunha superficie de 40 ha; o volume total de froita que obteñen na actualidade é de 700.000 kg, xa que 25 ha son menores de 3 anos.

En gandería, existe outro grupo SEXE, cuxos membros van realizando as transformacións paulatinamente e que son os divulgadores máis eficaces cara aos seus propios veciños. Un total de 38 explotacións instalaron silos, 23 melloraron as súas cortes, e introducíronse 725 cabezas de gando vacún parda alpina. A superficie dedicada a millo forraxeiro duplicouse en tres anos, sementándose actualmente máis de 25.000 kg, o que supón unha superficie de 400 ha. A proporción de millo híbrido en comparación co millo do país pasou dun 10 a un 95%. A implantación de pradeiras artificiais aumentou en 25 ha.

Familia-fogar:

A muller campesiña está intimamente ligada á explotación, sendo un factor moi importante á hora da toma de decisións no concernente á explotación. Por iso, o Servizo procura incidir nas amas de casa, non só como persoas encargadas e responsables directas do fogar, senón como parte integrante da explotación.

Están constituídos 4 grupos de amas de casa, cun total de 150 mulleres. Realizouse a mellora da vivenda rural en 438 casos, e por suposto naqueles pobos onde se están a realizar as traídas de auga e redes de sumidoiros, a instalación de cuartos de aseo foi case total.

Estance a dar cursos sobre alimentación, hixiene, conservas, traballos manuais, etc., á vez que se predispón as mulleres para que coa súa influencia acometan a reforma das súas explotacións.

Xuventudes:

En canto á xuventude a circunstancia máis importante que cómpre destacar é a do seu abandono case masivo da bisbarra. Ata os 14 anos están na escola, ben cos seus pais ou, na maioría dos casos, cos avós. A partir desa idade moitos marchan ao estranxeiro cos seus pais e outros buscan ocupación noutros sectores, como no industrial ou no de servizos, fóra da localidade.

A marcha masiva da poboación rural prodúcese unha vez cumprido o servizo militar. A porcentaxe de mozos que marchan fóra é máis acentuado a medida que están máis afastados dos núcleos importantes de poboación como A Rúa, O Barco e a zona industrial de lousas de Carballeda de Valdeorras.

Os motivos deste abandono masivo da xuventude son varios. O traballo forte e continuado das explotacións, a súa baixa rendibilidade, a falta de mecanización, a carencia de lugares de diversión, a ilusión polo descoñecido, a presenza de emigrantes nas vacacións con coche, diñeiro e ben vestidos, etc., fan que os mozos non se sintan atraídos pola continuidade no campo. Nas explotacións pequenas, eles mesmos comprenden a súa non viabilidade, e nas grandes os pais envíanos a estudar carreiras ou oficios, buscando para eles unha posición que pensan máis digna, respectada e rendible que a que eles tiveron.

Por tal motivo, o traballo coa mocidade é difícil, por falta de material humano. Non obstante, están constituídos tres planteles: un comarcal de mozos e outros dous femininos, os cales, nas súas propias explotacións, van realizando tarefas de empresa.

Conclusiones:

A agricultura desta bisbarra está predominantemente constituída por explotacións familiares orientadas ao autoconsumo, con venda de excedentes. A accidentada orografía do terreo, o clima de transición entre Galicia e Castela, o gran minifundio, a excesiva parcelación, o envellecemento da poboación, a deficiente comercialización, a falta de industrias agropecuarias e un longo etcétera dan lugar a uns problemas, cuxa solución debe ser enfocada a nivel comarcal.

No val, cun futuro potencial importante en hortofruticultura, tanto polo seu clima coma pola súa situación estratéxica entre Castela e Galicia, debe tenderse á creación dun mercado hortofrutícola.

Nas ladeiras, cuxos viños son tan prezados nos mercados nacionais e estranxeiros, deberá reestruturarse o viñado, para establecer explotacións rendibles, mecanizadas e que poidan competir no mercado en calidade e prezo suficiente. Unha ordenación desta bisbarra é o punto de partida para isto. A gandería debe evolucionar a razas selectas cun grao de mecanización axeitado, e establecer industrias de produción, transformación e comercialización dos seus produtos.

A partir dos anos setenta a actuación da Axencia céntrase, no relativo ao campo das explotacións, na reestruturación do viñado, coa posta en marcha do programa REVIVAL (Reestruturación do Viñado de Valdeorras), no que se procura involucrar os agricultores da comarca natural, así como as institucións e empresas da zona, provincia e incluso a nivel nacional, con base fundamentalmente á recuperación da variedade autóctona branca Godello, a punto de desaparecer; sendo a primeira zona vitícola da provincia de Ourense que comezou a súa reconversión e reestruturación con resultados significativos, pois na actualidade a superficie reestruturada dedicada a esta caste en toda a comarca de Valdeorras é de 310 ha, ás que hai que engadir outras 290 ha da variedade Mencía (os datos das inscritas no Consello Regulador son inferiores, 237 e 253 ha, respectivamente, nas mesmas datas). Este programa foi desenvolvido mediante unha importante acción formativa e asesoramento técnico ás explotacións que decidiron o cambio, creándose outro grupo SEXE específico con explotacións vitivinícolas.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para o conxunto da comarca de traballo, reducida nesta ocasión aos catro concellos últimos de actuación, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 60 accións, con 4.904 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 55 accións, con 4.533 familias afectadas.

Melloras de accesos a núcleos de poboación: realizadas 52 accións, con 4.478 familias afectadas.

Pavimentacións de núcleos: executadas 31 accións, con 3.653 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 53, con 3.625 familias afectadas.

Clasificados: 53, con 3.625 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 22 comunidades, con 1.481 comuneiros afectados.

Superficies: 3.812 ha repoboadas, 23.126 ha non repoboadas, 0 ha transformadas en pasteiro, total: 26.938 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 20, con 425 familias participantes, 1.800 cabras e 2.090 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 75, con 2.341 regantes e 328 ha afectadas; mellorados: 1.

Cooperativas agrarias existentes: 1, con 600 socios e un volume de transformación de uva de 5.000.000 kg.

d) Comercialización:

Número de circuítos ou rutas de recollida de leite: 1, no que 30 gandeiros entregan 200.000 litros.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con agricultura de tipo xeral (cereal, horta, viñedo, castiñeiros, 1 vaca e 2 ovellas), de autoconsumo e venda de pequenos excedentes: 1.481 (1.356 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,42 ha.

2) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos o leite: 1 a tempo completo, cunha superficie de 3,50 ha e 15 UGM.

3) Explotacións de gando caprino, en base ao aproveitamento do monte comunal: 1 a tempo completo, con 100 cabezas.

4) Explotacións de gando vacún complementado con ovino (media de 2 cabezas), vide e castañas: 31 (5 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,60 ha e unha media por explotación de 2 UGM.

5) Explotacións con viñedo como orientación produtiva única: 1.125 (1.041 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,32 ha.

6) Explotacións con orientación produtiva frutícola (maceira) e vitícola, combinadas: 32 (26 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,25 ha.

7) Explotacións con orientación produtiva dedicada a viveiros de enxertos de vide e viticultura: 50 a tempo completo, cunha superficie media de 1,50 ha.

8) Explotacións con orientación produtiva frutícola (maceira) combinada con viticultura e avicultura: 1 a tempo total, cunha superficie de 13 ha e 11.000 polos de engorde.

9) Explotacións avícolas sen terra: 2 a tempo parcial, cunha media de 22.000 polos de engorde.

10) Explotacións sen terra de gando vacún de carne en réxime extensivo: 1 a tempo parcial, con 200 cabezas.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 3.396.

Número de familias agrarias: 2.725.

Número de familias agrarias con dedicación parcial: 2.431.

Número de pensionistas: 1.393.

Número de casas reformadas ou novas: 2.495.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 494 homes e 398 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 455 homes e 393 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 17 homes e 2 mulleres.

Con independencia desta información das actualización dos programas de traballo por áreas naturais do ano 1980, as principais actuacións da Axencia, características do traballo de Extensión ao longo de toda a súa actuación na bisbarra, foron as seguintes:

Promoción de tres sociedades agrarias de transformación para a elaboración de viños: SAT a Tapada, en Rubiá, con 3 socios; SAT Godeval, no Barco de Valdeorras, integrada por 6 socios; e SAT Santa Marta, en Córsgomo-Vilamartín de Valdeorras, composta por 4 socios.

Asesoramento na elaboración de ordenanzas reguladoras de 46 comunidades con monte veciñal, cun total de 28.407 ha.

Creación dun *plantel* de tarefas de empresa masculino con carácter comarcal, composto por 15 mozos, que se mantivo en funcionamento dende 1974 a 1980, desenvolvendo tarefas relacionadas con actividades gandeiras, de viticultura e viveiros.

Creación dos *planteles* femininos de Extensión Agraria de Rubiá, composto por 35 compoñentes e funcionamento dende 1977 a 1982; e o de Santigoso (O Barco de Valdeorras), integrado por 30 mozas, que estivo activo dende 1979 ata 1986.

Creación dos seguintes grupos SEXE: de fruticultura, integrado por 32 compoñentes en 1974, cunha superficie total 40 ha (25 das cales tiñan menos de tres anos) e un volume total de froita de 700.000 kg nese mesmo ano; e de explotacións vitícolas, integrado no ano 2002 cando desaparece o SEA por 23 viticultores, das comarcas

do SEA do Barco de Valdeorras e A Rúa, cunha superficie plantada de 32 ha.

Creación dos seguintes grupos de amas de casa, cun total de 293 mulleres, para o tratamento de asuntos e realización de actividades relacionadas cos temas de mellora do fogar e da alimentación e nutrición, conservería, puericultura e horticultura:

No Concello de Carballeda de Valdeorras: nas localidades de Sobradelo, Bascois e Robledo de Domiz, con 38, 30 e 28 integrantes respectivamente.

No Concello do Barco de Valdeorras: na localidade de Éntoma, con 35 compoñentes.

No Concello da Rúa: na localidade da Rúa, con 40 mulleres.

No Concello de Rubiá: nas localidades de Rubiá, A Veiga de Cascallá e Oulego, con 27, 30 e 36 integrantes respectivamente.

No Concello de Vilamartín de Valdeorras: na localidade de Vilamartín de Valdeorras, con 29 mulleres.

Viaxes por España e ao estranxeiro:

A Axencia foi a pioneira na provincia na realización de cursos para a obtención da cualificación profesional suficiente para a incorporación ao sector de agricultores mozos ou para o perfeccionamento profesional dos agricultores xa instalados.

Dende o ano 1988 fixo cursos de capacitación agraria de temas relacionados co viñedo e o viño; en total fixeron os ditos cursos 490 agricultores e mozos con posibilidades de incorporarse á agricultura. Con motivo dos ditos cursos realizáronse as seguintes viaxes:

Ano 1989: ás zonas dos viños verdes e de Porto, en Portugal, con 40 participantes.

Ano 1990: ás denominacións de orixe Penedes e Rioja, con 42 participantes.

Ano 1991: ás denominacións de orixe Rueda e Ribera del Duero, con 39 participantes.

Ano 1992: ás zonas vitícolas de Bordeos e Sauternes, en Francia, e á denominación de orixe Txakolí no País Vasco, con 43 participantes.

Ano 1993: ás denominacións de orixe Toro, Ribera del Guadiana e Xerez, con 53 participantes.

Ano 1995: á denominación de orixe Ribeira Sacra, con 38 participantes.

Ano 1997: á denominación de orixe Rioja e á feira ENOMAQ en Zaragoza, con 41 participantes.

Ano 2000: á feira FIMA en Zaragoza e á denominación de orixe Cariñena, con 45 participantes.

Anecdótico

No ano 1978 a Axencia contactou cos veciños da localidade de Soutadoiro, do Concello de Carballeda de Valdeorras, a fin de promover a realización do abastecemento domiciliario de auga e a correspondente rede de sumidoiros, quedando en manter cos posibles interesados unha reunión para informarles da posibilidade de organizarse e acometer a súa realización en réxime de acción comunitaria.

Soutadoiro era e é unha aldea moi pequena, composta por 10 veciños, situada nas ladeiras do macizo de Pena Trevinca, zona de alta montaña, co único acceso posible a través dunha pista de terra, unicamente transitable con vehículo Land-Rover, que tiña que facer manobra nas curvas onde, debido á forte pendente, non se vía o fondo do val. Tratábase dunha aldea especialmente fermosa pola súa arquitectura rural, tradicións, vistas panorámicas e a hospitalidade das súas xentes, a pesar do seu illamento.

Chegado o día acordado desprazáronse ata o lugar o xefe da Axencia, Horacio Fernández Presa, e a axente de economía doméstica, María Fe Manso Cid. Antes de chegar, na localidade de Casoio deixaron o vehículo oficial e foron transportados nun vehículo especial disposto polos veciños de Soutadoiro, que acudiron, tal e como estaba concertado, a recollelos para poder salvar a dificultosa pista de terra de acceso ao pobo.

Unha vez rematado o traballo, os axentes foron convidados a tomar un café, que aceptaron de bo grao. Ao bebelo notaron algo raro, pois, aínda que o aspecto era o habitual, o sabor non encaixaba. Os veciños, ao advertir a sorpresa dos convidados, explicáronlles que se trataba de “café de castañas”, que facían, ante a carencia do

auténtico, botando á auga fervendo castañas moi asadas, churruscadas totalmente.

A outra anécdota que narramos desta Axencia sucedeu no ano 1992, en pleno desenvolvemento do programa REVIVAL (Reestruturación do Viñedo de Valdeorras).

Un vitivinicultor, por certo con certa representación no sector, pasou pola oficina de Extensión Agraria, totalmente enfadado, achacando ao seu persoal de falta de información, pois tiña escoitado a través dun medio de comunicación que había unhas axudas para “o viño” e el como viticultor profesional non sabía nada e tiña

dereito a recibila. Sorprendidos, como comezaba a ser habitual nesta época, na que os medios informativos facíanse eco das declaracións dos responsables políticos sobre programas antes de que os funcionarios fosen postos en coñecemento da súa existencia e aplicación, os axentes manifestáronlle descoñecer tal tipo de axudas, pero que investigarían e lle informarían cumpidamente. Non foi necesaria moita investigación, pois o que tiña escoitado o impetuoso viticultor era unha cuña radiofónica que anunciaba a abertura do prazo para a presentación das axudas económicas para as explotacións con gando “ovino”.

Noticias de prensa e fotografías de actividades




Á esquerda e dereita, recortes de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez.



Festa organizada pola comunidade veciñal para a inauguración dunha acción comunitaria. O forxado dunha obra serve de palco da música. (Foto do arquivo da Axencia)



O axente José Luis Bartolomé asesorando no viñedo dun asistente do curso da Ribeira Sacra ourensá. (Foto do arquivo da Axencia)



À esquerda e dereita, exterior e interiores da adega Godeval, SAT, promovida pola Axencia e que ocupa as dependencias do antigo mosteiro de Xagoaza no Barco de Valdeorras. (Autor: José M. Pérez)



Horacio Fernández, segundo de esquerda a dereita, nunha das visitas da viaxe a Portugal en 1994. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

4.- Axencia Comarcal do Carballiño (Nº. 90).

Creación

Foi creada no ano 1960, co número 90, entrando en funcionamento no mes de decembro do ante-dito ano coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse inicialmente, mediante cesión, no edificio sindical, sito na rúa Martínez de Avellanosa,

14, na parte dereita da planta baixa, ocupando dous despachos, totalmente insuficientes para as necesidades da Axencia, a pesar do cal se mativo neste local ata o ano 1977. A segunda localización foi nun primeiro andar alugado, no número 4 da céntrica rúa Aldara, onde permaneceu ata finais de 1995. Dende entón pasou a un entrechán, tamén alugado, na rúa Julio Rodríguez Soto, número 14, pois coa incorporación ás dependencias do veterinario comarcal e funcionarios das cámaras agrarias, a antiga oficina resultaba insuficiente. Neste último local continúa situada na actualidade a Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro foi o axente Honorato Sanz Gamarra, que procedeu á apertura da Axencia no mes de decembro do ano 1960, permanecendo no posto aproximadamente un ano.

Foi substituído dende o 01/03/1961 polo axente axudante con destino na Axencia Luis Curieses Díez, perito agrícola natural de Palencia, que exerceu a xefatura ata o verán do ano 1971, no que pasou a abrir a Axencia Comarcal de Ourense, desempeñando igual responsabilidade.

Tomou o relevo o perito agrícola natural da Coruña Isaac Prado Varela, procedente da Axencia de Verín, que se incorporou o 03/11/1971 e permaneceu no posto ata a desaparición do SEA, xubilándose posteriormente no ano 2007 como funcionario da Oficina Agraria Comarcal.

Especialistas de Extensión Agraria, con nomeamento como tales, que tiveron o seu destino na Axencia: José Antonio Yglesias Prieto († 08/07/1995), cando reingresou ao servizo activo despois dun período de excedencia, permanecendo na dependencia durante un ano aproximadamente, pero dando apoio en materia de viticultura e enoloxía ás axencias de Ourense e do resto de Galicia.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Manuel Domínguez Rodríguez,

Luis Curieses Díez, Evicencio Fraguas Castro, José Antonio Nogueira Márquez, Celedonio Prieto Rebollo, Ricardo Mínguez Abajo, Isaac Prado Varela, Francisco Chornet López, Francisco Jesús Corral Jiménez e Nicanor Payo Boo.



As tres localizacións da Axencia de Extensión Agraria do Carballiño. (Autor: José M. Pérez)

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Josefa González Sánchez, Beatriz Somoza Sobrado, María Cruz Santamarta Caballero, Élida Varela González, Josefa Vidal Blanco e María Dolores Hervés Ferro.

Axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica de carácter estatal que realizaron o seu período de prácticas na Axencia: Jeremías Fernández Martínez, Manuel Domínguez Rodríguez, José Luis Piñeiro Barrio, Antonio Martín López, Constantino Martínez Fernández, Fulgencio Fernández Rubio, Evaristo Puñal Castro e Isaac Prado Varela, entre os axentes de Extensión Agraria; e Inés Fernández Herrero, Élida Varela González, María Corona Meixeira Romasanta e María Sagrario Prieto Bajo como axentes de economía doméstica.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia no posto anteriormente ocupado polo axente axudante ou comarcal: Carlos Antonio Álvarez Castro, capataz forestal, no posto de xefe do negociado de explotacións forestais.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Julia Carballido Presas e María del Pilar Fernández Seoane.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Antonio Portabales Fernández, procedente da de San Amaro, e Cesáreo Vilaverde García, procedente da do Irixo.

Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: María de los Ángeles Lorenzo Álvarez, (transferida do SENPA) e Pilar Bouza Bouza.

Persoal en prácticas doutros países: Salvador Ngua Mba, no ano 1983, e Plácido Nsobeya Olomo, no ano 1984, ambos os dous axentes ecuatoguineanos en prácticas.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Eugenio García Tizón e Francisco Javier Janeiro Lamas, ambos os dous bolseiros e enxeñeiros técnicos agrícolas.

Limpadora: Bernardina Carballo Rodríguez.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes dez concellos: Avión, Beariz, Boborás, O Carballiño, O Irixo, Maside, Piñor, Punxín, San Amaro e San Cristovo de Cea. A superficie territorial era de 672,80 km², na que se integraban 97 parroquias e 722 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 11.746, cunha superficie de 58.074 ha e 382.430 parcelas, co que resultaba unha media de 33 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 4. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 1.611; entre 0,5 e 1: 2.357; entre 1 e 2: 2.921; entre 2 e 5: 3.399; entre 5 e 10: 869; entre 10 e 20: 232; entre 20 e 50: 33; entre 50 e 100: 17; entre 100 e 200: 12; entre 200 e 500: 4; entre 500 e 1.000: 5; e de máis de 1.000: 12. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

A característica fundamental das explotacións da bisbarra era a súa orientación gandeira de vacún de aptitude mixta, practicamente de autoconsumo con venda de excedentes de leite e os xatos. No seu conxunto, existía na bisbarra grandes efectivos gandeiros, debido ao volume de explotacións existentes, aínda que cun número de cabezas reducido por explotación. Paralelamente, dábanse na comarca todo tipo de cultivos e situacións produtivas, incluso viñedo nunha zona, pero con superficies en todo caso insuficientes para podelas definir como explotacións comerciais.

Actuacións máis salientables

No campo de traballo coas explotacións a Axencia orientou a súa actuación cara á mellora dos cultivos forraxeiros e ás técnicas da súa conservación, así como á substitución de especies e variedades por outras máis produtivas, incluído a do millo do país por millo híbrido. Incidiuse tamén no melloramento das condicións de estabulación dos animais, así como na mecanización de labores e na selección e reposición para a súa especialización produtiva. Tamén realizou unha exhaustiva actuación de asesoramento no tratamento de pragas e enfermidades, tanto nos cultivos forraxeiros coma no viñedo. Polo que se refire ás explotacións sen terra houbo un desenvolvemento das explotacións cunícolas con asesoramento específico pola Axencia, tanto no seu deseño coma no manexo e xestión, formando parte algúns dos seus propietarios do grupo SEXE constituído ao efecto a nivel provincial.

Outro campo destacado de actuación foi o das comunidades, tanto no que se refire ás accións de interese comunitario coma no de cooperación, destacando neste último a promoción de diversas cooperativas, entre as que cabe resaltar a de Santa Mariña de Loureiro no Concello do Irixo, que mantén aínda a súa actividade.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 284 accións, con 7.444 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 11 accións, con 1.944 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 264 accións, con 6.720 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 96 accións, con 3.955 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 113, con 4.772 familias afectadas.

Clasificados: 101, con 4.365 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 2 comunidades, con 210 comuneiros afectados.

Superficies: 6.165 ha repoboadas, 14.863 ha non repoboadas, 34 ha transformadas en pasteiro, total: 21.062 ha.

c) Cooperación:

Regadíos comunitarios existentes: 655, con 7.725 regantes e 2.952 ha afectadas.

Cooperativas agrarias existentes: 5, con 230 socios, tres delas de comercialización de leite, cun volume total de 211.000 litros por ano, e dúas de explotación comunitaria de terras e gando, cun

volume total de 1.400.000 litros de leite, 600.000 ovos e 2.000 porcos ao ano.

d) Comercialización:

Número de circuítos ou rutas de recollida de leite: 24, nos que 2.398 gandeiros entregan 5.960.000 litros.

Empresas dedicadas á comercialización do viño: 7, cun volume de 5.100.000 litros por ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados entre leite e carne: 6.640 a tempo completo, cunha superficie media de 3,46 ha e unha media por explotación de 2,40 UGM.

2) Explotacións con orientación produtiva frutícola (maceira): 1 a tempo completo, cunha superficie de 90 ha.

3) Explotacións con viñedo como orientación produtiva case exclusiva: 680 a tempo completo, cunha superficie media de 0,88 ha.

4) Explotacións con orientación produtiva viñedo complementado con gando vacún, practicamente de subsistencia, con venda de excedentes de uva, viño, augardente, leite e xatos: 478 a tempo completo, cunha superficie media de 2,32 ha e unha media de 2 UGM.

5) Explotacións cunícolas sen terra: 19 a tempo total, cunha media de 200 nais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 10.586.

Número de familias agrarias: 7.740.

Número de familias agrarias con dedicación parcial: 0.

Número de pensionistas: 7.043.

Número de casas reformadas ou novas: 575.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 680 homes e 554 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 589 homes e 603 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 144 homes e 119 mulleres.

Con independencia desta información das actualizacións dos programas de traballo por áreas naturais do ano 1980, cabe destacar as seguintes actuacións características do traballo de Extensión ao longo da actuación da Axencia na bisbarra:

Promoción e constitución no ano 1968 da Cooperativa Santa Mariña de Loureiro, integrada na súa época máis floreciente por máis de 100 socios do Concello do Irixe e dedicada á comercialización de xatos e leite, elaboración de pensos e subministración de bens de consumo. A comercialización do leite realizouse en principio sen transformar, pasando logo a sometela ao proceso industrial de pasteurización e envasado, complementando esta actividade coa de elaboración de queixos e outros produtos lácteos. Esta cooperativa tiña integrada unha SAT de explotación comunitaria de terras e gando, integrada por 11 socios, para a explotación en conxunto de gando vacún. Tamén creou unha sección para a confección de roupa infantil, integrada por 20 mulleres.

Promoción a primeiros dos anos setenta da actividade cunícola de tipo industrial, actuando como pioneiros en Galicia mediante a instalación dunha granxa de 60 nais, e a constitución entre os anos 1976 e 1978 da Cooperativa Cunícola Arenteiro, integrada por uns de 20 cunicultores da comarca, que pretenderon a instalación dun matadoiro de coellos e que chegaron a adquirir equipamentos e pensos en común.

A organización de repetidos e demandados cursos de tractoristas, principalmente nos concellos de San Cristovo de Cea e Piñor, onde o persoal da Axencia, en colaboración cunha autoescola que realizaba os trámites para a obtención do carné, impartía as clases teóricas.

O funcionamento de varios *planteles* de Extensión Agraria, destacando entre eles os de carácter masculino das localidades de Pazos de Arenteiro (Boborás), con 15 compoñentes, e o de Vales (San Cristovo de Cea), integrado por 20 mozos.

Creación de grupos de mulleres rurais e a celebración varios anos do “Día da Muller Rural”, con asistencia de asociacións de toda a provincia.

As viaxes educativas organizadas cos alumnos dos *planteles* á Feira do Campo en Madrid e cos cooperativistas para coñecer actuacións pioneiras en Galicia, como a realizada á comarca de Ferrolterra cos socios da Cooperativa Santa Mariña de Loureiro para coñecer a experiencia da produción de leite nunha gandería de sanidade controlada en San Sadurniño.

Anecdótico

A confianza e grao de consideración alcanzado cos agricultores, en especial por parte dos axentes que permaneceron longo tempo na Axencia, foi elevado como na maioría das axencias de Extensión Agraria, chegando ata extremos que hoxe en día resultan insospeitables na relación habitual dos funcionarios cos administrados. Conta o derradeiro xefe da Axencia que a el, por exemplo, lle chegaron a pedir consello incluso para cosas que hoxe nos parecerían nimias, como cal era a mellor marca de transistores de radio, ou o sanatorio máis conveniente onde levar á muller a dar a luz, pero quizais a anécdota máis curiosa foi a protagonizada por un paisano empeñado, chegada xa a época das liberdades democráticas, en que tiña que ser el o que lle casase o fillo. Cantas veces intentou explicarlle que non tiña potestade para facelo, sempre recibía a mesma resposta: *“a min vaimo dicir, o que pasa é que non quere facelo”*.

5.- Axencia Comarcal de Castro Caldelas (Nº. 581).

Creación

Foi creada o 27/10/1969, co número 581, entrando en funcionamento no mes de xaneiro de 1970 coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse inicialmente no cedido almacén-trasteiro da antiga casa do Concello, sito na entón estrada N-120, que atravesaba o pobo. Dadas as pésimas condicións pasou a ocupar, cunha pequena reforma, as antigas escolas do pobo, cedidas tamén polo Concello, situadas na mesma estrada e preto da anterior localización, xunto ao cuartel da Garda Civil, onde permaneceu ata mediados dos anos oitenta, no que pasou a ocupar, tamén mediante cesión, parte do segundo andar da nova casa do Concello, situado na Praza do Concello, número 1, compartindo un almacén no baixo e o salón de plenos para a celebración

de reunións e cursos, situado ao igual cá Axencia no segundo andar, lugar onde na actualidade persiste a Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro, que procedeu á apertura da Axencia, foi o axente, perito agrícola e pontevedrés Lino Andión Barros (falecido), procedente da Axencia de Meira (Lugo), que tomou posesión en xaneiro de 1970 e permaneceu no cargo ata 1977, no que pasou a desempeñar a xefatura da Axencia de Verín.

Á marcha de Lino Andión desempeñou a xefatura da Axencia, en comisión de servizo, o axente comarcal da Pobra de Trives, Constantino Martínez Fernández, natural de Almansa (Albacete), axente e capataz agrícola, ata marzo de 1980, en que foi substituído polo axente comarcal do Carballiño, Francisco Jesús Corral Jiménez, natural de Lumbrals (Salamanca), axente e enxeñeiro técnico agrícola, que primeiro exerceu o cargo en comisión de servizo e posteriormente foi confirmado tras o correspondente concurso, permanecendo no posto ata finais de xaneiro de 1993, ano no que pasou ao Servizo de Axudas Estruturais da Delegación Provincial da Consellería de Agricultura en Ourense.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Ramón María Albó Vila.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia e axente axudante ou comarcal: Carlos Mansanet Perea, enxeñeiro técnico agrícola, Antonia Martínez López, enxeñeira técnica agrícola contratada, Adolfo Bernárdez Martínez (falecido), capataz forestal contratado, no posto de xefe do negociado de explotacións forestais, Ramón Mariño Belascoaín, Jaime Fontela Seijo, Eugenio García Tizón, enxeñeiro técnico agrícola, e José Ignacio Cociña Iglesias, todos os últimos enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Manuela Castro Alonso, Rosario Fernández López e Remedios María Camino Losada.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Antonio Rodríguez Álvarez procedente da Cámara Agraria da Teixeira.

Persoal administrativo do corpo xeral ou contratado da Xunta de Galicia: María de los Ángeles Leiros González, María Jesús León Sierra, Pilar González Vega, Xosé Lois Brea Sanmartín, administrativo, e María José Moure Cabello.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: José Ramón González Rodríguez e Antonia Rodríguez Centrón, ambos os dous bolseiros e enxeñeiros técnicos agrícolas.

Limpadora: Juana Eguiluz Barahona.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes catro concellos: Castro Caldelas, Montederramo, Parada do Sil e A Teixeira, cunha superficie territorial de 313,20 km², na que se integraban 46 parroquias e 261 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 2.867, cunha superficie de 28.115 ha e 62.087 parcelas, co que resultaba unha media de 22 parcelas por explotación. Non existían explotacións sen terra. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 369; entre 0,5 e 1: 317; entre 1 e 2: 435; entre 2 e 5: 942; entre 5 e 10: 561; entre 10 e 20: 191; entre 20 e 50: 29; entre 50 e 100: 1; entre 100 e 200: 8; entre 200 e 500: 1; entre 500 e 1.000: 7; e de máis de 1.000: 6. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

A característica fundamental das explotacións da bisbarra era a súa orientación gandeira de vacún de aptitude mixta e baixa produtividade, cos seguintes problemas: falta de hixiene no gando, insuficiente alimentación en outono-inverno, gando pouco seleccionado, excesivo custo de produción do litro de leite, cortes antihixiénicas,

mala calidade dos produtos obtidos, mala comercialización da carne e leite, manexo deficiente da reprodución, mecanización non apropiada e mal utilizada, empresarios envellecidos e con reducida preparación técnica, deficiente utilización da terra na produción de forraxes, parcelación excesiva e carencias no abastecemento de materias primas.

Actuacións máis salientables

O traballo coas explotacións enfocouse para dar solución ou paliar os problemas detectados e analizados, pensando na súa transformación con obxectivos claros, tales como:

Recomendación e asesoramento ao acceso a créditos con baixos xuros e prazos de amortización longos.

Infundir o espírito empresarial no agricultor e gandeiro.

Aumento da carga gandeira actuando prioritariamente sobre a cavadura de montes, arrendamento de terras abandonadas e intensificación dos cultivos forraxeiros.

Establecemento de programas hixiénico sanitarios, dirixidos prioritariamente á prevención da mamites por medio da utilización periódica do test de California e desinfección despois da muxidura, aplicación anual da tuberculina, rexeitando animais con reacción positiva, vacinación de xovencas contra a brucelose aos 4-6 meses, desinfección de cortes e ás campañas de loita contra a hipodermose.

Programación de alternativas forraxeiras axeitadas con emprego de sementes selectas e fertilización axeitada dos cultivos.

Capacitación do agricultor-gandeiro sobre alimentación económica e equilibrada do gando e o seu racionamento e as técnicas de conservación das forraxes, aumentando o consumo de silo e mellorando os concentrados en proteínas e correctores vitamínicos-minerais.

Planificación dunha orientación produtiva, con adquisición de animais máis selectos e a recría de xovencas na propia explotación.

Establecemento do pastoreo racional e rotacional.

Fomento do asociacionismo para a adquisición conxunta de materias primas e a venda conxunta.

Introdución das anotacións contables nas explotacións.

Planificación e asesoramento técnico na construción, mediante modelos estándar, de novas cortes económicas e funcionais, con esixencia de man de obra reducida.

Control da muxidura mecánica e preparación dos animais para esta operación.

Conservación do leite mediante frío.

Fomento da recría de xatos na propia explotación.

Manexo do cruzamento industrial mediante reprodutores seleccionados e implantación e intensificación dos circuitos de inseminación artificial.

Selección das razas autóctonas. Agrupación de partos en épocas interesantes.

Estudo de custos e rendementos da maquinaria, con fomento da súa utilización conxunta.

Incorporación de mozos á actividade agraria e fomento dos plans de mellora en explotacións existentes.

Fomento da concentración parcelaria.

Outro campo destacado de actuación foi o das comunidades, con actuacións destacadas nos apartados de cooperación, asociacionismo agrario e concentración parcelaria.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 103 accións, con 1.772 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 71 accións, con 1.595 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 149 accións, con 2.083 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 95 accións, con 1.691 familias afectadas.

Dotación de teléfonos rurais: 26 actuacións realizadas, afectando a 1.105 familias.

Alumeados de núcleos de poboación: 34 accións realizadas, con 600 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 67, con 1.523 familias afectadas.

Clasificados: 50, con 1.368 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 2 comunidades.

Superficies: 2.219 ha repoboadas, 4.301 ha non repoboadas, 20 ha transformadas en pasteiro; total: 6.540 ha.

c) Cooperación:

Regadíos comunitarios existentes: 5, con 150 regantes e 181 ha afectadas.

d) Comercialización:

Número de circuítos ou rutas de recollida de leite: 4, nos que 207 gandeiros entregan 333.492 litros.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos o leite: 12 a tempo completo, cunha superficie media de 6,45 ha e unha media por explotación de 7,75 UGM.

2) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún en réxime extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 905 (2 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 5,36 ha e unha media de 4,38 UGM.

3) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún (razas do país e parda alpina prin-

cipalmente) con ingresos equilibrados entre leite e carne: 312 a tempo completo, cunha superficie media de 2,56 ha e unha media de 2,31 UGM.

4) Explotacións con orientación produtiva de gando ovino: 5 explotacións a tempo completo, cunha superficie media de 5,42 ha e unha media de 70 cabezas.

5) Explotacións con orientación produtiva de gando ovino-caprino combinado: 5 explotacións a tempo completo, cunha superficie media de 7,50 ha e unha media de 70 cabezas, das que 24 corresponden a gando ovino.

6) Explotacións con orientación produtiva frutícola (mazá e castaña): 17 (14 delas a tempo parcial), cunha superficie de 2,63 ha.

No campo de actuación coas familias:

O 60% dos fogares dispoñen de cuarto de aseo, estando na mesma relación que a dotación de auga corrente ás vivendas, dos cales un 20% dispoñen de todos os elementos sanitarios.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 14 e 20 anos: 139 homes e 113 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 125 homes e 75 mulleres.

Número de mozos incorporados á actividade agraria: 25.

Con independencia desta información das actualizacións dos programas de traballo por áreas naturais do ano 1980, as actuacións máis características do traballo de Extensión ao longo da súa actuación na bisbarra foron as seguintes:

A promoción e constitución no ano 1982 da Cooperativa Caldelá, integrada por 120 socios, para o abastecemento de produtos e comercialización de gando vacún de carne. Os seus socios levaron a cabo en réxime de acción comunitaria a construción da nave que aloxaba as instalacións da cooperativa.

A promoción da concentración parcelaria de Mazaira (Castro Caldelas).

A organización, xunto con outras institucións da comarca, dos concursos comarcais de gando

vacún, con seccións en principio para as razas parda alpina, frisona e do país (caldelá), introducíndose a partir do ano 1990, coa intervención decisiva da Axencia, a de rubia galega, raza pouco explotada na comarca e da que en pouco tempo chegou a constituír un selecto núcleo de 1.682 vacas, pertencentes a 116 gandeiros dos catro concellos da bisbarra, integrado na Asociación de Criadores da Raza Rubia Galega (ACRUGA).

Igualmente, a promoción da transformación en pasteiros de 105 ha dos montes veciñais en man común dos Chaos de Santa Eulalia, A Matanza de Pedrouzos e A Matanza de Camba, no Concello de Castro Caldelas, e nos da Franqueira dos Abeledos e Chaira, Gabián e Valisco, no de Montederramo, que a Axencia organizou repetidas viaxes colectivas con grupos de gandeiros ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e ao Marco da Curra, para coñecer as experiencias de implantación e aproveitamento deste tipo de recursos forraxeiros.

Cómpre destacar tamén a actuación da Axencia na aplicación na comarca de diversos programas establecidos pola Consellería de Agricultura, tales como o de “Viabilización de explotacións con recursos ociosos (VERO)”, “Creación de pasteiros fóra de cuberta”, “Axudas para a gandería extensiva” e “Prima de tenreiros”, dos que se beneficiaron moitos agricultores, gandeiros e comunidades da comarca.

Por último, resaltar a promoción e capacitación iniciada para a reactivación da actividade vitivinícola na zona da Ribeira Sacra da comarca, que hoxe en día conta con viñedos reestruturados e adegas integradas na denominación de orixe. A primeira adega con tecnoloxía avanzada e depósitos de aceiros inoxidables, a SAT Ribeira Sacra, que logo, cando se constituíu a denominación de orixe, viuse obrigada a cambiar o seu nome, foi promovida pola Axencia na parroquia de Sacardebois (Parada do Sil).

Anecdótico

O primeiro local ocupado pola Axencia tratábase do almacén-trasteiro da casa do Concello, nun edificio antigo. Nel o Concello gardaba en estantes os boletíns oficiais do Estado e a documentación atrasada que se arquivaba, todo cuberto do po acumulado durante anos e anos, amén dos

materiais e utensilios propios dos servizos que prestaba aos veciños. Alí, mediante a instalación dunha mesa e varias cadeiras, comezou a funcionar a Axencia, sendo iluminados o seu xefe e a administrativa por unhas lámpadas de reducida potencia, directamente enroscadas nos casquetes que colgaban do teito, sen ningún outro aditamento de adorno, dando a sensación o cuarto no seu conxunto dunha estancia decorada para unha escena dunha película de terror.

Unha das primeiras medidas adoptadas para o embelecemento do lugar foi a instalación dunha lámpada de teito de varios brazos e con luces de maior potencia, pero o efecto en lugar de mellorar empeorou, pois aínda se notaba máis a codia acumulada no local e a diferenza de iluminación, contribuíndo o contraste da decoración entre as distintas zonas a aumentar a súa imaxe tétrica, que foi estendéndose por toda Galicia cos comentarios de cantos a visitaron, pois en verdade impresionaba.

Transcorrido aproximadamente un ano dende a apertura da Axencia anunciou a súa visita o rexedor de actividades, Gerardo Luis García Fernández, para coñecer as instalacións. Chegado o día da visita, o xefe da dependencia, Lino Andión Barros, e a administrativa, Rosario Fernández López, esperábano sabendo que vería acompañado do supervisor provincial Luis Llorente Llorente. A administrativa, que desempeñaba o seu primeiro posto de traballo como funcionaria do SEA nesta localidade e non coñecía ao rexedor de actividades, nin sabía a súa idade, esperaba dentro, mentres o xefe o facía na rúa na procura de ver aparecer o coche pola estrada de entrada ao pobo, como así sucedeu ao pouco tempo.

Pola razón que fose, o xefe da Axencia, despois dos saídos de rigor, quedou atrás co supervisor, seguramente comentando algo, mentres que o rexedor entrou no local que tiña acceso directo dende a rúa. Deu o bo día e de inmediato exclamou: *Carallo!, tíñanme dito que estaba mal, pero quedáronse moi curtos, este é o peor local do SEA en Galicia con moito*. A administrativa, que non recoñeceu naquela persoa a figura do xefe rexional, pois esperaba a un señor cunha idade próxima a cincuenta e formalmente vestido con traxe e gravata, como eran a idade e o hábito do supervisor, mentres o seu interlocutor era aínda mozo e vestía informalmente, preguntoulle, imaxinando que se trataría do chofer ou dun

acompañante: *Xa chegou o rexedor de actividades?* Non deu tempo a desfacer o entorto, pois de seguido entraron o xefe e o supervisor e fixeron as pertinentes presentacións. A administrativa quedou abraiada durante moito tempo pola súa equivocación, así como pola sincera elocuencia do rexedor, e este polas condicións do local, aínda que xa viña ben advertido do que ía atopar.

Outra anécdota curiosa sucedeu ao axente Francisco Jesús Corral Jiménez no ano 1989 cun agricultor do lugar de Casfiel, da parroquia de Vilamaior de Caldelas, do Concello de Castro Caldelas. Esa era unha época na que estaba en plenitude a aplicación das axudas da PAC da Unión Europea. Os gandeiros e agricultores tiñan que facer múltiples solicitudes, e gardar, consecuentemente, copia de todas elas, por se tiñan que efectuar algunha reclamación. Tamén recibían multitude de cartas e notificacións de aprobación, de presentación de documentación complementaria, de corrección de deficiencias, etc., a maioría das cales resultábanlles inintelixibles, pois traspoñían textual e integramente a normativa europea na que se baseaban, sen ningún tipo de síntese e moderación na Extensión; é dicir, eran auténticos tratados de varias follas, con múltiples citas a regulamentos, directivas, disposicións e artigos, todo iso na perversa e arrevesada xerga comunitaria que, se xa resultaba dificultosa de comprensión para os funcionarios, era un galimatías para os destinatarios. A todo isto, coa proliferación das entidades bancarias no rural, e coa informatización de todos os procesos da Seguridade Social, o volume de correspondencia que recibían os agricultores aumentou exponencialmente en relación a tan só había uns anos.

Ante tal cúmulo de papeis, a maioría dos agricultores abastecéronse de carpetas onde depositar, sen ler, a correspondencia recibida, a cal collían os días de feira ou cando tiñan que acudir por algún motivo á cabeceira da comarca, e con elas baixo o brazo pasábanse pola Axencia para que lles explicasen o que dicían, aínda que se tratase de asuntos non relacionados coa agricultura. Isto era o habitual e unha máis das funcións do persoal de Extensión neste período, que tiña que traducir en linguaxe entendible o que dicían aqueles papeis.

A sorpresa do axente no caso que comentamos foi que o gandeiro en cuestión non se presentou

cunha carpeta senón cun saco dos empregados para as patacas, repleto de papeis, cun peso aproximado entre os 15 e 20 kg. Tampouco quixo o cliente da Axencia, que era dos habituais, que lle comentasen un escrito en concreto, senón que a súa solicitude foi que se lle fixese unha selección e organización de todos eles, pois non sabía o que tiña acumulado e de que trataban, descoñecendo polo tanto os que tiñan aínda algunha validez ou utilidade. A todo isto engadiu que estaba disposto a pagar o que fose necesario, pois xa estaba empezando a desesperarse con tan pesada carga.

Francisco Corral, díxolle que deixase o saco, pois nese momento estaba moi ocupado e non podía poñerse ao necesario labor de investigación, pero que non se preocupase, que na próxima visita que fixese á Axencia tería o problema resolto, como así sucedeu despois de dedicar á tarefa encomendada bastantes horas, ata que o contido do saco quedou reducido a un peso soportable e os escritos máis recentes quedaron ordenados por asuntos e agrupados en tacos separados.

Chegado o día, o agricultor presentouse na Axencia, como estaba acordado, a recoller a súa oficina portátil, quedando gratamente aliviado coas explicacións que recibiu e coa grata presenza que ofrecía ao non estar tan saturada. Cargou co saco e deu as grazas sen preguntar canto debía, seguramente porque lembraba que en Extensión Agraria nunca se cobraba polos servizos prestados.

Dando remate a este apartado, comentamos o feito de que por esixencias de tipo político a Axencia tivo que atender durante os primeiros anos da democracia aos gandeiros do municipio de Montederramo nas instalacións da súa casa do Concello, ao principio os días de feira e máis tarde un día fixo por semana. Esta política, imposta polas autoridades autonómicas, con independencia de que facilitaba e reducía os desprazamentos dos agricultores e, por outra banda, favorecía os intereses locais, non se demostrou efectiva, pois a oficina non podía trasladarse na súa totalidade e menos aínda o seu rexistro, e consecuentemente de moitos asuntos, sobre todo dos relacionados con expedientes e axudas informatizadas, só se tomaba nota, pero non evitaba a posterior presenza dos atendidos nas oficinas comarcais. Tamén sucedía que en determinadas épocas a presenza era numerosa,

pero noutras, sobre todo en épocas de labores estacionais, podía ocorrer que acudiran moi poucos ou ninguén, co que se perdía o tempo sen poder facer outra cousa.

Esta imposición foi motivo de preocupación entre o persoal de Extensión Agraria da provincia, sobre todo naquelas en que o número de concellos atendidos superaba os días hábiles de traballo, pois tamén se quixo imitar noutras comarcas.

Noticias de prensa e fotografías de actividades



(Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Agricultores da zona da Ribeira Sacra da bisbarra en visita, organizada pola Axencia o 31/03/1996 con motivo dun curso sobre vitivinicultura a adegas e viñedos da DO Rías Baixas, na zona do Rosal (Pontevedra).



Persoal de Extensión Agraria participante como profesorado no curso organizado pola Axencia en 1996 sobre vitivinicultura, pousando xunto cos compañeiros do Rosal e Redondela, na mesma visita da foto anterior. (Fotografías do arquivo persoal de José M. Pérez)

6.- Axencia Comarcal de Celanova (Nº. 163).

Creación

Foi creada no ano 1963, co número 163, entrando en funcionamento no mes de outubro do devandito ano coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse nun principio, mediante cesión polo Concello, no baixo do número 4 da praza de Cervantes, coñecida en Celanova de sempre como “Praza das Pitas”, nun nobre pero vello edificio que fora utilizado con diversos fins, entre eles o de cárcere. Alí estivo ata o ano 1981, no que se trasladou a un local comercial alugado no baixo do número 5 da rúa López Blanco, xunto ao cine da localidade, que foi acondicionado polo SEA, pero que ao longo resultou insalubre e insuficiente para as necesidades, motivo polo que no ano 1990 se decidiu o seu traslado a un primeiro andar alugado na avenida de San Rosendo, número 1, onde continúa situada na actualidade a Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que abriu a Axencia foi o veterinario, natural de Madrid, Mariano García Rollán, procedente da Axencia de Monforte de Lemos

(Lugo), que permaneceu no posto ata o mes de xaneiro de 1968, no que pasou a desempeñar igual cargo na Axencia de Redondela (Pontevedra).



Primeira e última localización da Axencia de Extensión Agraria de Celanova. (Autor: José M. Pérez)

Foi substituído polo leonés, axente e exfrade, Donato González Iglesias, procedente da inspección II en Mansillas de las Mulas (León), que tomou posesión en febreiro de 1968 e desempeñou a xefatura ata o mes de agosto de 1969, no que pasou á Axencia de Tordesillas (Valladolid).

Tomou o relevo Agustín García Díez, axente axudante na mesma Axencia, capataz agrícola, tamén leonés, que permaneceu no cargo ata o ano 1971, no que pasou á Axencia de La Robla (León).

O último xefe de Axencia, dende maio de 1972, foi o capataz agrícola, actualmente licenciado en dereito, e natural de Camarma de Esteruelas (Madrid), Ricardo Mínguez Abajo, procedente da Axencia do Carballiño. Este funcionario permanece na actualidade destinado na Oficina Agraria Comarcal de Celanova, sendo posuidor

da Medalla do Mérito Agrícola na súa categoría de oficial, concedida polo Rei no ano 1978.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Nicolás Conejero Albarrán, Agustín García Díez, Luis García Sánchez, Antonio Salinas Hernández, Antonio Magaz González e Juan Antonio Puentes Perosanz († 26/02/2009).

Axentes de Extensión Agraria de carácter estatal que realizaron o seu período de prácticas na Axencia: Horacio Fernández Presa, durante tres meses do ano 1967, tras os que pasou como axente axudante á Axencia do Barco de Valdeorras.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia no posto anteriormente ocupado polo axente axudante ou comarcal ou noutros postos técnicos que se crearon: Antonio Fidalgo Lorenzo, enxeñeiro técnico agrícola, Carlos Gómez Paradela, administrativo, no posto de xefe da sección de explotacións gandeiras, e José Luis Domínguez Seoane, tamén administrativo, no posto de xefe de sección de desenvolvemento rural e tramitación administrativa.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Antonio Calderón Barroso, Encarnación Pérez Cruz, María Luisa Lorenzo, Carolina Domínguez Carballo e María del Pilar Vázquez Sánchez, seguindo esta última na actualidade destinada na agora Oficina Agraria Comarcal.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Elvira Alonso Álvarez, procedente da de Padrenda.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia: María Dolores Rodríguez Rodríguez, ocupando o posto de xefa do negociado de explotacións forestais pero realizando realmente funcións administrativas, María Concepción Valdés Carril e María Isabel Vázquez Álvarez, do corpo técnico administrativo esta última.

Persoal en prácticas doutros países: Jesús Asumu Elá e Norberto Teruel Mandrá, axentes ecuatoguineanos, nos anos 1983 e 1984 respectivamente.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: os bolseiros María del Carmen García Vela, Rosario Prieto López e Demetrio Espinosa Mangana,

primeira e último enxeñeiros técnicos agrícolas, e a segunda enxeñeira agrónomo.

Limpadoras: Teresa González Salgado, María Teresa Gerpe Vispo e Pilar Sánchez Seoane.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes oito concellos: A Bola, Cartelle, Celanova, Gomesende, A Merca, Quintela de Leirado, Ramirás e Vereá. A superficie territorial era de 442,00 km², na que se integraban 83 parroquias e 566 lugares.



O axente ecuatoguineano en prácticas Jesús Asumu Elá en dúas instantáneas no campo e xunto cos compañeiros da Axencia. De esquerda a dereita: Ricardo Mínguez, Jesús Asumu, María del Pilar Vázquez e Juan A. Puente. (Fotos do arquivo da Axencia)

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 9.132, cunha superficie de 39.575 ha e 365.511 parcelas, co que resultaba unha media de 40 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 7. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 855; entre 0,5 e 1: 1.351; entre 1 e 2: 2.690; entre 2 e 5: 3.613; entre 5 e 10: 529; entre 10 e 20: 39; entre 20 e 50: 7; entre 50 e 100: 10; entre 100 e 200: 7; entre 200 e 500: 12; entre 500 e 1.000: 8; e de máis de 1.000: 4. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

A característica predominante nas explotacións da bisbarra era a súa orientación gandeira a gando vacún de aptitude mixta, mais cunha baixa rendibilidade, debido a:

Alto grao de envellecemento dos titulares.

Falta de financiamento

Nula ou irracional mecanización.

Instalacións gandeiras inadecuadas.

Falta de intensificación forraxeira.

Orientación produtiva sen definir.

Parcelación excesiva.

Carencia de normas de sanidade animal.

Actuacións máis destacadas

As actividades no campo de traballo coas explotacións estiveron orientadas, como consecuencia da análise da situación e dos programas e plans de actuación establecidos, a:

Información masiva, a través de campañas, sobre aspectos de alimentación e sanidade.

Encalado, fertilización e intensificación de gando.

Incremento das cabezas de aptitude leiteira.

Reformas e novas construcións de cortes para o gando.

Establecemento da muxidura mecánica, con boa selección e regulación de equipos para tal finalidade.

Campañas específicas de prevención de enfermidades infecto-contaxiosas.

Diagnóstico precoz da mamites.

Tratamento da hipodermoses bovina.



Extensionistas na Praza Maior de Celanova celebrando o 02/09/1997 o XXV aniversario do ingreso no SEA da administrativa da Axencia. De esquerda a dereita: Felipe Galán (xefe de área), Amador de Celis (Bande), María del Pilar Vázquez (homenaxeada), José M. Pérez (xefe provincial), Fernando Mateos (Ourense), Carlos Gómez e Ricardo Mínguez (Celanova), e Gerardo González (Ourense).

(Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Intensificación forraxeira.

Sistemas de conservación de forraxes.

Alimentación racional do gando: minerais.

Obtención de custos máis baixos de produción: pastoreo rotacional.

Outra actividade característica desta Axencia foi a atención na oficina, nos días de mercado e feira na cabeceira da comarca, de infinidade de consultas, dado o grao de coñecemento por parte dos agricultores do asesoramento ofrecido, sendo habitual a presenza masiva en tales días para a resolución de calquera tipo de consulta, fundamentalmente as derivadas de pragas e enfermidades dos cultivos e os seus tratamentos, incluídos os dos hortos familiares, así como sobre fórmulas axeitadas para os cultivos forraxeiros e actuacións comunitarias.

A presenza de agricultores iniciábase a primeiras horas da mañá e continuaba incluso pola tarde, cando xa o mercado ou a feira non estaban operativos. Dende un principio e ata ben entrados os anos setenta, a Axencia, dado que o comercio

local abría os domingos pola mañá e a presenza de paisanos na vila era numerosa, atendía na oficina, pechando en compensación os mércores pola tarde.

Tan significativa como a actuación anteriormente sinalada foi a das visitas a parcelas por toda a comarca, aspecto no que sempre se fixo un gran esforzo, ben para o seguimento dos campos de ensaio e demostración establecidos ou das tarefas e proxectos de incorporación de mozos, como para o asesoramento directo sobre o terreo dos agricultores demandantes sobre calquera tipo de consulta que requirise o coñecemento da explotación.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 218 accións, con 4.360 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 162 accións, con 4.559 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 496 accións, con 8.450 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 162 accións, con 4.559 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: executadas 33 accións, con 4.8888 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: executadas 19 accións, con 1.892 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 67, con 3.898 familias afectadas.

Clasificados: 61, con 3.553 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 14 comunidades, con 1.379 comuneiros afectados.

Superficies: 1.433 ha repoboadas, 7.532 ha non repoboadas, 15 ha transformadas en pasteiro, Total: 8.980 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 5, con 106 familias participantes e un total de 900 cabras e 310 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 209, con 5.436 regantes e 4.088 ha afectadas; mellorados: 22, con 778 regantes e un total de 1.003 ha.

Circuitos de inseminación artificial existentes: 2, con 22 postos de aplicación e 6.300 vacas inseminadas.

Cooperativas agrarias existentes: 8, con 443 socios, catro delas con actividade mixta de gando vacún e avicultura, cun censo total de 190 vacas e 75.000 galiñas de posta, unha de gando porcino en ciclo completo, con 1.500 nais e 3.000 porcos de cebo, e tres de produción de coellos, cun volume económico de 2.200.000 ptas./ano.

Concentración parcelaria: 6 zonas en execución e 13 solicitadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 30, afectando a 4.737 explotacións e un total de 16.113.000 de litros/ano.

Matadoiros existentes: 1, en Celanova.

Tratantes de gando existentes: 10, nove deles no Concello de Celanova e un no da Merca.

Almacenistas: 4, tres de patacas (2 en Celanova e 1 na Ramallosa-Fechas-Celanova) e un de produtos hortofrutícolas en Celanova.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, complementada con invernadoiros con cultivos de horta: 7 a tempo completo, cunha superficie media de 4,25 ha e unha media por explotación de 3 UGM.

2) Explotacións con orientación exclusiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos

o leite: 89 a tempo completo, cunha superficie media de 5,27 ha e unha media por explotación de 9,12 UGM.

3) Explotacións con orientación produtiva única a gando vacún, con ingresos equilibrados entre leite e carne: 5.122 (1.430 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 3,26 ha e unha media de 2,54 UGM por explotación.

4) Explotacións con orientación produtiva de gando ovino-caprino, predominando o primeiro nun 90%: 25 a tempo completo, cunha superficie media de 4,36 ha e unha media de 105 cabezas.

5) Explotacións con orientación produtiva de gando vacún, complementada con viticultura: 247 a tempo completo, cunha superficie media de 3,16 ha e unha media de 2,21 UGM por explotación.

6) Explotacións de gando porcino sen terra (70% de ciclo completo e o resto de cebo): 53 a tempo total, cunha media de 682 animais.

7) Explotacións avícolas sen terra: 24 a tempo completo, cunha media de 8.000 aves.

8) Explotacións cunícolas sen terra: 4 a tempo completo, cunha media de 200 nais por explotación.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 10.050.

Número de familias agrarias: 5.571.

Número de casas reformadas ou novas: 7.122.

Número de casas con cuarto de baño completo: 3.701.

Número de contratos de butano: 7.548.

Número de familias que viven do subsidio: 3.691.

Número de xubilados: 5.136.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 1.069 homes e 1.030 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 1.127 homes e 1.175 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 195 homes e 273 mulleres.

Outras das actuacións e resultados que cómpre destacar en todo o período de funcionamento da Axencia foron os seguintes:

Colaboración na promoción de máis de 10 zonas concentración parcelaria na comarca, cunha actuación decisiva na denominada de Acevedo-Milmanda (Celanova).

Promoción das seguintes agrupacións: a Sociedade Cooperativa Irmáns Mosquera, con 5 socios, en Cerdedo-Acevedo (Celanova), dedicada á explotación de gando vacún de leite e ovino; a Sociedade Cooperativa Hortofrutícola de Celanova, con 40 socios, para a comercialización de mazá de mesa; e a SAT de tipo familiar, con 4 socios, en Freás (Ramirás), dedicada á vacún de leite.

Colaboración estreita e asesoramento das cooperativas San Francisco, integrada por 35 socios e situada no Concello da Bola, dedicada á produción de gando porcino, e San Miguel, con 60 socios e situada en Espiñoso (Cartelle), de abastecemento e consumo. Tamén se colaborou cos socios da bisbarra integrados nas cooperativas de COREN.

Establecemento dun número importante de campos de ensaio e experimentación sobre millo gran e forraxeiro, alfalfa, xirasol, pipirigalo (leguminosa tipo trevo), patacas (entre eles os de recuperación de autóctonas galegas), horticoltura e produción de pastos e carne en gando ovino.

Promoción da transformación en pradeiras de 25 ha de montes veciñais en man común, coa participación de 170 comuneiros, sementando primeiro cereal (centeio), para proceder posteriormente á implantación da pradeira. Destacan as actuacións levadas a cabo coas comunidades de Bangueses (Verea), Outeiro de Sanguñedo (Verea) e Parderrubias (A Merca).

Promoción das seguintes actividades agrogandeiras na comarca, algunhas delas xa practicamente desaparecidas:

Cunícola, chegando a existir preto das 30 explotacións, cunha media de 200 reprodutoras.

Cultivo da alfalfa, con 13 gandeiros e un total de 7 ha cultivadas.

Cultivo do amorodo en 25 explotacións e un total de 1,20 ha.

Plantacións regulares de maceira en 45 explotacións, chegando a totalizar unha superficie de 40 ha.

Formación, en colaboración coa xefatura provincial de tráfico nos anos oitenta, de 120 agricultores para a obtención do carné de tractoristas, mediante a organización de catro cursos de tractoristas.

Integración nos grupos SEXE existentes a nivel supracomarcal de 15 agricultores e gandeiros da comarca, nas orientacións produtivas de vacún leite, ovino e horticoltura.


Funcionamento destacado durante cinco anos do *plantel* masculino de Extensión Agraria de Amedo-Barxa (Celanova), cuns 25 compoñentes, que levou a cabo mediante acción comunitaria a recuperación da capela da localidade e tivo unha participación decisiva na promoción e execución pola comunidade veciñal do abastecemento de auga ao pobo.

Organización de numerosas viaxes de tipo formativo cos asistentes a cursos, destacando os levados a cabo ás feiras agrogandeiras e de maquinaria de Vilagarcía de Arousa, Silleda e Zaragoza, á rexión murciana para coñecer explotacións hortícolas, e á Bretaña francesa para comparar sistemas de explotación de gando vacún de leite e de carne.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o labor realizado pola Axencia na tarefa da divulgación dos cogomelos na comarca, formando a cantidade de persoas para o seu recoñecemento e o consumo das especies comestibles. Se partimos practicamente de cero, a comarca de Celanova é hoxe en día unha das máis destacadas de Galicia no coñecemento destes fungos. O primeiro xefe da Axencia, Mariano García Rollán, é na actualidade unha autoridade na materia a nivel estatal, ten realizadas numerosas publicacións, algunhas delas moi utilizadas polo SEA para a súa divulgación, tanto en Galicia coma no resto do territorio nacional. O último xefe, Ricardo Mínguez Abajo, contribuíu notablemente á divulgación e coñecemento dos fungos, organizando moitos cursos, charlas divulgativas e exposicións, e colaborando noutras moitas actividades micolóxicas no resto da provincia de Ourense e de Galicia, para as que foi demandado como recoñecido experto,

tamén publicou extensamente sobre o tema en colaboración co seu fillo Alejandro, periodista.

Noticias de prensa e fotografías de actividades



Follas divulgadoras sobre cogomelos elaboradas por Mariano García.



(Recortes de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Diversas publicacións sobre cogomelos do axente Ricardo Mínguez e o seu fillo Alejandro.



Acto de clausura dun curso de 200 horas sobre gando vacún organizado pola Axencia. (Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



O xefe da Axencia, Agustín García Díez, impartindo unha clase sobre poda nun cursiño durante a súa estancia na Axencia de Verín. Ao fondo pode observarse o retroproxeccionador, elemento audiovisual moi utilizado na primeira época de Extensión. (Foto do arquivo da Axencia de Verín)




Labra para a preparación dun campo de ensaio en Ba-real-Soutomel (A Bola) no ano 1981. (Foto do arquivo da Axencia)

Anecdótico

O xefe da Axencia Mariano García Rollán tiña tamén afección pola arqueoloxía e no ano 1966 comezou, co respaldo do Museo Provincial de Ourense, a exploración sistemática da estación arqueolóxica de Castromao, sendo descubridor de numerosas e significativas pezas do depósito, entre elas un forno cerámico e un tríscele calado, peza completa destas características única en Galicia, sendo recoñecido o seu labor no mundo da arqueoloxía castrexa galega.

Tras a exploración preliminar realizada por Mariano García Rollán, leváronse a cabo varias campañas de escavación dirixidas polo entón director do Museo Arqueolóxico de Ourense Jesús Ferro Couselo, que deron lugar, en 1970, ao importante achado da *Tessera Hospitalitatis* de Castromao, prancha de bronce que en letras capitais contén un pacto de hospitalidade en-

tre los *Coelerni* e o prefecto da cohorte 1^a dos celtiberos *G. Antonius Aquilus Novaugustanus*, o que permitiu aclarar o misterioso, ata entón, localización do pobo dos *Coelerni*.



Panorámica e tríscele de Castromao, encontrado por Mariano García Rollán. (Fotos baixadas de Internet)

O profesor, arqueólogo e escritor Antonio Rodríguez Colmenero, no seu libro *La Galicia Meridional Romana* (1977), sobre a importancia deste feito, di textualmente:

“Tras el sensacional descubrimiento de Castromao no caben más vacilaciones en torno a la ubicación de los “Coelerni” mencionados en la inscripción de Chaves y en otras fuentes. Tal hecho hace que se derrumben todos los intentos anteriores para situarlos cerca del Duero entre el Túa y el Tuela y el Sabor, como ha hecho, recientemente aún, Jorge de Alarcoo.

La Tessera Hospitalitatis de Castromao no solamente ha aclarado el misterio relativo al emplazamiento del pueblo de los COELERNI sino también el de su capital COELIOBRIGA, que habrá que reducir a Castromao, lugar de aparición de la tessera mencionada.”

Ao xefe de Axencia Ricardo Mínguez Abajo sucedéronlle dous feitos relacionados cos curas

párrocos e as igrexas de dúas localidades da comarca que relatamos deseguido, polo que indican da importancia dada ao labor de Extensión e a colaboración recibida polo estamento eclesiástico rural.

O primeiro sucedeu na localidade de Albos (Verea) no ano 1973. Ocorreu que a Axencia tiña programada a celebración dun cursiño na dita localidade sobre gandería, tendo convidado co cura que este se ocupase da elección do local e o anunciase os asistentes. Chegado o primeiro día, equipado con todo o material preciso, ao atardecer, presentouse Ricardo na localidade sen coñecer aínda o lugar elixido, sendo informado que a xente estaba na igrexa rematando de oír misa, así que, sen pensalo dúas veces, entrou e esperou no fondo a que rematase. O curioso é que, nada máis terminada a celebración, o cura, que xa o tiña albiscado, cedeu o lugar a Ricardo, quen dende o altar, unha vez instalado o retroproyector para as láminas que quería comentar, tivo que impartir, ese e os sucesivos días, o cursiño, proxectando sobre as paredes da igrexa imaxes de vacas, que producían un curioso efecto mesturadas coas dos santos que as presidían.

O segundo feito aconteceu no ano 1984, na localidade de Rabal (Celanova). A Axencia estaba anunciando a celebración dun curso para a obtención do carné de tractorista e para a súa divulgación buscaba a colaboración dos curas, para que o comentasen ao remate das misas. Para estes efectos quedara co cura da localidade, para proporcionarlle a información que tiña que transmitir, pero este encontrábase dando misa cando chegou ao pobo, así que entrou na igrexa. Pero ocorreu que nada máis traspasar o pórtico foi ollado polo cura, que de repente suspendeu a celebración e anunciou aos fregueses a presenza do axente de Extensión Agraria, facéndoo ir ata o altar, onde lle cedeu a palabra para que fose directamente el quen informase sobre a importancia de dispor do carné de tractorista.

Curiosa, e indicativa da situación, mentalidade e preparación de parte da poboación agraria galega, incluso no momento que España xa accedera á CEE, cando se produce a primeira campaña de solicitudes de axuda da PAC cunha complicada declaración de datos e papeis que cubrir, xestión que se encomenda ás axencias de Extensión Agraria, é a carta recibida na Axencia

dun gandeiro da bisbarra, que ten seguramente escoitado que existen as axudas e pensa que todo é tan doado como facer unha declaración por escrito do gando que ten e esperar, sen sequera facer acto de presenza, para asinar a solicitude. O contido da carta, transcrito textualmente, é o seguinte:

“..... (nome e apelidos) tiene 2 bacas y huna bezerra de 17 meses, ba pro monte una burra 2 hovegas 1 cavra”.

7.- Axencia Comarcal da Gudiña (Nº. 690).

Creación

Foi creada o 16 de decembro de 1971, co número 690, e entrou en funcionamento en 1972 coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse mediante cesión na planta baixa da casa do Concello, sito na Avda. Beato Sebastián Aparicio, formada polo transcurso polo pobo da estrada N-525. Mentres a casa do Concello estivo sometida a reformas, a finais dos anos noventa, situouse no centro de saúde, na estrada de Madrid, volvendo ocupar posteriormente as primeiras instalacións. Na actualidade o local esta ocupado pola Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O único como tal foi o capataz agrícola e axente Alfonso Valladares López, natural de Palazuelo de Boñar (León), que foi quen procedeu á súa apertura, incorporándose o ano 1972, procedente da Axencia do Barco de Valdeorras e permaneceu no posto ata 1985, no que pasou a ocupar igual cargo na Axencia de Pontedeume (A Coruña).

Tras a súa marcha tomou a responsabilidade da Axencia de Verín ata o ano 1988, destacando na súa atención o seu persoal técnico (Cástor Gago Álvarez, xefe da dependencia, José Ignacio Castaño Casanueva, axente comarcal, e Castor Bermúdez Pradro, monitor), que se desprazaba determinados días á semana para atender di-

rectamente as consultas e asesoramentos nas explotacións.



Casa do Concello da Gudiña, en cuxa parte esquerda do baixo instalouse a Axencia. (Autor: José M. Pérez)

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Miguel Sola, valenciano, e Julio Fernández Navalpotro.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Agustina López Rúa.

Monitores: un tal José, do que non se conseguiron os seus apelidos.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia ou contratados que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia, axente axudante ou comarcal e de economía doméstica: María Jesús González Gómez († 28/07/1999) e Juan Ramón Canosa Ozón, enxeñeiros técnicos agrícolas; Antonio Pousada Bermúdez, capataz no posto de xefe do negociado de explotacións forestais; e José Manuel Gómez Gómez, Antonio María Álvarez Feal, Benito Muñiz Hermida, († 15/05/2007), José Antonio do Olmo Congil, Estrella Fuentes Blanco e Bernardo Xosé Marques Rodríguez, todos estes últimos enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Margarita Élida Varela Méndez e María Montserrat Fuentes Bordás.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: María Emilia Arrojo Arias, María de los Ángeles Ordás Sutil, María del Carmen Godás Gago, Miguel Diéguez Estévez (técnico en informática contratado como auxiliar administrativo) e Antonio Rivera López,

permanecendo este último na actualidade na Oficina Agraria Comarcal.

Como persoal administrativo de apoio nas campañas das axudas da PAC estivo contratada dous anos Magdalena Álvarez Fernández.

Limpadoras: Manuela Barja Martínez e Magdalena Álvarez Fernández.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes tres concellos: A Gudiña, A Mezquita e Riós. A superficie territorial era de 390,10 km², na que se integraban 25 parroquias e 65 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 2.129, cunha superficie 37.440 ha e 79.946 parcelas, co que resultaba unha media de 38 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 9. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 213; entre 0,5 e 1: 178; entre 1 e 2: 270; entre 2 e 5: 601; entre 5 e 10: 662; entre 10 e 20: 175; entre 20 e 50: 2; entre 50 e 100: 0; entre 100 e 200: 1; entre 200 e 500: 4; entre 500 e 1.000: 8; e de máis de 1.000: 6. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

A característica predominante nas explotacións da bisbarra era a súa orientación gandeira a gando vacún de aptitude mixta, con baixa produtividade, debido a:

- Falta de hixiene.
- Insuficiente alimentación en outono-inverno.
- Gando de escasa e deficiente produtividade.
- Excesivo custo de produción do litro de leite.
- Cortes antihixiénicas.
- Mala calidade dos produtos obtidos.
- Mala comercialización da carne e do leite.
- Manexo deficiente da reprodución.
- Mecanización deficiente e mal empregada.

- Empresarios agrarios envellecidos e con escasa preparación técnica.
- Deficiente utilización da terra na produción de forraxes.

Parcelación excesiva.

- Deficiente abastecemento de materias primas.
- Actuacións máis destacadas
- A actuación da Axencia coas explotacións estivo dirixida cara a:
 - Divulgar os créditos e axudas para plans de mellora nas explotacións.
 - Conseguir a súa transformación con obxectivos claros.
 - Infundir o espírito empresarial no agricultor.
- Aumentar a carga gandeira actuando sobre a cavadura dos montes particulares, o arrendamento e posta en cultivo de terras abandonadas, a intensificación dos cultivos forraxeiros, a mellora e aproveitamento dos pequenos regadíos existentes, o saneamento da cabana gandeira, a introdución de animais máis selectos e de aptitude máis definida, a reforma e construción de novas cortes funcionais e o emprego de concentrados mellorados en proteínas e correctores vitamínicos-minerais.
- O establecemento de alternativas forraxeiras axeitadas, con emprego de sementes selectas.
- Fertilizar adecuadamente os cultivos.
- Mellorar o aproveitamento das forraxes mediante as técnicas do feación e ensilado.
- A integración dos gandeiros en grupos de intercambio de información segundo as análises dos datos contables das súas explotacións.
- A creación de agrupacións para a adquisición conxunta de materias primas.
- Capacitar o gandeiro en alimentación económica e equilibrada do gando, introducindo na dieta a polpa e establecendo un pastoreo máis racional.

- Capacitar no manexo e control dos equipos de muxidura e na preparación do gando e do gandeiro para esta operación.
- Conservación do leite por frío.
- Mellorar a comercialización da carne mediante a oferta conxunta e o fomento do asociacionismo para esta finalidade.
- Mellorar a reprodución do gando actuando sobre o manexo do cruzamento industrial mediante reprodutores seleccionados, a recría de xovencas na propia explotación, selección de razas autóctonas e a agrupación de partos en épocas interesantes.
- Utilización de cadeas de mecanización axeitadas e mediante grupos de utilización conxunta.
- Incorporación de mozos capacitados.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 37 accións, con 1.567 familia afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 35 accións, con 1.508 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 46 accións, con 1.805 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: ejecutadas 27 accións, con 1.193 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: executadas 26 accións, con 1.299 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: executadas 39 accións, con 1.313 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 34, con 1.492 familias afectadas.

Clasificados: 34, con 1.492 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 19 comunidades.

Superficies: 11.491 ha repoboadas, 9.366 ha non repoboadas, 20 ha transformadas en pasteiro, total: 20.877 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 44, con 703 familias participantes e un total de 4.026 cabras e 4.831 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 14, con 820 regantes e 920 ha afectadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 3, afectando a 296 explotacións e un total de 1.244.114 de litros/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados entre leite, carne e recría de xovencas para reposición e venda: 946 (348 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 7,56 ha e unha media de 3,41 UGM por explotación.

2) Explotacións con orientación produtiva de gando ovino-caprino combinado: 15 (2 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 9,00 ha e unha media de 147 cabezas.

3) Explotacións de gando porcino sen terra (95% de cebo e o resto de cría): 4 a tempo parcial, cunha media de 350 animais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 1.484.

Número total de familias con actividade agraria exclusiva: 574, o que representa o 39%.

Número de familias que combina a actividade agraria con outras doutros sectores: 342, o que representa o 23%.

Número de familias que traballan exclusivamente noutros sectores: 568, o que representa o 38%.

Número medio de fillos por familia: 2.

Estratificación por idades dos cabezas de familia con algunha actividade agraria: menores de 41 anos: 229, o que representa o 25%; entre 50 e 60 anos: 282, o que representa o 30,79%; e con máis de 60 anos: 405, o que representa o 42,21%.

Número medio de fillos por familia: 2.

Os ingresos provenientes das explotacións das familias con actividade agraria exclusiva compléméntanse na maioría dos casos cos subsidios de xubilación, calculándose, por termo medio, en 260.000 ptas. anuais.

O 79% das familias rurais teñen vivenda propia, viven o resto en arrendadas, sendo a superficie media das vivendas de 120 m².

O 69% das vivendas teñen incorporada a corte dos animais na mesma edificación.

O 23% das vivendas dispoñen de cuarto de baño.

O 75,50% das vivendas dispón de auga corrente e o 61% está dotada de desaugadoiros. O número de cuartos ou pezas medio por vivenda é de seis.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 14 e 20 anos: 293 homes e 242 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 355 homes e 320 mulleres.

Número de mozos incorporados ao sector agrario: 11.

A Axencia na década dos anos oitenta chegou a constituír un *plantel* comarcal con tarefas de empresa, fundamentalmente gandeiras, incluída a dirixida á actividade apícola, e un grupo de xestión de explotacións de gando vacún con orientación produtiva de leite, integrado por unha ducia de explotacións, pero cun nivel comparable, segundo os expertos do SEA, aos mellores grupos nesta especialidade produtiva existentes noutras comarcas galegas. Tamén chegou a promover a constitución de cooperativas e sociedades agrarias de transformación para a comercialización conxunta da castaña e de produtos do gando vacún.

No ano 1995 a Cooperativa LEICO da Gudiña obtivo o primeiro premio en cooperación no concurso do "Día do Agricultor" da Semana Verde de Galicia.

8.- Axencia Comarcal de Maceda (Nº. 391).

Creación

Foi creada o 11 de xuño de 1966, co número 391, e entrou en funcionamento no mes de novembro do antedito ano, cando se incorpora o seu primeiro xefe.

Instalouse na rúa do Toural, nun local cedido anexo ao edificio do Concello e da súa propiedade, onde permaneceu ata o ano 1986, no que se trasladou, dada a insuficiencia e estado das instalacións, a un primeiro piso alugado sito na rúa Cardeal Quiroga, número 19, onde proseguía cando desapareceu o SEA en Galicia no ano 2002. Na actualidade a Oficina Agraria Comarcal está situada na rúa Fonte dos Caños, número 6.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que abriu a Axencia en novembro de 1966 foi o extremeño e perito agrícola Nicolás Conejero Albarrán, procedente da Axencia de Celanova, que marchou en 1970 a ocupar o posto de supervisor do SEA en Cáceres, con sede en Plasencia.

Foi substituído polo perito agrícola, natural de Madrid, José Manuel Campo García, que exerceu a xefatura da Axencia dende 1970 ata primeiros de 1975, no que pasou a ocupar o mesmo posto na Axencia de Oropesa (Toledo).

Tomou o relevo o perito agrícola Justiniano Miguélez López († 26/11/1996), natural de San Juan de Torres-La Bañeza (León), procedente da Axencia de Potes (Cantabria), que se incorporou no mes de abril do ano 1975 e se mantivo no posto ata o seu falecemento en 1996. Justiniano foi nomeado, en recoñecemento aos seus servizos, oficial da Orde do Mérito Agrícola o 05/06/1981, con motivo da onomástica de El Rei.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: José Rogelio Pombo Carrillo, Carlos Rodríguez Rodríguez, Miguel Ángel

Rodríguez López, María Montserrat Fuciños Gómez e Juan José Piernas Hernández.

Monitores de Extensión Agraria, con nomeamento como tales: Vidal Higinio Viana Conde, Castor Bermúdez Prado e Pablo Muñoz Sánchez.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: María Luz Eugenia González Fidalgo.

Axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica de carácter estatal que realizaron o seu período de prácticas na Axencia: Matías Francisco Robles Álvarez, no ano 1967, e Manuela Cerqueiro Parafita, entre os anos 1973 e 1974.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia, axente axudante ou comarcal e de economía doméstica: Alfonso María de Ligorio Barriga García, María Jesús González Gómez († 28/07/1999), Ángel Martínez Illanes, Pilar García Tizón, Ramón Mariño Belascoain, Luis Jorge Álvarez Ferro e Camilo Nieto Rey, todos eles enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: María Luisa Gómez Gayoso, Manuela Castro Alonso e Rosario Fernández López.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Juan Alberto Prada Puga, procedente da de Xunqueira de Espadanedo, e Antonio Rivas Delgado, procedente da de Baños de Molgas.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: María Rita Delgado González.

Persoal en prácticas doutros países: un axente ecuatoguineano en prácticas no ano 1984.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Luis Saa Arias, María Lourdes. López Díaz e Francisco José Fernández Pérez, todos eles enxeñeiros técnicos agrícolas e bolseiros nos anos 1992, 1993 e 1994, respectivamente.

Limpadoras: Carmen Feijoo Formoso.

Colaboradores destacados: Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, agricultor e gandeiro destacado, que tamén foi alcalde de Esgos durante moitos anos, e Antonio Pedro Cid González, mestre e profesor do CECA, ambos os dous promotores e participantes en múltiples actuacións relacionadas con actividades apícolas, gandeiras, hortícolas e de cooperación. O primeiro deles foi gañador un ano do primeiro premio de agricultores sobresalientes do concurso “Día do Agricultor” da Semana Verde de Silleda, pola diversidade de actividades da súa explotación, e tamén recibiu do Ministerio de Agricultura, a proposta do Servizo de Extensión Agraria, a medalla da Orde do Mérito Agrícola no ano 1984, por ser o primeiro ourensán que potenciou na súa granxa a raza frisona canadense con alta xenética e por dedicar 20 ha a cultivos diversos empregando sementes selectas.



Entrevista ao excelente colaborador da Axencia, Manuel Ángel Rodríguez, con motivo de serlle concedida a medalla da Orde do Mérito Agrícola. (Recorte de prensa facilitado polo propio entrevistado)

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes seis concellos: Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Paderne de Allariz, Vilar de Barrio e Xunqueira de Espadanedo. A

superficie territorial era de 380,40 km², na que se integraban 55 parroquias e 239 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 6.054, cunha superficie de 37.609 ha e 143.758 parcelas, co que resultaba unha media de 24 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 11. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 541; entre 0,5 e 1: 581; entre 1 e 2: 1.236; entre 2 e 5: 2.250; entre 5 e 10: 855; entre 10 e 20: 253; entre 20 e 50: 33; entre 50 e 100: 7; entre 100 e 200: 1; entre 200 e 500: 7; entre 500 e 1.000: 3; e de máis de 1.000: 6. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Actuacións máis destacadas

A metodoloxía máis empregada foron as visitas ás parcelas, reunións e as demostracións de método e de resultado, así como as cartas circulares. A Axencia, na súa época de máxima actividade nas décadas dos anos setenta e oitenta, chegou a dispoñer de catro técnicos e tres vehículos. Programaba reunións ou outras actividades por toda a comarca a diario, sendo continuas as saídas ao campo, tanto de mañá coma pola tarde. Ademais o persoal técnico tiña clase todos os días cos alumnos do CECA. Asemade, realizábanse visitas ás parcelas, ás explotacións e aos fogares, tamén diariamente, e o envío de circulares eran moi frecuentes, sobre todo aos alcaldes pedáneos de toda a comarca.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

Equipamento de servizos básicos:

a) Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 10 accións, con 2.336 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 80 accións, con 2.140 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 131 accións, con 2.891 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 103 accións, con 2.698 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: executadas 41 accións, con 3.828 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: executadas 11 accións, con 765 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 107, con 2.102 familias afectadas. Clasificados: 107, con 2.102 familias afectadas. Con ordenanzas reguladoras: 24 comunidades, con 952 comuneiros afectados.

Superficies: 12.700 ha repoboadas, 2.830 ha non repoboadas, 13 ha transformadas en pasteiro, total: 15.543 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 1, con 42 familias participantes e un total de 70 cabras e 12 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 17, con 563 regantes e 264 ha afectadas.

Circuitos de inseminación artificial existentes: 3, con 12 postos de aplicación e 665 vacas inseminadas.

Cooperativas agrarias existentes: 4, con 137 socios; dúas delas de explotación comunitaria de terras e gando, cunha produción total de 1.600.000 l de leite, 352 xatos e 30.000 galiñas de posta; unha de elaboración de pensos, cunha produción anual de 1.200.000 kg; e outra de explotación comunitaria de monte.

Concentración parcelaria: 4 zonas executadas, 2 en execución e 3 máis solicitadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 3, afectando a 550 explotacións e un total de 6.187.500 de litros/ano.

Matadoiros existentes: 2, en Maceda e Baños de Molgas.

Tratantes de gando existentes: 20, dez deles no Concello de Maceda, cinco no de Baños de Molgas e outros cinco no de Vilar de Barrio.

Almacenistas: 8, catro de patacas no Concello de Vilar de Barrio, e outros catro de xamóns, tres deles situados no Concello de Maceda e un no de Paderne de Allariz.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Explotacións con orientación produtiva de cultivo de patacas: 2.590 (282 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,41 ha.

2) Explotacións con orientación produtiva de horticoltura extensiva: 1 a tempo completo, cunha superficie de 2,50 ha.

3) Explotacións con orientación produtiva de horticoltura extensiva combinada con gando vacún: 1 a tempo completo, cunha superficie de 30 ha e 135 UGM.

4) Explotacións con orientación exclusiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos o leite: 581 (60 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 4,47 ha e unha media por explotación de 4,75 UGM.

5) Explotacións con orientación produtiva única a gando vacún, con ingresos equilibrados entre leite e carne: 1.028 (105 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 4,15 ha e unha media de 3,07 UGM por explotación.

6) Explotacións con orientación produtiva de gando ovino-caprino, predominando o primeiro nun 90%: 26 a tempo completo, cunha superficie media de 4,95 ha e unha media de 27 cabezas.

7) Explotacións avícolas sen terra (polos de engorde e poñedoras a partes iguais): 39 a tempo completo, cunha media de 13.677 aves.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 4.240.

Número de familias agrarias: 4.067.

Número medio de membros por familia: 4.

Número de casas reformadas ou novas: 1.870.

Número de casas con cuarto de baño completo: 2.084.

Número de contratos de butano: 4.907.

Número de familias que viven do subsidio: 1.943.

Número de xubilados: 5.136.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 367 homes e 339 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 549 homes e 489 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 111 homes e 127 mulleres.

Con independencia da información anterior debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Promoción de 140 actuacións de pavimentacións, abastecementos domiciliarios de auga, redes de sumidoiros e arranxo de camiños, subvencionadas polo IRYDA dentro dos plans de zonas de actuación especial. Tamén cabe subliñar a promoción para a creación do teleclub de Baños de Molgas.

Estudo do valor nutricional das forraxes producidas na comarca, mediante a realización de múltiples análises de mostras enviadas ao Laboratorio Agrario de Galicia.

Implantación do sistema de anotacións contables para a xestión das explotacións de gando vacún e ovino-caprino, afectando a 25 das máis representativas da comarca.

Realización do primeiro curso impartido en Galicia sobre inseminación artificial de gando vacún, para a capacitación dos gandeiros nesta práctica ata entón realizada só por veterinarios.

Promoción, constitución e asesoramento da Cooperativa Comarcal Val da Esperanza, integrada por 150 socios, todos eles gandeiros de vacún, algúns da comarca de traballo da Axencia de Castro Caldelas, fundamentalmente dedicada á elaboración de pensos e cunha sección de apicultura para a elaboración e comercialización de mel integrada por 14 socios. As súas instalacións situáronse no Concello de Xunqueira de Espadanedo. Esta cooperativa obtivo un ano o primeiro

premio da sección de cooperación do concurso “Día do Agricultor” da Semana Verde de Galicia.

Promoción, constitución e funcionamento de catro sociedades de transformación (SAT), con orientacións produtivas de gando vacún, hortícolas e apícolas, fundamentalmente, a maioría delas de carácter familiar.

Asesoramento na elaboración de estatutos e actuacións, fundamentalmente implantación de pasteiros, a varias comunidades con montes veciñais en man común. Cómpre destacar a impulsada na localidade de Rebordechao, do Concello de Vilar de Barrio, onde se puxeron en práctica os sistemas de establecemento sen cavadura divulgados polo Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.

Creación de *planteles* de Extensión Agraria en todos os concellos, cuxos compoñentes asistían ás xornadas de convivencia que se organizaban para eles todos os veráns nos centros de Capacitación Agraria de Galicia, principalmente ao de Guísamo (A Coruña), onde asistiu varios anos como acompañante á axente de economía doméstica María Luz González Fidalgo.

Creación dun *plantel* con tarefas de empresa na localidade de Maceda, integrado por 15 mozos de toda a comarca con explotacións familiares orientadas a gando vacún e ovino-caprino.

Mantemento durante os anos 1973 e 1981 do centro de formación profesional de primeiro grao na rama agraria (CECA), do que se trata noutro apartado deste libro.

Creación de catro grupos SEXE de tipo comarcal nas seguintes orientacións produtivas: vacún de leite, con 20 integrantes; vacún de carne, con 20 integrantes; ovino-caprino, con 15 integrantes; e horticultura, con 5 integrantes. O gandeiro-agricultor destacado da comarca, Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, que formaba parte dos SEXE de gando vacún e horta, obtivo un ano o primeiro premio de explotacións agrarias sobresaíentes no concurso do “Día do agricultor” da Semana Verde de Galicia, pola diversidade e calidade das súas orientacións produtivas: vacún leite, recría de xovencas, engorde de becerros, porcino e horticultura extensiva, como xa comentamos anteriormente.

A organización das seguintes viaxes educativas cos agricultores participantes nos grupos SEXE e alumnos do CECA:

A Almería, no ano 1974, con 40 alumnos do CECA, para coñecer actuacións en cooperación e horticultura intensiva.

A Francia, no ano 1989, con 20 participantes nos SEXE de vacún leite e de carne, para coñecer a evolución destes sectores na Normandía.

A Holanda, no ano 1990, con 25 integrantes dos grupos SEXE de vacún leite e horta, para coñecer a situación destes sectores neste país.

A Alemaña, no ano 1991, con 20 agricultores dos grupos SEXE, para coñecer a situación do sector agrario nese país, especialmente o do gando vacún.

As seguintes actuacións coas familias: a mellora xeneralizada dos hortos familiares mediante a diversificación de especies e emprego de variedades máis axeitadas, coa introdución de novas técnicas de cultivo, a divulgación de métodos de conservación dos excedentes de hortalizas e froitas, para o seu emprego na alimentación familiar, e a colaboración con diversos organismos e entidades nas campañas de información sobre educación, axudas para a mellora da vivenda e problemas sanitarios.

Moitas destas actividades leváronse a cabo coas máis de 250 mulleres integradas en grupos informais permanentes de mulleres rurais constituídos nos seguintes concellos e localidades:

Concello de Baños de Molgas: Meamán e Presqueira.

Concello de Maceda: Santiso, Tioira e Xinzo da Costa.

Concello de Paderne de Allariz: Golpellás e Figueiredo.

Concello de Xunqueira de Espadanedo: Niñoda-guía, Pardeconde e Xunqueira de Espadanedo.

Fotografías de actividades



Á esquerda e arriba, alumnos do curso de inseminación artificial durante a realización das prácticas e en visita ao Centro de Reprodución e Selección Animal de Fontefiz-Coles (Ourense). (Fotos do arquivo da Axencia)



Alumnos e algúns profesores do curso de inseminación artificial pousando en grupo. *(Foto do arquivo da Axencia)*



Na páxina anterior e arriba, alumnos e profesores de distintos cursos en diferentes visitas realizadas a países europeos e en Galicia. *(Fotos do arquivo da Axencia)*



Alumnos e profesores visitando unha mini queixería en Galicia. *(Fotos do arquivo da Axencia)*



9.- Axencia Comarcal de Ourense (Nº. 620).

Creación

Foi creada no mes de novembro de 1970, co número 620, entrando en funcionamento no mes de setembro de 1971, coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse na rúa do Progreso, no número 127, nun segundo andar alugado, onde permaneceu ata o mes de novembro de 1997, no que pasou, xunto con outros servizos da Delegación Provincial da Consellería a un quinto andar alugado da rúa do Paseo, 18, onde se mantivo non máis de seis meses. En 1998 decidiuse a súa instalación na rúa Florentino López Cuevillas, 4-6, baixo, no local ocupado pola Delegación Provincial da Consellería de Agricultura en Ourense, do patrimonio da Xunta, onde permaneceu ata a disolución do SEA, seguindo na actualidade prestando Servizo como Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que abriu a Axencia foi o palentino e perito agrícola Luis Curieses Díez, procedente da Axencia do Carballiño, dende o verán de 1971 ata febreiro de 1993, no que pasou ao Servizo de Axudas Estruturais.

Substituíuno o axente comarcal con destino na mesma dependencia Fernando Mateos Sánchez, natural de Armenteros (Salamanca), que exerceu o cargo ata a disolución do SEA e continuou na Oficina Agraria Comarcal ata a súa xubilación o 1 de febreiro de 2004.

Especialistas de Extensión Agraria, con nomeamento como tales: Pedro Vilariño Couselo, técnico en experimentación de forraxes e prateses, destinado na Escola de Capataces de Ourense, pero situado na Axencia Comarcal e José Antonio Yglesias Prieto († 08/07/1995), procedente da Axencia de Ribadavia, especialista en vitivinicultura.



Persoal das axencias comarcal e provincial de Ourense nunha celebración conxunta o 19/10/1994. De esquerda a dereita: José Mariano Pérez (xefe provincial), María Paz Álvarez e Aurora González (comarcal), Rosario Fernández, María Jesús González, Celso Iglesias e Silvestre C. Álvarez (provincial) e Fernando Mateos (xefe da comarcal). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Tomás Antonio Sanmartín Vázquez, Fernando Mateos Sánchez e Nicanor Payo Boo.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: María Paz Álvarez González, procedente da Axencia de Chantada (Lugo), dende 1974 ata a súa xubilación en 2006.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia, axente axudante ou comarcal e de economía doméstica: Aurora González Vidal, Gerardo González Iglesias e Isabel Otero Pombo, todos eles enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: María Luisa Gómez Gayoso.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Javier Álvarez Deza, procedente da cámara da Peroxa, María del Pilar Fernández Núñez, da de Ourense-Pereiro de Aguiar e Josefa Seoane

Gómez, da de Cualedro, despois esta última do seu paso por outras dependencias.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia: José Higinio Vázquez Martínez, Antonio Iglesias Mira, Antonio López González, José Ángel Alberte González (falecido), María Lourdes Álvarez Casas, María del Carmen Ucha Fernández, María José Moure Cabello e Mercedes Elisa López Vázquez.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Marta Arribas González, bolseira no ano 1991, e Encarna Rodríguez Soto, bolseira no ano 1999, ambas as dúas enxeñeiras técnicas agrícolas.

Limpadoras: Josefa Pato Cid († 19/02/2009) e Florinda García Paradela.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes dez concellos: Amoeiro, Barbadás, Coles, Nogueira de Ramuín, Ourense, O Pereiro de Aguiar, A Peroxa, San Cibrao das Viñas, Toén e Vilamarín. A superficie territorial era de 560,10 km², na que se integraban 109 parroquias e 814 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 14.159, cunha superficie de 51.653 ha e 315.688 parcelas, co que resultaba unha media de 22 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 38. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 2.510; entre 0,5 e 1: 2.586; entre 1 e 2: 3.304; entre 2 e 5: 4.090; entre 5 e 10: 1.300; entre 10 e 20: 231; entre 20 e 50: 51; entre 50 e 100: 8; entre 100 e 200: 2; entre 200 e 500: 6; entre 500 e 1.000: 9; e de máis de 1.000: 4. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Actuacións máis salientables

A diversidade das orientacións produtivas das explotacións existentes na bisbarra, que practicamente cubría todo o repertorio das existentes no conxunto da provincia pero cunha superficie na maioría dos casos moi reducida, e a existencia dunha grande cantidade de explotacións de subsistencia, é dicir, de obtención de produtos

para o autoconsumo familiar con venda de pequenos excedentes, condicionaron a actividade da Axencia e a especialización dos seus técnicos, que tiveron que atender demandas de asesoramento sobre todo tipo de cultivos e actividades gandeiras, pero non só dos agricultores, polo que respecta á atención en oficina, da súa comarca de traballo, senón de todos os concellos da provincia, que se descolgaban pola capital e que pensaban que por tal motivo serían mellor atendidos, ou dos que desexaban confrontar as recomendacións recibidas a través dos axentes da súa comarca.

A Axencia centrou os seus traballos nas explotacións con viñado na recomendación de portaenxertos e variedades adecuadas, estimulando o arranque do híbrido produtor directo “Jacques”, así como na substitución das variedades “Xerez” e “Alacante” por autóctonas, na mellora dos coidados culturais, fundamentalmente a fertilización e o tratamento das pragas e enfermidades, e na mellora da vinificación.



Plantacións reestruturadas de viñado no Concello de Toén, dentro da DO Ribeiro. (Autor. José M. Pérez)

Polo que respecta ás explotacións con gando vacún, incidiu principalmente nos temas relacionados coa mellora da alimentación, sanidade

e selección. No ano 1980 a explotación tipo do conxunto máis representativo con este tipo de actividade, o caracterizado por obter ingresos equilibrados entre as vendas de leite e carne, tiña unha superficie de 2,95 ha, coa seguinte distribución: monte, 1 ha; labradío, 0,45 ha; cultivos forraxeiros, 0,50 ha; horta, 0,05 ha; pradeira artificial, 0,20 ha; e pradeira natural, 0,75 ha. Os seus ingresos brutos eran de 393.000 ptas., provenientes de: por venda de produtos vexetais: 22.000 ptas.; por venda de madeira e outros produtos: 45.000 ptas.; por venda de leite e xatos: 302.500 ptas.; sendo, por último, a valoración do autoconsumo familiar de: 8.800 ptas. Os gastos anuais eran de 87.650 ptas., repartidos do seguinte xeito: penso, 27.650 ptas.; cultivos, 30.000 ptas.; e gando e maquinaria: 30.000 ptas.

Nos últimos quince anos a actuación coas explotacións con gando vacún centrouse na súa especialización na produción de carne, coa realización de plans de mellora e incorporación de mozos, fundamentalmente nos concellos da Peroxa e Vilamarín.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 150 accións, con 2.746 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 86 accións, con 2.555 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 169 accións, con 3.400 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 140 accións, con 3.405 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 82, con 8.330 familias afectadas.

Clasificados: 37, con 2.630 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 1 comunidades, con 79 comeneiros afectados.

Superficies: 1.921 ha repoboadas, 5.012 ha non repoboadas, 24 ha transformadas en pasteiro, total: 6.957 ha.

c) Cooperación:

Regadíos comunitarios existentes: 312, con 4.538 regantes e 1.588 ha afectadas.

Circuitos de inseminación artificial existentes: 4, con 44 postos de aplicación e 12.519 vacas inseminadas.

Cooperativas agrarias existentes: 6, con 2.594 socios, tratándose 4 delas das integradas no grupo COREN e da de segundo grao da antedita entidade, que teñen todas elas, incluída esta última, a súa sede social en Ourense, aínda que as granxas e os socios están espallados por toda a provincia. Polo que respecta ás catro primeiras, trátase das seguintes cooperativas: de polos de engorde e reproductoras, cun volume de 14.000.000 de polos e 144.000 reproductoras por ano; de poñedoras e polas de cría, cun volume de 2.000.000 de galiñas de posta e 1.000.000 de polas de recría; de recría de xovencas e xatos, cunha produción de 1.300 xovencas e 400 xatos de cebo por ano; de gando porcino, cun volume de 150.000 porcos de cebo por ano. A de segundo grao de COREN integra os seguintes servizos: fábrica de pensos, con 250.000 tm anuais; central leiteira, con 1.100.000 l anuais; clasificadora de ovos, con 1.800.000 ovos/día; matadoiro de polos, con 14.000.000 de polos ao ano; e incubadora, con 15.000.000 de polos ao ano. Existe outra cooperativa, integrada por 6 socios no Concello de Vilamarín, dedicada a recría de xatos, porcino e avicultura, cun volume de 400 xatos, 500 porcos de cebo e 30.000 galiñas de posta.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 11, afectando a 1.268 explotacións e un total de 25.050.000 de litros/ano.

Empresas vinícolas: 6, cun volume total de 25.050.000 l.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Con orientación produtiva a cultivos hortícolas e/ou alcouves para venda de plantas: 958 (832 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 0,82 ha.

2) Con orientación produtiva de agricultura xeral (un pouco de todo), complementada con viñedo e venda de excedentes: 6.880 (5.944 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,16 ha e unha media por explotación de 0,71 UGM.

3) Con orientación produtiva de gando vacún de cebo: 11 a tempo completo, cunha superficie media de 4,44 ha e unha media de 346 xatos por explotación.

4) Con orientación produtiva de recría de xovencas: 2 a tempo completo, cunha superficie media de 19 ha e unha media de 150 animais por explotación.

5) Con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados entre leite e carne, e con venda en moitos casos do esterco para plantacións de viñedo: 2.033 (1.000 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,29 ha e unha media de 2,81 UGM por explotación.

6) Con orientación produtiva de cultivos frutícolas (case exclusivamente maceira) e viñedo, combinados: 5 (3 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 3 ha.

7) Con orientación produtiva única a viñedo: 1.129 (784 a tempo parcial), cunha superficie media de 1,13 ha.

8) Con orientación produtiva a viñedo complementado con gando vacún, practicamente de subsistencia, con venda de pequenos excedentes de uva, viño e augardente e de leite e xatos en ocasións: 3.139 (3.106 a tempo parcial), cunha superficie media de 0,60 ha e unha media de 0,20 UGM por explotación.

9) Con orientación produtiva de gando porcino (85% cebo e 15% cría): 14 a tempo completo, cunha media de 2.467 animais.

10) Avícolas sen terra (54% polos de engorde e 46% poñedoras): 131 a tempo completo, cunha media de 101.177 aves.

11) Cunícolas sen terra: 4 (1 delas a tempo parcial), cunha media de 350 nais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias rurais: 14.854.

Número de familias agrarias: 14.139.

Número de familias agrarias a tempo parcial: 11.866.

Número de pensionistas: 7.494.

Número de casas reformadas ou novas: 406.

Número de xubilados: 5.136.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 2.123 homes e 2.713 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 1.214 homes e 1.538 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 952 homes e 1.201 mulleres.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Realización dun estudo para a tipificación dos solos vitícolas da bisbarra en canto á adaptación dos diferentes portaenxertos existentes.

Establecemento dun campo de demostración cos portaenxertos máis empregados e as variedades selectas, co obxecto de determinar as combinacións coas viníferas autóctonas máis recomendables.

Realización dunha enquisa-estudo sobre os distintos sistemas de elaboración de viño e as súas características analíticas.

Mellora da alternativa forraxeira en 250 explotacións, afectando a unhas 850 ha.

Campana de divulgación a todas as explotacións da bisbarra da conveniencia de utilización do seme da raza rubia galega, co obxecto de lograr a reabsorción da mestizaxe existente.

O traballo coas familias nos seguintes aspectos: instalación de cuartos de baño, dotación de equipos calefactores da auga de consumo doméstico, mellora das condicións de habitabilidade e confort das vivendas, dotación de electrodomésticos e mobiliario para racionalizar o traballo da muller no fogar; mellora dos hortos e granxas familiares, capacitación teórica e prác-

tica en alimentación equilibrada, información e colaboración en campañas sanitarias (cloración de auga de consumo, vacinacións, etc.), riscos na manipulación de produtos fitosanitarios e información sobre diferentes aspectos (seguridade social, educación dos fillos, etc.).

Creación de 45 grupos de mulleres rurais, primeiro informais e posteriormente formalmente constituídos na súa maioría, practicamente en todos os concellos da comarca, máis nos de Amoeiro, Cartelle, Castro Caldelas, Montederramo, Parada do Sil, Ramirás, Sandiás, A Teixeira e Xunqueira de Espadanedo, doutras catro comarcas de actuación do SEA, para cuxa actuación foi demandada a axente de economía doméstica da Axencia. Integrados por preto de 2.800 socias para o estudo dos seus problemas, implicación na sociedade, realización de actividades e xeración de emprego, organizando varios anos a celebración con carácter provincial do “Día da Muller Rural” e, en 1996, as xornadas intercomarcais para mulleres rurais, tratando diversos e variados temas de interese.

Anecdotario

Sucedeu a finais da década dos anos setenta na aldea de Belquirime, do Concello de Vilamarín, estando Paz, a axente de economía doméstica da Axencia, impartindo unha charla ás mulleres do pobo sobre as propiedades do leite na alimentación humana e as características deste produto. Ao explicar que a acidez do leite servía de barreira impedindo a multiplicación excesiva de determinados microorganismos prexudiciais que o alteraban, actuando como antiséptico, e convertíanlo nun produto non consumible, unha das asistentes manifestouse espontaneamente do seguinte xeito:

Agora véxoo claro, así cando mazamos o leite o que estamos a facer e matar os seus microbios co pau.

Naquela época en moitas explotacións con gando vacún mazábase o leite nun recipiente cunha argallada de madeira, a rodela, coa que se batía repetidamente, para poder extraer posteriormente a tona. Desta forma tamén aumentaba o grao de acidez do leite.

Fotografías de actividades



Visita dos participantes nun cursiño da comarca a unha explotación cunícola en Navarra en setembro de 1994. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Actos e exposición de traballos con motivo da celebración do Día da Muller Rural en Oira-Ourense o 02/10/1993. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

10.- Axencia Comarcal da Pobra de Trives (Nº. 264).

Creación

Foi creada oficialmente en 1964, co número 264, entrando en funcionamento o 15 de xuño de 1965 coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse na planta baixa da casa do Concello, no Paseo San Roque, 4, mediante cesión, dende a súa apertura ata a desaparición do SEA, permanecendo nas súas instalacións na actualidade a Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que procedeu á apertura da Axencia foi o perito agrícola, natural de Fuentesrobledo de Salvatierra (Salamanca), Cipriano Vivas Vivas, procedente da Axencia de Ponteareas (Pontevedra), que exerceu o cargo ata o ano 1969, no que pasou á excedencia para traballar como técnico de UTECO-Ourense.

Foi substituído polo perito agrícola, natural de Valladolid, Juan Francisco Uña Castaño, procedente da Axencia do Barco de Valdeorras, que se incorporou no mes de xaneiro 1970 e se mantivo ata o ano 1973, no que se trasladou fóra de Galicia, probablemente a Madrid.

Durante os anos 1974 a 1979 exerceu a xefatura o axente e perito agrícola Carlos Rodríguez Rodríguez, procedente da Axencia de Maceda, que marchou posteriormente a Toledo. Tomou o relevo o enxeñeiro técnico agrícola Miguel Ángel Rodríguez López, natural de Portomarín (Lugo), procedente da Axencia de Maceda, dende 1979 ata 1981, no que pasou á Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda en Pontevedra como técnico do Catastro.

O último xefe da Axencia foi o capataz agrícola Constantino Martínez Fernández, natural de Almansa (Albacete), anteriormente axente comarcal na Axencia, dende 1981 ata a desaparición do SEA. Na actualidade prosegue na Oficina Agraria Comarcal da localidade, estando preto da xubilación. Constantino é posuidor da medalla do Mérito Agrícola na súa categoría de oficial, concedida polo xefe do Estado no ano 1969, recibíndoa das mans do entón presidente das Cortes Españolas D. Alejandro Rodríguez de Valcárcel no Palacio do Pardo.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: Constantino Martínez Fernández.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Sagrario Herminia Rilo Mato.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia no posto anteriormente ocupado polo axente axudante ou comarcal: Julián Ferreiro Fandiño, enxeñeiro técnico agrícola.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Rosario Alonso Álvarez, dende a apertura da Axencia ata a desaparición do SEA, xubilándose na Oficina Agraria Comarcal no ano 2003.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Miguel Rodicio Quevedo, procedente da de San Xoán de Río, e Francisco Rodríguez Rodríguez, da de Chandrexa de Queixa.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: Elio Vences Campo, Ana María González Tizón, María Olga Rodríguez Romero, José Justo González Ramos, Margarita Álvarez Fernández e Manuel Borrajo Iglesias.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Eduardo Gallo Díaz e Ana Purificación, os dous enxeñeiros técnicos agrícolas e bolseiros.

Outro persoal da comarca que colaborou coa Axencia, mediante contrato, en campañas de axudas da PAC: Juan Castro Rodríguez, Juan Antonio Gómez Fernández, María Isabel Basallo Gil e Hermelinda Rodríguez Carrera.

Limpadora: Concepción Martínez Álvarez.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes concellos: Chandrexa de Queixa, Manzaneda, A Pobra de Trives e San Xoán de Río. A superficie territorial era de 431,70 km², na que se integraban 56 parroquias e 190 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 2.793, cunha superficie de 40.371 ha e 77.213 parcelas, co que resultaba unha media de 28 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 4. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 357; entre 0,5 e 1: 286; entre 1 e 2: 435; entre 2 e 5: 844; entre 5 e 10: 500; entre 10 e 20: 226; entre

20 e 50: 82; entre 50 e 100: 48; entre 100 e 200: 2; entre 200 e 500: 3; entre 500 e 1.000: 0; e de máis de 1.000: 6. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non tiñan sido devoltos ás comunidades.

Na actualización no ano 1972 do estudo de comarca da Axencia figuraban un total de 2.715 explotacións, cunha superficie agraria útil media por explotación de 6,60 ha e unha superficie total media de 12,65 ha, sendo o número total de cabezas de gando vacún de 5.478. Estas explotacións tiñan as seguintes orientacións produtivas: 2.285 a gando vacún mixto con predominancia da carne, cun total de 5.478 cabezas; 270 a gando ovino-caprino, con 12.018 cabezas; 140 a cultivo de viñedo, con 128 ha; 14 a fruticultura, con 15,30 ha; 4 avícolas sen terra, con 50.000 aves; e 2 a gando porcino, con 200 animais.

No ano 2002, cando se suprime o SEA os datos son os seguintes: o número de explotacións agrarias reduciuse de forma significativa a un total de 998 explotacións, coas seguintes orientacións produtivas: 9 a vacún de leite, con 196 cabezas; 692 a vacún de carne, con 4.152 cabezas; 178 a ovino-caprino, con 6.955; 110 a cultivo de viñedo, con 84 ha; 6 a avicultura sen terra, con 90.000 aves; e 3 a gando porcino, con 400 animais.

Actuacións máis destacadas

A actuación da Axencia estivo orientada fundamentalmente nos campos de traballo coas comunidades, explotacións e familias, tendo presente que un 95% das agrarias vivían dos ingresos proporcionados polas explotacións, complementados nun 65% dos casos cos obtidos dos subsidios de xubilación dos avós e cabezas de familia, ou dos recibidos da emigración dalgún dos seus compoñentes.

No traballo coas explotacións agrarias cómpre salientar o intenso labor levado a cabo na mellora das explotacións, fundamentalmente mediante campañas que tiveron como finalidade a reconversión e sementeira de pradeiras artificiais, a fertilización de pradeiras naturais, o ensilado de forraxes ao baleiro, a plantación de froiteiras de óso e pebida; o saneamento do gando vacún e ovino-caprino, a mellora da alimentación do gando vacún e a mellora da calidade do leite; complementadas todas elas coa mellora dos

sistemas de explotación e das construcións para o aloxamento do gando.

Debe destacarse a meticulosidade posta en práctica para o deseño destas últimas polo axente Constantino Martínez, que persoalmente confeccionaba en papel milimetrado todos os seus planos sempre que así se lle requiría, ben por ser necesario para un plan de mellora, unha tarefa de empresa ou para a incorporación dun mozo, servindo en última instancia para o seu deseño e execución, sen necesidade, nos tempos nos que os concellos non tiñan o nivel de esixencia normativa que na actualidade rexe para a concesión de licenzas de obras, de ter que confeccionar proxectos, que por outra banda serían, en canto ao seu custo, difíciles de abordar cos recursos económicos dos gandeiros daquel entón.

Outros aspectos traballados foron os relacionados coa mellora da produción forraxeira, a selección do gando e a mellora da súa reprodución e sanidade, establecendo obxectivos nos seus plans anuais de traballo para conseguir a fertilización axeitada dos prados naturais de acordo coa base técnica obtida no campo da experimentación do CRIDA 01 no Concello do Bolo, introdución de alternativas forraxeiras adecuadas, aplicación das técnicas de aproveitamento, conservación e utilización das forraxes, emprego de formulacións de pensos indicados como complemento das forraxes, utilización de reprodutores selectos, adopción de calendarios sanitarios e de reprodución e melloras de cortes e curros.

Tamén é de subliñar o traballo realizado no campo das comunidades, principalmente no aspecto do desenvolvemento de accións comunitarias de equipamentos de servizos básicos, pois aínda que as comunidades eran reducidas en poboación, e polo tanto escaseaba a man de obra e tamén os recursos económicos, o persoal destinado na Axencia soubo aplicar os principios e a metodoloxía na materia do SEA e implicalas na solución dos seus problemas, realizando múltiples actividades ao longo dos anos.

Por último, cabe destacar o traballo realizado no campo de actuación coas familias, principalmente nos aspectos da mellora da dieta na alimentación, na habitabilidade e equipamento das vivendas, así como na conservación e conxelación de alimentos.

A Axencia, durante todo o seu período de funcionamento, levou a cabo as seguintes actividades: 4.136 reunións, con 49.632 asistentes; 376 demostracións de método, con 3.760 asistentes; 34 demostracións de resultado; e 188 cursiños, con 4.136 asistentes.



Expositor do SEA na primeira feira agrícola comarcal organizada no ano 1968. (Foto facilitada por Lucila Presa)

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1980-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 116 accións, con 1.746 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 88 accións, con 1.440 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 124 accións, con 1.830 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 80 accións, con 1.349 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: 28 accións realizadas, con 731 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: 45 accións realizadas, con 830 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 54, con 2.043 familias afectadas. Clasificados: 54, con 2.043 familias afectadas. Con ordenanzas reguladoras: 14 comunidades. Superficies: 840 ha repoboadas, 19.295 ha non repoboadas, ningunha transformadas en pasteiro, total: 20.135 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 20, con 320 familias afectadas e un total de 2.859 cabras e 2.734 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 1, con 25 regantes e 40 ha afectadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 4, afectando a 297 explotacións e un total de 1.228.122 de litros/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Con orientación produtiva a gando vacún, proporcionando maiores ingresos o leite: 310 (24 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 6,87 ha e unha media de 5,94 UGM por explotación.

2) Con orientación produtiva a gando vacún extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 741 (165 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 10,66 ha e unha media de 8,40 UGM por explotación.

3) Con orientación produtiva a gando ovino: 11 (1 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 7,50 ha e unha media de 80 cabezas por explotación.

4) Con orientación produtiva de cultivos frutícolas (maceira e pereira): 53 (6 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1 ha.

5) Con orientación produtiva de cultivos frutícolas (castaña) complementada con viñedo: 263 (183 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 0,93 ha.

6) Con orientación produtiva de gando porcino (95% cebo e 5% cría): 3 a tempo completo, cunha media de 260 animais.

7) Cunícolas sen terra: 1 a tempo parcial, cunha media de 45 nais.

No campo de actuación coas familias:

O 95% das vivendas dispón de auga corrente.

O 84% das familias dispón de gas butano para cociñar e case 100% das vivendas de cociña de leña, que se utiliza no inverno como calefacción complementaria, aínda que un 8% das vivendas ten calefacción eléctrica, pertencendo a maioría a empregados de empresas hidroeléctricas instaladas na comarca. Un 40% dos fogares cobren as súas necesidades de calefacción con estufas de butano.

Un 75% das vivendas ten cuarto de baño.

Un 75% das familias dispón de televisión e tan só un 8,8% de lavadora automática.

Un 10% das explotacións gandeiras teñen as súas cortes illadas das vivendas.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 14 e 20 anos: 224 homes e 169 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 195 homes e 177 mulleres.

Número de mozos incorporados á actividade agraria: 18.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Pola actuación directa de Extensión conseguiuuse que: 146 núcleos de poboación e 1.426 familias instalasen a auga nas súas vivendas; 147 núcleos de poboación e 1.466 familias construísen as redes de sumidoiros para as súas vivendas; 140 núcleos de poboación e 1.395 familias pavimentasen as súas rúas; 299 familias de 26 núcleos de poboación melloraron o seu alumado público; 110 familias construíron ou melloraron camiños de acceso aos seus viñedos, nun total de 11,20 km; e 370 familias, de 12 núcleos de poboación, melloraron os seus regadíos nun total de 20,30 km.

Promoción e constitución de 17 teleclubs nos seguintes concellos e localidades: Chandrexa de Queixa; Casteligo, Paradesa, Acevedo e Re-

queixo; Manzaneda: Cernado, Requeixo, Languillo e Trabazos; A Pobra de Trives: Encomenda, Mendoia, Navea, Pena Petada, Pena Folenche e Sobrado; San Xoán de Río: Seoane de Argas, Medos e Abelaido.

Promoción e organización durante tres anos seguidos, a partir de 1968, da feira agrícola comarcal, con exposición de maquinaria agrícola, gando, casas comerciais de pesticidas e fertilizantes e produtos do campo obtidos na comarca.

Intervención coordinada co Instituto Nacional de Reforma y Desarrollo Agrario (IRYDA) na comarca de actuación especial Trives-Queixa, que se desenvolveu durante os anos 1972 a 1978, que afecta a sete concellos (non todos eles da comarca de actuación do SEA en Trives), sendo as liñas de actuación máis importantes abordadas as de rede viaria, regadíos, estruturas agrarias, mecanización, horticoltura e fruticultura, gandería, selección gandeira, mellora da infraestrutura social, explotacións auxiliares, estudo das posibilidades do gando ovino e das froiteiras de óso e pebida e industria.

Colaboración co Centro Investigación Forestal de Lourizán (Pontevedra) na realización dun estudo para a identificación e catalogación das variedades de castaña existentes en Galicia, dada a profusión de castiñeiros centenarios existentes na comarca, así como no establecemento e seguimento dun campo de ensaio, que se instalou na localidade da Mata (Manzaneda) no ano 1972 e se mantivo durante tres anos, sobre patróns de castiñeiros resistentes á tinta, que non deu resultados moi positivos.

Colaboración coa Fundación Barrié de la Maza nas campañas anuais de plantación de castiñeiros resistentes á tinta, que foron doados gratuitamente durante bastantes anos pola citada institución e recibidos con moito interese polos agricultores da bisbarra.

Información exhaustiva a todas as comunidades propietarias de montes veciñais en man común en relación á súa situación xurídica e administrativa e na elaboración de ordenanzas reguladoras de usos e aproveitamentos, realizándose un total de catro pasteiros nos montes de Parafita, Celeiros-Bozqueimado e Drados, pertencentes estes tres ao Concello de Chandrexa de Queixa, e no de

Coba, do da Pobra de Trives, cun total de 280 ha transformadas e 94 explotacións participantes.

Creación de tres grupos informais para a comercialización conxunta da castaña nas localidades de Borruga, Langullo e Soutipedre, todas elas do Concello de Manzaneda, cun total de 45 agricultores, que chegaron a comercializar en conxunto a Mercabarna a cantidade de 100.000 kg.

Constitución de cinco cooperativas e sociedades agrarias de transformación cun total de 86 socios, destacando a Cooperativa Raigada-85 en Manzaneda, dedicada ao engorde de xatos e integrada por 60 socios. Das restantes, dúas tiveron como actividade a explotación de gando ovino-caprino, nas localidades de Parafita e Drados do Concello de Chandrexa de Queixa, outra a viticultura, na localidade da Mata do Concello de Manzaneda, e a restante a de vacún de leite e carne na localidade de Medos no Concello de San Xoán de Río.

Establecemento dos circuítos de recollida de leite nos catro concellos de actuación, que comezaron a funcionar no ano 1972 e chegaron a afectar 297 explotacións e 2.010 cabezas, sendo naquel entón moi ben valorada esta iniciativa polas familias agrarias, que incrementaron o seu benestar social, mellorando os índices económicos das súas explotacións.

Posta en funcionamento do grupo SEXE de gando vacún na localidade da Pobra de Trives, integrado por 15 dos gandeiros máis progresistas da comarca nas dúas orientacións produtivas de leite e carne.

Constitución e funcionamento dos *planteles* masculinos de Extensión Agraria nas localidades de Coba e Mendoia, do Concello da Pobra de Trives, cun total de 31 *plantelistas*, que máis tarde funcionaron como de tarefas de empresa mediante actividades produtivas relacionadas coa cría de coellos, engorde de xatos e cría de cordeiros e cabritos.

Incorporación ao sector agrario de 119 mozos, segundo as seguintes orientacións produtivas: 13 a vacún de leite; 70 a vacún de carne; 22 a ovino-caprino; 6 a gando porcino; e 8 a avicultura.

Realización das seguintes viaxes educativas cos alumnos dos *planteles*: á Feira do Campo de Madrid os anos 1969, 1970, 1971 e 1973; e tamén a Madrid os anos 1969 e 1971 co obxecto de recoller os dous primeiros premios do Concurso Nacional de Tarefas Agrarias, entregados polo xefe do Estado no Palacio do Pardo.

O traballo coas familias nos seguintes aspectos: diversificación de especies e variedades nos hortos familiares, emprego dos excedentes de leite na elaboración de produtos lácteos de consumo familiar, introdución xeneralizada das conservas de froitas e hortalizas propias na alimentación da familia, capacitación na prevención de accidentes, primeiros auxilios e puericultura e colaboración na divulgación das campañas sobre medidas sanitarias, profilácticas e preventivas.

Creación de varios grupos de mulleres rurais, destacando o constituído na localidade de Sobrado, do Concello da Pobra de Trives, con 32 integrantes, que foron atendidas en actividades relacionadas co establecemento de hortos familiares, mellora da dieta alimenticia, habitabilidade, equipamento e mellora do entorno das vivendas, conservación de froitas e hortalizas, conxelación de alimentos e participación das mulleres na solución dos problemas das súas comunidades.

Anecdótico

As autoridades asistentes á inauguración da primeira feira agrícola comarcal, promovida polo SEA no ano 1968, quedaron tan sorprendidas da calidade e variedade das froitas e hortalizas expostas que incluso algunhas chegaron a expresar a dúbida de que realmente a súa procedencia fose da comarca trivesa. O xefe da Axencia, Cipriano Vivas Vivas, para despexar calquera mal entendido, comprometeuse a realizar un percorrido pola parroquia de Navea, do Concello da Pobra de Trives, onde quedaron verdadeiramente impresionadas da riqueza das froiteiras existentes e do esmero con que se coidaban os hortos, comprobando a veracidade do presentado na exposición. Hoxe en día sería imposible volvelo verificar, pois case todo se abandonou e desapareceu, unha verdadeira mágoa.

Tamén nos tempos como xefe da Axencia Cipriano Vivas, este requiriu, para a realización de

demostracións de recolección de centeo, o apoio da Escola de Capacitación Agraria de Guísamo, que contaba cunha colleitadora de cereais que se puña a disposición das axencias que o solicitasen, encargándose o seu manexo a un experto capataz con destino no dito centro, Ricardo Mínguez Abajo, quen acudiu coa máquina a Trives no ano 1968 co obxecto de facer demostracións cerca da montaña de Manzaneda, onde as ditas máquinas, nin que dicir ten, eran totalmente descoñecidas.

Para o traslado da colleitadora dende Guísamo á comarca trivesa tívose que desmontar o seu peite dianteiro, que se transportaba acaroadado lateralmente á máquina polas estradas. O problema presentouse ao chegar ao destino, nunha afastada aldea, onde non existían talleres adecuados para volver adaptar a máquina para que puidese realizar a súa función. O dito peite, con todo o mecanismo para o corte e recollida da colleita, era unha grande e pesada peza, para cuxa manipulación se necesitaba un guindastre, co fin de sostelo mentres se retiraba e se colocaba de novo na posición de traballo. A situación parecía complicada, pero un dos veciños presentes comentou, ante o asombro do persoal de Extensión, que non había problema e pediu que esperasen un pouco, tras o que desapareceu. Ao rato, xunto co desaparecido, presentáronse uns corenta homes, que soportaron nos seus brazos o peso do peite da colleitadora, co que Ricardo puído ensamblar os seus bulóns, colocalo na posición de traballo e comezar as demostracións para as que foi requirido. O traballo da máquina, que segaba, trillaba e ensacaba, parecíalles case un milagre aos asistentes, que se sentiron recompensados do seu esforzo polo que estaban a contemplar.

11.- Axencia Comarcal de Ribadavia (Nº. 436).

Creación

Foi creada o 05/04/1967, co número 436, entrando en funcionamento en decembro do ano 1967 coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse nun principio, mediante cesión, no edificio A Fundación, na rúa Santiago, sita no barrio xudeu, rexentado polo Concello de Ribadavia, no que hoxe en día se encontra situado o Museo Etnolóxico e Etnográfico de Ribadavia, permanecendo neste local ata o ano 1971.



Edificios das dúas últimas localizacións da Axencia de Extensión Agraria de Ribadavia. (Autor: José M. Pérez)

Logo trasladouse a un baixo alugado sito no número 1 da rúa García Penedo, que dá acceso á Praza Maior, onde se mantivo ata finais do ano 1974, pasando a instalarse no número 44 da rúa San Martiño, nun primeiro andar alugado, onde permaneceu ata finais de 1997. A partir desa data trasladouse a un baixo, tamén alugado, acondicionado para a actividade propia da Axencia e con aula para a realización de cursos, situado na Travesía do Ribeiro, 3, onde permaneceu ata a desaparición do SEA, aínda que posteriormente a sucesora Oficina Agraria Comarcal trasladouse ao primeiro andar do Centro de Desenvolvemento Comarcal sito na avenida de Redondela, 3, onde prosegue instalada na actualidade.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que procedeu á apertura da Axencia foi o perito agrícola, natural de Escairón-Monforte de Lemos (Lugo), José Antonio Yglesias Prieto († 08/07/1995), procedente da Axencia do Barco de Valdeorras, dende o 20/09/1967 ata 1980, no que foi nomeado especialista en vitivinicultura con sede en Ourense.

Durante o tempo comprendido entre maio de 1977 e xaneiro de 1978 exerceu a xefatura provisionalmente o axente salmantino Lorenzo Hernández Rodríguez, destinado na Axencia Comarcal de Lalín (Pontevedra), por estar sancionado José Antonio Yglesias debido a presentarse ás primeiras eleccións municipais da etapa predemocrática, ao considerar a dirección do SEA que os axentes non deberían participar como membros elixibles na localidade de destino, para non perderen a súa independencia, sendo posteriormente restituído.

Tomou o relevo provisionalmente á marcha de José Antonio Yglesias o enxeñeiro técnico agrícola Francisco José Rego Martínez, axente comarcal na mesma Axencia e natural de Ribeiras do Sor-Mañón (A Coruña), ata a incorporación en 1981 do ganador da praza no oportuno concurso, que resultou ser o asturiano José Roberto Fernández Argul, procedente da Axencia de Vegadeo (Asturias), que permaneceu no posto ata o ano 1985.

Foi substituído polo enxeñeiro técnico agrícola Atilano Soto Soto, natural de Peñafuente-Grandas de Salime (Asturias), procedente da Axencia de Ferrol (A Coruña), que se incorporou en setembro de 1986 e estivo ata abril de 1987, no que pasa a desempeñar igual cargo na Axencia de Allariz.

Axentes comarcais con nomeamento específico do SEA estatal: José Rogelio Pombo Carrillo e Francisco José Rego Martínez.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: María Isabel Garrido Blanco.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia e axente axudante ou comarcal: Xosé Carballido Presas e Miguel González Groba, ambos os dous enxeñeiros técnicos agrícolas, Carlos Antonio Álvarez Castro, capataz forestal,

e Ovidio Veloso Montero, este último tamén enxeñeiro técnico agrícola.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Isolina Rionegro Fariña.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Antonio Carrasco Carrasco, procedente da de Cenlle, Luis Gonzaga Giráldez Fernández, da de Carballeda de Avia, Raúl González Domínguez, da de Ribadavia, e Gumersinda Rodríguez Soto, da de Castrelo de Miño.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia: José Higinio Vázquez Martínez e Ángela Álvarez.

Persoal en prácticas doutros países: Fernando Nguema Edjana e Miguel Ndong Nsue, axentes ecuatoguineanos, nos anos 1983 e 1984, respectivamente.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Benito Múñiz Hermida († 15/05/2007), Ana María Ribeiro Fernández, Eduardo Aldeanueva Potel e María Luisa Granja, todos eles bolseiros e enxeñeiros técnicos agrícolas.

Limpadoras/es: Brígida Troncoso Estévez, María Luz Martínez Valeira, Benita Fernández López e Inocencio Fernández Araujo.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes dez concellos: A Arnoia, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón, Pontevedra e Ribadavia. A superficie territorial era de 296,50 km², na que se integraban 57 parroquias e 298 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 8.964, cunha superficie de 26.101 ha e 241.015 parcelas, co que resultaba unha media de 27 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 12. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 2.668; entre 0,5 e 1: 2.534; entre 1 e 2: 2.379; entre 2 e 5: 1.187; entre 5 e 10: 124; entre 10 e 20: 17; entre 20 e 50: 15; entre 50 e 100: 5; entre 100 e 200: 7; entre 200 e 500: 8; entre 500 e 1.000: 1; e de máis de 1.000: 7. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en

man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Actuacións máis destacadas

A actuación da Axencia estivo orientada fundamentalmente ao traballo coas explotacións con actividade vitícola, por tratarse dunha das comarcas de Galicia na que o cultivo do viñado estaba implantado na inmensa maioría das explotacións. Isto permitiu aos axentes que traballaron nesta dependencia especializarse nas súas técnicas culturais e máis nas de elaboración dos viños, os cales eran producidos nun principio de forma xeral nas adegas das propias explotacións, con obtención de resultados moi diversos, pois os agricultores eran, en termos xerais, bos viticultores pero mediocres elaboradores, conseguindo ser algúns deles recoñecidos como autoridades na materia.



Panorámicas da comarca de traballo, cunha paisaxe e xeografía tipicamente vitícolas. (Autor: José M. Pérez, as da esquerda; baixadas da internet a de arriba)

O asesoramento da Axencia, moi en colaboración coa estación enolóxica dende a súa instauración, nos aspectos de plantación, reestruturación, reposición de marras, condución, fertilización, tratamento de pragas e enfermidades, actuación contra os efectos da xeadas no viñado, así como no de modernización de adegas e das técnicas de elaboración dos viños e da súa análise, engadido ao intenso labor de capacitación mediante cursos realizados a partir dos anos oitenta, foi cotián, logrando a evolución da vitivinicultura do Ribeiro ata o grao que ten na actualidade, onde desapareceu practicamente a elaboración artesanal e unha superficie importante de viñado reestruturouse, elaborándose os viños en adegas con tecnoloxía avanzada. Hoxe en día, a produción media da denominación de orixe é de 14 millóns de kg de uva branca e 2 millóns de kg de uva tinta, que é elaborada por 115 adegas, das cales 84 acóllense á figura de “Adega de Colleiteiro” (elaboran a partir de uvas da súa propiedade, non podendo mercar uva e non excedéndose dun límite máximo de produción de 60.000 litros) e 31 son adegas de tipo industrial. No Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeiro, que abarca un territorio máis amplo que o da comarca da Axencia, están inscritas neste momento 2.731 ha pertencentes a 6.022 viticultores.

Neste traballo colaborouse sempre coa Adega Cooperativa do Ribeiro, especialmente de forma moi coordinada nas últimas etapas.

Tamén traballou a Axencia, por presentar posibilidades á comarca, no desenvolvemento da fruticultura e horticoltura, conseguindo a creación da Cooperativa San Salvador da Arnoia, que orientou a súa actividade cara ao cultivo do ecotipo de pemento propio da zona e que segue

o seu funcionamento na actualidade. Na promoción e constitución desta cooperativa a Axencia foi apoiada polos curas da localidade Ignacio Gómez Lois e Antonio Fernández Cid.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 140 accións, con 5.326 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 29 accións, con 2.701 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 199 accións, con 6.751 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 164 accións, con 5.491 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 68, con 5.055 familias afectadas. Clasificados: 58, con 3.461 familias afectadas. Con ordenanzas reguladoras: 21 comunidades, con 1.694 comeneiros afectados. Superficies: 2.847 ha repoboadas, 4.016 ha non repoboadas, ningunha transformadas en pasteiro, total: 6.863 ha.

c) Cooperación:

Regadíos comunitarios existentes: 102, con 2.987 regantes e 467 ha afectadas; mellorados 16, con 800 regantes e 106 ha.

Postos de aplicación de inseminación artificial existentes: 2, pertencentes a circuítos integrados cos doutras comarcas, utilizados por un total de 1.025 vacas.

Cooperativas existentes: 2, cun total de 1.025 socios. Unha delas, a Cooperativa da Arnoia, dedicada á produción e comercialización do pe-

mento do mesmo nome, cun volume de 300.000 kg/ano; a outra, a Adegas Cooperativas do Ribeiro, dedicada á elaboración e comercialización de viño, cun volume de 4.000.000 l/ano.

d) Comercialización:

Circuítos de recollida de leite existentes: 1, afectando a 61 explotacións e un total de 30.000 de litros/ano.

Outras empresas dedicadas á elaboración e comercialización de viños: 15, cun volume total de 3.300.000 l/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) De subsistencia dedicadas á agricultura xeral (un pouco de todo), complementada con viñado, vendendo en ocasións excedentes: 1.209 (185 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,29 ha e unha media de 1,49 UGM por explotación.

2) Con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados por leite e carne e con venda de esterco para o viñado: 769 (84 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,81 ha e unha media de 2,88 UGM por explotación.

3) Con orientación produtiva vitícola practicamente única: 4.122 (657 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 0,97 ha.

4) Con orientación produtiva principal a viveiros de viña, complementada con cultivos de horta, fundamentalmente pemento no Concello da Arnoia: 284 (12 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,05 ha e unha media de 0,38 UGM por explotación.

5) De subsistencia dedicadas ao cultivo do viñado complementada con gando vacún, vendendo en ocasións excedentes de uva, viño, augardente, leite e xatos: 570 (61 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,15 ha e unha media de 1,30 UGM por explotación.

6) Con orientación produtiva de gando porcino (85% cebo e 15% cría): 13 a tempo completo, cunha media de 485 animais.

7) Avícolas sen terra (46% poñedoras e 54% polos de engorde): 96 a tempo completo, cunha media de 11.350 aves.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias existentes: 7.660.

Número de familias agrarias: 6.211.

Número de familias que exercen a actividade agraria a tempo parcial: 999.

Número de pensionistas: 3.209.

Número de casas reformadas ou novas: 3.832.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 569 homes e 627 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 348 homes e 386 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 275 homes e 322 mulleres.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Colaboración na organización das primeiras feiras do viño do Ribeiro, nas que Extensión Agraria tamén montaba o seu expositor e o seu persoal atendía consultas e entregaba todo tipo de follas divulgadoras.

Participación importante na elaboración e desenvolvemento do Plan de Calidade dos Viños Galegos.

Realización dun estudo para a tipificación dos solos vitícolas da bisbarra en canto á adaptación dos diferentes portaenxertos existentes.

Establecemento de dous campos de ensaio, sobre os tipos de solo máis representativos da comarca, cos portaenxertos máis comúns e as castes selectas máis útiles, co fin de determinar as combinacións portaenxertos-viníferas autóctonas de maior rendibilidade e mellor calidade potencial, divulgando os resultados en toda a bisbarra.

Colaboración no deseño e seguimento dos campos de ensaio sobre portaenxertos, variedades, sistemas de conducción, fertilización e tratamentos da vide establecidos no predio da Estación Enolóxica de Galicia, situada no Concello de Leiro, pertencente á comarca.

Realización dunha enquisa-estudo sobre os distintos sistemas de elaboración de viño e as súas características analíticas.

Mellora da alternativa forraxeira en 100 explotacións, afectando a unhas 200 ha.

Campaña de divulgación a todas as explotacións da bisbarra da conveniencia de utilización do seme da raza rubia galega, co obxecto de lograr a reabsorción da mestizaxe existente.

O traballo coas familias nos seguintes aspectos: instalación de cuartos de baño, dotación de equipos calefactores da auga de consumo doméstico, mellora das condicións de habitabilidade e confort das vivendas, dotación de electrodomésticos e mobiliario para racionalizar o traballo da muller no fogar, mellora dos hortos e granxas familiares, capacitación teórica e práctica en alimentación equilibrada, información e colaboración en campañas sanitarias (cloración de augas de consumo, vacinacións, etc.), riscos na manipulación de produtos fitosanitarios e información sobre diferentes aspectos (seguridade social, educación dos fillos, etc.).

Creación de cinco *planteles* femininos de Extensión Agraria, nas localidades da Laxa e Outeiro Cruz (Concello da Arnoia), Meréns (Concello de Cortegada) e Sampaio e San Cristovo (Concello de Ribadavia), cun total superior ás 125 plantelistas.

Colaboración dos axentes de Extensión Agraria, desenvolvendo as clases de tecnoloxía, coa Escola Familiar Agraria de Ribadavia, que impartía a formación profesional de primeiro grao na rama agraria.

Creación de 29 grupos de mulleres rurais, que primeiro funcionaron como informais e posteriormente se constituíron formalmente, na súa maioría, como asociacións de mulleres rurais, algunhas delas integradas con ámbito municipal, nos seguintes concellos e localidades, totalizando máis de 550 asociadas:

Concello da Arnoia: A Laxa, Outeiro Cruz, Ponte e Pumar, Remuíño e Reza, constituídos finalmente como Asociación Integrada de Mulleres Rurais da Arnoia.

Concello de Carballeda de Avia: Abelenda das Penas e Carballeda de Avia, que constituíron máis tarde as súas respectivas asociacións de carácter formal.

Concello de Castrelo de Miño: Astariz e Barral, integrados e constituídos finalmente como Asociación Integrada de Mulleres Rurais de Castrelo de Miño; e Macendo, que pasou tamén a ser asociación diferenciada.

Concello de Cenlle: Cenlle, Barbantes Estación e Laiás, este último constituído ao final en asociación formal.

Concello de Cortegada: Meréns, Valongo, Refoxos e Zaparín.

Concello de Leiro: Gomariz, Lebosende, Orega e San Clodio, integrados e constituídos máis tarde como Asociación de Mulleres Rurais de Leiro; e Berán e Paredes, que tamén se constituíron independentemente as súas respectivas asociacións.

Concello de Melón: Quins.

Concello de Ribadavia: Francelos, Prexegueiro, Sampaio, San Andrés e San Cristovo, integrados e constituídos ao final como Asociación de Mulleres Rurais de Ribadavia.

As integrantes destes grupos realizaron, baixo a coordinación de Extensión Agraria, numerosas viaxes educativas por toda a xeografía española e de Portugal, ao igual que os agricultores participantes nos numerosos cursos de cualificación empresarial en viticultura e enoloxía, de 200 horas de duración, que organizou a Axencia todos os anos dende o comezo da reestruturación do viñado na comarca, contando coa colaboración da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia e da Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro e obtendo un notable éxito de participación e de resultados, que visitaron a maioría das denominacións de orixe existentes en España acompañados do profesorado participante nos cursos, a maioría deles axentes de Extensión Agraria ou técnicos da Estación Enolóxica.

Anecdótico

O local no que se abriu a Axencia estaba nun edificio nobre pero en deficiente estado de conservación, onde a Axencia ocupaba o primeiro andar, ao que se accedía por unha ampla esca-

leira de pedra sen ningún tipo de iluminación. Comentando coa entón auxiliar administrativa da Axencia, Isolina Rionegro Fariña, as diferenzas con respecto ás comodidades actuais das dependencias administrativas, lembraba que as deficiencias e dificultades, que eran moitas, se asumían, naquel entón, sen poñer trabas de ningunha clase e con ilusión e ánimo de superación, quizais concienciados os traballadores de Extensión de que a maioría das familias rurais vivían e desenvolvían o seu traballo aínda en peores condicións.

Enriba do local cedido á Axencia, que practicamente era un só salón sinistro e corrido, dividido por un biombo, vivía a señora contratada para a limpeza da oficina. Cando chovía, a auga, que pasaba directamente do tellado ao seu piso, terminaba por filtrarse ao inferior, co que, cando paraba, o primeiro que facía era recollela no seu piso e logo baixaba á Axencia, a calquera hora, para rematar a faena.

Tamén habitaban o edificio outros personaxes singulares. Un deles era “Orosia dos trapos”, así coñecida en Ribadavia pola a súa afección a recoller todo tipo de trapos vellos e a montar, determinados días, o negocio da súa venda no portal do edificio, no que estendía e amontoaba, sen deixar ningunha abertura polo que poder pasar, a súa particular mercancía, pola que, saltando e trepando, tiñan pasar todos os que acudían á Axencia, funcionarios e agricultores, entre eles Isolina, a que, superada a xincana de obstáculos, procedía de inmediato a acender a lanterna, da que sempre ía provista, para subir á oficina sen tropezar pola escura escaleira.

Outra persoa que “habitaba” o edificio era un pintor de brocha gorda con poucos medios, autorizado polo Concello para durmir no portal nun colchón que recollía a diario. Isolina, que normalmente era a persoa que chegaba primeiro e abría a Axencia, a única precaución que tomaba era a de procurar acceder cando xa o dormitorio estaba recollido.

Outra anécdota que recorda o persoal da Axencia foi a protagonizada polo primeiro axente ecuatoguineano dos dous que estiveron de prácticas. Sucedeu que nunha das múltiples saídas ao campo que realizaron con el, para que coñecese a comarca e o traballo de Extensión, pararon o coche para falar cunha familia que estaba a

estercar unha leira preto da estrada. O estrume tíñano amontoado nun resaído e dende alí, cunha carretilla, unha muller cargábao, transportábao e vertíao na eira. O guineano sorprendeu da operación e en particular do servizo prestado pola carretilla, medio de transporte que ao parecer descoñecía, e terminou por preguntar á paisana o nome do aparello. *Carretilla*, dixo esta. Ao que o guineano respondeu: *Moi ben, grazas, entón en Guinea, no meu país, as mulleres son carretillas.*

Noticias de prensa e fotografías de actividades



Actividades organizadas pola Axencia. (Recortes de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Alumnos do curso de 200 horas sobre vitivinicultura, desenvolvido no ano 1993, en visita a explotacións vitícolas na zona de Alella (Barcelona). (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)



Clausura nas instalacións do Hotel Auriense de Ourense do curso de 200 horas sobre hortofruticultura, de carácter intercomarcal, desenvolvido durante o ano 1993. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Xornadas sobre desenvolvemento rural e cooperativismo organizadas para as asociacións de mulleres rurais. (Fotos facilitadas por M. Isabel Garrido)

12.- Axencia Comarcal da Rúa (Nº. 621).

Creación

Foi creada oficialmente no mes de novembro 1970, co número 621, entrando en funcionamento no de agosto de 1971 coa incorporación do seu primeiro xefe.

Instalouse inicialmente nun despacho cedido no primeiro andar da antiga casa do Concello, sito no número 2 da rúa Velázquez, tan só durante uns meses do ano 1971. Logo pasou a un baixo alugado sito na rúa Rosalía de Castro, onde permaneceu ata o ano 1983, no que de novo se trasladou, tamén mediante cesión, ao baixo da reformada casa do Concello, local que na actualidade é utilizado pola Oficina Agraria Comarcal.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O axente que abriu a Axencia foi o enxeñeiro técnico agrícola Felipe Galán Mateos, natural de Arenas de Sampedro (Ávila) e procedente da Axencia de Sotillo de la Adrada (Ávila), que permaneceu no posto dende agosto de 1971 ata o ano 1975, no que pasou á Axencia de Xinzo de Limia.

Substituíuno o enxeñeiro técnico agrícola madrileño José Pedraza Montero, procedente da Axencia do Barco de Valdeorras, que se incorporou no ano 1976 e estivo ata 1980, no que pasou a ocupar o mesmo cargo na Axencia de Jadraque (Guadalaxara).

Tomou o relevo o enxeñeiro técnico agrícola Manuel Alfonso Losada Quiroga, natural de Tuiriz-Ferreira de Pantón (Lugo), procedente da Axencia Comarcal de Bande (Ourense), que se mantivo dende o ano 1981 ata 1990, no que pasou á Estación Enolóxica de Galicia en Leiro (Ourense).

Durante os períodos de transición a Axencia foi levada nos asuntos técnicos polo persoal da do Barco de Valdeorras, pois sempre careceu de axente comarcal.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia no posto anteriormente ocupado polo xefe da Axencia: María de los Ángeles Alonso Álvarez, enxeñeira técnica agrícola.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: María del Pilar Vázquez Sánchez, Olga Cuíña Vence e María Amadora Rodríguez Carreira.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: José Antonio Rollón Pérez, proveniente da cámara da Rúa.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia: María de los Ángeles Rodríguez Mariñas.

Limpadora: María del Carmen Espinel Rodríguez.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes catro concellos: O Bolo, Larouco, Petín e A Rúa. A superficie territorial era de 181,30 km², na que se integraban 31 parroquias e 56 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 2.834, cunha superficie de 14.448 ha e 66.038 parcelas, co que resultaba unha media de 23 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran só 1. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 368; entre 0,5 e 1: 528; entre 1 e 2: 668; entre 2 e 5: 860; entre 5 e 10: 293; entre 10 e 20: 82; entre 20 e 50: 25; entre 50 e 100: 0; entre 100 e 200: 0; entre 200 e 500: 3; entre 500 e 1.000: 4; e de máis de 1.000: 2. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Actuacións máis destacadas

Dentro da liña de actuación coas comunidades o programa máis destacado foi o das accións comunitarias para resolver os problemas colectivos básicos, incidindo fundamentalmente nos abastecementos domiciliarios de auga.

No campo das explotacións o principal tivo que ver coa reestruturación do viñado e a mellora da elaboración dos viños, en coordinación coa Axencia do Barco de Valdeorras e con base nos resultados dos campos de ensaio e experimentación promovidos e asesorados por ambas as

dúas dependencias. Xa no ano 1973 comezouse por realizar unha primeira catalogación das variedades autóctonas existentes na comarca, facéndose as primeiras microvinificacións. A superficie reestruturada de viñado no conxunto da comarca valdeorresa cando se suprime o SEA era de 600 ha, sendo practicamente asesorada na súa totalidade a pertencente á demarcación territorial da Axencia en canto a sistemas de plantación, portaenxertos, castes, fertilización, podas, mecanización, tratamentos e época de recolección axeitada.

Tamén tivo importancia o programa de desenvolvemento da fruticultura, principalmente mediante plantacións regulares de maceiras, que chegou a alcanzar unha superficie no total da comarca valdeorresa de 40 ha e no que participaron uns 32 agricultores, así como o do cultivo forzado de horta e flor, comezado este último no ano 1972 mediante a instalación do primeiro invernadoiro da bisbarra na localidade de Barxa (O Bolo), dedicado á produción en alcouves de plantas e á de flor.

Moitas das novas adegas naceron baixo a fórmula xurídica de SAT, sendo asesoradas para a súa constitución pola Axencia, e posteriormente tamén nos procesos produtivos, cando aínda non estaba implantada a figura do enólogo particular contratado para esta finalidade.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 36 accións, con 3.125 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 21 accións, con 2.622 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 46 accións, con 3.423 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos: executadas 15 accións, con 2.293 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 7, con 3.351 familias afectadas. Clasificados: 7, con 3.351 familias afectadas. Con ordenanzas reguladoras: 5 comunidades, con 3.149 comuneiros afectados. Superficies: 558 ha repoboadas, 2.562 ha non repoboadas, ningunha transformadas en pasteiro, total: 3.220 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 13, con 152 familias afectadas e un total de 240 cabras e 1.430 ovelas.

Regadíos comunitarios existentes: 10, con 1.100 regantes e 30 ha afectadas.

d) Comercialización:

Cooperativas existentes: 2, tratándose de adegas cooperativas cun total de 1.100 socios e un volume de 7.000.000 de kg/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Con orientación produtiva a gando vacún extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 38 (27 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 6,71 ha e unha media de 3,41 UGM por explotación.

2) Con orientación de vacún de leite e dúas ovelas de media, complementada con castiñeiros e viñado: 544 (460 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 5,83 ha e unha media de 3 UGM por explotación.

3) Con orientación produtiva a viñado como actividade practicamente única: 1.259 (1.141 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,40 ha.

4) Con orientación produtiva de cultivos frutícolas (maceira): 1 a tempo completo, cunha superficie de 2,50 ha.

5) Con orientación produtiva de cultivos frutícolas (maceira), vitícola e avícola (polos de engorde): 2 a tempo completo, cunha superficie

media de 2,49 ha e unha media de 130.000 aves por explotación.

6) Con orientación produtiva de gando porcino (ciclo completo): 2 a tempo completo, cunha media de 125 femias nais por explotación.

7) Avícolas sen terra (polos de engorde): 1 a tempo completo, con 12.000 polos.

8) Cunícolas sen terra: 1 a tempo completo, con 500 femias nais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 3.830.

Número de familias agrarias: 1.976.

Número de familias agrarias con actividade a tempo parcial: 1.168.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 173 homes e 172 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 157 homes e 138 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 121 homes e 74 mulleres.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

A maioría dos abastecementos domiciliarios de auga realizáronse durante a década dos anos setenta coa promoción e asesoramento da Axencia e baixo o réxime de accións comunitarias executadas polos propios veciños, practicamente en todos os pobos dos catro municipios da comarca, agás nos núcleos das súas cabeceiras. Pola súa transcendencia e importancia resultan destacables as dúas seguintes: o abastecemento domiciliario de auga e rede de sumidoiros, con instalación de fosas de residuos, para máis de 100 veciños, na localidade de Santa Cruz (O Bolo), cunha captación de auga distante uns cinco quilómetros, e a tamén a traída de augas a Celavente (O Bolo), na que houbo que realizar unha repartición proporcional para tres núcleos.

A principios da década dos setenta e durante tres anos consecutivos a Axencia mantivo, coa colaboración de viticultores destacados da bisbarra, un servizo experimental de avisos antimildio

en viñedo, axustando as táboas dos índices existentes para outras latitudes e divulgando as datas oportunas para efectuar os tratamentos pola comarca.

Participación importante na elaboración e desenvolvemento do Plan de Calidade dos Viños Galegos.

Outra das actuacións destacadas foi o traballo da Axencia nas campañas para a divulgación dos millos híbridos, facilitando asesoramento nos ciclos indicados para a comarca e nas técnicas culturais do seu cultivo, con especial incidencia na fertilización.

A Axencia organizou a primeira feira-exposición de Valdeorras dedicada ao viño.

Na programación por áreas naturais mantida ata comezos de 2002, a Axencia participou, a partir do ano 1996, no SEXE de explotacións vitícolas creado en conxunto coa Axencia do Barco de Valdeorras, no que se integraron os 10 participantes desta comarca. Os datos recollidos remitíanse á Axencia de Ribadavia, que actuaba como coordinadora provincial de todos os obtidos nesta actividade produtiva e realizaba o tratamento e a súa análise, sendo posteriormente difundidos na comarca.

Existiu un grupo de amas de casa, na mesma localidade da Rúa e integrado por 40 persoas, que era atendido, en coordinación coa Axencia, pola axente de economía doméstica da Axencia do Barco de Valdeorras.

Organización das seguintes viaxes, con asistentes a cursiños e integrantes do grupo SEXE ao longo de toda a actuación da Axencia, para coñecer experiencias e novas tecnoloxías. De tipo xeral á Feira do Campo en Madrid, explotacións de gando vacún a Boñar (León) e viticultura a Toro (Zamora).

Anecdótico

Cando o axente Felipe Galán Mateos abre a Axencia no ano 1971 as disponibilidades para a cesión por algunha institución dun local axeitado son mínimas. A Axencia creouse coa denominación de “A Rúa-Petín”, quizais por aquilo de dispoñer ambas as dúas localidades, moi próximas entre si, dunha estación de ferrocarril situada na lo-

calidade da Rúa pero denominada e coñecida na xerxa ferroviaria co nome das dúas, de tal forma que para moitos descoñecedores da realidade tratábase dun só pobo, cando en realidade eran dous. Ben, pois na Rúa presentáronse dificultades para encontrar un local cedido para un primeiro asentamento da Axencia, mentres que en Petín, ao decatarse as súas autoridades do que estaba a acontecer, ofreceron varias opcións, mostrando unha mellor predisposición. Esta situación foi aproveitada por Felipe, que anunciou na Rúa a instalación da Axencia na localidade de Petín, pois o decreto da súa creación non determinaba en cal das dúas debía situarse, o que solucionou de inmediato o problema, acordándose pola vía rápida a cesión dun despacho na casa do Concello da Rúa.

O 28 de xuño de 1973 ou 1974, a memoria non lle permite recordar con exactitude o ano, o mesmo axente, Felipe Galán Mateos, encóntrase medindo no monte, pola tarde e xunto con varios veciños de Correxais (Vilamartín de Valdeorras), para obter os datos necesarios para o cálculo do orzamento da traída de augas á localidade. A tormenta ameaza e empeza a descargar, pero eles seguen co traballo. De súpeto, un raio alcánzaos e milagrosamente saen ilesos, grazas a que a fita métrica cae das mans chispeantes dos dous veciños que a portan cando toda ela se converte nun lume; o susto foi de categoría e recordarano para sempre.

Noticias de prensa e fotografías de actividades



Fotos enmarcadas dos acios da catalogación das variedades autóctonas realizada pola Axencia no ano 1973, formando parte da decoración da actual Oficina Agraria Comarcal. (Foto do arquivo de José M. Pérez)



Noticia na prensa sobre os préstamos de Capacitación Agraria a mozos da comarca e sobre un curso de formación. (Recorte do arquivo persoal de José M. Pérez)

13.- Axencia Comarcal de Verín (Nº. 2).

Creación

Foi creada oficialmente no mes de xuño de 1956, co número 2, na mesma data que as dez primeiras axencias de toda España, entre as que estaba co número 1 a de Negreira (A Coruña), entrando en funcionamento o 2 de setembro do antedito ano coa incorporación do seu primeiro xefe, sendo pois unha das primeiras que comezou a actividade en todo o Estado.

A creación da Axencia foi como consecuencia da solicitude formulada ao Ministerio de Agricultura polo gobernador civil de Ourense, avalada polas do Concello de Verín e maila da Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros tamén de

Verín, intentando o primeiro paliar así os problemas sociais derivados do inicio dos traballos de concentración parcelaria que por aquela época estaban a executar na zona de Tintores-Vilela do devandito Concello de Verín.



O primeiro xefe da Axencia, José Vázquez Álvarez, no centro, xunto co axente comarcal, Luis Llorente Llorente, á súa dereita, e outra persoa, no balcón da Axencia, no que pode observarse a placa metálica co anagrama identificativo do SEA. (Foto facilitada por Lucila Presa, viúva de Luis Llorente)

A conflictividade daquela primeira concentración parcelaria chegou ao punto, segundo testemuña do primeiro auxiliar administrativo da Axencia, xa desaparecido, que o gobernador civil tentara a posibilidade de levar a todas as mulleres e nenos de ambas as dúas localidades a unha especie de campo de concentración localizado en Tábara (Zamora), que parece tivo esa finalidade durante a guerra civil e máis na posguerra, aínda que por intervención das autoridades locais e outra xente influente do "Réxime" desistiuse ao final de tan desatinada intención.

Neste contexto de hostilidade cara a unha actuación da Administración naceu Extensión Agraria na bisbarra, á par que arrincaba o funcionamento real do entón Servizo de Extensión Agrícola no que se integraba a Axencia, que, pola contra, foi moi ben recibido e axiña ganou un recoñecido prestixio en toda a comarca de traballo.

A Axencia instalouse inicialmente nun local alugado polo Concello de Verín no número 22 da céntrica avenida de Portugal. Alí permaneceu preto dun ano, ata que se habilitou unha planta da á esquerda do edificio de "sindicatos" na rúa doutor Pedro González, número 5, ao carón da praza do Concello, xa que logo a referida planta foi concibida inicialmente como sanatorio da Seguridade Social, aínda que nunca chegou a

funcionar como tal. O réxime de utilización foi de cesión polo Ministerio de Traballo, que era o que administraba o patrimonio sindical.

En 1970, por decisión do entón xefe local da organización sindical, o señor Queimadelos, trasladouse á outra á do edificio, permanecendo alí ata o ano 2005, no que a Central Intersindical Galega (CIG) recuperou este espazo tras a correspondente repartición do patrimonio sindical, aínda que non moito antes, concretamente no ano 1993, se realizara un importante investimento pola Consellería de Agricultura para o seu acondicionamento.

Dende o ano 2005 ata a actualidade a Axencia, agora Oficina Agraria Comarcal, localízase na praza García Barbón, núm. 8, na planta alta do reformado mercado de abastos, mediante cesión polo Concello, despois de realizar a Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural outro importante investimento para a súa adecuación.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

José Vázquez Álvarez († 21/08/1994), perito agrícola, natural da Cañiza (Pontevedra), dende a apertura o 07/09/1956 ata 1960, no que pasou a ocupar o posto de axente de zona de Pontevedra e Ourense.

Luis Llorente Llorente († 25/01/1979), veterinario, natural de Mansilla Mayor (León), con anterioridade axente axudante na mesma Axencia, dende 1960 ata o 23/02/1967, no que pasou a ocupar o posto de axente da zona II, unidade provincial situada en principio en Verín e logo trasladada á cidade de Ourense.

Francisco Castrillón Quintana, capataz agrícola, natural de Santa Eulalia de Oscos (Asturias), axente axudante na mesma Axencia, dende 1967 ata 1972, no que pasou a desempeñar o posto de especialista en xuventudes no Centro Rexional do SEA en Asturias.



En 1960 os axentes José Vázquez Álvarez e Luis Llorente realizan unha demostración sobre o ensartado de follas de tabaco con arame para proceder ao seu colgado e posterior curado. (Foto do arquivo da Axencia)

Anxo Vázquez Pernas, perito agrícola, natural de Oourol (Lugo), procedente da Axencia de Xinzo de Limia, dende 1972 ata 1977, no que pasou a desempeñar a xefatura da Axencia de Pontedeume (A Coruña), converténdose posteriormente no divulgador agrario máis coñecido e recoñecido de Galicia a través dos seus programas na TVG.

Lino Andión Barros (falecido), perito agrícola, natural de Forcarei (Pontevedra), procedente da Axencia de Castro Caldelas, dende 1978 ata 1980, no que pasou a desempeñar igual posto na Axencia de Forcarei (Pontevedra).

Cástor Gago Álvarez, enxeñeiro técnico agrícola, nado na mesma localidade de Verín, axente comarcal na mesma Axencia, primeiro dende 1980 ata 1987, no que pasou a xefe do Servizo de Concentración Parcelaria na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura en Ourense, e posteriormente dende 1990 ata primeiros de decembro de 1997, ano no que foi nomeado conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria da Xunta de Galicia.

José Ignacio Castaño Casanueva, enxeñeiro técnico agrícola, salmantino, con destino como axente comarcal na mesma dependencia, que exerceu o cargo provisionalmente entre 1987 e 1990.

María Corona Meixeira Romasanta, mestra, natural tamén de Verín, axente de economía doméstica na mesma Axencia, dende 1998 ata a desaparición do SEA, continuando actualmente con destino na sucesoria Oficina Agraria Comarcal.

Axentes comarcais de Extensión Agraria estatais, con nomeamento como tales: Amador Rodríguez Troncoso, Mariano Pino Vázquez, José Fernández de Alba, Higinio Movilla González († 30/08/1965), Celestino Rivero García, Ramón Vilaseca Molins, Juan María Ruiz Revuelta, Oreste Pérez Quiñones, Luis Llorente Llorente († 25/01/1979), José Ramón Yarza García, Camilo Fernández Rocha, Nilo Gallego de Elera, José Máximo Leza López, Constantino Mariño Torreira (que só estivo 25 días para cubrir ausencias), Gabriel Viera Barrientos (falecido), Antonio Álvarez González, Fernando Mateos Sánchez, Lorenzo Monserrat Bermejo, Manuel Rodríguez Friol, Juan Quintela Peteiro, Isaac Prado Varela, Nemesio Martínez Jiménez, José Carlos Porto Vázquez, Cástor Gago Álvarez e José Ignacio Castaño Casanueva.

Monitores de Extensión Agraria, con nomeamento como tales: Francisco Rivela Aguiar, Avelino Tubío Calvo, Lorenzo Navaza González e Castor Bermúdez Prado.

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: Josefa González Sánchez, María Dolores Tonda Pastor, Josefa Vidal Blanco e María Corona Meixeira Romasanta.

Axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica en prácticas: Agustín García Díez, Fernando Mateos Sánchez, Jesús Rodríguez del Amo, María del Carmen Torreiro Sande, Alsira Fernández Castro, Yolanda Pulpeiro González, Lucio Terrén Poves e Ana María Fernández Reinoso.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia e axente comarcal: José Manuel Gómez Gómez, Francisco Javier Janeiro Lamas e José Alberto Quintas Borrajo, os tres enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: José María Pérez García-Sabugo, “Chemari” (falecido), María Dolores Araujo Álvarez, Ana María Domínguez Estévez e Victoria Blanco Luis.



Toma de posesión, o 15 de decembro de 1997, como conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria do ata entón xefe da Axencia Cástor Gago Álvarez. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Emilia Couto Vaz, procedente da de Verín, José María Nieto Limia, da de Monterrei, Emilio Pazos Machado, da de Laza, Antonio Rivas Roel, da de Oímbra, e María Luisa Vicente Vicente, da de Riós.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: María del Carmen Pardo Pérez.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: María de los Ángeles Alonso Álvarez, enxeñeira técnica agrícola, bolseira no ano 1992, e Fernando Veiga Aguiar, bolseiro no ano 1994, ambos os dous enxeñeiros técnicos agrícolas.

Limpadoras: Purificación López Caneiro, María del Carmen Fernández López, Monserrat Garrido Lamas e Catalina Fernández Arias.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes sete concellos: Castrelo do Val, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós. A superficie territorial era de 892,70 km², na que se integraban 74 parroquias e 134 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 9.195, cunha superficie de 82.581 ha e 332.180 parcelas, co que resultaba unha media de 37 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 114. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 1.159; entre 0,5 e 1: 1.244; entre 1 e 2: 2.142; entre 2 e 5: 3.347; entre 5 e 10: 963; entre 10 e 20: 162; entre 20 e 50: 26; entre 50 e 100: 4; entre 100 e 200: 9; entre 200 e 500: 8; entre 500 e 1.000: 5; e de máis de 1.000: 12. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.



Dúas fotografías demostrativas do grao de mecanización na bisbarra nos anos 1959 e 1967. (Fotos do arquivo da Axencia)

Actuacións máis destacadas

O feito de que esta Axencia estivese entre as primeiras de toda España que iniciaran a súa actuación constituíu un feito significativo en canto á proxección das actuacións emprendidas nela no resto das axencias, tanto en Galicia coma no resto do territorio nacional. Durante os primeiros anos do seu funcionamento pasaron por esta unidade numerosos axentes de Extensión

Agraria, que ao pouco tempo eran destinados, tras coñecer o seu funcionamento, a abrir outras axencias. A Axencia de Extensión Agraria de Verín foi, durante esta etapa, un centro de formación práctica para moitos extensionistas, todos cheos da ilusión e afán de servizo, e consecuentemente unha unidade de traballo cunha actividade inusitada, que tivo a súa repercusión na poboación rural da comarca a través da súa incidencia nos distintos campos de actuación.

As accións comunitarias emprendidas foron numerosísimas e importantes, resolvéndose coa participación dos veciños moitos dos seus problemas colectivos básicos. Cando na década dos anos setenta a actuación do SEA en Galicia alcanza o seu máximo apoxeo na promoción, por exemplo, dos abastecementos domiciliarios de auga, na comarca de Verín, na que a actuación do SEA vai por diante, o problema xa está resolto en moitas das súas comunidades. Esta actuación tivo o recoñecemento das poboacións, que decidiron, nalgúns casos, denominar as rúas dos seus núcleos co nome dos axentes promotores.

As grandes posibilidades do val do Támega, cunhas características de terra e auga idóneas, propiciaron o establecemento dunha horticultura e fruticultura incipientes, chegando a implantarse unhas 50 ha de maceira e melocotoeiro, así como o cultivo do tabaco, que chegou a ocupar unhas 200 ha e a uns 600 agricultores.

Dende un principio a Axencia traballou para a substitución do millo do país por variedades híbridas máis produtivas, así como na implantación de pradeiras artificiais e de novos cultivos forraxeiros como a alfalfa, e establecéronse numerosos campos de demostración nas zonas máis gandeiras.

Dada a importancia do cultivo da vide en parte da bisbarra de traballo, a Axencia dende un principio dedicou unha parte importante do seu traballo á faceta da mellora do seu cultivo e do tratamento das pragas e enfermidades, e realizou un importante labor no asesoramento da loita contra o mildio e a rexeneración, mediante podas adecuadas, das plantas nas campañas nas que as xeadas fixeron grandes estragos nos viñedos.

Máis adiante foi a Axencia a que encabezou o desenvolvemento dunha vitivinicultura moderna, sendo a pioneira no establecemento. Contou coa

colaboración de viticultores e adegueiros, dos primeiros campos de ensaio sobre adecuación de patróns-enxertos, así como na elaboración de viños monovarietais en branco e tinto. O asesoramento nas novas plantacións e reestruturacións realizadas foi xeneralizado, gozando de grande prestixio os coñecementos na materia dalgúns axentes.



Ano 1961, cargando o carro coa colleita de follas de tabaco.
(Foto do arquivo da Axencia)

Esta Axencia, polo seu carácter de pioneira, e porque contou dende a creación do corpo no ano 1960 con axente de economía doméstica, tivo tamén unha importante actuación no campo das familias, xa que impulsou importantes actuacións relacionadas coa mellora dos fogares, a alimentación das familia e a súa saúde, e colaborou nesta última faceta en moitas campañas organizadas por institucións do ámbito sanitario. Tamén destacou pola promoción da constitución de numerosos grupos de mulleres rurais, constituídos formalmente posteriormente, que impulsaron actuacións para abordar solucións ao traballo complementario ás explotacións, coidados de maiores, actividades culturais, apoio a colectivos marxinados, etc.

Por último, destacamos a faceta formativa e capacitadora realizada pola Axencia dende a súa creación, coa organización de numerosísimas actividades de reunións, demostracións e cursos por toda a bisbarra, así como no mantemento dun centro de formación profesional agraria de primeiro grao (CECA) durante os anos 1972 a 1982, polo que pasaron uns 250 alumnos. Tamén debe significarse a tarefa formativa desenvolvida cos cursos de 200 horas para a capacitación de mozos cara á súa incorporación ás explotacións, ou para a actualización técnica de agricultores

xa instalados, principalmente nas actividades de vitivinicultura e hortofloricultura, que alcanzou a uns 300 alumnos.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 100 accións, con 15.639 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 96 accións, con 5.281 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 127 accións, con 7.169 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos de poboación: executadas 65 accións, con 3.898 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: 54 accións realizadas, con 4.954 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: 127 accións realizadas, con 7.169 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 94, con 6.433 familias afectadas. Clasificados: 94, con 6.433 familias afectadas. Con ordenanzas reguladoras: 27 comunidades. Superficies: 30.250 ha repoboadas, 14.295 ha non repoboadas, 19 ha transformadas en pasteiro, total: 44.564 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 25, con 1.621 familias afectadas e un total de 4.390 cabras e 3.190 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 3, con 117 regantes e 67 ha afectadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 1, afectando a 359 explotacións e un total de 401.000 litros/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) De agricultura xeral (producción de planta de col, tomate, pemento e leituga para a venda e cultivos de tomate e pemento, fundamentalmente, complementada con froiteiras, tabaco e viñedo; 234 explotacións deste tipo teñen unha cabeza de gando mular): 415 (35 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 4 ha e unha media de 0,88 UGM por explotación.

2) Con orientación produtiva a cultivos de pataca e de horta (producción de planta de cebola para transplante e cultivos de espárrago, tomate e pemento, fundamentalmente), complementada con froiteiras, viñedo e gando vacún ou ovino-caprino: 604 (198 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 3,11 ha e unha media de 2,83 UGM por explotación.

3) Con orientación produtiva a gando vacún extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 923 (54 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 4,30 ha e unha media de 4,80 UGM por explotación.

4) Con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados por leite e carne (razas pardo alpina e do país principalmente): 516 (53 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,10 ha e unha media de 2,80 UGM por explotación.

5) Con orientación produtiva a gando vacún e ovino-caprino combinados: 735 (67 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,90 ha e unha media de 2,70 UGM por explotación.

6) Con orientación produtiva de gando ovino-caprino, complementada con cultivos de pataca, millo e centeo: 1.601 (165 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 3,52 ha e unha media de 3,07 UGM por explotación.

7) Con orientación produtiva a gando vacún de carne, complementada con cultivos de viñedo e castaño (un 15% das explotacións conxugan as tres actividades): 1.170 (98 delas a tempo par-

cial), cunha superficie media de 3,77 ha e unha media de 3,17 UGM por explotación.

8) Con orientación produtiva principal ao cultivo do viñedo, combinado con outros de venda (pataca, tabaco e froiteiras): 951 (372 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 2,34 ha e unha media de 1,16 UGM por explotación.

No campo de actuación coas familias:

O número de familias, exceptuando as da vila de Verín, é dunhas 8.000.

A composición familiar media está formada polos pais, dous fillos e os avós en ocasións.

A idade media dos cabezas de familia sitúase entre os 55 e 60 anos.

Na subcomarca do val, con agricultura a tempo parcial moi xeneralizada, os ingresos proceden, na súa maior parte, de fóra da explotación, pois os homes traballan na construción e servizos. Na de montaña proveñen xeralmente da explotación.

O traballo da explotación queda a cargo da muller no val a maior parte do ano, mentres que na montaña presta axuda nalgunhas tarefas.

Na subcomarca do val o 80% das vivendas vellas arranzadas e o 100% das novas dispoñen de cuarto de baño. Na de montaña as respectivas porcentaxes son do 70% e 100%.

No val o 100% das familias ten cociña de gas butano, o 93% televisor e o 60% lavadora; na montaña as porcentaxes son do 100%, 85% e 20%, respectivamente.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 14 e 20 anos: 1.080 homes e 1.320 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 1.620 homes e 1.980 mulleres.

Número de mozos incorporados á actividade agraria: 68.

Con independencia da información anterior debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Impulsión de numerosas accións de interese comunitario, fundamentalmente de dotación

de servizos básicos ás comunidades rurais, pero tamén de tipo asociativo-recreativo-cultural, como foron por exemplo a creación dos teleclubs de Castrelo do Val; Oímbra, Rabal e San Cibrao no Concello de Oímbra; e Mixós, Vilaza e Estevesiños no Concello de Monterrei.

A colaboración nos procesos de concentración parcelaria dunhas 3.500 ha da comarca, concretamente nas zonas que se relacionan deseguido por concellos:

Castrelo do Val: Castrelo-Pepín.

Castrelo do Val e Monterrei: Vences-Estevesiños-Nocedo.

Cualedro: Cualedro-Carzoá, San Millao e Xironda-Pedrosa.

Monterrei: Albarellos-Vilaza e Flariz.

Laza: Arcucelos-Retorta-Matamá-Laza-Souteliño-Soutelo Verde e Castro.

Oímbra: Oímbra-Penelas.

Verín: Cabreiroá, Mandín-Feces de Cima-Feces de Abaixo, Tamagos-Mourazos, Tamaguelos, e Tintores-Vilela.

Vilardevós: Veiga das Meás.

A promoción da Cooperativa Vitivinícola de Monterrei, constituída en principio como grupo sindical de colonización, integrada nos momentos de maior auxe por máis de 300 socios, así como da Cooperativa Leiteira de Castro de Laza, integrada en 1973 por 16 socios con 200 cabezas de gando frisón importadas de Alemaña, o que posibilitou o establecemento dun circuíto de recollida de leite.

A participación na elaboración e desenvolvemento do Plan de Calidade dos Viños Galegos.

A promoción nos anos 1982-83 do acondicionamento de 50 ha do regadío “Agra de Penelas”, no Concello de Oímbra, mediante unha acción comunitaria promovida polos mozos integrantes do *plantel* da localidade.

A constitución de numerosos *planteles* de Extensión Agraria, nos que se integraron máis de 500 mozos. Destacan os que se relacionan deseguido por concellos:

Castrelo do Val: Castrelo do Val (feminino e masculino).

Monterrei: Estevesiños (masculino).

Laza: Laza (feminino) e Matamá (feminino). No de Matamá empezaron a coser as primeiras traballadoras de Roberto Verino.

Oímbra: Oímbra (masculino e feminino), Rabal (masculino e feminino) e Vidiferre (masculino e feminino).

Verín: Mourazos (feminino).

Alumnos dos *planteles* participaron nas xornadas de convivencia que anualmente se organizaban durante o verán nas escolas de Capacitación Agraria de Guísamo, Sergude e Benquerencia.

A creación de dous *planteles* con tarefas de empresa, un deles en Oímbra cuns 40 mozos e actividade de horta (planta para transplante e cultivos), e o outro en Verín, tamén participado por outros 40 mozos e con actividades de horta e vitivinicultura.

Creación duns 50 grupos de mulleres rurais, integrados por máis de 1.500 mulleres e espallados por toda a bisbarra, nun principio con carácter informal, pero evolucionado moitos deles a asociacións legalmente constituídas que seguen en actividade na actualidade. Hai que destacar os das seguintes localidades:

Castrelo do Val: Castrelo do Val.

Cualedro: A Xironda, Pedrosa e Atás.

Monterrei: Estevesiños, Vences, Albarellos, Vilaza, Medeiros, Flariz, San Cristovo e A Madalena.

Laza: Laza, Matamá, Retorta e Castro.

Oímbra: Oímbra, Rabal, San Cibrao, Vidiferre, Casa dos Montes e As Chas.

Verín: Tamaguelos, Mourazos, Tamagos, Pazos, Queirugás e Cabreiroá.

Vilardevós: Arzádegos, Terroso, Florderrei, Arzoá, Berrande, Soutochao, Lamardeite, Bemposta, Veiga das Meás e Dona Elvira.

Riós (da comarca da Gudiña pero atendidos pola de Verín): Fumaces, A Tropa, Rubiós e Progo.

Organización durante seis anos seguidos con carácter provincial do “Día da Muller Rural”, en lugares tan emblemáticos da bisbarra como o Castelo de Monterrei, o Campo dos Remedios de Verín ou a localidade de Cabreiroá, e en 1996 as xornadas intercomarcais para mulleres rurais, tratando diversos e variados temas de interese.

A Axencia organizou moitas viaxes educativas cos membros dos *planteles* e alumnos do CECA, agricultores e mulleres rurais. Cos primeiros acudíase anualmente á Feira do Campo en Madrid, onde Axencia tivo incluso reservado durante algúns anos un espazo específico no expositor do SEA, no que os mozos da comarca de Verín mostraban aos visitantes as destrezas adquiridas.

Cando se promoveu a creación de circuitos de recollida de leite, no ano 1978, organizouse unha visita colectiva, con mulleres e homes, á central leiteira que a empresa LENOSA tiña en León, que foi repetida noutras ocasións.

Cos alumnos do CECA e *planteles* viaxouse ás rexións de Levante, Murcia, Asturias, Cantabria, Rioja e Navarra, sempre para coñecer accións de interese agrario relacionadas coas súas ensinanzas ou tarefas.

Cando se implantan os cursos de 200 horas para a incorporación de mozos ou actualización de agricultores instalados, organizáronse viaxes a Canarias, á Rioja, a Almería, ás Rías Baixas e a Portugal, para o coñecemento de experiencias nas materias de vitivinicultura e hortofloricultura.

Anecdótico

Sucedulle, acabada de incorporar á Axencia, á axente de economía doméstica María Corona Meixeira Romasanta, que acudiu a dar unha charla ás mulleres da localidade de Medeiros no Concello de Monterrei. O tema era o da alimentación e alí presentouse coa máxima ilusión e cargada co franelógrafo para apoiar as súas explicacións.

Corona explicaba os diferentes grupos da roda de alimentos, tema clásico no seu campo de actuación, e de vez en cando facía preguntas ás asistentes para ir fundamentando a súa intervención. As mulleres participaban e colaboraban sen ningún impedimento, comentando as clases de alimentos que consumían nas súas dietas alimenticias.

De súpeto, púxose de pé, sen ser interrogada, unha muller coas faceiras vermellas en grao superlativo, que evidenciaban a súa procedencia da serra, quen sen ningún tipo de vacilación espetoulle:

Oia, a ver se tamén vostede vai facer como as señoritas da sección feminina -referíase ás da cátedra ambulante da dita organización que visitaran a localidade había algún tempo-, que nos preguntaron -aquí cambiou ao castelán e levantou a voz para dar máis realidade ao que trataba de expresar- que cuanto vino tomábamos a diario, pois se é así -volvendo ao galego- e esa é a súa intención, saiba que a resposta sería a mesma que recibiron elas.

Corona non reaccionou, nin falta que fixo, pois tras un pequeno silencio a muller proseguiu e terminou a súa intervención dicindo:

O viño tomámolo nas comidas e cada un bebe o que necesita, pero como pasamos a xerra dun a outro e bebemos por ela non podemos saber a cantidade que bebe cada cal.

Hai moitas outras historias no longo transcórre da Axencia, pero remataremos este apartado relatando tres que nos contou Cástor Gago, doutros tantos agricultores da comarca, que reflicten o grao de confianza gañado polos agricultores da Axencia cos axentes, incluso para consultarlos en temas, ou contarlles aspectos da súa vida privada, que en principio nada tiñan que ver coa súa misión.

A primeira é a dun gandeiro que acudía dende a súa aldea a Verín todos os días de feira, entre outras cousas, para comer o polbo. Non podía fallar, fose o que fose o traballo ou compromiso que tivera pendente para ese día. Nada para el era máis importante que a súa cita coa feira.

Ocorreu que, cando comezou a funcionar o circuito de inseminación artificial, coincidiu un día de feira coa anunciada visita do veterinario para practicala nalgunha das súas vacas. O gandeiro, que non podía romper a súa tradición de marchar cara a Verín, díxolle á súa dona que estivese ao coidado e o atendese ela cando chegase, pois el tiña que facer algo inaprazable na feira.

A muller, que non entendía moi ben en que consistía iso da inseminación artificial, respondeulle: *Vaia, home, non podía ser outro día que ti estiveses presente, pois a min iso dáme moito noxo.*

A segunda ten que ver cun agricultor que quedara viúvo, cando un día de feira acudiu á Axencia, como tiña por costume. Preguntou polo axente co que tiña confianza, indicáronlle que estaba

no seu despacho, tocou na porta, deu o bo día e preguntou se podía pechala unha vez traspasada. Unha vez acomodado, comentoulle:

Vostede ben sabe que quedei viúvo hai un ano e canto quería eu a miña santa muller, así como que todos os días de feira érgome cedo para estar xa en Verín entre as 8 e 8.10 da mañá nas portas do banco para sacar diñeiro, xa que como teño confianza cos que alí traballan aténdenme a esa hora. Oia, e que pensara disto a santa?

Logo, vou comer o polbo e recunco se é de confianza, e dou un volta pola feira ou achégome por aquí. Oia, e que pensara disto a santa?

Máis tarde, sobre a unha, diríxome á avenida de Sousas, a un piso con señoritas, tamén de confianza, que alí funcionan. Oia, e que pensara de todo isto a santa?

O axente comprendeu ao agricultor e díxolle que estivese tranquilo, que a súa dona, a santa, seguramente o entendería alí no ceo, o que foi moi ben recibido polo consultante.

Cando ía marchar o visitante e estaba a punto de coller o tirador da porta para abri-la, volveuse e díxolle ao axente:

Oia, non vaia pensar mal, que ata a feira de finais de mes non volvo repetir outra vez.

A terceira e última ten que ver con outro agricultor que realizara unha viaxe, ás que era moi afeccionado, sen contar co total consentimento da súa dona, que quedou na casa.

Ao seu regreso encontrouna degustada e tratou de contentala, pero non había forma. Pola noite, na cama, iniciou un amago de acercamento a ela, sendo interrompido de inmediato pola muller, que dixo:

Quieto bicho, que está a ama enfadada.

O relator da historia comentoulle ao axente que quedou convencido de que aquela noite non había nada que facer e que o mellor sería deixalo para mellor ocasión, cando o tempo tivese calmado a situación, pero que aos poucos minutos escoito á súa dona dicir:

Deixa vir o bicho, que realmente contra o bicho non hai nada.

Noticias de prensa e fotografías de actividades



Celebración no castelo de Monterrei do Día da Muller Rural Galega no ano 1973, intervindo o que logo fora deputado polo PSOE Celso Montero (Fotos e recortes de prensa do arquivo da Axencia)



Sementeira de millo híbrido (1959). (Fotos do arquivo da Axencia)



O mesmo lugar e celebración anterior. (Fotos do arquivo da Axencia)

VERIN LAUREANO PELAEZ, 32-1.º
TELEFONO 410807

DIA DEL AMA DE CASA RURAL 29/5/74

Con gran afluencia de personas se celebró en Cabreiroá el "Día del Ama de Casa Rural", que todos los años se viene celebrando, gracias al entusiasmo que pone en su trabajo la agencia de Extensión Agraria de Verin.

En este balneario y el maravilloso parque que lo circunda se dieron cita trece pueblos, entre ellos: Maceda, Fumaces, Rabal, Cabreiroá, Tamaguelos, Flor de Rey, Estevesiños, Progo, Villarino das Touzas, Castro de Laza y otros.

Nos visitaron también y participaron en los actos programados, Ribadeo, Negreira y Ginzo.

En primer lugar hubo, misa de campaña y exposición de artesanía y decoración del hogar; a continuación comida de confraternidad y diversos actos folklóricos.

Por la tarde, quemada, canciones y representaciones teatrales, estas a cargo del plantel de Extensión Agraria de Congostro (Ginzo).

Un ama de casa, en representación de cada uno de los pueblos participantes, tomó la palabra ante el micrófono para dar cuenta de las realizaciones llevadas a cabo en su localidad a lo largo de todo el año de los problemas que les han ido surgiendo y de lo que aún les queda por hacer.

En general todas exponían las mismas necesidades: traída de aguas, urbanización de las calles, saneamiento y red de desagüe, teléfono para casos urgentes, comercialización de productos del campo, correo, una seguridad social más efectiva, etc.

Agradecieron a Extensión Agraria y Ordenación Rural las ayudas prestadas y pidieron (como es lógico) unas ayudas para poder tener los servicios mínimos a que todo pueblo tiene derecho.

El párroco de Canedo, dio una interesante charla en la que dijo que los problemas expuestos por estas mujeres eran comunes a toda Galicia, en la que la vida es dura la producción escasa y mal vendida, las gentes tienen que emigrar para poder vivir, los pueblos no tienen los servicios mínimos...; dijo que es tierra olvidada y marginada, y que las mujeres tienen una función importante que cumplir en el progreso de estos pueblos, que su misión no es recluírse en el hogar para hacer la comida, coser, o hacer la limpieza; que además de eso deben preocuparse de los problemas de la localidad, en que viven formar parte de las comisiones que se crean y organizarse y asociarse debidamente para tener más fuerza a la hora de pedir lo que en justicia les pertenece.

Ordenación Rural colaboró subvencionando los gastos de transportes y ayudando en la organización de esta bonita fiesta.

MARÍA HERNANDEZ



Día da muller rural celebrado en Cabreiroá (Verín) no ano 1974. (Recorte de prensa e foto do arquivo da Axencia)



Enxerto de escudete (1958). (Fotos do arquivo da Axencia)



Sementeira de pradeira artificial (1962). (Fotos do arquivo da Axencia)



O axente Luis Llorente Llorente reunido con agricultores e utilizando o cartelógrafo nunha charla nos primeiros tempos de Extensión na comarca. (Fotos facilitadas por Lucila Presa, viúva de Luis Llorente)



Plantelistas axudando a levantar o local no que se instalara o teleclub de Castrelo do Val no ano 1967. (Fotos do arquivo da Axencia)



Integrantes dos *planteles* observan os detalles construtivos dun invernadoiro no ano 1973. (Foto do arquivo da Axencia)



Concurso de arada no Val de Monterrei, no ano 1973. (Fotos do arquivo da Axencia)



O conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, Tomás Pérez Vidal, e o seu delegado provincial, Eduardo Olano Gurriarán, clausurando un curso de 200 horas sobre viticultura e enoloxía desenvolvido pola Axencia. (Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Nas dúas últimas fotos da páxina anterior e nesta, alumnos e profesores do curso de 200 horas sobre explotacións hortoflorícolas, desenvolvido pola Axencia no ano 1994, realizando visitas na illa de Tenerife no mes de novembro, entre elas á Escola de Capacitación Agraria, onde un dos seus profesores é interpelado polo xefe da Axencia Cástor Gago Álvarez. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

14.-Axencia Comarcal de Viana do Bolo (N. 24).

Creación

Foi creada oficialmente en 1957, co número 24, entrando en funcionamento o mesmo ano coa incorporación do seu primeiro xefe.

A Axencia instalouse no baixo comercial alugado dunha vivenda, que carecía de cuarto de aseo, sita na rúa San Roque, 22, no mesmo edificio no que residiu Mariano Pino, o segundo xefe da Axencia, permanecendo nestas instalacións ata mediados dos anos oitenta.

Da localización anterior pasou a outro baixo, acondicionado para o efecto e tamén alugado, na rúa Nicolás Tenorio, 33, permanecendo nestas instalacións, compartidas co Servizo de Defensa contra Incendios, ata principios do ano 1996, no que, ante a súa insuficiencia ao incorporarse ás mesmas dependencias o persoal veterinario e das cámaras agrarias, instalouse nun local cedido polo Concello, sito na rúa Constitución, que foi tamén readaptado con fondos da Xunta de Galicia, onde permaneceu ata a desaparición do SEA. Posteriormente, no ano 2004, a sucesoria Oficina Agraria Comarcal, ante a antigüidade, insuficiencia e insalubridade do edificio no que estaba situada trasladouse, unha vez acondicionado pola Consellería, ás antigas instalacións do centro de saúde da vila, sito na rúa Pita, 71, rexentado polo Concello, onde continúa na actualidade.

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro foi o axente da 1ª promoción José María Montolio Monterde, ata que foi destinado á Axencia de Cogolludo (Guadalaxara).

Foi substituído polo axente Mariano Pino Vázquez, natural de Nava del Rey (Valladolid), que estaba como axudante na mesma Axencia e permaneceu no mesmo posto ata a súa xubilación en 1987, momento no que o Ministerio de

Agricultura o distinguiu coa medalla da Orde do Mérito Agrícola.

Axentes comarcais de Extensión Agraria estatais, con nomeamento como tales: Claudio Alfredo Ansele Suárez, Mariano Pino Vázquez, Constantino Mariño Torreira (axente ao que lle foi concedida en 1968 a medalla da Orde do Mérito Agrícola na súa categoría de cabaleiro e en 1975 a mesma na súa distinción de oficial), Antonio Martín López e Manuel Carrillo Hurtado.

Funcionarios do corpo especial da Xunta de Galicia ou contratados que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia e axente comarcál: Julián Ferreiro Fandiño, María Jesús González Gómez († 28/07/1999), Juan Ramón Canosa Ozón, Víctor Javier Soneira Lema, Benito Muñiz Hermida († 15/05/2007) e José Antonio do Olmo Congil, todos eles enxeñeiros técnicos agrícolas.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Tiberio Couso Fernández e Jesusa Toirán García.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Silverio Fernández Fernández, procedente da do Bolo, e Manuel García Pérez, da de Viana do Bolo.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: Higinia Fernández Fernández, Xosé Lois Brea Sanmartín, Susana Ferreira Golpe, Concepción Primo Barja e Álvaro Bouzas Durán.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: Lourdes Díaz Fernández, enxeñeira técnica agrícola, bolseira no ano 1990.

Limpadoras: Eugenia Rodríguez Clavería.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes tres concellos: A Veiga, Viana do Bolo e Vilariño de Conso. A superficie territorial era de 761,10 km², na que se integraban 74 parroquias e 141 lugares. Hai que subliñar que nun principio, ata a apertura da Axencia da Rúa-Petín, atendeu tamén o Concello do Bolo, e igualmente, ata que se abriu a Axencia da Gudiña, os concellos da Gudiña e da Mezquita.



De arriba a abaixo as sucesivas localizacións da Axencia.
(Autor: José M. Pérez)

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, a definitiva, segundo o censo agrario de 1964, era de 3.159, cunha superficie de 70.186 ha e 77.819 parcelas, co que resultaba unha media de 25 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 7. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 66; entre 0,5 e 1: 202; entre 1 e 2: 492; entre 2 e 5: 1.484; entre 5 e 10: 709; entre 10 e 20: 158; entre 20 e 50: 22; entre 50 e 100: 0; entre 100 e 200: 2; entre 200 e 500: 8; entre 500 e 1.000: 1;

e de máis de 1.000: 8. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda non foran devoltos ás comunidades.

Actuacións máis destacadas

A Axencia de Extensión Agraria de Viana do Bolo foi unha das da provincia de Ourense na que menos axentes pasaron ao longo do seu funcionamento como tal. Durante moitos anos estivo só, sen máis compañía que a auxiliar administrativa, o xefe da Axencia Mariano Pino Vázquez, que se mantivo nela durante 28 anos, co que a maioría das principais actuacións, as máis características de Extensión Agraria, tiveron que ver co seu traballo e dedicación, nunha bisbarra onde ao principio tiña que chegar a algunhas das súas aldeas montando cabalerías que dispoñían os veciños no punto en que remataban as posibilidades de acceso con medios mecánicos de locomoción.

Mariano Pino e o resto dos axentes que pasaron por esta unidade dedicaron, como foi habitual na maioría das axencias, moito tempo á promoción de accións comunitarias para a dotación de servizos básicos aos núcleos de poboación, fundamentalmente cara á dotación de accesos e equipamentos, tales como abastecementos domiciliarios de auga, redes de sumidoiros e pavimentacións de rúas.

A promoción da transformación en pasteiros de parte das superficies aptas dos montes veciñais en man común, para mellorar a base forraxeira das explotacións, foi outra das facetas máis destacadas da Axencia, fundamentalmente nos concellos da Veiga e Viana do Bolo. Noutro contexto, que tamén cómpre destacar foi a implantación no Campo da Gonza da primeira superficie dedicada en Galicia á produción de pataca certificada de sementeira.

No campo de actuación coas explotacións agrarias a Axencia centrou a súa intervención no seu asesoramento, fundamentalmente nas actividades produtivas de gando vacún de carne e ovino-caprino, aínda que no seu momento tamén promoveu a produción de leite. Chegou a existir un núcleo interesante de explotacións espalladas pola comarca con modernos sistemas de explotación, o que propiciou o establecemento dun servizo de recollida. Os problemas destas explo-

tacións máis tratados foron os seguintes: mellora da produción e recursos forraxeiros e da alimentación racional do gando, selección gandeira, reprodución, sanidade e medidas preventivas, e aloxamentos e construcións complementarias.

No campo de traballo coas xuventudes a Axencia centrou a súa actividade para conseguir a súa integración no sector agrario, asesorándoa e capacitándoa en tarefas de empresa e plans de incorporación ás explotacións familiares.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 73 accións, con 1.677 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 22 accións, con 520 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 83 accións, con 1.931 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos de poboación: executadas 24 accións, con 606 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: 12 accións realizadas, con 369 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: 89 accións realizadas, con 2.030 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 75, con 1.648 familias afectadas.

Clasificados: 75, con 1.648 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 11 comunidades.

Superficies: 2.200 ha repoboadas, 36.556 ha non repoboadas, 40 ha transformadas en pasteiro, total: 38.796 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 60, con 1.500 familias afectadas e un total de 500 cabras e 4.900 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 90, con 2.035 regantes e 400 ha afectadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 2, afectando a 150 explotacións e un total de 1.200.000 litros/ano.

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Con orientación produtiva a gando vacún proporcionando maiores ingresos o leite: 48 a tempo completo, cunha superficie media de 12,80 ha e unha media de 8,42 UGM por explotación.

2) Con orientación produtiva a gando vacún extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 1.094 a tempo completo, cunha superficie media de 5,53 ha e unha media de 4,35 UGM por explotación.

3) Con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados por carne e leite: 887 a tempo completo, cunha superficie media de 4,47 ha e unha media de 3,75 UGM por explotación.

4) Con orientación produtiva a gando ovino: 4 a tempo completo, cunha superficie media de 4 ha e unha media de 80 cabezas por explotación.

5) Con orientación produtiva a gando porcino (95% cebo e 5% cría): 2 a tempo completo, cunha media de 500 animais por explotación.

No campo de actuación coas familias:

O número de familias rurais é de 2.035.

O 14% dos cabezas de familia son menores de 45 anos; o 18% ten entre os 45 e 50 anos, o 25% está entre os 50 e 60 anos; e o 43% restante son maiores de 60 anos.

A familia tipo está integrada polo matrimonio e dous fillos, estando estes, na súa maioría, na emigración.

Os ingresos medios por familia son da orde das 250.000 ptas./ano.

O 80% dos fogares dispón de auga corrente, aínda que o número de cuartos de baño é aínda reducido. Tan só o 25% dispón de redes de sumidoiros

A vivenda tipo é de pedra coa corte e a adega situada no baixo. O pisos de madeira, algúns cuartos non dispoñen de teito raso, o tellado de lousa, a superficie de 100 m².

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 14 e 20 anos: 200 homes e 200 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 175 homes e 175 mulleres.

Número de mozos incorporados á actividade agraria: 8.

15.- Axencia Comarcal de Xinzo de Limia (Nº. 25).

Creación

Foi creada oficialmente no ano 1957, co número 25, entrando en funcionamento en 1958 coa incorporación do seu primeiro xefe.

A Axencia instalouse inicialmente no baixo alugado dunha vivenda vella, situada ao carón do campo da feira, permanecendo nestas instalacións ata 1963, no que se trasladou a un primeiro andar alugado no número 2 da Praza Maior, no que se mantivo ata o ano 1975, sendo trasladada a outro primeiro andar, tamén alugado e novo, na rúa Otero Pedrayo, 10, onde estivo ata o ano 1982, no que foi reclamado para servizo dos seus propietarios, polo que a Axencia tivo que cambiar de localización e situarse noutro primeiro andar alugado, non tan novo como o anterior, na avenida de Ourense, na estrada N-525 que atravesa o pobo, onde permaneceu ata o ano 1993, no que, tras a incorporación á Axencia do persoal das cámaras agrarias e veterinarios, fíxose pequeno e esixiu a busca dun novo piso alugado, igualmente que os anteriores no primeiro andar, situado na rúa Ladeira, 25, que se distribuíu conforme as necesidades da Axencia, con aula para impartir cursos, sendo inaugurado oficialmente o 24/09/1993, no que na actualidade segue o seu labor a Oficina Agraria Comarcal da Consellería do Medio Rural.



Distintas localización da Axencia, debaixo a última. (Autor: José M. Pérez)

Persoal

Nesta Axencia prestaron os seus servizos os seguintes funcionarios, relacionados en orde cronolóxica dentro das súas correspondentes categorías:

Xefes da Axencia orixinarios do SEA estatal:

O primeiro foi o axente Manuel González Rodríguez, natural de Celanova (Ourense), procedente ao parecer dunha Axencia de Estremadura (posiblemente Urquijo), que estivo tan só durante

uns meses, pois o seu nomeamento estaba condicionado, por ter en expectativa outro destino na subaxencia de Pontearreas dependente da de Porriño, á posta en marcha da Axencia.

Foi substituído por Nazario Martínez Fuertes (falecido), capataz agrícola, axente comarcal na mesma Axencia que se incorporara xunto co primeiro xefe, permanecendo no posto ata 1968, no que pasou á Axencia de Cambre (A Coruña).

Tomou o relevo de forma provisional durante uns meses do ano 1968 Francisco Roig Cuervo (falecido), perito agrícola e axente comarcal na mesma Axencia, e deseguido, tamén durante uns meses do mesmo ano, o igualmente axente comarcal da dependencia, Felipe Galán Mateos.

A mediados do ano 1968 incorpórase o novo xefe da Axencia, Celedonio Prieto Rebollo, veterinario, natural de Ledesma (Salamanca), procedente da Axencia de Sarria (Lugo), que permaneceu ata o ano 1970, no que pasou á Axencia de Lumbrals (Salamanca).

Foi substituído, dende o mesmo ano 1970, polo lucense e perito agrícola Juan Quintela Peteiro, procedente da Axencia das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), que exerceu o cargo ata 1975, no que pasou a desempeñar igual posto na Axencia de Guitiriz (Lugo).

O derradeiro xefe de Axencia con nomeamento do SEA estatal foi o enxeñeiro técnico agrícola, natural de Arenas de San Pedro (Ávila), Felipe Galán Mateos, procedente da xefatura da Axencia da Rúa, que se incorporou en 1975 e permaneceu no cargo ata 1998, no que pasou a desempeñar a xefatura provincial do entón Servizo de Extensión e Capacitación Agraria en Ourense.

Axentes comarcais de Extensión Agraria estatais, con nomeamento como tales: Mariano Pino Vázquez, Nazario Martínez Fuertes, Emilio Hernández Naranjo, Ángel Estévez Casal, Francisco Roig Cuervo, Felipe Galán Mateos, Anxo Vázquez Pernas, Atilano Soto Soto, Florentino Vidal Sarmiento, José Granell Benedito e Jesús Manuel Galán Conde.

Monitores de Extensión Agraria, con nomeamento como tales: José Santiago García Pipín, Francisco Escudero Gallego e Pascual Faúndez Fidalgo.



Aula de formación nos últimos locais da Axencia. (Autor: José. M. Pérez)

Axentes de economía doméstica, con nomeamento como tales: María Teresa Cuíña Vence, María Dolores Gómez Sampayo, Alsira Fernández Castro e Teresa Álvarez Fernández.

Axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica en prácticas: Prudencia Santasmarinas Raposo e María Teresa Cuíña Vence, quedando a última logo destinada na Axencia, e Atilano Soto Soto e Nicanor Payo Boo, axentes de Extensión Agraria, quedando o primeiro deles logo con destino de comarcal na mesma Axencia.

Funcionarios dos corpos especial e xeral da Xunta de Galicia que prestaron os seus servizos dende a transferencia de competencias á Xunta de Galicia nos postos anteriormente ocupados polo xefe da Axencia, axente comarcal e de economía doméstica: José Manuel Gómez Gómez, enxeñeiro técnico agrícola, Guillermo Budiño Cajaraville, capataz agrícola procedente do Instituto de Sementes e Plantas de Viveiro, e José Antonio do Olmo Congil, enxeñeiro técnico agrícola.

Persoal administrativo específico do SEA estatal: Juan Ojea (falecido), María Fe Manso Cid, Manuela Caseiro Salgado, auxiliar administrativa contratada, María del Carmen Rodríguez, tamén contratada, e María Luisa Santiago Suárez.

Persoal administrativo procedente das cámaras agrarias unha vez producida a súa disolución: Celso Romero Álvarez e María Celsa Fernández Airas, procedentes da de Xinzo de Limia, Josefa Seoane Gómez, da de Cualedro, Elena Villarino González, da de Sandiás, José Manuel Vilachá Ribera, da de Vilar de Santos, e Gloria Fernández López, da de Trasmiras.

Persoal administrativo do corpo xeral da Xunta de Galicia ou contratado: Enriqueta Tejada Peaguda, Rafael Vázquez Alonso, Pilar Cabanelas Amoedo, Esther Cofán Barreiros, Pilar Bouza Bouza, administrativa, José Ignacio Márquez Vigil (enxeñeiro técnico agrícola) e María Dolores Calvo López.

Persoal en prácticas doutros países: Fermín Engonga Nchama, axente ecuatoguineano, no ano 1983.

Persoal en prácticas da Xunta de Galicia: José Antonio Bouza Escudero, enxeñeiro agrónomo, no ano 1988, e Luis Pena Mosquera, enxeñeiro técnico agrícola, no ano 1995, ambos os dous bolseiros.

Limpadoras: A señora Olimpia e María Fe Pena Cuquejo.

Comarca de traballo

Comprendía os seguintes nove concellos: Baltar, Os Blancos, Porqueira, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus, Trasmiras, Vilar de Santos e Xinzo de Limia. A superficie territorial era de 597,30 km², na que se integran 71 parroquias e 251 lugares.

O número de explotacións agrarias para o conxunto da comarca, segundo o censo agrario de 1964, era de 7.640, cunha superficie de 53.500 ha e 305.833 parcelas, co que resultaba unha media de 40 parcelas por explotación. As explotacións sen terra existentes eran 38. A tipoloxía das explotacións, segundo a súa superficie en hectáreas, era a seguinte: menores de 0,5: 341; entre 0,5 e 1: 458; entre 1 e 2: 1.182; entre 2 e 5: 3.589; entre 5 e 10: 1.179; entre 10 e 20: 216; entre 20 e 50: 17; entre 50 e 100: 5; entre 100 e 200: 5; entre 200 e 500: 2; entre 500 e 1.000: 0; e de máis de 1.000: 8. As explotacións de maior superficie correspondían aos montes veciñais en man común, administrados polos concellos, que aínda foran sido devoltos ás comunidades.

Cando se implanta o SEA xa existía un elevado espírito comunitario na bisbarra, como o evidencia o feito de existencia de grupos de veciños, agrupados por aldeas, para a utilización compartida de hórreos, eiras de mallar, touros sementais (na Boullosa-Baltar), así como rabaños e alvarizas comunitarias.

Actuacións máis destacadas

No campo de traballo coas comunidades cabe destacar as accións comunitarias promovidas, fundamentalmente os abastecementos domiciliarios de auga realizados nos anos sesenta e setenta, que afectaron unha porcentaxe próxima ao 80% dos núcleos de poboación da bisbarra de traballo. Os concellos máis participativos foron os de Rairiz de Veiga, Os Blancos, Baltar, Porqueira e Sarreaus, nos que a porcentaxe superou o 80%. Pola contra, no da cabeceira da comarca, o de Xinzo de Limia, a actuación resultou máis dificultosa, conseguíndose involucrar tan só o 50% dos núcleos, pois moitos dos seus veciños reclamaban xa a intervención pública para dar solución a este tipo de problemas, sen estar moi dispostos a solucionarlos cos seus propios recursos, que se consideraban máis avanzados con respecto ao resto dos da bisbarra. A primeira obra comunitaria realizada na comarca levouse a cabo na localidade de Lobaces, do Concello de Trasmiras, consistindo na execución da pista de acceso ao pobo. O primeiro abastecemento domiciliario de auga realizouse na localidade de Congostro, do Concello de Rairiz de Veiga.

Outra faceta importante que cómpre destacar foi a promoción, en coordinación co IRYDA, da concentración parcelaria, que afectou toda a zona chá da comarca e unhas 10.000 ha con preto de 20.000 propietarios.

Un programa de traballo importante, desenvolvido a nivel do traballo coas explotacións, foi o da posta en cultivo da superficie agraria resultante do desecamento da Lagoa de Antela, proceso que tivo o seu inicio en 1956, con anterioridade á apertura da Axencia. As parcelas entregáronse aos agricultores peticionarios no ano 1967, que é cando comezou a intervención da Axencia. Tratábase de unidades de cultivo dunhas 8 ha de media, cando os agricultores da zona estaban afeitos a traballar, con escasa mecanización e normalmente coa parella de bois, outras de superficie considerablemente inferior. O labor da Axencia centrouse no convencemento para que se solicitasen as parcelas e na demostración da produtividade do dito terreo, para combater o dito circulante de que aquela terra non podería producir nada, segundo a orientación produtiva determinada cando se declarou como zona de ordenación rural, que era a “solución forraxeira para aproveitamento gandeiro”, facendo a Axen-

cia múltiples actividades para ensinar a producir forraxes: técnicas de cultivo, fertilización e conservación. Hoxe en día a comarca da Limia é unha das máis mecanizadas de Galicia e sen dúbida a de maior importancia agrícola.

Uns anos despois da entrega das parcelas da desecada lagoa, concretamente nos anos 1972-73, comezou na bisbarra o “boom” do cultivo da pataca, cando empezan a entrar en produción as parcelas das concentracións parcelarias e desapare o gando vacún. A actuación da Axencia concretouse nun programa de divulgación das técnicas de cultivo e a súa mecanización, así como nas de conservación do tubérculo unha vez recollido. Paralelamente, preconizou a introdución, na alternativa, do cultivo de cereais coa súa correspondente mecanización. En referencia a estes dous cultivos a Axencia prosegue ata case a desaparición do SEA facendo, mediante colaboradores, campos de ensaio de distintas variedades, de fertilización, de recuperación de variedades autóctonas, etc., conseguindo resultados que son trasladados aos agricultores. Un dato significativo desta evolución pode dalo o rendemento medio do cultivo da pataca, que no ano 1974 era de 10.000 kg/ha e na actualidade supera os 60.000 kg/ha. En definitiva, pode asegurarse que no proceso de modernización deste cultivo na Limia o SEA xogou un importante papel.

Nos anos oitenta ponse en marcha o programa de recuperación do gando ovino-caprino na Limia, auspiciado pola Axencia e con apoio do especialista na materia do Centro Rexional, Teófilo Poncela Montes, e a colaboración do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, coa idea fundamental da recuperación da raza autóctona galega. Na década 1982-1992 lógrase unha considerable expansión e os gandeiros da Limia con esta orientación produtiva convértense en referencia en toda Galicia.

Hai que destacar tamén o programa de incorporación de mozos ao sector agrario, sen dúbida ningunha cos mellores resultados da provincia de Ourense e con diferenza sobre o resto das axencias, fundamentalmente a explotacións con orientación produtiva pataca-cereais, aínda que tamén en cantidade para incorporarse a explotacións gandeiras que se integran, practicamente na súa maioría, nas Cooperativas Ourensáns (COREN), con actividades de engorde de bece-

rros, porcino e avicultura. O número de mozos da comarca de traballo incorporados ao longo da existencia da Axencia pode estimarse en preto do medio millar.

Paralelamente, levouse tamén a cabo mediante a aplicación dos diferentes programas de axuda existentes en cada momento, tales como os do Banco de Crédito Agrícola (BCA), o de Viabilización de Explotacións con Recursos Ociosos (VERO), o de Mellora da Eficacia das Explotacións Agrarias (RD 808/1987 e todas as súas variantes posteriores) ou o do Regulamento Estructural das Explotacións Leiteiras (REPLE), infinidade de plans de mellora en explotacións existentes, principalmente destinados aos seguintes investimentos: sistemas de rega por aspersión, mecanización para a labra e recolección de patacas e cereais, almacéns de maquinaria e para conservación de patacas, adquisición de gando e construción de cortes e apriscos para gando vacún e ovino-caprino.

Principais resultados conseguidos

As actualizacións dos diferentes campos de actuación do programa de traballo a medio prazo por áreas naturais, realizado a finais do ano 1980 para o período 1981-1985, último executado seguindo as orientacións do SEA como organismo autónomo, presentaban os seguintes indicadores para a comarca de traballo, situación que non pode imputarse tan só á actuación de Extensión, pero na que sen dúbida ningunha tivo unha decidida participación:

No campo de actuación coas comunidades:

a) Equipamento de servizos básicos:

Abastecementos domiciliarios de auga: realizadas 175 accións, con 5.943 familias afectadas.

Redes de sumidoiros en núcleos de poboación: executadas 57 accións, con 3.586 familias afectadas.

Mellora de accesos a núcleos de poboación: realizadas 225 accións, con 8.146 familias afectadas.

Pavimentación de núcleos de poboación: executadas 110 accións, con 5.414 familias afectadas.

Dotación de telefonía rural: 34 accións realizadas, con 3.940 familias afectadas.

Alumeados públicos en núcleos de poboación: 80 accións realizadas, con 5.298 familias afectadas.

b) Montes veciñais en man común:

Existentes: 173, con 7.591 familias afectadas. Clasificados: 36, con 2.159 familias afectadas.

Con ordenanzas reguladoras: 1 comunidade, con 93 comuneiros. Superficies: 2.520 ha repoboadas, 14.876 ha non repoboadas, 1.220 ha transformadas en pasteiro, total: 18.616 ha.

c) Cooperación:

Rabaños comunitarios existentes: 40, con 1.981 familias afectadas e un total de 745 cabras e 4.034 ovellas.

Regadíos comunitarios existentes: 25, con 1.127 regantes e 494 ha afectadas; mellorados: 1, con 48 regantes e 700 ha afectadas.

Circuitos de inseminación artificial existentes: 2, con 7 postos de aplicación e un total de 1.155 vacas inseminadas.

Cooperativas existentes: 4, cun total de 170 socios, tres delas de explotación de gando vacún de leite, cunha produción anual total de 2.000.000 de l, e a outra de autoconsumo, cun volume de 2.000.000 de ptas.

Concentración parcelaria: 14 zonas executadas, 8 en execución e 19 solicitadas.

d) Comercialización:

Circuitos de recollida de leite existentes: 3, afectando a 200 explotacións e un total de 700.000 litros/ano.

Matadoiros existentes: 1, en Xinzo de Limia.

Tratantes de gando existentes: 4, dous deles no Concello de Xinzo de Limia e outros dous no resto da comarca.

Almacenistas: 40, todos eles de pataca (4 en Rairiz de Veiga, 2 en Porqueira, 16 en Xinzo de Limia, 4 en Trasmiras, 1 nos Blancos, 2 en Baltar, 3 en Vilar de Santos, 5 en Sarreaus e 5 en Sandiás).

No campo de actuación coas explotacións, a tipoloxía das existentes era a seguinte:

1) Con orientación produtiva exclusiva a cultivo de patacas: 1.393 (285 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 4,80 ha.

2) Con orientación produtiva exclusiva a cultivo de repolo: 1 a tempo completo, cunha superficie de 1,50 ha.

3) Con orientación produtiva a cultivo de patacas complementada con gando vacún ou ovino: 1.723 a tempo completo, cunha superficie media de 2,16 ha e unha media de 2,14 UGM por explotación.

4) Con orientación a cultivo de patacas, complementada con gando porcino: 25 a tempo parcial, cunha superficie media de 3 ha e unha media de 10 animais por explotación.

5) Con orientación produtiva a gando vacún proporcionando maiores ingresos o leite: 19 a tempo completo, cunha superficie media de 4,53 ha e unha media de 6,74 UGM por explotación.

6) Con orientación produtiva a gando vacún extensivo, proporcionando maiores ingresos a carne: 1.358 (20 delas a tempo parcial), cunha superficie media de 1,87 ha e unha media de 2,12 UGM por explotación.

7) Con orientación produtiva a gando vacún (recria de xovencas): 2 a tempo completo, cunha superficie media de 14 ha e unha media de 100 cabezas por explotación.

8) Con orientación produtiva a gando vacún, con ingresos equilibrados por carne e leite: 196 a tempo completo, cunha superficie media de 2,24 ha e unha media de 2,51 UGM por explotación.

9) Con orientación produtiva a gando ovino-caprino, predominando o primeiro cun 90% sobre o total: 52 a tempo completo, cunha superficie media de 1,50 ha e unha media de 9,13 cabezas por explotación.

10) Con orientación produtiva a gando vacún, combinado con ovino-caprino: 239 a tempo completo, cunha superficie media de 1,52 ha e unha media de 1,93 UGM por explotación.

11) Con orientación produtiva de vacún carne e cultivo de patacas: 2.526 a tempo completo, cunha superficie media de 1,91 ha e unha media de 1,28 UGM por explotación.

12) Con orientación produtiva a gando porcino (70% ciclo completo e 30% cebo): 124 (52 delas a

tempo parcial), cunha media de 834 animais por explotación.

13) Avícolas sen terra (47% polos de engorde, 47% poñedoras e 6% reprodutoras): 40 a tempo parcial, cunha media de 12.625 aves por explotación.

14) Cunícolas sen terra: 2 a tempo parcial, cunha media de 100 coellas nais.

No campo de actuación coas familias:

Número total de familias: 8.157.

Número de familias agrarias: 7.629.

Número medio de membros por familia: 4,17.

Número de casas reformadas ou novas: 1.800.

Número de casas con cuarto de baño: 3.282.

Número de familias con contrato de gas butano: 6.806.

Número de xubilados: 3.088.

Número de familias que viven do subsidio e das producións das súas granxas e hortos familiares: 2.388.

No campo de actuación coa xuventude agraria:

Número de mozos entre 10 e 14 anos: 1.092 homes e 969 mulleres.

Número de mozos entre 15 e 20 anos: 1.270 homes e 1.272 mulleres.

Número de mozos entre 21 e 35 anos: 1.185 homes e 1.171 mulleres.

Con independencia da información anterior, debe destacarse o seguinte labor realizado pola Axencia nos diferentes campos de actuación:

Promoción para a creación, nas localidades que deseguido se citan, dos seguintes teleclubs: os de Baltar e Vilamaior da Boullosa, no Concello de Baltar; o de Congostro, no Concello de Rairiz de Veiga; e o de Ganade, no Concello de Xinzo de Limia.

Colaboración na promoción da maioría das zonas de concentración parcelaria, actuación que practicamente se desenvolveu en toda a zona chaira da bisbarra, totalizando unhas 10.000 ha concentradas, pertencentes a uns 20.000 propietarios.

Promoción para a constitución e posterior asesoramento da Cooperativa de Parada de Outeiro (Vilar de Santos), con actividades de servizos e produción hortícola, integrada por preto de 50 socios.

Constitución de 13 SAT, cunha media de cinco socios, destacando a SAT A Limia, composta por dez socios, para a produción e comercialización da pataca.

Organización das comunidades dos montes veciñais en man común de Solveira e Piñeira Seca, ambos os dous no Concello de Xinzo de Limia, para a implantación e explotación de cadanseu pasteiros de 110 e 120 ha, respectivamente.

No ano 1965 a Axencia organizou a 1ª Feira do Campo das celebradas en Xinzo de Limia.

A Axencia, contando coa colaboración de agricultores e gandeiros da comarca, destacou pola realización de múltiples campos de ensaio e demostración sobre distintos cultivos e variedades de posible implantación na alternativa predominante na comarca: pataca, cereais, liño, forraxeiras e pratenses, hortícolas, leguminosas; así como sobre técnicas de reprodución e manexo de gando ovino-caprino. Para a divulgación dos resultados conseguidos nos campos celebráronse durante varios anos os días de campo, con asistencia de numerosos agricultores. A maioría das experiencias foron posteriormente repetidas por outro organismo, nun claro exemplo de descoordinación, iso si con máis medios e case como dedicación exclusiva e nas súas propias parcelas, anunciándoos como se se tratase da primeira vez que se facían e obtendo resultados que xa estaban confirmados había anos, sen considerar os logrados moito antes por Extensión e os agricultores colaboradores.

É xusto destacar a colaboración prestada para estes efectos polos agricultores Julio de Castro Mosquera (“Manzana”) e Lisardo López Blanco, ambos os dous do Concello de Xinzo de Limia.

Na programación por áreas naturais mantida ata comezos do ano 2002, a Axencia responsabilizouse, coa colaboración das demais participantes con agricultores ou gandeiros das súas respectivas comarcas, dos seguintes seminarios de xestión, co correspondente labor de tratamento e

análise dos datos recompilados das explotacións e da difusión dos indicadores obtidos:

SEXE de cultivos extensivos (fundamentalmente pataca-cereais), de carácter intercomarcal, integrado durante os anos do seu funcionamento por uns 50 agricultores dos máis destacados das bisbarras de actuación das axencias de Xinzo de Limia e Allariz.

SEXE de ovino-caprino, de carácter provincial, participando en todo o período do seu funcionamento uns 30 gandeiros dos máis destacados das comarcas das axencias de Xinzo de Limia, Verín, Celanova, Ourense e Castro Caldelas.

Durante os cursos escolares de 1971-72 a 1982-83 a Axencia tivo asignada a dirección do Centro de Extensión e Capacitación Agraria de Xinzo de Limia (CECA), impartindo ensinanzas de formación profesional de primeiro grao na rama agraria a uns 325 alumnos.

Creación dos seguintes *planteles* de Extensión Agraria: os femininos das localidades de Congostro, no Concello de Rairiz de Veiga, e de Ganade, no de Xinzo de Limia; e os masculinos de Lamas e Ganade, ambos os dous no Concello de Xinzo de Limia.

O *plantel* masculino de Ganade levou a cabo, con axuda da ordenación rural, a acción comunitaria consistente na construción dunha piscina para a localidade.

Constituíronse numerosos grupos informais de amas de casa rurais, entre eles os seguintes indicados por cada un dos concellos que se citan:

Baltar: na localidade de Vilamaior da Boullosa.

Os Blancos: nas localidades de Loureses e Nocado.

Porqueira: na localidade de Paradela de Abeleda.

Rairiz de Veiga: na localidade de Congostro.

Sandiás: na localidade de Cardeita.

Sarreaus: nas localidades de Lodoselo e Sarreaus.

Xinzo de Limia: nas localidades de Ganade e A Pena.

A Axencia organizou ao longo de toda a actuación numerosas viaxes colectivas de interese agrario cos mozos integrantes de *planteles*, asis-

tentes a cursos e compoñentes de grupos SEXE, para coñecer numerosas experiencias. Destacan as realizadas, polos motivos que se indican, aos seguintes lugares:

Dentro de Galicia:

Concentración parcelaria: Santa Comba (A Coruña).

Cultivos hortoflorícolas: distintas comarcas das provincias de Pontevedra e A Coruña.

Gando vacún: Allariz (Ourense).

Resto de España:

Desenvolvemento comunitario: Asturias.

Gando ovino: Castela e León.

Gando caprino: Estremadura.

Pataca de sementeira: País Vasco.

Cultivos extensivos de horta: Andalucía e A Rioxa.

Conservación da natureza: Parques nacionais e naturais de España (Asturias, Huesca, Zaragoza, Cidade Real e Huelva).

Ao estranxeiro:

Cultivo e comercialización da pataca: Francia.

Cultivos extensivos de horta: Portugal.

Gando ovino: Portugal.

Anecdótico

No ano 1968 o axente comarcal Felipe Galán Mateos acudiu á localidade de Vilaseca, do Concello de Trasmiras, para impartir un curso sobre gando vacún. Chegou con anticipación á hora de inicio e aproveitou para montar no local destinado para o efecto a máquina de cine e a película que levaba preparada para motivar. Terminada a faena da montaxe, máis ou menos á hora concertada para o comezo, observou que non se presentara aínda ningún dos alumnos previstos. Entón, para facer un pouco de tempo, decidiu entrar no bar próximo e esperar a súa chegada, pois dende alí dominaba a situación. Ao atendelo, a señora que servía no bar espetoulle, sen que mediase outro tipo de conversación, que o mellor que podía facer era tomar rapidamente a consumición e marchar cara a Xinzo canto antes, pois o seu home estaba próximo a aparecer e non lle ía acudir ningún veciño ao curso;

todo isto sucedeu sen máis explicacións, que el tampouco demandou.

Terminada a consumición, Felipe regresou ao local do cursiño, onde esperou certo tempo a que se presentase alguén, pero non apareceu ninguén como lle vaticinara a dona do bar, iso si, observou que tras os cristais das fiestras había pegadas varias caras de nenos observando a máquina de cine. Transcorrido un tempo prudencial decidiu a recollida dos aparellos e a retirada, desilusionado e meditabundo, cara á cabeceira da comarca, sen chegar a comprender o sucedido.

Ao día seguinte insistiu, acudiu de novo á localidade e volveu a montar a película na máquina de cine, sendo observado polos mesmos nenos do día anterior, que continuaban a mostrar a súa curiosidade tras os cristais das fiestras. Entón Felipe, que ía preparado para a ocasión, ofreceulles caramelos, metendo a man nun bolso da chaqueta para mostralos, o que provocou que todos entrasen inmediatamente a recollelos e quedasen sentados nos asentos preparados para os esperados alumnos, que tampouco ese día apareceron, vendo e gozando da película mentres saboreaban os caramelos.

O terceiro día Felipe continuou perseverando e acudiu a iniciar o curso como se se tratase do primeiro. Para a súa sorpresa, xa o estaban a esperar un grupo de mulleres, ao que se engadiu pouco despois outro delas, coas que volveu a proxectar a película e preparou a motivación do curso, quedando para proseguir ao día seguinte.

Ao cuarto día xa acudiu todo o persoal previsto, homes e mulleres, e Felipe aproveitou para tomarlles confesión. Resultou que o tiñan confundido con outro funcionario de concentración parcelaria ao que en certa ocasión acompañou por aqueles lares e a quen tiñan declarado como inimigo público, tendo decidido por unanimidade queimalo no forno comunitario, segundo manifestaron moi seriamente.

Outra anécdota, sucedida no mesmo ano que o anterior e ao mesmo axente, transcorreu na localidade de Trandeiras do Concello de Xinzo de Limia, onde acudiu acompañando ao xefe provincial do Instituto Nacional de Colonización, D. Francisco Contreras Brotóns, para manter unha reunión co obxecto de estimular a solicitude de parcelas da desecada Lagoa de Antela. A asisten-

cia era numerosa e o ambiente caldeado, pois en principio, como consecuencia das expropiacións realizadas, non eran moi partidarios das condicións ofertadas, tanto que algún dos asistentes rematou por exaltarse, ameazando con pegar unha malleira a D. Francisco.

Felipe aproveitou os fortes murmurios imperantes na sala para aconsellalo, falándolle baixo ao oído, que desculpase a súa retirada durante uns minutos alegando que tiña que facer unha necesidade fisiolóxica no exterior, e que aproveitase para escapar no coche cara a Ourense, o que D. Francisco, intelixentemente, fixo sen levantar sospeitas e sen ser visto, pois os asistentes continuaban vociferando e ameazando o ausente. Logo, cando se decataron da fuxida, Felipe tivo que facerse o parvo para calmar os asistentes, como se tamén se sorprendese da non xustificada desaparición do relator.

Unha terceira e última anécdota, tamén relacionada co proceso de concentración parcelaria e ocorrida no ano 1969 na localidade de Ganade do Concello de Xinzo de Limia, tivo como protagonistas o xa citado axente comarcal, Felipe Galán Mateos, e un agricultor, José Manzano, daquela localidade. No pobo, os partidarios e opositores da concentración estaban divididos e estes últimos acudían con todo tipo de viandas aos avogados para que preiteasen contra a solicitude realizada polos partidarios. O día no que Felipe coñeceu polo BOE o decreto da concentración, achegouse polo pobo para dar a noticia e encontrouse que estaba facendo a malla, axudado por moitos dos seus veciños, o citado agricultor, que era dos máis decididos partidarios da concentración. A alegría que recibiu ese home foi tan intensa que mandou parar a malla, declarando festivo o día e invitou a todos a beber para celebralo. *Acabouse a malla, termináronse os recursos, viva a concentración!*, exclamaba repetida e desaforadamente, como se lle tocase a lotaría.

Fotografías de actividades



Preto de Guísamo-(A Coruña).



Empresa Bonilla. (Autor: José M. Pérez)



Sevilla, maio de 1995, foto do grupo e da visita ao Centro de Investigacións Agrarias. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)



O xefe da Axencia e o supervisor celebrando o entroido, convidados por un grupo de agricultores de Sarreaus, o 01/03/1995. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Cursiño de cultivos extensivos en Francia, ano 1992. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Asistentes a un cursiño en París o 07/06/1992. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Entrega de diplomas aos participantes de cursiños en Xinzo, xaneiro 1998. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

Capítulo IX

**Axencias da provincia de
Pontevedra**

A. Rodríguez Troncoso

Creáronse nesta provincia as 16 axencias comarcais que se describen por orde de apertura. O primeiro axente de zona foi José Vázquez Álvarez, da 1ª promoción de axentes (convocatoria do 7 de decembro de 1955), que nun principio residía en Verín, cando supervisaba todas as axencias de Galicia. Máis tarde foi destinado a Vilagarcía de Arousa dende onde supervisaban as axencias desta provincia, ata que pasou a Pontevedra, no momento en que se crearon as delegacións provinciais do Ministerio de Agricultura, e como consecuencia as axencias provinciais do Servizo de Extensión Agraria, que substituíron as axencias de zona.

Antes de nomealo rexedor de actividades, foi axente de zona adxunto Juan Antonio Garrido Suárez, da 2ª promoción de axentes (convocatoria do 24 de decembro de 1956). Tamén foi axente de zona adxunto, primeiro en Vilagarcía de Arousa e despois en Pontevedra, Amador Rodríguez Troncoso.

Cando nomearon a este último, primeiro supervisor de supervisores de Galicia e despois rexedor de actividades, con residencia en Santiago, sucedeuno como supervisor adxunto de Pontevedra Antonio Rama Facal, da 14ª promoción de axentes (convocatoria do 16 de abril de 1970).

1.- Axencia Comarcal do Porriño (Nº. 188).

Creación

Creouse no ano 1958, coas de Caldas de Reis e Sarria.

Concellos

Comprendía os concellos do Porriño, Baiona, Gondomar, Mos, Nigrán e Vigo.

Explotacións

Tiña esta Axencia 19.532 explotacións, das que 10.861 eran do Concello de Vigo, que por certo era o centro urbano de maior poboación e tamén paradoxalmente o Concello de Galicia con máis explotacións agrarias. O número de explotacións da comarca superiores ás dúas hectáreas era de 1.695, que representaban o 8,6% das existentes. Esta porcentaxe ía dende o 1,3% de Nigrán, pasando polo 2,5% de Vigo, ata o 28,1 % de Gondomar.

Actividades máis destacadas

Despregou unha intensa actividade no medio rural dos seis concellos que comprendía a comarca de traballo, especialmente nas parroquias.

Por ser unha zona onde a viticultura era de carácter familiar, tanto no cultivo coma na elaboración, prestoulle especial atención a esta orientación produtiva, non só na selección de variedades, senón tamén nos tratamentos de pragas e enfermidades da vide e moi especialmente á elaboración do viño nas adegas familiares, a maioría para autoconsumo.

Traballou tamén en horticultura e floricultura con bos resultados, especialmente en cultivos de caraveis e roseiras, e destacaron neste campo as tarefas dos *planteles* como o de Donas do Concello de Gondomar.

En toda a comarca organizáronse oito *planteles* de Extensión, que foron os verdadeiros dinamizadores das melloras técnicas introducidas na agricultura da comarca, fundamentalmente na horta e na flor. Funcionaron os de Extensión en Sanguíñedo, Camos, Pontellas, Guizán, Candean, Bembibre e algúns máis, todos eles de peso específico semellante.

As pequenas superficies das explotacións familiares, tradicionalmente de autoconsumo, eran propicias para a intensificación de cultivos de horta e flor, con posibilidades de venda no mercado de Vigo.

Crearon tamén teleclubs en Zamames, Valadares e Camos, onde se desenvolveron actividades significativas no eido cultural e na mobilización e o desenvolvemento rural.

Levou a auga á totalidade das casas rurais que carecían dela. Nalgúns casos fixeron verdadeiras canalizacións, organizáronse por parroquias enteiras, e algunhas agrupacións chegaron a alcanzar máis de dous mil veciños.

Pero onde destacou máis aínda o esforzo comunitario da Axencia foi na apertura e asfaltado dos camiños rurais. As parroquias de Tameiga, Pereiras e Cela, do Concello de Mos, onde a alcaldía non conseguira que lle cedesen nin un palmo de terreo, coa intervención da Axencia e o seu método educativo construíron os veciños un

camiño de 8 metros de ancho e 4,5 quilómetros de longo. Non quedou ningunha casa de labor sen comunicación coa vía pública.

No lugar de Casal da parroquia de Pereiras, Concello de Mos, os propios veciños ataron un agricultor un domingo durante todo o día a unha cerdeira, para que deixase traballar á explanadora que abría o camiño. Non se achegaron a el nin os seus propios fillos, porque se avergonzaban de que o seu pai se opuxese a abrir un camiño tan necesario para todos por un anaco de terra de moi poucos metros.

Cando o alcalde de Vigo, o señor Portanet, enviou un equipo cun enxeñeiro á fronte, para deseñar un camiño na parroquia de Cabral, os veciños do barrio da Igrexa intentaron linchalos. Víronse obrigados a escapar deixando abandonado o equipo, que foron a recoller o cabo de oito días. Ante esta situación puxo a funcionar a súa metodoloxía contrastada o xefe da Axencia do Porriño, José Fernández Paz, e acabaron facendo o camiño os propios veciños. Naquela ocasión o referido xefe de Axencia recibiu un bo susto cando unha señora pretendeu arremeter contra el cunha forcada de darlle a volta á herba seca.

Todos os camiños que abrían os veciños, de oito metros de anchura, eran asfaltados polo Concello.

Como exemplo da eficacia desta Axencia en desenvolvemento comunitario, pódese visitar a parroquia de Quizán, que quedou totalmente transformada despois de organizarse a comisión parroquial. Non hai nin unha soa casa que non teña acceso por estrada asfaltada.

Unha curiosa anécdota

Nunha reunión que presidía o alcalde do Porriño, este falou doutros servizos do Ministerio e inmediatamente de citar ao ICONA engadiu “con perdón”, por se o auditorio interpretara que soltara unha bocalada, porque como se sabe en Galicia as máis habituais son “cona” e “carallo”.

Axente xefes

Manuel González Rodríguez, José Fernández Paz, Alfonso Ruano Prieto e Tomás Gómez Domínguez.

Axentes comarcais

Javier Prieto Puga de la Mata, Antonio Campos Beiro, José Vázquez Fouz, Pedro Cruzado Díaz, José Manuel Rodríguez Bao, Enrique Alzaga Moriche, Arturo Hernando Abad e José Luis Hernáez Mañas.

Axentes de economía doméstica

María Isabel Álvarez Requejo e María Remigia Meis Domínguez, esta última en prácticas.

Outro persoal técnico

Ignacio Jasán, enxeñeiro bolsreiro, especialista en construcións rurais.

Auxiliares administrativos

María del Carmen Pérez Estévez e María Josefa Pérez Gómez.

Localización das oficinas

Nos primeiros momentos estiveron na avenida de Buenos Aires, nun primeiro andar, en alugueiro; pasaron despois, tamén en alugueiro, á rúa da Estación, nº 7-1º, de 87 metros cadrados, igualmente en alugueiro; e por último pasaron á rúa Riveira, s/n, ao Edificio Multiusos de Torneiros, xa como Oficina Agraria Comarcal.

2.- Axencia Comarcal de Caldas de Reis (Nº. 48).

Creación

Creouse no ano 1958, coas do Porriño e Sarria.

Concellos

Comprendía os concellos de Caldas de Reis, Cuntis, Moraña, Barro, Portas, Valga e Pontecesures.

Explotacións

O número de explotacións agrarias desta comarca ascendía a 7.040, das que 1.855 tiñan unha superficie mínima de dúas hectáreas. As explotacións desta Extensión representaban o 26,34 % das da comarca de traballo, baixando ao 3,9% no de Pontecesures e elevándose ao 41,1% no de Cuntis. Nos outros concellos estas porcentaxes eran as seguintes: 18,5% no de Caldas de

Reis, 22,7% no de Moraña, 24,5% no de Portas, 28,5% no de Valga e o 30,4% no de Barro.

Actividades máis destacadas

As explotacións eran basicamente de autoconsumo, con certa diversificación dos cultivos, entre os que destacaban o viñedo, o millo, a pataca e algunhas hortalizas.

Adoitaban ter algún vacún para a cría dalgún xato, que vendían cada ano, e para a labra e estercado das terras. Tamén dispuñan, como no resto de Galicia, dalgún porco de ceba e certo número de galiñas.

Os ingresos familiares nutríanse tamén da venda de viño do país, tinto e branco, e nalgunhas parroquias como a de Briallós, que gozaba da fama de producir o mellor branco de Galicia, había familias que cultivaban viño albariño.

No aspecto estritamente agrícola, o traballo da Axencia centrouse en mellorar estes cultivos e prestoulle tamén atención á adecuada elaboración do viño, en especial do Albariño, que requiría máis coidados, se ben o que tiña máis expansión era o viño do país, porque era menos exixente en tratamentos e o de maior produción, a forza da calidade.

Tamén promoveu cultivos intensivos de horta, chegando algúns agricultores a cultivar tomates, pementos e fresas para a venda directa nos mercados de Vilagarcía, Pontevedra e Vigo. Unha destas explotacións foi visitada polo ministro de Agricultura Adolfo Díaz Ambrona, por ser referente para a comarca polos invernadoiros de que dispuña. Na actualidade aínda se poden ver os tres invernadoiros desta explotación en actividade dende a autoestrada A-9, mirando á dereita dirección Santiago-Pontevedra, uns quilómetros despois da saída de Caldas de Reis.

Cando se presentaron dificultades na recollida do leite, a axente de economía doméstica ensinou ás familias rurais a elaborar queixos e iogures co leite excedente. Tamén lles ensinou ás familias métodos de conservería para autoconsumo durante todo o ano dos produtos da horta.

Tiña grupos de amas de casa en diversas localidades da comarca, como Romai, Portas, San Clemente e Moraña, onde se abordaban temas da

explotación e do fogar. Nestes grupos prestoulles especial atención ao axardinamento exterior das vivendas e á decoración interior, recuperando e restaurando en moitos casos mobles antigos que xa foran acantoados. Neste campo estaba especializada a axente de economía doméstica.

En xuventudes houbo *planteles* de Extensión Agraria en Agudelo, Amil e Perdecanaí, que eran mixtos, e en Espedregueira e Campo Lameiro femininos. Con estes *planteles* fixeron visitas á Feira do Campo en Madrid e tamén a campos de fresas en Andalucía.

É digna de mención o labor de desenvolvemento comunitario, en especial camiños, traídas de auga e alumeados públicos. Neste campo unha parroquia do Concello de Cuntis foi galardoada co premio nacional en desenvolvemento comunitario na Feira Internacional de Zaragoza pola actuación integral executada nela.

A Axencia tamén abordou o problema dos montes veciñais, algún deles catalogado como propiedade do Estado e no que construíran casas de labor moitos agricultores dende tempos inmemoriais. Solucionaron esta situación que xa se encontraba *sub judice* e en inminente situación de desaloxo, facéndolle ver ás autoridades forestais o problema social que se estaba creando. Todo acabou nunha comida conxunta dun carneiro ao espeto, con abundante viño albariño e tinto de Barrantes.

Axentes xefes

Pedro Francisco de la Calle García, que abriu a Axencia, Rafael Aldeanueva Magro, un tal Rodolfo, posiblemente Rodolfo Méndez Gutiérrez de la Torre (existe outro Rodolfo Torreira, Jacinto, tamén da 5ª promoción como o anterior, pero inclinámonos polo primeiro citado porque este outro quedou en expectativa de destino e as súas posibilidades de ascenso eran menores), José Antonio Hoyos Ruiz, José Vázquez Fouz e Ana María Fariña Potel.

Pedro Francisco de la Calle García, dunha familia de Arenas de San Pedro (Ávila), licenciouse en dereito e ingresou en Extensión coa 1ª promoción de axentes. Naceu en Caldas de Reis, onde foi xefe desta Axencia. Pasou tamén como xefe á Axencia de Cantalapiedra (Salamanca). Foi ascendido a axente de zona e despois pasou ao departamento

de cine do Servizo Central, onde se xubilou. Dirixiu a produción das películas do Servizo, como a de “Lires”, entre moitas outras. Obtivo moitos premios nacionais e internacionais coa produción de películas de cine agrario. Era coñecido como “El Manchas”, porque se manchaba cando estabamos no curso de formación de “El Encín” nas tres comidas que faciamos. Era un axente bastante calado pero moi eficaz no seu traballo. Ademais dos guións das películas que facía, supervisaba todos os guións radiofónicos a nivel nacional. Cando formaba parte do Comité Central do Partido Popular, contribuíu á destitución dun conselleiro da Xunta de Galicia, que non interpretaba correctamente, ao noso xuízo, o que entón chamabamos “Principios Fundamentais de Extensión Agraria”.

Na revista de Extensión Agraria de outubro de 1962, sendo axente de zona, publicou un interesante e detallado traballo sobre xuventudes.

Axentes comarcais

Rafael Aldeanueva Magro, Pedro García Vázquez, Lucio Terrén Poves, Rafael Adolfo Leña Conde e Manuel Fernández Quiroga.

Axentes de economía doméstica

Ana María Fariña Potel.

Auxiliares administrativos

Un tal Tito Rey, Rosario Anido, Milagros Fariña Potel e Luis González Rosende, este último procedente das antigas cámaras agrarias locais.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nun primeiro andar da rúa Real, en alugueiro, despois pasaron a avda. Dolores Mosquera, s/n, tamén en alugueiro, e por último á rúa Souto María López, núm. 20, baixo, onde na actualidade continúa a Oficina Agraria Comarcal.

3.- Axencia Comarcal de Silleda (Nº. 189).

Creación

Abriuse no ano 1959, coas de Padrón e Vilalba.

Concellos

Abarcaba unicamente o Concello de Silleda.

Explotacións

Hai 2.351 explotacións agrarias, das que 1.549 igualan ou superan as dúas hectáreas de superficie. Estas explotacións representan o 65,6 % das existentes, de onde se desprende que é unha comarca con bastantes posibilidades gandeiras en relación coas zonas agrarias costeiras da mesma provincia.

Actividades máis destacadas

Ata o ano 1963, dende a súa creación, fixo un bo estudo de comarca, divulgou as técnicas sobre o cultivo do millo, da pataca, da implantación de pradeiras, e promoveu a concentración parcelaria en todas as parroquias.

Desde o ano 1963 continuou a promoción da concentración parcelaria, intensificou o traballo para implantación de pradeiras artificiais e do millo forraxeiro, constituíu os primeiros *planteles* con mozos e fomentou a mellora da vivenda rural.

Estableceu o CECA que se concreta noutro capítulo deste libro, estruturou a xestión das empresas agrarias mediante a formación de SEXE (Seminarios de Extensión en Xestión de Explotacións), mellorou a alimentación familiar, a puericultura e acometeu a agricultura de grupo creando a explotación comunitaria de terras e gando denominada Sociedade Cooperativa HOXE.

Tamén promoveu a Sociedade Cooperativa OS CHAOS, así como as cooperativas SILA, TRAS-DEZA, Sociedade Cooperativa Campo de Silleda, COAFOR, esta última no Concello de Forcarei, e a asociación de cooperativas agrarias ACAP, xerme da actual cooperativa de 2º grao XUNCOGA.

No traballo coas familias organizou a Asociación de mulleres rurais de Silleda, programou e desenvolveu cursos sobre pequenos arranxos domésticos eléctricos e de fontanería, tanto no seo desta asociación coma no da Asociación de mulleres rurais O CANDÁN, que tamén promoveu esta Axencia.

Atendeu as explotacións gandeiras impulsando a mellora das cortes e a estabulación libre, facendo campañas para o control da mamite e a loita contra a parasitose bovina.

En traballos coa xuventude potenciou a formación agraria coa creación dun CECA e mediante a programación de cursos de 200 horas para a incorporación da xuventude á empresa agraria, ante a imperiosa necesidade do relevo xeracional.

Nalgún momento as comarcas de Silleda e a de Sarria foron as dúas de Galicia onde había máis explotacións de gandería intensiva: granxas de porcos, coellos e polos de engorde. Técnicos en xestión de explotacións do Servizo de Extensión Agraria a nivel de España constataron que na comarca de Silleda estaba en produción toda a superficie agraria útil posible e que a única forma de incrementar a rendibilidade das explotacións era cos aproveitamentos intensivos, tanto en agricultura coma en gandería.

A promoción da Asociación Feiral Semana Verde de Galicia foi tamén obra desta Axencia Comarcal. O seu primeiro presidente foi o xefe desta, Juan Lorenzo Micó Jornet.

Tamén colaborou no establecemento da Lonxa Agropecuaria de Galicia, no establecemento do primeiro centro de inseminación artificial de porcino, así como no funcionamento das distintas edicións da Feira Internacional Semana Verde de Galicia.

Axentes xefes

Isaac Margusino Villar, Manuel Morán López, Pedro García Vázquez, Juan Lorenzo Micó Jornet e Juan Ramón Fernández-Sanguino Prieto.

Axentes comarcais

Segundo Pérez Queiro, Juan Lorenzo Micó Jornet, Arturo Hernando Abad, Francisco Manuel Pasadas Castillo, Bernardino Núñez Rivas e Xavier Oubel Arcos.

Axentes de economía doméstica

María del Carmen Gómez Lamela, María Juana Gutiérrez Melero e Pilar González Sánchez.

Axentes en prácticas

Segundo Pérez Queiro e Ángel de Lombas Barco.

Monitores

José Antonio García Gallego e José Antonio Villar Pita.

Auxiliares administrativos

Félix Manuel Pena Gómez, Amparo Cuíña Vence, Olga Cuíña Vence, Isabel Serrada Docampo e Concepción Méjome Pérez.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nun 1º andar da rúa principal (estrada de Santiago-Ourense), en alugueiro, máis tarde pasaron á Avda. do Parque, s/n, tamén en alugueiro, e por último instaláronse en edificio propio construído no recinto da Semana Verde de Galicia, no predio doado ao Estado para o CECA.

4.- Axencia Comarcal da Estrada (Nº. 91).

Creación

Creouse no ano 1960, coas de Carballo, Arzúa, Ortigueira, Ribadeo, O Carballiño e Tui.

Concellos

Comprende unicamente o Concello da Estrada.

Explotacións

O número de explotacións agrarias ascendía a 5.459, das que 2.957 eran iguais ou superiores en superficie ás dúas hectáreas. Representaban o 54,1% das existentes en toda a comarca.

Actividades máis destacadas

No momento da súa creación a Axencia fixo unha intensa campaña para fomentar a solicitude da concentración parcelaria nas 51 parroquias da comarca de traballo.

Concentráronse as terras en todas elas salvo nalgunha como as de Codeseda e Ribela, que aínda se están ultimando no ano 2008.

En desenvolvemento comunitario promóvese a instalación de redes de tanques de frío, algún centro de inseminación artificial, campos de festas, traídas de auga, alumeados públicos e camiños complementarios dos de concentración.

Constituíronse explotacións comunitarias de terras e gando nas localidades de Pardemarín, Moreira e Santeles.

Constituíuse a cooperativa de subministracións e consumo de Matalobos, que chegou a alcanzar carácter comarcal, prestando servizos a todos os agricultores das diferentes parroquias do Concello e comarca.

A actividade agraria foi bastante variada, xa que se promoveron a viticultura, nas parroquias con condicións para esta orientación produtiva, a fruticultura e a transformación de cortes, e tamén fomentou a mellora forraxeira mediante a introdución do millo forraxeiro e a implantación de pradeiras artificiais con adecuados métodos de ensilado.

Ao mesmo tempo que asesoraban a xente no manexo do vacún de leite, tamén o facían na produción de carne. Así, houbo cebadeiros de xatos de certa importancia en Cora, Ribeira e Lamas.

Tamén é de destacar o traballo coa xuventude. Crearon *planteles* de Extensión en Arnois, Aguíóns, Santeles, San Xulián de Veá, A Somoza, Orazo e Moreira. Igualmente estruturaron a nivel comarcal un *plantel* con tarefas de empresa de orientación gandeira que funcionou bastante ben.

O *plantel* da Somoza participou en Madrid con demostracións artesanais típicas da comarca e foi premiado na Feira Internacional do Campo. Outros foron premiados por actividades de conservación de produtos do campo.

Nun principio funcionaron grupos de amas de casa en Santa Cristina de Veá, Cora, Valoira, Carrantes, Aguíóns e Orazo con carácter parroquial, que máis tarde foron integrados como “Agrupación comarcal de amas de casa da Estrada”.

Axentes xefes

Joaquín Iruretagoyena Gorostiza, que abriu a Axencia, Lorenzo Monserrat Bermejo, Francisco Roig Cuervo, José Luis Pedreira Vilariño e Javier Oubel Arcos.

Axentes comarcais

Jaime Ruiz de Ajeda Díaz, Juan José Díaz Pardo, Evaristo Puñal Castro, Alfredo Iglesias Raído, Rafael Casado Contreras, Javier Calzada Valero, Luis Álvarez Muñoz e José María González Ditán.

Axentes de economía doméstica

Adoración Martín Martín e Elvira Fernández Díaz. Tamén estivo destinada algún tempo nesta Axencia Concepción Ramos Fernández.

Axentes en prácticas

José Enrique Rodríguez Iglesias e Bernardino Núñez Rivas.

Auxiliares administrativos

Julia Rey Chao, Gracia Señoráns Santorum e Carlos Fernández Martínez, este último procedente das cámaras agrarias.

Localización das oficinas

Nos primeiros tempos estiveron na rúa de Don Nicolás, en alugueiro, pasaron máis tarde á praza Martínez Anido, núm. 3, entrechán, e por último, xa como Oficina Agraria Comarcal, establecéronse na avenida de América.

5.- Axencia Comarcal de Tui (Nº. 92).

Creación

Abriuse no ano 1960, coas de Carballo, Arzúa, Ortigueira, Ribadeo, O Carballiño e A Estrada.

Concellos

Tomiño, Salceda de Caselas e Tui.

Explotacións

O número de explotacións da comarca ascendía a 6.830, das que 1.351 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas, o que representa o 19% das existentes. Esta porcentaxe vai dende o 11,5% de Salceda de Caselas ao 31,6 % de Tomiño.

Actividades principais


Foron moi variadas as actividades desta Axencia polas características das explotacións da comarca onde había unha clara presenza de agricultura a tempo parcial. Nos primeiros momentos prestóuselle atención á gandería de leite, que era de carácter familiar, ata que as vacas acabaron por desaparecer. Nun principio recollía o leite nas reducidas explotación a empresa LARSA, radicada en Vigo e tamén as empresas

Tomiñesa e Rosaleira, que elaboraban queixos. A desaparición das vacas de leite debeuse a moitas causas, entre elas, á pequena dimensión das explotacións e ás medidas de control hixiénico e sanitario introducidas pola Unión Europea.

Implantáronse os primeiros invernadoiros de horta e flor no Baixo Miño, antes por suposto que na zona do Rosal, onde a Axencia se abriu máis tarde. Tamén se atenderon os cultivos da viña e a elaboración do viño nas adegas dos particulares.

Houbo granxas de polos e de cría de porcos, algunhas de coellos e catro granxas de visóns, das que dúas aínda continúan na actualidade.

En desenvolvemento comunitario, fixéronse moitos camiños para acceso ás vivendas e ás explotacións, traídas de auga para ás casas e incluso catro cemiterios parroquiais.



Primer premio de cerroco, de raza Large-White.

Porco premiado na II Feira do Campo de Tui de 1963 con 2.500 pesetas. (Páx. 128 da Revista de "Extensión Agraria" Nº. 4-5, abril-maio 1963)

Pola constancia que temos, esta Axencia foi a primeira de Galicia que organizou unha feira local. Seguiron esta idea outras axencias como Vilagarcía de Arousa, con FESDEGA e Silleda, coa Semana Verde de Galicia.

Sendo xefe desta Axencia Nicolás Prieto Pastrana e axente comarcal José Daniel González Alonso, promoveron a 1ª Exposición de Maquinaria Agrícola e Concurso de Gando, con motivo das festas de San Telmo de 1962, na que participaron cinco casas comerciais con outros tantos expositores e 40 cabezas de gando. Repartíronse 8.000 pesetas en premios.

En 1963 celebrouse a 2ª Feira Comarcal do Campo de Tui, coincidindo tamén coas festas de San Telmo durante os días 20, 21 e 22 de abril. Foi visitada por máis de 25.000 persoas,

moitas procedentes de Portugal. Concuraron 100 cabezas de gando vacún e 40 de porcino, e participaron 14 casas comerciais con maquinaria agrícola, sistemas de regadío, produtos fitosanitarios e fertilizantes. Concedéronse en premios 27.500 pesetas e un especial de 5.000 ao mellor semental.

Estas feiras comarcais, coincidindo coas festas de San Telmo, continuáronse por todos os sucesivos axentes, co apoio das autoridades locais.

Axentes xefes

Nicolás Prieto Pastrana, o fundador da Axencia, que morreu prematuramente á idade de 36 anos o día 24 de agosto de 1966. Este axente prestou antes servizos nas axencias de Negreira e Sarria. Normalmente o primeiro que facía era ler o periódico e recitarnos a noticia que máis lle chamaba a atención, despois de aprendela de memoria con puntos e comas. Decía ademais de maneira xocosa que nós pertenciamos á "Dirección Xeral C" elevada ao cubo, en razón a que era a Dirección Xeral de Coordinación, Crédito e Capacitación Agraria. A harmonía no traballo con el era continua, fronte a calquera contratempo, como cando dicía que fora, como así era, a visitar a un tal "Barros", alcalde de "barrio" de "Barros" (parroquia do Concello da Baña na comarca de Negreira), ou cando lle preguntou a un labrego que estaba podando un carballo, que onde estaba a casa de don José Curráís Blanco, cura de Liñaio, e este baixouse do carballo para ir ensinarlla, acompañouno, abriu a porta sen chamar, díxolle que esperase e aos poucos minutos saíu coa sotana posta, dicíndolle que o cura era el.

Ata que ao cabo de varios anos a súa familia levou os seus restos mortais para as terras de León, onde nacera, cando se levantou o cemiterio vello de Tui, alguén lle puña unha rosa vermella todos os días na súa sepultura.

Seguiron a Prieto como xefes desta Axencia, Javier Prieto Puga de la Mata, Maximino Santamaría González, en comisión de servizo, e José Manuel Rodríguez Bao.

Axentes comarcais

Juan Castro Devesa, Xoán Miguel Concheiro Abal, José Esteve March, Virgilio González Fernández e Maximino Santamaría González.

Auxiliares administrativos

Josefa Vidal Blanco, que posteriormente se fixo axente de economía doméstica, e María Encarnación Pérez Estévez.

Localización das oficinas

Rúa Párroco Rodríguez Vázquez, núm. 2, baixo, en cesión.

6.- Axencia Comarcal de Ponteareas (Nº. 47).

Creación

Creouse como subaxencia dependente da de Porriño no ano 1958 e foi elevada á categoría de Axencia Comarcal no ano 1961. Ese ano foi a única Axencia que se creou en Galicia.

Concellos

Comprendía os de Mondariz, Mondariz Balneario, As Neves, Ponteareas e Salvaterra de Miño.

Explotacións

O número de explotacións agrarias desta comarca era de 9.742, das que 1.291 igualaban ou superaban as dúas hectáreas de superficie, que representaban o 13,25% das existentes. No Concello de Mondariz esta porcentaxe era do 30,6%.

Actividades máis destacadas

En desenvolvemento comunitario fixéronse acometidas de auga ás casas do medio rural, camiños entre as parroquias e as aldeas e regadíos, algún deles de relevante importancia, mediante construción e adaptación de canles para o adecuado aproveitamento das augas.

En traballo coas xuventudes chegaron a funcionar *planteles* de Extensión en Vide, Tortoreos, As Neves e Rubiós, do Concello das Neves; Guláns, Cristiñade, Pías, Arcos e Angoares, do Concello de Ponteareas; Cabreira e Fornelos, do Concello de Salvaterra de Miño; e en Mondariz; dos que sete eran femininos e os restantes masculinos ou mixtos.

Houbo grupos de amas de casa nas localidades de Cabreira, Rubiós, Vide, Fornelos, Gargamala, Alxén, As Neves, Ribadetea e Prado.

Asesoraron ás comunidades veciñais na redacción dos estatutos para asumir a titularidade, de acordo coa lei, dos montes de propiedade e aproveitamento comunitario.

Traballaron en agricultura intensiva, especialmente nos cultivos de tomate e pemento ao aire libre e mediante invernadoiros e outras proteccións con plásticos, non só para venda directa nas feiras de Ponteareas, Lira e A Cañiza, senón tamén nos mercados da cidade de Vigo. As cebolas, entre outras plantas de horta que se plantaban para autoconsumo familiar nos concellos de montaña como A Cañiza e Covelo, procedían de Ponteareas.

En viticultura asesoraron os agricultores en control de pragas e enfermidades, así como na elaboración caseira dos viños do Condado. Na parroquia de Rubiós do Concello das Neves, que produce un viño tinto considerado tradicionalmente como o mellor viño tinto de Galicia, constituíuse unha adega.

En gandería promoveron a introdución de gando autóctono galego nas parroquias de Cerdeira, do Concello das Neves, e nas de Savaxáns e Gargamala, do Concello de Mondariz, para aproveitamentos dos montes.

Hai un dato que cómpre destacar desta Axencia que non queremos pasar por alto. Sendo como é esta comarca tan diversa en orientacións produtivas, ata o ano 1963 promoveu a construción de 41 silos para a conservación de forraxes, tantos como a Axencia de Lalín, onde a orientación produtiva dominante é a gandería. A Axencia de Negreira, con pouco máis de dous anos máis de funcionamento e onde a prioridade gandeira era evidente, promovera ata o dito ano a construción de 45 silos, tan só catro máis cá de Ponteareas.

Axentes xefes

Manuel González Rodríguez, que abriu a subaxencia dependente da de Porriño e continuou como xefe, xa como Axencia, a partir do ano 1961, no que se independizou da do Porriño; Federico Cabrera Domínguez, Enrique Alzaga Moriche, José Enrique Rodríguez Iglesias e José Miguel Bayón Hermida, actualmente á fronte este último da Oficina Agraria Comarcal.

Axentes comarcais

José Fernández Paz, como subaxencia, Amador de Celis Suárez, Aniceto Álvarez Gascón, Cipriano Vivas Vivas, Manuel Poblador Curto, Enrique Alzaga Moriche, José Vicente Ortiz García, José Mariano Pérez Fernández e José Rodríguez Cruz.

Axentes en prácticas

Florentino Pocero Gutiérrez, José Mariano Pérez Fernández, José Carlos Porto Vázquez, Enrique Campillo Gómez, Cástor Gago Álvarez e María Dolores Gómez Sampayo, axente de economía doméstica.

Axentes de economía doméstica

Concepción Estévez Vidal, María Cruz Santamarta Caballero, Josefa González Sánchez, María Remigia Meis Domínguez e Ana María Fernández Reinoso.

Auxiliares administrativos

Como subaxencia foron contratados un tal Antonio, que foi traballar a Zeltia no Porriño porque lle pagaban máis, e despois un irmán del, do que non nos facilitaron máis datos.

Xa como Axencia: Jesús Veiga, Agustín Antón Rodríguez, unha chamada María del Carmen da que non conseguimos os apelidos (contratada), Josefa Gómez García, Cristina Álvarez de Ron, Encarnación Escribano Martínez e Dulce Barros Martínez.

Localización das oficinas

Cando era subaxencia estivo nun baixo, en alugueiro, da rúa que une a estrada xeral co edificio do Concello. Dispuña dun garaxe. Máis tarde, xa como Axencia, pasou tamén a un baixo, tamén en alugueiro, na rúa Xiralda, s/n. Despois a outro baixo cedido na rúa Calvo Sotelo, e por último á Praza de Santa Ana, núm. 23, baixo, de novo en alugueiro, onde continúa xa como Oficina Agraria Comarcal.

7.- Axencia Comarcal de Lalín (Nº. 63).

Creación

Abriuse como Axencia Comarcal o ano 1962. Anteriormente, con data do 26 de novembro do ano

1959, foi aberta como subaxencia dependente da de Silleda, sendo xefe Isaac Margusino Villar.

Concellos

Comprendía os concellos de Dozón, Agolada, Lalín e Rodeiro.

Explotacións

Tiña esta Axencia 6.714 explotacións agrarias, das que 4.644 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas, que representaban o 69,1 % de todas as da comarca. Esta porcentaxe oscilaba entre o 59,7 % no Concello de Lalín e o 85,1% no de Dozón.

Actividades principais

Esta Axencia, polas súas posibilidades, centrouse na mellora do vacún, reconvertendo a tradicional produción de carne en explotacións tamén de leite. Fomentaron a construción de cortes, a cavadura de montes a toxo para a implantación de pradeiras artificiais, a conservación de forraxes, principalmente mediante o ensilado, a introdución do millo forraxeiro e o manexo da cabana gandeira tamén en estabulación libre.

Promoveron a concentración parcelaria en máis de 25 parroquias: 11 de Lalín, 12 de Agolada, 1 de Dozón e 3 de Rodeiro no Val da Camba, que están na actualidade estas últimas en fase de proxecto para facela en conxunto.

Organizaron teleclubs en varias localidades, con bastante dinamismo nos de Soutolongo, Maceira, Borraxeiros, Val de Sangorza e Cercio.

En xuventudes funcionaron *planteles* de Extensión en Cercio, do Concello de Lalín, e en Val de Sangorza do de Agolada. Máis tarde creouse un *plantel* comarcal con tarefas de empresa, que abarcaba os catro concellos, que destacou polas actividades de xestión de explotacións.

Creáronse grupos de amas de casa en Rodeiro, Lalín, Soutolongo e Prado. Máis tarde creouse en Lalín o grupo de amas de casa “Laxeiro”, no que estaban integradas as 48 parroquias deste Concello.

En desenvolvemento comunitario fixéronse camiños rurais mediante explanacións e acondicionamentos en todas as parroquias dos catro concellos e na maioría dos lugares.



Traballando a terra en Rodeiro no ano 1976. (Autor: A. R. Troncoso)

Tamén tiveron moita aceptación as acometidas de auga a domicilios mediante novas captacións, canalizacións e distribucións dende depósitos comunitarios. Igualmente fixéronse algúns saneamentos.

En relación cos abastecementos de auga non podemos pasar por alto o esforzo dunha localidade da parroquia de Moimenta, que para conseguir auga para todos fixeron unha escavación subterránea en horizontal, a pico e pa, en pura roca granítica, de máis de trinta metros de longo e que se podía percorrer a pé sen agacharse. Fixeron unha furna da que é posible que se cheguen a formar lendas encantadas, como sucedeu con aquelas onde se encontraron restos prehistóricos e que foron feitas no paleolítico.

Axentes xefes

Isaac Margusino Villar, como subaxencia, e Julio Sanz Álvarez, Lorenzo Hernández Rodríguez e Mercedes Salgueiro Fernández, xa como Axencia.

Axentes comarcais

José Luis Piñeiro Barrio, José Enrique Rodríguez Iglesias, Pedro García Vázquez, Lorenzo Hernández Rodríguez e Juan Antonio Martín Díaz (1968).

Axentes de economía doméstica

María Diéguez Diéguez.

Persoal en prácticas

Plácido Gómez Bahamonde, Xavier Miguélez Díaz e Cástor Gago Álvarez.

Persoal administrativo

Antonio Ferradás Sucasas, Guadalupe Novoa Carballude, María Teresa, de Lugo, Ana María Fernández Padín, María Consuelo Davila Villar, María Jesús Martínez Reboredo, José Antonio González Faílde, estes dous últimos procedentes das antigas cámaras agrarias, e María Soledad García Montoto.

Outro persoal

Jesús Cordeiro Budiño e José María Pérez Veiga, xa como técnicos da Oficina Agraria Comarcal.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron na rúa da Ponte, núm. 4-1º, en alugueiro, e despois pasaron á rúa Areal, 27-1º, onde continúa a Oficina Agraria Comarcal.

Anecdótico

En relación coas actividades desta Axencia hai algunhas anécdotas, recordadas polo axente Lorenzo Hernández Rodríguez, que consideramos oportuno citar.

En Méixome un agricultor deitou diante da explanadora para que non lle abrisen o camiño pola súa leira. Os veciños con paciencia conseguiron convencelo para que fose deitar á cama e non foi necesario atalo a unha cerdeira como fixeron os da aldea de Casal da parroquia de Pereira (Mos) da comarca do Porriño.

O xefe da Axencia Julio Sanz Álvarez convocou unha reunión para convencer os agricultores de que se acollesen a unhas subvencións para fertilizar os prados artificiais. Ao día seguinte apareceu pola Axencia un agricultor, en ausencia de Julio, e dixo: *Eu quero facer unha pradeira artificial, pero non lle entendín ben a don Julio se lle había que botar ao prado antes o fertilizante ou a subvención.* Algo parecido aconteceulle a Julián del Caño Abad, que anunciou cursos sobre gandería con "becas" de estudo de mil pesetas, cando era xefe da Axencia de Becerreá, e apareceu pola Axencia un agricultor para levar unha "vaca" das anunciadas a mil pesetas.

Cando tiñan que asinar unha solicitude de concentración, díxeronlle a unha afectada que non sabía ler nin escribir, que puxese a "huella dixital". Ela quedou pensativa e dixo: *Se hai que*

poñer a "huella xenital" que a veña a poñer a miña sogra porque as leiras aínda son dela.

Coincidindo co funcionamento desta Axencia había en Lalín unha oficina do Servizo de Concentración Parcelaria e pediu ser trasladado a ela un enxeñeiro agrónomo madrileño, que tiña moito interese en ver o mar. Tan axiña baixou do tren na estación de Botos, o primeiro que fixo foi preguntarlle ao xefe da estación por onde podía camiñar para chegar ao mar. O que o sucedera era que cando pediu destino confundiu no mapa Lalín con Marín.

8.- Axencia Comarcal de Vilagarcía de Arousa (Nº. 263).

Creación

Creuse o ano 1964 coas da Fonsagrada, Becerreá, A Pobra de Trives e Chantada.

Concellos

Integraban a comarca desta Axencia os concellos de Cambados, Catoira, Meis, Ribadumia, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa e A Illa de Arousa (este último foi Concello máis tarde, cando xa desaparecera o Servizo de Extensión).

Explotacións

A comarca comprendía 8.754 explotacións agrarias, das que 1.175 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas. A porcentaxe destas explotacións con base territorial mínima de dúas hectáreas era do 13,4%, dende o 3,2% do Concello de Vilagarcía ata o 35,6% de Meis, pasando polo 12,4% de Cambados, o 16,2% de Vilanova de Arousa, o 20,8% de Ribadumia e o 32,8% de Catoira. Non se calculou esta porcentaxe do Concello da Illa de Arousa porque aínda formaba parte do de Vilanova de Arousa.

Actividades principais

O traballo desta Axencia centrouse no desenvolvemento comunitario mediante construcións de camiños e traídas de auga a domicilios.

Tamén desenvolveu un traballo bastante importante nos cultivos intensivos, en especial de horta e algo de floricultura, con atención nalgunha explotación á camelia, chegando a constituírse algunhas cooperativas hortícolas

para a comercialización de bastante importancia para a comarca. As máis importantes destas cooperativas foron HORTUMIA e HORSAL, esta última continúa en plena actividade no momento actual.

En viticultura fomentou a mellora e implantación do Albariño mediante a súa reestruturación para á adecuada mecanización da labra, a poda e os tratamentos, así como a substitución do chamado viño “catalán ou do país”, que se introducira como portaenxerto. Tamén atendeu a elaboración correcta do Albariño polos particulares con orientacións fundamentais en enoloxía. Promoveu a organización de adegas cooperativas mediante agrupacións de colleiteiros, de aí a Adega Cooperativa Martín Codax e outras como a de Sisán.

Colaborou coa Universidade de Santiago na experimentación e investigación dos patróns máis idóneos para o albariño e co Consello Regulador da Denominación Específica desta variedade para conseguir a reestruturación do actual Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas.

En xuventudes organizou *planteles* de Extensión Agraria masculinos e femininos en diversas localidades da comarca, e traballou tamén con amas de casa mediante agrupacións parroquiais, incidindo en hortos familiares, hixiene do fogar e desterro de certos usos tradicionais na alimentación dos nenos, tan prexudiciais como era o costume de mollarlle a chupete en viño en vez de darlle de mamar ou o biberón.

Constituíu un total de 12 *planteles*, seis femininos e seis masculinos, dous en cada unha das localidades de András, Vilariño, Paradela, San Miguel de Deiro, Ribadumia e Baión.

Tamén tivo un grupo de amas de casa en cada unha das localidades citadas.

Esta Axencia de Extensión foi a promotora de FEXDEGA, Feira Agrícola e Industrial de Vilagarcía de Arousa, que se celebra todos os anos con expositores de España e de Portugal.

Axentes xefes

Isaac Margusino Villar, que inaugurou a Axencia e permaneceu nela ata a súa xubilación; José

Carlos Porto Vázquez e Manuel Rivera González, xa como Oficina Agraria Comarcal este último.

Axentes comarcais

Leandro Álvarez Villalón, Carlos Bugallo Varela, José Enrique Rodríguez Iglesias, Emilio Francisco Rodríguez Calvo, Julián Benéitez Villanueva, Bernardino Núñez Rivas e José Vázquez Fouz.

Axentes en prácticas

Generoso Valle Leal e Maximino Santamaría Gonzalez.

Axentes de economía doméstica

María Teresa Cuíña Vence.

Outro persoal

Jesús Cordeiro Budiño, Berta M. Roldán Pimentel, os dous técnicos e xa como Oficina Agraria Comarcal, e José Pérez Varela como subdelegado de zona e como xefe de área.

Auxiliares administrativos

Isolina Fernández Corredoira, que estaba destinada na Axencia da zona de Pontevedra situada en Vilagarcía, Raquel Rivero Estévez e Ramón R. Núñez Castro, xa como Oficina Agraria Comarcal.

Localización das oficinas

Na rúa Conde de Vallellano, núm. 13-1º, e posteriormente na praza Ravella, 13-3º e 4º, xa como Oficina Agraria Comarcal, nos dous casos en alugueiro.

9.- Axencia Comarcal da Cañiza (Nº. 333).

Creación

Foi creada no ano 1965, coas de Allariz, Viveiro, Teixeira-Curtis e Ferrol.

Concellos

Comprendía os concellos de Arbo, A Cañiza, Covelo e Crecente.

Explotacións

As explotacións agrarias desta comarca ascendían a 7.598, das que 1.394 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas. A porcentaxe destas explotacións agrarias era dunha media do 18,3% en toda a comarca. Tal porcentaxe ía dende o 12,6% no Concello de Arbo ao 26,6% no de Covelo.

Actividades principais

Trátase dunha comarca onde hai un acusado parcelamento da propiedade, tanto na zona de montaña coma na da ribeira do Miño e os seus afluentes. A emigración foi tamén moi significativa e os aproveitamentos da agricultura son de autoconsumo. Tan só a gandería e o viño son obxecto de comercio, pero de auténtica subsistencia, en pequenas cantidades como poden ser un xato ou uns pipotes de viño, algunha ducia de ovos, medio ferrado de millo ou algunha galiña os días de feira da Cañiza principalmente, que se celebraba os días 6 e 20 de cada mes. En tempos algo anteriores á creación da Axencia tamén se celebraba unha feira mensual en Covelo e outra no lugar da Lomba do Concello de Arbo. Estas feiras eran de máis reducido radio de acción que a da Cañiza, onde se vendían moitos bois, incluso dos concellos lindeiros da provincia de Ourense.



O lugar de Guntín-Oroso en 1985, antes da concentración parcelaria, protagonista da obra *Historia dunha aldea galega*, a de editorial Ir Indo. Vigo 2004. (Autor: A. R. Troncoso)

Dáse a circunstancia que na Cañiza, onde se celebra con bastante resonancia a Festa do Xamón, non se crían porcos no medio rural e os que se ceban para autoconsumo cómpranse na feira de Ponteareas ou na da Cañiza aos porqueiros que adoitaban ser da comarca do Carballiño, ou a criadores da beira do mar, das proximidades de Vigo.

Loxicamente, ante este panorama o traballo da Axencia, á parte do importante labor que fixo coa xuventude no CECA, abordado noutro capítulo, o seu traballo principal centrouse no desenvolvemento comunitario. Promovéronse máis de 1.400 accións das que 250 foron acometidas de auga a domicilio noutras tantas aldeas. Tamén se fixeron mediante explanación ou ensanchado moitos camiños rurais e bastantes regadíos.

Cando desapareceron as axudas de Extensión sobre o ano 1988, a Axencia en colaboración co IRYDA promoveu a tramitación de 980 melloras de regadío e conducións de auga para bebedoiros de gando.

Participou en 50 agrupacións de montes veciñais en man común asesorando aos comuneiros na súa propia organización e na redacción dos estatutos de funcionamento, así como no seu aproveitamento, facendo un verdadeiro esforzo na descrición da delimitación dos seus lindes para que quedasen escritos, pois xa se estaba a perder a memoria histórica pola forte emigración experimentada nas comunidades propietarias.

Entre os anos 1982 e 1990 orientou os viticultores no arranque de viñedos e a súa reposición con variedades de calidade como o Albariño, para incorporarse a Denominación de Orixe Rías Baixas, tanto nos concellos de Crecente e Arbo coma nas parroquias vitivinícolas da Cañiza, en especial na de Valeixe.

Tamén asesorou os gandeiros para recuperar o gando vacún dos montes e as explotacións de ovino e caprino.

Entre os anos 1992 e 1995 promoveron a solicitude da concentración parcelaria en once parroquias. Encóntranse en proceso de concentración as de Oroso, do Concello da Cañiza, e as de San Salvador de Prado, Godóns, Campo e Barcia de Mera, do de Covelo.

Convén facer constar que a parroquia de Oroso xa solicitara a concentración no ano 1961 como consecuencia dunha visita colectiva que fixo á comarca de Negreira (A Coruña) naquelas datas e da que hai constancia gráfica no apartado correspondente a esta Axencia.

Chegaron a funcionar oito grupos de amas de casa nesta comarca.

Axentes xefes

José Luis Piñeiro Barrio, José Francisco Santos Ucha, José Manuel Rodríguez Bao, Hilario Baus Viñas, José Mariano Pérez Fernández e Juan García Sánchez.

Axentes comarcais

José Manuel Rodríguez Bao, José María Rincón Pérez e Eduardo Peláez Ruiz.

Axentes de economía doméstica

María del Carmen Carballeda Pérez e Ana María Fernández Reinoso.

Monitores

Francisco Pérez Fernández, Pablo Muñoz Sánchez, Manuel Muíño Varela e Pascual Faúndez Fidalgo, os tres últimos en comisión de servizo.

Auxiliares administrativos

María Dolores Gómez Sampayo, Josefa Pérez Gómez, María del Carmen Pérez Gómez e Cristina Vázquez Álvarez.

Localización das oficinas

Primeiro no 2º andar da casa do Concello, mediante cesión, sita na rúa Oriente, núm. 11, e posteriormente na rúa Progreso, núm. 51, no edificio multiusos.

10.- Axencia Comarcal de Ponte Caldelas. (Nº. 392).

Creación

Foi creada no ano 1966, coas de Meira, Maceda e Noia.

Concellos

Comprendía os concellos da Lama, Cotobade, Fornelos de Montes e Ponte Caldelas.

Explotacións

Atendía esta Axencia 6.723 explotacións agrarias, das que 1.754 eran iguais ou superiores en Extensión ás dúas hectáreas, que representaban o 26% das da comarca. Esta porcentaxe ía dende

o 16,7% do Concello da Lama ao 40% do de Fornelos de Montes.

Actividades principais

Como no momento en que escribimos este libro non podemos contar coa testemuña de ningún dos axentes que traballaron nesta Axencia porque faleceron todos, copiamos de maneira literal o que escribiu Leopoldo Valiño Peso no Diario de Pontevedra, páxina 5, o día 9 de marzo de 1969, correspondente do xornal en Ponte Caldelas:

Resumo do labor realizado pola Axencia de Extensión Agraria .-100 reunións nas parroquias da Lama, Cotobade e Ponte Caldelas con 3.192 asistentes, sobre camiños, traídas de auga, cultivos forraxeiros e gandería.- 64 demostracións de métodos con 530 agricultores.- 70 demostracións de resultados sobre pradeiras artificiais, millo híbrido, pataca seleccionada e ensilado de forraxes.- 2 cursiños intensivos en Xustáns e Ponte Caldelas sobre praticultura e forraxes e sobre solos e fertilizantes.- 3 viaxes colectivos á Feira Agrícola e Industrial de Vilagarcía, ao matadoiro de polos de O Porriño e á Granxa de destilación de Resinas e a Granxa Escola de Pontearreas.-1.439 visitas a leiras; 225 cartas particulares; 1.439 follas divulgadoras e 5.125 consultas.

Resultados: 120 agricultores estableceron 22 hectáreas de pradeira artificial, 65 hectáreas de millo híbrido; empregaron 35.000 quilos de fertilizantes complexos, 14.000 de fertilizantes simples, sementando 3.500 quilos de pataca seleccionada, construíron 3 silos para 40 toneladas de forraxe, reformaron 5 cortes e importaron 15 vacas holandesas. Adquiriron 3 tractores, 1 motocultor, 1 gadañadora, 1 motosegadora, 1 picadora de forraxes e 3 muíños trituradores.- Outras actividades versaron no arreglo de camiños, traídas de auga, acondicionamento de acequias para regar, introdución de gando selecto, silos, estercoleiros, reforma de cortes, pradeiras, poda e tratamento de froiteiras e desinfección de solos e fertilización equilibrado dos cultivos.

Tanto estas actividades coma os resultados que describe o Diario de Pontevedra corresponden ao ano 1968, aos dous anos da creación da Axencia, o que demostra un extraordinario dinamismo con excelentes resultados.

En xuventudes, recordamos que nesta Axencia había polo menos dous *planteles* de Extensión, un deles na localidade de Xustáns. Tamén recordamos asistir a un cursiño sobre decoración e bordados, na localidade de Vilapedre, polo que entendemos que traballaba tamén con amas de casa, malia que nesta Axencia nunca houbo axente de economía doméstica.

Tamén traballaron en montes veciñais en man común, descoñecendo o alcance deste traballo, porque podemos testemuñar que nos levaron á parroquia da Laxe por este motivo e que mecanografaron na Axencia un cartapacio manuscrito do século XV que lle facilitou o cura párroco de Verducido, sobre o preito que mantiveron os veciños de Verducido (A Lama), Barcia de Mera e outras parroquias de Covelo contra o Duque de Soutomaior, porque Pedro Madruga trouxera de Portugal por Cortegada máis de 600 vacas e acababa cos pastos do Suído e Monte Maior, propiedade dos veciños.

Axentes xefes

Juan Lorenzo Micó Jornet, Manuel Poblador Curto e Antonio Rama Facal, este último que era supervisor atendeu a Axencia trasladándose todos os días dende Pontevedra.

Axentes comarcais

Generoso Valle Leal, excelente traballador e plenamente identificado cos agricultores da comarca e cos seus problemas. A morte prematura deste axente frustrou un proxecto sobre apicultura que empezara na comarca.

Auxiliares administrativos

María Cruz Martínez Frade, María Montserrat Fuentes Bordás e Emilio Javier Canda Martínez, xa como Oficina Agraria Comarcal.

Localización das oficinas

Local cedido pola Cámara Agraria de Ponte Caldelas, na rúa da Igrexa, s/n.

11.- Axencia Comarcal de Cangas de Morrazo (Nº. 484).

Identificamos a Axencia con este nome, que era o que tiña o municipio cando se creou, aínda que na actualidade a súa denominación sexa exclusivamente a de Cangas.

Creación

Creouse no ano 1967, coas de Santiago de Compostela, Quiroga, Ribadavia, Cambre e Redondela.

Concellos

Comprendía os concellos de Bueu, Cangas, Marín, Moaña e Vilaboa.

Explotacións

O número de explotacións da comarca ascendía a 9.685, das que unicamente 548 superaban as dúas hectáreas de superficie. O tanto por cen das explotacións que alcanzaban as dúas hectáreas en toda a comarca era do 5,6, chegando esta porcentaxe ao 10,3 no Concello de Bueu e baixando ao 1,8 no de Moaña.

Actividades máis salientables

Por ser unha comarca dun acusado minifundio, as actividades principais centráronse nos cultivos intensivos de horta mediante invernadoiros. Promoveuse o cultivo do tomate, pemento de Padrón, chícharos e leitugas principalmente, por ser de doada venda nas cidades como Pontevedra e Vigo e nas vilas capitais dos concellos da comarca.

As escasas vacas existentes producían leite tan só para o autoconsumo. Ademais as esixencias sanitarias e hixiénicas requiridas polas centrais leiteiras impoñían melloras das cortes que non resultaban rendibles ante tan baixa produción.

Promovéronse algunhas granxas de coellos para a súa comercialización en cooperativas, pero acabaron por desaparecer porque os resultados non foron os esperados.

En viticultura promoveron unha plantación de Albariño na parroquia do Hío, porque tradicionalmente se dicía que nesta parroquia se producía o mellor Albariño de Galicia, pero

non se conseguiu o volume adecuado para unha comercialización minimamente rendible.

Os agricultores seguiron producindo viño da maneira tradicional e xa nos últimos tempos da Axencia chegaronse a legalizar en toda a comarca un 40 furanchos, onde vendían as colleitas a bebedores habituais como se dunha taberna se tratase.

En desenvolvemento comunitario traballouse en camiños, traídas de auga, canalización de redes de sumidoiros e saneamentos.

Parece oportuno resaltar que nalgúns casos a promoción do desenvolvemento comunitario creoulle serios problemas ao xefe da Axencia, a causa da manipulación interesada de persoas coñecidas no argot político como “caciques”, pero que non coinciden cos que en Extensión coñecemos como “líderes”, aos que segue a xente, sen que eles mesmos se dean conta, polo seu bo facer.

A comisión veciñal da parroquia do Seixo do Concello de Marín, creada para á acometida de auga de 200 casas dun manancial de Santo Tomé de Piñeiro do citado Concello, estaba reunida cos interesados no grupo escolar da referida parroquia do Seixo. De súpeto irrompe a Garda Civil e conduce o axente Leandro Álvarez Villalón á sede da Comandancia de Pontevedra por orde do tenente coronel Garea.

O delegado de Educación e Ciencia de Pontevedra accedera a darlle permiso ao referido axente para a reunión, despois de dicirlle este que se llo denegaba celebraríase a reunión na praia de Loira e chamaba os medios de comunicación.

Ante tal situación, compareceron na Comandancia da Garda Civil, onde levaran a Leandro, os supervisores José Vázquez Álvarez e Amador Rodríguez Troncoso. Unha vez que foron retratados nunha caricatura por un debuxante profesional da Garda Civil, de maneira subrepticia, faláronco tenente coronel Garea e este manifestoulles que recibiran unha denuncia de que se trataba dunha reunión subversiva da UPG.

En xuventudes chegou a funcionar o *plantel* de Extensión de Santa Cristina de Cores do Concello de Vilaboa. Chegou a planificar unha tarefa comunitaria de 400 ovellas para o control

da maleza dos montes da Serra de Domaio, que marca os lindes de Vilaboa, Marín e Moaña, os de Castiñeiras e Picouta da Graña, todos eles cun descenso suave cara ao noroeste. Foille denegado o permiso pola Deputación, alegando que xa había moita carga gandeira, cousa que non se adaptaba á realidade porque a abundancia de maleza motivou repetidos incendios forestais e véñenos motivando case que todos os anos.

Os ingresos primarios desta comarca de traballo procedían da pesca, o marisqueo e a agricultura.

Axentes xefes

Leandro Álvarez Villalón, que inaugurou a Axencia e permaneceu nela ata a súa xubilación, Arturo Hernando Abad e José Crego Lavandeira, continuando este último na Oficina Agraria Comarcal.

Axentes comarcais

Arturo Hernando Abad.

Auxiliares administrativos

Isabel Villar Acuña e Mercedes Álvarez Acal. Houbo algunha máis provisional das que no temos nin o tempo en que estiveron nin os nomes.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron establecidas nun baixo da cámara agraria local. Despois pasaron á avda. de Ourense, 34-1º, en alugueiro.

12.- Axencia Comarcal de Redondela (Nº. 485).

Creación

Foi creada no ano 1967, coas de Santiago, Quiroga, Ribadavia, Cambre e Cangas de Morrazo.

Concellos

Comprendía os concellos de Pazos de Borbén, Pontevedra, Redondela e Soutomaior.

Explotacións

O número de explotacións da comarca ascendía a 9.458, das que 950 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas, que vén sendo o 10% das de toda a comarca. A porcentaxe vai dende o 3,1% do

Concello de Soutomaior ao 38,25% do de Pazos de Borbén.

Actividades máis salientables

É unha comarca dunha agricultura a tempo parcial moi acusada, compartida coa pesca, o marisqueo e traballos en servizos e na industria.

A Axencia centrou o programa de traballo nos cultivos intensivos de horta, flor e kiwi, este último en grande escala.

A gandería case non existía, agás algunhas explotacións no Concello de Pazos de Borbén, algunha delas de engorde de xatos.

En desenvolvemento comunitario fixéronse camiños, traídas de auga e algunha rede de sumidoiros.

Tamén se traballou coa xuventude en varios *planteles* de Extensión. Un en Villar e Cabeiro, que comprendía a xuventude das dúas parroquias, e o outro en Soutoxuste do Viso. Tamén se organizaron *planteles* en Pazos de Borbén e en Cesantes.

En Pontesampaio funcionou bastante ben un grupo de amas de casa, así como en Pazos de Borbén, Reboreda, O Viso, Cesantes e Garia-doiro.

Axentes xefes

Mariano García Rollán, que abriu a Axencia, Lucío Terrén Poves e Antonio Sánchez-Cevera Oriol.

Axentes de economía doméstica

María Cruz Santamarta Caballero.

Auxiliares administrativos

Aurora Bastos Barciela.

Localización das oficinas

Primeiro funcionaron no edificio do cárcere do partido xudicial, en cesión, despois pasaron á rúa principal, Alfonso XII, núm. 21-1º, en alugueiro, máis tarde foron instaladas na Xunqueira, nun local cedido da antiga escola primaria, e por último establecéronse na avenida da Xunqueira, núm. 15-1º B.

13.- Axencia Comarcal do Rosal (Nº. 582).

Creación

Creouse no ano 1969, xuntamente coas de Baio, Foz, Castro Caldelas e Sanxenxo.

Concellos

Comprendía os concellos da Garda, O Rosal e Oia.

Explotacións

A comarca comprendía 3.223 explotacións agrarias, das que 363 tiñan unha superficie igual ou superior ás dúas hectáreas, que representaban unha porcentaxe do 11,25% das de toda a zona de traballo da Axencia. Este porcentaxe ía dende o 2,2% das do Concello da Garda ata o 31,4% das de Oia, sendo do 10,5% as do Rosal.

Principais actividades

Dadas as características desta comarca, cun acusado minifundio e o clima máis soleado de Galicia, a súa orientación produtiva máis apropiada era a horticultura e a floricultura.

Neste traballo de cultivos intensivos destacou inmediatamente a Axencia, empezando cunha demostración dos resultados no *plantel* de Extensión Agraria de Pancenteno (O Rosal), que repercutiu primeiro en toda a comarca e máis tarde no resto de Galicia.

Os cultivos forzados a partir dos anos 70 desenvolvéronse moi rapidamente grazas á comercialización a través das cooperativas promovidas pola Axencia.

Hoxe esta comarca constitúe a área xeográfica máis extensa de Galicia en horta, flor e kiwi.

Funcionan dúas cooperativas que comercializan hortaliza, flor e kiwi, Porta do Río Miño, especializada en horticultura, e El Pilar, especializada en flor e horta.

Hai ademais dúas SAT (Sociedades Agrarias de Transformación): REBOULLO e BAIXO MIÑO, que comercializan kiwi, así como HORTIGAL S.L., de horticultura, FLOR EIRAS, S.L., de flor; UNIÓN FLORISTA S.L., FLOR EIRAS e COMU-

NIDADE de BENS TOXAL, que se dedican ao cultivo e a comercialización da flor.

En desenvolvemento comunitario non había auga en ningunha casa rural dos tres concellos da comarca e na actualidade teñen todas auga corrente como consecuencia do traballo de promoción que fixo a Axencia.

Fixeron tamén algúns camiños. Cando se abriu a Axencia xa se concentraran todas as parroquias do Concello do Rosal e os pobos estaban ben comunicados polas pistas feitas polo Servizo de Concentración.

En viticultura introducíronse as técnicas máis avanzadas de Portugal en sistemas e plantacións, recomendando as variedades de Albariño, Treixadura e Loureiro. Mantiveron un campo de ensaio con seis patróns en colaboración coa Delegación Provincial de Agricultura de Pontevedra.

Fixeron varios cursos de enoloxía para unha adecuada elaboración de viños do Rosal, e utilizaron como referencia para toda a comarca a adega de Santiago Ruiz, que colaborou dende o primeiro momento de maneira estreita cos axentes de Extensión Agraria.

En relación coa xuventude, crearon catro *plantetes*, tres masculinos nas localidades de Pancenteno, Novás e Ferreiro, e un feminino na localidade de Quintán.

Axentes xefes

José Pérez Varela e José Enrique Rodríguez Iglesias.

Axentes comarcais

José Enrique Rodríguez Iglesias, José Crego Lavandeira e María Clara Pousa Ortega.

Axentes de economía doméstica

María Dolores Gómez Sampayo.

Auxiliares administrativos

Mercedes Álvarez Acal e Aurora Lourido Vedmar.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nun local que arrendou o Concello do Rosal, despois pasaron a uns locais

habilitados polo referido Concello na propia casa do consistorio, bastante amplo e con boa sala de reunións, e por último instaláronse noutro local con outros servizos, tamén cedido polo dito Concello, onde na actualidade está a Oficina Agraria Comarcal.

14.- Axencia Comarcal de Sanxenxo (Nº. 583).

Creación

Creouse o ano 1969, coas de Baio, Foz, Castro Caldelas e O Rosal. Empezou a funcionar o 27 de outubro do referido ano 1969.

Concellos

Comprendía os concellos do Grove, Meaño, Poio e Sanxenxo.

Explotacións

As explotacións agrarias ascendían a 5.769, das que 741 eran iguais ou superiores ás dúas hectáreas, cunha porcentaxe de media deste tipo de explotacións do 12,8 %. Esta media era do 5,1% no Concello do Grove e chegaba ao 24% no Concello de Meaño.

Actividades principais

Traballou principalmente en viticultura e horticoltura, en especial sobre o cultivo do morango e invernadoiros. Tamén promoveu algunhas obras comunitarias.

Organizou *planteles* nas localidades de Nantes e Lores. Eran *planteles* mixtos.

Como traballo de fondo desta Axencia podemos dicir que contribuíu á mellora do Albariño en toda a comarca, especialmente na súa elaboración, de tal xeito que na actualidade o viño albariño dos particulares compite en calidade co que se elabora nas adegas cooperativas, onde se aplica a tecnoloxía enolóxica máis avanzada.

Nalgunhas reunións ás que asistimos, escoitámoslle dicir ao que foi xefe desta Axencia, Julián del Caño Abad, que *“o viño albariño é o mellor branco do mundo se o elaboran ben e o peor branco do mundo se o elaboran mal”*.

Axentes xefes

Julián del Caño Abad e José Carlos Porto Vázquez.

Axentes comarcais

José Carlos Porto Vázquez e Ángel Aguado Vaquerizo.

Auxiliares administrativos

Isabel Villar Acuña.

Localización das oficinas

Rúa do Progreso, núm. 74, baixo, en alugueiro.

15.- Axencia Comarcal de Forcarei (Nº. 622).

Creación

Creouse no ano 1970, con Santa Comba, Santa Uxía de Ribeira, Melide, Castroverde, Ourense, A Rúa-Petín e Vila de Cruces.

Concellos

Comprendía os concellos de Forcarei e o de Cerdedo.



Comarca de Forcarei en 1976.

(Autor: A. R. Troncoso)

Explotacións

O número de explotacións agrarias desta Axencia era de 2.954, das que 1.968 superaban á superficie de dúas hectáreas. Estas representaban o 66,3% das explotacións da comarca. Esta porcentaxe ía dende o 51,8% das do Concello de Cerdedo ao 76,6% das do Concello de Forcarei.

Actividades máis destacadas

Promoveron explotacións leiteiras, melloraron cortes e construíron outras novas con medidas hixiénicas e sanitarias axeitadas. Para aumentar a base territorial en produción de forraxes os particulares cavaron montes, proliferando

como consecuencia peches e implantación de pradeiras artificiais en terreos antes dedicados a toxo e maleza en xeral. Moitas das explotacións que antes tiñan unhas sete vacas para traballo e produción de carne chegaron a ter máis de 40 vacas leiteiras.

Había algunhas cooperativas comunitarias de terras e gando. Unha delas foi visitada por moitos agricultores doutras partes de Galicia con visitas colectivas organizadas polas axencias.

En desenvolvemento comunitario fixéronse camiños mediante a apertura e o acondicionamento en todas as aldeas da comarca. Nalgúns casos foi necesario derrubar edificios vellos e palleiros dentro das aldeas para anchar os camiños. Tamén se fixeron presas de auga para regar os cultivos, lavadoiros públicos, así como acometidas de auga conxuntamente aos domicilios.

Pero onde tivo un verdadeiro impacto o traballo do Servizo de Extensión foi no campo da economía doméstica.

Era unha comarca de moita emigración temporal e por tradición as xestións ante os organismos oficiais sempre se aprazaban para cando regresasen os homes de tal emigración, que eran os que as facían. Non era cousa de mulleres, ata que chegou a axente de economía doméstica, que as mobilizou e lle deu un xiro total a este costume.

O alcalde de Forcarei chegou a dicirlle á axente de economía doméstica que lle estaba revolucionando as mulleres.

E non era mentira, porque esta traballadora de Extensión, a que inexplicablemente non se lle chegou a conceder a Medalla do Mérito Agrícola, organizou en toda a comarca 19 grupos de amas de casa, algún deles con máis de 80 mulleres. Así houbo grupos de amas de casa en Quireza, Cerdedo, Millerada, San Bartolomé de Pereira, Villares de Cerdedo, Filloi, Acibeiro, Soutelo de Montes, Meavía, Graña de Umia, Filgueira de Cerdedo, Umia, Vilar, Rozados, Quintillán, Castrelo, Cachafeiro, Cobas e Vilariño.

Promoveu as solicitudes de axudas para a mellora da vivenda rural e introduciu o cultivo de hortalizas, multiplicándose os hortos familiares especialmente con verduras variadas, coa conseguinte mellora da alimentación da familia.

As amas de casa fixeron todo tipo de manualidades, traballos en escaiola, encaixes, palillos, decoracións, traballos en estaño, e abordaron tamén a hixiene persoal e familiar, así como a ornamentación exterior e interior das vivendas.

En xuventudes, ademais do CECA, que se describe noutro capítulo deste libro, houbo catro *planteles* de Extensión, dous femininos, un en Millerada e outro en Pardesoa, e dous mixtos, os de Quireza e Meavía.

En calquera convocatoria que fixese esta axente de economía doméstica o mínimo de asistentes era de 40. Nunha ocasión díxolle o tenente alcalde: *Cando ti convocas ás mulleres a concorrencia é masiva e, pola contra, cando o facemos nós aparece unha ou dúas, e iso que cando o facemos sempre lle ofrecemos algunha subvención.*

Axentes xefes

Matías Robles Álvarez, que inaugurou a Axencia, Jaime López Soriano, un valenciano que falaba o galego cos agricultores, Lino Andián Barros, que foi director da Escola de Capacitación Agraria de Sergude, Vicente Rincón Moreno e Dolores Hervés Ferro.

Axentes comarcais

Juan Manuel Prol Cirujeda e Vicente Rincón Moreno.

Axentes de economía doméstica

Dolores Hervés Ferro.

Monitores

Carlos Fernández Gómez e Francisco García Maceira.

Auxiliares administrativos

Pilar Pereira Penedo, unha tal Isabel, da que non coñecemos os apelidos, Dolores Pulpeiro González e Olga Cuíña Vence.

Localización das oficinas

Primeiro estiveron nun baixo, en alugueiro, da rúa do Progreso, e despois pasaron a unha dependencia do Concello.

16.- Axencia Comarcal de Vila de Cruces (Nº. 623).

Creación

Creouse no ano 1970, coas de Santa Comba, Santa Uxía de Ribeira, Melide, Castroverde, Ourense, A Rúa-Petín e Forcarei.

Concellos

Comprendía unicamente o de Vila de Cruces, aínda que os días de feira atendían tamén algunhas consultas de agricultores das parroquias lindadeiras de Lalín.

Explotacións

A comarca tiña 1.943 explotacións agrarias, das que o 66,7% alcanzaban unha superficie mínima de dúas hectáreas. O número concreto destas explotacións era de 1.297, polo que a comarca ofrecía boas condicións para as explotacións gandeiras de vacún, tendo en conta a base territorial.

Actividades máis importantes

Desde o primeiro momento a Axencia envorcouse no traballo comunitario por dúas razóns fundamentais. En primeiro lugar, a maioría das parroquias carecían de acceso ao tráfico rodado e, en segundo lugar, a xente tiña un especial interese en solucionar esta carencia, nun momento en que o automóbil estaba irrompendo no medio rural e ademais a motorización do campo facíase imprescindible.

Fixéronselles camiños a todos os lugares das diferentes parroquias do Concello. Tamén se fixeron bastantes acometidas de auga aos domicilios.

Nas festas patronais, en honra da nosa señora da Piedade, que se celebran os días 9, 10 e 11 de agosto, a alcaldía, en colaboración coa Axencia, organizaba un acto solemne no que se entregaban as subvencións que concedía o Servizo de Extensión Agraria ás accións comunitarias.

Tamén se fixeron pasteiros comunitarios na localidade de Cumieiro.

Outra das actividades dignas de destacar foi a campaña masiva que se fixo para mellorar a efectivos gandeiros de vacún, reconverténdoos

en produtores de leite ademais de carne. A empresa ILEPSA de Pontecesures establecera unha rede de recollida de leite, que ampliou coa construción dos camiños rurais.

Fixéronse silos de autoconsumo, melloráronse as cortes e a alimentación do gando, así como a hixiene e a muxidura. Nas localidades de Piloño e de Larazo fixéronse as primeiras cortes de referencia. Tamén se fomentou a estabulación libre. Nesta campaña colaborou, sen regateos e dedicación e a calquera hora, o neocelandés señor Reynolds, asesor da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro, residente en Santiago, que acompañou o axente a todas as reunións que se celebraron con este fin.

Tamén se introduciu o millo híbrido para gran e o forraxeiro para ensilar.

En xuventudes funcionou en Cercio un *plantel* de Extensión Agraria masculino. Nesta localidade tamén se organizou a cooperativa COVIDESA, da que se benefician todos os agricultores da comarca en subministracións de pensos, fertilizantes, sementes, apeiros e asesoramento en xeral.

Foi unha das primeiras axencias de Galicia que promoveu a campaña de “Vacacións en casas de labranza”, antecedente do turismo rural.

Axentes xefes

José Enrique Rodríguez Iglesias, que inaugurou a Axencia, Bernardino Núñez Rivas e Juan Castro Devesa. Tamén atendeu esta Axencia dende Pontevedra, visitándoa varios días á semana, o supervisor Antonio Rama Facal.

Axentes comarcais

Bernardino Núñez Rivas.

Auxiliares administrativos

María Dolores Gregorio Martínez, contratada, Isabel Villar Acuña e María del Carmen Carreira López, que continúa na actualidade na Oficina Agraria Comarcal.

Localización das oficinas

Rúa Soto e Vázquez, núm. 16, baixo, en aluqueiro.

Capítulo X

**Centros de Capacitación
Agraria (os CECA)**

A. Rodríguez Troncoso

J. M. Pérez Fernández

A orixe dos CECA e o seu marco legal

As axencias de Extensión Agraria dende o primeiro momento do seu establecemento no medio rural prestáronlle atención á xuventude e constituíron *planteles* de Extensión Agraria, normalmente a cargo de líderes sociais, en especial mestres e curas rurais.

Estes líderes colaboraban ao principio coas axencias de maneira voluntaria e gratuíta. Eran os guías da xuventude, tanto nas ensinanzas teóricas coma nas tarefas prácticas. Unhas veces estas tarefas facíanas nas explotacións agrarias dos membros do *plantel* e outras en parcelas comunitarias cedidas por algún dos membros ou nos propios terreos das escolas rurais.

Nalgún caso, como por exemplo en Negreira, ademais destes *planteles* parroquiais, organizáronse outros comarcais coa finalidade específica de impartir ensinanzas de cultura xeral básica de maneira non regrada ou informal. Estes *planteles* comarcais, dos primeiros momentos, non tiñan nada que ver cos que máis tarde foron os *planteles* comarcais con tarefas de empresa, nos que o obxectivo fundamental era a xestión das explotacións agrarias.

Como se sabe, as ensinanzas de Extensión non eran regradas e respondían en cada caso aos intereses da xente coa que traballaba.

No medio rural galego había un grande interese pola cultura básica, porque moitos dos emigrantes foron aprender a multiplicar aos países de América onde emigraron e déronse conta de que a enseñanza básica era fundamental.

Coa entrada en vigor da Orde do Ministerio de Agricultura do 23 de abril de 1971 (BOE nº 104 do día 1 de maio) empezáronse a impartir ensinanzas regradas de capacitación profesional agraria de 1º grao, continuas ou descontinuas, apoiándose en tarefas nas propias explotacións das súas comarcas.

Esta orde tamén permitía ensinanzas de formación profesional de 2º grao nas distintas escolas de Capacitación Agraria, creadas polo Decreto do 7 de setembro de 1951 para as distintas modalidades de capataces agrícolas. O diploma de capataz agrícola era expedido polo Ministerio de Agricultura.

Para a Capacitación Agraria de 1º grao, a orde que comentamos establecía materias de coñecementos básicos aplicados á agricultura, coñecementos técnico-agrarios e materias económico-sociais, pero non mencionaba o outorgamento de título algún.

Hai polo tanto un claro baleiro legal, por non dicir unha intromisión ou invasión de atribucións nestas ensinanzas regradas de 1º grao impartidas por Extensión, que se emenda co Decreto 379/72, do 24 de febreiro, da Presidencia do Goberno (BOE nº. 48 do 25 de febreiro), que regula a formación profesional de carácter agrario.

Este decreto faculta o Ministerio de Agricultura para desenvolver ensinanzas de formación profesional agraria de primeiro e de segundo grao “de conformidade co establecido na Lei xeral de educación e disposicións complementarias”. Esta lei xeral é do ano 1970.

A partir deste momento hai un marco legal que lles permite ás axencias poñer en marcha os CECA en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, que é quen expide os títulos, supervisa as ensinanzas, aproba os equipos do profesorado de cada centro e, de acordo co Ministerio de Agricultura, sinala as características dos locais destinados a impartir as ensinanzas, supervisando ao mesmo tempo os libros de texto.

En Galicia chegaron a funcionar 19 CECA, cinco na provincia da Coruña (Santiago de Compostela, Carballo, Corcubión, Teixeira e Guísamo), seis en Lugo (Benquerencia, Becerreá, Castroverde, Monforte de Lemos, Monterroso e Sarria), catro en Ourense (Maceda, A Gudiña, Verín e Xinzo de Limia) e tres en Pontevedra (A Cañiza, Silleda e Forcarei).

Antes de crearse estes 19 CECA, establecéronse como proba a nivel experimental en toda España os de Verín, Silleda e Carballo. O de Carballo estaba na localidade de Rus.

Os de Chantada, Sarria e Monforte de Lemos, despois de funcionar independentes algún tempo, acabaron por refundirse no de Monforte.

Ensinanzas que se impartían nos CECA e o seu obxectivo

Durante dous cursos impartíanse ensinanzas de formación profesional de 1º grao na rama agraria (1º e 2º cursos).

O título académico expedido polo Ministerio de Educación era de “Técnico auxiliar da rama agraria”. Este título académico tiña a todos os efectos a equivalencia do de graduado escolar. Ao principio nos CECA ingresaban algúns alumnos que non superaran os estudos primarios. Os que non achegaban o certificado de estudos primarios recibían unhas ensinanzas complementarias no propio CECA, e obtíñano por libre nalgún colexio público para poder continuar a formación profesional pola rama agraria.

Cando se fixo obrigatoria a ensinanza xeral básica, os alumnos para ingresar nos CECA tiñan que achegar o título de graduado escolar ou a certificación de escolaridade, que lles permitía matricularse en formación profesional. Neste último caso, se alcanzaban o título de técnico auxiliar nos CECA podían volver aos estudos de bacharelato.

As materias de obrigado cumprimento fixadas polo Ministerio de Educación eran as seguintes:

Área formativa común: lingua galega, lingua española, idioma moderno, formación humanística, relixión ou ética e educación física.

Áreas de ciencias aplicadas: matemáticas, física e química e ciencias naturais.

Coñecementos técnicos e prácticos: tecnoloxía agraria, técnicas de expresión gráfica e prácticas agrarias e de taller.

Algúns dos alumnos que pasaron polos CECA ingresaron nas escolas de capataces, outros fixeron formación profesional agraria de 2º grao na escola de Pontearreas, conseguindo o título de “Técnico especialista na rama agraria”, que lles abriu as portas para ingresar na Escola de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo, e outros incorporáronse ao mundo laboral.

Durante catro anos impartíronse ensinanzas de 2º grao na rama agraria na Escola de Capacitación Agraria de Sergude. Deixáronse de impartir porque o entón rexedor de actividades, Gerardo Luis García Fenández, considerou que non era función de Extensión Agraria formar técnicos especialistas na rama agraria.

Os CECA foron sen dúbida ningunha un medio idóneo para a formación profesional da xuventude rural, dotándoa duns niveis académicos

mínimos para poder incorporarse ao mundo do traballo en condicións semellantes ás da xuventude que procedía do medio urbano.

Extensión Agraria era consciente de que no momento de transvase da poboación do campo aos sectores dos servizos e o da industria había que facer un esforzo para que a xuventude do mundo rural, tanto a que se incorporase á súa explotación, que foi a menor parte, coma a que o fixo a outros sectores, que foi a maioría, tivese unha mínima formación cultural.

Causas da desaparición dos CECA

A creación dos grupos escolares nos concellos e a dos institutos de ensinanza media nas cabeceiras das comarcas abríronlle novas posibilidades ao mundo rural no campo das ensinanzas, sen custos sensibles para os pais de familia.

Así mesmo, a mellora económica dos agricultores permitiulles orientar a formación dos fillos a carreiras máis caras e máis respectadas pola xente do campo, que como se sabe tiñan e seguen tendo na actualidade unha baixa autoestima da súa profesión.

E por último, tamén contribuíu ao descenso de alumnado nos CECA o baixo índice de natalidade.

Tamén se sentiu o descenso de alumnado nas escolas de capataces agrícolas.

É importante resaltar que os alumnos dos CECA e das escolas de Capacitación Agraria que volveron ás explotacións son hoxe os mellores agricultores de Galicia.

Os CECA que funcionaron en Galicia

Provincia da Coruña

1.- CECA de Santiago de Compostela

Tempo de funcionamento: inaugurouse no curso 1972-73 e pechouse no curso 1989-90.

Capacidade de alumnado: tiña capacidade para 80 alumnos en réxime de internado. Foi adaptado o edificio do antigo lazareto de San Lázaro, do camiño de Santiago, ocupado na actualidade pola Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural.

Como estaba prohibida a ensinanza mixta, organizáronse dúas roldas semanais, en alternancia. Unha semana para mulleres e a seguinte para homes. Deste xeito atendíanse por ano 160 alumnos, a metade de 1º curso e a outra metade de 2º curso.

Procedencia dos alumnos: eran das comarcas de Santiago de Compostela, Noia, Padrón, Negreira, Ordes, Arzúa e Santa Comba. Excepcionalmente había alumnos de comarcas máis afastadas, como Silleda, Lalín, As Neves e Arbo. A localización deste CECA na cabeceira do distrito universitario de Santiago aumentaba o seu prestixio ante os agricultores como centro educativo.

Profesorado: o seu primeiro director foi Ángel Estévez Casal, que era o xefe da Axencia Comarcal de Santiago. Estivo asistido por Eugenio Martín Martín, especialista en xuventudes do Centro Rexional de Extensión.

En novembro do ano 1973 asumiu a dirección do CECA ata a súa desaparición César Domínguez Castro, a quen lle facilitou o Servizo de Extensión Agraria unha vivenda unifamiliar contigua ao Centro Rexional e no mesmo terreo onde estaba situado o seu edificio.

Tamén se adscribiron a este CECA a axente de economía doméstica Élida Varela González e o debuxante do Centro Rexional, con categoría de auxiliar administrativo, que impartía clases de artes gráficas.



Lazareto de San Lázaro onde funcionou o CECA de Santiago, dependencias que usan en 2008 servizos da Consellería do Medio Rural. (Autor: A. R. Troncoso)

Estiveron destinados neste CECA os monitores: José Antonio Villar Pita, José Benito Núñez López e Ramón Lanza Alonso.

Foron profesoras con contrato fixo: María Rodríguez Fernández, Josefa Amigo Souto e Elvira García Fernández, as tres mestras nacionais.

Foron contratados por horas: Eligio Sobrino Costa, Juan Andrés Fernández Castro, Ángeles Fandiño de la Torre, Juan José Quintáns Paredes, todos eles mestres nacionais; e os sacerdotes: Manuel Tojo Botana, Luis García Sumay e José Moar García.



Facendo as prácticas na parcela do CECA en San Lázaro. (Autor: César Domínguez)

Para clases de corte e confección contratouse a Josefa de la Torre Lagares.

O persoal laboral fixo foi o seguinte: como gobernanta, Carmen Leiro López, falecida; cociñeira, Magdalena Mariño Quintela, falecida; axudantes de cociña, Regina Quintela Otero, María Luz López Pérez, que tamén chegou a ser cociñeira unha vez xubilada a titular, e Consuelo Villaverde Hermida; axudantes de internado: Carmen Míguez García, Josefa Rubio Quintela, Carmen González Fernández e Clementina Couso García.

2.- CECA de Carballo

Ata os anos 80 funcionou un CECA con 60 alumnos, 30 de primeiro curso e 30 de segundo.

Foron profesores: Francisco Ferro Abadín, Sargrario Méndez, Aurora Rodríguez Quiñones e Manuel Rodríguez, este último de relixión, sendo hoxe día párroco en Betanzos.

Como monitor estivo Lorenzo Navaza González, trasladado logo a Monterroso.

Como administrativo Darío Dios Blanco, destinado posteriormente á escola de Monforte de Lemos.

O CECA estableceuse primeiramente no antigo cuartel da Garda Civil (hoxe casa da xuventude) e máis tarde funcionou en dúas aulas do instituto de formación profesional, onde a Axencia impartía as clases da rama agraria.

Este CECA creouno no ano 1972 na localidade de Rus o entón xefe da Axencia de Carballo César Domínguez Castro, que contratou un mestre de Carballo para as ensinanzas de carácter xeral, e as clases prácticas de tecnoloxía agraria impartíaaas o monitor Darío Dios Blanco. Este foi o primeiro CECA que se creou na provincia da Coruña.

3.- CECA de Corcubión

Inaugurouse en outubro de 1974. En setembro de 1986 cerrou e xa se fixeron os exames finais deste curso no CECA de Santiago. Ao pecharse o CECA algúns alumnos ingresaron na Escola de Capacitación Agraria de Sergude e outros pasaron a ramas non agrarias nos centros de Cee.

Director: Ángel Espadas Escanciano, que tamén impartía a materia de tecnoloxía agraria.

Monitores: Avelino Tubío Calvo e Antonio Traveso Peña, que se encargaban das prácticas.

Profesores: María Manuela Virtudes Lago Freire, ciencias e francés; Rafael José Mouzo Lago, lingua e historia; Benigna Freire, educación física (contratada por horas); unha tal Mercedes, labores (contratada por horas); Luis Cardeso Liñares, relixión católica; e María José Pérez Abella, letras, con contrato laboral e que foi a que estivo máis anos contratada.

Locais: as clases do CECA desenvolvíanse na Fundación José Carrera, onde tamén se impartían as clases de educación primaria. José Carrera foi un emigrante que deixou os seus bens para educación.

Número de alumnos: ao principio había 100 alumnos e ao final 60.

Tiñan dous itinerarios de recollida: un coa ruta Cee-Buxantes-Olbeira-Verdeogas-Salgueiros-Corcubión, e o outro coa de Cee-Castelo-Suxo-Senande-Villastose-Corcubión.

4.- CECA de Teixeira

Entre os anos 1973 e xa ben entrada a década dos oitenta funcionou en Teixeira un centro de Capacitación Agraria de primeiro grao no que se impartiron ensinanzas de formación profesional de primeiro grao na rama agraria (1º e 2º curso).

Cada un destes cursos era de 30 alumnos e impartiron as ensinanzas técnicas o xefe da Axencia Miguel Ángel Santamaría de la Chica, Teodosio Martino Martino, Ramón Torreira García, Agustín Rodríguez e Beatriz Álvarez Penas.

Tamén impartiron ensinanzas teóricas e prácticas de técnicas agropecuarias neste CECA os monitores Víctor Sobrino Vázquez e José Luis Tubío Sayáns.

A rama de letras e ciencias estaba a cargo de persoal contratado, así a materia de matemáticas foi impartida polo profesor de primeira ensinanza José María Otero Navarro; e a de ciencias por Sagrario Martínez. Participaron como contratados por horas outros profesores como o mestre don Bernardino e outros dos que non foi posible conseguir os nomes.

A localización do CECA estivo primeiro nos baixos da casa do Concello. Ao facerse a concentración escolar en Teixeira pasou ás dúas escolas primarias con vivenda na parte alta e, por último, mediante un convenio que asinou o Servizo de Extensión Agraria coa Asociación de Emigrantes de Arxentina, pasou a un edificio desta asociación, no que na actualidade está a casa da cultura de Teixeira.

5.- CECA de Guísamo

Empezou a funcionar de maneira experimental o ano 1971 con 30 alumnos, impartíndose ensinanzas de formación profesional agraria de 1º grao no recinto da escola de Capacitación Agraria, ao mesmo tempo que se cursaban as ensinanzas de capataces.

A medida que diminuían os alumnos de capataces agrícolas foron aumentando os do CECA e chegaron ao número de 60 alumnos por ano.

As ensinanzas impartíronse en internado dentro da propia escola de Guísamo. As prácticas facíanse na parcela asignada á referida escola, nunha superficie de 20 hectáreas.

Supervisaba as ensinanzas deste CECA o Instituto de Formación Profesional Wirtz da Coruña. Estas ensinanzas eran mixtas, con módulos de internados por sexos.

No momento en que a lexislación modificou o sistema educativo, sobre o ano 1987, este CECA pódese considerar terminado, porque as ensinanzas a partir de entón empezáronse a aplicar por módulos.

Os alumnos deste CECA procedían a súa maioría das comarcas de Betanzos, Cambre e Ponte-deume, pero como as ensinanzas eran en internado, había algúns enviados polas axencias de áreas máis distantes.

O primeiro director foi Crescencio Rodríguez Epelde, e ao ser nomeado no ano 1975 director da escola de Capacitación Agraria José Luis de Marco Gómara, asumiu tamén a dirección do CECA.

Foron ademais profesores deste CECA, Antonio Álvarez González, axente de Extensión Agraria, as axentes de economía doméstica María del Carmen Carballeda Pérez e Purificación Veiga Pombo, e os monitores Manuel Brea, José Antonio Fernández González, José Luis Tubío Sayáns, Ramón Gil Blanco, Alfonso Barros Castro e Gabriel Rielo Carballo.

Estiveron como profesores contratados María Fariñas Vasco, profesora de EXB, e José Fidalgo, sacerdote.

A administrativa do CECA foi María Pilar Gómez Gómez.

Os servizos de internado eran atendidos polo persoal laboral da escola.

Provincia de Lugo

1.- CECA de Benquerencia

Este CECA empezou a funcionar no curso 1972-73 baixo a dirección do xefe da Axencia de Ribadeo, Antón Oca Fernández. Durante o primeiro ano había dous grupos duns doce alumnos cada un. Un dos grupos estaba en San Miguel de Reinante, onde viña funcionando como *plantel*, e o outro na localidade de Vilamariz. Ao ano seguinte reunificáronse os dous grupos e o CECA instalouse nas vellas escolas primarias de Ribadeo,

na parte posterior da casa consistorial, unha vez rehabilitadas, cuns oitenta alumnos.



Complexo cultural recreativo de Benquerencia onde estivo o CECA de Ribadeo. Agosto de 1977. (Autor: A. R. Troncoso)

No curso 1976-77 o CECA trasládase a Benquerencia, para funcionar no complexo cultural recreativo construído ao pé da costa pola Caixa de Aforros da Coruña e Lugo (hoxe Caixa Galicia), mediante un convenio subscrito pola citada entidade co Servizo de Extensión Agraria. Neste primeiro ano o número de alumnos matriculados era de 186. Había catro grupos de 1º curso de formación profesional e dous grupos de 2º curso. Empezáronse as clases con atraso e durante unha semana unha parte do alumnado fixo prácticas na escola de Monforte e outra parte fíxoas na escola de Guísamo.

Asumiu a dirección deste CECA de Benquerencia o axente Jesús López Díaz, xa que Antón Oca Fernández optou por continuar como xefe da Axencia de Ribadeo.

Este CECA de Benquerencia estaba dotado ademais dos profesores que se relacionan máis adiante, de 2 administrativas, 2 cociñeiras, 2 axudantes de cociña, 6 limpadoras, 2 lavandeiras, 1 xardineiro, 1 encargado de mantemento e un porteiro.

O referido convenio foi asinado en Madrid o 13 de decembro de 1976 por Antonio Salvador Chico, director xeral de Capacitación e Extensión Agrarias, en nome do ministro de Agricultura (Orde do 9 de xullo de 1974), e por Manuel Gila Lamela, presidente do Consello de Administración da Caixa de Aforros e Monte de Piedade da Coruña e Lugo (hoxe Caixa Galicia), especialmente facultado para este acto por acordo do dito consello de 30 de novembro de 1976.

A Caixa de Aforros cédelle o uso gratuíto das instalacións da praia Benquerencia-Barreiros, con destino ao centro de Capacitación Agraria, ao Ministerio de Agricultura por vinte anos prorrogables, por acordo das partes, con todo o mobiliario, utensilios, enxoval e lencería, correndo a cargo do Ministerio os demais gastos de funcionamento, tales como profesorado, persoal, calefacción, alimentación e material de ensinanza e didáctico, así como a conservación do mobiliario, utensilios, material didáctico e lencería e a súa substitución no seu caso. Non obstante, a Caixa poderá destinar cantidades do seu orzamento para gastos de conservación, funcionamento, transporte de alumnos ou outras necesidades cando o estime conveniente, por ser este centro unha das máis importantes obras sociais desta entidade.

Durante o período estival non lectivo comprendido entre o 1 de xullo e o 15 de setembro, durante 60 días polo menos, faranse actividades extraescolares con alumnos de EXB, “Colonias Escolares” ou de “Capacitación Agraria”, a cargo respectivamente da Caixa ou do SEA, establecendo de maneira conxunta os calendarios e programas adecuados.

Non se inclúe neste convenio a cesión do pavillón anexo ao complexo destinado pola Caixa a convencións, seminarios e outros usos da súa organización, se ben o SEA poderá utilizalo nas ocasións e tempos que resulten compatibles coas necesidades da referida Caixa de Aforros.

O día 1 de setembro de 1993 trasladouse á Escola Pedro Murias do Concello de Ribadeo, onde na actualidade, de acordo cun convenio subscrito coa Consellería do Medio Rural, impártense ciclos formativos de grao medio nas especialidades de explotacións agrarias extensivas e de explotacións gandeiras, así como outras ensinanzas agropecuarias.

O complexo cultural recreativo de Benquerencia foi derrubado por razóns ecolóxicas e desapareceu na súa totalidade nos primeiros anos do século actual.

Persoal que prestou servizos neste CECA:

a) Funcionarios: Jesús María López Díaz, xefe de negociado; José Antonio Muíña Rodríguez, axente especializado; Visitación Cubino Gallego,

axente de economía doméstica; e Sergio Fernández Gayol, Antonio Fernández Guerrero, Ramón Martínez González, Antonio N. Traveso Peña e Luciano Zubillaga Zubillaga, monitores de Extensión Agraria.

b) Outros profesores, algúns deles tamén funcionarios: Antón Oca Fernández, Julián Sánchez-Palomo Vaquerizo, Emilio García Calvo, Ramón Lanza Alonso, Eduardo Gutiérrez Fernández, Antonio Martínez López, Alfonso Pampín Cordido, José Yáñez Basanta, María del Carmen Carballeda Pérez, María Aurelia Rodríguez Rey, María Luisa Mon Bellón, Jesús Mundiña Acebo, José David Macía Fernández, José Rodríguez Saavedra, Beatriz Pardo Millor, Julio Ferreiro Vila, Roberto Gutiérrez Fernández, José Emilio Levices, Moises Arcos Privado, Gabriel Rielo Carballo, María del Carmen García Fernández, María José Perdiguero, Jorge Vázquez Valiño e Rodolfo Losada.

c) Persoal laboral:

Gobernanta: Teresa Dorado López.

Cociñeiras: Placeres Fernández Cobo e Estrella Martínez Carreira.

Axudantes de cociña: Ascensión Piñeiro Palmeiro e Piedad Ángel Rodríguez Mon.

Limpadoras: María Ángeles Blanco Cid, María Teresa Díaz Cabanas, María Teresa Freire Fernández, María del Pilar García Cagigal, María Dolores González Muíña, María Linea Martínez Díaz, María del Carmen Palmeiro Rego e María José Villalba González.

Porteiro: José Ramón Fernández.

Dispenseiro: Eduardo Machado González.

Oficial 2ª: Leonardo García Cagigal.

Auxiliar administrativa: Concepción Otero Rodríguez.

2.- CECA de Castroverde

Funcionou dende os anos 73-74 aos 84-85 en varios locais, algúns cedidos polo Concello tras o seu aluguer a particulares. Estes locais foron: o primeiro piso da Casa do Concello e o primeiro andar do Centro Cívico Social, na rúa Rosalía de Castro, núm. 45, ambos os dous cedidos polo Concello; nos baixos de Remigio da casa de Pura, na rúa Rosalía de Castro, núm. 72; no baixo

de Vicente López Domínguez, na rúa Doctor Fleming, núm. 7; e nos baixos de Francisco Novo Valiño, na rúa Rosalía de Castro, núm. 108. Nos últimos tres casos en alugueiro.

Foron necesarios tantos locais porque o CECA chegou a ter 100 alumnos de FP-1 en dous cursos, se ben normalmente había tres cursos porque un estaba formado polos repetidores. Estes alumnos procedían dos concellos de Castroverde, Baleira e O Corgo.

O director do CECA foi sempre Maximino Santamaría González, e impartiu tamén clases teóricas de tecnoloxía agraria José Andrés de la Fuente Vázquez, como axente comarcal.

Os monitores que dirixiron as clases prácticas foron Emilio Jesús Levices González e José Iglesias Pernas.

Foron contratados como profesores Eva María López Rodil, Benedicto Liñeira Bande, José Luis Gómez, Ana María Méndez, José Manuel Pérez Ben, Blanca González Garrido e Manuela Pérez Otero, para as clases de materias xerais, relixión e idioma moderno.

3.- CECA de Sarria

Funcionou dende o ano 1975 ata o ano 1986 e impartíronse as clases teóricas na antiga escola primaria de Vilar de Sarria.

Persoal de materias tecnolóxicas: Jesús Alonso Flores, Alfonso Torrente Gallego e Beatriz Somoza Sobrado, que eran respectivamente xefe, axente comarcal e axente de economía doméstica da Axencia. A administrativa era Ana Anido González.

Os monitores encargados das clases prácticas foron: Gabriel Rielo Carballo e Emilio Jesús Levices González.

Os profesores contratados foron: Fernando Fernández Fernández, mestre de EXB e cura; Rosario Rey González, mestra; Eliseo López López, mestre e cura; Margarita Vizcaíno González, mestra; Eustaquio Méndez Álvarez, mestre e cura; Francisco Javier García López, mestre; María Teresa González Rodríguez, mestra; José Miguel Raposo Díaz, enxeñeiro técnico agrícola e hoxe en día director da escola de Becerreá;

José Antonio López Vázquez, mestre; Sagrario Padorno González, mestra; Ana González-Zaera Barreal, mestra; e José Manuel Somoza Díaz, cura.

Nun principio había moitos alumnos. A algúns deles había que ensinalos a ler. Un dos alumnos que pasou por este CECA é o actual xerente da cooperativa COGASAR, de grande expansión e apoio ás explotacións gandeiras en subministración de pensos e atención xeral aos cooperativistas, que foi a primeira cooperativa que se creou na comarca.

As actas eran enviadas ao Instituto Politécnico de Lugo.

4.- CECA de Monterroso

Este CECA deu comezo no ano 1972 nun baixo en alugueiro da avenida de Ourense e noutro tamén en alugueiro no campo da feira, porque eran dous grupos, un do 1º curso e outro de 2º. En xuño de 1981 pasou ao edificio construído polo Servizo de Extensión Agraria na rúa Miguel Olivas Soto, núm. 4.

No curso 1986-87 pechouse este CECA.



CECA de Monterroso en maio de 2008. (Autor: Borja R. Fernández)

O número de alumnos oscilaba, segundo os anos, entre corenta e cincuenta. Procedían dos concellos de Taboada, Portomarín, Guntín, Palas de Rei, Antas de Ulla e Monterroso, e eran transportados pola “Empresa Vicente”, que facía a ruta de recollida.

Antes deste medio de transporte os alumnos eran recollidos cun taxi e cun pequeno furgón de seis prazas.

Foi un dos primeiros CECA que se crearon en Galicia, e na primeira etapa impartiron clases: o xefe da Axencia e director do CECA Julián Gil Cabrera; Maximino Santamarina González, axente; Jaime López Soriano, axente; Francisco Escudero Gallego, monitor; Benito Cotarela Quintana, monitor, que pasou á Escola Central de San Fernando de Henares; Josefa González Sánchez, axente de economía doméstica; e Marina González Piñeiro, axente de economía doméstica.

Tamén impartiron clases nesta primeira etapa os mestres Rubén Lois Calviño, que foi director xeral na Xunta de Galicia, e José Antonio Pereiro Sánchez, que era irmán do alcalde, así como o veterinario titular Juan Muñoz Pérez.

Nos últimos anos deste CECA as ensinanzas técnicas foron impartidas por Jesús Ortega Carrasco, encargado da Axencia e director do CECA, María Luisa Castro Rodríguez, axente de economía doméstica, e Lorenzo Navaza González, monitor.

As ensinanzas de cultura básica impartíronas, tamén nos últimos anos de funcionamento, Hilario García Novo, mestre; María Jesús López García e María del Carmen Dinarte Camiña, tamén mestras; e a relixión era ensinada por Francisco Somoza Vila, sacerdote.

Podemos considerar como antecedente deste CECA os *planteles* de Extensión Agraria de Retorta do Concello de Guntín, dos que era guía o cura párroco. Estes *planteles*, que tiñan moito dinamismo, entregáronlle a Julián Gil Cabrera unha placa coa seguinte inscrición: *A ti Julián, buen extremeño e, si cabe, millor galego – Os Planteles de Retorta.*

Sendo alcalde de Monterroso Luis Pereiro Vázquez, o xefe da Axencia, Julián Gil Cabrera, promoveu a doazón ao Concello duns terreos para que o Servizo de Extensión construíse un edificio con destino ás oficinas da Axencia e ao mesmo tempo como instalacións do CECA da comarca. Apoiou a idea o secretario xeral do SEA, Miguel Olivas Soto, e o edificio foi unha realidade. O Concello quería que levase o nome de “Julián Gil Cabrera”. O pleno municipal extraordinario celebrado o día 14 de xullo de 1981 adoptou o acordo de solicitar do Ministerio de Agricultura a concesión do nome de “Julián Gil Cabrera” para

o CECA. Ao considerar o director xeral, Gerardo Luis García Fernández, que non debería levar o nome dun funcionario, o Concello, de acordo coas súas atribucións, decidiu chamarlle á rúa onde se sitúa o centro “Miguel Olivas Soto”.

Polo interese que ten este acordo para coñecer o verdadeiro impacto do traballo de Extensión no medio rural de Galicia, transcribímolo íntegro a continuación:

“Don José Luis Álvarez Vázquez, Secretario en funciones del Ayuntamiento de Monterroso (Lugo), CERTIFICA: Que el Pleno de este Ayuntamiento en sesión extraordinaria celebrada el día 14 de julio de 1981, adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

MOCIÓN DE LA ALCALDÍA.- Como muy bien es conocido por la Corporación municipal, en el pasado mes de junio, ha sido puesto en funcionamiento el Centro de Formación Profesional Agraria, dependiente del Ministerio de Agricultura (Servicio de Capacitación y Extensión Agraria).- La concesión, trámites y demás derivados de su construcción, no solamente es conocida por el que suscribe, sino también por algunos miembros de la actual Corporación Municipal.- El Ayuntamiento con la cesión de los terrenos y urbanización del acceso al mismo colaboró de forma directa, pero sí es verdad, que la tramitación y el caso total, recayó en don Julián Gil Cabrera, Jefe Comarcal del Servicio de Extensión Agraria, en esta localidad hasta su traslado a Badajoz.- Hablar de don Julián Gil Cabrera en Monterroso y su Comarca, Taboada, Antas de Ulla, Guntín, Palas de Rey y Portomarín, zonas dependientes de la Oficina de Extensión Agraria en Monterroso, es algo, que pese a casi dos años de ausencia, nos agrada. Julián Gil llegó a estas tierras procedente de Extremadura, vivió en ella quince años largos y como profesional y humano, triunfó rotundamente.- Julián Gil, es un fiel reflejo de las grandes facultades que debe reunir un Agente de Extensión Agraria, inteligencia, buen hacer y sobretodo estarse las 24 horas del día al servicio de nuestros labriegos, en el cual no solamente encontraron al excelente técnico en problemas agrarios sino también al amigo, al hombre que supo comprender y encauzar los importantes problemas que afectan a nuestro agro.- Las corredoiras, montes y fincas de labranza de estos Municipios, son testigos de excepción de este hombre que les dedicó los mejores años de su vida sin regatear esfuerzos ni sacrificios.- No quisiera el que suscribe seguir enumerando todas

y cada una de las virtudes de este gran hombre que fue en el medio rural, Don Julián Gil Cabrera ya que las pruebas de afecto, simpatía y tristeza por su marcha, fueron hechas bien patentes con motivo del homenaje que al mismo le fue tributado.- Solamente quiero con esto, recordar a un gran profesional, a un hombre que trabajó incansablemente por el labrador y a un hombre al que se le debe totalmente que Monterroso pueda contar con un Centro de Capacitación Agraria.- Por ello y en reconocimiento a su extraordinaria labor durante quince años y como muestra de cariño y de agradecimiento de todo el municipio de Monterroso, Antas de Ulla, Palas de Rey y Puertomarín, pido a la Corporación se pronuncie a favor de solicitar del Ministerio de Agricultura (Servicio de Capacitación y Extensión Agraria, la concesión del nombre de JULIAN GIL CABRERA, al Centro de Formación Profesional, recientemente inaugurado en esta Villa.-

Vistas las manifestaciones de la Presidencia y considerando que todos los reunidos son concedores de cuanto ha dicho SS^a, y que comparten plenamente todo lo expuesto, por unanimidad, se acuerda solicitar del Ministerio de Agricultura o Departamento de quien corresponda, se le de el nombre de JULIAN GIL CABRERA, al mencionado Centro de Formación Profesional, al propio tiempo que también se acuerda se le de traslado al interesado del presente acuerdo.-

Y para que así conste, visada por la Alcaldía, expido la presente en Monterroso, a veintiuno de julio de mil novecientos ochenta y uno.-

V^oB^o El Alcalde.- Firma y rúbrica.- Hay un sello que dice: Ayuntamiento de Monterroso (Lugo) y una firma ilegible con rúbrica”.

5.- CECA de Monforte de Lemos

Nos primeiros momentos da súa creación, o ano 1972, había dous CECA en Monforte. Un da Axencia, do que era director Antonio Rama Facal como xefe da dependencia, e outro da Escola de Capacitación, que o dirixía Julio Díez Sendino, director da referida escola naquel momento.

No ano 1976 o CECA da Axencia integrouse no da escola e dende entón funcionou como un só baixo a dependencia do director da escola, ata que desapareceu sobre o ano 1981.

A escola tiña unha capacidade de internado para 220 alumnos e durante algún tempo mantivéronse simultáneas as ensinanzas de capataces agrícolas e as de formación profesional de 1º grao impartidas polo CECA.

As ensinanzas de capataces eran continuas para o 1º e o 2º cursos e ocupaban de forma permanente unhas 80 prazas do internado. As restantes 140 dedicábanse ao internado dos alumnos do CECA.

No CECA había dous grupos do 1º curso e outros dous do 2º curso e o número de alumnos dos catro grupos achegábase aos 200, polo que foi necesario, por razóns de capacidade do internado, impartir as ensinanzas de forma descontinua e en alternancia.

Desta forma moitas das prácticas facíanas tamén nas súas explotacións agrarias a semana que non pasaban a noite na escola.

Este tan elevado número de alumnos de FP-1 procedía da comarca de Lemos, de Pedrafita, Becerreá, de Asturias e de Ourense, en especial da Rúa e do Barco de Valdeorras.

Ademais do persoal técnico da Axencia e o da escola de Capacitación, había contratados catro profesores por horas, que eran mestres, para impartir as materias de cultura básica como ciencias, matemáticas, lingua, literatura e historia. A relixión impartíaa un sacerdote de Monforte.

Nos primeiros anos levaba o seguimento das ensinanzas do CECA o Instituto de Formación Profesional de Ferrol e máis tarde este seguimento estivo a cargo da Escola de Mestría Daviña Rey de Monforte de Lemos.

6.- CECA de Becerreá

Empezou a funcionar no curso 1974-75 e pechou o 30 de xuño de 1986. Os cursos eran moi numerosos xa que había entre 120 e 130 alumnos, que procedían dos concellos de Triacastela, As Nogais, Baralla e Becerreá.

Os alumnos usaban o transporte escolar que pasaba polos concellos citados. Non había alumnos de Pedrafita do Cebreiro porque o transporte escolar non pasaba por este Concello, aínda que estaba dentro da comarca de traballo da Axencia.

As clases impartíronse ao principio en dous pisos arrendados, un na avenida de Navia e outro na avenida de Madrid. Tan axiña empezou a ensinanza primaria na concentración escolar, o CECA pasou á Escola Unitaria de Becerreá, que quedou libre.

Impartíanse dous cursos de 1º e outros dous de 2º. Cada un dos cursos comprendía entre 30 e 35 alumnos, un ano con outro.

Era o monitor encargado das ensinanzas práctica Jesús Fernández Fernández.

As ensinanzas teóricas de tecnoloxía agraria eran impartidas por Ricardo Andrés Mozo, xefe da Axencia e director do CECA, e polos axentes Domingo Fidalgo Gutiérrez e Manuel Rivera González.

Estaba con contrato administrativo fixo para impartir clases Jesús López Roca. Tamén foron contratados por horas as mestras Mercedes Darriba Santín e Ángela Eiras, así como os sacerdotes José Vázquez e Gonzalo García Vázquez.

7.- CECA de Chantada

Funcionou durante uns tres anos, entre 1974 e 1976, nos baixos do actual Concello, cuns 60 alumnos procedentes dos concellos de Chantada, Carballedo e Taboada. No último ano as clases impartíronse no Instituto de Formación Profesional Val do Asma, construído na estrada de Chantada a Monforte.

No momento en que lle concederon ao Concello de Chantada o referido Instituto de Formación Profesional Val do Asma, os alumnos fóronse a especialidades profesionais como a mecánica e outras que preferían sobre a modalidade agraria, e o CECA acabou por cerrar. Os últimos alumnos foron a terminar os cursos pendentes á Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos, onde seguiu funcionando un CECA.

Foron profesores titulares: Ángel Palomero Bretón, que como xefe da Axencia de Chantada era o director; Jesús Ortega Carrasco, axente comarcal; e Élida Varela González, axente de economía doméstica. A auxiliar administrativa era a da Axencia Comarcal, María Cabo Gómez.

Como profesor de ensinanzas prácticas estaba o monitor Castor Bermúdez Prado.

Para as ensinanzas básicas de ciencias, letras, relixión e idioma moderno había tres profesores: don Modesto, que era cura en Chantada; María Dolores Nespereira e José María Pin Villares, que tamén era cura.

Provincia de Ourense

1.- CECA de Verín

Funcionou, dende o ano 1972 ata o ano 1982, en catro aulas do andar 1º do núm. 68 da avenida de Portugal.

Pasaron por este CECA uns 250 alumnos, que procedían os primeiros anos das localidades de Oímbra, San Cibrao e O Rosal, do Concello de Oímbra, e de Tamaguelos, Támagos e Mourazos, do de Verín. Posteriormente, tamén asistiron alumnos dos concellos de Monterrei, Cualedro, Castrelo do Val e Vilardevós.

Para o traslado dos alumnos utilizáronse autobuses de liña, microbuses e tamén taxis, que os recollían e os regresaban ata os seus domicilios.

Foron directores por esta orde: Anxo Vázquez Pernas (1972-1977), Lino Andión Barros (1978-1979) e Cástor Gago Álvarez (1979-1982).

Tamén impartiron clases técnicas o axente José Carlos Porto Vázquez e as axentes de economía doméstica Josefa Vidal Blanco e María Corona Meixeira Romasanta.

As ensinanzas prácticas estiveron a cargo dos monitores Francisco Rivela Aguiar, Avelino Tubío Calvo, Lorenzo Navaza González e Castor Bermúdez Prado.

As ensinanzas básicas e a relixión foron impartidas por profesorado contratado coa titulación adecuada. Impartiron estas ensinanzas: Ramón Fernández Borrajo, cura de Cabreiroá (Verín); Manuel Sulleiro Martínez, cura de Ábedes (Verín); e os mestres Francisco Contreras Cerdeiriña, José Rúa Sanmamed, María Elena Pérez Castro, Carmen Pérez Alemparte, Rosa Losada Salgado, Carmen Corte Romero e Obdulia Agreda Rodríguez.

Como administrativa actuou a titular da Axencia Comarcal, Ana María Domínguez Estévez.

2.- CECA de Maceda

Funcionou dende o ano 1973 ata o ano 1981 (cursos 1973-74 a 1980-81). Pasaron por este CECA uns 320 alumnos, procedentes dos concellos de Baños de Molgas, Esgos, Maceda, Paderne de Allariz, Vilar de Barrio e Xunqueira de Espadanedo, todos eles da comarca de traballo e tamén do Concello limítrofe de Montederramo, que pertencía á comarca de traballo da Axencia de Castro Caldelas.

O transporte habitual realizábase en dous Land Rover contratados pola Axencia a dous taxistas.

As clases impartíronse en dous locais, un para cada curso, cedidos polo Concello e situados na parte posterior da casa consistorial.

No ano 1975 foille concedido ao CECA un premio nacional no concurso de tarefas agrarias, por unha demostración de resultados sobre “Acolchado de fresas”, recollendo o referido premio o xefe da Axencia e director do CECA, Justiniano Miguélez López, recibido en audiencia polo xefe do Estado.

Foron directores por esta orde: José Manuel Campos García e Justiniano Miguélez López.

Tamén impartiron clases técnicas nel os axentes comarcais: Miguel Ángel Rodríguez López e Monserrat Fuciños Gómez, así como as axentes de economía doméstica María Luz González Fidalgo e Manuela Cerqueiro Parafita, esta última no seu período de prácticas.

As clases prácticas foron impartidas polos seguintes monitores: Vidal Higinio Viana Conde, Castor Bermúdez Prado e Pablo Muñoz Sánchez.

As clases de ensinanzas básicas estiveron a cargo de: Rosa María González, Antonio Pedro Cid González, José Fernández Garrido, José Manuel Vila Leal, María Celsa Ramos Borge, Isabel Díaz Ramos e Francisco Nieto Nieto, todos eles profesores de EXB; e María Teresa Dopazo Cid, licenciada en Xeografía e Historia.

Impartiron as clases de relixión: Francisco Tesouro Rojo, cura párroco de San Martiño-Betán (Baños de Molgas), e José Bangueses, cura párroco de Maceda.

Como único persoal administrativo do centro actuou sempre a titular da Axencia Comarcal, Rosario Fernández López.

3.- CECA de Xinzo de Limia

Abriuse no ano 1971 sendo xefe da Axencia Juan Quintela Peteiro e funcionou ata o ano 1983 en locais alugados polo Servizo de Extensión, primeiro nun baixo da praza do Cuartel, onde se mantivo ata o ano 1974, trasladándose posteriormente á rúa Santamarina, ocupando un primeiro andar, onde permaneceu durante tres anos, e acabou por instalarse no baixo dun edificio situado no Campo da Feira.

No ano 1979 doouse un inmobile para este CECA, segundo se desprende do escrito do Servizo Central que figura ao final deste relato.

Asistiron a este CECA un total de 325 alumnos, que procedían dos concellos de Xinzo de Limia, Cualedro, Trasmiras, Sarreaus, Vilar de Barrio, Sandiás, Vilar de Santos, Rairiz de Veiga, Porqueira, Os Blancos, Baltar e algún do de Xunqueira de Ambía. O Concello de Cualedro pertencía á comarca de traballo da Axencia de Verín e o de Xunqueira de Ambía á de Maceda. Tan axiña abriron os CECA de Verín e Maceda os alumnos destes concellos deixaron de ser atendidos polo CECA de Xinzo de Limia.


As clases prácticas estiveron a cargo dos monitores: Francisco Escudero Gallego, José García Pipín e Pascual Faúndez Fidalgo.

Foron directores por esta orde: Juan Quintela Peteiro e Felipe Galán Mateos.

As clases técnicas, nas que tamén participaron os directores, estiveron a cargo dos seguintes axentes comarcais: Atilano Soto Soto, Anxo Vázquez Pernas, Florentino Vidal Sarmiento, Jesús Manuel Galán Conde e José Granel Benedito. Tamén colaborou nestas clases o axente en prácticas Nicanor Payo Boo.

As ensinanzas básicas foron impartidas por: José Julio Rodríguez Fernández, cura de Xinzo de Limia; Manuel Crespo González, cura de Paradel-la-Queira; e os mestres Manuel López Casas, Antonio Ruiz Díaz, Luis Veloso Rodríguez, María Isabel Domínguez González, Manuela Caseiro Salgado, Manuela Ayuso Sánchez, María Rosa

Rivero Casas, Valentina Nafría Nafría, Carmen González Dacal, María Fe Manso Cid e María Dolores Sánchez López.



Escrito da Dirección Xeral delegando no supervisor para que asine a recepción dun inmueble para o CECA de Xinzo de Limia.

Colaboraron en múltiples facetas as axentes de economía doméstica da Axencia: María Dolores Gómez Sampayo, Alsira Fernández Castro e Teresa Álvarez Fernández.

Participaron como administrativos Enriqueta Tejada Peaguda, Juan Ojea, Manuela Caseiro Salgado e a referida María Fe Manso Cid, que acabou ingresando na escala de axentes de economía doméstica.

O transporte dos alumnos fíxose en microbuses ou en taxi e en algunhas circunstancias nos dous medios, sendo este un dos capítulos máis custosos. Os alumnos de fóra de ruta ou moi afastados, como os de Calvos de Randín, utilizaron liñas regulares ou servizo de taxis, incluso coches particulares, resarcindo do seu custo aos pais ou familiares que os trasladaban.

Cada ano, en función do número e procedencia dos alumnos, programábanse os itinerarios, que normalmente eran os seguintes: 1.- Trasmiras-Sarreaus-Vilar de Barrio-Xinzo de Limia; 2.- Cualedro-Baltar-Os Blancos-Calvos de Randín-Porqueira-Xinzo de Limia; e 3.- Rairiz de Veiga-Vilar de Santos-Sandiás-Xunqueira de Ambía-Xinzo de Limia.

Como as clases eran de mañá e tarde, os alumnos comían no restaurante A Frita de Xinzo, co que o centro establecera o correspondente concerto.

Este Centro dependía administrativamente do Centro 12 de Outubro de Ourense, que era onde se enviaban as solicitudes e as actas finais.

O inmóbel a que se refire o escrito que figura ao final deste relato era un terreo á entrada de Xinzo de Limia, duns tres mil metros cadrados de superficie, situado ao lado esquerdo da estrada nacional-525, no sentido Ourense-Madrid, doado polo Concello de Xinzo de Limia á Dirección Xeral de Capacitación Agraria para a construción dun CECA.

Cando o supervisor, José Mariano Pérez Fernández, o rexedor de actividades, Amador Rodríguez Troncoso, e o subdirector xeral, Federico Ruiz de Lombera y Tombelle, vido ao efecto dende Madrid, se presentaron no Concello para confirmarlle a construción do CECA, o alcalde, Isaac Vila Rodríguez, díxolles que o Concello adoptou xa outro acordo deixando sen efecto o primeiro, porque decidiran doarlle o mesmo terreo ao Ministerio de Educación e Ciencia para a construción dun instituto de formación profesional. Xustificouse dicindo que tiña transcorrido moito tempo dende que llo ofrecera a Dirección Xeral de Extensión e Capacitación Agraria.

4.- CECA da Gudiña

Este CECA funcionou dende o ano 1973 ata o ano 1976. Habilitouse un baixo na antiga estrada de Vigo a Villacastín, na zona da gasoleira, para impartir as clases.

Había uns 42 alumnos, que procedían dos concellos de Riós, A Mezquita e A Gudiña.

Para recollelos existían dous circuítos. Un, cun Land Rover, de San Lorenzo a A Gudiña, e outro cun microbús por Cádabos, Manzalbos, Santiagos, A Mezquita. Pereiro, O Canizo e A Gudiña.

O nivel do alumnado era moi baixo, pero a pesar de ser tan curto dous dos seus alumnos fixeron a carreira de enxeñeiros técnicos agrícolas.

A prematura supresión do CECA debeuse ao parecer ao moito traballo da Axencia e o reducido persoal de que dispuña para a atención de todas as actividades.

Foron profesores das ensinanzas técnicas: Alfonso Valladares López, xefe da Axencia e director do CECA, Agustina López Rúa, axente de economía doméstica, Miguel Sola, axente comarcal, e José, monitor do que non se identificaron os seus apelidos.

A auxiliar administrativa era María Montserrat Fuentes Bordás, que o era tamén da Axencia.

Impartiu clases de relixión don José, o cura párroco da Gudiña, e a formación básica un mestre empregado de banca, do que non foi posible conseguir máis datos.

Provincia de Pontevedra

1.- CECA da Cañiza

Empezou as súas actividades no ano 1972 e cerrou no ano 1986. Durante estes 14 anos houbo sempre un elevado número de alumnos e durante este tempo pasaron polo CECA da orde de 700 alumnos. Había dous cursos de 1º cuns 25 alumnos en cada un e un curso de 2º cuns 25 alumnos. Como media por ano o número de alumnos foi da orde de 75 entre o primeiro e segundo curso.

Durante os primeiros anos as ensinanzas impartíanse nos locais das escolas unitarias da parroquia de Petán (A Cañiza), e nos últimos nas escolas unitarias de Arbo. Nos dous casos mediante cesión dos respectivos concellos.

Os alumnos procedían dos concellos da Cañiza, Crecente e Arbo. O Concello de Covelo, que tamén pertencía á comarca da Axencia, presentaba algunhas dificultades de transporte de alumnos pola súa situación xeográfica nas vertentes do río Tea, que baña Covelo, Mondariz e Pontearreas.

Para a recollida dos alumnos utilizaban dous autocares de dúas empresas diferentes dende as parroquias máis afastadas de Arbo e Crecente pasando polas da Cañiza.

Foron directores por esta orde do CECA: Hilario Baos Viñas, José Mariano Pérez Fernández e Juan García Sánchez.

Tamén impartiu clases de ensinanzas técnicas o axente comarcal Eduardo Peláez Ruiz.

As ensinanzas prácticas foron impartidas polos seguintes monitores: Francisco Pérez Fernández; Pablo Muñoz Sánchez, en comisión de servizo procedente da Axencia de Maceda; Manuel Muíño Varela, en comisión de servizo procedente da Axencia de Teixeira-Curtis; e Pascual Faúndez Fidalgo, tamén en comisión de servizo procedente da Axencia de Xinzo de Limia.

As axentes de economía doméstica Ana María Fernández Reinoso e María del Carmen Carballeda Pérez tamén deron clases no CECA.

As clases de ensinanzas básicas estiveron a cargo dos seguintes profesores de EXB: Francisco Javier Fernández Nogueira, Ramón Fernández Álvarez, Carlos Mera Rodríguez, Sira Alves Domínguez, Ángela García del Cueto, María Paz Alonso Rodríguez e Amaya Vázquez Oderiz. Tamén impartiu clases César Mera Rodríguez, alcalde da Cañiza, mediante contrato como os anteriores, aínda que non era mestre.

As clases de relixión estiveron a cargo de Ramón Lera Alonso, cura párroco de Filgueira, do Concello de Crecente.

Actuou como administrativa a titular da Axencia, María del Carmen Pérez Gómez.

2.- CECA de Forcarei

Foi creado en 1974 polo entón xefe da Axencia Matías Robles Álvarez. As clases teóricas impartíanse no antigo cuartel da Garda Civil, cedido polo Concello.

Trasladado a León Matías Robles, fíxose cargo da Axencia e polo tanto do CECA Jaime López Soriano, no ano 1975.

O número de alumnos era de 120 entre os cursos de 1º e 2º. Da orde de 60 alumnos por curso. Eran todos procedentes dos concellos de Forcarei e Cerdedo.

Para recoller os alumnos había catro rutas: 1.- Forcarei-Millerada-Soutelo-Pardeso-Forcarei; 2.- Forcarei-Dúas Igrexas-Meabía-Forcarei; 3.- Forcarei-Pereira-Acibeiro-Forcarei; e 4.- Forcarei-Quireza-Cerdedo-Forcarei.

As ensinanzas técnicas teóricas e prácticas foron impartidas polo equipo da Axencia: os citados Matías Robles Álvarez e Jaime López Soriano;

Carlos Fernández Gomez, monitor; Lino Andión Barros, axente que sucedeu como xefe a Jaime López Soriano; Juan Manuel Prol Cirujeda e Vicente Rincón Moreno, axentes comarcais; e Dolores Hervés Ferro, axente de economía doméstica e Francisco García Maceira, monitor.

Como profesores de materias básicas foron contratados: Josefa Amigo Souto, mestra que impartía clase de ciencias; Secundino Cortizo Cortizo, cura párroco de Forcarei que daba clases de relixión; e María Esther Ferreira Castro, María del Carmen Guinarte Camiña, Laura Andión López e Celia Espiña Fernández, as tres tamén mestras.

Foron administrativos as da Axencia, por esta orde: Pilar Pereira Penedo; Isabel, da que non conseguimos os apelidos; Dolores Pulpeiro González, con contrato administrativo; e Olga Cuíña Vence, do cadro de persoal.

3.- CECA de Silleda

Empezou a funcionar no ano 1972, primeiro nos baixos de Concello. Ao pouco tempo pasou aos baixos do salón parroquial, ata que pechou no ano 1982.

A case totalidade dos alumnos eran do Concello de Silleda. Había algún alumno do Concello de

Lalín. O número de alumnos era da orde de 20 no 1º curso e outros 20 no segundo curso.

As ensinanzas técnicas foron impartidas polos axentes: Juan Lorenzo Micó Jornet, Arturo Hernandez Abad, Pedro García Vázquez, Bernardino Núñez Rivas e Francisco Pasadas Castillo. Juan Ramón Fernández-Sanguino Prieto foi nalgún momento director do CECA, por ser xefe da Axencia, pero non chegou a impartir clases nel.

Tamén impartiron clases no CECA as axentes de economía doméstica: María Juana Gutiérrez Melero, María del Carmen Gómez Lamela e María Luisa Diéguez Diéguez.

As clases prácticas estiveron a cargo dos monitores: José Antonio García Gallego e José Antonio Villar Pita, que pasou en comisión de servizo á Axencia de Cedeira cando pechou este CECA.

As clases de ensinanzas básicas impartíronas: Julio Ínsua Villamayor, director do Colexio de EXB de Silleda, o mestre Manuel López, outro mestre e unha mestra, dos que non temos os nomes, todos eles deste mesmo colexio.

Foron administrativas, por esta orde: Olga Cuíña Vence, Isabel Serrada Docampo e Concepción Méjome Pérez.

Capítulo XI

Escolas de Capacitación Agraria

A. Rodríguez Troncoso

J. M. Pérez Fernández

Normativa legal aplicable

O Decreto Lei do 18 de agosto de 1951, da Xefatura de Estado, crea a Dirección Xeral de Coordinación, Crédito e Capacitación Agraria, por considerar fundamental a capacitación e formación profesional dos agricultores por parte do Estado, entre outros cometidos, como eran o crédito agrícola, os seguros do campo e a coordinación coas organizacións sindicais agrarias controladas pola Delegación Nacional de Sindicatos.

Esta Dirección Xeral promove a promulgación do Decreto do 7 de setembro de 1951 polo que se ditan normas sobre a forma de levar a cabo a capacitación profesional agraria, en plan de ensaio e de forma provisional.

Este decreto establece que se concederá diploma de capataces nas seguintes modalidades: agrícola en xeral, gandería, forestal, mecánico-agrícola, pragas, bodegueiro e viticultor e industrias agrarias.

Para impartir estas ensinanzas poderán usarse os centros, leiras e instalacións do propio Ministerio de Agricultura, e tamén mediante concertos con escolas colaboradoras, con entidades públicas ou privadas, ou instalando dentro do posible escolas rexionais de Capacitación.

A idade máxima para ingresar nestas escolas era de 21 anos e os aspirantes tiñan que saber ler, escribir e ter coñecementos elementais de aritmética.

As ensinanzas duraban dous cursos, eran en internado e a capacidade mínima deste internado era de 30 alumnos.

Por orde do 1 de decembro de 1955 danse normas para a concesión das ensinanzas de capataces nas diversas especialidades e sinálanse as materias comúns para todas as especialidades e as específicas para cada unha delas. Na especialidade de industrias agrarias figuran as variantes de industrias de leite, conservería, industrias oleaxinosas e de moenda e panadería.

Escolas de Capacitación Agraria existentes no ano 1956 en que se crea o Servizo de Extensión Agraria

Funcionan as escolas de Albacete, de modalidade agrícola, na Granxa Provincial; a da Coruña, de modalidade agrícola, na Granxa Provincial situada en Bastiagueiro; a de Valladolid, de modalidades agrícola e mecánico-agrícola, na Granxa Provincial José Antonio; a de Heras (Cantabria), de modalidades mecánico-agrícola e gandeira, na Granxa Provincial da Obra Sindical de Colonización; a de Talavera de la Reina (Toledo), de modalidades agrícola e mecánico-agrícola, na Granxa da Obra Sindical de Colonización; a de Zamora, de modalidade agrícola, na Granxa da Obra Sindical de Colonización; outra tamén en Zamora, de modalidades mecánico-agrícola e gandería, na Granxa Florencia; a de Lourizán (Pontevedra), de modalidade forestal, dependente do Centro Rexional de Ensinanzas, Investigacións e Experiencias Forestais de Lourizán; a de Madrid, de modalidade forestal, dependente da Deputación Provincial de Madrid; a de Sevilla, de modalidades mecánico-agrícola e agrícola, na Granxa Provincial Cortijo de Cuarto; a de Quinto de Ebro (Zaragoza), de modalidade mecánico-agrícola; a de Catarroja (Valencia), de modalidade agrícola, dependente da Escola da Federación Sindical de Agricultores Arroceiros de España; e a de Vitoria, de modalidade agrícola, dependente da Granxa Larrabea en Villarreal de Álava.

Escolas de Capacitación Agraria existentes en España no momento das transferencias

No curso 1982-83 están funcionando 32 escolas de capataces con dependencia directa da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agrarias e 23 máis concertadas ou dependentes do INEM do Ministerio de Traballo.

As administradas directamente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación eran as seguintes: as de Guísamo (A Coruña), Sergude (A Coruña) e Monforte de Lemos (Lugo), en Galicia; e as de Santa Espina (Valladolid), Palencia, Almazán (Soria), Coca (Segovia), Jaca (Huesca), Huesca, Movera (Zaragoza), Alfaro (Logroño), Teruel, Alfarrás (Lleida), Albacete, Cuenca, Marchamalo (Guadalaxara), Toledo, Tomelloso (Cidade Real), San Fernando de Henares (Madrid), Naval Moral de la Mata (Cáceres), Don Benito

(Badaxoz), Hinojosa del Duque (Córdoba), Los Palacios (Sevilla), Torre Pacheco (Murcia), Villarreal de los Infantes (Castellón), Molina de Segura (Murcia), Lorca (Murcia), Tacoronte (Tenerife), Campanillas (Málaga), Cazorla (Xaén), Félix (Almería) e Granada.

As escolas concertadas co INEM eran as de: Ponteareas (Pontevedra), Ourense, Lourizán (Pontevedra), Palencia, Laguna Dalga (León), Santa Croya de Tera (Zamora), Zamora, Cogullada (Zaragoza), Caldas de Montbui (Barcelona), Mollerusa (Lleida), Villaviciosa (Asturias), Luces (Asturias), Heras (Cantabria), Villaviciosa de Odón (Madrid), Casa de Campo (Madrid), unha sobre industrias lácteas e outra sobre viticultura e enotecnia, Daimiel (Cidade Real), Talavera da Reina (Toledo), Badaxoz, Requena (Valencia), Catarroja (Valencia) Huelva e Marmolejo (Xaén).

Ensinanzas que se impartían

As sete modalidades de capataces previstas no decreto fundacional das escolas foron variando co tempo, manténdose algunhas delas intactas como as de forestais, mecánica agrícola e bodegueiro viticultor. Outras fóronse adaptando ás circunstancias reais das orientacións produtivas, unhas veces globalizando, como no caso de “explotacións agropecuarias”, ou reducindo o campo, especializándose como nas de “conservaría”, “hortofruticultura” ou “xardinería”.

En concreto, as ensinanzas que se impartían no momento das transferencias ás diferentes comunidades autónomas eran as seguintes: forestais, xefes de explotación, mecánico agrícola, cinexética e conservación da natureza, xardinería, explotacións agropecuarias, hortofruticultura, bodegueiro viticultor, pragas do campo, industrias lácteas e horticoltura intensiva.

Avalaba estas ensinanzas o Diploma de Capataz expedido polo Ministerio de Agricultura unha vez superados os cursos nas escolas correspondentes. A duración destes estudos era dos dous cursos previstos no decreto fundacional, pero despois dos anos sesenta algunhas especialidades, como as de gandería e hortofruticultura, que se chegaron a impartir na Escola de Guísamo, reducíronse a un só curso.

Co notable incremento das escolas de Capacitación dende o ano 1956, en que se creou o Servizo de Extensión, ata o ano 1982 en que se

transferiron ás comunidades autónomas, tiveron moito que ver os axentes de Extensión Agraria, que dirixiron moitas delas, ademais de promover nas súas comarcas de traballo a captación de alumnos.

Evolución das ensinanzas nas escolas de Capacitación Agraria despois das transferencias

No ano 1970 promulgouse a Lei xeral de educación, que impuxo a gratuidade e a obrigatoriedade e deu lugar a unha progresiva concentración escolar en toda España, cuns efectos bastante traumáticos para Galicia, onde a dispersión poboacional era moi acusada.

Foi precisamente esta lei de 1970, chamada Lei Villar Palasí, por ser este ministro o que a promulgou, a que estableceu a formación profesional para todos os que despois da ensinanza xeral básica non fosen quen de continuar as que posibilitarían no seu día o acceso directo ás ensinanzas universitarias.

Coa chegada da democracia publicáronse en quince anos catro leis orgánicas reguladoras da ensinanza coa pertinente repercusión da evolución dos CECA e das escolas de capataces.

Estas leis foron a LOECE de 1980, que regula o Estatuto dos Centros Escolares; a LODE (Lei Orgánica Reguladora do Dereito á Educación), de 1985, na que a formación profesional pasa a depender da Administración Educativa; a LOXSE (Lei Orgánica de Ordenación Xeral do Sistema Educativo), de 1990, que di que a formación profesional comprenderá un conxunto de ciclos formativos cunha organización modular, e por último a LOPAGCED (Lei Orgánica da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes).

Estas catro leis, por ser orgánicas, modificaron as ensinanzas tradicionais nas escolas de capataces, pero a que fixo unha fonda reforma na formación profesional regrada foi a LOXSE de 1990, que modificou a Lei Xeral de Educación de 1970, tanto en coñecementos xerais (formación profesional de base) coma na renovación dos contidos, chegando a agrupar 22 familias profesionais en 139 títulos aos que se acceden mediante módulos profesionais ou mediante ciclos formativos.

Hai ademais outras leis, como a Lei Orgánica 5/2002 do 19 de xuño, sobre a cualificación e a formación profesional, que define o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais e os seus módulos formativos. Pretenden estas leis actualizar permanentemente as cualificacións profesionais e adaptalas en cada momento á evolución do mundo produtivo e laboral.

Así o Real decreto 665/2007 do 25 de maio, establece as novas cualificacións profesionais na familia profesional agraria seguintes: auxiliares en gandería, agricultura ecolóxica, coidados e manexo do cabalo, xestión de repoboacións forestais e dos tratamentos silvícolas.

Na rama agraria xa había ademais outros títulos de técnicos especialistas e de técnicos superiores, tales como: administración e xestión de empresas agrarias, dirección e xestión de empresas agrarias, explotacións hortofrutícolas, explotacións agropecuarias, goberno e administración de servizos comunitarios, mecanización agraria, xardinería, explotacións forestais, conservería vexetal, industrias agroalimentarias, viticultura e enotecnia, hortofruticultura e aproveitamentos forestais e conservación da natureza.

Se afirmamos que España é o país do mundo que promulgou máis leis sobre a educación nestes últimos anos, é posible que esteamos no certo.

Pero ademais das leis citadas hai outras disposicións que lle dan contido ás escolas de Capacitación, á marxe delas. Referímonos a cursos de formación dirixidos aos agricultores que xa non están na idade de escolarización e que poden ser para a actualización profesional, para os que queiran incorporarse á xestión das empresas agrarias, ou de carácter monográfico para a actualización e perfeccionamento da tecnoloxía agraria.

As escolas de Capacitación Agraria en Galicia

1.- Escola de Capacitación Agraria de Guísamo



Vista aérea das edificacións da Escola de Guísamo no ano 2008. (Foto do arquivo da escola)

Modalidades das ensinanzas impartidas e a súa evolución

O Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo iniciou a súa andadura no ano 1964, impartindo, baixo a xurisdición do Ministerio de Agricultura, como Escola de Capacitación Agraria, ensinanzas de capataces nas especialidades de xefes de explotación, gandería e fruticultura.

En 1971 comezou a formación profesional de primeiro grao na rama agraria, simultaneando tales ensinanzas coas de capacitación ata o curso académico 1974-75, data na que os alumnos de capataces trasladáronse ao centro de Capacitación creado entón en Sergude-Boqueixón, preto de Santiago de Compostela.

A docencia de FP1 continuou ata o curso 1986-87, xa efectuada a transferencia á Xunta de Galicia, data a partir da que se impartiu un módulo experimental de nivel 2 na especialidade de fruticultura.

Posteriormente, no curso 1994-95, iniciouse outro módulo do mesmo nivel que o sinalado anteriormente sobre instalación e mantemento de xardíns.

Tamén nese mesmo curso comezou a realización dun programa de garantía social sobre iniciación a explotacións agropecuarias. Actualmente este programa é de operario de viveiros e xardíns.

No curso académico 2003-2004, xunto aos ciclos formativos de grao medio de xardinería e de explotacións agrícolas intensivas, e do programa de garantía social, o Centro de Formación e Experimentación Agraria de Guísamo desenvolveu cursos dirixidos uns a persoal funcionario, sobre temas técnicos e metodolóxicos (rega localizada, maquinaria, iniciación e perfeccionamento en informática aplicada, de metodoloxía e didáctica, de reciclaxe, etc.), e outros para agricultores en exercicio, de duración variable entre 21 e 250 horas, sobre cultivos de horta e flor, viticultura e enoloxía, conservación de céspedes, mecanización, agricultura ecolóxica, aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios (niveis básico e cualificado), arte floral, apicultura, montaxe de invernadoiros, podas de viña e froiteiras, viveirismo, poda de trepa e seguridade nos traballos de poda, etc.

Fundamentos legais e metodolóxicos

A LOXSE, aprobada en 1990, é por todos coñecida, establece que os alumnos ao rematar a educación básica obrigatoria, concretamente ao finalizar a ESO, de continuar dentro do sistema educativo, poden optar pola vía da formación profesional ou dos bacharelatos. Obviamente, presúmese que o alumno alcanzou os obxectivos establecidos na ESO. De non ser así, incluso cos proxectos de diversificación curricular que puidesen establecerse no transcurso do 2º ciclo da ensinanza secundaria obrigatoria, o alumno ten a oportunidade de optar por seguir un programa de garantía social.

A definición dun sistema de titulacións de formación profesional, segundo o establecido na LOXSE, presentou problemas que requiriron solucións inéditas para o sistema educativo.

Segundo a lei, a formación profesional ten que proporcionar aos alumnos unha formación polivalente que lles permita adaptarse ás modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, facilitará a súa incorporación á vida activa, contribuíndo á formación permanente dos cidadáns e atendendo as demandas de cualificación do sistema produtivo.

Todo isto esixiu a realización dunha investigación das necesidades de cualificación do sistema produtivo, incluíndo a súa perspectiva e a de-

finición dun sistema de titulacións que desen resposta aos cambios tecnolóxicos e sociais.

Cómpre subliñar que o desenvolvemento da LOXSE significou pasar dun sistema que tradicionalmente acreditou formación a outro que ademais acredita competencia profesional. Con esta óptica, os programas formativos asociados ás competencias son considerados esencialmente un instrumento para conseguilas sen presupoñer unha particular secuencia ou modalidade de aprendizaxe.

Con base no deseño a esta filosofía comezouse neste centro a andaina da formación profesional específica. A oferta de ciclos formativos é hoxe moi ampla e variada: moitos DBT (Documentos Base do Título) foron publicados; algúns centros educativos iniciaron hai algún tempo a súa implantación. Outros moitos, como foi o caso deste centro, comezárona no curso 1997-98; en Guísamo, concretamente, iniciouse o correspondente a explotacións agrarias intensivas, no seo do cal se incluíron os seguintes 10 módulos formativos: organización e xestión dunha empresa familiar agraria, instalacións agrarias, mecanización agraria, produción de plantas, cultivos hortícolas, cultivos frutícolas, métodos de control fitosanitario, agrotecnoloxía, formación e organización laboral e formación en centros de traballo.

No ano académico seguinte, 1998-99, iniciouse o de xardinería, ambos os dous ciclos cunha duración de 2000 horas, distribuídas en dous cursos e cunha cualificación profesional de grao medio.

Antes pedíanse capacidades para realizar actividades definidas e vinculadas a unha determinada profesión. Agora demándanse cualificacións profesionais que inclúan coñecementos e destrezas para exercer unha ampla gama de actividades laborais. Todo indica que cada vez vai ser máis necesaria a competencia de acción.

Esta premisa constituíu a propia meta do centro, pretendéndoa tamén para os seus alumnos: eficacia no traballo; actual no seu caso e vindeiro no deles.

Para que tal eficacia fose a maior posible tiveron que maximizarse tres condicionantes: aptitude, formación e motivación. Quen non posúe aptitude, “non pode” efectuar o traballo encomen-

dado; quen non ten formación suficiente, “non sabe” facelo; quen non está motivado, “non quere” levalo a cabo. Tarefa difícil se é ben exercida. Se o docente ten que poder, ten que saber e ten que querer ensinar, o alumno ten que poder, ten que saber e ten que querer aprender. No saber ensinar do docente teñen que estar presentes os tres condicionantes da aprendizaxe do alumno: as súas aptitudes, os seus coñecementos previos e o saber pensar; e motivalo convenientemente para a consecución dos obxectivos previstos.

Con esta perspectiva profesional agraria deseñouse o proxecto didáctico sobre os ciclos formativos de explotacións agrícolas intensivas e de xardinería impartidos no curso académico 1998-99.

Medios materiais e persoais de que dispón

Este centro educativo dispón dos medios materiais necesarios para o normal desenvolvemento das actividades de ensinanza e aprendizaxe que ambos os dous ciclos formativos requiren.

As necesidades de espazo e instalación requiridas nos reais decretos 1714/1996 e 1716/1996, polos que se establecen os correspondentes títulos en cada unha das especialidades sinaladas, quedan cubertas tal e como se expresa no cadro seguinte:

ESPAZOS E INSTALACIÓNS

Espazo formativo	Explotacións agrarias intensivas	Xardinería	Superficie existente
Aula técnica agraria	90 m ²	-	115 m ²
Laboratorio agrario	60 m ²	-	105 m ²
Taller/almacén	150 m ²	-	1600 m ²
Superficie agraria	2 ha	1 ha	5,3 ha

Como ampliación do cadro anterior, sinalemos que:

Na explotación agraria contigua ao edificio docente existen sete invernadoiros de distintos tipos, cunha superficie cuberta de 2.025 m².

A rega e fertirrega encóntranse automatizadas cun programador de 32 estacións, que permite levalas a cabo tanto por microaspersión coma por goteo coa auga que alberga un estanque de 500 m³.

O centro dispón de maquinaria multiusos, tal como: despedradora, tractores, grades, arados, etc., e outras específicas como plantadoras, máquinas para facer mesetas, de acolchado, para perforar o plástico, sementadoras, follas niveladoras, equipo multifresa, máquinas de tratamentos fitosanitarios (pulverizadores, inxectores, espalladores, equipos de protección, etc.). Toda a maquinaria se alberga no galpón construído para o efecto, que así mesmo abeira o taller mecánico necesario.

O almacén xeral dispón de sala de comercialización, coas súas correspondentes cámaras frigoríficas, e os pertinentes departamentos para gardar fertilizantes, substratos, material para a rega, fitosanitarios, etc.

As aulas están dotadas de cantos medios audiovisuais son requiridos para o normal desenvolvemento das actividades docentes, tales como proxectores de diapositivas, de transparencias, de opacos e magnetoscopio. Nunha das aulas están instalados 10 ordenadores Pentium 133 Mh, coa súas correspondentes impresoras e un videoproxector.

O laboratorio agrícola está equipado con canto se precisa para a realización de sinxelas análises de solos e fertilizantes, e no que ademais se dispón de lupas binoculares e microscopios con videocámara, monitor e vídeoimpresora.

Tendo en conta, por outra banda, que o réxime de estancia dos alumnos, optativo por suposto, pode ser de internado, o centro dispón da residencia necesaria para tal fin na que se poden albergar 90 persoas. É obvio subliñar que se dispón de espazos deportivos e de ocio, que indubidablemente contribúen á consecución dunha mellor formación humana, ademais da profesional.

En canto aos medios humanos se refire, independentemente do persoal laboral que se atopa adscrito a esta dependencia, teñen destino definitivo nove profesores, ademais do xefe de internado e do persoal administrativo, todos eles

funcionarios. Na actualidade, incrementando o persoal fixo xa sinalado, imparte docencia un colaborador técnico, que se atopa adscrito durante o presente curso, en espera da dotación de dous profesores máis do cadro de persoal.

Persoal que prestou servizos nesta escola de Capacitación

a) Directores por orde cronolóxica: Francisco Baurreiro Etchevers, Crescencio Rodríguez Epelde, José Luis de Marco Gómara e Javier López García.

b) Profesores do cadro de persoal: Marcos Salas Villa, Julio Reigosa Monguillón, Amador Rodríguez Troncoso, Pedro Alonso Gago, Antonio Álvarez González, Antonio Nogueiro Marqués, todos os anteriores axentes de Extensión; Purificación Veiga Pombo, axente de economía doméstica; os monitores José Luis Tubío Sayáns, Gabriel J. Rielo Carballo, José Alfonso Barros Castro, José Antonio Fernández González e Ramón Gil Blanco; e Luis Acacio Martínez Cuétara, técnico-enxeñeiro agrónomo.

c) Profesores en réxime administrativo de colaboración temporal: María Fariñas Vasco e Francisco Ferro Abadín, os dous mestres nacionais.

d) Persoal laboral: Ángel Gil Guijarro, condutor; Julio Franco Criado, capataz; Pedro Míguez Lorenzo e Jesús Rilo González, conserxes; Manuel G. Díaz Regueira, despenseiro; Emilio Salgado Seijo e Manuel Salgado Seijo, cocíneiros; María Sánchez Pardo, gobernanta; María Luisa López Fernández, Amparo Amor Cardelle, María del Carmen Casal Ferreiro, María Carmen Rilo González e Purificación Prieto Díaz, limpadoras.

e) Persoal administrativo: Luis Martínez Teijo, José Manuel González Vázquez, Isolina Fernández Corredoira e María del Pilar Gómez Gómez.

Outros datos relacionados coa Escola de Guísamo

No verán de 1964 foi inaugurada por Franco, acompañado do ministro de Agricultura Cirilo Cánovas García, conxuntamente co o Centro de Galicia de Investigacións Agrarias situado na parcela de 45 hectáreas do lugar de Bos, onde se trasladou a antiga Granxa Monelos da Coruña e na que tamén se construíu esta escola.

Do día 19 de xullo ao 4 de agosto de 1966 celebrouse un curso de perfeccionamento para 25 axentes de toda España, dirixido por Antonio Salvador Chico, que máis tarde foi nomeado director xeral. Dos 25 axentes, cinco estaban destinados en Galicia (Eugenio Martín Martín, en Mondoñedo; José Recimil Tábora, en Monterroso; Federico Cabrera Domínguez, en Ponteareas; Constantino Mariño Torreira, na Fonsagrada; e Julián del Caño Abad, en Becerreá.

No verán de 1967, con motivo da visita a esta escola dos directores xerais José García Gutiérrez e Ramón Esteruelas Rolando, fixeron o bosquexo do “Centro Rexional de Investigacións Agrarias do Norte”, que se concretou con data 8-11-1967.

Posteriormente fóronse aquilatando detalles ata a súa redacción definitiva e chegar ao Decreto do 12-09-1970 que crea o CRIDA 01 (Centro Rexional de Investigación e Desenvolvemento Agrario), que pasou desta parcela de Bos, onde tamén está situada a escola, a outra en Mabe-gondo de 300 hectáreas.

No ano 1970 das 45 hectáreas de investigacións agrarias da parcela de Bos, asignáronse 20 a esta escola de Guísamo para prácticas dos alumnos.

Do día 1 ao 7 de abril de 1968 fíxose unha xuntanza nesta escola na que participaron tres rexedores, un técnico agrónomo e 22 axentes de zona de toda España, entre os que se encontraban os catro de Galicia, para estudar a planificación do traballo das axencias, o enfoque das actividades de economía doméstica e o traballo no campo do desenvolvemento de comunidades.

2.- Escola de Capacitación Agraria de Sergude



Entrada principal da Escola de Sergude, 10 de xuño 2008.
(Autor: Borja R. Fernández)

Denominación actual

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude.

Data da creación

Empezou as actividades formativas no mes de xaneiro de 1975.

Medios materiais

Ten capacidade par 96 persoas en internado. Está situada nunha parcela de 96 hectáreas adquirida polo Servizo de Extensión Agraria mediante compra ao seu propietario señor Campuzano, de orixe asturiana, e que investiu o importe da venda na construción do Hotel Peregrino de Santiago de Compostela.

Das 96 hectáreas, 70 son forestais e 20 están a cultivo para vacún de leite, equino, porcino e apícola. Seis hectáreas están ocupadas polas construcións e polos xardíns.

Conta con instalacións gandeiras, aula taller, horta de froiteiras, unidade técnica de muxidura, aula para afiado de serras, serradoiro, invernadoiros e transformador.

No seu recinto está o Pazo de Quián, onde se localizan as sedes das denominacións xeográficas Protexidas Mel de Galicia, Queixo de Arzúa-Ulloa e Orujo de Galicia.

Ten unha estación meteorolóxica automatizada e manual. Tamén están no seu recinto as instalacións do Centro de Referencia do Cabalo de Pura Raza Galega.

Modalidades das ensinanzas regradas impartidas

Capataz agrícola, “xefe de explotación”; formación profesional de 2º grao na rama agraria; capataz agrícola, forestal; formación agropecuaria nivel II; programa de garantía social; ciclos formativos de grao medio, explotacións agrarias extensivas e traballos forestais e conservación do medio natural; e ciclo formativo de grao superior xestión e organización de empresas agropecuarias.

Outras ensinanzas que está impartindo

a) Curso de aptitude empresarial, especialidade de gando vacún de leite, de 250 horas nos oito módulos seguintes: empresa agraria, xestión técnico-económica, asociacionismo, comercialización e trazabilidade, relacións laborais e prevención de riscos, sensibilización medio ambiental, agrotecnoloxía, produción de forraxes e alimentación e produción do leite e manexo do gando.

b) Cursos de 25, 40 e 60 horas sobre: manexo de aparellos de medicións forestal, aplicador manipulador de produtos fitosanitarios, afiado de serras, insemnación de gando vacún, podoloxía no gando vacún, poda de grandes árbores, informática I, informática II, especialistas agrarios de substitución, manexo de aparellos de medición forestal, informática aplicada á agricultura, agricultura ecolóxica, eliminación de residuos nas explotacións agrarias, conservación e defensa de árbores nobres, xestión de residuos agrarios, implantación e xestión dunha empresa de produción de flor, incendios forestais, prevencións de riscos laborais, apicultura, aproveitamentos con procesadora e autocargador forestal, prevención e defensa contra incendios forestais e investigación de causas, micoloxía, xardinería nos contornos rurais, produción integrada e rastrexabilidade, manexo do gando vacún e benestar animal, o cabalo galego, o seu coñecemento e iniciación no manexo e coidado, motoserra e a súa aplicación agroforestal, e GPS á aplicación forestal.

Medios humanos

a) Cadro de persoal

Está formado por 11 profesores, 15 empregados laborais, un deles administrativo, e 1 xefe de

grupo encargado directo dos alumnos e da parcela. En momentos puntuais conta con reforzos da Consellería de Educación.

b) Persoal que prestou servizos nesta escola

Directores por orde cronolóxica: Crescencio Rodríguez Epelde, falecido; José Francisco Santos Ucha, en funcións; Eliseo Javier Miguélez Díaz; Juan Antonio Garrido Suárez; Lino Andiñón Barros e Jesús Ortega Carrasco, o actual.

Profesores: Pedro Alonso Gago, Juan José López Reigosa, Germán Veiga Peña, José Francisco Santos Ucha, María Luisa Pereiras Sanluis, María Lemos Iglesias, Laureano Álvarez Val, Joaquín Gómez Barros, José Javier Ramos Pérez, José Manuel Rodríguez Rial, María del Carmen Nogueira Tallón, Constantino Alvite Muinelo, Carlos Beloy Seijas, Alfredo Iglesias Raído, José Antonio Hoyos Ruiz, Rafael Casado Contreras, Abel Yáñez Armesto, María del Carmen C. Guinarte Camiña, César Iglesias Vázquez, Eduardo Gallego Díaz, Miguel Ángel Cela González, Ángel Bosque Canoura, José Álvarez Castrelo, Rosa María García Franqueira, José Martínez Moyo, María Laura Nieto Zas, Fernando Remigio Méndez Núñez, María Luz Marcos Marcos, José Manuel Feito Gómez, Antonio González-Palencia Pascual, María José Alonso Suárez, Isabel Mosquera Quinteiro, Francisco de la Paz de la Paz, María José García López, Vicente A. Pérez Gómez, V. Xavier Soneira Lema, Jaime Fontela Seijo, Francisco Vidal Iglesias, Carmen Jiménez Enríquez de Salamanca, Irene Vidal Arnejo, Gonzalo Recuna Cuíña, Víctor Manuel Gil Ramos, Carmen Eiras Dorado, Manuel Ángel Freire Seijas, José Manuel Gavín Rodríguez, Antonio Rodrigo Díaz Núñez, Óscar Engloba Sal, María do Carme Alfonso Leiro, Eva María Prado Alvaredo, Susana Pedrosa Castillo, José Manuel Parada Maroño, Alberto Fajín Guerra, María José Presa Toméz, María del Pilar Pérez López e Leopoldo Hoces Castro.

Funcionarios non docentes: Antonio Nogueiro Masqués, Julio Manuel Romero González e Jesús Álvarez Linera Martínez.

Monitores: Emiliano Díaz Lamazares, José Iglesias Pernas, José María Fernández Sánchez, Manuel Brea Costoya, Salvador Barros Nogueira, José Benito Núñez López, Francisco García

Maceira, José Ramón Fernández Salgueiro, Pedro Luis Sánchez Castro, José Antonio García Gallego e Manuel Rodríguez Saborido.

Persoal administrativo: María Paz Labarta Fernández, Fernanda Vázquez Trujillo, Ana María Añón Domínguez e Estela Lama Estévez.

Persoal laboral contratado: Jesús Manuel Rodríguez Casabiell, Aquilino Valencia Salgado, Francisco Javier Meizoso Carro, José Antonio Juncal Arantón, Lino Andiñón López, José Manuel Martino Pérez, Mónica Pérez Gómez, Sonia Coello Dapena, Gerardo Sanín Rodríguez, Leonado Mareque Rilo, Francisco Nogueira Neira, José María Cancela Romero, Ricardo Turnes Martínez, Alberto Estévez González, José Manuel Munín Mareque, José Manuel Sendón Rodríguez, José Manuel Sueiro Vázquez, José Sinda Pacheco, Andrés Couceiro Allegue, Carmen Tenreiro García, Antonio Munín Mareque, Isaura Brocos Barrán, Ermitas Nieves Parada, Carmen Munín Mareque, Teresa Fernández Vaamonde, María Carmen López Pérez, María Luz López Pérez, Marina Mareque Rilo, Milagros Gutiérrez de Uriarte, María del Carmen Sánchez García e Ana Lobato Botana.

3.- Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos



Entrada principal da Escola de Monforte de Lemos 2008.
(Autor: Borja R. Fernández)

Denominación actual

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Monforte de Lemos.

Data de creación

Mes de novembro de 1974.

Medios materiais

Está situada nunha parcela de 32 hectáreas e ten unha capacidade de internado para 150 alumnos.

Como instalacións anexas conta cunha corte libre para 50 vacas de aptitude leiteira cos correspondentes silos, sala de muxidura e almacén de forraxes. Dispón tamén de talleres para as prácticas dos alumnos e a reparación de maquinaria. Hai ademais unha instalación de porcos en ciclo pechado, así como invernadoiros, un para prácticas en alcouves con control de temperatura e humidade, e outro para a produción. Nalgún momento dispuxo dunha alvariza dunhas doce unidades e que na actualidade ten só dúas colmeas.

Como vivendas hai seis habitables, dúas individuais e catro acaroadas, con destino ao profesorado, estando na actualidade desocupadas.

Ensinanzas impartidas

Nos primeiros anos compatibilizaron as ensinanzas de capataces agrícolas, xefes de explotación en internado e 1º e 2º cursos de formación profesional agraria de 1º grao. Máis tarde impartíronse módulos formativos de un ano de duración, e na actualidades estase impartindo un ciclo formativo de grao medio e garantía social.

Ademais destes ciclos formativos fixeron cursos de 250 horas ou de 30 horas, segundo os casos, sobre informática, apicultura, benestar animal, viticultura, etc., así como cursos de aplicadores/manipuladores de produtos fitosanitarios nos niveis básicos e de cualificación, e de extinción, control e prevención de incendios. Tamén se fixeron cursos de tractoristas en colaboración coas autoescolas.

Medios humanos

Directores por orde cronolóxica: Julio Díez Sendino, Ángel Espadas Escanciano, Manuel Domínguez Rodríguez, Jesús Elías Ordás Pérez, Manuel Rivera González e Abel Yáñez Armesto.

Profesores: Óscar Álvarez Álvarez, Ángel Espadas Escanciano, Jesús José Rielo Rico, Antonio Rodríguez Taracido, Jesús Elías Ordás Pérez, Manuel Rivera González, Julián Alvira Siero e Manuel Fernández Quiroga.

Monitores: Darío Dios Blanco, Pedro Luis Sánchez Castro, José Antonio García Gallego, Vidal Higinio Viana Conde, Lorenzo Navaza González e José Luis Tubío Sayáns.

Técnicos: Pedro Vilariño Couselo.

Capataces contratados: José Antonio Vega Villalba, Juan Manuel Alonso Feijó, Eulogio Rodríguez Lorenzo, Manuel Ferro Couselo, José Tomé Roca e Jorge Vázquez Valiño.

Profesores contratados: Rodolfo Luís Ferradás Blanco, Manuel Cesáreo Rodríguez Taracido, María Teresa Eire Diéguez, José María Pin Millares, María del Carmen Santiso Blanco, Abel Estévez Blanco, Natividad Vázquez Vázquez, María José Tilve Castro, Casiano López Barrreal, Ramón Jacobo Bernárdez, Rosa María González Rodríguez, Jesús García Vázquez, José Mourelo López, José Crespo e José Folgueiras López.

Persoal laboral: Caridad Fernández López, Marina Gómez Abelaira, Amelia Díez Rodríguez, e María del Carmen Rodríguez Pérez, como auxiliares administrativos; Antonio Rodríguez López, Carmen López Patiño e María Luz Casanova González, como cociñeiro e axudantes de cociña, respectivamente; Nicasio Camino Balsa, como condutor; Ramón Juiz Alvarín, como conserxe; José Trigo Rodríguez, como oficial 1ª; Olimpia Díez Freire e Remedios Losada de la Fuente, na lavandería; Rosa María Piñeiro Rodríguez, Dolores Silvela Pérez, María Luz Sánchez López, Teresa Páramo Páramo, Esther González Álvarez e Concepción Rodríguez Carnero, como auxiliares de internado; e Isabel López Martínez, como gobernanta,

Outros datos curiosos sobre esta escola

En Monforte de Lemos xa existía unha escola de agricultura no ano 1856, segundo datos que figuran no cartapacio nº 6.534 do CIDE (Centro de Investigación e Documentación Educativa) do Ministerio de Educación, Política Social e Deportes.

No mes de abril de 1971 fíxose cargo da dirección das obras de construción da actual Escola de Monforte de Lemos, Edmundo Bayón Bueno, enxeñeiro agrónomo que procedía da Axencia de Extensión de Carbonero el Mayor (Segovia).

As obras fóranlle adxudicadas á empresa Ross Pellicer, á que tamén lle fora adxudicada en abril de 1969 a construción do Centro Rexional de Santiago, en seis millóns de pesetas.

Esta empresa suspendeu a construción da escola e durante os anos 1973 e 1974 asumiu a dirección das obras o enxeñeiro de montes Roberto Taracido Peiteado, unha vez que lle foi adxudicada a construción á empresa López Cadórniga, que as finalizou, facéndose cargo da dirección das ensinanzas Julio Díez Sendino.

Cando a empresa Ross Pellicer suspendeu a construción desta escola, o vixilante das obras negouse a abandonar o seu posto ata que lle pagasen, e continuou cumprindo estritamente a súa xornada de traballo. Como deste xeito a empresa non acababa de desvincularse da construción da escola, o seu pagador, que residía en Sarria, onde ao parecer tiña tamén algunhas outras obras adxudicadas, chamouno para lle pagar os xornais debidos. Recibiuno moi amable na barra dun bar onde o invitou a tomar unhas cuncas. Cando se fixo de noite levouno por unha rúa estreita e pouco poboada de Sarria dicíndolle que o acompañase á súa oficina. Confiado, o vixilante acompañouno, e de maneira inesperada recibiu unha brutal malleira. O pretendido pagador levantouno do chan pola solapa e díxolle: *“O vindeiro mes volves, que che dou unha paga dobre”*. Ao infeliz do vixilante non se volveu ver máis pola parcela da escola.

4.- Escola de Capacitación Agraria Pedro Murias

Denominación actual

Centro de Formación e Experimentación Agroforestal Pedro Murias.

Antecedentes

Esta granxa escola naceu cun dobre fin, o educativo e o divulgativo mediante a experimentación. Encaixa no mesmo contexto e busca fins semellantes aos que trataban de alcanzar no primeiro terzo do século XX a Granxa Agrícola Monelos da Coruña, a Estación de Fitopatoloxía e a Misión Biolóxica de Pontevedra



Fachada principal de Escola de Capacitación Agraria Pedro Murias. (Foto facilitada por Eduardo Gutiérrez, profesor)

O emigrante a Cuba Pedro Murias Rodríguez, falecido na Habana en 1906, deixou no seu testamento, outorgado o 22 de maio de 1892, *“diez mil pesos oro de los créditos de más fácil cobro”* para a construción da *“Granxa Escola Pedro Murias”* en Vilaframil do Concello de Ribadeo. Legou as casas da súa propiedade situadas na rúa Zulueta, núms. 44 e 46, e o terreo anexo, das que percibirá a referida granxa as rendas, *“pero sin que jamás puedan ser enajenadas”*. Dispón no testamento que a fundación desta escola será, dentro do posible, igual á Colonia Agrícola de Ruysselede en Bélxica.

Ruysselede era unha aldea duns 8.000 habitantes, a unha altitude sobre o nivel do mar de 29 metros, pertencente ao cantón de Thielt da provincia de Flandes Occidental e que orograficamente vén sendo unha prolongación da grande chaira de Francia.

Esta escola que funda terá nunha das salas o seu retrato coa correspondente inscrición, e unha vez ao ano, no aniversario do seu falecemento, asistirán a unha misa rezada na parroquia onde foron bautizados todos os alumnos e os profesores.

Esta escola empezou a funcionar o ano 1922 baixo a dependencia da fundación constituída en xullo de 1913 con sede na Habana. Tiña unha comisión delegada na Devesa para compras de terras e para a construción dos edificios.

O primeiro director foi o enxeñeiro agrónomo Enrique Suárez Couto, autor do proxecto de construción. Sucedeulle o mestre Gregorio Sanz García con carácter provisorio, ata que en xaneiro de 1924 se fixo cargo da dirección o enxeñeiro agrónomo Ramón Blanco, ata finais

de 1925, en que a asumiu o tamén enxeñeiro agrónomo Francisco Roig Ballesteros. Este permaneceu ata 1933, ano en que a causa da Guerra Civil a institución abandona a experimentación e a divulgación agraria para continuar tan só coa ensinanza escolar.

Coa ditadura de Primo de Rivera foi apoderado o xeneral Pedro Verdugo Castro, que consegue se nomee pola Xunta do Padroado da Habana como director ao seu fillo Pedro Verdugo García, que non chegou a tomar posesión.

Aínda que esta escola tiña como fin principal a formación agraria orientada á produción e transformación de leite, de acordo co que sucedía entón nos países máis adiantados de Europa, as ensinanzas agrarias non deron comezo ata o ano 1928. No ano 1931 iniciáronse tamén as clases nocturnas para adultos.

Con moitos altibaixos a escola funcionou ata o ano 1961, en que desapareceron os fondos que viñan da Habana a causa da revolución cubana de 1959.

O primeiro director Suárez Couto, para mellorar os efectivos gandeiros optou por facelo mediante cruzamento da raza rubia galega coa *Shcwytz* (parda alpina), para fomentar a produción de leite, coa posterior instalación dunha industria de manteiga e outra de queixos, fuxindo da tradicional e exclusiva orientación produtiva de carne. Máis tarde tamén foi deste criterio Rof Codina. Contaba cunha parcela de algo máis de 12 hectáreas.

Continuou co mesmo criterio o segundo director da granxa Ramón Blanco, pero o seu sucesor Roig Ballesteros era máis partidario de orientar a granxa á produción de carne.

Como en calquera dos casos a orientación era gandeira, fomentouse a produción forraxeira a base de remolacha, millo forraxeiro e cultivos pratenses a base de trevo e raigrás, coles, nabos, avea e veza, mediante o emprego de fertilizantes fosfatados e escouras de desfosforación. Tamén se cultivou a pataca, controlándose o mildio con caldo bordelés.

En tempos de Ramón Blanco celebrouse nesta granxa escola un concurso comarcal de vacas leiteiras. Foi o primeiro que se fixo en Galicia.

Esta granxa tamén cooperou coa Cátedra Ambulante de Divulgación Pecuaria de Galicia, xurdindo desta colaboración a Federación das Sociedades Agrarias do Partido de Ribadeo. Foi así mesmo nesta granxa onde se acordou a organización de envíos conxuntos de vacún de carne a Madrid, Barcelona, Bilbao e Santander.

Intentos do Servizo de Extensión de poñela en funcionamento

Sendo rexedor de actividades do Servizo de Extensión en Galicia Juan Antonio Garrido Suárez e director xeral de Extensión e Capacitación Agraria Antonio Salvador Chico, tratouse de conseguir a cesión desta Escola Pedro Murias para poñela en funcionamento mediante as oportunas melloras e acondicionamentos.

A idea que había entón por parte de Extensión Agraria era asumir o control da parcela de Vilaframil e as súas instalacións, que estaban en franco letargo, e trasladar a elas o alumnado da Escola de Benquerencia, que carecía de terras para as prácticas e ademais estaba sendo usada por Extensión unicamente durante o curso académico, pois fora construída como complexo cultural recreativo por Caixa Galicia para as colonias escolares durante os meses de verán.

No ano 1960 creouse a Axencia de Extensión Agraria de Ribadeo e comprobouse que a nivel de Galicia as explotacións gandeiras daquela comarca eran as máis tecnificadas e as de máis rendibilidade, sen dúbida pola influencia da Escola Pedro Murias.

É xusto recoñecer que o Servizo de Extensión Agraria promoveu entre os agricultores a re-conversión do vacún de carne en vacún de leite, mediante a importación de vacas selectas de aptitude láctea, en contra do que no seu tempo opinou o primeiro director da Granxa Pedro Murias, Enrique Suárez Souto.

A primeira importación masiva fixérona os agricultores da comarca de Negreira, procedente de Santander, aínda que a dita comarca estaba reservada polo Goberno para á rubia galega. Máis tarde tamén se organizaron importacións

de vacas leiteiras dende a comarca de Ribadeo, procedentes de Santander.

Nunha ocasión foron cun camiión varios agricultores de Ribadeo á feira de Torrelavega para traer vacas leiteiras. Cada un comprou a súa e levouna ao camiión á hora concertada para cargala. Un dos compradores non apareceu coa súa vaca e, despois de esperar por el durante unhas dúas horas, retornaron a Ribadeo pensando que á vendera na mesma feira e optara por regresar noutro vehículo máis rápido.

Aos 8 días, despois da conseguente alarma, apareceu o gandeiro tan tranquilo coa súa vaca pola corda e dixo: *Esquecinme da hora de saída do camiión tomando o albaroque cos que ma venderon, pero cheguei moi ben, a vaca comía herbas nas gaveas e eu o leite que lle muxía todos os días, aínda o regalaba porque é moi boa leiteira.*

Solución adoptada

A anómala situación administrativa da parcela e das instalacións solucionouse en setembro de 1986 mediante a solicitude que lle fixo o Concello de Ribadeo á Xunta de Galicia para que crease alí unha escola de Capacitación Agraria.

Con data 24 de xuño de 1987 a Xunta declara de interese galego a Fundación Escola Agrícola Pedro Murias e asínase un acordo entre esta fundación e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes (hoxe Consellería do Medio Rural) o 18 de marzo de 1991, polo que se cede a esta Consellería por vinte e cinco anos prorrogables, o predio coas instalacións, co compromiso de facer as correspondentes reformas de rehabilitación e poñer a funcionar unha escola de Capacitación Agraria.

Situación actual

A escola nesta nova etapa inaugurouse o 9 de setembro de 1993.

Ten residencia para alumnos, aulas con medios audiovisuais, laboratorio, aula de informática, parque de maquinaria, invernadoiros e unha explotación agropecuaria de produción ecolóxica.

Como oferta educativa estrutúrase en ciclos formativos de grao medio de explotacións agrarias extensivas e de explotacións gandeiras, á parte

do curso de operario de explotacións agrarias dentro dos programas de garantía social. Completan a oferta os cursos de incorporación á empresa agraria para a obtención do Diploma de Aptitude Empresarial Agraria, así como outros cursos e ciclos de formación continua.

O primeiro director deste centro xa renovado a partir do ano 1993 foi Jesús Mundiña Acebo. Sucedeuno Ramón Martínez González, e na actualidade dirixe Rosa Novoa Martínez.

Figuran como profesores: Eduardo Gutiérrez Fernández, Sergio Fernández Gayol, Luciano Zubillaga Zubillaga, Jorge Vázquez Valiño e José López Fernández.

O persoal administrativo está formado por: María Dolores Fernández López e Concepción Otero Rodríguez.

5.- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Becerreá



Fachada principal do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Becerreá. (Foto do arquivo do centro)

Tanto a fotografía desta escola coma o contido literal do que se di sobre ela, fóronnos enviados con data 19 de xuño de 2008 polo seu actual director José Miguel Raposos Díaz, a quen lle agradecemos tan valiosa colaboración. O contido do escrito e o seguinte:

Pequena historia

A chamada orixinalmente Escola de Agricultura de Alta Montaña creouse no predio denominado Pena do Pico e Masmada da parroquia de Penamaior do Concello de Becerreá, cedido polo dito Concello á Comunidade Autónoma no ano 1984 e aceptado por esta no 1992.

Este predio tiña 22,50 ha e estaba situado a 5 km do Cereixal, lugar no que se accede a N-VI e á A-VI, e a 7 km da vila de Becerreá.

O obxectivo fundamental deste centro era a formación profesional dos agricultores actuais e futuros da zona de montaña de Galicia. A súa dependencia xerárquica era do Servizo de Extensión Agraria da Consellería de Agricultura.

As obras rematáronse no ano 1986 e comezou a funcionar no mes de setembro de 1989 desenvolvendo cursos de aptitude empresarial agraria para gandeiros de vacún de carne, cursos de mecanización agraria e conducción vial e outros de formación continua.

No ano 1991, e aproveitando a autorización do antigo Centro de Experimentación e Capacitación Agraria de Becerreá, comezamos a desenvolver cursos de aprendizaxe agraria (FP I) para preparar a proba de acceso a módulos, actividade coa que se rematou no ano 1993.

No curso 1993-94, e logo da pertinente autorización do Ministerio de Agricultura, comezouse a impartir as ensinanzas de capataz agrícola especialidade Forestal, que se prolongaron ata o ano 2001, no que xa foron completamente substituídas polo ciclo medio de traballador forestal e de conservación do medio natural, que xa coexistía con elas dende o curso 1997-98, e que aínda se imparte.

No curso 1996-97 desenvólvese o primeiro programa de garantía social de operario forestal e en 2001-02 amplíase a oferta educativa ao ciclo superior de xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, tamén deica hoxe.

O 31 de xaneiro do ano 2000 a Xunta adquire as parcelas de Fonte Cavada e Cabanela de Riva e achégallas á cedida orixinalmente polo Concello, co que a escola pasa a dispoñer dunhas 75 ha de superficie.

Así mesmo, en 2001-02 e 2002-03 tamén se impartiu outro ciclo medio de explotacións agrarias extensivas.

Polo que respecta á formación continua, séguense a desenvolver os cursos de aptitude empresarial agraria en gandería extensiva e en aproveitamentos forestais, outros da chamada formación

esixible como os de aplicadores manipuladores de praguicidas e de benestar animal, e outra ampla oferta que supera normalmente os trinta cursos anuais.

Persoal

Persoal da Consellería do Medio Rural:

Nome	Posto	Dende	Ata
José Miguel Raposo Díaz	Director	1989	Hoxe
Jorge Vázquez Valiño	Oficial 1ª / encargado agrario	1989	1997
Antonio Roda Vilares	Oficial 2º/pastor oficial 1º	1989	Hoxe
Carmen González Mallo	Auxiliar administrativa	1989	1995
María Josefa Grande Veiga	Auxiliar de internado	1989	2000
Adela López Fernández	Limpiadora	1989	1990
Concepción Fernández Núñez	Limpiadora	1990	1993
Jesús Pérez Mourín	Peón especializado	1991	2003
José Pérez Cancio	Enxeñeiro técnico agrícola	1991	1997
Julio García Navarro	Enxeñeiro técnico forestal	1993	1996
Jesús Manuel González Vizcaino	Capataz forestal	1993	Hoxe
Carmen Capón López	Limpiadora	1993	1995
Victor Rodríguez García	Administrativo	1993	2008
Jesús López López	Oficial 1º/ encargado agrario	1994	Hoxe
Montserrat Gómez Campo	Limpiadora	1995	Hoxe
Martín Rodríguez Gasalla	Capataz forestal	1995	1999
Carmen de Andrés Sánchez Carralero	Enxeñeira técnico forestal	1996	1997
Pilar de los Ángeles Deiros Díaz	Auxiliar administrativa	1996	2005
José María Rivas Ruibal	Encargado agrario	1997	1999
David López Vázquez	Peón especializado	1997	1997
Pablo Campillo Sáez	Enxeñeiro técnico forestal	1997	1998
Eva María López Rodil	Mestra	1997	2000
María del Pilar González Vilela	Enxeñeira técnico forestal	1998	2003

Miguel Ángel Deiros González	Oficial 1ª	1999	2003
Abel Yáñez Armesto	Enxeñeiro técnico agrícola	1999	2006
Benjamín Balboa Cereijo	Capataz forestal	2000	2002
José Miguel Arias Sánchez	Enxeñeiro técnico agrícola	2000	2006
María del Carmen Garcia Rodríguez	Auxiliar de internado	2000	Hoxe
Ana Isabel Gómez Vilarriño	Enxeñeira técnico forestal	2001	2003
María Cristina López-Sors Cano	Enxeñeira técnico forestal	2001	2003
María Luisa García López	Enxeñeira técnico forestal	2002	2004
Jacinto Zurrón Sastre	Peón agrario especializado	2003	2003
Javier de la Fuente Cedrón	Oficial 1ª	2003	2004
Manuel Antonio Vispalia Pernas	Peón agrario especializado	2003	Hoxe
José Antonio Iglesias Bello	Peón agrario especializado	2004	2004
Ricardo José Ramos Gandoy	Enxeñeiro técnico agrícola	2004	Hoxe
José Tubio Rodríguez	Enxeñeiro técnico forestal	2004	2005
Iván Bargas Fernández	Oficial 1ª/capataz agrícola	2004	2008
José Álvarez López	Peón agrario especializado	2005	2005
Matilde Llamas Castiñeira	Enxeñeira técnico forestal	2005	2006
Santos Gabriel Arenas Ruíz	Enxeñeiro de montes	2006	Hoxe
Iván Pedrosa Castillo	Enxeñeiro de montes	2006	Hoxe
José Daniel Folgueira Villamor	Enxeñeiro de montes	2006	Hoxe
María Luisa Vázquez Barrio	Auxiliar administrativa	2006	Hoxe
Isidro Rúa Cortizo	Oficial 2ª de campo	2006	2006
María Herminio López Ovalle	Mestra	2006	Hoxe
Berta Rosón Gómez	Axudante de cociña	2007	2008
Angelita Gómez Quindós	Cociñeira	2007	2008
María Concepción Gómez Ares	Axudante de cociña	2007	2008
Almudena Canales Criado	Enxeñeira técnico forestal	2007	Hoxe
José Manuel Pombo Río	Auxiliar administrativo	2008	Hoxe

Persoal da Consellería de Educación:

Nome	Corpo	Curso
Antonio López Fernández	Profesor Ensino Secundario	2003-2008
Álvaro Fernando Roca Rodríguez	Profesor Ensino Secundario	2004-2008
Anxo Lois Allegue Fernández	Profesor Ensino Secundario	2005-2008
Celia Goy Ferreiro	Profesor Ensino Secundario	2006-2008
David Troncoso Suárez	Profesor Ensino Secundario	1991-1992
Carmen Avelina Castiñeiras Ramos	Profesor Ensino Secundario	1991-1992
José Pérez Saavedra	Profesor Ensino Secundario	1992-1993
María Pérez Castiñeira	Profesor Ensino Secundario	1992-1993
Jesús Pérez Vieitez	Profesor Ensino Secundario	1997-1998
Nuria Pedreira del Río	Mestra	1997-1998
Inés Fernández López	Mestra	1998-1999
Luis Secundino Rodríguez Lorenzo	Mestre	2001-2002
Pedro Alejandro Hermo Mosqueira	Profesor Ensino Secundario	2002-2003
Juan Antonio Guerra Castro	Profesor Ensino Secundario	2003-2004
Marcos Álvarez Veloso	Profesor Ensino Secundario	2003-2004
María Jesús Díaz Armesto	Mestra	2003-2004
Ana María Trinidad Pico	Profesor Ensino Secundario	2004-2005
Teresa Méndez Blanco	Profesor Ensino Secundario	2005-2006
Juan Manuel Fajardo Blanco	Mestra	2001-2002

Instalacións

Neste intre o centro dispón das seguintes instalacións:

Edificio docente con dúas plantas. Na baixa está: administración, dirección, xefatura de estudos, xefatura de explotación, xefatura de internado, sala de profesores, arquivo, laboratorio agroforestal, laboratorio biolóxico, laboratorio químico, biblioteca, aula de informática, servizos de homes e mulleres, vestiario de persoal, sala de televisión, sala de xogos, cafetería, lavandería, comedor, cociñas e almacéns. E na alta: salón de actos, residencia con 15 habitacións con baño de

tres prazas cadansúa, vivenda do encargado da residencia e vivenda do director.

Aulario con cinco aulas de 30 prazas e unha de 50, e servizos de homes e mulleres.

Nave de talleres con taller mecánico e metal, almacéns de repostos e vestiarios e servizos de alumnos.

Nave de instalacións agrarias con zona de prácticas, almacén e taller de pequena maquinaria agroforestal.

4 alpendres de maquinaria.

Estabulación de gando vacún de 15 prazas con sala de muxidura e leitería, palleira, cebadeiro de xatos, silos, fosa de xurros e manga de tratamentos.

Corte para ovellas con almacén de forraxes e patio.

Apiario.

Viveiro agroforestal cun invernadoiro de cristal calefactado e autoventilado e outro túnel de plástico.

Pista polideportiva e campo de fútbol.

Estación meteorolóxica.

Heliporto.

Instalacións para a xestión de residuos.

Aproximadamente 70 ha con prados, pastos baixo cuberta, repoboacións de coníferas e frondosas, arboredo, campos de ensaio e experiencias, etc.

Gando

Entre o gando da explotación máis o dos programas de experimentación hai:

15 vacas rubias galegas.

4 cachenas.

12 cabalerías.

6 colmeas.

Maquinaria

Tanto a de emprego na explotación coma a de prácticas dos alumnos:

Un tractor de cadeas.

Catro tractores de rodas.

Un motocultor.

Un remolque forestal con pluma, un autocargador, un espaxedor de esterco e dous agrícolas.

Unha rotoempacadora.

Unha empacadora.

Unha rozadora de brazo.

Unha espetadora de estacas.

Unha cisterna de xurro.

Unha motosegadora.

Arados, cultivadores, fresas, rozadoras de cadeas, grades de disco, traílla, segadoras rotativas, angazos, pulverizadores suspendidos, subsolador, etc.

Un tractor cortacésped, cortacéspedes manuais, cortasetos, escarificador, etc.

Motoserras, repoladoras, rozadoras portátiles, etc.

Pulverizadores, barquíns e outras máquinas para distribuír praguicidas.

Fertilizadora suspendida.

Un rolo.

Outros apeiros e ferramenta manual.

Elementos de protección, petos de seguridade, cascos, botas, luvas, etc.

Un turismo.

Un todoterreo longo.

Unha camioneta “pick up”.

Actividades

En ensinanzas regradas:

Un ciclo de grao medio de traballos forestais e conservación do medio natural, con 1º e 2º curso.

Un ciclo de grao superior de xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, con 1º e 2º curso.

Un programa de garantía social de operario forestal (no futuro programa de cualificación profesional inicial).

En formación esixible:

Cursos de aptitude empresarial agraria en gandería extensiva e aproveitamentos forestais.

Cursos de aplicador manipulador de praguicidas.

Cursos de bienestar animal.

Cursos de prevención de riscos.

En formación continua:

Cursos para agricultores.

Cursos para persoal da Consellería do Medio Rural e da de Medio Ambiente, SEAGA, etc.

Cursos para técnicos, empresarios, obreiros, funcionarios dos concellos, etc.

Actividades de transferencia tecnolóxica:

Programas de ensaios.

Seminarios.

Días de campo e visitas.

Colaboracións con centros de ensinanzas, universidades, concellos, cooperativas, comunidades, etc.

Viaxes formativas.

Alumnos

Aínda que a maior parte son da zona de influencia da escola, é dicir, da montaña e centro de Lugo, tamén veñen do resto de Galicia, das comunidades limítrofes de Asturias e Castela e León, e ocasionalmente do resto de España.

No ano 2007 cursaron ensinanzas neste centro:

98 alumnos en ensinanzas reguladas.

909 alumnos en cursos de formación continua e esixible.

6.- Escola de Capataces da Deputación Provincial de Ourense

A Deputación Provincial Ourense, seguindo a súa tradicional dedicación aos temas agrarios, puxo en marcha no ano 1958 a entón denominada Escola de Capataces Adegueiros e Viticultores, baixo a dirección do enxeñeiro agrónomo D. Luis Vega Escandón.

A escola instalouse no coñecido predio “Casar”, por aquel entón nas aforas da cidade de Ourense, aínda que pronto terminaría arrodeada polos edificios do Hospital Provincial, da Residencia Sanitaria da Seguridade Social e novas urbanizacións, configurándose para ensinanzas en réxime de internado e dispoñendo dun total de 42 prazas, que se ocuparon totalmente durante a maioría dos anos do seu funcionamento, que se prolongou ata 2006.

A primeira promoción de capataces adagueiros e viticultores, integrada por 26 alumnos, os que remataron os estudos 14, ingresaron no mes de maio de 1958 e finalizaron os seus estudos no ano 1960, pasando pola escola sete promocións desta especialidade, tras o que pechou provisionalmente.

Durante este período a escola tivo un convenio de colaboración co Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA), mediante o cal se estableceron no predio os primeiros campos de investigación sobre variedades de viníferas e comportamento de diversos tipos de enxertos. No seu laboratorio leváronse a cabo a primeiras análises de viño do Ribeiro, que daban unhas graduacións alcohólicas baixísimas, tal e como recorda aínda o seu director por aquela época D. Adolfo Martínez, quen tamén lembra o reducido bagaxe cultural con que chegaban a maioría dos alumnos, sen ter rematados os estudos primarios, co que o esforzo do profesorado tiña que dirixirse nun principio a completar a súa alfabetización, para que logo chegasen a interpretar os principios agronómicos para cuxa ensinanza estaba concibida.



Edificio e predio da escola de capataces de Ourense nunha panorámica tomadas actualmente. (Autor: José M. Pérez)

A diversificación de actividades produtivas na provincia e a aparición da gandería sen terra, que comezou pola avicultura cooperativa, así como a emigración e o abandono das explotacións, aconsellaron unha ensinanza agraria máis diversificada, motivo polo que a escola reabriu as súas instalacións e implantou a titulación de capataz agrícola, na especialidade de xefe de explotación, a partir do ano 1968 e ata o 2000, ensinanza regulada polo Ministerio de Agricultura, co que a Deputación subscribiu un convenio de colaboración. A Dirección Xeral competente na materia era loxicamente a de Extensión e Capacitación Agraria, que impartía este tipo de ensinanzas nas súas propias escolas, algunhas delas situadas en Galicia, aínda que ningunha en Ourense.

En virtude deste convenio, e de acordo ambas as dúas institucións, nomeouse no ano 1973 director da devandita escola ao enxeñeiro agrónomo D. José Luis Hernández Mañas, por aquel entón axente de Extensión Agraria no Porriño (Pontevedra), e polo tanto pertencente ao SEA, cargo que exerceu ata o ano 1988, no que foi designado como primeiro director oficial da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, situada no Concello de Leiro (Ourense), sendo substituído polo enxeñeiro técnico agrícola da Deputación D. Ángel Vivas Vivas, profesor da escola, que exerceu a súa dirección ata o seu peche.



Panorámica xeral da escola e predio tomada hai anos. (Foto do arquivo da escola)

As ensinanzas de capataces agrícolas tiñan dous cursos de duración, que foron seguidos por máis de 500 alumnos da provincia na súa maioría, aínda que moitos deles aproveitaron a oportunidade para completar esta formación con outros estudos complementarios, como os de graduado escolar ou os necesarios para a obtención do

permiso de conducir. Na primeira promoción matricularonse 25 alumnos e na última tan só sete.

Durante o período 1998-2006 a escola impartiu un programa de garantía social.

O desenvolvemento urbanístico da cidade de Ourense fixo que o predio quedase rodeado como unha illa, presentando un panorama insólito coas súas instalacións agrarias e gandeiras, así como o gando pastando nas súas pradeiras, acompañado moitas veces por unha inxente bandada de gaivotas que se instalara en Ourense de forma definitiva e que elixía a cotío este lugar para o seu descanso.

Esta situación, máis as apetencias urbanísticas do predio, cunha arrevesada madeixa xurídica, fixeron pensar na necesidade de trasladar a escola fóra da cidade, elixíndose en 1980 para a súa futura situación outros terreos agrarios da Deputación no Concello de Vilamarín, ao carón do castelo do mesmo nome.

Así, co financiamento da Dirección Xeral de Extensión e Capacitación Agraria do Ministerio, comezouse antes da transferencia de competencias á Xunta de Galicia a construción dunha nova escola de capataces no devandito lugar, moi ao estilo das existentes xa noutras localidades de Galicia e tamén con internado, pensando en impartir nela as ensinanzas de capataces, formación profesional de primeiro grao e o desenvolvemento de cursos de formación para agricultores instalados e mozos con plans de incorporación.

A situación legal do predio de Ourense, que ao parecer foi expropiado no seu día baixo a condición do seu uso agrario, foi atrasando a apertura das novas instalacións en Vilamarín, polo que, unha vez producidas as transferencias en materia agraria á Xunta de Galicia e baixo os desexos por parte do Concello de Vilamarín de darlle utilidade a aquelas instalacións, pensouse en diversos usos, quedando ao final dedicada baixo a tutela da Consellería de Educación e a partir do curso 1988-89 a instituto de formación profesional para as ensinanzas de hostalería e da rama agraria.

O SEA na provincia de Ourense mantivo sempre unha estreita relación con esta escola, participando activamente as axencias da provin-

cia nas convocatorias anuais de captación de alumnos e nos exames para avaliar o seu nivel de coñecementos, así como no seguimento das actividades da escola, na que, para establecer o estreitamento dos vínculos entre o persoal de ambas as dúas institucións, se celebraban a maioría das reunións provinciais do persoal de Extensión. Colaboraban tamén na formulación e seguimento dalgunhas das experiencias, sobre todo as hortícolas desenvolvidas cos alumnos, ou utilizaban, as súas instalacións para a realización de demostracións, de interese tanto para o persoal técnico de Extensión coma o da escola.



Na parte central da foto en cor poden observarse as instalacións gandeiras da escola, que aínda están ocupadas por vacas que pastan a cotío no predio. (Foto do semental do arquivo da escola e autor da outra, a finca na actualidade, José M. Pérez)

A recompilación lograda do persoal que prestou o seu servizo na escola é a seguinte:

Directores: Luis Vega Escandón, Jesús Fernández Moreno e Adolfo Martínez Fernández, durante la etapa de capataces adegueiros e viticultores, e Plácido Baamonde López, José Luis Hernández Mañas e Ángel Vivas Vivas, na época de capataces agrícolas.

Profesores: Jaime Colemán García, Santiago Murias Cantón, Camila Pérez Domínguez, Castor Rivero Martínez, Gerardo Santamaría Fernández, o señor Joaquín, Jacinto González González, Luis Antonio Gómez Aracil, José Antonio Somoza Labazos, Santiago Murias Romero, Tomás Antonio Sanmartín Vázquez (posteriormente axente comarcal de Extensión Agraria), Antonio Agra Martínez, Manuel Millán García González, Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, Enrique Conde García, Xosé Carballido Presas (posteriormente técnico da Xunta de Galicia con destino en Extensión Agraria), Emilio José Pazos Ojea, María Luz Arias Arias, Mercedes Vázquez González, María Pérez Iglesias e María Cortés.



José Luis Hernández Mañas, director da escola, nunha instantánea tomada en marzo de 1974. (Foto do arquivo da escola)

Monitores e capataces: José Antonio Cancela, Roberto Rodríguez Domínguez, José Rodríguez López, Juan José González Domínguez, Rafael Veleiro Vázquez, José Rivas Delgado, Valentín Cid Pardo e César Enríquez Diéguez.

Xefes de internado: Bernardo Corral Pérez e Anselmo Boimorto Falcón.

Amas de chaves: a señora Pura e Modesta Padrón Freijoso.

Conserxes: o señor José, Rafael Rodríguez Villaverde, José Ruído Baltar e Luis Gómez Delgado.

Cociñeiras: as señoras Julia, Dolores, Alvarina, María e Josefa, así como Concepción Bóveda Iglesias e Peregrina Garrido Fernández.

Limpadoras: as señoras Consuelo, Estrella e Corona, así como Ana Alonso Álvarez e Nieves Fernández Pérez.

Noticias de prensa e fotografías de actividades




Foto publicada por *La Región* o 26/10/2008 anunciando o próximo inicio de actuacións urbanísticas no predio ocupado no seu día pola Escola de Capataces






Alumnos durante la realización de diversas prácticas no predio da escola. (Fotos do arquivo da escola)

Capítulo XII

As normas do Servizo
de Extensión Agraria,
Comentarios e anécdotas

J. M. Pérez Fernández



Con data do 25 de novembro de 1965 a Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agrarias do Ministerio de Agricultura aprobou o texto refundido de Normas Vixentes do Servizo de Extensión Agraria, que compendia as disposicións e normas que regulaban o funcionamento do Servizo e constituían a Biblia de cantos axentes novos se incorporaban ás axencias. No ano 1972, ante a reestruturación do SEA e a necesidade de dotar todas as axencias, especialmente as ultimamente creadas, dun texto actualizado e revisado das ditas normas, aprobouse a súa terceira edición. No

escrito da Dirección Xeral que remitía as ditas normas, que forman un bloque de tres tomos, anúnciase a previsión de que, en breve prazo, unha gran parte das incluídas nesta nova edición sufran modificacións máis ou menos profundas, recalcando a provisionalidade do seu carácter.

Así sucedeu, pois o SEA vive nesa época a súa máxima implantación e actividade, e orixínanse moitas modificacións e documentos illados, pero xa non haberá ocasión dun novo texto refundido, senón que, ata a chegada da transferencia do SEA ás comunidades autónomas, na que se produce no caso de Galicia unha parálise case total en canto á normativa concreta ditada ao mesmo nivel, vanse incorporando ás que comentamos.


Sorprende hoxe en día, ao volver revisar as ditas normas, a súa concreción e extensión. Practicamente, todo estaba regulado e normalizado, quizais debido á necesidade de manter a necesaria cohesión nun Servizo tan espallado no territorio e autónomo dentro do Ministerio de Agricultura, cunha estrutura que en nada se asemellaba á doutros da Administración, pois estaba composto dun servizo central, 11 centros rexionais, 49 axencias provinciais e 756 axencias comarcais, 69 destas últimas en Galicia.

As normas estaban compostas como dicíamos por tres tomos, o primeiro composto polos títulos: I. Organización e II. Administración.

Título I. Organización das normas do SEA

Contiña cinco capítulos: I- Apertura de axencias, II- Horario de oficina; III- Calendario oficial de festas; IV- Redacción de escritos e rexistro de correspondencia; e V- Arquivo de documentos.





Anverso e reverso da tarxeta de identidade dun axente de Extensión Agraria

Polo seu interese, singularidade e contraste coa situación actual, transcribimos amplamente, e comentamos deseguido, algunhas das normas expostas neste título:

Capítulo I.- Apertura das axencias

Os axentes comarcais designados para abrir novas axencias efectuarán as seguintes xestións inmediatas:

Primeiro: Comunicar á dirección do Servizo, Centro Rexional e Axencia Provincial, a data exacta da súa incorporación á Axencia e o enderezo do seu aloxamento particular, así como o número do seu teléfono, se pode dispoñer del.

Segundo: Presentarse ás autoridades locais e procurar coñecer as persoas máis relevantes da localidade.

No transcurso da instalación da Axencia, convén coordinando co supervisor da súa zona para establecer contacto coas autoridades provinciais.

Terceiro:, e no caso de que non existira local ofertado, realizará as xestións en busca dun local axeitado para a instalación da Axencia, e do seu resultado informará á Axencia Provincial correspondente e, de acordo con ela, elevará á dirección do Servizo proposta de aluguer informada polo Centro Rexional.

Quinto: Seguidamente, procederá a formular unha previsión de gastos para as súas primeiras necesidades, remitíndoa á dirección a través do Centro Rexional e indicando no seu dorso, en "Fundamentos dos gastos", que se trata dunha Axencia de nova creación.

Sexto: Previa autorización do Servizo Central, procederá á apertura da conta corrente, na forma que se establece no Título II.- Administración.

Sétimo: Deberá dispoñer dunha colección de impresos de uso no Servizo, obtida da súa Axencia de procedencia, para as necesidades iniciais (previsión de gastos xerais, parte de gastos trimestrais, relación trimestral de gastos, certificado de saídas en comisión de servizo, parte de vehículos, etc.).

Oitavo: Unha vez que os locais estean en condicións de ocuparse, levará a cabo, en forma inmediata e sen mandato expreso, as xestións necesarias para normalizar a subministración de luz, auga, teléfono, gas butano e aquelas outras de similar natureza que se precisen para a posta en marcha da Axencia.

A xustificación destes gastos efectuarase con cargo aos gastos xerais da dependencia, a excepción dos de instalación de teléfono, cuxo recibo, debidamente dilixenciado polo xefe da Axencia e visado polo rexedor de actividades, remitirase ao Servizo Central, a través do Centro Rexional, para que pola habilitación sexa enviado o seu importe.

Capítulo II.- Horario de oficina

A) Horario normal:

1º.- O horario de oficina nas axencias provinciais e comarcais será o seguinte:

De 9,30 a 14 horas, pola mañá.

De 16,30 a 19 horas, pola tarde.

O persoal non administrativo destas dependencias queda obrigado, fóra deste horario, a atender calquera outra actividade relacionada coa súa misión, sen que iso supoña dereito ningún á percepción de remuneración especial, habida conta de que recibe complemento por dedicación especial.

2º.- Nos centros rexionais a xornada de traballo comprenderá:

De 9 a 14 horas, pola mañá.

De 16,30 a 19,30 horas, pola tarde.

Do mesmo xeito que nas axencias comarcais e provinciais, o persoal non administrativo queda obrigado, fóra deste horario, a atender calquera

actividade relacionada coa súa función, nas mesmas condicións sinaladas para o persoal das dependencias antes citadas.

3º.- O sábado considérase inhábil para o traballo a partir das 14,30 horas, polo que neste día a xornada de oficina en todas as dependencias periféricas será dende as 9 ás 14,30 horas, agás na rexión de Canarias, cuxo horario de sábado será dende as 8,30 ás 14 horas.

B) Horario de verán:

1º.- Tendo en conta a lóxica variación no ritmo das actividades durante o período estival, autorízase ás expresadas dependencias para que todos os anos, e dende o día 1 de xuño e ata o 30 de setembro, ambos os dous días inclusive, poidan adoptar un horario de oficina comprendido entre as 8 e as 14 horas pola mañá, e entre as 16,30 e as 21 horas pola tarde.

Dentro destas marxes de apertura e peche, as dependencias citadas poderán sinalar o horario máis conveniente para as súas necesidades, ben entendido que a xornada de traballo nas oficinas é de 7 horas diarias para as axencias comarcais e de 8 horas para os centros rexionais.

Capítulo III.- Calendario oficial de festas

De acordo coas disposicións vixentes, son días inhábiles, para os efectos administrativos, para as dependencias do Servizo, os seguintes:

Todos os domingos do ano.

Circuncisión do Señor (1 de xaneiro).

Epifanía do Señor (6 de xaneiro).

San Xosé (19 de marzo).

Xoves Santo (a partir das 2 da tarde).

Venres Santo.

San Xosé Artesán (1 de maio).

Ascensión do Señor.

Corpus Christi.

San Isidro (15 de maio).

San Pedro e San Paulo (29 de xuño).

Exaltación do traballo (18 de xullo).

Santiago (25 de xullo).

Asunción da Nosa Señora (15 de agosto).

Día do Caudillo (1 de outubro).

Festa da Hispanidade (12 de outubro).

Festa de Todos os Santos (1 de novembro).

Inmaculada Concepción (8 de decembro).

Día de Nadal (25 de decembro).

Serán tamén inhábiles, en cada localidade, os días nos que se celebre unha festividade relixiosa que sexa de precepto por disposición da Autoridade Eclesiástica.

Capítulo IV.- Redacción de escritos e rexistro de correspondencia

A.-) Redacción de escritos:

1º.- En cada escrito tratarase un só asunto, co fin de facilitar o seu estudo e resolución. Porén, todos os escritos dirixidos a unha mesma dependencia enviaranse nun só sobre, para evitar gastos e perdas de tempo.

2º.- No apartado de “Formularios” inclúense os tratamentos que hai que utilizar nas comunicacións oficiais ás diferentes autoridades.

B).- Rexistro de correspondencia:

1º.- Rexistraranse tamén aqueles documentos de carácter non oficial (cartas, comunicacións de réxime interior, etc.) que reciban as dependencias do Servizo en relación con algún asunto que, a xuízo do seu xefe, teña ou poida ter algunha transcendencia posterior.

2º.- O encargado de levar a cabo os asentos nos libros de rexistro de entrada e saída de correspondencia será o auxiliar feminino nas axencias comarcais e o auxiliar administrativo nas axencias provinciais e centros rexionais. Estas persoas responderán de ter ao día os ditos libros, de maneira que non quede pendente de rexistro, tanto de entrada coma de saída, ningún documento oficial durante a xornada, salvo as excepcións moi xustificadas, a xuízo do xefe da dependencia.

Capítulo V.- Arquivo de documentos

A experiencia adquirida demostrou a dificultade que entraña implantar un sistema único e obrigatorio de arquivo de documentos que satisfaga e se acomode ás necesidades de todas as dependencias

do Servizo, e aconsella normalizar esta materia cun sentido amplo e discrecional.

A.)- *Arquivo de correspondencia:*

1º.- *Este arquivo de correspondencia integrará non só os documentos oficiais, senón tamén comunicacións de réxime interno, cartas e calquera outro escrito que se relacione co traballo, aínda que non sexa obxecto de rexistro.*

2º.- *Ao principio de cada ano a correspondencia do exercicio anterior será obxecto de arquivo definitivo en caixas ou carpetas, as cales conterán os documentos nunha subcarpeta por cada título do ficheiro, podendo incluírse, segundo o seu volume, varias en cada caixa, e indicando nesta, en parte ben visible, o contido e o ano a que corresponde.*

Quedarán exceptuados deste arquivo definitivo os documentos de permanente utilización e aqueles outros que conveña ter presentes por non estar ultimada a tramitación do asunto a que se refiran, os cales, concluída esta, pasarán ao arquivo definitivo.

3º.- *Tanto os documentos de entrada coma de saída arquivaranse xuntos na carpeta que corresponda, ordenados cronoloxicamente.*

B.)- *Outros arquivos:*

1º.- *Baixo este título inclúese o ficheiro de agricultores e pobos, o ficheiro técnico, o de demostracións de resultados, etc. Neles, pola elasticidade que convén imprimirlles, ante a diversidade de casos concretos e circunstancias que concorran en cada dependencia, acúsase aínda máis a conveniencia de respectar o criterio particular de cada unha das dependencias, segundo as súas especiais características e forma de traballo.*

C.)- *Malia o carácter discrecional que queda establecido no presente capítulo, é aconsellable, para alcanzar co tempo unha uniformidade de criterio, utilísima nos cambios de persoal, que os rexedores de actividades, de acordo cos correspondentes supervisores de cada zona, consideren os distintos sistemas de organización nas súas axencias e, adoptando un, que se intercambien coas demais rexións, para poder no sucesivo concretar unhas directrices comúns ás distintas dependencias do Servizo.*

Comentarios ao Título I das normas e anécdotas ao respecto

O primeiro comentario que facemos é en relación coa terminoloxía para a denominación de determinados postos de traballo no SEA, nos que aparecen termos non utilizados ata ese momento na Administración española e que parecen sacados dos títulos de crédito dunha película. Non se debe esquecer que este Servizo créase baseándose no existente nos EE.UU e con axuda americana, onde os termos de “rexedor” e “supervisor”, así como o de “protagonista”, empregado na linguaxe de Extensión para designar o agricultor decidido a realizar algún cambio, e o de “acción”, para expresar o paso final na metodoloxía de Extensión, o da “actuación do agricultor”, utilízanse profusamente en todos os seus documentos de traballos e publicacións, así como entre os propios extensionistas.

Tamén cómpre salientar a organización rexional e comarcal que adopta o SEA, converténdose no único Servizo con esta estrutura a pé do administrado para o que se creou e traballa. A isto débese engadir que en todas as súas oficinas, denominadas baixo o termo de “axencias”, fuxindo da idea da clásica oficina, que máis tarde a Administración utilizará dabondo incluso para designar a totalidade dalgún dos seus organismos, se coloca o letreiro de “pase sen chamar”, elimínase o mostrador para a atención aos administrados e implántase o sistema de recibimento en despacho con cadeiras de confidente, que é case descoñecido naquel entón tanto no medio rural coma no urbano e que tardarán moitos anos en establecer, por exemplo, as entidades bancarias. Estamos pois a falar dun Servizo, independentemente da contía e calidade dos seus medios, onde o principal é a preparación específica do seu persoal técnico, cunha concepción de atención moderna, que contrasta co grao de formación naquel entón da súa potencial clientela, os agricultores, pero que non crea ningunha desconfianza, senón que, todo o contrario, é moi ben recibido e valorado.

Sobre a formación específica dos axentes de Extensión Agraria abonda sinalar que, con independencia de ter que superar unha oposición, esta comprendía un período de preparación en réxime de internado dun mínimo de tres meses de duración e outros tantos de prácticas nunha Axencia. Moi recordado é polos axentes máis

antigos o seu paso polo predio de “El Encín” do Ministerio de Agricultura, situado no termo municipal de Alcalá de Henares, e posteriormente os máis novos, a partir da XXV promoción, pola Escola Central de Capacitación Agraria, situada no de San Fernando de Henares.

Neste período de formación e prácticas os axentes aprendían fundamentalmente o que se denominaban técnicas de Extensión: nocións sobre socioloxía rural, a forma de programar nas axencias, de aprender a dar unha charla ou unha demostración apoiados en axudas gráficas confeccionadas por eles, a confeccionar follas divulgativas e escritos redactados de forma comprensiva para os agricultores e gandeiros, a manexar os medios audiovisuais máis apropiados, a coñecer a teoría da dinámica de grupos e as experiencias máis diversas expostas polos axentes que as promoveron en diversas comarcas, e, como non, a pór en práctica, primeiro diante dos seus propios compañeiros e logo ante os propios destinatarios, as habilidades e coñecementos adquiridos.

Alcanzábbase así unha formación moi apropiada e homoxénea para poñerse diante dos agricultores con dotes de persuasión e convencemento. O axente que redacta isto sucedeu unha anécdota ao respecto durante o seu período de prácticas na Axencia de Ponteareas (Pontevedra). Atendera aos poucos días de incorporarme unha consulta na oficina dunha paisana cliente habitual da Axencia, na que o seu xefe xa levaba destinado alí varios anos. Ao finalizar, a señora preguntoume, inesperadamente, se era irmán ou parente do xefe, ao que respondín: *É que me encontra parecido?* Ela contestoume: *Non, e que como actúa cos mesmos modais e ten unha forma de dicir moi parecida ao seu compañeiro, pensei que eran familiares.* Logo, establecido o suficiente grao de confianza, a labrega, que xa era avoa, preguntoume se estaba solteiro, como así era en efecto naquel momento, pois ela tiña unha neta moi xeitosa coa que faría moi boa parella ...

En canto ao horario de traballo e dispoñibilidade total, en función do complemento por dedicación especial que reciben os axentes e que por aquel entón non perciben, por exemplo, os funcionarios destinados nas xefaturas agronómicas, comentamos que efectivamente están permanentemente de servizo, pois é obrigatorio para o funcionario do SEA, ata que chega a democracia,

vivir no pobo de destino e resulta inevitable encontrarse cos agricultores en calquera parte e departir con eles sobre os seus problemas. Por outra banda, moitas das actividades, fundamentalmente reunións, cursiños e *planteles*, realízanse ao atardecer, cando rematan as faenas diarias do campo, ou en coincidencia, os domingos, coa terminación da misa, ou durante toda a xornada festiva cando se trata da inauguración dunha obra comunitaria realizada polos veciños, pois non pode faltar, ao igual que os foguetes, o xantar e mesmo ás veces o baile.



Axentes da XXV promoción durante o seu período de formación na Escola Central de Capacitación Agraria en San Fernando de Henares (Madrid). Na foto da esquerda nunha actividade de grupo e na da dereita o día clausura do curso. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

É corrente que a volta diaria a casa, por camiños e estradas que non tiñan nin moito menos as características dos de agora, sexa a altas horas da noite, sen perder o tipo e facendo patria, ata a madrugada nalgunha adega ou na barra da tenda do pobo onde se fixo a actividade, departindo unhas cuncas de viño cos asistentes. Así é a vida e a dedicación do extensionista durante moito tempo, con familias pouco atendidas, ata que chegan á Administración as reivindicacións la-

borais de xornada única e se establecen horarios de oficina ilóxicos para o medio rural, comeza a instalación da residencia dos funcionarios na capital ou nas grandes vilas e se encomenda pola Comunidade Autónoma ás axencias a actuación xestora de tipo administrativo que supón a tramitación de todas as axudas, cotas e dereitos que contempla a Política Agraria Comunitaria.

Todo isto, xunto coa incorporación ás axencias de persoal non formado para o traballo de Extensión, fai que as actividades propias do SEA decaian en termos xerais, aínda que se producen resistencias dignas de mención nalgunhas dependencias durante moito tempo, onde os seus funcionarios máis antigos non esquecen a súa procedencia e compromiso coa poboación rural. Neste sentido Galicia e quizais unha das comunidades autónomas onde o traballo característico de Extensión tarda máis tempo en desaparecer, pois segue manténdose unha unidade de criterio coas xefaturas provinciais dende a dirección dos servizos centrais en Santiago de Compostela, a pesar das reticencias das delegacións provinciais da Consellería onde se encontran integradas; o que fai que, por exemplo, a confección de plans anuais de actuación polas axencias, a realización de cursos e seminarios de xestión de explotacións, así como o programa de incorporación de agricultores mozos, se manteñan ata o último momento. Curiosamente, Galicia convértese nesta época na rexión elixida polo Ministerio de Agricultura para seguir enviando de visita ás promocións dos cursos internacionais de axentes de desenvolvemento rural hispanoamericanos que segue a impartir na Escola Central de Capacitación Agraria, aos grupos de funcionarios do seu homónimo alemán co que ten asinado un convenio de intercambio, ou para a realización de prácticas nas axencias de dous grupos de axentes ecuatoguineanos que mediante un programa de cooperación se forman na citada escola, para que coñezan as actuacións promovidas por Extensión Agraria e a súa metodoloxía e forma de traballo, pois na maioría das comunidades autónomas xa se eliminou a súa estrutura ou se modificaron substancialmente as características propias da súa actuación.

A este respecto, relatamos deseguido a anécdota acontecida ao supervisor de Ourense no ano 1983, cando recibiu para a súa distribución polas axencias das provincias de Ourense e Ponteve-

dra, concretamente as da Cañiza, Ponteareas, Ponte Caldelas, Bande, O Carballiño, Celanova, Ribadavia e Xinzo de Limia, aos integrantes da primeira promoción de axentes ecuatoguineanos, enviados dende Madrid no expreso, que tiña a súa chegada á estación empalme de Ourense de madrugada, ás 5.10 horas.

O supervisor acordadara cos servizos centrais en Madrid saír el só a recibilos e entretelos ata as nove e media da mañá na mesma estación, á espera de que a esa hora chegaran os xefes das axencias de destino a recollelos nos vehículos oficiais. O grupo non era moi numeroso, apenas oito persoas, todas loxicamente de cor negra, e polo tanto de fácil identificación.

Con antelación á hora de chegada do expreso xa estaba a esperar na plataforma da estación, pensando que os levaría á cafetería e alí departiría con eles varias horas, ata o momento acordado para que viñesen buscalos.

Os altofalantes da estación anunciaron a chegada puntual do tren, que fixo a súa entrada e parada, comezando o descenso dos pasaxeiros con destino a Ourense. O supervisor só esperaba ver un grupo de persoas mozas de cor negra para aproximarse inmediatamente a elas, mais, nada de nada, de ningún dos vagóns do longo tren se producía tal descenso. Por fin, cando xa desesperaba e pensaba que por algún motivo se suspendera a viaxe sen avisalo, viu baixar un mozo negro, pero sen que fose seguido de ninguén. Pasou polo seu lado, pero, como esperaba un grupo e non unha soa persoa, non lle dixo nada, pensando que se trataría dalgún inmigrante, dos que por aquel entón xa se empezaban a ver pola cidade, fundamentalmente dedicados a vender obxectos diversos nos mercados ou polas rúas.

O tren terminou por deixar os seus pasaxeiros e a plataforma estaba xa o suficientemente despexada para que, a pesar de ser de noite, non houbese ningunha dúbida de que alí non estaba o grupo esperado. Entón, a toda a velocidade que foi capaz, percorreu a pé a plataforma, mirando a través das ventás do expreso, por se non se decatara de que chegaran ao destino, pero todo resultou infrutuoso, non viu a ningunha persoa máis de cor negra.



Triptico elaborado no ano 1971 durante un curso de formación de axentes de Extensión Agraria na Escola Central de Capacitación Agraria de San Fernando de Henares-Madrid. (Documento do arquivo persoal de José M. Pérez)

Desesperado, non entendendo nada do que estaba a suceder, saíu cara ao exterior da estación. Ao pasar polo amplo vestíbulo viu no seu centro ao mozo negro que pasou na plataforma ao seu carón e espetoulle: *Ti non serás do curso de Extensión guineano?* A sorpresa ao oír dicir que si foi maiúscula, pero reaccionou e volveu interrogalo de inmediato: *Onde están os teus compañeiros?* A resposta foi contundente: *Tiráronse en marcha na estación anterior, pois viron un letreiro que puña Estación de San Francisco-Ourense e como o tren ía moi lento pensaron que era alí onde deberían baixar, pero eu non me decidín.*

O supervisor imaxinou unha catástrofe, pois o de que o tren ía lento era moi inconcreto, así que lle espetou: *Non te movas de aquí ata que eu volva aparecer.* Deseguido, volveu entrar á plataforma, correndo para a oficina do xefe de estación, a quen encontrou antes de chegar. En poucas palabras explicoulle o sucedido, pedíndolle que telefonara á estación de San Francisco para ter

noticias, pero este respondeulle que pola noite non quedaba ninguén alí, pois esa estación só se utilizaba como apeadeiro durante o día e para certos trens de carácter rexional.



Ribadetea-Ponteareas (Pontevedra), un domingo de 1973: acto de inauguración da traída de augas e entrega de placa en recoñecemento ao labor da Axencia Comarcal do SEA. (Fotos do arquivo persoal de José M. Pérez)

Ante tal cúmulo de circunstancias adversas o supervisor, que vivía preto da estación, a menos de 50 metros, correu a coller o seu coche, co que se trasladou a toda velocidade ao barrio de San Francisco. Cando chegou, tanto as proximidades coma a propia estación estaban totalmente a escuras e sen apenas sinais de vida, tan só veu un taxi parado no seu exterior. De inmediato, dirixiuse ao taxista e preguntoulle se vira a un grupo de negros. A resposta, non cabía outra naquela noite, foi a seguinte: *Que se os vin?, claro que si, corrían como galgos ao carón da vía do tren e metéronse polo túnel que conduce ao viaduto sobre río Miño, imaxínome que para chegar á estación empalme.*

Deulle as grazas e, pensando noutra traxedia pois o mencionado viaduto é só para paso de trens e non de persoas, transcorrendo a unha

considerable altura sobre o río, volveu coller o coche, presto a regresar á verdadeira estación de destino.

Máis a noite estaba feita para sorpresas, así que a última foi que ao chegar á explanada do aparcamento da estación viu por primeira vez ao grupo completo de guineanos, pero todos eles estaban espidos de cintura para arriba, coas prendas man, agás o que debería estar esperando no vestíbulo pero que xa estaba unido ao resto e que permanecía totalmente vestido. Era o día 5 de maio e a noite ourensá aínda fría, pois a temperatura non debería pasar dos 8° C. Aparcou, baixou e dirixiuse a eles, comprobando que estaban a suar como cabalos de carreira. Respirou, presentouse e non quixo saber máis da súa peripecia, así que lles pediu que se vestisen e trasladounos ata a cafetería, onde lles dixo que pedisen o que quixesen. O sorprendente foi nesta ocasión a estraña maneira de apagar a sede de moitos deles, a base de copas repetidas de coñac, que asimilaban como se de auga se tratase, sen ningún síntoma, quizais debido á transpiración intensiva que aínda estaban a padecer como consecuencia da aloucada carreira ferroviaria.

Isto, máis a conversa que tiveron sobre o seu país e o que se ían encontrar en Galicia, mantida entre cervexas e copas varias ata que chegou o momento da súa repartición entre as axencias de destino para as súas prácticas, e os posteriores contactos que mantivo con todos eles nas visitas ás axencias e reunións de grupo para analizar como se desenvolvían, creou unha corrente de amizade e simpatía que aínda perdura no recordo do supervisor e no do persoal das axencias onde conviviron durante tres meses. Por certo, o que baixou do tren sen tirarse en marcha estivo destinado na Axencia de Celanova, onde protagonizou outras anécdotas curiosas que non veñen ao caso, pero que aínda son comentadas nas reunións do extinto persoal de Extensión Agraria.

O SEA non foi concibido como un organismo xestor, e moito menos inspector ou sancionador, senón cunha faceta eminentemente educativa, para informar, asesorar e capacitar a poboación rural. Case dende un principio, é verdade, xestiona algunhas axudas, pero son unicamente as relacionadas coas súas actuacións, especialmente as que teñen que ver coas accións comunitarias que promove e coas axudas para tarefas

de empresa ou créditos de capacitación e de incorporación de agricultores mozos. O SEA informa e canaliza os agricultores e as súas familias cara a outras axudas ou recursos financeiros existentes, pero non é quen as xestiona nin as tramita directamente, ata que, xa transferido á Comunidade Autónoma e España ingresada na Unión Europea, se lle encomenda este labor.

A partir dese momento a maioría dos agricultores acoden ás axencias a solicitar axudas, dereitos e cotas, non consellos de xestión ou demandas de asesoramento. O cambio é significativo: hai que atender nas oficinas grandes colas nas épocas de solicitude, non queda tempo despois deste traballo para saír ao campo, os agricultores comezan a dicir que non se ven os axentes como antes por toda a bisbarra. As axencias pasan a ser auténticas xestorías, pois os responsables políticos atópanse coa necesidade dunha estrutura administrativa próxima ao agricultor, e a do SEA xa está creada. Os axentes convértense en persoal eminentemente administrativo, fartándose de cubrir, cos datos que lles facilitan os agricultores, os múltiples, complexos e variantes impresos que deben presentar para recibir as axudas da PAC.

Sucedo paralelamente que a asistencia técnica ofrecida ata ese momento xenerosamente polas casas comerciais de fertilizantes, pesticidas, produtos gandeiros e maquinaria, moi conectada co SEA, tamén decae estrepitosamente, pola súa necesaria reestruturación cara á competencia. Casas comerciais que teñen un técnico por provincia pasan a dispoñer tan só de un nas súas delegacións territoriais e ás veces estas comprenden varias comunidades autónomas. O déficit de información e asesoramento técnico que chega ao agricultor é evidente. A importante tarefa técnica emprendida por Extensión comeza a derrubarse, ata chegar practicamente a desaparecer por falta de estímulo e decisión política de mantela, como sucedeu, por exemplo, na provincia de Ourense, onde aínda ata os últimos momentos mantíñase o traballo cos grupos SEXE intercomarcais, formados por agricultores e gandeiros ben preparados e con boas explotacións, das orientacións produtivas con máis peso (viticultura, patacas e cereais, vacún de leite, vacún de carne e ovino-caprino), que levaban anotacións que permitían a análise en grupo e os consellos de xestión para eles mesmos e para o resto das explotacións, sendo eliminado de golpe e totalmente desconsiderado

a principios do ano 2002. Os axentes preguntan á Delegación Provincial cando se suprimen na estrutura orgánica da Consellería os servizos provinciais de Extensión e Capacitación Agraria, pola persoa que seguirá coa coordinación deste labor, e reciben a contundente e simple resposta, sen outra explicación, de que se deixe facer este traballo, no que nese momento están a participar na provincia de Ourense unhas 300 explotacións.



Charla sobre mellora gandeira en Verín (Ourense) nos primeiros anos do SEA e clausura dun curso de 200 horas en Xinzo de Limia (Ourense) no ano 1993. (Foto da esquerda cedida por Lucila Presa, e a da dereita do arquivo persoal de José M. Pérez)

Na actualidade a Consellería do Medio Rural está a desenvolver normativamente as disposicións comunitarias para a creación de servizos técnicos subvencionados de información e xestión de explotacións, dos que os agricultores poderán formar parte voluntariamente, pero de momento todo está sobre o papel e, con excepción dos agricultores e gandeiros integrados en cooperativas, asociacións e cadeas, o resto recibe unha reducida información técnica, e esta situación xa vén dende hai anos.

Algúns dos axentes de Extensión Agraria máis antigos aceptaron de boa gana o cambio experimentado na misión do SEA, chegando nalgún caso incluso a xustificar que é conveniente o cambio para superar a rutina, sen dúbida convencidos de que o que tanta veces propuxeron aos agricultores é tamén conveniente para os propios extensionistas. Isto é significativo, pois supón a renuncia expresa dos ideais polos que tan intensamente traballaron e presupón a non contemplación da posibilidade de que o SEA e a súa misión se poida recuperar no futuro.

Apenas se producen reaccións e actuacións de ningún tipo ante a desaparición do SEA en Galicia, tan só somos coñecedores dunha manifestación nos medios de comunicación, expresada baixo as iniciais “T. L.” na columna titulada “Tribuna libre” do *Faro de Vigo* dos días 20 e 21 de abril de 2002, que transcribimos textualmente deseguido:

Día 20 de abril

Extensión Agraria non morreu (I)

A última remodelación da estrutura orgánica da Xunta de Galicia deu como resultado a desaparición dos termos “Agricultura” e “Gandería” na denominación da Consellería do ramo, pasando a titularse, desatinadamente, de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, como se os seus actuais dirixentes quixeran remarcarlo seu propósito de facer política aplicada ás súas competencias, mais esquecéndose dos seus destinatarios e das súas actividades básicas.

Pero o que resulta realmente sorprendente é que as súas disposicións posteriores veñen a confirmar que están dispostos a facer política, pero da mala, da que prexudica clara e directamente aos intereses dos agricultores e gandeiros de Galicia.

O Diario Oficial de Galicia do 26 de febreiro do ano que andamos publicou a estrutura orgánica da citada Consellería, confeccionada de tal xeito como para botarse a tremar ante os despropósitos que contén.

Sen dúbida ningunha a dita estrutura foi confeccionada por “pipiolos”, totalmente descoñecedores do aparato administrativo que manexan e ignorantes integrais das necesidades e desexos dos agricultores e gandeiros deste país.

Non fai falta ser moi perspicaz para poder vaticinar que, se non rectifican de inmediato, as consecuencias pagaranas, e caras, os de sempre (os administrados) e mais, neste caso, eles mesmos (o conselleiro e o seu equipo directivo), pois o caos imperará e empeza a manifestarse xa na Administración agraria galega.

O desequilibrio competencial entre as propias direccións xerais e entre estas e a Secretaría Xeral, que asume materias técnicas de difícil xustificación e que a fan un monstro de imposible operatividade e efectividade, en contraposición coas da Dirección Xeral de Infraestruturas Agrarias, que quedan reducidas ás concernentes a unha soa Subdirección Xeral (quizais por iso o de "infra"), é notorio e significativo da falta de rigor na concepción deste organigrama que podería concretar en moitas máis incongruencias. Polo seu calado e transcendencia, hai que destacar a desaparición da Subdirección Xeral de Extensión e Capacitación Agraria e dos servizos provinciais das mesmas competencias, unidades que, xunto cos centros de Capacitación Agraria, compoñían a espiña dorsal do que no mundo rural de Galicia, e fóra del, coñécese por Servizo de Extensión Agraria (SEA).

Este servizo, integrado por persoal preparado para a súa misión e ilusionado co seu quefacer, con espírito de dedicación e entrega aos agricultores, cunha longa e productiva traxectoria de actuación (cerca de 50 anos) e localización das súas unidades no propio medio, soubo gañarse a confianza dos labregos en base ao diálogo constante con eles, enseñándolles a facer, a toma-las súas decisións, empregando unha metodoloxía, dentro dunha organización onde os seus dirixentes beberon da mesma fonte.

Día 21 de abril

Extensión Agraria non morreu (II)

Agora, coa nova estrutura, o seu persoal básico, o integrado nas oficinas agrarias comarcais (axencias de Extensión Agraria, para entendernos, que é como as coñece todo o mundo), pasa a depender directamente, caso insólito, dos delegados provinciais da Consellería, case sempre persoaxes políticos que carecen dos coñecementos necesarios para o correcto funcionamento das mesmas e para a posta en práctica da actividade extensionista.

Nunha absurda carreira pola asunción de competencias, que o que encobren é a pretensión do control político, os delegados provinciais serán agora responsables da actuación destas unidades básicas para os agricultores, como se á súa figura non lle chegara e sobrara con cumpri-la súa fundamental tarefa, que non é outra que a de facer funciona-lo engranaxe de todos os servizos que compoñen o seu centro directivo. É como se o director dunha grande empresa de motores quixera, á súa vez, exercer-lo cometido de xefe do taller dos torneiros, sen ter nin idea deste oficio.

Nas delegacións provinciais da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural existen dous servizos, Extensión Agraria e Veterinarios Oficiais, que pola súa estrutura dispersa comarcal, complexidade técnica dos seus cometidos e amplitude dos seus colectivos, esixen a figura dun xefe provincial que sexa un auténtico profesional. Pois son precisamente estas unidades as que se decapitan e todo o seu funcionamento, para uns cometidos totalmente indeterminados na norma que comentamos, pasan a depender da omnipotente figura do delegado provincial. ¡Demencial!

Circula nestes días polas dependencias da Consellería un panfleto a modo de esquila no que se anuncia o falecemento do SEA, actuando de soterrador Diz Guedes, que non reflicte a realidade do acontecido. Extensión Agraria non morreu, pois o ideario do seu programa educativo é, como tal, imperecedeiro, vixente e universal (nos EE.UU, país que axudou para a súa implantación en España, segue a funcionar, amén de noutros numerosísimos máis dos cinco continentes).

O que sucede agora en Galicia é que se intenta acalar, ¿por canto tempo?, aos seus executores, pensando, equivocadamente, que estaban a coller demasiado protagonismo, cando en realidade eles, consecuentemente co seu prontuario de actuación, o que sempre buscaron é que este fose asumido polos agricultores, aspecto que nestes intres non parece ser moi conveniente.

As ideas non morren. As persoas, os funcionarios de Extensión Agraria, evidentemente, si. De feito o último fíxoo recentemente, cando xa estaba xubilado. Na súa esquila quixo que figurase, e así o cumpriu a familia, debaixo do seu nome, a profesión coa que sempre se identificou: "Axente de Extensión Agraria"; querendo significar que

a ilusión e o esforzo que puxo no exercicio da mesma e a prol do agro galego non foi baldío e debe proseguirse. A pesar das estruturas e organigramas irracionais, engado eu.

Título II. Administración das normas do SEA

Contiña os seguintes seis capítulos, todos eles desenvolvidos profusamente: Capítulo I- Réxime económico dos centros rexionais, axencias provinciais e axencias comarcais; Capítulo II- Arrendamento de locais; Capítulo III- Axudas de custo, locomoción, traslados forzosos de residencia e comisións de servizo; Capítulo IV- Control económico-administrativo da utilización de vehículos; Capítulo V- Material e equipos de traballo; e Capítulo VI- Normas sobre contratación por horas de persoal para traballos administrativos.

Procedemos, como no caso do Título I, a transcribir e comentar algunhas das normas expostas neste segundo

Capítulo I.- Réxime económico dos centros rexionais, axencias provinciais e axencias comarcais

A.- Previsión trimestral de gastos:

1º.- Nos dez primeiros días do último mes de cada trimestre natural, os centros rexionais, axencias provinciais e axencias comarcais efectuarán unha previsión de gastos para o trimestre, conforme o modelo establecido, cursándose por duplicado a través do Centro Rexional correspondente, para que sexa remitido o orixinal ao Servizo Central co seu "Conforme" ou cos reparos que estime oportunos. No caso de que o Centro Rexional rectifique a aludida previsión de gastos, deberá comunicar a rectificación á Axencia interesada.

2º.- Os gastos correspondentes ao grupo 3º, destinados a cubrir as necesidades de carácter xeral das distintas dependencias, estimaranse coa maior aproximación posible, redondeando as cantidades de 100 en 100 pesetas, e tendo ben presente que en ningún caso poderán destinarse cantidades orzamentadas nun concepto para o pago de facturas ou recibos dos demais, aínda cando sobre diñeiro nun e falte noutro.

Nestes gastos xerais poderán incluírse partidas por obras de acondicionamento de locais ou reparacións de vehículos cando a súa contía non sexa

superior a 1.500 pesetas. As partidas superiores a esta cantidade teñen regulación á parte neste mesmo Título, apartados de "locais" e "vehículos".

3º.- Ao dorso do impreso "Previsión de Gastos" figura a epígrafe "Fundamento dos gastos", que se cubrirá de forma concisa e clara, para xustificar as razóns polas que se solicita unha cantidade superior á que habitualmente vén sendo asignada á dependencia.

B.- Apertura e manexo da conta corrente:

Segundo.- O xefe da dependencia será o titular da conta corrente, para o cal poderá solicitar da dirección que se dirixa escrito ou credencial ao director da sucursal da entidade bancaria elixida, que lle faculte para dispoñer dos fondos da devandita conta corrente. As contas denominaranse "Axencia Comarcal do Servizo de Extensión Agraria", "Axencia Provincial do Servizo de Extensión Agraria" e "Centro Rexional do Servizo de Extensión Agraria", segundo proceda.

Terceiro.- As unidades administrativas manterán na conta corrente a totalidade das cantidades aínda non gastadas que se recibiran para atender a gastos de funcionamento da dependencia, ou doutra natureza, sen máis excepción que aquela cantidade da que se considere preciso dispor de forma inmediata para efectuar pagos de pequena contía, a xuízo do titular autorizado para dispoñer dos seus fondos, pero en ningún momento poderá ser superior a 2.000 pesetas. Esta cantidade quedará depositada nas oficinas da dependencia, debidamente custodiada baixo chave en poder da persoa que habitualmente realice os pagamentos. No caso de ter que efectuar pagos que superen a expresada cantidade, recoméndase a utilización de cheques contra a conta corrente.

Porén, cando o xefe da dependencia estime necesario dispoñer, de forma permanente, de cantidades superiores a 2.000 pesetas, solicitará a oportuna autorización da dirección do Servizo, razoando os motivos que xustifiquen a súa petición e indicando a cantidade que estime necesaria.

No caso de perda de fondos por causa imprevista ou fortuíta, como roubo, incendio, inundación, etc., dos locais de oficina da unidade administrativa, será responsable o seu xefe das perdas en metálico que superen as 2.000 pesetas ou a cantidade que, segundo a alínea anterior, se lle autorizara.

C.- Transferencias de fondos:

a) Do Servizo Central ás dependencias

1º.- Mediante transferencia á conta corrente de cada dependencia do Servizo remitiranse as cantidades precisas para atender as súas necesidades, na forma que deseguido se indica:

Mensualmente, para remuneracións do persoal e pago de alugamentos de locais de oficina, almacéns e garaxes.

Trimestralmente, para o pago de gastos xerais, de acordo coa previsión formulada.

Cando proceda, as correspondentes a pagos de facturas ou recibos por conceptos non integrados na previsión trimestral, ou daqueles gastos que por falta de fondos nalgún concepto sexa preciso xustificar por separado.

Así mesmo, cando proceda, enviaranse aos centros rexionais ou axencias provinciais as cantidades libradas para o desenvolvemento de actividades que teñen unha programación a nivel de rexión ou de provincia (gastos xerais e nóminas de cursos de aprendizaxe agrario, cursiños con cargo ao PPT., etc.). os centros rexionais ou as axencias provinciais remitirán á súa vez a cada Axencia a cantidade que lle corresponda.

2º.- A transferencia efectuarase con tempo suficiente para que poida dispoñerse dos fondos o día 1 de cada mes ou trimestre, ao mesmo tempo remitirase pola habilitación un aviso de transferencia especificando as cantidades e conceptos a que se destinan.

b) Das axencias comarcais, axencias provinciais e centros rexionais ao Servizo Central.

1º.- Para as transferencias de saldos sobrantos que teñan que efectuar as citadas dependencias ao Servizo Central, sen prexuízo das normas expresas que estean establecidas ou poidan establecerse para unha actividade determinada (por exemplo: cursos de aprendizaxe agraria, cursiños, etc.), terase presente o funcionamento independente de dúas habilitacións: a do Servizo de Extensión Agraria e a da Dirección Xeral de Capacitación Agraria, ambas as dúas con números de c/c distintos, aínda que na mesma entidade bancaria.

2º.- Polo tanto, as devolucións de diñeiro polas distintas dependencias do Servizo deberán axustarse ao seguinte detalle:

Á c/c núm. 87001/271, denominada habilitación da Dirección Xeral de Capacitación Agraria, no Banco Español de Crédito, sucursal Glorieta de Catro Camiños, Madrid:

1. Sobrantes de cursiños do PIO.
2. Sobrantes de cursiños do PPT (só as axencias provinciais).
3. Colaboracións do persoal do Servizo de Extensión Agraria con outros organismos.
4. Sobrantes de cursos de aprendizaxe agrario (planteles). (Só os centros rexionais).

Á c/c núm. 870013/271, denominada habilitación do Servizo de Extensión Agraria, tamén no Banco Español de Crédito, sucursal Glorieta de Catro Camiños, Madrid:

1. Saldos de "gastos de funcionamento" de axencias.
2. Sobrantes cursiños do Servizo de Extensión Agraria. (Só os centros rexionais).

Á c/c núm. 417, denominada Servizo de Extensión Agraria (grupo de organismos da Administración do Estado) no Banco de España de Madrid:

1. Pago de publicacións.
2. Intereses c/c axencias e centros rexionais.
3. Subvencións de irmandades, concellos, etc.

3º.- As dependencias que efectúen envíos de diñeiro ás contas antes citadas (excepto o saldo sobranter de gastos de funcionamento, que se enviará na forma que logo se indica) notificarán á dirección estes envíos, indicando a data da orde de transferencia, a cantidade remitida, o concepto a que corresponde e a habilitación á que se transfere.

D.- Rendición de contas:

1º.- Os centros rexionais e as axencias xustificarán o investimento das cantidades que reciban, segundo a súa previsión, na seguinte forma:

a) *Remuneracións do persoal.- Cando non sexan enviadas pola dirección noutra forma, xustificáranse mediante recibos por duplicado, subscritos polo interesado, indicando o número do Documento Nacional de Identidade e o nome e categoría do funcionario na parte superior dos recibos. Tamén figurará a cantidade íntegra dos haberes ou remuneracións que se perciban.*

b) *Pago de alugamentos.- Recibo que expedirá o propietario dos locais arrendados, subscrito por el ou persoa autorizada no seu nome no momento de efectuar o pago da renda mensual que figure no contrato de aluguer, enviándose por duplicado á dirección. O pago terá lugar por meses vencidos, aínda que se faga constar no contrato que terá lugar por meses anticipados.*

c) *Gastos de funcionamento por cada trimestre:*

1.- *As cantidades recibidas para os distintos conceptos que integran a previsión terán unha xustificación independente para cada un deles, ben entendido que en ningún caso poderán incluír nuns conceptos gastos que correspondan aplicar a outros, aínda que para estes non se recibise cantidade algunha, como xa se indicaba ao falar da previsión de gastos.*

2.- *A liquidación desta conta deberá efectuarse nos modelos denominados "Relación de gastos efectuados A e B" e no xogo de cinco impresos titulado "Gastos de funcionamento de axencias". A antedita conta renderase por duplicado á dirección.*

3.- *Ao librarse pola habilitación central as cantidades destinadas para atender gastos trimestrais, remitirase a todas as dependencias o impreso denominado "Gastos de funcionamento de axencias", cuxa primeira columna, "gasto autorizado", estará xa cuberta, con expresión das cantidades que se remiten por cada concepto orzamentario. Tan pronto como se reciban os devanditos impresos nas axencias, estas separarán a folla núm. 5 e enviarana ao Centro Rexional correspondente. Os catro impresos restantes son os que se utilizarán posteriormente para efectuar a liquidación das contas de gastos do trimestre, na forma que despois se indicará.*

4.- *Para evitar dificultades na xustificación dos gastos que veñen considerándose no presente apartado, debe coidarse a confección de facturas e*

recibos, en evitación de erros ou omisións de datos que obriguen á devolución de contas. Para iso, deberán terse presentes as seguintes instrucións:

5ª.- *Poderán xustificarse, mediante certificación do xefe de Axencia co visto e prace do rexedor de actividades correspondente, as conferencias telefónicas celebradas dende un teléfono público, en acto de servizo e fóra do lugar do domicilio da Axencia que non permite utilizar o seu teléfono, e das que non se poida obter o correspondente xustificante da Compañía Telefónica Nacional de España ou do propietario do teléfono público utilizado, pero esta circunstancia deberá facerse constar así na certificación.*

Cando unha dependencia non dispoña de teléfono e teña necesidade de celebrar algunha conferencia, para o cal deba utilizar un teléfono privado, procurará requirir do propietario do teléfono o correspondente recibo que reflicta o importe detallado das conferencias celebradas, sempre e cando non poida obterse da Compañía Telefónica Nacional de España. Se non fose facilitado este recibo, poderá xustificalas na mesma forma indicada na alínea anterior.

Non pode xustificarse gasto ningún en concepto de propinas.

6.- *En todos os casos os recibos e facturas deben reunir os requisitos xerais seguintes:*

a) *As cantidades que figuren como total pagado arredondaranse en pesetas por exceso ou defecto.*

b) *Debe coidarse moito a revisión das facturas que se aboan polas distintas dependencias en canto ás súas operacións auténticas, pois con frecuencia dáse o caso de non coincidiren as sumas totais cos conceptos parciais, e aínda estes últimos no produto da cantidade adquirida polos seus prezos unitarios, coa conseguinte demora de aprobación de contas ao teren que ser devoltas.*

c) *Segundo a Lei de reforma do sistema tributario, as facturas non levarán nin timbre do Estado, nin Imposto de dereitos reais, que foron suprimidos, substituíndoos polo chamado Imposto xeral sobre o tráfico de empresas.*

Por Decreto núm. 221 de 1965, do Ministerio de Facenda, de 11 de febreiro, publicado no BOE

do 15/2/65, cando se trate de adquisicións feitas polo Estado e os seus organismos, este imposto de tráfico de empresas non poderá ser figurado nas facturas como partida independente, aínda que si pode repercutirse sobre o adquirente das mercancías englobado nos prezos unitarios.

d) Cando un xustificante non sexa estendido polo provedor co número de copias necesarias para a xustificación de contas, sacaranse estas a máquina, en forma de copia administrativa; é dicir, a punto e raia e sen deixar espazos, poñendo ao final: **É COPIA.- O XEFE DA AXENCIA OU O AUXILIAR ADMINISTRATIVO OU AUXILIAR FEMININO DA AXENCIA** e a sinatura unicamente da persoa que execute a copia.

e) A xustificación de gastos que se orixinen por desprazamentos en comisión de servizos, utilizando vehículo propio, co requisito da previa autorización da dirección, efectuarase mediante certificado e recibo, no que debe constar a marca e matrícula do vehículo, número do escrito e data da orde de autorización, quilómetros percorridos e total importe do gasto a razón de dúas pesetas/quilómetro percorrido.

Ambos os dous xustificantes poden facerse conxuntos nun mesmo folio, indicando ao dorso un detalle dos itinerarios. Os citados certificados e recibos levarán o “Visto e Prace” e o “Conforme”, respectivamente, do rexedor de actividades correspondente, antes de ser incluídos nas contas de gastos xerais como tales xustificantes.

f) Caso de non estar autorizado pola superioridade para a xustificación do vehículo particular, con indemnización de 2 ptas./km, os desprazamentos realizados en coche propio xustificaranse como se se efectuase o desprazamento en ferrocarril ou coche de liña, aplicando o prezo normal das tarifas vixentes nestes medios de transporte para o funcionario en cuestión.

g) Na Administración non está admitida a letra de cambio como xustificante de pago, polo que cando algún subministrador utilizara este procedemento para o cobro das súas facturas, deberá pedírselle que substitúa aquela por un recibo asinado, que é o que se incluírá nas contas que cómpre render como xustificante do gasto de que se trate.

E) Envío de contas:

Nos primeiros 10 días do mes seguinte ao trimestre a que se refiren os gastos, remitiranse ao Servizo Central, a través do Centro Rexional correspondente, as contas de gastos de funcionamento, por **DUPLICADO**, na forma que seguidamente se indica:

1º.- Reunidos todos os xustificantes de gastos efectuados no trimestre, relacionaranse correlativamente e por separado para cada un dos conceptos orzamentarios, utilizando impresos “Relación de gastos efectuados, modelos A e B”. O modelo A utilizarase para relacionar todos os conceptos orzamentarios (empregando un impreso para cada concepto), excepto o concepto 241, denominado “Gastos que orixinen as comisións e traslado de persoal”, para o que se empregará o modelo B, que leva unha columna suplementaria para efectuar o desconto correspondente ao Imposto sobre o Rendemento de Traballo Persoal (IRTP).

2º.- Os números que se lle asignen a cada xustificante na relación de gastos deberán anotarse no orixinal e copias do mencionado xustificante, usando lapis vermello. E poñendo o número correspondente no ángulo superior dereito.

3º.- De cada relación de gastos, así como dos correspondentes xustificantes que a acompañan, quedará a primeira copia (non o orixinal) no arquivo da dependencia. Por iso, toda a documentación confeccionarase por triplicado exemplar.

4º.- Como resumo de todas as relacións de gastos (unha por cada concepto orzamentario no que se produciran gastos), cubriranse as catro primeiras follas do xogo de impresos denominado “Gastos de funcionamento de axencias”.

5º.- A primeira folla deste xogo de impresos, xunto coa primeira copia das relacións de gastos e os seus correspondentes xustificantes, quedará no arquivo da dependencia que rendeu as contas. As follas núms. 2 e 3 remitiranse, acompañando o orixinal e unha copia das relacións e xustificantes, ao Centro Rexional correspondente, para que este, unha vez revisadas, as envíe á dirección. A folla núm. 4 conservarase ata que a dirección comunique a aprobación das citadas contas.

F) Aprobación de contas:

1º.- Unha vez revisadas definitivamente na dirección do Servizo e encontradas conformes, comunicárase á dependencia interesada que foron aprobadas, e que deben, acto seguido, proceder a remitir o saldo sobrante, de o houber.

2º.- Ao mesmo tempo, remitírase directamente á habilitación, sen necesidade de xuntar escrito ningún, a folla núm. 4 do xogo de impresos “Gastos de funcionamento de axencias” á que se alude no punto 5º do apartado E).

Capítulo II.- Arrendamento de locais

Como norma xeral, procurárase que todos os locais ocupados polas axencias comarcais sexan ofertados por entidades locais, co fin de evitar que o pago de alugueres grave excesivamente os orzamentos do Servizo.

As axencias provinciais e centros rexionais, pola contra, e dado que a súa situación é determinada conforme as necesidades do Servizo, poderán ser instalados en locais particulares tomados en arrendo polo Servizo, se ben isto non obsta para que, se nalgún caso existisen tamén ofertas de locais das entidades da localidade, poidan ser admitidas para este efecto.

Na tramitación de expedientes para os arrendamentos dos locais de carácter particular teranse en conta as seguintes instrucións:

1.- Proposta de arrendamento de locais.

A proposta de arrendamento de locais formularase polo supervisor da zona. Nela farase constar, expresamente, a necesidade de tal arrendamento, destino do local (oficina, garaxe, almacén, etc.), ao que se unirá unha descrición das características do local segundo o modelo que figura no apartado “Formularios” núm. 4, e un bosquejo ou plano coa distribución e medidas das súas dependencias. A proposta, cos documentos indicados, enviarase ao Centro Rexional para o seu informe e tramitación á dirección.

2.- Contratación de locais.

Co informe do Centro Rexional, favorable á contratación dos locais, o Servizo estudará a conveniencia de autorizar a aprobación do contrato correspondente, que se redactará en papel común,

conforme o modelo que figura no apartado “Formularios” núm. 5, utilizable unicamente nos casos en que na localidade non fose posible adquirir o modelo oficial para contratos de arrendamentos exentos de impostos que para estes efectos se expende polo Estado. A exención deste imposto establécese na Lei de Reforma do Sistema Tributario do 11/6/64 (BOE núm. 142/1964).



Instalacións da Axencia da Rúa (Ourense), actual Oficina Agraria Comarcal, na Casa do Concello, con grandes dificultades de espazo para a atención ao público, pois tan só dispón dos dous despachos que se observan nas fotos. Xunto á entrada segue a prestar utilidade o expositor tradicional de publicacións do SEA. (Autor: José M. Pérez)

O contrato estenderase por triplicado, cando se faga en papel común, subscribíndose polo arrendador os tres exemplares, e de se facer en impreso oficial, subscribírase o orixinal e duplicado, e sacárase unha copia administrativa do contrato; é dicir, a punto e raia e sen deixar espazo.

Os contratos para arrendamentos de locais de oficinas das axencias e centros rexionais estarán exentos da prestación de fianza, e terán sempre o concepto de “vivenda”, séndolles de aplicación neste aspecto os preceptos da Lei de arrendamentos urbanos, texto refundido do 24/12/1964

(Decreto núm. 4104, BOE do 28 do decembro); porén, os locais que se arrenden para almacéns rexeranse polas normas dos locais de negocio, segundo dispón a mesma lei.

No caso de que os locais en que vaian instalarse as axencias ou os centros rexionais teñan a condición de cedidos para uso gratuíto, solicitarase da entidade propietaria (Concello ou irmandade sindical, cooperativa, etc.) que faga constar a cesión dos locais coa finalidade expresada mediante documento público expedido por un representante suficiente para estes efectos (art. 189-2 da Lei de réxime local, en relación coa alínea 2º do artigo 95 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Decreto do 27 de maio, BOE do 14/1/56).

Capítulo III.- Axuda de custo, locomoción, traslados forzosos de residencia e comisións de servizo

1) Concepto de axuda de custo.

Axuda de custo é a cantidade que se percibe diariamente para satisfacer os gastos que orixina a estancia fóra da residencia oficial, sempre que a comisión teña unha duración superior a catro horas e ademais coincida coas horas tradicionais dalgunha das comidas principais.

O persoal do Servizo de Extensión Agraria foi clasificado por Orde da Presidencia do Goberno, do 13 de abril de 1960, nos seguintes grupos:

Grupo segundo: director, secretario, interventor-delegado, inspectores nacionais e xefes de sección. Este grupo ten a axuda de custo completa de 300 ptas. Axuda de custo reducida de 150 ptas.

Grupo terceiro: xefes de subsección, inspectores rexionais, xefes de departamento e directores das escolas de capataces. Este grupo ten a axuda de custo completa de 250 ptas. Axuda de custo reducida de 125 ptas.

Grupo cuarto: técnicos, contador, profesores das escolas de capataces, instrutores, axentes de zona e comarcais. Este grupo ten a axuda de custo completa de 200 ptas. Axuda de custo reducida de 100 ptas.

Grupo quinto: auxiliares administrativos, monitores, auxiliares taquimecanógrafos, contables, debuxantes, delineantes e asimilados. Este grupo

ten a axuda de custo completa de 150 ptas. Axuda de custo reducida de 85 ptas.

Grupo sexto: Ordenanzas, subalternos, mecánicos (capataces), condutores e obreiros ao servizo do organismo. Este grupo ten axuda de custo completa de 100 ptas. Axuda de custo reducida de 75 ptas.

2) Gastos de viaxe.

Toda comisión de servizo, tanto en territorio nacional coma no estranxeiro, dará dereito a viaxar por conta do Estado na clase correspondente, conforme a seguinte escala:

Primeiro e segundo grupos: Clase preferente.

Terceiro e cuarto grupos: Primeira clase (no cuarto grupo están incluídos os axentes do Servizo de Extensión Agraria).

Quinto grupo: Segunda clase (neste grupo están incluídos os auxiliares administrativos do cadro de persoal do Servizo de Extensión Agraria). Monitores.

Sexto grupo: Terceira clase.

3) Axuda de custo completa.

Percibirase axuda de custo completa na contía establecida por cada un dos grupos sinalados nos seguintes casos:

Aboarase axuda de custo enteira, tanto o día de saída coma o de regreso á localidade onde teña a residencia oficial, sempre que a comisión de servizo durase máis de vinte e catro horas.

Aboarase unha soa axuda de custo cando a comisión de servizo, pasando a noite fóra da residencia, dure menos de vinte e catro horas consecutivas.

4) Axuda de custo reducida.

Percibirase axuda de custo reducida, na contía establecida para cada un dos grupos sinalados, cando se cumpran as condicións que se indican na alínea 1 (axudas de custo) destas instrucións. (Duración superior a catro horas e coincidir coas horas tradicionais dalgunha das comidas principais).

5) Saídas ao estranxeiro.

Nas comisións de servizo no estranxeiro percibiranse as axudas de custo que deseguido se

detallan, en pesetas de curso legal en España, sen aumento nin premio ningún:

Primeiro grupo: 1.200 ptas.

Segundo grupo: 900 ptas.

Terceiro grupo: 750 ptas.

Cuarto grupo: 600 ptas.

Quinto grupo: 450 ptas.

Sexto grupo: 300 ptas.

Nos casos nos que a estancia fóra de España non exceda de 7 días, elevaranse nun 10% as cantidades do presente artigo.

Estas axudas de custo percibiranse dende o día en que se pase a fronteira ou se saia do porto ou aeroporto de embarque e durante o percorrido e estancia no estranxeiro, deixándose de percibir ao día seguinte á chegada á fronteira, porto ou aeroporto nacional.

Durante os percorridos por territorio nacional aboaranse as axudas de custo que marcan as normas establecidas anteriormente, segundo a contía do grupo ao que pertenza o funcionario interesado.

As instrucións e impresos para a xustificación dos gastos deberán solicitarse do correspondente Centro Rexional.

6) Indemnización por traslado forzoso.

O persoal do Servizo de Extensión Agraria no caso de traslado forzoso de residencia por necesidades do Servizo terá dereito:

a) Ao pago dos gastos de viaxe, os da súa esposa, fillas solteiras e fillos menores de idade ou incapacitados; a unha indemnización equivalente a seis axudas de custo da súa categoría por cada unha das persoas citadas que se traslade (incluíndo o funcionario trasladado), e ao transporte do mobiliario.

Se o funcionario trasladado non levanta nin traslada o fogar, só terá dereito aos seus gastos de locomoción, así como os dos seus familiares, e á indemnización antes expresada.

b) Se o trasladado fose solteiro ou viúvo sen fillos, aboaráselle polo Servizo o importe da locomoción, en billetes da clase correspondente, e os gastos de

transporte do mobiliario, se o houbese, pois carece do dereito a percibir a indemnización familiar.

Os funcionarios trasladados poden pedir o anticipo de ata o 80% do importe dos gastos de traslado.

Cando o traslado forzoso de residencia obedeza a sanción imposta ao funcionario, non terá dereito á indemnización, pero si aos gastos de viaxe e de transporte de mobiliario.

7) Gastos por cambios de destino con carácter voluntario.

O funcionario que voluntariamente cambie de destino non percibirá indemnización de ningún xénero, sendo tamén da súa conta os gastos de viaxe e traslado de mobiliario.

8) Gastos por desprazamentos para realizar o período de prácticas, prestar xuramento e incorporación ao primeiro destino.

Como actos que se realizan antes da toma de posesión do cargo, dende cuxo momento se adquire a condición de funcionario, todos os gastos ocasionados nos tres supostos mencionados correrán integramente a cargo da persoa interesada.

Capítulo IV.- Control económico-administrativo da utilización de vehículos

1) Vehículos do Servizo de Extensión Agraria.

a) A documentación regulamentaria para os vehículos oficiais que prestan servizos nas diversas dependencias está constituída pola Caderno expedido polo Parque Móbil de Ministerios Cívís, e a autorización da Secretaría Xeral do Servizo para conducir o vehículo, debendo conservar durante toda a vida de funcionamento do vehículo o primeiro recibo do Fondo Nacional de Garantía, xa que, ademais de recibo, é o Certificado de Seguro Obrigatorio; naturalmente, levarase tamén o recibo vixente do pagamento da prima deste seguro.

b) Co fin de levar o control técnico e económico dos vehículos, remitirase cada mes directamente á dirección do Servizo un exemplar do parte "gastos de servizos e vehículos" (modelo 36/37), debendo quedar unha copia no arquivo da dependencia en cuestión. Deste parte remitirase, tamén mensualmente, outra copia ao Centro Rexional correspondente.

Os partes confeccionaranse para todos e cada un dos vehículos que existan na dependencia, circulasen ou non durante o mes.

A confección dos mencionados partes farase do seguinte xeito:

Na chamada (1) relacionaranse os quilómetros percorridos; na (2) os itinerarios; a (3) está destinada a indicar os gastos habidos nun día determinado; e na (4) detallarase o importe dos devanditos gastos.

O cambio de rodas, ao que se refire a chamada (5), debe realizarse cando proceda, segundo o manual de instrucións do vehículo, e, no seu defecto, de acordo co esquema que se insire no citado impreso (SEA-36/37), realizarase cada 5.000 quilómetros.

O apartado (6) destínase ao control do consumo de combustible e aceite, da seguinte forma:

Combustibles: Na liña "Existencias día 1º" anotarase, na columna "litros", os que conteña o depósito, cantidade que será a mesma que figura no parte anterior como existencias o día 31. Análogamente, na columna "quilómetros", consignarase o número total dos percorridos polo vehículo e será o número que marcarse o conta quilómetros no último día do mes anterior.

Na liña "Adquirida no mes" anotarase nos recadros correspondentes (litros e quilómetros) o número de litros adquiridos e os quilómetros percorridos durante o mes a que se refire o parte.

En "Total" especificaranse as sumas de ambas as dúas columnas, "Litros" e "Quilómetros".

Nas liñas "Existencias día 31" anotarase a cantidade de litros de gasolina que contén o depósito o último día do mes, sen consignar quilómetros.

Por último, na de "Total gastada" figurará a diferenza entre o total anterior e as existencias o día 31.

O consumo de gasolina por cada 100 quilómetros determinarase, por cada mes, dividindo o número de litros consumidos no mes polos quilómetros percorridos en igual período e multiplicando por 100 o cociente que resulte.

Aceite: Na liña "Botado en meses anteriores" debe figurar o total utilizado polo vehículo durante todo o tempo en que circulou.

Na liña "Botado no mes" anotarase a cantidade de aceite adquirida no mes de que se trate. Por exemplo: se se comprou unha lata de 5 litros, anotarase os devanditos 5 litros, aínda que non se botaran, pois preténdese con iso simplificar o procedemento e dar un detalle por este concepto, para que na sección correspondente da dirección poida terse un coñecemento máis claro deste gasto.

O "Total gastado" verá expresado pola suma do consignado nas dúas liñas anteriores.

O número de quilómetros percorridos cun litro de aceite non será preciso que se consigne, así como tampouco é preciso reflectir o número de quilómetros percorridos no mes, dato que xa figura no apartado de gasolina.

O apartado (7) "Reposicións" cubrirase consignando soamente as columnas "Número" e a de "Actual" dentro dos títulos "Datos" e "Quilómetros".

No dorso do impreso do parte de vehículos e no lugar destinado a "Observacións" deberán figurar aqueles datos que pola súa amplitude non caiban nos apartados correspondentes anteriormente mencionados.

Capítulo V.- Material e equipo de traballo

Instrucións sobre o inventario xeral de material:

O material de toda índole que sexa adquirido pola dirección, centros rexionais, axencias provinciais e axencias comarcais, con fondos da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agrarias ou do Servizo de Extensión Agraria, debe ser inventariado ou controlado. Igualmente, será inventariado ou controlado o material cedido por outras entidades e o adquirido con subvencións delas.

A diferenza entre material inventariable e material controlable determínase en razón do prezo de adquisición e na duración da súa vida útil. Dada a complexidade destes materiais, non é posible establecer unha norma taxativa que defina claramente estes dous conceptos. Porén, pode sinalarse, a título informativo, que se entende como material controlable non inventariable aquel cuxo prezo de adquisición é inferior a 500 pesetas e o seu período de vida útil non sexa superior a un ano,

considerándose como material inventariable o que non cumpra esas condicións.

A dependencia do Servizo que adquira material inventariable deberá confeccionar, por cada unidade do dito material e por duplicado, unha ficha de inventario modelo SEA 1-4. Os dous exemplares de ficha confeccionados remitiranse, debidamente cubertos, á dirección do Servizo, co obxecto de ser inventariados e completadas as fichas cos correspondentes números de clave e orde; posteriormente, a dirección remitirá a copia da ficha á dependencia que adquiriu o material, quedando o orixinal no inventario xeral da dirección. Terase en conta que en todo traslado de material a outras dependencias se remitirá a copia da ficha de inventario correspondente á dirección, co fin de que quede constancia do cambio e inscribir esta circunstancia tanto no orixinal coma na copia daquela ficha.

Cando se trate de material controlable non inventariable, adquirido de acordo co establecido máis adiante, deberá comunicarse a súa adquisición, xunto coas características principais, mediante comunicación de réxime interior dirixida á sección de material e equipo.

Baixas de material:

a) Material inventariable.

Cando o obxecto inventariado non reúna xa as condicións necesarias de uso para o que foi adquirido, a dependencia onde estea destinado comunicarao ao seu Centro Rexional, quen determinará se debe repararse ou retiralo para a súa posterior poxa.

No caso de decidirse a retirada do material, a dependencia entregará con el o duplicado da ficha de inventario que obra no seu poder e comunicarao á sección de material e equipo, para que sexa dado de baixa no inventario da dependencia o obxecto que foi retirado.

Cando un obxecto inventariado sexa causa de extravío ou roubo, formularase inmediatamente a correspondente denuncia ante a Garda Civil, ou Comisaría de Policía se é o caso; simultaneamente, porase o feito en coñecemento da dirección, incluíndo no correspondente escrito copia da denuncia formulada. Pasado un prazo prudencial sen que obxecto fose recuperado, a sección de

material e equipo solicitará á dependencia a devolución da ficha de inventario para proceder á tramitación da baixa.

b) Material controlable non inventariable.

Cando o material controlable non inventariado se atope fóra de uso e debera ser dado de baixa, abundará poñelo en coñecemento da sección de material e equipo mediante comunicación de réxime interior, sinalando as razóns polas que causa baixa, e indicando a data do escrito no que no seu día se comunicaba a adquisición dese material.

Capítulo VI.- Normas sobre contratación por horas de persoal para traballos administrativos

1.- Proposta de contratación.

Cando por algunha circunstancia (vacante, permisos, etc.) as axencias provinciais e comarcais precisen contratar por horas os traballos de índole administrativa, elevarán unha proposta razoada á dirección do Servizo, a través do conduto regulamentario.

Para a contratación deste persoal, ademais do exposto na alínea anterior, terase en conta o seguinte:

a) En canto ás axencias comarcais se refire, este persoal será obrigatoriamente feminino. Nas axencias provinciais procurarase que este persoal sexa tamén feminino.

b) Unha vez aprobada a proposta de contratación, a elección da persoa adecuada realizaraa discrecionalmente o xefe da dependencia. Non se considera conveniente a realización de probas selectivas para o efecto, aínda que excepcionalmente o xefe da dependencia poida decidir a práctica dalgunha proba deste tipo, ben entendido que en ningún caso se dará carácter oficial a esta convocatoria, e adoptando as medidas precisas para que quede ben clara a provisionalidade desta contratación

Comentarios ao Título II das normas e anécdotas ao respecto

Sorprende en primeiro lugar que nunhas unidades administrativas tan pequenas, que nalgúns casos só están compostas por dúas persoas, o xefe e a auxiliar feminina, a xestión adminis-

trativa sexa tan complexa, coma se se tratase dun centro directivo onde hai que orzamentar, xustificar, inventariar, controlar medios, etc. Se a isto lles engadimos que as axencias deben levar un sistema de contabilidade para o control das súas contas, con libro xeral e de caixa, partidas e contrapartidas, así como o correspondente balance de final de ano, comprenderemos que estamos ante un Servizo que trata de controlar coa máxima eficacia e honestidade a súa necesaria dispersión no territorio, o que puidese ser un problema de non adoptarse medidas tan amplas.

O SEA monta unha estrutura administrativa que funciona como un reloxo a pesar da súa complexidade. As súas decisións son inusualmente rápidas para o que adoita ser norma nesa época noutros organismos. Contribúe a isto o famoso ordenador instalado na sede central en Madrid e a eficacia dun equipo que ten ganas de traballar, destacando a figura inesquecible do seu secretario xeral, D. Miguel Olivas Soto, que coñecía o Servizo como a palma da súa man e que ten dedicada unha rúa na localidade de Monterroso (Lugo) pola súa contribución na construción na dita localidade dun Centro de Extensión e Capacitación Agraria (CECA).

Mais, se cómpre destacar a alguén na eficacia administrativa do SEA, á parte de quen ideou a guía que constitúen as normas que comentamos, onde todo se dá dixerido, matizado e normalizado para que non se produzan desviacións e falsas interpretacións e para facilitar e homoxeneizar a actuación das axencias, hai que facelo sen ningunha dúbida ao seu persoal administrativo, nun principio procedente, o das axencias comarcais, na súa maioría das mesmas localidades onde se instalan, que soubo captar e participar no ideario de Extensión, facendo equipo e desenvolvendo unha tarefa administrativa para a que tivo que formarse, como os agricultores, de forma continuada, constituíndo a alma en moitas ocasións das unidades.



Arriba, no baixo do edificio, construído en 1851, no reinado de Isabel II, instalouse a Axencia de Celanova (Ourense). Abaixo, casa do Concello da Pobra de Trives onde está instalada a actual Oficina Agraria Comarcal, no seu día Axencia de Extensión Agraria. (Autor: José M. Pérez)

Nunha comparación coa administración tan informatizada que temos hoxe, onde as funcións do persoal administrativo están relacionadas na súa maior parte coa xestión de procedementos, é dicir, reducida a saber algo de informática e a procesar datos, destaca a multiplicidade de facetas e laboriosidade do persoal administrativo do SEA, que debe recibir os agricultores que acoden á dependencia, atendelos en caso de que os axentes estean no campo, anotar as súas consultas, redactar e transcribir todo tipo de escritos administrativos e documentos de traballo, levar as contas, realizar pagos, organizar e controlar arquivos de documentación, ficheiros, expedientes, material e a biblioteca básica da Axencia, etc., incluso, como marcan as normas, facer repetidamente copias mecanografadas administrativas de facturas a punto e raia, sen deixar espazo. A verdade é que, dados os seus coñecementos, moitas delas ocuparon, unha vez producida a transferencia de competencias á Comunidade Autónoma, postos de maior

responsabilidade nos servizos centrais e nas delegacións provinciais das consellerías.

Noutro aspecto, paga a pena tamén comentar a figura do “xefe de Axencia”, plenamente remarcada na estrutura do SEA, que o converte nun elemento básico da súa organización, vital e imprescindible para dirixir as dependencias, coordinar o seu persoal e na elaboración dos seus programas de traballo e actividades, deixando claro ante os administrados que alí, á parte de responsabilidades individuais, manda alguén que é identificable e considerado como tal polo resto dos funcionarios e administrados, e que polo tanto existe seriedade, orde e concerto. Para ser xefe de Axencia fai falla demostrar a preparación suficiente e unha actuación durante certo tempo con obtención de resultados, normalmente na Axencia de destino anterior como axente comarcal, así como superar un curso de perfeccionamento en réxime de internado. A xefatura era retribuída economicamente, como é lóxico e natural.

A denominación concreta de xefe de Axencia desaparece, aínda conservándose a da unidade como Axencia de Extensión Agraria, no ano 1991, cando se crean as xefaturas de área, substituíndose pola de xefe de sección de explotacións agrarias, que máis tarde pasará a denominarse de Extensión e Capacitación Agraria, eliminándose a retribución específica que comportaba a xefatura, quedando o posto de traballo equiparado ao doutros postos de similar nivel noutras dependencias da Xunta de Galicia. A partir deste momento, no que hai que ter en conta ademais a integración nos locais do SEA dos veterinarios oficiais, prodúcese un baleiro de mando nas dependencias, que repercute na utilización e control dos medios compartidos e que transcende moitas veces aos propios funcionarios, confrontados por dúas formas de actuación moi dispares, que traballan na mesma oficina pero que non se integran como equipo, e aos propios administrados, que non saben a través de quen dirixir as súas reclamacións, situación impensable nas anteriores axencias do SEA.

A política sobre os locais seguida polo SEA, dando prioridade aos cedidos por institucións para a instalación das axencias, provocou que as características destes non foxen ás veces as máis

idóneas para a instalación dunha oficina, que era do que se trataba. Así, creáronse moitas axencias en locais cedidos polos concellos ou irmandades sindicais de labradores e gandeiros, que tampouco dispuñan na aquela época de locais moi dignos que digamos para eles mesmos, carentes de case todo e que con ningunha ou moi pouca adaptación serviron para o inicio da actividade. Cómpre destacar o caso da Axencia de Celanova (Ourense), que estivo durante moitos anos funcionando nas dependencias que foran o depósito municipal, local coñecido en toda a comarca como “o cárcere”, nun vello edificio do ano 1851 de paredes grosas, con moita humidade e, loxicamente, coas fiestras de enreixado metálico por onde era imposible fuxir.

Esta situación dos locais permaneceu durante moitos anos, aínda que o orzamento foi dando para o seu acondicionamento, pero o cambio fundamental prodúcese coa transferencia do SEA á Comunidade Autónoma e ante a necesidade de atender nas oficinas case todos os agricultores, que dunha ou outra forma deben acudir a solicitar as axudas da PAC e as indemnizacións compensatorias por vivir en zonas desfavorecidas. A Consellería de Agricultura, así como noutras cuestións dedicou as transferencias económicas recibidas co traspaso de competencias ao SEA a outras finalidades, destinou recursos suficientes para que se puidesen alugar locais máis apropiados ou acondicionar con obras de certa entidade, non con pequenas reparacións que pouco melloraban a situación, unha grande cantidade de axencias, chegando a ter algunhas delas ata unha sala específica para impartir cursos.





Publicación na prensa da inauguración da reforma dos locais da Axencia de Extensión Agraria da Pobra de Trives (Ourense) o 17 de setembro de 1993; e foto de parte das súas acondicionadas instalacións. (Recorte de prensa e foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Interior acondicionado da Axencia da Pobra de Trives. (Autor: José M. Pérez)



Edificio do patrimonio sindical no que se instalou, case dende un principio a Axencia de Extensión Agraria de Verín (Ourense), que foi reformado con orzamento da Consellería unha vez transferido o SEA á Comunidade Autónoma e recuperado, anos despois, polas organizacións sindicais. (Autor: José M. Pérez)

Igual situación produciuse cos locais utilizados para impartir as ensinanzas de formación profesional de primeiro grao na rama agraria, a través dos chamados CECA (Centros de Extensión e Capacitación Agraria), que chegaron a ter a finais dos anos setenta e inicios dos oitenta un alumnado numeroso.

Nesa época están a funcionar xa as concentracións escolares en edificios modernos e quedan abandonadas as escolas locais de ensinanza primaria, que son as ocupadas normalmente para impartir esta de índole superior polo SEA en concerto co Ministerio de Educación, pero con escasos medios, contrastando aínda máis a situación co feito de impartila tamén en centros do mesmo SEA con boas instalacións, como é o caso das escolas de Capacitación Agraria, onde incluso existen predios para a realización de prácticas, e dalgunhas localidades, como por exemplo a de Monterroso (Lugo), onde, tras a cesión duns terreos, o SEA constrúe un edificio moderno para a ensinanza e Axencia Comarcal.



Instalacións actuais, no antigo mercado, da Oficina Agraria Comarcal de Verín (Ourense), modernas e espazosas. (Autor: José M. Pérez)

A Axencia de Extensión Agraria da Cañiza, a título de exemplo, que neses momentos ocupa un local que non chega aos 40 m² na casa do Concello, nunha división feita no seu salón de plenos que se subdivide nun recibidor e dous despachos, leva un CECA no que estiveron matriculados, coñecida como formación profesional de primeiro grao da rama agraria, preto de 700 alumnos de toda a súa comarca de traballo, para os que se organizara un sistema de transporte. As instalacións para o CECA foron en principio as antigas escolas unitarias da parroquia de Petán, situadas a 2,5 km da Cañiza, tendo que utilizar como aulas tamén as vivendas dos profesores, que se encontran nun estado lamentable. No conxunto das instalacións, cando chove, e mira que cae auga na Cañiza; as clases deben impartirse con paraugas, pero, a pesar de todo, o centro funciona e, cando non existe ningunha outra oferta formativa dese nivel na comarca, o SEA unha vez máis fai de organismo rompedor. Na fase final do seu funcionamento o CECA insálase na localidade de Arbo, xa nun edificio con mellores condicións para impartir a ensinanza.

Título III. Persoal das normas do SEA

O segundo tomo das Normas Vixentes do Servizo de Extensión Agraria contiña un só título cos seguintes sete capítulos: I- Estatuto do persoal ao servizo dos organismos autónomos; II- Actuación e comportamento do persoal; III- Regulación de vacacións, licenzas e permisos; IV- Peticións de carácter persoal; V- Desprazamentos do persoal en acto de servizo; VI- Persoal contratado e laboral; e VII- Seguridade Social e outras entidades de previsión.

Igual ca no anterior, transcribimos e comentamos deseguido algunhas das normas expostas neste título:

Capítulo I.- Estatuto do persoal ao servizo dos organismos autónomos

Artigo 15.

A condición de funcionario de carreira adquirese polo cumprimento sucesivo dos seguintes requisitos:

- a) Superar as probas de selección e, se é o caso, os cursos de formación que sexan procedentes.*

- b) Nomeamento conferido e aprobado pola autoridade competente.*
- c) Xurar acatamento aos principios fundamentais do movemento nacional e demais leis fundamentais do reino.*
- d) Tomar posesión dentro do prazo de un mes, a contar dende a notificación do nomeamento debidamente aprobado.*

Artigo 16.

1. A condición de funcionario pérdese en virtude dalgunha das seguintes causas:

- a) Renuncia.*
- b) Perda da nacionalidade española.*
- c) Sanción disciplinaria de separación do Servizo.*
- d) Pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.*

2. A relación como funcionario cesa tamén en virtude de xubilación forzosa ou voluntaria.

Artigo 7.

1. A renuncia á condición de funcionario non inhabilita para novo ingreso na función pública.

2. No caso de recuperación da nacionalidade española por muller casada con estranxeiro, poderase solicitar a rehabilitación da calidade de funcionario.

3. A perda da condición de funcionario por separación do Servizo ten carácter definitivo.

Artigo 18.

1. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario a idade de setenta anos ou a de sesenta e cinco no caso de prazas similares ás que na Administración do Estado desempeñan os corpos auxiliares ou subalternos.

2. Procederá tamén a xubilación, previa instrución do expediente, que poderá iniciarse de oficio ou a instancia do funcionario interesado, cando este padeza incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións, ben por inutilidade física ou debilitación apreciable de facultades, en concorrencia coas normas que sobre invalidez

permanente se determinan no réxime especial previsto polo artigo 34.

Artigo 30.

1. O Estado dispensará cos funcionarios dos organismos autónomos a protección que requira o exercicio dos seus cargos, e outorgaralles os tratamentos e consideracións sociais debidos á súa xerarquía e á dignidade da función pública.

Artigo 31.

Ao incorporarse aos seus postos de traballo, os funcionarios serán informados polos seus xefes inmediatos dos fins, organización e funcionamento da unidade administrativa correspondente, e en especial da súa dependencia xerárquica e das atribucións, deberes e responsabilidades que lles incumben.

Artigo 32.

Os xefes solicitarán periodicamente o parecer de cada un dos seus subordinados inmediatos sobre as tarefas que teñen encomendadas, e informaranse das súas aptitudes profesionais, con obxecto de que se lles poidan asignar os traballos máis axeitados e de levar a cabo un plan que complete a súa formación e mellore a súa eficacia.

Artigo 33.

1. Os funcionarios que se distinguan notoriamente no cumprimento dos seus deberes poderán ser premiados, entre outras, coas seguintes recompensas:

- a) Mención honorífica.*
- b) Premios en metálico.*
- c) Condecoracións e honras.*

2. Estas recompensas anotaranse na folla de servizos do funcionario e teranse en conta como méritos nos concursos.

Artigo 43.

Os funcionarios veñen obrigados a acatar os principios fundamentais do movemento nacional e demais leis fundamentais do Reino, ao fiel desempeño da función ou cargo, a colaborar legalmente cos seus xefes e compañeiros, cooperar ao melloramento dos servizos e á consecución dos

fins da unidade administrativa na que se encontran destinados.

Artigo 44.

1. Os funcionarios deberán residir no termo municipal onde estea situada a oficina, dependencia ou lugar onde presten os seus servizos.

2. Por causas xustificadas, o director ou presidente do organismo poderá autorizar a residencia en lugar distinto, sempre e cando iso sexa compatible co exacto cumprimento das tarefas propias do cargo.

Artigo 46.

Os funcionarios deben respecto e obediencia ás autoridades e superiores xerárquicos, acatar as súas ordes con exacta disciplina, tratar con esmerada educación o público e os funcionarios subordinados, e facilitar a estes o cumprimento das súas obrigas.

Artigo 47.

Os funcionarios observarán en todo momento unha conduta de máximo decoro e gardarán sixilo rigoroso respecto dos asuntos que coñezan por razón do seu cargo, esforzándose na mellora das súas aptitudes profesionais e capacidade de traballo.

Artigo 49.

O desempeño da función pública será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade que impida ou menoscabe o estrito cumprimento dos deberes do funcionario.

Artigo 50.

Para as efectos do que se dispón no artigo anterior, e sen prexuízo das incompatibilidades especiais que poidan establecerse por disposición regulamentaria en atención á natureza da función, teranse en conta as seguintes regras:

1ª. Ningún funcionario poderá exercer outra profesión, agás nos casos que, instruído o correspondente expediente, con audiencia do interesado, se declare polo director ou presidente do organismo que non prexudica o Servizo que o funcionario teña ao seu cargo.

Non será en principio necesaria a instrución do dito expediente:

a) Cando se trate do exercicio da profesión propia do título expedido pola facultade ou escola especial que se esixise ao funcionario para o desempeño do cargo.

b) Cando a compatibilidade ou incompatibilidade co exercicio da profesión determinada estivese xa declarada polos preceptos das leis, regulamentos e outras disposicións legais que rexan a función pública que lles incumbe.

Porén o disposto nos apartados anteriores, os funcionarios están obrigados a declarar ao director ou presidente do organismo en que presten os seus servizos as actividades que exerzan fóra del, para que, á súa vista, poida ordenarse se é o caso a instrución do correspondente expediente de incompatibilidade, para os efectos de garantir o establecido no artigo 49.

2ª. O funcionario non poderá exercer actividades profesionais ou privadas, baixo a dependencia ou ao servizo doutras entidades ou particulares, nos asuntos nos que estea intervindo por razón do seu cargo, nin nos que estean en tramitación ou pendentes de resolución no organismo onde o funcionario estivese destinado, adscrito ou do que dependa.

3ª. O funcionario que non estivera en situación de xubilado ou de excedencia voluntaria, non poderá ostentar a representación, asumir a defensa nin prestar o servizo de perito doutras entidades ou particulares, por designación destes, nas contendas nas que o Estado sexa parte ante os tribunais de xustiza ordinarios, contencioso-administrativo ou especiais, nin nas reclamacións que se promovan contra actos administrativos dependentes de calquera Ministerio, non podendo tampouco ditos funcionarios desempeñar profesionalmente servizos de Axencia de negocios ou de xestoría administrativa ante as oficinas locais ou centrais dos departamentos ministeriais nin dos organismos autónomos.

Artigo 51.

O exercicio polo funcionario de actividades profesionais ou privadas compatibles non servirá de excusa ao deber de residencia que lle sexa esixible, á asistencia á oficina que requira o seu cargo, nin

ao atraso, negligencia ou descoido ou informalidade no desempeño dos asuntos, debendo ser cualificadas e sancionadas as correspondentes faltas conforme as normas que se conteñen no Capítulo VIII do presente título.

Artigo 65.

1.- O soldo de cada funcionario resultará da aplicación ao soldo base do coeficiente multiplicador que se asigne á escala, cadro de persoal ou praza á que pertenza.

2.- O soldo base, consistente nunha cantidade igual para todos os funcionarios que se rexan polo presente Estatuto, será o que estea fixado en cada momento para os funcionarios da Administración Civil do Estado.

Artigo 67.

1. Os complementos de soldo serán: de destino, de dedicación especial e familiar.

2. O complemento de destino corresponderá a aqueles postos de traballo que requiran particular preparación técnica ou impliquen especial responsabilidade.

3. O complemento de dedicación especial poderá concederse:

a) A aqueles funcionarios aos que se esixa unha xornada de traballo maior que a normal.

b) Aos funcionarios que se acollan ao réxime de dedicación exclusiva.

4. O complemento ou axuda familiar regularase na disposición sobre seguridade social á que se refire o artigo 34.

Capítulo II. Actuación e comportamento do persoal

A. Incompatibilidades.

En relación co artigo 50, apartado b) do Estatuto, recórdase que as normas vixentes do Servizo, son as seguintes:

1ª. Os axentes, monitores, técnicos e rexedores de actividades non poderán desempeñar cargos remunerados, nin actividades de tipo económico

que requiran unha dedicación habitual, allea ao cometido encomendado pola dirección.

2ª. Reiterase a prohibición de que o persoal do Servizo leve a cabo actividades de tipo comercial que teñan relación con produtos agrícolas ou medios de produción utilizados en agricultura; recoméndase con especial coidado que, ao facilitar informacións de carácter técnico sobre fertilizantes, insecticidas, maquinaria, etc., se evite especificar unha soa marca subministradora, indicando sempre que as que se citan sono a título de información, para evitar que se poida crer que ten interese nalgunha determinada.

3ª. En ningún caso se fará o persoal do Servizo depositario de cantidades en metálico entregadas por agricultores para calquera fin ou xestión. A súa actividade limitárase a ensinar a forma de levala a cabo e incluso axudar á súa realización, instruíndoos sobre o modo de preparar a documentación necesaria, facilitándolles, se é o caso, os impresos, se estes son gratuítos, previa a solicitude aos organismos correspondentes, pero en ningún caso intervirán en movementos de diñeiro.

4ª. O persoal do Servizo non poderá ostentar cargos en organizacións locais ou provinciais de ningunha clase, salvo os adscritos á súa propia función no Servizo, sen previa autorización desta dirección.

5ª. Tampouco poderán intervir como árbitros, taxadores ou estimadores de danos en litixios incoados polos agricultores ou outras persoas.

No caso de ser nomeados pola autoridade xudicial, exporá as razóns de incompatibilidade, alegando por escrito as excusas que lle asisten pola súa condición de axente do Servizo e traballo co agricultor.

6ª. O persoal de Extensión Agraria actuará sempre co tacto necesario para que nunca poida xurdir nin a máis pequena sospeita de que as súas actividades poidan estar influídas por intereses particulares, en detrimento do seu único obxectivo: o de ensinar e axudar o agricultor na mellora da súa explotación e nivel de vida.

B. Normas de actuación.

A Orde circular do 21 de decembro de 1964 (rexis-tro de saída 12648) establece os seguintes criterios

básicos aos que debe axustarse a actuación pública de todos os membros do Servizo:

a) A misión do axente de Extensión Agraria é promover o progreso das familias rurais da súa comarca, axudándolles a utilizar mellor os seus recursos. De ningún modo é misión dos axentes ostentar a representación dos agricultores, e por iso é improcedente calquera actitude que poida interpretarse que trata de asumir a devandita representación.

b) Recórdase, como norma xeral, que os axentes de Extensión Agraria non deben participar en representacións dos agricultores, cuxa misión sexa servir de portavoz das familias rurais ante a Administración, entidades, organismos ou ante a opinión pública. Os casos especiais serán resoltos pola dirección do Servizo seguindo o trámite regulamentario.

c) O axente de Extensión Agraria debe coñecer as circunstancias económico-sociais da bisbarra e as medidas de política agraria que inciden no seu traballo, por condicionar parte dos recursos do agricultor. A misión do axente é ensinar as familias rurais a utilizar mellor eses recursos, dentro das circunstancias existentes, sen polemizar sobre a situación do medio agrario.

d) Todo axente ten a obriga de coñecer os problemas da súa bisbarra e informar sobre eles aos seus superiores, incluíndo cantas observacións considere útiles.

Por un elemental principio de disciplina, como funcionarios dun Ministerio, o persoal do Servizo de Extensión Agraria absterase de utilizar outras canles para expresar a súa opinión sobre as medidas ou orientacións adoptadas pola Administración.

e) O axente de Extensión Agraria informará obxectivamente as familias rurais sobre todas as posibilidades que se lles ofrecen en cada caso e, respondendo ao desexo desas familias, pode promover con especial interese a acción dos agricultores da súa bisbarra no sentido máis favorable para eles. Os agricultores ou os seus representantes son os únicos que deben decidir sobre a solución que máis lles convén.

f) As colaboracións en prensa e radio, pola súa ampla e rápida difusión, teñen un carácter espe-

cial dentro das manifestacións públicas. Estas colaboracións son moi útiles para ensinar os agricultores, pero debe evitarse a posibilidade de que sexan mal interpretadas.

Cando se utilicen estes medios de divulgación, observarase rigorosamente o sistema de supervisión establecido para as colaboracións en prensa e radio.

g) Procurarse evitar as entrevistas directas e as reportaxes que non poidan ser sometidas a supervisión, tratando de que o entrevistado, o suxeito da reportaxe, sexa un agricultor que estea ben informado da actuación do Servizo, o cal dará un carácter máis obxectivo á información.

h) Se a entrevista persoal é ineludible, deben evitarse todos os temas alleos ao programa de traballo, así como os que se refiren á actuación doutros organismos. Procurarase centrar a entrevista sobre as actividades concretas do Servizo ou na divulgación da súa misión.

Para evitar posibles defectos de interpretación por parte dos informadores, nas reportaxes e entrevistas con agricultores é conveniente coidar as relacións e colaborar habitualmente cun xornalista, quen pode manterse permanentemente informado da misión do Servizo de Extensión Agraria; suxerir as reportaxes ou entrevistas que fagan referencia aos aspectos que interesa resaltar; preparar ou coñecer con anticipación o cuestionario de preguntas; procurar que as referencias, datos concretos ou contestacións sexan recollidos por escrito, ou facilitar unha información preparada para o efecto; proporcionar información gráfica axeitada. Revisar a entrevista ou a reportaxe para a súa corrección antes de que sexa publicada.

Así mesmo, terase en conta a Orde circular do 21 de abril de 1965, que establece:

“Parece ser que algunhas persoas alleas ao Servizo de Extensión Agraria presentáronse aos agricultores facéndose pasar por membros do mencionado Servizo, co fin de obter datos económicos das explotacións.

Ante a sospeitosa conduta de quen trata de obter datos atribuíndose unha condición que non ten, é preciso evitar que as persoas desapehensivas utilicen a confianza dos agricultores no Servizo

de Extensión Agraria para fins que non se poden precisar.

Por esta razón, recoméndase encarecidamente a todos os axentes comarcais que fagan saber ao maior número posible de agricultores que o Servizo de Extensión Agraria non se pode facer responsable da utilización que puidese darse aos datos recollidos por persoas alleas a el.

Soamente están autorizados a recoller datos ou informacións dos agricultores, en nome do Servizo de Extensión Agraria, os axentes do mesmo Servizo destinados na bisbarra na que se realice esa toma de datos. Todas as actuacións desta natureza que o Servizo leve a cabo serán forzosamente desenvolvidas a través dos axentes comarcais respectivos, ou con participación directa deles.

Na sinatura de publicacións, guións e comunicacións nos que figure o nome de Extensión Agraria, soamente deberá aparecer o nome da correspondente dependencia do Servizo, ou este conxuntamente co do autor, podendo neste último caso indicarse o cargo que o interesado ten no Servizo. En ningún caso deberá figurar o título ou diploma académico, nin calquera outra circunstancia distinta do seu cargo no Servizo. Igualmente, cando se expidan certificacións por persoal do SEA, observarase igual norma, facendo constar soamente o cargo do funcionario que expida o documento.

Os devanditos extremos deberán ser observados tamén en calquera tipo de impresos de identificación persoal (tarxetas de visita e similares) que se utilicen en acto de servizo, nos que figure Extensión Agraria, e en calquera outra actuación realizada en nome deste Servizo.

Nota.- Non obstante o exposto anteriormente, naqueles casos nos que os axentes non encontren norma clara de actuación nunha situación determinada, elevarán consulta á dirección do Servizo a través do conduto regulamentario.

En canto ao persoal encargado de traballos de tipo administrativo nas axencias comarcais, sinálanse a título indicativo o seguinte:

A súa actuación consistirá en desenvolver os traballos de mecanografía, rexistro de correspondencia, arquivos, confección de contas, previsións de gastos, partes periódicos de toda índole, coidar

do uso e conservación do mobiliario e material de oficina e calquera outro traballo de natureza administrativa que lles encomende o xefe da Axencia. Ademais disto, deberán coñecer en cada momento o lugar en que se encontran os axentes durante o seu traballo, para conseguir a súa inmediata localización en caso que sexa necesario.

É tamén incumbencia deste persoal recibir e atender as visitas que cheguen á Axencia para poñerlos en contacto cos axentes; en caso de ausencia dos ditos axentes, deberá tomar nota dos desexos dos visitantes e informalos diso tan axiña como sexa posible.

No caso de que as axencias contén con axente de economía doméstica, os auxiliares femininos prestarán a súa axuda ao devandito axente na preparación e desenvolvemento das súas actividades específicas.

O persoal administrativo das axencias provinciais e centros rexionais seguirá, en liñas xerais, as normas de actuación indicadas para as axencias comarcais, e ademais terá ao seu cargo o manexo das máquinas de cálculo e de reprodución de documentos.

Capítulo III.- Peticións de carácter persoal

Solicitudes de destino con carácter voluntario.

As solicitudes de destino con carácter voluntario rexeranse polas seguintes normas:

1. Comunicadas as vacantes existentes, que deberán ser con especificación do nivel orgánico correspondente, todo o persoal do Servizo interesado por algunha ou algunhas das ditas vacantes poderán solicitala ou solicitalas.

2. Na asignación de destinos correspondentes a cada convocatoria, unicamente se terán en conta as peticións recibidas precisamente para a antedita convocatoria.

3. Os axentes de Extensión Agraria que non ostenten xefatura poderán solicitar postos de traballo de xefe interino ou do mesmo nivel que ocupen no momento de solicitar traslado voluntario.

4. Todas as peticións de destino a que se refiren as presentes normas formularanse polos interesados no modelo anexo á presente comunicación. No caso de que nunha petición se inclúan varios

destinos, os interesados farán constar a súa orde de preferencia.

Modelo xeral de instancia para solicitar traslados voluntarios:

Don, natural de, provincia de, que ingresou no Servizo de Extensión Agraria coa promoción, coa categoría administrativa actual de(1)....., á que foi promovido con data(2)....., e que desempeña actualmente o cargo de(3)....., en(4)....., sita en(5)....., onde foi destinado con carácter(6)..... o día(7).....

Acolléndose á convocatoria de vacantes actualmente vixente, a V.I., respectuosamente,

EXPÓN

1º) Que solicita ser destinado con carácter voluntario por orde de preferencia:

A (8) (Dependencia), en (8bis) (localidade), como (9) (categoría)

2º) Que alega como méritos especiais:

(10)

3º) Que lle impulsan as seguintes razóns de tipo persoal:

(11)

4º) Que nas bisbarras das axencias que se solicitan non ten intereses incompatibles coa función que vai desempeñar polo solicitante:

(12)

5º)

(13)

Por todo o exposto a V.I.

SUPLICA:

Dígnese dar as ordes oportunas a fin de que os desexos e razóns alegados poidan ser considerados pola Xunta de Persoal do Servizo de Extensión Agraria, creada por Resolución de V.I. de 2 de xaneiro de 1969.

Deus garde a V.I. moitos anos.

_____, a _____ de _____
de 19__

Instrucións para cubrir a instancia.

A forma correcta de cubrir esta instancia é a seguinte:

1) *A categoría administrativa pode ser: supervisor, axente xefe, axente axudante, axente de economía doméstica, técnico, axente especializado, monitor, auxiliar feminino de Axencia Comarcal ou auxiliar administrativo de Axencia Provincial ou Centro Rexional.*

2) *Data da orde en que foi nomeado para a categoría administrativa que actualmente posúe.*

3) *Cargo que desempeña na dependencia onde actualmente está destinado e que pode ser: supervisor, técnico, xefe de Axencia, xefe interino de Axencia, xefe accidental de Axencia, axente axudante, axente de economía doméstica, profesor, colaborador, administrativo, etc.*

4) *Axencia Comarcal, Axencia Provincial, Centro Rexional, Escola de Capacitación, Centro de Capacitación e Experiencias Agrarias, Servizo Central.*

5) *Localidade xeográfica onde está situada a dependencia citada na chamada anterior.*

6) *Forzoso ou voluntario.*

7) *Data da orde de destino*

8) *Relación de dependencias por orde de preferencia.*

8 bis) *Relación correlativa de localidades.*

9) *Relación correlativa de categoría: supervisor, técnico, xefe de Axencia, axente axudante, axente de economía doméstica, etc.*

10) *Méritos que cre ter o solicitante (pode non alegarse ningún).*

11) *Razóns persoais, se as hai. Poden non alegarse. As que se aleguen deben ser certas. Do contrario, irá en prexuízo do solicitante.*

12) *Condición indispensable para poder solicitar unha Axencia. De considerar o solicitante que, aínda non cumpríndose o expresado na alínea aludida, a súa situación é excepcional, debe substituír a citada frase por outra na que explique as razóns fundamentais polas cales o considera así.*

13) *Calquera tipo de observación que, por non figurar en ningún dos apartados anteriores, o solicitante considera necesario sinalar.*

Capítulo IV.- Desprazamentos do persoal en acto de servizo

O persoal das axencias comarcais, para desenvolver as actividades propias do seu cargo, efectuará os seus desprazamentos aténdose ás seguintes normas:

a) *Os que teñan lugar dentro da demarcación da Axencia Comarcal, realizaranse conforme o criterio do seu xefe, de acordo coa marcha do programa de traballo que teña encomendado.*

b) *Os que teñan lugar fóra do ámbito da demarcación da Axencia Comarcal pero dentro da provincia na que estea situada, serán autorizados pola Axencia Provincial que corresponda, quen remitirá copia da autorización ao seu Centro Rexional.*

c) *Os desprazamentos fóra da provincia, pero dentro da rexión, solicitaranse do Centro Rexional correspondente, a través da Axencia Provincial, que incluírá o seu informe. O Centro Rexional enviará copia da autorización para o seu coñecemento á Axencia Provincial interesada.*

d) *Os desprazamentos fóra da rexión, que efectúe o persoal das dependencias periféricas, requirirá sempre a aprobación da dirección do Servizo. Estas solicitudes serán tramitadas a través da Axencia Provincial e Centro Rexional, co fin de que sexan informadas como corresponde. A autorización será notificada pola dirección a estas dependencias, para o seu coñecemento.*

e) No suposto de que a bisbarra de traballo dunha Axencia inclúa localidades de dúas ou máis provincias, pertencentes a distinta rexión, os rexedores de actividades respectivos determinarán a norma reguladora que sexa máis conveniente segundo o caso.

f) As solicitudes de autorización para efectuar os desprazamentos que se mencionan neste capítulo deberán ser tramitadas coa antelación suficiente para que, en todo momento, os interesados se encontren a cuberto de calquera continxencia imprevista.

Porén o establecido na alínea anterior, aqueles desprazamentos nos que pola súa urxencia non puidera ser solicitada a debida autorización, notificaranse inmediatamente despois de terse efectuados ás dependencias superiores que corresponda segundo os casos anteriormente citados.

Comentarios ao Título III das normas e anécdotas ao respecto

Os comentarios sobre este título das Normas Vixentes do SEA poderían ser moitos, pero limitáronos aos que consideramos esenciais para remarcar as características que diferenciaban este Servizo doutros da Administración, e máis tendo en contra a súa estrutura en primeira liña de actuación, unha administración ao carón do administrado ao que serve, como logo, bastantes anos despois, comezaría a reclamarse para outros servizos.

O do recoñecemento non era unha mera declaración de intencións. Efectivamente, moitos axentes de Extensión Agraria e de economía doméstica recibiron, case sempre antes da transferencia de competencias ás comunidades autónomas, o recoñecemento ao seu labor por parte do Ministerio de Agricultura mediante a concesión da Medalla do Mérito Agrícola ou do Lazo de Dama da dita condecoración no caso das mulleres. Algúns deles aínda seguen a prestar os seus servizos en Galicia e con destino nas oficinas agrarias comarcais. A maioría recibiron a condecoración de mans do entón xefe do Estado, o xeneral Franco, no Palacio do Pardo. O único caso de concesión da devandita medalla sucedido despois da transferencia de competencias foi con motivo da xubilación do xefe da Axencia de Viana do Bolo (Ourense), Mariano Pino Vázquez, tras a proposta que os seus compañeiros fixeron a través do Goberno Civil, en recoñecemento á

súa dedicación durante case toda unha vida a mesma dependencia, pois quitando un período como axente comarcal en Verín e Xinzo de Limia, nunca máis tivo cambio de destino.

Existiu outro caso significativo de recoñecemento, neste caso pola Xunta de Galicia, pois no ano 1999 o Goberno Galego concedeu a Medalla de Galicia, na súa categoría de bronce, a Horacio Fernández Presa, xa entón xubilado como xefe da Axencia de Extensión Agraria do Barco de Valdeorras (Ourense), por ser o impulsor do programa “Recuperación de Viñedos de Valdeorras (REVIVAL)”, que permitiu o restablecemento da variedade Godello.

Outro feito que cómpre destacar é a adaptación dos axentes ao medio rural de Galicia. Moitos deles non eran galegos, pois en Galicia non existía por aquel entón escola de peritos agrícolas, que era a titulación da maioría, e procedían doutras rexións de España, fundamentalmente de Castela e de León, aínda que tamén, por exemplo, habíaos valencianos. Os de orixe galega estudaron a carreira na súa maioría, curiosamente, en Pamplona.

A orixe foránea de moitos axentes de Extensión Agraria queda posta de manifesto coa presenza na provincia de Ourense de axentes con nomes de Justiniano, Constantino, Atilano, Horacio, Celedonio, Donato e Cipriano, todos eles doutro lado da Canda ou de Pedrafita, que, á parte de non ser moi comúns en Galicia, daban a impresión de que volvera o tempo dos romanos. Mais para anécdota curiosa, relacionada cos apelidos dos axentes de Extensión, a acontecida na Axencia de Maceda, onde se sucederon, un tras outro, tres axentes comarcais que tiñan como primeiro apelido o de Fuciños, Piernas e Barriga, neste caso está claro que non todos son foráneos, como se entre todos eles tratasen de participar na composición para este libro dun novo corpo humano.

Dos foráneos, a maior parte pasaron uns anos en Galicia, ata que encontraron acomodo na súa terra nalgún concurso de traslado, pero algúns quedaron para sempre aquí entre nós, contribuíndo decisivamente ao progreso do noso medio rural, plenamente identificados e entregados, vivindo e convivindo, como esixen as normas, nos pobos de destino, pois esta é unha regra que non se puido transgredir polos funcionarios do SEA ata que chegou a democracia. Entón sucede que os

novos funcionarios se desprazan diariamente ao centro de traballo dende distancias incluso quilométricas, en viaxes de ida e volta todos os días, que resultarían inimaxinables, entre outras cosas polo estado das estradas, ata que non se acometeu nos anos setenta o plan de accesos a Galicia. Curiosamente, os máis antigos axentes de Extensión Agraria seguen na súa maioría conservando os seus domicilios nos pobos, sen trasladarse ás cidades.

Para o que isto redacta, os axentes que chegaron de fóra de Galicia, pero que quedaron para sempre, o idioma nunca foi un problema cos agricultores e as súas familias. Nunca se detectou falta de entendemento entre as dúas partes, aínda que o idioma utilizado para expresarse fose distinto. É máis, sempre se valorou a predisposición e esforzo que facían os seus interlocutores para falar castelán, como deferencia cara a el, a pesar de non ser o idioma no que estaban habituados a expresarse. O que importaba era o que se transmitía, non o vehículo idiomático empregado. As tensións neste aspecto só existiron no SEA de Galicia entre os propios compañeiros, entre os casteláns falantes e os galegos, máxime cando o que daba instrucións era un dos primeiros e os que as recibían eran naturais do país, pero tampouco chegou o sangue ao río. Polo seu interese, pois sucedeu no ano 1973, transcribimos literalmente deseguido o contido dunha información remitida a todas as axencias polo responsable de medios de divulgación no Centro Rexional, Mariano García Rollán, os escritos de resposta de dous extensionistas galegos e a aclaración oficial final ao respecto da polémica do responsable rexional do SEA.

A circular causante da polémica dicía:

Del Centro Regional de Santiago.

A todas las Agencias de la Región.

En el lenguaje común hablado por los habitantes del medio rural, cuando no emplean su propio dialecto, surgen anormalidades contra las que hay que defenderse. Estas deformaciones del idioma castellano, al ser escuchadas día tras día por personas procedentes de otros medios, acaban fácilmente siendo usadas también por ellas.

En ciertos individuos, el “contagio” se facilita al pretender ser comprendidos o caer simpáticos, pues con ese fin emplean muchas veces las frases

habituales en la zona. Y después de hacer esas concesiones año tras año, sin que se den cuenta, acaban usándolas en cualquier ambiente y, lo que es peor, por escrito. Tales escritos hacen pensar mal sobre el grado cultural del que así escribe.

Por otra parte, la lucha contra la degeneración del lenguaje es necesaria si se quiere conservar el idioma nacional. Es una herencia que no tenemos derecho a deshacer. Esto nos ha movido a escribir estas notas, fruto de nuestras observaciones realizadas durante trece años en la región. Si con ellas podemos aclarar alguna duda o al menos servir de ayuda a los recién llegados, no hemos pretendido otra cosa.

Los principales y más frecuentes errores se cometen con las preposiciones. Veamos algunos ejemplos:

Dicen:

Se debe decir:

Me voy PARA cama.

Me voy A la cama.

Agarrar POR la chaqueta.

Agarrar DE la chaqueta.

Llamar POR Juan.

Llamar A Juan.

POR veces.

A veces.

No tiró CON ninguno.

No tiró A ninguno. No tiró ninguno.

Por lo DE pronto.

Por lo pronto.

Viendo PARA mí.

Mirando HACIA mí. Viéndome. Mirándome.

Va EN Orense.

Está en Orense. Va a Orense. (Los sitios no son vehículos para ir en ellos).

Motivado.

Motivado POR.

Con los verbos es frecuente el cambio de significado. Unas veces por simple traducción invertida (quitar, sacar), otras por convertir el paciente en agente (romper, romperse), muchas por supresión o exceso de reflexivos. Menos frecuentes son los cambios de tiempo, o la conversión de intransitivos en transitivos. Veamos algunos ejemplos:

QUITAR a bailar.
 SACAR a bailar.
 Quitar entradas o fotos.
 Sacar entradas o fotos.
 SACAR la camisa.
 QUITARSE la camisa.
 COGER la fiebre.
 Tomar la temperatura.
 Está pago.
 Está pagado.
 Ha tenido SUBA.
 Ha subido. Ha tenido SUBIDA.
 ME SON muy dulces.
 ME SABEN muy dulces.
 ME COGIÓ el frío.
 ME DIO frío. COGÍ frío.
 No estaba VIENDO allí.
 No estaba MIRANDO allí.
 Hacía todo A CORRER.
 Hacía todo CORRIENDO.
 Dale que TIENE.
 Dale que DALE.
 Déjese estar.
 Quédese. Estése ahí. No se vaya.
 ME pasó la tos.
 SE ME pasó la tos.
 LLEVÉ UN susto.
 ME LLEVÉ un susto. Me di un susto.
 No ME ES guapa.
 No ME PARECE guapa.
 EL QUEDA hasta el final.
 SE QUEDA hasta el final.
 MANCHÉ este dedo.
 ME manché este dedo. (Cuando el mancharse es involuntario).
 ME caían las lágrimas.
 SE ME caían las lágrimas. (A no ser que las lágrimas fuesen de otra persona).
 ROMPIÓ una cosa.
 SE ROMPIÓ. (A no ser que la rompiese voluntariamente).

TIRÓ el paquete.
 SE LE CAYÓ el paquete. (Si no lo lanzó voluntariamente).
 VOY PONER una inyección.
 VOY A PONERME una inyección. (A no ser que vaya a ponérsela a otro).
 SUSPENDO en Gramática.
 ME SUSPENDIERON EN Gramática. (A no ser que yo sea el profesor).
 ME CAE el pañuelo.
 SE ME CAE el pañuelo. (Excepto cuando nos cae encima el pañuelo de otro).
 NO puse el termómetro.
 NO ME puse el termómetro. (Excepto cuando se lo pongo a otra persona).
 LLEVÓ un golpe.
 SE DIO un golpe. LE DIERON un golpe. (Los golpes se dan o se reciben, pero no se llevan a ningún sitio).
 VIENDO PARA MÍ.
 MIRÁNDOME.
 Por si es CASO.
 Por si ACASO.
 No le llega.
 No es bastante. No es suficiente.
 En otras ocasiones se cambia el significado de los sustantivos, se cambia el artículo, etc. Unos ejemplos:
 Cuadra.
 Establo (si son vacas); la cuadra es de équidos.
 Campos.
 Prados.
 De monte.
 Inculto, abandonado.
 Nuevo.
 Joven (cuando se trata de personas).
 El coso.
 La cosa.
 Albaricoques.
 Nísperos (tratándose de E. Japónica).
 Ensalada.

Lechuga. (La ensalada es un plato y no una planta).

LO que.

EL que.

Me dió LA risa.

Me dió risa. (Si se dice LA RISA, habría que concretar qué clase de risa).

En estos últimos años, están extendiéndose algunos errores de lenguaje procedentes de doblajes americanos emitidos por TV. Tales errores son muy peligrosos, en parte por el poder captador de atención que tiene la televisión, y en parte por proceder de campañas planeadas contra el español. Veamos algunos ejemplos, contra los que hay que luchar a toda costa:

Se LOS digo.

Os lo digo. Se lo digo a Vds.

En las rocas.

Con hielo. Con cubitos de hielo.

Como luces.

Qué buen aspecto tienes.

Pararse.

Mantenerse en pie.

Te ves.

Pareces.

Jugar tenis o fútbol.

Jugar al tenis o al fútbol.

No nos tardaremos.

No tardaremos.

Caricaturas.

Dibujos animados.

Empacar.

Hacer el equipaje.

Ayer no estuve, te lo PROMETO.

Ayer no estuve, te lo ASEGURO. (Solo se puede prometer lo futuro).

Lo haremos EN la mañana.

Lo haremos POR la mañana.

Unha das contestacións, a de Constantino Mariño Torreira dende Foz (Lugo), dirixida a todas as axencias, expuña o seguinte:

Carta aberta (“familiar”) a Mariano García Rollán.

Mi querido amigo Mariano:

El idioma de un pueblo es todo eso y aún más. Es también la expresión máxima y más representativa de su alma y de su vida, su historia, su arte, su cultura, sus costumbres y sus otras manifestaciones diversas.

Es una herencia viva, que exige constante evolución y continuidad, y estamos obligados, como entes racionales, más o menos enrollados en la civilización, a elevarlo y enriquecerlo constantemente con nuestro esmero, observación, estudio y amorosa devoción.

La cultura y personalidad de cada individuo se manifiesta en gran manera por su forma de hablar y escribir. Es necesario esmerarse en el perfeccionamiento constante.

Los más diversos medios de expresión hablada y escrita atentan frecuentemente contra la pureza de nuestro idioma, existiendo incluso campañas planeadas contra él, como el “doblaje” de las películas americanas.

Es preciso que reaccionemos abierta y profundamente en contra de ello. Al propio tiempo estaremos enriqueciendo lo más precioso de nosotros mismos: nuestro espíritu.

A una arenga, más o menos de este tipo, podrías añadirle tu, Mariano, a cualquiera, una lista casi infinita de ejemplos de incorrecciones habladas y escritas por doquier, y otros atentados contra el idioma, y la forma correcta de luchar contra unas y otras, sin temor a ser mal recibido.

Sin embargo, el insólito escrito que hemos recibido hace unos días, firmado por ti, es discriminatorio, injusto, molesto, ofensivo e intolerable.

¿De que otros medios, asépticos y puros, proceden las personas que escuchan, al parecer aquí, deformaciones del idioma castellano? ¿Proceden acaso de la Real Academia Española de la Lengua? Si es así, que no se preocupen; ningún medio rural hará mella negativa en ellos.

¿Y a dónde llegan los recién llegados? ¿Acaso a algún medio especialmente “infectado y contagioso” contra el que hay que defenderse?

Si vienen de otras regiones españolas, te diré que cualquiera de ellas está muy lejos de hablar o escribir un castellano académico, en cualquier medio, pero sobre todo en el popular y en el rural.

Si proceden de otros medios sociales, distintos del rural, has de advertir que casi todos ellos, incluyendo el universitario y otros estudiantiles y pasando por el político, el tecnocrático, el comercial, el publicitario y los de información y difusión, están más o menos plagados de barbarismos y otras “lindezas” idiomáticas similares, de toda índole y de todos los matices.

Si ha de distinguirse algún medio rural como más inofensivo que otro, tiene que ser el gallego, como podrían serlo el catalán o el vasco. Por un lado porque el medio rural gallego no habla el castellano. Por otro, porque habla un idioma (no un dialecto) ancestral, milenario, base de una cultura propia, extendida a gran parte del Globo Terráqueo.

No, amigo Mariano, no. El medio rural no tiene la culpa. La culpa puede tenerla más bien la mediocridad o la pobreza cultural y espiritual de cada uno de nosotros.

La ignorancia y la estupidez de cada individuo sólo pueden evitarse contraponiéndole la sabiduría propia. Y la sabiduría no se consigue a base de aislarnos en cámaras herméticas y desinfectadas, sino respetando, observando y estudiando intensa y profundamente cuanto a uno le rodea o está a su alcance, por todos los medios posibles. En definitiva, ¿quién nutre y da vida al idioma sino el pueblo?

Para quien así se comporte, cualquier medio es una fuente inagotable de conocimientos, y estará cada vez más lejos de que nadie pueda “contagiarle” nada nocivo para su saber, su estilo propio y su acaso refinada personalidad. Todo ello por mucho que quiera hacerse comprender, por muy simpático que nos sea o por muy generoso y condescendiente que se muestre haciendo concesiones.

Díganlo sino cuantas personas han llegado al cenit de la lengua y de las letras, entre ellas legión de gallegos; dominando varios idiomas; estudiándolos profundamente, junto con la problemática de diversos países; haciéndose entender muy bien; y siendo siempre simpáticos y queridos por sencill-

los, magnánimos, generosos y condescendientes. ¿De que se han contagiado sino de conocimientos, de ciencia y de sabiduría?

Tu escrito, admirable y querido Mariano, a mi modesto entender, dice realmente poco a favor de tus observaciones durante trece años en la región.

Si cuanto dices tuviese visos de verosímil, un servidor sin ir más lejos, y otras muchas personas, teríamos que hablar y escribir al revés, como una cinta magnetofónica hacia atrás, y por ahora no hemos llegado a tanto.

Muy afectuosamente.

A outra contestación, a do sociólogo Ramón Muñiz de las Cuevas, tamén dirixida a todas as dependencias e con versións en galego, que é a que transcribimos, e castelán, manifestábase da seguinte forma:

Puntualizacións ao traballo de Mariano García

Mariano García, compañeiro de traballo, vén de publicar unhas notas “do ben falar castelán” as que nada temos que ouxetar. Non podemos decir o mesmo dos términos, conceptos e plantexamentos verquidos na introducción e xa que o traballo de Mariano vai dirixido os axentes da rexión galega (nada que decir teríamos se a dita introducción fose dirixida á submeseta sur, poñamos por caso) e posto que poidera crear confusionismo entre os axentes foráneos que poidera repercutir nun traballo alleante pra cos agricultores, é polo que saio o paso amistosa pro decididamente contra as afirmacións verquidas no encabezamento do artigo.

Mariano escomenza chamando dialeuto o que na realidade é un idioma, como así o atestigua a súa historia, cultura, a súa gramática, sintaxis, a súa estrutura en xeral; como así o afirma a Real Academia da Lingua Galega (non coñezo ningunha Real Academia da Lingua dun dialecto) e o resto das Reas Academias da Lingua que por España andan; como o confirma a existencia dunha cátedra de Lingua e Literatura galega na Universidade de Santiago, como o reafirman os centos de libros de todo tipo escritos en lingua galega. Perguntamos ¿dialeuto de que idioma?, ¿do castelán?, imposible posto que si se coñece a historia de Galicia sábese que o galego escríbese e fálase como idioma nacional deica o século XV que é cando Galicia

cae en mans dos Reises Católicos e escomenza a “deformación” do galego; ¿dialeuto do latín?, entón tamén o serían o francés, italiano, castelán, ou seña todos os que teñan raíz latina. Non, o galego non é un dialeuto, é unha lingua que surxe como o castelán do latín e que evoluciona pola súa conta deica a anexión de Galicia a Castela que trunca coa dita evolución.

Continua chamando “idioma nacional” o castelán, cando o idioma nacional da rexión é o galego e o castelán o idioma oficial. Porque idioma nacional é a lingua natural dun pobo, a que surxe da súa propia cultura e oficial a que se ten que falar por decreto.

Consideramos, por último, que no contexto no que se escribe a súa introducción, o plantexamento é erróneo e que o que eiqui estase deformando é o idioma galego, posto que a lingua natural dista rexión é o galego, co conseguinte trauma que produce a castelanización de Galicia, dado que un idioma é a expresión dunha cultura e a eliminación ou deformación dese idioma significa o fin da personalidade dun pobo e polo tanto o ocaso de calquer tipo de desenrolo, que é precisamente o que Extensión pretende evitar eiqui en Galicia no sector rural. Entendo de que o único xeito de que se falese ben o castelán eiqui, é a partir de falar ben o galego e sómente podrase falar ben o galego cando remátase coa opresión lingüística do castelán sobor do galego. Iste é o plantexamento neste contexto concreto.

Que isto é así de verdadeiro e de grave ímolo a intentar demostrar.

O home como ser pensante que é, ten unhas ideas, ideas que surxen da experiencia da súa relación co que lle rodea e que a súa vez aitua sobor delo pra superar situacións e pasar a outras máis avanzadas, satisfacendo, diste xeito, as necesidades que en cada íntre ou etapa preséntanselle.

Pro pra que isto suceda non pode aituar soio, necesita dos outros. Ten necesidade de contrastar as súas ideas coas dos demais e o xeito de facelo é utilizando uns medios convencionás entre os que atópase o linguaxe.

O linguaxe constitui, entón, un medio de expresar as ideas que teñen os homes. Pro os homes desenrólanse en situacións concretas, en sistemas socio-económicos dados, cuns coñecementos, uns

valores e unhas normas de conducta características, polo que o linguaxe convertirase na expresión de todos ises factores os que chamamos cultura dun pobo.

O linguaxe confórmase por toda isa cultura e o mesmo tempo convertirase en parte integrante e imprescindible dela.

Apoia nosas afirmacións o antropólogo francés Levi-Straus que dí: “Unha lingua non é, sómente un inventario de verbas, é unha estrutura complexa, sintaitica, e gramatical que constitui un todo. En verdade as verbas teñen pouco ou ningún significado por si mesmas, o significado xurde do contexto no que aparecen e das convencións gramaticales da lingua considerada no seu conxunto (...) o significado dunha verba non limitase a definición que asígnalle o dicionario, é algo que tamén deriva da situación social na que se pronuncia esa verba, da súa posición en relación coutras verbas, da frase e das asociacións por xogos de verbas que ista verba indica implicitamente o autor e o que escoita.”

Isto aplicado a Galicia indica como os xiros, expresións, ditos, xogos de verbas que conforman a lingua galega xurden e confórmanse por ter ista rexión unha cultura diferenciada.

A cultura galega e o seu vehículo o idioma padeceu a traveso da súa historia, unha opresión que non esaxerariamos o calificala de xenocídica. Historia que condicionou o labrego deica o punto de pensar que a lingua que fala é un “patois”, un dialeuto desprestixiado e ridículo, xurdindo o que o profesor Anaya Santos calificou de trauma no campesiño galego.

O home galego, o campesiño neste caso, escomezou a ollar que na súa aldea, na súa familia, cos seus amigos, falaba dun xeito difrente de como o facia o mestre na escola, o cura na Igrexa, o terratenente, os organismos oficiás, os libros, prensa, radio e T.V. Diste xeito, identificaba a lingua distas xentes, notables, burócratas, inteleituás, que era o castelán, como a lingua dos cultos e ricos, e a súa, o galego, como unha xerga utilizada polos probes.

Tratou, entón, de assimilar o castelán, oficialmente o español, como idioma-símbolo, necesario pro seu trunfo na vida, pra sair da súa indixencia e iñorancia.

Noustante o galego estaba tan enraizado nil que dificilmente o conseguía, caíndo, as mais das veces, nun galego castelanizado chamado castrapo que non entendía ninguén.

Por elo, creáronse unha serie de frustracións e complexos de inferioridade desembocados nunha timidez incorrexibel, “si souperamos expresarnos”, dín decote os campesiños. Refírense, claro está, en castelán, xa que sempre tratan de utilizar este idioma nas súas relacións cos de fora e non precisamente por educación sinon polos seus prexuízos idiomáticos, porque consideran que falar castelán e facelo ben e galego facelo mal.

O trauma do idioma escomenza no labrego galego, xa dende neno, cando aínda non ten conciencia de que o castelán e o galego son dúas linguas distintas e ninguén llo dí. Na súa casa escoita falar unha lingua e na escola outra, as dúas moi similares e pouco a pouco vainas misturando deica que chega a ser incapaz de falar ben ningunha das dúas, rematando nas frustracións e complexos aludidos.

Vexamos o que dín distintas voces respecto o idioma galego:

A UNESCO en 1954 era taxante o decir na súa monografía sobor “O emprego das linguas vernáculos no ensino”, “O emprego da lingua nai, socioloxicamente é un medio de identificación entre os membros da comunidade a que pertencen. Dende o punto de vista educativo o neno aprende mais rapidamente empregando esa lingua que mediante outra a que non está familiarizado”, e segue, “É particularmente, que os nenos inicien o seu ensino na lingua nai, posto que ista práctica abrevia a brutal transición entre o fogar e a escola. Si a aprehensión das ideas e conceptos novos supoñen pro neno un esforzo, iste esforzo será o dobre e retardará seu progreso intelectual si ten que asimilalos nun idioma que non é o seu familiar. Si a lingua da escola é a mesma que a do fogar, a unidade entre ambos ámbitos sociáis será cumprimentado, co que a vida familiar e o proceso docente tenderán a cooperar mais racionalmente”.

Pola súa parte o profesor Anaya Santos na súa obra “A depresión cultural de Galicia”, dí: “O neno cando entra na escola, o menos no medio rural, debe seguir falando o idioma materno. Nunha escola maternal, nunha sección, en grados de iniciación a cultura, o falar en galego establecerá unha comunicación natural, a relación coa

sociedade infantil e culta será fluida, a escola será unha continuación do fogar, non debería ser outra cousa, e o tránsito da sociedade familiar a sociedade escolar non provocará inhibicións ou sentimentos de inferioridade.”

Francisco Pol e Pedro del Llano no seu artigo: “A aldea galega”, aparecido na revista Cuadernos pro Diálogo do mes de Novembro de 1973, din: “A conciencia nacional é inseparable do lingoaxe común. A negación dos dereitos nacionais dun pobo leva consigo a represión do seu idioma, represión que adouta dous aspectos: un “coercitivo” (imposición da lingua oficial na burocracia, no ensino, nos medios de comunicación) e outro ideolóxico (propaganda desvalorizada do idioma denominado como inferior, “dialeuto”, etc.). En Galicia o éxito desta política é grande: votado fora o galego do mundo oficial, fálese masivamente no campo pro pouco nas vilas e capitales. O sentimento de inferioridade do idioma é caseque total (...). A primeira gran frustración prodúcese na escola, onde utilízase exclusivamente o castelán. Alí provócase a primeira concienciación da marxinação do idioma materno. Como dí Xesús Alonso Montero “o rapaz que xoga na eira falando galego, aprende na escola o castelán (...), defender o racismo nunha escola de Burgos non é mais alleante que rirse na escola de Lugo do cativo que lle sae na lingua galega unha noción de calquer cousa.

En Galicia, a riqueza, o poder, a outa posición social e o mensaxe divino identifícase, en liñas xerás, co idioma castelán”. O problema agrávase porque a deficiente escolarización impide que istes campesiños falen siquera correutamente iste idioma, que soamente unha minoría sabe ler e escribir.

Xosé Manuel Beiras no seu libro “O atraso económico de Galicia” dí refiríndose a autocolonización galega: “A postura insolidaria e trivializadora no eido cultural e idiomático resulta igualmente palmatia. Ao meu ver constitúe o síntoma mais grave da despersoalización da sociedade urbá galega, pois supón unha verdadeira alienación cultural”. Ramón Piñeiro escribiu istes párrafos definitivos: “A discriminación social por medio da diferenciación lingüística tivo como resultado o complexo colectivo de inferioridade que tan arraizado está na alma galega. Un complexo que se transmite de xeneración en xeneración e que, mesmo por eso, chegou a ser un rasgo característico da nosa sicoloxía. Un complexo que nos grandes seitores da masa popular tomou a forma de resñada pasividade

e nas minorías, igoalmente acomplexadas, que quiseron fuxir desa pasividade resiñada, tomou a forma de autodesfiguración mimética, de renuncia a persoalidade propia e asimilación imitativa da allea. Deu, pois, dous resultados: a aceptación pasiva, resiñada da inferioridade por unha banda; a fuxida imitativa do alleo pola outra: Nos dous casos “servilismo”. Servilismo resiñado, no primeiro; servilismo mimético no segundo. Sentimento de inferioridade e comportamento servil. Velahí as graves taras sicolóxicas do pobo galego.”

Finalmente e para non cansar mais, a voz autorizada de A .R. Castelao que dí sobor do idioma: “... Un idioma non nasce pola vontade xenial dun grupo de homes; nasce pola predisposición sicolóxica dun pobo, que, en condicións hestóricas favorables, crea unha cultura e a súa correspondente maneira de expresión. Porque un idioma é o corpo sensible dunha cultura, e todo atentado a lingoa peculiar dun pobo representa un atentado a súa cultura peculiar (...). O problema do idioma en Galicia é, pois, un problema de diñidade e de liberdade; pero mais que nada é un problema de cultura. Estamos fartos desa cultura esterilizada que nos fan mamar do biberón. Nós queremos mamar da cultura na propia teta (...). Un pobo sometido a loita de dous idiomas acaba por non saber expresar o que sinte. Cando un pobo, que canta e fala nunha lingoa creada polo seu propio xenio, se lle impón a obriga de adoutar un idioma estrano a súa persoalidade afeitiva, prodúcese un esmorecemento do lingoaxe, que comenza pola inhibición e remata pola impotencia. Así podemos afirmar -basandonos en estudos xa realizados- que a loita ou convivencia de dous idiomas irmans “pode ser, coma no orde biolóxico, fador dunha meirande perturbación”.

Resumindo podemos espoñer dúas consecuencias fundamentais pro agricultor producidas pola deformación da súa lingoa materna ca introdución do castelán:

- a) Un complexo de inferioridade, servilismo e senso elevado da timidez o que provoca unha falla de iniciativa e decisión e seguridade en si mesmos.*
- b) Unhas inhibicións e frustracións que provocan uns dexaxustes mentás até repercutir nun desenrolo mais lento da intelixencia e no pior dos casos concluir en doenzas sicolopatolóxicas.*

Por elo, non se trata nista Rexión de ensinar a falar ben o castelán os Axentes de Extensión sinon de ensinarles a falar ben o galego contra as “campañas planeadas” contra o galego que non contra o español (seméllanos de sobremaneira inxenuo pensar que a T.V española planea campañas contra o español). Non se trata de defenderse contra a deformación do castelán sinon contra a deformación do galego; non se trata de caer simpáticos sinon de ser científicos; non se trata de loitar contra a dexeneración do lingoaxe castelán sinon contra a dexeneración do lingoaxe galego. Porque soamente así os Axentes de Extensión de fora da Rexión podrán entender o significado profundo da cultura rural diste pobo e polo tanto poseer as condicións necesarias pra milloralo e soamente así poderase evitar, tamén, as deformacións do idioma castelán, derivadas, precisamente, das deformacións do galego.

O problema non está no que se pense do grado cultural do que fala ou escribe mal unha lingoa, o problema é moito mais profundo, radica en que a deformación dun idioma, niste caso o galego, significa o fin da persoalidade dun pobo.

Ao parecer existiu outra manifestación sobre a polémica xerada pola circular de Mariano García Rollán, a da Axencia de Ribadeo, na que era xefe Antonio Oca Fernández, que rexeitou o seu contido en escrito sucinto dirixido ao Centro Rexional, cuxo contido literal descoñecemos.

O escrito oficial, tamén transcrito literalmente, do rexedor de actividades, D. Gerardo L. García Fernández , tratando de poñer fin á polémica, dicía:

Querido amigo:

Se ha enviado a las Agencias una información del Centro Regional en la que se daban una serie de ideas que pretendían ayudar a mejorar la comunicación -sobre todo escrita- con los agricultores, poniendo de manifiesto algunos errores gramaticales que, en alguna medida, todos cometemos en el uso del castellano.

Por supuesto, en el escrito no se plantea la conveniencia de comunicarse con el agricultor en idioma gallego o en idioma castellano. En el fondo, viene a decir que si utilizamos el castellano debemos hacerlo de forma correcta y lo mismo podrías decir a favor del uso de un buen gallego.

La intención de la persona que elaboró esta información era la de mejorar el castellano cuando lo utilizamos en los artículos periodísticos, hojas divulgadoras, informes, etc., y en este sentido el contenido y el espíritu de la información son correctos.

A muchos gallegos siempre nos molestó y ofendió que la lengua gallega se califique de dialecto. Puedo asegurarnos que quien redactó la información no utilizó esa calificación en tono despectivo hacia nuestra cultura.

En relación a esta información en casi todas las Agencias habreis recibido unas puntualizaciones que, a título personal, envía Ramón Muñiz, y que recogen y plantean el problema del uso de la lengua vernácula en la educación y que no es, en modo alguno, lo que se pretendía en la citada información, ya que el tema es lo suficientemente importante y trascendente para requerir un tratamiento más profundo y en un contexto más amplio de opiniones y participación.

Para aclarar malentendidos o conclusiones inexactas, tengo interés en aclarar que:

1.- Del segundo escrito que habeis recibido no he tenido conocimiento previo y, por tanto, no entro en el análisis de su contenido.

2.- Que el espíritu de la primera información es el que queda señalado y cualquier defecto que le encontreis no es intencionado.

3.- He tomado las medidas convenientes para que estas situaciones no se repitan en lo sucesivo.

También se ha recibido, en relación al tema, una carta abierta que envía el señor Mariño Torreira (supongo que en todas las Agencias de la Región).

Me abstengo, también en este caso, del análisis del contenido de la citada carta y me limito a poner de manifiesto lo incorrecto del procedimiento. No se puede admitir que cualquier acuerdo o desacuerdo con una comunicación que una Dependencia dirige a otra se formule en una carta abierta y no a través de otros cauces más indicados o incluso oficiales. Queda, por tanto, desautorizado este procedimiento.

Con mis mejores deseos, te envía un abrazo tu buen amigo.

Non rematou aquí a cousa, pois o asunto chegou aos servizos centrais do SEA en Madrid, que decidiu a apertura de dilixencias previas á incoación de expediente disciplinario a Constantino Mariño Torreira, nomeando xuíz instrutor a don Ricardo Despujol Trenor, un dos xefes de sección a nivel estatal, que se desprazou a Foz, xunto co rexedor de actividades, para informarse do acontecido.

Constantino, na súa conversa co instrutor, solicitoulle que lese o prefacio que o seu paisano Vicente Blasco Ibañez dedica ao libro de Manuel Curros Enríquez *Airiños da Miña Terra* e díxolle que lle gustaría conservar o dereito de volver a equivocarse para poder seguir actuando. O resultado final foi que, aos poucos días, recibiu un escrito do director xeral resolvendo, á vista das dilixencias practicadas, apercibilo.

En canto a Antonio Oca Fernández, que levaba varios anos colaborando nos cursos de formación de axentes, sucedeu que precisamente por esas datas tiña que desprazarse a Madrid para participar como profesor nun deles. Unha vez na capital, foille comunicado que á vista da carta de marras, e precisamente por involucrar ou permitir que se involucrasen nela os seus subordinados da Axencia, non o consideraban a persoa axeitada para a formación do persoal, co que tivo que regresar para Ribadeo.

O asunto das incompatibilidades levouse tamén rigorosamente durante todo o período anterior á autonomía. Con independencia de que resultaba obvio que non quedaba tempo no traballo de Extensión para outras tarefas profesionais, as pequenas desviacións eran corrixidas de inmediato con cambios de destino e sancións económicas con repercusión no soldo. O posto de destino era unha decisión, incluso en condicións normais, na que tiña moito que ver a consideración dos máximos responsables do SEA de non enviar, en principio, os axentes ao seu propio pobo, quizais por aquilo de que ninguén é profeta na súa terra. Isto, loxicamente, desapareceu coa chegada da democracia e das transferencias, pero está claro que así se evitaban moitas das posibles incompatibilidades. A pesar disto e das normas ao respecto, a propia actuación do SEA provocou situacións confusas entre a poboación do medio rural no ámbito das incompatibilidades. Unha historia acontecida no ano 1973 na provincia

de Ourense pode ser definitiva do que puido suceder noutros moitos lugares de Galicia:

Un vendedor de fertilizantes e sementes polo miúdo dirixe a seguinte carta (copia textual facendo omisión de lugares, nomes e outros datos identificativos) ao xefe do Estado, Excmo. Sr. D. Francisco Franco Bahamonde:

....., 2 Febrero 1973

Excelentísimo. Sr. Don Francisco Franco jefe del Estado: Madrid:

..... de: Bendedor de Avonos al por Menor Autorizado: Por la Agronomica de Orense: Avonos y Semillas Y Con el Mayor, Respeto y Consideración Espongo

Por una Competencia: Productor y Bendedor de Semillas de un Agente de Extensión Agraria; de esta Villa de: lebanito Calunias: yngustas: que así lo pude Comprobar. Colos Mismos labradores y llebando al Presidente de Cereales: Escritos: que E Cuveditaban Mi Ynocencia. Y entregando, Fotocopias; del Bendedor de Semillas que era el Agente el unico que Ami no me podía ber. Porque al quedar Solo: de Bendedor el Beneficio era Mayor, y y En Cambio el Sr. Presidente de Cereales: Apoyo Al Agente como Bendedor. Y Me Excluye: de Colaborador Con el Servicio:

Somos 4 Bocas un Camion para el Reparto Vivo de un Credito que Me dio el Banco Pastor. Solo Se bende Con la Subvención del Estado. Desciendo de una Familia Pobre: Soy Aquel que en la liberación perdi 3 pares de Zapatos: y me arresto el Capitan por que. Siempre llegaba descalzo: Pero nunca los Avia puesto, zapatos Asta llegar al Ejercito: por la lomas Me era ymposible llebarles cuando Abazabamos. Al ver esta ynjusticia: Mi familia ya no Cree en que la Gusticia que esta Escrita: dice Solo existe la Recomendación: Espero palabras Oydas por mi y dichas por Su Excelencia en la Plaza de Oriente en Madrid:

y que se le Comunique Alprisidente de Cereales de Orense: para que me trate Como un Español. Como yo trato A el:

Confieso: y pongo la Mano de Pirba de la Biblia Sagrada que es la Pieza que yo Creo Para la Salvacion de Mi Alma: que Soy ynocente de cuanto Me Acusan.

Dios guarde Al Ermano. Muchos años para el Bien de Todos los Españoles de Cierto

Esta carta foi remitida polo gobernador civil da provincia de Ourense ao delegado provincial do Ministerio de Agricultura, que á súa vez a trasladou o 17 de febreiro de 1973 ao axente de zona de Extensión Agraria en Ourense, co seguinte oficio textual:

Con fecha 15 de los corrientes, en Oficio de salida N° 975, el Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia me comunica lo que sigue:

Adjunto remito a V.I. para su informe y devolución escrito que a su Excelencia el Jefe del Estado ha dirigido D., vendedor de abonos y semillas al por menor en, el cual suplica se le permita el ejercicio de su actividad, pues al parecer el Presidente del Sindicato de Cereales apoya a un Agente de Extensión Agraria que también vende al detall la misma mercancía.

Lo que traslado a V.S. para su conocimiento y a efectos de que informe a esta Delegación sobre lo expuesto por dicho almacenista de abonos, y semillas.

Dios guarde a V.S.

O axente provincial de Extensión Agraria respondeu ao delegado tamén mediante oficio, co seguinte contido textual:

ILMO. SR:

En relación al escrito de esa Delegación Provincial n° 304 de fecha 17-2-73 interesando informe sobre la comunicación de D., vendedor de abonos y semillas al por menor, en, tengo el honor de informar a V.I. lo siguiente:

Los Agentes de Extensión Agraria, no están autorizados para realizar actividades comerciales de carácter agrícola y consta a esta Agencia de Zona, que la actuación de la Agencia de, en este sentido, es correcta.

En la Comarca de durante el año 1.970, se observó una maduración tardía de los maices híbridos de ciclo 300, por lo que se estimó del mayor interés, hacer pruebas locales con maíz híbrido de ciclo 200. Por carecer en el comercio local de este ciclo, la citada Agencia solicitó, de

la casa comercial PRODES, el envío de 100 Kgs. de semilla; (gasto que corrió a cargo de la propia Agencia, según consta en el justificante nº 1 del concepto 256-1, del tercer trimestre de 1.971), para distribuir gratuitamente, entre aquellos agricultores dispuestos a realizar las pruebas, con carácter de ensayo. Evidentemente, este hecho, no da pie a interpretar, que la Agencia realiza actividades comerciales.

Como consecuencia de la supuesta irregularidad cometida por el Sr., el SENPA, giró al menos, una inspección, de la que se derivaron medidas administrativas en contra del citado Sr.; que entiende que la Agencia es la causante y trata de perjudicar al personal de la misma.

En resumen, creemos, que esta información podrá complementarla V.I. con la que emita el SENPA sobre el particular.

Dios guarde a V.I. muchos años.

Orense, a 20 de Febrero de 1.973

A situación contemplada a día de hoxe parece irreal, pero non, ocorreu cando o SEA xa levaba implantado en Galicia 17 anos e cando España estaba incurso no proceso dos plans de desenvolvemento económico: un vendedor de fertilizantes e sementes que percibe como unha ameaza para o seu negocio, e non como unha oportunidade de futuro, o feito da promoción como demostración pola Administración dun tipo de millo que logo poderá vender a grande escala el no seu propio establecemento, e chega a invocar, quizais totalmente convencido e sen malicia, os seus dereitos de guerra diante do propio xefe do Estado; un gobernador civil que confunde ao xefe dun Servizo do Ministerio de Agricultura, o SENPA (Servizo Nacional de Produtos Agrarios), co dun sindicato, cando o sindicalismo vertical aínda era o único existente e no campo o máis parecido eran as “Hernandades Sindicales de Labradores y Ganaderos”, onde se integran obrigatoriamente todos os que exercían a actividade agraria; e en medio deles o axente de Extensión Agraria, que trata de dar solución a un problema dos agricultores da zona. Kafkiano, pero demostrativo dos avatares que os extensionistas tiveron que soportar na súa tarefa diaria en moitas das comarcas galegas.

A pesar do esforzo para que os agricultores fosen os auténticos protagonistas das súas decisións, o papel do axente de Extensión Agraria é visto ás veces como xerador de recursos da Administración, fundamentalmente polos poderes públicos, máis interesados no económico que na toma de decisións e participación da poboación rural na solución dos seus problemas. É inevitable, na situación que se vive naquel entón, o choque dunha metodoloxía que trata de que sexa o cidadán, neste caso o agricultor, individualmente ou conxuntamente como membro da comunidade rural na que habita, o que decida o que quere facer e a súa orde de preferencia para abordar os problemas que padece. O receo, pola participación como dinamizador nestas decisións do axente de Extensión Agraria, faise máis patente nos alcaldes, incrementándose aínda máis coa chegada da democracia na actuación de Extensión Agraria no campo do desenvolvemento comunitario e máis en concreto nas obras de acción comunitaria, moitas veces promovidas e realizadas co apoio dos curas rurais, comezando a xulgala como política e contraria aos seus intereses.

Poderíamos relatar moitas situacións que reflicten as tensións que se sucederon ao respecto, máis limitarémonos a relatar a sucedida na provincia de Ourense, tamén no ano 1973, onde o alcalde dun Concello dirixe o seguinte escrito (copia textual, suprimindo lugares) ao gobernador civil:

....., 9 de febrero de 1973

Excelentísimo Señor Gobernador Civil de Ourense

Excelencia:

Hace unos tres días vino a verme el párroco de acompañado de varios feligreses de, y Me preguntó si había alguna subvención para los mismos, y le dije que para habíamos pedido para agua a domicilio y arreglo de la pista; para y no se pidiera nada -4 y 2 vecinos respectivamente- por manifestar un Agente de Extensión Agraria que para núcleos tan pequeños no daban nada.- Me ofrecí para acompañarle a dicha Oficina a ver si le sacábamos algo por poco que fuera, ya que según manifestaron, tienen los manantiales cerquita de las casas.-

Dicho Señor no aceptó ni rechazó mi ofrecimiento, pero en un santiamén desapareció; preguntando por él a uno de los acompañantes me dijo que había ido a ver a los Agentes de Extensión Agraria y que seguramente conseguiría la subvención que pretendía para dichos pueblecitos.-

De confirmarse la noticia, equivaldría a pasar por alto al Alcalde y apuntarse él el triunfo.-

En dicho caso vería con agrado que V.E. denegara la subvención “por no haberse tramitado a través del Ayuntamiento, Consejo Local o Hermandad”, para que dicho cura viniera a hocicar.-

Estos curas tienen la pretensión de presentarse ante los pueblos como sus “liberadores del abandono en el que le tienen las Autoridades”, y valiéndose precisamente de la ingenuidad de las mismas Autoridades.- Así vería frenados sus impulsos propagandísticos el cura, y el Agente de Extensión Agraria no diría otra vez SI habiendo dicho antes NO al Alcalde.-

No obstante lo expuesto, V.E. verá.-

Con los mejores respetos me reitero siempre a su disposición

P.D.- No queda expresado el verdadero meollo de la actitud del clero frente al Gobierno; se lo diría ahora, pero, por aquello de que nunca se sabe a qué manos puede ir a parar una carta, se lo diré de palabra si Dios nos permite una visita en su tiempo. Verá que maquivelismo!

Resulta evidente que o alcalde, independentemente de demostrar non ter nin idea da misión de Extensión Agraria, pois contemplábaa exclusivamente como achegadora de recursos económicos para resolver os problemas dos veciños, non tragaba o clero. Pero o que máis chama a atención é a súa preclaridade ao non atreverse a expresar por escrito o “verdadero miollo da actitude do clero”, como se intuise que esta carta acabaría por publicarse algún día. Non sabemos se realizou a visita e o que lle contou ao gobernador civil. Unha verdadeira pena, a súa opinión sen dúbida sería esclarecedora.

Sobre o aspecto do trato ao agricultor por parte do persoal de Extensión Agraria, que constituía materia nos cursos de formación dos axentes, procurouse e conseguiu que fose exquisito,

diferenciado do que como cidadán recibía noutros estamentos da Administración. El era o suxeito da actuación de Extensión e para el e a súa familia ou comunidade o trato, a relación, sempre se procurou próxima, compartindo e analizando os seus problemas, non só os relacionados coa explotación ou a comunidade, senón tamén os da familia: alimentación, sanidade, educación dos fillos, etc. E isto fíxose ao seu carón, no seu medio, con visitas continuas ás explotacións, con múltiples reunións nas escolas ou tendas-bares dos seus pobos, pois naquel entón non existían centros sociais e os primeiros que se fixeron tamén foron promovidos na súa maioría polo SEA, ou arredor do lume da cociña da casa, onde tantas horas pasaron os axentes de Extensión Agraria e as de Economía Doméstica. Todo isto xerou un clima de confianza nestes funcionarios, que eran recibidos nos fogares e nas leiras como verdadeiros amigos. Por outra banda, ás axencias, os agricultores e amas de casa, individualmente ou en comisións, acudían e expresábanse con completa liberdade e sinceridade, sen complexos, sabendo que ían ser atendidos e escoitados.

En definitiva, pódese asegurar que o trato que o SEA dispensou á poboación rural, mentres mantivo o seu ideario de actuación, foi un exemplo a seguir e a imitar, pero que real e lamentablemente non se copiou moito, quizais pola dificultade de preparar e concienciar os novos funcionarios neste aspecto antes de ocupar os seus primeiros destinos. Cos traslados habidos do persoal de Extensión Agraria a outros departamentos e servizos, esta marca característica do persoal do SEA sempre se manifestou nos seus novos postos de traballo, constituíndo unha característica evidente e permanente da súa actuación como funcionarios.

As oportunidades de traslado do persoal de Extensión Agraria, e consecuentemente o seu movemento dunhas dependencias a outras, son naquel entón, ata que se produce a transferencia ás comunidades autónomas, moi elevadas. A pesar de pertencer a unha Administración centralizada, os concursos de traslado prodúcense regular e oportunamente, polo menos un cada ano. A creación de novas axencias e escolas de Capacitación e o incremento do persoal especialista de apoio nos centros rexionais facilita que os axentes naturais do país con maior antigüidade se sitúen nas axencias máis próximas aos seus

lugares de procedencia, nas que están en concellos contiguos ás grandes cidades ou con maior actividade económica, ou nas situadas na franxa litoral de Galicia e en Santiago de Compostela, onde se encontra situado o Centro Rexional, o que posibilita os estudos universitarios dos fillos. A incorporación aos novos destinos adóitase producir coincidindo co comezo do curso escolar, para evitar problemas na educación dos fillos, que leva consigo o cambio de localidade e colexio.

A permanencia dos axentes nas axencias comarcais, ata que se produce este asentamento case que definitivo, é reducida, agás nos casos nos que casan con parella do lugar. A duración dun axente comarcal nunha Axencia non supera normalmente os cinco anos, pois antes normalmente terá a oportunidade de ascender á categoría de xefe de Axencia, aínda que sexa interinamente mentres non supere o curso de perfeccionamento, ou trasladarse coa mesma condición a outra que lle resulte máis conveniente para os seus intereses particulares ou familiares. Nas provincias do interior pois a substitución regular de axentes é máis frecuente.

A desconsideración da “titulitis”, moi operante na Administración naquela época, é outra das normas rompedoras do SEA. Hai que ter unha titulación para superar a oposición correspondente, agás nas primeiras promocións nas que chegaba coa condición de ser español para presentarse, pero unha vez dentro do SEA es axente (comarcal, xefe, especialista, de economía doméstica) ou técnico, segundo a escala, con independencia do título de cada un (enxeñeiro agrónomo, perito agrícola ou enxeñeiro técnico agrícola, mestre, veterinario, capataz agrícola, sociólogo, economista, etc.). A idea vén, naturalmente, de EE.UU, onde o que se valora é ser experto nunha materia máis que o título, que non garante en principio a preparación para o exercicio dun cometido determinado, aínda que si uns coñecementos. Por esta razón nos cursos de formación os coñecementos agrarios danse por suficientes e superados nas anteriores fases da oposición, e os impartidos céntranse nos específicos das técnicas ou metodoloxías propias de Extensión, as necesarias para o traballo, loxicamente non aprendidas durante as carreiras.

O SEA convértese aos poucos anos da súa creación nun organismo que posúe unha ampla

información sobre a situación do sector agrario e do medio rural, que reflicte a realidade. As axencias, para determinar os seus programas de traballo tiveron antes que elaborar e actualizar constantemente os seus respectivos estudos da comarca, con base no coñecemento real da súa poboación e do seu territorio e dos factores sociais e económicos que as condicionan. Esta información empeza a ser atractiva para outros organismos e casas comerciais que solicitan continuamente datos, labor que se realiza sen problema, sen ningún sentimento de propiedade intelectual, colaborando ás veces na confección de estratexias conxuntas que redundan a favor da poboación rural, como sucede no caso de empresas dedicadas á venda de sementes, plantas, fertilizantes, pesticidas, maquinaria, etc., a moitas das cales o SEA serve de canle para a súa introdución comercial. Cando os estudos de tipo agrario, por unha banda, se xeneralizan nos centros de formación profesional ou nas universidades galegas, e comeza, pola outra, a creación de asesorías técnicas para a confección de estudos encargados normalmente pola Administración, as demandas de información para a preparación e a confección de traballos convértense en habituais, e de novo o SEA, sen ningunha esixencia nin protagonismo, facilita tanta información está na súa man, que por ser obtida en primeira liña é moi valorada.

O emprego dos medios de comunicación, prensa e radio, nun principio, tense moi en conta no traballo de Extensión Agraria. Aquí en Galicia utilízase a miúdo a relación e conexión cos correspondentes e emisoras locais para a divulgación de noticias e avisos relacionados coa súa actividade. Un exemplo: a primeiros dos anos setenta a Axencia de Extensión Agraria de Pontearreas (Pontevedra) difunde, na época de tratamentos no viñado, dende unha emisora de Vigo e para todos os viticultores da bisbarra do Condado, os partes do servizo de avisos antimildio creado baixo o seu asesoramento e no que participan como observadores e tomadores de datos meteorolóxicos diarios, proporcionados por estacións instaladas nos seus viñedos, agricultores dos municipios de Pontearreas, Salvaterra de Miño e as Neves, sendo o programa no que se difunden, en horario no que os agricultores están a xantar, moi seguido, para saber se é recomendable ou non dar unha man de sulfato ás viñas e combater a enfermidade.

O último comentario que facemos sobre este título das normas do SEA é referido á permanente localización dos axentes de Extensión Agraria. Isto constituía unha obsesión, unha forma moi boa de controlar un persoal tan disperso no territorio e con costumes de traballar moito tempo fóra da oficina, en contacto directo cos agricultores e as súas familias. Os axentes de zona ou supervisores podían chamar por teléfono, ou aparecer sen previo aviso, en calquera momento, e o mesmo lles sucedía a eles con respecto ao seu xefe rexional. Así que o costume de deixar informado o persoal administrativo do motivo e lugar de destino de calquera saída da oficina, así como da posibilidade dun teléfono de localización, cando iso era posible, normalmente o teléfono público do pobo unha vez establecida a telefonía no rural, converteuse nunha práctica natural admitida por todos, aínda que a ausencia fose ser de poucos minutos ou por motivos persoais.

Moitas veces o supervisor presentábase, de improviso e despois de recibir esta información, no lugar da actividade, fose unha reunión, unha demostración, un curso ou calquera outro tipo de actuación, comprobando a veracidade e participando, como un máis, no contacto cos agricultores ou as súas familias. En definitiva, os supervisores cumprían o seu papel, supervisaban, xa o creio que supervisaban, e informábanse do traballo realizado por cada Axencia e o do seu diferente persoal, coñecementos que necesitaban despois para a confección dos seus cadros de valoración e para saber se se aplicaba a metodoloxía de Extensión, velando polo seu mantemento.

O da valoración do persoal é outra das medidas na que o SEA abriu camiño e que tampouco foi moi imitada, pois os métodos postos en marcha moito despois pola Administración galega tenderon a valorar o conxunto dunha unidade, non ás persoas en concreto, e non se mostraron ata o de agora, a dicir verdade, moi eficaces e útiles para a toma das decisións que fundamentaron a súa implantación. A valoración fíxose dende un principio e cun sistema ou cadro de valoración que se foi perfeccionando, eliminándose nos tempos xa democráticos cantas referencias tiñan sobre aspectos persoais, que se eran tidas en conta nun principio na época franquista, dando especial importancia ao coñecemento adquirido da comarca, á programación do traballo, aos resultados conseguidos e, como non, ao reco-

ñecemento que a poboación facía do traballo desenvolvido e da persoa valorada en particular.

O xefe de Axencia facía o cadro de valoración dos seus colaboradores, sendo á súa vez valorados eles polo supervisor provincial. Os informes de valoración utilizábanse na Comisión Superior de Persoal para decidir o nomeamento de postos de libre designación, categoría na que entraban xa os propios xefes de Axencia. O persoal tiña dereito a coñecer o seu cadro de valoración, co obxecto de poder melloralo no sucesivo.

A estrutura dos primeiros cadros de valoración do SEA era a seguinte:

A-Trazos.

1-Moralidade.

Honestidade nas actuacións e nas opinións emitidas.

2-Disciplina.

2.1- Normas: Coñecemento das normas e o seu cumprimento.

2.2- Directrices: Cumprimento das ordes e instrucións dos superiores.

2.3- Actitude ante normas e directrices: deféndeas como súas e promove o seu cumprimento.

3-Competencia.

3.1- Cultura: Nivel de instrución das persoas.

3.2- Comunicación: Selección e exposición das ideas. Capacidade de persuasión.

3.3. Modais: Accións de cada persoa mediante as que demostra a súa educación.

3.4- Xuízo e flexibilidade: Capacidade para captar unha situación e sacar conclusións correctas.

3.5. Grao de formación técnica: Dominio das materias profesionais, fundamentalmente das que constitúen o obxecto de traballo na súa comarca.

3.6. Grao de formación práctica: Destrezas e coñecementos prácticos adquiridos.

3.7. Afán de superación: Inquietude por perfeccionarse, tanto nas técnicas profesionais coma de Extensión.

4-Laboriosidade.

Dedicación e espírito de axuda á poboación rural.

5-Responsabilidade.

Aceptación das consecuencias da súa acción.

6-Respecto.

Consideración da comunidade na que se traballa e de maneira especial ás súas autoridades e representacións.

7-Iniciativa.

Capacidade para idear e emprender con acerto novas accións.

8-Sociabilidade.

Sentido da relación mutua, do compañeirismo e da amizade cos demais. Consideración alcanzada na comunidade.

9-Antigüidade.

10-Adaptabilidade.

B- Trabajo.

1-Coñecemento da comarca (situación da comarca de traballo).

1.1- Diversas explotacións tipo:

- *Número, situación, distribución e importancia relativa.*
- *Nivel de ingresos que proporciona.*
- *Técnicas de produción, transformación e comercialización que empregan.*
- *Organización do traballo.*
- *Actitudes da familia e do empresario.*

1.2- Diversos fogares tipo:

- *Ingresos e gastos familiares.*
- *Vivenda, alimentación, hixiene e sanidade.*
- *Traballo da muller.*
- *Organización e decisións familiares.*

1.3- A xuventude da comarca:

- *Coñecemento dos mozos, número, idade, sexo, procedencia social, lugar de residencia, etc.*
- *Nivel cultural e de traballo.*
- *Institucións, asociacións e persoas relacionadas coa xuventude.*
- *Actitudes familiares e dos mozos con respecto á súa formación.*
- *Líderes xuvenís.*

1.4- Comunidades:

Estrutura social e vida comunitaria.

Grupos socio-económicos.

Institucións e asociacións locais.

Cooperación, axuda mutua e prácticas comunitarias.

Líderes.

Relacións entre comunidades.

1.5- Calidade da documentación relativa ao estudo de comarca:

- *Ficheiros, arquivos, rexistros, documentos varios.*
- *Trabállase de modo sistemático, ordenado e coherente no perfeccionamento e permanente actualización do estudo de comarca?*

2- Identificación e selección de problemas.

2.1- Identifica con calidade e profundidade os problemas en:

- *Toda a comarca.*
- *Algunhas localidades.*
- *Algúns grupos ou sectores.*
- *Algunhas familias.*
- *Algúns individuos illados.*

2.2- Acerto na súa selección en función das posibilidades existentes e da actitude da poboación.

2.3- Participación da poboación na identificación e selección:

- *Non participa. (A análise e selección é subxectiva e responde unicamente aos desexos e interpretacións do axente. Xunta local de trámite.)*
- *Participación indirecta. (A través de líderes e colaboradores seleccionados sistematicamente. Os membros da xunta local son escollidos e adestrados para que comprendan o seu papel e asuman responsabilidades.)*
- *Promove a participación. (Constituindo ou utilizando grupos, comités, consellos e xuntas a nivel local, axudándoos a realizar esta tarefa.)*
- *Traballa con grupos de estudo e acción. (Cuxos membros identifican os problemas, establecen as prioridades, sinalan metas, determinan*

obxectivos educacionais, lográndose compromisos de acción.)

2.4- Coñecemento das posibilidades:

- *Calidade e cantidade da información que obtén e manexa.*
- *Como utiliza para este fin a técnicos e especialistas.*

2.5- Amplitude de visión e criterio.

3- Plan anual de traballo.

3.1- Obxectivos:

- *Expresados en termos claros, operativos e avaliábeis.*
- *Amplitude. (Medir o interese para os distintos sectores en función da poboación implicada.)*
- *Calidade en función do seu nivel. (Por exemplo, a nivel de produción ou a nivel de transformación ou xestión da empresa. A nivel de proxecto ou ao de xestión conxunta explotación-fogar, etc.)*

3.2- Coordinación. (Cos especialistas, organismos, líderes e persoas involucradas.)

3.3- Participación activa da poboación:

- *Promove a participación e desenvolvemento de grupos e líderes.*
- *Inclúe a participación de grupos organizados de estudo e acción.*

3.4- Adecuación dos métodos en función dos obxectivos.

3.5- Coherencia do plan. (Ver se cada membro do equipo conduce "o seu plan para os seus clientes" ou se elaborou coa efectiva participación de todo o equipo da Axencia, que comprende e comparte tanto os obxectivos coma a eficiente utilización dos recursos.)

4- Execución.

4.1- Cumprimento das actividades programadas:

- *É fiel ao programado.*
- *Non é fiel, pero xustifica os cambios.*
- *Non é fiel, nin o xustifica.*

4.2- Esfuerzo para lograr unha actuación integrada. (Reconsidera periodicamente a programación

para procurar que incidan nas mesmas comunidades e familias as catro liñas de traballo e evitar, por exemplo, que se traballe cos mozos esquecendo as súas explotacións e fogares, mentres as accións comunitarias se realizan noutras localidades.)

4.3- Calidade e corrección na aplicación da metodoloxía. (Inclúe a calidade dos materiais educativos preparados e utilizados.)

4.4- Capacitación e utilización de líderes, colaboradores e demostradores para desenvolver tarefas previstas no plan.

4.5- Asígnanse tarefas a grupos específicos que difunden na comunidade os resultados obtidos.

5- Relacións públicas.

5.1- Mantén boas relacións e coopera con outras institucións e organismos oficiais e privados.

5.2- Integración e comunicación cos distintos sectores de poboación da comarca.

5.3- Proporciona coñecemento e satisfacción a colaboradores e líderes.

5.4- Promove o coñecemento da Axencia e da súa actividade a todos os niveis.

6- Colaboración (ou traballo en equipo).

6.1- Calidade e frecuencia das reunións periódicas para informar e coordinar as tarefas do equipo.

6.2- Interésase permanentemente polo labor do equipo da Axencia e participa nas decisións.

6.3- Promove iniciativas, solicita suxestións e proporciona satisfaccións.

6.4- Distribúe e comparte traballo e responsabilidades.

6.5- Fomenta boas relacións de traballo.

6.6- Supervisa as tarefas do persoal ao seu cargo.

6.7- Contribúe a que o persoal mellore profesionalmente.

6.8- Solicita asistencia e coopera co persoal doutras dependencias do Servizo.

7- Administración.

7.1- Organización do traballo de oficina:

- *Limpeza e organización de oficina.*
- *Arquivo e rexistro: completos, ordenados e actualizados.*

7.2- Administración de recursos:

- *Materiais: uso correcto, coidados ao material e previsión de utilización.*
- *Económicos.*

7.3- Información a unidades administrativas superiores:

Puntualidade.

Ponderación.

Oportunidade. (Envío de informes non obrigatorios pero si oportunos.)

8- Valoración.

8.1- Fai valoración de resultados e reconsidera o programa da Axencia con base a eles.

8.2- Valora cada unha das fases do seu traballo contidas neste cadro de valoración e elabora o seu propio plan de perfeccionamento profesional.

C- Resultados.

1- Cantidade e calidade de obxectivos alcanzados.

- *Comunidades.*
- *Explotacións.*
- *Familias-Fogar.*
- *Xuventudes.*

2- Integración e coherencia.

Número de familias que desenvolven proxectos nos catro campos.

Número de familias que desenvolven proxectos en tres campos.

Número de familias que desenvolven proxectos en dous campos.

Número de familias que desenvolven proxectos nun só campo.

3- Participación e desenvolvemento das persoas.

- *Desenvolvemento e utilización de líderes e colaboradores.*
- *Grupos organizados de estudo-acción.*

Título IV. Material e medios de traballo das normas do SEA

Este Título IV tiña os seguintes cinco capítulos: I- Normas sobre publicacións; II- Fotografías, III- Películas e diapositivas; IV- Utilización de vehículos do Servizo de Extensión Agraria; e V- Medios existentes en centros rexionais e axencias provinciais.

Procedemos, igualmente que nos anteriores, ante a transcribir e comentar algunhas das normas expostas neste título:

Capítulo I.- Normas sobre publicacións

1) Artigos para prensa, guións radiofónicos e follas divulgadoras.

Os artigos e guións que as axencias preparan para as súas propias emisións radiofónicas, para colaboracións en prensa e para follas divulgadoras, désñanse en adiante co nome xeral de “Publicacións”, e a tramitación dos seus orixinais axústase ás seguintes normas:

Axencias comarcais:

1ª.- De cada proxecto de publicación que preparen, enviarán catro copias ás axencias provinciais, con un mes de antelación á data que haxan de ser utilizados.

2ª.- Sempre que sexa posible, aproveitaranse as visitas que realice á Axencia o supervisor provincial ou o rexedor de actividades para o estudo e consideración dos seus proxectos de publicacións.

3ª.- No caso de reedición, procederase en todo como se se tratase dunha publicación nova, tanto se se utiliza o orixinal primitivo coma un texto actualizado.

Axencias provinciais:

1ª.- A Axencia Provincial, despois de examinar o proxecto de publicación, poderá aprobalo se ao seu xuízo o estima conveniente.

Das catro copias recibidas, devolverá unha á Axencia Comarcal coa aprobación ou correccións pertinentes; arquivará outra copia na Axencia Provincial; a terceira copia será enviada ao Servizo Central co conforme da Axencia Provincial; e a

cuarta copia será remitida ao Centro Rexional correspondente.

2ª.- No caso de que a Axencia Provincial non considere apropiadas as publicacións, denegará directamente a súa aprobación.

3ª.- Cando a Axencia Provincial estime útil a publicación, pero non poida pronunciarse sobre a súa aprobación íntegra ou as correccións necesarias, enviará as catro copias ao Centro Rexional para a súa aprobación ou trámite subseguínte.

4ª.- As axencias provinciais intervirán na redacción de publicacións, sempre que sexa posible, co obxecto de coordinar e xeneralizar as normas e recomendacións acreditadas mediante a experiencia como as máis eficaces dentro das distintas áreas agrícolas uniformes de cada zona.

5ª.- Os artigos ou colaboracións que as axencias envíen para ser publicados na revista de Extensión Agraria deben seguir o mesmo curso que os orixinais das restantes publicacións; é dicir, remitiranse á dirección da revista a través da Axencia Provincial e Centro Rexional correspondentes.

Centros rexionais:


1ª.- O rexedor de actividades aprobará, con correccións ou sen elas, ou denegará as publicacións recibidas da Axencia Provincial sobre as que non puido pronunciarse esta dependencia, devolvendo á Axencia Provincial dúas copias co conforme e enviando a terceira ao Servizo Central. A cuarta copia quedará nos seus propios arquivos.

2ª.- Se o rexedor de actividades non pode pronunciarse sobre a publicación, remitirá as catro copias á Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos.

3ª.- Cando se estime necesario dispoñer de publicacións técnicas de carácter puramente rexional, o rexedor de actividades poderá autorizar a súa preparación e tirada cos medios de reprodución de que están dotados os centros rexionais, debendo figurar como pé de imprenta en todas as publicacións "Servizo de Extensión Agraria.-Centro Rexional de ...". De cada publicación editada enviarase un exemplar á dirección do Servizo e outro á Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos.

Non poderá enviarse á imprenta unha publicación sen ter autorización previa e expresa do Servizo

Central. Esta norma non se refire aos artigos e colaboracións de periódicos, xa que a edición destas publicacións é realizada por persoas alleas ao Servizo.



Folla de divulgación, formato clásico, como se chamaron nun principio, nº 28 do Servizo de Extensión Agrícola, e folla divulgadora moderna, núm. 6 do ano 1983. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Publicacións referentes á xestión de explotacións:

Todos os proxectos de publicacións relativas á xestión de explotacións agrarias, preparadas polas axencias, calquera que sexa a súa extensión e formato, serán remitidos aos rexedores de actividades, para que autoricen a súa publicación, se o estiman oportuno, ou os envíen aos servizos centrais naqueles casos nos que non poidan pronunciarse afirmativa ou negativamente sobre a conveniencia de divulgar o seu contido.

Normas comúns:

Co fin de que en todo momento as axencias teñan coñecemento de cantas publicacións se editen na súa rexión, tanto as axencias comarcais coma as provinciais remitirán, segundo o caso, un número de exemplares suficientes ao Centro Rexional correspondente, quen, facendo constar nelas o selo de "Aprobada", as distribuirá entre todas as súas axencias, ben directamente ou a través das provinciais.

Igualmente e na mesma forma, enviará as editadas no propio Centro Rexional.

Tanto nos centros rexionais coma nas axencias provinciais e comarcais existirán índices das publicacións que se editen na rexión. É aconsellable incluír un apartado especial destinado a indicar aquelas que poidan recibirse doutras dependencias.

Na sinatura das publicacións, nas que figure o nome de Extensión Agraria, soamente debe aparecer o nome da correspondente dependencia do Servizo, ou este conxuntamente co do autor, podendo neste último caso indicarse o cargo que o interesado ten no Servizo. En ningún caso deberán figurar títulos ou diplomas académicos nin calquera outra circunstancia allea ao seu cargo no Servizo.

1) Publicacións de Extensión Agraria.

O Servizo de Extensión Agraria edita diversos tipos de publicacións nas que se tratan varios temas de interese para os agricultores españois.

Destas publicacións unhas son gratuítas, mentres que outras teñen un prezo de venda, que varía segundo a Extensión e características da publicación.

Publicacións de distribución gratuíta son os encartes, follas divulgadoras, fichas técnicas, trípticos, follas de economía doméstica, etc.

Publicacións de venda son os manuais técnicos, serie técnica, colección "Dez temas", colección "Agricultura práctica", etc.

As axencias reciben un exemplar de todas estas publicacións, para que, no caso de que sexan gratuítas, as coñezan e soliciten ao Centro Rexional correspondente ou ao Servizo Central o número de exemplares que necesiten co fin de entregarllelas aos agricultores, e cando se trata de publicacións de venda, para que sexan incluídas na biblioteca básica da propia Axencia.

2) Documentación técnica para as axencias.



A documentación técnica das axencias está constituída por:

- Biblioteca básica.*
- Informacións preparadas pola Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos.*
- Fichas.*
- Revistas técnicas.*

a) Biblioteca básica.

Ao crearse unha nova Axencia envíase dende o Servizo Central unha pequena biblioteca básica de carácter xeral, integrada por publicacións de Extensión Agraria (manuais técnicos, libros da colección "Agricultura práctica", etc.) e por outros textos de autores e editoriais particulares, coidadosamente seleccionados.

No caso de que as axencias necesiten algún outro libro, para posuír suficiente información técnica sobre materias de particular interese para a comarca, deberán solicitalo da dirección do Servizo, previa consideración conxunta da súa necesidade co supervisor provincial, a través do Centro Rexional, para que o rexedor de actividades informe a petición. As peticións de libros que non sigan este trámite non serán tidas en conta.



Follas divulgadoras confeccionadas nos anos setenta polas axencias do SEA do Porriño e da Cañiza (Pontevedra) sobre o cultivo do amorodo e a elaboración de viños, para uso concreto nas súas respectivas comarcas. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)



Informacións técnicas elaboradas nos anos oitenta polas axencias de Extensión Agraria de Verín e Xinzo de Limia (Ourense), para difundir en charlas e cursos as prácticas recomendables na elaboración de viños tintos e na almacenaxe e conservación das patacas. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Na solicitude expoñeranse os motivos que aconsellan a adquisición do libro indicado, especificando, se se trata dunha obra concreta, as razóns polas que tal publicación é preferible a outras que tratan do mesmo tema.

b) Informacións preparadas pola Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos.

As series de informacións que se publican actualmente son as seguintes:

Informacións SEA.- As informacións SEA reproducen a multicopista artigos interesantes publi-

cados en revistas españolas e tamén información preparada especialmente por diversas seccións do Servizo e circulares doutros organismos que se estiman útiles para o traballo que desempeña o persoal de Extensión. As informacións SEA levan na primeira páxina banda amarela, agás as dedicadas a temas de economía doméstica ou a índices, que levan banda azul.

Publícanse 60 números ao ano e distribúense a todas as axencias comarcais, provinciais, centros rexionais e centros de Capacitación Agraria.

Informacións SEA-B.- Reproducen, en forma fotográfica xeralmente, artigos interesantes aparecidos en revistas agrarias españolas e que non son de interese xeral. Cada ano publícanse 30 números. Estas informacións levan banda azul na primeira páxina.

Distribúense aos centros rexionais e axencias interesadas no tema.

Informacións SID.- Esta serie de informacións coñécese co nome de traducións. Edítase igualmente a multicopista e reproduce traducións de artigos interesantes aparecidos en revistas agrarias estranxeiras. Cada ano publícanse 60 números distintos. A cor da banda da primeira páxina é marrón.

Distribúense ás axencias provinciais, centros rexionais e centros de Capacitación Agraria.

Na revista de Extensión Agraria publícase un resumo dos números que van aparecendo, para que as axencias poidan solicitar ao Centro Rexional correspondente os números que lles interesen.

Informacións SEA-F.- Reproducen a multicopista fotocopias de artigos de tema agrario publicados en revistas estranxeiras. A maior parte destas informacións son en idioma francés. O número de informacións desta serie publicadas ao ano é de 60. A cor da banda da primeira páxina é azul.

Distribúense a centros rexionais, centros de Capacitación Agraria e especialistas nos temas que se reproducen. Se algunha Axencia ten interese en dispoñer dalgunha delas, pode solicitálas ao Centro Rexional correspondente.

Nota.- As informacións SEA, SEA-B e SEA-F son para uso exclusivo do persoal do Servizo, polo que

non poden ser prestadas nin facilitadas a persoas alleas.

c) *Fichas.*

A Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos prepara tamén tres series de fichas, das que se envía un exemplar a todas as dependencias do Servizo. Tales series son: fichas bibliográficas, fichas legislativas e fichas de pesticidas.

Fichas bibliográficas.- O programa anual de publicacións de Extensión e Capacitación Agraria e de documentación interna do Servizo inclúe máis de 400 títulos diferentes entre publicacións impresas e informacións a multicopista.



Tríptico confeccionado pola Axencia de Extensión Agraria de Ribadavia (Ourense) sobre a cata de viños nos anos noventa, xa na etapa do SEA na Xunta de Galicia, asunto sobre o que se esperta nesa época un inusitado interese. (Documento escaneado, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Co obxecto de facilitar o labor de documentación bibliográfica de todas as dependencias do Servizo, confeccionáronse e distribúense fichas bibliográficas relativas a cada un dos títulos editados.

As fichas ao principio eran de cartolina, de cor variable segundo o apartado de clasificación, e de tamaño 15 x 15. Nelas indícase o título, a serie á

que pertence a publicación e un resumo do seu contido. A súa clasificación faise de acordo coa clave que figura no apartado “Formularios” (núm. 3).

Dende hai algún tempo estas fichas edítanse no mesmo formato pero en cor branca, cunha banda na súa parte superior de cor correspondente á clave de clasificación.

Fichas legislativas.- Mensualmente publícase e mándase a todas as dependencias periféricas do Servizo un índice das disposicións aparecidas no Boletín Oficial do Estado relativas a asuntos de carácter agrario.


Esta comunicación ten por obxecto evitar que aquelas disposicións importantes, que teñen interese para todas ou polo menos para un grande número de axencias, poidan pasar inadvertidas. Porén, ao cabo de certo tempo de aparecer unha disposición, aínda que se recorde que foi promulgada, resulta difícil precisar a data aproximada na que se publicou no Boletín Oficial do Estado.

Para facilitar a busca dunha disposición de interese o Servizo prepara unhas “fichas legislativas” nas que se indican o asunto de que trata a disposición, un resumo dela e o número e data do Boletín Oficial do Estado na que se publicou.

O formato das fichas legislativas é o mesmo que o das bibliográficas, e a súa cor totalmente branca. No apartado “Formularios” (núm. 1) figura a clave provisional de clasificación destas fichas, xa que é susceptible de ampliación.

Fichas de pesticidas.- Estas fichas reflicten datos relativos aos produtos fitosanitarios de uso autorizado en España. Concretamente, inclúen o seu nome comercial, composición, forma de presentación, praga e cultivos nos que pode utilizarse e condicións especiais da súa aplicación.

Edítanse en tipografía, en cartolinas de cor branca das mesmas dimensións que as outras fichas descritas anteriormente.



Información SEA, sobre a poda de formación do melocotoeiro, e folia de economía doméstica, sobre consumo e publicidade, elaboradas polos servizos centrais do SEA e distribuídas ás axencias nos anos 1963 e 1981, respectivamente. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)

d) Revistas técnicas periódicas.

As axencias reciben habitualmente a revista de Extensión Agraria e unha revista nacional, cuxa subscripción faise directamente polo Servizo Central a proposta do xefe da Axencia.

Nas axencias nas que exista axente de economía doméstica, ademais da revista de carácter agrícola, poderán recibir, como máximo, dúas revistas máis sobre a especialidade de economía doméstica, das cales unha delas ten que ser, necesariamente, a titulada "Escuela de Hogar". No caso de que interese a recepción doutra revista de economía doméstica, a Axencia deberá informar do título desexado, co fin de proceder a realizar a oportuna subscrición.

4) Arquivo do material informativo.



En cada Axencia arquivaranse ordenadamente todos os exemplares de follas divulgadoras, informacións, encartes, libros, etc. Estes exemplares serán de todo punto inamovibles, xa que, se a Axencia se desprende deles, puidera ocorrer que, por carecer de existencias nos servizos centrais, quedarán na biblioteca ou arquivo incompletos.

Esta ordenación farase polo número de orde da publicación ou por materias. As axencias que teñan un bo sistema de arquivo en funcionamento seguirán con el.


Todos os libros da Axencia deberán quedar inscritos, tan pronto se reciban, nunha relación inventario. Despois ordenaranse en estantes, agrupados por materias.

As revistas técnicas ás que estea subscrita a Axencia serán arquivadas ordenadas por anos; teranse en carpetas de cintas ou encadernadas cando o seu interese o aconselle.


Os folletos ordenaranse por materias, e convén gardalos en caixas de cartón, das que existen tamaños ou modelos normalizados que se venden nas papelerías.



Anverso e reverso da ficha técnica sobre deseño de corte con cubículos para gando vacún de leite, confeccionada polos servizos centrais do SEA e que formaba parte da colección que dispoñían todas as dependencias. (Documento escaneado, do arquivo persoal de José M. Pérez)



Exemplares das publicacións “Dez Temas” e “Serie Agricultura Práctica” editadas polo SEA nos anos 1968 e 1971, respectivamente, e que formaban parte da biblioteca básica das axencias. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)



Boletíns informativo e de información da serie técnica editados polo Servizo de Extensión e Capacitación Agraria da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria da Xunta de Galicia nos anos 2000 e 2001, pouco antes da desaparición oficial de Extensión Agraria. (Documentos escaneados, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Capítulo II.- Fotografías

1.- Arquivo fotográfico.

O arquivo fotográfico dunha Axencia farase do seguinte xeito:

1º. Selección de fotografías, rexeitando as que presenten anacos velados, cabezas cortadas, falta ou exceso de luz, etc.

2º. Facer copias tamaño 9 x 12 das non rexeitadas.

3º. En cada sobre SEA-59 gardarase soamente un negativo coa súa correspondente copia positiva, cubrindo os seus datos da forma que se indica no apartado 6º.

4º. Todos as epígrafes que consten no sobre arquivo serán escritos a máquina.

5º. A numeración das fotografías será correlativa, numerando do 1 en adiante, sen ter en conta os distintos temas, e sen empezar de novo cada ano.

6º. Apartados contidos no sobre SEA-59 para o arquivo fotográfico e que poden ofrecer algunha dúbida:

Número: Farase constar o número correlativo da fotografía, o do ano e o da Axencia, sempre nesta orde. (Este número escribirase a lapis e, na mesma orde, no dorso das copias que se fagan de cada negativo, sen premer para que non sufran deterioración.)

Asunto: Explicarase detidamente o contido da foto, de modo que esta explicación poida contestar todas as preguntas que xurdan de observar a fotografía. Por exemplo: que persoas aparecen, que fan e para que.

Localidade: Lugar onde se realizou a foto.

Clasificación: Exporase o tema da fotografía: cultivos, gandaría, industrias, concursos, exposicións, etc.

Arquivo: No recadro correspondente a "arquivo" escribirase o lugar no que se encontra o negativo, no caso de non estar na Axencia. Por exemplo: Servizo Central, INC, INIA, etc.

Negativo: Especificarase o tamaño do negativo: 6 x 9, 6 x 6, 35 mm, etc.

Observacións: Espazo para complementar as ideas expostas no asunto.

2.- Arquivo central.

1º. Á dirección remitirase unha copia de cada fotografía que faga a Axencia, aínda que o autor considere que non sexan útiles para o arquivo central.

2º. O envío farase xunto co impreso para "Parte fotográfico" (SEA-73), en cuxo anverso se fará constar o número de fotografías obtidas e das estragadas (das que non se enviarán copias), relacionando o número de cada unha das que se envían á dirección.

3º. En cada copia figurará o número da fotografía correspondente ao arquivo da Axencia e na forma que se indica nos apartados anteriores. É dicir: o a orde, ano e número da Axencia, e sempre por esta orde (14-65-2).

4º. O parte fotográfico enviarase mensualmente á dirección do Servizo, aínda que non se remita ningunha fotografía, especificando, neste caso, a razón nas observacións.

5º. As fotografías non útiles ao arquivo central devolveranse inmediatamente ás axencias.

6º. Os negativos útiles ao arquivo central pediranse a través do parte fotográfico (apartado B do SEA), e a Axencia remitiraos clasificados en sobres

SEA-59 á dirección e acompañados do referido parte fotográfico, cubrindo o apartado C.

7º. Destes negativos seleccionados e que se incorporen ao arquivo central, remitiranse á Axencia, co mesmo impreso SEA-73 apartado D, dúas ampliacións de 9 x 12, en cuxo dorso figurará o número e clasificación co que queda a foto arquivada no Servizo Central.

8º. O envío de fotografías, a petición de negativos e o envío destes, farase co mesmo impreso do parte fotográfico, sen acompañar de escrito ningún.

9º. A Axencia que, por causas xustificadas, necesite copias dos negativos do Servizo Central, solicitarao por oficio, facendo mención expresa do número e clasificación correspondente ao arquivo central e indicando o tamaño das copias que necesita.

3.- Fotografías en cor.

As axencias poderán facer fotografías con negativo cor cando excepcionalmente sexan útiles ás súas actividades. Respecto ao arquivo destas fotografías seguiranse as mesmas normas establecidas anteriormente. Isto permitirá ao Servizo Central facer diapositivas daquelas fotos que poidan interesar na bisbarra, e solicitaranas as axencias da dirección da mesma forma que as copias en branco e negro, punto 9º do apartado arquivo central.

4.- Series de diapositivas en cor.

Polo elevado custo deste material, non se poderán facer transparencias en cor con cargo aos gastos das axencias.

Porén, aqueles axentes que particularmente fagan series sobre temas concretos co seu correspondente guión, poderán enviarllas á dirección, e se resultasen útiles serán aboadas ao seu realizador, conforme o establecido na orde-circular núm. 3/1964.

5. Reportaxes.

1º. As reportaxes fotográficas enviaranse á dirección soamente cando sexa aconsellable para completar, por exemplo, algún informe, memoria de actividades, proxecto de publicación, etc.

2º. Estas reportaxes colocaranse en cartolina tamaño folio (branca ou negra); tres fotografías

tamaño 9 x 12 se son apaisadas, e ata catro se non o son.

3º. Xunto a cada foto, na cartolina, constará o seu número correlativo, o ano e o número da Axencia, seguido do pé que conveña á foto.

4º. No caso de enviar reportaxes ao Servizo Central, quedará sempre copia na Axencia, cos mesmos números, asuntos, etc. que consten neste, pedindo novas copias ao Servizo Central daquelas cuxos negativos obren no arquivo da dirección.

Capítulo III.- Películas e diapositivas

1.- Películas.

En cada Centro Rexional dispónse de películas para atender as necesidades da rexión.

As axencias solicitarán, polo tanto, este material aos seus respectivos centros rexionais, aténdose ás instrucións que, para a súa utilización, reciban deles.

2.- Diapositivas.

En cada Axencia Provincial hai varios exemplares das distintas series de diapositivas a disposición das axencias comarcais da súa demarcación. No caso de que unha Axencia Comarcal solicite unha serie de transparencias á súa Axencia Provincial e esta non poida subministrarlle por ter distribuídas todas as que ten adxudicadas, pode pedirla á Subdirección de Divulgación e Asuntos Tecnolóxicos. As axencias devolverán estas series facilitadas polos servizos centrais no prazo de tres días contados dende o final da súa utilización.

Nas series, as transparencias están colocadas de acordo cunha certa orde de exposición do tema tratado, mentres que nas coleccións non é así, e as diapositivas seleccionáronse e ordenáronse para usar só as que interese en cada caso.

Unha vez seleccionada a serie de diapositivas, debe estudarse ao máis fondo posible o seu contido, para sacar o máximo proveito ao utilizala. Non é bo limitarse a ler o guión mentres se proxectan as transparencias. O guión que acompaña as diapositivas é só un conxunto de suxestións respecto ás posibilidades de cada foto. Estudarase a serie para seleccionar as diapositivas, decidir a súa orde, prever a duración da proxección e preparar mentalmente o comentario adaptado ao auditorio.

A información SEA núm. 967 contén un índice actualizado das series e coleccións de diapositivas que existen a disposición das axencias.

Capítulo IV.- Utilización de vehículos do Servizo de Extensión Agraria

Os vehículos asignados ás dependencias do Servizo teñen carácter oficial. Calquera uso diferente do previsto será obxecto de severas sancións.

Na utilización de vehículos oficiais observaranse taxativamente as seguintes normas:

1.- Responsabilidade.

1.1 - Todos os vehículos que presten servizo nas axencias e centros rexionais, ao igual que o resto do material, están baixo a responsabilidade directa do xefe da dependencia, quen vixiará estreitamente o seu estado e conservación e fará cumprir as presentes normas a todo o persoal que del dependa.

Para conducir vehículos oficiais do Servizo de Extensión Agraria é necesaria unha autorización expresa, expedida pola Secretaría Xeral, na que constará o nome do funcionario e o número de matrícula do vehículo que pode conducir.

Esta autorización solicitarase directamente, mediante oficio, á dirección, cando sexa precisa por asignación dun novo vehículo á dependencia ou a adscrición dun novo funcionario.

1.2 - A asignación de vehículos faise á unidade administrativa (Axencia Comarcal, Axencia Provincial ou Centro Rexional) e non a título persoal ao xefe da dependencia. Será este, ou en quen delegue (no caso dos centros rexionais), o que designe en cada caso o vehículo que prestará o servizo. Son casos excepcionais a este respecto os vehículos asignados a axentes especializados e técnicos, que teñen unha misión concreta.

1.3 - O funcionario que fose designado para a utilización dun vehículo, en acto de servizo, levará sempre completa a súa documentación oficial e a propia persoal, con carné da clase B ou superior, así como a oportuna autorización, expedida pola Secretaría Xeral, preceptiva para conducir cada vehículo en particular.

1.4 - Os vehículos serán conducidos única e exclusivamente polo funcionario a quen o xefe responsable designe, aínda que na súa compañía

viaxen outros funcionarios do propio Servizo e incluso se algún fose de superior categoría.

1.5 - Os vehículos asignados a cada dependencia serán ocupados, como máximo, polo número de prazas que teña recoñecido, e para este efecto reitérase que as furgonetas Citroën só poden transportar dúas prazas (conductor e un pasaxeiro) e as berlinas catro (conductor e tres pasaxeiros), estando terminantemente prohibido utilizalas para transporte de maior número de persoas.

1.6 – Para garantir que o uso dos vehículos só se efectúa polas persoas debidamente autorizadas e para desenvolver as actividades do Servizo, o xefe da dependencia deberá estar informado en todo momento dos desprazamentos dos vehículos, percorridos que efectúen e actividades que desenvolva o persoal ás súas ordes. Igualmente, coidará moi especialmente da súa custodia, de maneira que os vehículos queden sempre en lugar seguro, co fin de que estes non poidan ser utilizados por persoas non autorizadas.

1.7 – Calquera accidente que teña lugar por incumprimento destas normas levará consigo a sanción correspondente ao xefe da dependencia de que se trate, pola súa negligencia, sen prexuízo das responsabilidades a que, derivadas de aquel, tivese lugar.

1.8 – O pago de multas debido a infraccións das disposicións sobre circulación de vehículos, aparcamento, etc., cometidas por negligencia do funcionario que conduza o vehículo do Servizo, deberán ser satisfeitas por este.

2. Normas de utilización.

2.1 – Os vehículos non poden circular normalmente fóra da comarca de traballo que teñan designada os seus usuarios. Dentro delas realizaranse os desprazamentos nos vehículos oficiais de que dispoñen todas as dependencias e serán reflectidos no parte mensual correspondente, modelo SEA 36/37.

2.2 – Para utilizar o vehículo oficial en desprazamentos fóra da comarca de traballo será indispensable a autorización expresa do superior que deu a orde de desprazamento en comisión de servizo, así como a que, preceptivamente, debe outorgar a Subsecretaría do Departamento no caso de que se realicen fóra da provincia na que prestan servizo.

2.3 – Queda terminantemente prohibido que os vehículos propiedade do Servizo sexan utilizados por persoas totalmente alleas a el, aínda cando vaian en compañía de funcionarios do Servizo. Os xefes das dependencias coidarán do máis exacto cumprimento desta norma, evitando accidentes nos que se fai moi difícil para o Servizo a defensa do persoal ante os tribunais. Para estes efectos, enténdese por persoas “totalmente alleas” aquelas que non teñan vínculo contractual de carácter administrativo ou relación laboral algunha co Servizo para o desenvolvemento de actividades.

2.4 – A Comisión Coordinadora de Parques Móviles dos ministerios civís ten autorizada a circulación dos vehículos denominados “furgonetas” durante os domingos e días festivos, sempre que se dediquen á carga e con só dous pasaxeiros (conductor e outra persoa), sen necesidade de solicitar autorización previa da Subsecretaría do Ministerio de Agricultura.

Os rexedores de actividades quedan facultados para autorizar a prestación de servizo durante os domingos e días festivos polas furgonetas das axencias da súa demarcación, para desprazamentos debidos a actividades do Servizo.

Ao final de cada mes, os centros rexionais remitirán ao Servizo Central unha relación das autorizacións concedidas, expresando concretamente os servizos efectuados e os itinerarios percorridos. Esta relación enviarase por duplicado, co fin de remitir un exemplar ao Parque Móvil de ministerios civís.

2.5 – Os restantes tipos de vehículos (berlinas, motos, furgóns, etc.) precisarán a expresa autorización da Subsecretaría do Departamento, tanto para circular en domingos e días festivos coma para saír fóra da provincia na que estean designados. Esta autorización solicitarase á dirección do Servizo nos casos nos que se precise.

2.6 – Todos os vehículos do Servizo manteranse en adecuadas condicións de limpeza e conservación e gardaranse, cando sexa posible, en local pechado, seguindo en todo momento as recomendacións de atención e coidados que se sinalan no seu correspondente manual.

2.7 – O responsable dos vehículos está obrigado a chamar a atención de calquera usuario que se fixera merecedor diso polo mal uso ou estado de

conservación do vehículo que se lle asignou para o seu traballo. No caso de ser preciso un segundo apercebimento, deberá comunicalo ao Centro Rexional seguindo o trámite regulamentario.

2.8 – Por ausencia continuada do xefe da dependencia (vacacións, comisións de servizo, enfermidade, etc.), poderán quedar os vehículos asignados ao seu cargo, polo tempo de duración daquela, ao funcionario que o substitúa (que non poderá ser persoal interino, administrativo nin contratado), debendo ao seu regreso quedar informado dos desprazamentos que efectuarán e vicisitudes ocorridas. Desta asignación darase conta ao Servizo Central a través das dependencias superiores que correspondan.

2.9 – Queda prohibido que os axentes en prácticas conduzan os vehículos do Servizo, aínda que fosen acompañados por funcionarios autorizados para iso.

Non obstante o disposto na alínea anterior, fáchense aos xefes das dependencias para que, baixo o seu criterio, se ensine estes alumnos en prácticas, na condución de vehículos, só en determinados momentos que o permita o traballo da Axencia e en lugares que ofrezan as máximas seguridades, fóra das vías públicas, tanto para o persoal coma para os vehículos.

2.10 – No caso de accidente utilizando vehículos oficiais, notificárase á dirección por conduto regulamentario, por duplicado, co fin de que quede unha copia no Centro Rexional, na forma e co impreso que se indican no apartado 2 do capítulo IV, Título II, Administración.”

Comentarios ao Título IV das normas e anécdotas ao respecto

Comezamos os comentarios sobre este título das normas do SEA manifestando a complexidade e meticulosidade do control administrativo dos medios dun organismo no que unha das súas principais características é o traballo fóra da oficina, o que non parece case moi ben nun principio. Todo está normalizado, tanto para o persoal, como xa vimos no anterior título, coma para os medios materiais e equipamento que cómpre empregar no traballo; e o procedemento que se deba seguir sempre é o que establece a xerarquía e o conduto regulamentario para que todos os postos de mando superiores teñan coñecemento

do que está a suceder no estamento inferior, e chegue a información do que acontece na primeira liña sen que á vez o persoal se desmande. Estamos ante un Servizo que se controla dende arriba e que abaixo se sente controlado, a pesar da súa dispersión. A burocracia, se así entendemos os procedementos de actuación previstos nas normas, serve para esta finalidade, para facilitar un criterio unánime a un Servizo espallado no territorio, chegando a constituír un sinal de identidade, e para que a superioridade exerza o control sobre unha organización que debe actuar cunha estratexia que, de non manterse, podería abocar nunha actuación voluntariosa pero pouco exitosa.

A case falta xeral de calidade e espazo das instalacións que ocupan as axencias nun principio non facilitan precisamente a meticulosidade do esixido arquivo documental que establecen as normas, e por outra banda, por moito que estas traten de unificar, os axentes de Extensión Agraria non foron instruídos sobre o particular, ao contrario que sobre outras cuestións que xa temos comentado, e cada un é, neste sentido, fillo do seu pai e da súa nai, deixando moitas veces esta responsabilidade, para a que non teñen tampouco moito tempo, en mans do persoal administrativo. Isto provoca situacións que van dende unidades moi ben organizadas, con arquivos, rexistros e biblioteca en perfecto estado de revista, ata outras onde todo, principalmente a documentación de uso non diario e atrasada, está acumulada e gardada no único espazo poeirento dispoñible, que serve á vez como almacén de todo tipo de produtos (fertilizantes, pesticidas, ferramentas, etc.) e de arquivo.

As oficinas da maioría das dependencias cambian de local varias veces durante todo o tempo de duración do Servizo, o que propicia desfacerse do vello, co que os arquivos documentais van reducíndose ou desaparecendo case na súa totalidade, eliminándose tamén a elaborada pola propia unidade durante moitos anos, como estudos de comarca, planificacións, plans anuais de actuación, informes de actividades, enquisas de resultados, libros de rexistro, expedientes sobre obras comunitarias, *planteles*, tarefas, campos de ensaio, datos de xestión de explotacións etc., que poderían contar moito, de terse conservado, sobre o feito por este Servizo en cada unha das comarcas galegas e a evolución das explotacións, razón pola que dende este libro realizamos unha

chamada para que se trate de conservar convenientemente o que aínda queda.

O da chamada chega xa tarde, por exemplo, para o caso dunha das catro axencias provinciais, onde existiu ata a desaparición do Servizo no ano 2002 un importante arquivo documental organizado e clasificado de toda a documentación enviada polo Servizo Central, Centro Rexional, a remitida polas axencias e a xerada pola unidade durante todos os anos do seu funcionamento, con arquivo fotográfico incluído.

Sucedeu que ao pouco tempo da supresión do SEA, presentouse na Delegación Provincial da Consellería, naquel entón de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, un antigo colaborador dun CECA, solicitando ao seu secretario unha certificación sobre o período no que exerceu esta actividade. O secretario da Delegación recorreu ao antigo xefe do SECA (Servizo de Extensión e Capacitación Agraria), destinado nese momento noutro Servizo no mesmo centro directivo, recadando información sobre onde podería encontrar a documentación xustificativa que puidese facilitar a emisión da certificación solicitada. O antigo xefe provincial do SECA contestoulle que no arquivo existente do desaparecido Servizo tiña a seguridade que existían unhas carpetas arquivadoras onde había copias dos contratos de todos os colaboradores dos antigos centros de Extensión e Capacitación Agraria da provincia, pois en anos anteriores outros colaboradores solicitaran fotocopias dos contratos ou certificacións e nunca houbo ningún problema documental, e que estaba seguro que tamén estaban os que agora solicitaba. O secretario pediulle entón que fixese o favor de buscala para poder estender a certificación, ao que lle contestou que "de mil amores", pero que tiña que dicirlle onde estaba depositado o arquivo do desaparecido Servizo, pois tiña constancia que xa non estaba nos cuartos onde se atopaba anteriormente e que agora eran ocupados por outros servizos da Delegación, pois o único visible do desaparecido eran os armarios biblioteca que adornaban o salón de xuntas, constituíndo o seu fondo bibliográfico. O secretario respondeulle que onde ía estar, senón no almacén-arquivo xeral da Delegación, na planta soto, e que el daría a orde para que se lle facilitase a chave, o que fixo deseguido.

O ex-xefe do SECA contactou co antigo colaborador, que coñecía e co que mantén amizade, e díxolle que volvera ao cabo duns días, pois non habería, tiña a seguridade, ningún problema.

Ao día seguinte baixou ao almacén-arquivo, e comezou a ollar as distintas seccións nos seus estantes. Cando encontrou a correspondente á Axencia Comarcal da capitalidade imaxinou estar xa preto do encontro ansiado, pois el durante 18 anos contribuíra á creación e organización do arquivo, pero nin ao seu carón, nin no resto das baldas, apareceu nada que tivese relación co considerable e organizado arquivo da xefatura de Extensión Agraria, agás tres ou catro espallados arquivadores que non viñan ao caso, pois contiñan documentación de contas anuais, e que por algunha circunstancia descoñecida foran parar alí.

Cando subiu de novo á Delegación comunicoulle o resultado da investigación ao secretario, quen se mostrou por uns instantes sorprendido, reaccionando rapidamente ao lembrar de repente que o arquivo fora trasladado ao local dunha extinta cámara agraria, utilizado para esta finalidade e onde tamén había documentación doutros servizos, solicitándolle de novo que fixese o favor de ir ata alí buscar o perseguido, para o que daría as oportunas ordes ao subalterno encargado das ditas instalacións, co fin de que o acompañase.

Así quedou a cousa, o ex-xefe do SECA esperando o aviso do secretario para o desprazamento a unha localidade situada a uns 10 km da capital, xunto co subalterno.

Pasou preto de un mes, tempo no que o colaborador do CECA se presentou en varias ocasións para ver como estaba o asunto, sendo cada vez emprazado para dentro duns días, pois o subalterno tiña outros traballos importantes que realizar e non encontraba o momento propicio para ir ata o lugar sinalado.

Por fin chegou o día. Realizouse o desprazamento, pero xa de camiño, no coche, o subalterno adiantoulle que era tempo perdido, pois alí non se ía encontrar nada, xa que el fora pola súa conta botar unha ollada e non vira ningunha documentación do SECA, agás máis arquivadores de contas anuais.

Co ánimo decaído polo anuncio do subalerno, abriron as portas do desvencellado e húmido local, nada propicio para ser elixido como lugar de arquivo, aparecendo ante os seus ollos unha morea de arquivadores e carpetas amontoados e espaxados sen orde e concerto, en pésimo estado de conservación. A pesar disto acometeron e cumpriron a tarefa de revisar un por un todos os montóns e de levantar do solo os empoados e desfeitos arquivadores, ratificándose as verbas do subalerno: alí, non estaba o perseguido e conservado arquivo do SECA, cousa que era evidente dende un principio, pois tanto non podía terse estragado en tan pouco tempo.

De volta á Delegación, nova comunicación ao secretario das indagacións practicadas e dos resultados infrutuosos obtidos, e nova cara de sorpresa pola súa parte, que recuperou de inmediato suxerindo que quizais o arquivo estaba noutro local da Delegación, onde tamén se gardaba documentación, situado a uns 30 km, recomendándolles, nesta ocasión non houbo solicitude, que fosen ata alí, aínda que non se concretou nin prazo nin día.

O ex-xefe do SECA, antes de regresar ao seu despacho, buscou o subalerno para comunicarlle a nova suxestión do secretario, pero este xa non puido aguantar máis e espetoulle: *Acabouse, non sexas parvo, non busques máis!, o arquivo de Extensión xa está queimado ou reciclado, eu mesmo vin cos meus propios ollos, non hai moito tempo, como a xefa da sección de xestión económica e administración xeral da Delegación, que depende da Secretaría, avisou un transportista para que o retirara e se desfixese de todo, agás os arquivadores das contas, pois o resto non tiña para ela ningunha utilidade, e consecuentemente o secretario coñece, ou polo menos debería coñecer, a desaparición do arquivo.*

Simplemente, aclarar que o ex-xefe do SECA avisou o colaborador do sucedido para que se entendese co secretario, e que a través da Consellería de Educación, da que dependían os CECA para efectos da ensinanza, terminou por conseguir a perseguida certificación.

Pouco podían imaxinar os redactores das normas do SEA que a decisión ou non de conservar un arquivo, despois de tantos anos e moito traballo, ía estar nas mans dunhas persoas sen ningunha preparación e predisposición para valorar o

seu contido e transcendencia, e tamén con nulo interese pola historia agraria da provincia e, por que non dicilo, con algo de resentimento a todo o que tivese relación cun Servizo que non chegaban a entender e que lles parecía estraño nos seus comportamentos, sobre todo o das axencias comarcais. No caso que comentamos, tampouco imaxinaban que ese mesmo secretario, noutra época autonómica en que ocupara este mesmo cargo, e que coincidiu coa etapa de adecuación da maioría dos locais das axencias do SEA na provincia, protagonizou, tamén co mesmo xefe provincial, outra anécdota que, aínda a risco de que pareza unha teima contra esta persoa, non podemos pasar de relatala.

Como dicíamos, nese tempo dérase un importante pulo á renovación ou mellora dos locais das axencias. Consecuentemente, moitas pasaron do sistema imperante de calefacción coas estufas de butano ao de radiadores eléctricos, co que a factura deste consumo enerxético subiu considerablemente, causando alarma no capítulo correspondente dos gastos de funcionamento da Delegación. O secretario chamou ao xefe do SEA, indicándolle que debería propoñer a redución do consumo nas axencias, ao que lle respondeu que debería moderarse en todas as dependencias, entre elas a ocupada pola propia Delegación, onde a temperatura alcanzada pola calefacción era esaxerada, o que non ocorría en ningunha das axencias. O secretario, entón, totalmente convencido do que estaba a dicir, comentoulle o caso concreto do gasto desmesurado dunha Axencia que el coñecía ben, pois era natural desa comarca, onde estaban destinados nese intre tan só tres funcionarios, os cales, segundo as súas textuais palabras, *podían reunirse nunha soa habitación e traballar ao redor dunha mesa de braseiro*. Indignado, o xefe do SEA, respondeu: *Claro, e no tempo libre atizan a brasa e pónense a xogar ás cartas*. Por aquela época pasaban por todas as axencias diariamente moitas persoas, facendo en ocasións colas en escaleiras e rúas, para seren atendidas nas súas solicitudes de axudas da PAC, e cada unha delas debía ser recibida e atendida particularmente.

Sobre as publicacións dos servizos centrais SEA hai que destacar o seu carácter divulgativo, feitas moitas delas para os agricultores, con linguaxe sinxela, sen moitos tecnicismos, para que se puidese practicar o que describían, sobre todo a colección de follas divulgadoras, felizmente

recuperada en DVD polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación con motivo do 50º aniversario da creación do organismo, e os manuais técnicos, que no seu conxunto tanto xogo deron e que serviron para aprender a agricultores, gandeiros, amas de casa, plantelistas e incluso técnicos, pois nelas se podían repasar rapidamente os conceptos máis importantes sobre un cultivo, unha técnica, unha praga, o manexo dunha especie animal e as súas enfermidades, as normas de elaboración dun produto, as recomendacións de consumo ou sanitarias, etc. O labor do SEA neste sentido foi exemplar, nunha época na que os medios non eran aínda moi desenvolvidos e abundantes, como o demostra o uso xeneralizado da multicopista.

Este aparello, do que dispuñan todas as axencias para a reprodución das súas publicacións, simboliza perfectamente este Servizo e a súa laboriosidade. O proceso de confección era complexo, pois á parte de ter que teclear a máquina o texto nun clixé que servía como negativo, os debuxos e titulares destacados tíñanse que pasar cun punzón sobre un cristal, que transparentaba o orixinal confeccionado a man, con moito coitado para non esgazalo. Posteriormente, había que encher de tinta a máquina, colocar o clixé e logo moito, moito, manubrio, pois nun principio non eran eléctricas, sen que o ánimo decaese.

Nunha época na que a posesión destas máquinas estivo moi controlada, pois servían para a confección dos chamados “panfletos” que as organizacións políticas clandestinas distribuían inesperadamente polas rúas, o SEA non tivo ningún problema para a súa utilización, aínda que entre os axentes sempre estivo presente o apetecible que resultaban para outras finalidades.

Pero, como non, o medio de divulgación mellor recibido pola poboación agraria, dos utilizados por Extensión Agraria, foi o cine. Moitas familias rurais vírono por primeira vez grazas aos proxectores de 16 mm que dispuñan algunhas das axencias, sendo un medio utilizado fundamentalmente no desenvolvemento de reunións nas que o seu contido tiña relación cunha actividade de carácter social, ou nos *planteles*, onde serviron en ocasións para organizacións de minicineclubs, onde se proxectaban películas comerciais alugadas a empresas distribuidoras do sector.



Multicopista aínda existente na Oficina Agraria Comarcal do Barco de Valdeorras (Ourense). (Autor: José M. Pérez)

Nas reunións para a toma de acordo de accións comunitarias as películas proxectábanse ao final, para que servisen de resumo do asunto debatido e como demostración de canto se explicou, permitindo abrir o coloquio e conclusións finais. O documental “Lires”, escrito e dirixido por Francisco de la Calle, na que o axente de Extensión Agraria de Corcubión, Ángel Estevez Casal, baixo os acordos emotivos do pasodobre “Pontearreas” de Reveriano Soutullo, gravados na súa banda sonora, axudaba a que os veciños desta aldea do Concello de Cee (A Coruña) se organizasen para decidir e acometer varias accións comunitarias, foi proxectada por toda Galicia, servindo para motivar a moitas familias, que decidiron acometer por elas mesmas a solución dos seus problemas comunitarios mediante a acción conxunta, mellorando mesmo en organización e solucións técnicas ás duns paisanos como eles, aos que viran cos seus propios ollos e cos que se identificaban.

Outro sinal característico e identificativo do SEA foi os seus vehículos, principalmente as furgonetas e as berlinas 2 CV da marca Citroën, que tanto xogo deron para circular por todo tipo de

camiños, coa identificación, na súa matrícula do Parque Móbil Ministerial (PMM), que no medio rural no se interpretaba moi ben a que provincia poderían pertencer. Para superar as oposicións os axentes tiñan que dispor de carné de conducir clases A e B, de motos e coches.

Estes vehículos facilitaron moito o labor de Extensión Agraria, aínda que hai que sinalar que nun principio algunhas axencias só dispuxeron dunha moto coa que realizar os desprazamentos aos lugares das actividades, que en ocasións tampouco chegaban ata o seu destino por non dispor o lugar de acceso rodado, tendo que rematalo a pé ou en cabalerías se os veciños saían a buscar os axentes. As reparacións estiveron en consonancia cos quilómetros percorridos, que foron moitos, mais a súa utilidade para chegar ás aldeas por camiños e corredeiras impracticables resultou incuestionable.

Neste deambular cos vehículos na frenética actividade do SEA, polas estradas e camiños daquel entón, houbo, como non, accidentes, incluso mortais en acto de servizo, como foi o caso do axente do Barco de Valdeorras Higinio Movilla González, que no ano 1965 o tivo preto de Ourense, cando acudía a unha reunión, pero na maioría dos casos quen sufriron os maiores danos foron os vehículos, que tiñan a virtude de absorber os golpes e deformarse de forma alarmante, sen transmitir demasiado aos seus ocupantes.

Os vehículos novos, cando se asignaban a unha Axencia, tiñanse que ir recoller a Madrid antes das transferencias de competencias, concretamente ás instalacións do Parque Móbil Ministerial, situado en pleno centro da capital. Nos primeiros anos para algúns axentes, acostumados ás motos e que nunca conduciran un coche, agás para sacar o carné, isto supuña un trauma. Contaba moitas veces Mariano Pino, axente de Viana do Bolo, a súa anécdota cando tivo que ir recoller o da súa dependencia.

El non tiña practicamente ningunha experiencia na condución dun coche e menos polo centro de Madrid, onde a circulación xa era intensa naquela época. En Viana do Bolo era moi corrente utilizar as cabalerías para o desprazamento e a iso si que estaba acostumado. Así que pasou uns días inquietantes, sen apenas durmir, pensando en como solucionar o problema. Chegou o día

anterior ao da recollida e efectuou o desprazamento en tren. Ao atardecer, xa en Madrid, acercouse polo parque móbil, para ver como era a cousa ao día seguinte pola mañá. Alí dixéronlle que tiña que presentarse a recollelo ás 11 da mañá. Pescudando, preguntou se non había algún chofer que puidese sacalo ata as aforas de Madrid, pois non coñecía ben o percorrido, e contestáronlle que si, que non se preocupase, que cunha pequena propina, para compensar os gastos de regreso, sempre habería alguén disposto a botarlle unha man. Así que saíu de alí, totalmente despreocupado, a dar unha volta e a cear, logo regresou ao hotel, onde descansou satisfactoriamente, aliviado do seu pesadume.

Ao día seguinte presentouse puntualmente no parque móbil e alí encontrouse con outros axentes que ían recoller tamén os seus vehículos, algúns dos cales tamén tiñan que saír cara aos seus destinos pola estrada da Coruña. Preguntou polo chofer dispoñible e respondéronlle que nese intre non había ningún, así que non tivo outro remedio que, chegado o momento crítico e unha vez entregada a documentación, montar no seu vehículo e aproveitar a saída doutro compañeiro, dos que enfiaban para o noroeste, para situarse tras el e tratar de seguilo sen perderse. Tampouco debía ser moi experto e rápido o outro axente, aínda que quedou demostrado que coñecía o camiño, pois Mariano non recordaba, debido á tensión que levaba, como era posible que, tendo metido tan só a primeira e segunda velocidades, conseguise ir detrás del e chegar ata unha gasoleira, xa ás aforas de Madrid, onde tiñan que recargar necesariamente de combustible, pois a dotación inicial de saída do parque móbil era unha pequena cantidade. Mariano, respirou profundamente. Non sabía como non pararon ante ningún semáforo, non tiña idea por que rúas circularon, pois o único que viu pasar eran coches e máis coches pola esquerda e pola dereita. O que non tiña dúbida é que estaba fóra de Madrid e que a, a partir de alí todo lle parecía fácil, pois a circulación pola estrada era escasa. Cargaron combustible, despedíronse e Mariano Pino, de regreso a Viana do Bolo, aprendeu a conducir un coche.

Outra anécdota en relación aos vehículos do SEA e ás súas matrículas sucedeu nos primeiros anos na comarca de Verín, preto da fronteira portuguesa, onde os controis da Garda Civil pola noite eran intensos debido ao contrabando. A reunión

acabara moi tarde e a noite era moi pechada. O axente, ao pouco de saír da localidade onde tivo a actividade, notou, a través do parabrisas, unha luz penetrante que intuía que indicaba que parase. Así o fixo e de súpeto, cando abriu a porta, encontrouse cos mosquetóns Mauser da parella da Garda Civil apuntándolle. O que levaba a voz cantante preguntoulle de onde viña, onde ía e quen era. El simplemente dixo a verdade, que era un axente de Extensión Agraria e que viña de ter unha reunión cos veciños da localidade próxima. A declaración fixo o seu efecto. Inmediatamente o garda desculpouse, e díxolle: *Aquí polas noites os únicos que traballamos somos nós e os de Extensión Agraria, siga cara a casa, boas noites, pero para outra vez procure circular cun coche con matrícula menos estraña por estes lares que a de Palma de Mallorca.*

Para finalizar estes comentarios, sinalar que, debido á intensa actividade desenvolvida polo SEA, todos os vehículos dispoñían en realidade da autorización para circular os domingos e días festivos. O que as normas establecían como excepción converteuse no normal. En Galicia, onde as feiras e mercados coincidían moitas veces neses días, independentemente da organización doutras actividades para que puidesen estar presentes a maioría dos veciños, non podería ser doutra forma.

Título V. Actividades das normas do SEA

O último do terceiro e derradeiro tomo das *Normas Vixentes do Servizo de Extensión Agraria* contiña os seguintes cinco capítulos: I- Xuntas locais de Extensión Agraria; II- Programación e informes; III- Axudas económicas para as accións de desenvolvemento de comunidades; IV- Instrucións administrativas sobre actividades con mozos; e V- Ensinanzas intensivas.

Finalizamos transcribindo, igualmente que nos anteriores títulos, antes do seu comentario, algunhas das normas expostas neste título:



O axente de Extensión Agraria atende dende a moto unha consulta dun gandeiro da comarca de Verín. Na outra foto, tomada nunha feira-concurso de gando pode observarse ao fondo a berlina Citroën típica do SEA. (Fotos cedidas por Lucila Presa)

Capítulo I.- Xuntas locais de Extensión Agraria

ORDE DO 31 DE XULLO DE 1957 POLA QUE SE CREAM AS XUNTAS LOCAIS DE EXTENSIÓN AGRARIA.-

Ilmos. Sres.- A acción tutelar oficial sobre os agricultores, encomendada ao Servizo de Extensión Agrícola e que se exerce no ámbito comarcal, vén realizándose dende a apertura das primeiras axencias, establecidas nos meses de setembro e novembro de 1956.- Dende a iniciación dos seus traballos ata a data, comprobáronse os resultados altamente satisfactorios, que de maneira progresiva se van alcanzando por todas as axencias, no desenvolvemento do seu labor, merecendo unha excelente acollida por parte dos agricultores que, cada vez en maior número, establecen contactos coas axencias, en demanda de axuda e orientación.-

Nesta primeira etapa de ensaio atendéronse demandas de axudas, ben de agricultores illados, ou ben de grupos reducidos deles. Este método de traballo considerouse necesario no primeiro período de implantación, co obxecto de dar a coñecer as actividades do Servizo e de lograr un clima propicio para a actuación.- Alcanzado este primeiro obxectivo, e sen prexuízo de que no futuro se sigan empregando os métodos seguidos ata a data, e dirixidos a individuos ou grupos reducidos, estímase que as axencias comarcais darán o seu máximo rendemento se, ao elaborar os seus plans anuais de traballo, utilizan a colaboración de todos os agricultores da demarcación, directamente interesados tanto na formulación de novos problemas e necesidades coma na valoración da importancia relativa que todos eles poidan ter en orde para conseguir que os beneficios derivados da actuación do Servizo alcancen ao maior número posible de agricultores.-

Parece, pois, aconsellable crear un instrumento que, representando aos agricultores de cada comarca, colabore coas axencias na elaboración dos plans anuais de traballo, asesorando sobre a formulación de problemas que requiren máis urxente solución, propondo proxectos de realización dos de interese colectivo, proporcionando información previa, necesaria para a concreción dos devanditos proxectos, e facilitando no posible, con cantos medios se encontren ao seu alcance, o desenvolvemento das actividades das axencias.-

Co obxecto de garantir o cometido que a estes instrumentos se lles asigna, deberá darse cabida neles a aquelas persoas que pola autoridade que teñan conferida, pola influencia que derivada da súa profesión poidan ter sobre a comunidade de agricultores, ou polo seu prestixio como tales entre os seus conveciños, poidan desenvolver a eficaz colaboración que deles se espera.

Polas razóns expostas, este Ministerio serviuse dispoñer o seguinte:

1º.- Créanse as xuntas locais de Extensión Agrícola, naquelas localidades onde exista Axencia Comarcal do dito Servizo.-

2º.- A medida que vaia procedéndose á implantación de novas axencias comarcais, iranse constituíndo as correspondentes xuntas locais.-

3º.- Atribúense ás xuntas locais os seguintes cometidos: Colaborar coa Axencia na redacción do proxecto de Plan anual de traballo para a comarca.- Propoñer á Axencia proxectos específicos para realizar os traballos de interese colectivo, complementarios do plan anual.- Proporcionar canta información previa se precise para a concreción dos devanditos proxectos.- Facilitar, no posible, con cantos medios se encontren ao seu alcance, o desenvolvemento das actividades propias das axencias.- Redactar o oportuno informe sobre o proxecto definitivo do plan anual de traballo proposto pola Axencia.- Crear na comarca o oportuno clima favorable para o máis fácil desenvolvemento dos traballos proxectados.- Colaborar na organización e realización de actos colectivos: concursos, exposicións, competicións, etc., de ámbito comarcal.- Xestionar a cesión de campos de demostracións para que os axentes comarcais poidan desenvolver neles traballos prácticos e eficaces.- Redactar unha memoria anual, recollendo os resultados, éxitos e deficiencias, da campaña anual, e extraendo conclusións construtivas para o futuro.- E recoller datos estatísticos, de acordo coas necesidades das axencias.-

4º.- As xuntas locais quedarán constituídas da seguinte forma: Un presidente, que será o xefe ou prohome da Irmandade Sindical Local de Labradores e Gandeiros.- Un vicepresidente, que será o axente comarcal de Extensión Agrícola correspondente.- Oito vogais: O señor cura párroco.- O señor alcalde da localidade.- Un veterinario, designado entre os que residan na localidade.- Un mestre nacional, designado entre os que exerzan a súa profesión nela.- E catro agricultores e gandeiros, propostos pola Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros e que representarán, respectivamente: á grande e mediana propiedade; á pequena propiedade; aos parceiros e arrendatarios; e aos produtores agrícolas.- E un secretario, que será o axudante da Axencia Comarcal de Extensión Agrícola.- O xefe da Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros, o axente comarcal de Extensión Agrícola, o señor cura párroco e o señor alcalde elevarán ao Servizo Central de Extensión Agrícola a proposta de designación dos vogais que deberán representar aos veterinarios e mestres nacionais da localidade. O Servizo de Extensión Agrícola aceptará ou rexeitará, se é o caso, as ditas asignacións.-

5º.- As xuntas locais reuniranse en pleno, convocadas polo presidente ou vicepresidente, a proposta do Servizo de Extensión Agrícola, ou a instancia

dirixida ao presidente e subscrita por tres vogais, como mínimo.-

6º.- O mínimo de reunións plenarias anuais será de catro (unha por trimestre).-

7º.-Os acordos adoptaranse por maioría, decidindo, en caso de empate, o voto do presidente.-

8º.-Os acordos das xuntas deberán obter a aprobación do Servizo de Extensión Agrícola, para ser executivos.-

9º.- O xefe do Servizo de Extensión Agrícola, ou persoa afecta ao dito Servizo en quen delegue, pode asistir a calquera reunión das xuntas locais con pleno dereito de voz e voto, e asumindo a vicepresidencia.-

10º.- Se as xuntas locais o estiman conveniente para a maior efectividade do seu traballo, poderán designar unha comisión permanente, integrada por varios dos seus compoñentes.-

11º.- Independentemente das funcións que se atribúen ás xuntas locais, a Dirección Xeral de Coordinación, Crédito e Capacitación Agraria, a través do Servizo de Extensión Agrícola, poderá modificalas, amplialas ou reducilas, segundo os casos, se así o aconsella a conveniencia para o mellor desenvolvemento dos traballos do dito Servizo.-

12º.- Facúltase á Dirección Xeral de Coordinación, Crédito e Capacitación Agraria para ditar as ordes e circulares que, ao seu xuízo, resultasen necesarias para aplicación e cumprimento do disposto na presente orde ministerial, quedando derogadas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango se opoñan á presente.- O que digo a VV. II. para o seu coñecemento e efectos.-

Deus garde a VV.II. moitos anos. Madrid 31 de xullo de 1957.- CÁNOVAS.-

ILMOS. SRES. SUBSECRETARIO DESTE DEPARTAMENTO E DIRECTOR XERAL DE COORDINACIÓN, CRÉDITO E CAPACITACIÓN AGRARIA.

ORDE DO 28 DE FEBREIRO DE 1958 POLA QUE SE AMPLÍA O NÚMERO DE VOGAIS DAS XUNTAS LOCAIS DE EXTENSIÓN AGRÍCOLA ESTABLECIDAS POR O. M. DE DATA 31 DE XULLO DE 1957.-

Consideradas por este Ministerio as circunstancias de funcionamento das xuntas locais de Extensión Agrícola, veuse a necesidade de dotalas de flexibilidade na súa constitución, xa que, ademais das representacións dispostas pola O. M. do 31 de xullo de 1957, existen nas zonas de traballo de cada Axencia centros agrícolas oficiais ou paraestatais cuxa colaboración pode resultar valiosa.

Por outra parte, as actividades das axencias esténdense a outros termos municipais distintos daquel no que a Axencia está asentada, e que carecen de representación adecuada. Por todo isto teño a ben dispoñer:

Primeiro.- Nas xuntas locais de Extensión Agrícola poderán estar representados por un vogal os termos municipais próximos á que se estenda a zona de traballo da Axencia correspondente; os citados vogais serán propostos pola Irmandade Sindical de Labradores e Gandeiros á Xunta Local de Extensión. O Servizo de Extensión Agrícola ratificará, se é o caso, as devanditas designacións.-

Segundo.- Nas xuntas locais de Extensión Agrícola figurarán, ostentando o cargo de vogal, representantes de organismos e corporacións que polas súas actividades agrícolas poidan prestar unha valiosa colaboración para o funcionamento da xunta, como son os institutos laborais, escolas oficiais de capataces, cooperativas, etc.- O Servizo de Extensión Agrícola poderá, en cada caso, designar os organismos que deben estar representados, podendo ampliar estas designacións canto aconselle o mellor desenvolvemento de funcionamento das xuntas locais.-

Terceiro.- Facúltase á Dirección Xeral de Coordinación, Crédito e Capacitación Agraria para ditar as ordes e circulares que, ao seu xuízo, resultasen necesarias para aplicación e cumprimento do disposto na presente orde ministerial, quedando derogadas cantas disposicións do mesmo ou inferior rango se opoñan á presente. O que digo a VV. II. para o seu coñecemento e efectos.-

Deus garde a VV.II. moitos anos. Madrid 28 de febreiro de 1958.- CÁNOVAS.-

ILMOS. SRES. SUBSECRETARIO DESTE DEPARTAMENTO E DIRECTOR XERAL DE COORDINACIÓN, CRÉDITO E CAPACITACIÓN AGRARIA.

Capítulo II.- Programación e informes

Polo momento, e ata que se modifiquen as normas que regulan a confección e envío dos documentos que se refiren á programación e informes das actividades realizadas polas axencias, seguirá en vigor o procedemento que, ata o momento, se vén utilizando. Nas dúbidas que, ao respecto, poidan presentarse, deberán solicitarse as oportunas aclaracións aos correspondentes centros rexionais.

Os documentos incluídos neste capítulo son os seguintes:

- *Estudo de comarca.*
- *Programa de traballo.*
- *Programación a longo prazo.*
- *Plan anual de traballo.*
- *Informes periódicos mensuais das axencias provinciais e comarcais:*
 - 1.- *Estatístico.*
 - 2.- *Narrativo.*
 - 3.- *Previsión de actividades.*
 - 4.- *Partes de visitas.*
- *Informe anual.*

Capítulo III.- Axudas económicas para as accións de desenvolvemento de comunidades

O Servizo de Extensión Agraria dispón dunha pequena partida orzamentaria para capacitar os grupos e comunidades rurais mediante a súa propia acción. Con cargo á citada partida poden facilitarse subvencións para estimular a organización e execución de accións conxuntas, que os agricultores e as súas familias poidan levar a cabo para utilizar mellor os seus recursos e lograr un maior benestar.

A)- Criterios de asignación e utilización.

A asignación destas subvencións rexerase polo seguinte principio básico: Extensión fai investimentos en capacitación, non en obras. Se a axuda comunitaria se inviste en materiais de construción, débese a que a poboación só pode aprender a participar, participando. Consecuentemente, os criterios de selección serán os seguintes:

1º.- Posibilidades educativas do proxecto, medidas polas posibilidades de participar activamente que ofrezca aos membros do grupo en:

- *O estudo do problema e busca da solución.*
- *O establecemento das normas.*
- *A execución da acción.*

2º.- Interese demostrado polos afectados, medido pola súa achega (en función, lóxicamente, dos recursos dos que dispoñen).

3º.- Clara preferencia da importancia social da acción sobre a súa importancia económica. Aos investimentos sociais debe pedírselles rendibilidade social e deben efectuarse a calquera custo. Aos investimentos económicos hai que esixirlles rendibilidade económica. Os investimentos sociais merecen subvención, as actividades empresariais, crédito. (Exemplos: preferencia aos proxectos de abastecemento de auga a fogares sobre auga para as cortes, preferencia á electrificación para iluminación e usos domésticos sobre a electrificación de regadíos, preferencia ao camiño para que chegue o médico a todas as casas sobre o camiño das leiras, etc.).

4º.- Grao de organización alcanzado polo grupo (fundamentalmente iniciativa e responsabilidade).

Trátase de desenvolver a comunidade. O grao de desenvolvemento alcanzado medirase:

- *Hoxe, pola perfección con que se seguirá todo o proceso metodolóxico.*
- *Mañá, polas novas accións que emprenda o grupo.*

Consecuentemente, non se trata de facer propaganda de axudas económicas. O labor que sempre corresponderá ás axencias será o da promoción e animación, pero non é desexable que o Servizo sexa considerado como fonte de recursos económicos. Na práctica, o que se pretende facer son demostracións controladas, o pouco e auténtico é mellor que moito e artificial.

Por iso, súxírese que se realice o labor de promoción sen concretar a axuda, falando só da posibilidade xeral de obtela, tamén do Ministerio de Agricultura, cando se presentan correctamente as peticións (problema, solución, achegas e organización).

En xeral, as subvencións investiranse en materiais, máis en casos especiais poden empregarse en man de obra especializada, maquinaria ou no proxecto técnico.

A asignación de subvencións farase sempre antes de iniciar a mellora, pero o seu importe depositarase na correspondente dependencia do Servizo e non se entregará ata que o xefe da Axencia non certifique que está executada. Os interesados terán que facer fronte aos gastos e resarcirse da parte deles que corresponde á subvención tan pronto conclúan a súa acción.

B)- Tramitación.

Os grupos interesados formularán a súas peticións de auxilios mediante unha breve memoria na que farán constar:

- *Identificación dos peticionarios e localidade.*
- *Descrición do problema e número de afectados.*
- *Descrición da solución (con bosquejo) e número de participantes.*
- *Orzamento:*
 1. Materiais (cantidade e prezo unitario).
 2. Transporte. Totais parciais.
 3. Man de obra especializada.
 4. Man do obra non especializada.
 5. Varios. Total xeral.
- *Achega do grupo.*
- *Distribución de responsabilidades e achegas (se é posible xuntar normas).*
- *Datas de iniciación e remate.*
- *Subvención que solicitan.*

O xefe da Axencia remitirá á Axencia Provincial esta memoria (na que porá o selo “mellora promovida pola Axencia de...”), acompañada dun breve informe no que fará constar cantos extremos considere poidan ser útiles, pero especialmente:

- *O grao de organización alcanzado polo grupo.*
- *O interese demostrado en función dos seus recursos.*
- *As posibilidades de éxito da acción.*
- *A axuda que recibirán doutros organismos.*

- *Subvención mínima que estima necesaria para que poidan realizar a mellora.*

Para evitar que na asignación de subvencións se apliquen criterios dispares nas diferentes comarcas e provincias, todos os proxectos da rexión estudaranse nunha reunión mensual dos supervisores de zona co rexedor de actividades.

Unha vez estudadas colexiadamente as peticións, procederase a dar curso inmediato ás que se encontren correctas, remitíndollas á dirección do Servizo, xunto co oficio da Axencia Provincial co visto e prace do rexedor de actividades, no que se propondrá a contía da subvención que para cada mellora estima procedente.

Con base nesta proposta, a dirección do Servizo resolverá e comunicará o importe da subvención asignada aos interesados, por conduto da Axencia Comarcal correspondente, e trasladando o contido desta comunicación á Axencia Provincial e ao Centro Rexional.

C-) Xustificación.

A xustificación farase por quintuplicado e comprenderá:

1. Memoria-petición.
2. Certificación do Axente comarcal de execución da mellora comunitaria de acordo coa petición formulada, co visto e prace do xefe da Axencia Provincial.
3. Relación de veciños beneficiarios.
4. Recibo polo importe da subvención, asinado polos beneficiarios ou comisión que os represente, no que figurará o número correspondente ao seu Documento Nacional de Identidade.
5. Factura dos materiais empregados, do total se é posible, pero como mínimo por un importe equivalente ao da subvención.

Capítulo IV.- Instrucións administrativas sobre actividades con mozos

A. Consideracións xerais.

Todos os gastos ocasionados con motivo do desenvolvemento das actividades nos cursos de Iniciación Profesional ou Aprendizaxe Agraria están comprendidos en tres apartados:

- a) *Gastos de colaboradores.*

- b) *Gastos diversos.*
- c) *Gastos de desprazamentos dos mozos para asistir aos cursos de aprendizaxe agraria.*

Estes tres apartados son totalmente distintos, con orzamentos e xustificacions diferentes, non podéndose transferir diñeiro duns a outros.

Gastos de colaboradores: Solicitaranse a través dos “certificados de horas” que expide o axente, de acordo coas horas desenvolvidas polo colaborador e sen que exceda este número de horas do que figura no correspondente contrato.

Estes gastos xustificaranse a través do recibo que asina o colaborador unha vez reciba o diñeiro.

Gastos diversos: Solicitaranse a través da ficha de previsión de gastos diversos. Xustificaranse estes gastos a través de recibos e facturas, engadidos a unha relación de gastos.

Gastos de desprazamentos dos mozos para asistir aos cursos de aprendizaxe agraria: Solicitaranse a través dunha proposta á dirección. Xustificaranse a través dunhas nóminas asinadas polos alumnos. Co importe da nómina páganse os desprazamentos dos mozos.

B. Instrucións para a contratación de persoal que intervirá como colaborador nos cursos de aprendizaxe agraria que desenvolve a Dirección Xeral de Capacitación Agraria e xustificación dos haberes correspondentes.

1.- Contratación.

1-1ª.- O persoal colaborador nestes cursos de aprendizaxe agraria será contratado para prestar as súas funcións nas condicións previstas na lexislación vixente, conforme ao Decreto núm. 1742, do 30 de xuño de 1966, que regula a contratación de persoal pola Administración Civil do Estado (BOE de 20-07-66), e as súas disposicións complementarias.

1-2ª.- Os interesados estarán en posesión dalgúns dos títulos académicos ou profesionais que se especifican deseguido, ou nas situacións profesionais que tamén se indican:

Mestres nacionais.

Mestres de primeira ensinanza.

Veterinarios municipais.

Veterinarios do corpo nacional.

Médicos titulares.

Secretarios de concellos.

Peritos Agrícolas do Estado.

Peritos Agrícolas libres.

Oficiais Concello.

Sacerdotes.

Xerentes cooperativas.

Capataces Agrícolas.

Licenciados.

Empregados banca.

Practicantes.

Farmacéuticos.

Peritos industriais.

Peritos mercantís.

Diplomadas rurais en economía doméstica.

Agricultores.

Obreiros agrícolas.

1-3ª.- Non poderán subscribir os contratos a que se refiren estas instrucións as persoas naturais que se encontren comprendidas nalgunha das seguintes circunstancias:

- a) *As que estiveren procesadas.*
- b) *Os funcionarios que se encontren en situación de suspensión provisional ou que estean cumprindo sancións por expediente gubernativo.*
- c) *Os funcionarios do Estado e da Administración local ou institucional que estiveran separados do servizo activo.*
- d) *Os que desen lugar, pola súa culpa, á resolución dalgún contrato dos sinalados no artigo 3º do Decreto 1742, do 30 de xuño de 1966.*
- e) *Os funcionarios en situación de servizo activo sen autorización previa do subsecretario do que dependan.*
- f) *Os funcionarios de corpos e prazas da Administración civil do Estado en situación de excedencia ou de supernumerario, para aquelas funcións propias do corpo ou praza á que pertencen, salvo que, nestas situacións, solicítase o reingreso ao servizo activo.*

g) Os que sexan funcionarios de emprego da Administración civil do Estado (1), e os que teñan un contrato da natureza á que se refiren estas instrucións.

(1) Os funcionarios de emprego poden ser eventuais ou interinos. Son eventuais os que desempeñan postos de traballo de confianza ou asesoramento especial non reservados a funcionarios de carreira. Son interinos os que ocupan prazas do cadro de persoal en tanto non se provexan por oposición.

1-4ª.- Como requisito para realizar estes contratos requírese, ademais dos indicados na norma 2ª, ter 18 anos cumpridos e non ter alcanzado a xubilación establecida para o corpo cuxas funcións sexan similares ás que se atribúen ao contratado. No caso de persoal feminino, deberá xustificar o cumprimento do Servizo Social ou estar exenta da súa prestación.

1-5ª.- Os funcionarios en servizo activo afectados pola Lei 31, do 4 de maio de 1965, que fixa as remuneracións por coeficientes dos funcionarios da Administración civil do Estado, deberán presentar autorización do subsecretario do departamento ministerial a que pertencen, declarativa de que as actividades que cómpre contratar non prexudican ao Servizo que os funcionarios teñan ao seu cargo.

Tales autorizacións terán vixencia para colaboracións sucesivas en tanto non varíen as circunstancias concorrentes no período para o que foron concedidas.

Os non funcionarios da Administración civil do Estado presentarán declaración xurada na que o fagan constar, e manifestarán que non se encontran afectados por ningunha incompatibilidade entre as súas ocupacións habituais e as funcións que se contratan como colaboradores destes cursos de aprendizaxe agraria.

1-6ª.- As funcións dos profesores destes cursos de aprendizaxe agraria consistirán en desenvolver leccións teórico-prácticas para proporcionar aos agricultores mozos os coñecementos básicos sobre a produción agraria, de acordo cos programas aprobados pola Dirección Xeral de Capacitación Agraria.

1-7ª.- O tempo de duración dos contratos será, por regra xeral, dende o 1 de xaneiro ata 31 de decembro de cada ano, polo que quedan incluídos nestes

contratos todos os traballos que se desenvolven durante o ano.

Porén, estes contratos poderán rescindir-se en calquera momento, se houbese causa suficiente, a xuízo do Ministerio de Agricultura, que se reserva a facultade de interpretar as súas cláusulas e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.

1-8ª.- O número de horas que debe figurar no contrato serán as previstas desenvolver, mais non poderá ser superior ás 200.

1-9ª.- A remuneración por hora de clase será de 100 ptas. íntegras, ás que se descontará o 14% correspondente a impostos sobre o rendemento do traballo persoal, extremo que debe ser comunicado aos colaboradores antes de formalizar o contrato. Porén, quedan exentos deste imposto os colaboradores que poidan xustificar a súa condición de familia numerosa ou ben que os seus ingresos actuais non sexan superiores a 100.000 ptas. anuais.

A. Instrucións para a previsión e xustificación dos gastos diversos dos cursos de aprendizaxe agraria.

1. Consideracións xerais.

1-1ª.- Quedarán incluídos neste apartado os gastos de viaxe, material de prácticas, libros (sempre que non sexan de Capacitación Agraria ou do Servizo de Extensión Agraria), cadernos, carpetas, bolígrafos, xices, premios.

Non poderán incluírse nestes gastos os orixinados por xornais e os correspondentes a locais (luz, gas, aluguer, etc.).

2. Previsión de gastos diversos de planteles.

2.1ª.- Cubrirase, por triplicado, a ficha que figura no apartado "Formularios" número 8, redondeándose en cen pesetas as cifras orzamentadas.

Sinálase, especialmente, que o orzamentado debe referirse ao conxunto de todos os cursos que teña programado desenvolver a Axencia durante o ano natural.

2-2ª.- Orientacións para confeccionar o orzamento. A cifra máxima que se vai orzamentar por alumno e ano é de 650 pesetas. Con carácter orientativo, sinálase que as 650 pesetas orzamentadas como máximo para o concepto "Gastos Diversos" poderían corresponder aos seguintes subconceptos:

Material didáctico e de traballo.....	150 ptas.
Viaxes e desprazamentos	300 ptas.
Libros, non editados polo Ministerio de Agricultura	100 ptas.
Premios estímulo	100 ptas.
<u>Total Gastos Diversos</u>	<u>650 ptas.</u>

Se algunha Axencia tivese necesidade de ampliar as cantidades sinaladas como máximo, deberá solicitarlo previamente ao Centro Rexional. Así mesmo, non se pode adquirir material inventariable, en caso necesario deberá consultarse previamente ao Centro Rexional.

Administrativamente non é posible xustificar a compra de publicacións editadas pola Dirección Xeral de Capacitación Agraria ou polo Servizo de Extensión Agraria, porén, pódense solicitar directamente da dirección, en oficio dirixido ao Ilmo. señor director xeral, publicacións editadas por Capacitación ou por Extensión, con carácter gratuíto, ata un máximo de 80 ptas. por alumno e ano, baseándose nos prezos do catálogo.

3. Xustificación dos gastos diversos.

3-1ª.- Consideración xeral. Os gastos derivados do desenvolvemento de todos os cursos de aprendizaxe agraria xustifícanse ao Centro Rexional correspondente, nunha soa conta que constará dos seguintes documentos:

- Conxunto de todos os xustificantes.
- Relación de gastos efectuados.
- Folla de liquidación.

a) Consideracións relativas á confección dos xustificantes.

a-1. Denominamos xustificantes ás facturas e aos recibos.

a-2. Todos os xustificantes irán a nome da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agraria, sen que conste a denominación de planteles. Levarán data posterior á do recibo do diñeiro, pero que estea incluída no semestre no que foi orzamentado.

a-3. O importe total de cada xustificante estará redondeado en pesetas.

a-4. En ningún xustificante debe figurar o concepto de Imposto de Tráfico de Empresas, por estar exenta a Dirección Xeral.

a-5. Os xustificantes deben estar dilixenciados co "recibín" e sinatura do provedor ou persoa autorizada, así como o conforme e sinatura do xefe da Axencia.

Se o xustificante non é en papel impreso da casa provedora, deberá figurar nel o nome, dous apelidos e o número do Documento Nacional de Identidade do provedor ou da persoa que presta o servizo.

a-6. Cando o xustificante se refire ao gasto ocasionado pola utilización dun vehículo en viaxes educativas ou noutro tipo de transporte, deberá indicarse no xustificante a matrícula do vehículo e o número da cartilla de obras públicas ou tarxeta de transportes, especificando ademais o número de quilómetros percorridos ao prestar o servizo. Antes de concertar o servizo dun vehículo é preciso asegurarse de que a empresa ou propietario dispón da citada cartilla de obras públicas, xa que no caso contrario non se poderá admitir o xustificante e, en consecuencia, realizar o pagamento.

a-7. Se algún provedor está disposto a conceder un desconto ou rebaixa ao efectuar o pago do material adquirido ou servizo prestado, non debe figurar no xustificante o devandito desconto, senón exclusivamente o importe líquido total pagado.

a-8. Nas copias administrativas dos xustificantes deberá poñerse sempre: "É copia", o "xefe da Axencia" e a sinatura correspondente.

B. Instrucións para a solicitude dos gastos de desprazamento dos mozos que asisten aos cursos de aprendizaxe agraria.

A Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agraria concede axuda económica aos mozos que non poden sufragar o gasto dos seus desprazamentos para asistir aos cursos de Iniciación Profesional Agraria (planteles).

Para poder solicitar esa axuda deberán residir, obrigatoriamente, en localidade distinta á que se desenvolve o curso.

Para a tramitación da solicitude e a xustificación dos gastos derivados dela, unha vez aprobada, seguiranse as seguintes instrucións:

1ª. A Axencia Comarcal, en consonancia co número de mozos interesados en percibir unha axuda económica para os seus desprazamentos, confeccionará o orzamento total do devandito gasto para todo o curso.

Coñecido o importe total do orzamento e o número total de mozos afectados, farase a proposta de solicitude á Dirección Xeral en escrito análogo ao que figura no apartado “Formularios” número 12.

2ª. Unha vez aprobada a solicitude pola Dirección Xeral, deberase cubrir, por quintuplicado, a nómina asinada polos alumnos que perciben a axuda, segundo modelo que figura no apartado “Formularios” número 13. As nóminas tramitaranse tan pronto fose aprobada pola Dirección Xeral a concesión de axudas.

Capítulo V.- Ensinanzas intensivas

Cursiños

Nas actividades normais do Servizo de Extensión Agraria aparecen grupos de persoas afectadas por un mesmo problema e para cuxa solución dispoñen de recursos análogos.

A atención a estes grupos require unha dedicación especial durante un período de tempo, continuo ou descontinuo, non inferior a unha semana.

O conxunto destas actividades de Extensión dá lugar á organización dun cursiño encaixado no Plan anual de traballo dunha Axencia. Co fin de poder levar un control estatístico deste tipo de actividades, as axencias comarcais enviarán ao finalizar cada cursiño un informe, segundo o modelo que figura no apartado “Formularios” número 15 á dirección do Servizo, ao Centro Rexional e á Axencia Provincial.

Os alumnos que toman parte nestes cursiños están amparados, para os efectos exclusivamente de seguro de accidentes de traballo, por unha póliza que ten subscrita, como empresa, o Servizo de Extensión Agraria coa Mutualidade Nacional Agraria da Seguridade Social.

En consecuencia, se un alumno dos que toman parte nos ditos cursiños se lesionase durante o horario de asistencia a clase, tanto teórica coma práctica, ou ben con ocasión do seu desprazamento ao local onde teñan lugar os cursiños,

ou regreso aos seus domicilios, deberá o xefe da Axencia correspondente deste Servizo cursar un parte de accidentes (modelo 347-67) en triplicado exemplar, enviando dous á Delegación Provincial do Instituto Nacional de Previsión por medio de carta certificada, e o terceiro exemplar aos servizos centrais, debendo ser asistido o accidentado polo médico da localidade na que teña lugar o dito accidente, exhibíndolle o parte de accidentes, ou declarándolle que se trata dun accidente de traballo (se aínda non dispón do parte confeccionado).

No parte de accidentes consignarase como nome e domicilio da entidade patronal o do “Servizo de Extensión Agraria”, Bravo Murillo 101 Madrid, e na súa representación o nome do axente que asine o parte, sinalando como número da póliza o 28/A/1226, e consignando como categoría da vítima a expresión “alumno”, e en especialidade “agropecuaria”, indicando como data de ingreso ao servizo da entidade o día que comezou o cursiño que realiza o alumno e como salario computable o salario mínimo que estea en vigor na data no que se produciu o accidente. Detallaranse tamén os datos do accidente, e en canto aos datos da entidade aseguradora repetirase o número da póliza e indicarse que a data na que se solicitou a inclusión foi a do 26-10-67. O número da póliza, pola súa importancia, consignarase sen erro ningún.

Todas as axencias nas que se celebren cursiños recadarán de calquera oficina do Instituto Nacional de Previsión un número prudencial de partes de accidentes, para telos a disposición inmediata no caso de producirse algún.

Cando as axencias programen cursiños que non estean dotados con bolsas de estudo PIO ou PPT, deberán comunicar a data de iniciación, localidade, tema do cursiño e número de asistentes a estes servizos centrais, co fin de que os alumnos poidan beneficiarse desta póliza de seguros.

Os gastos orixinados polos cursiños, no caso de que existan, poden ser subvencionados polo PIO, PPT, SEA ou outros organismos, conforme ás seguintes normas:

Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento de cursiños que se van realizar coa axuda do Padroado de Igualdade de Oportunidades (PIO)

A) Programación de cursiños.

Esta programación farase por cursos escolares. As axencias comarcais, unha vez recibida a comunicación solicitando a programación dos cursiños, remitirán á Axencia Provincial correspondente a devandita programación. As axencias provinciais coordinarán estas propostas das axencias comarcais e remitirán ao Centro Rexional respectivo a programación provincial coas rectificacións que consideren oportunas. Os centros rexionais, á súa vez, tramitarán estas programacións aos servizos centrais dentro do mes de xuño.

As propostas faranse conforme o modelo que figura no apartado número 16 e, á súa vez, os centros rexionais enviarán a proposta segundo o mesmo modelo e en impresos separados os de cada provincia.

A Dirección Xeral, á vista das propostas dos centros rexionais, determinará a programación definitiva a desenvolver, que será comunicada ás axencias comarcais e provinciais e aos centros rexionais.

Alguns dos documentos a que se fai mención nas normas sobre cursiños. (Documentos escaneados do arquivo da Axencia de Celanova)

B) Modificación na realización dalgún cursiño no programa definitivo.

Cando por motivo xustificoado sexa necesario variar o tema, data ou lugar de realización dalgún dos cursiños incluídos no programa definitivo, as axencias deberán solicitar da dirección o oportuno cambio, co visto e praxe da Axencia Provincial e Centro Rexional correspondentes. Estes cambios solicitaranse coa anticipación suficiente para poder comunicar ao padroado o cambio solicitado.

No caso de que algún curso sexa suspendido definitivamente, debe comunicarse á dirección co visto e praxe da Axencia Provincial e Centro Rexional.

C) Xestión previa á realización de cada cursiño.

1. Divulgación.

De acordo co plan de cursiños aprobado pola Dirección Xeral, as axencias realizarán a debida divulgación do cursiño, especificando os requisitos e condicións que deben reunir os aspirantes para ser admitidos.

2. Selección de bolseiros.

Unha vez terminado o prazo de admisión de solicitudes as axencias comarcais deberán solicitar á Axencia Provincial correspondente que fixe a data do tribunal encargado da concesión das bolsas de estudo. A data desta reunión deberá ser cando menos sete días anterior á de iniciación do cursiño.

O tribunal encargado das eleccións dos alumnos será presidido polo supervisor da zona correspondente, en representación da Dirección Xeral

de Capacitación e Extensión Agrarias e estará composto ademais por un membro do Servizo de Extensión Agraria e un representante da Delegación Provincial de Educación e Ciencia, ao cal se convocará dirixíndose, para o efecto, á Delegación Provincial correspondente.

Reunido o tribunal de selección levantarase acta, por sextuplicado e segundo o modelo que figura no apartado "Formularios" número 17, que comprende tamén a relación dos bolseiros seleccionados, podéndose incluír catro máis como suplentes. Estes catro suplentes, por rigoroso número de orde, pasarán a cubrir as baixas dos seleccionados con bolsa que poidan producirse á iniciación do curso. A acta e relación de bolseiros enviarase, por quintuplicado, á dirección. Na referida relación, a cada bolseiro asignaráselle un número de orde, que figurará nas nóminas que se confeccionen posteriormente. Os números de orde asignados aos suplentes serán os inmediatamente posteriores ao que corresponda ao último dos bolseiros seleccionados. Esta documentación remitirase á dirección Xeral antes da iniciación do curso.

3. Alumnos non bolseiros.

Ao curso poderán asistir alumnos en calidade de oíntes, sen dereito a bolsa.

D) Xestión durante a realización do curso.

1. Iniciación do curso.

Dentro dos primeiros tres días da celebración do curso, as axencias comarcais darán conta da iniciación e do número dos bolseiros que asistan, acompañada dunha simple relación nominal de todos os alumnos participantes no curso (bolseiros e oíntes), soamente no caso de que desexen que lles sexan enviados os certificados de asistencia.

2. Confección e envío de nóminas.

Inmediatamente acabado o curso enviarase á dirección a nómina confeccionada por cuatuplicado segundo o modelo que figura no apartado "Formularios" número 18, que será asinada unicamente polos alumnos bolseiros asistentes, figurando nela na mesma orde que aparecían na relación nominal.

E) Xestión ao finalizar o curso.

1. Envío de nota de gastos.

Ao terminar o curso as axencias deberán enviar á dirección unha simple relación dos gastos habidos, independentemente das bolsas recibidas, co fin de proceder a remitir os fondos necesarios para o seu pago. No caso de que non houbera gastos, deberá ser comunicado este extremo.

En ningún caso, o importe dos gastos será superior á cantidade asignada ao curso para a bolsa de matrícula.

Os gastos orixinados por excursións ou por libros que se entreguen aos bolseiros non deberán ser incluídos como tales do curso, debendo pagalos os alumnos con cargo á súa bolsa.

F) Xustificación dos gastos.

Remítanse polas axencias comarcais, por triplificado, acompañados dun impreso de relación de gastos.

Todos os xustificantes irán a nome da Dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agraria.

G) Informe.

Enviarase á dirección, Centro Rexional e Axencia Provincial o informe que figura no apartado "Formularios" número 15, debidamente dilixenciado dentro dos tres días seguintes á terminación do curso.

Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento dos cursos que se van realizar coa axuda do Padroado de Protección ao Traballo (PPT)

Programación de cursos.

A programación de cursos con cargo ao PPT realizarase semestralmente de acordo coas seguintes normas:

1. A aprobación de expedientes de cursos que se van realizar con cargo ao PPT ten unha fase previa: a de aprobación por este organismo da programación de cursos que se pretendan realizar durante o semestre correspondente.

2. A programación dos cursos realizarase por provincias, cubrindo as axencias provinciais o impreso que figura no apartado "Formularios"

número 19, o cal se remitirá por duplicado á respectiva Xerencia Provincial do PPO, cunha antelación de catro meses ao comezo do semestre correspondente. Unha copia do dito impreso enviarase á dirección do Servizo e outra quedará en poder da Axencia Provincial.

3. Para cubrir o impreso de programación provincial de cursos terase en conta o seguinte:

- a) A data de convocatoria do curso será 30 días anterior á da iniciación.
- b) A selección de alumnos farase sete días anterior da iniciación dos cursos.
- c) O número de alumnos por curso non será inferior a 10.
- d) A duración do curso non será inferior a seis días.
- e) O total de horas lectivas en cada curso será cando menos de 24.
- f) O custo de cada curso incluírá os gastos de seguro, gratificación do persoal, material funxible e gastos xerais segundo as seguintes normas:

O importe do seguro será o resultado de multiplicar por 3,8 o produto do número de días polo número de alumnos.

Para a dirección do curso calcularase a 70 ptas. diarias.

O cálculo de gratificación para profesores efectuarase multiplicando 65 ptas. polo número de horas lectivas do curso.

O gasto de persoal administrativo será de 40 ptas. diarias.

Os gastos de material funxible comprenderán os propios de taller, libros, cadernos, etc.

Como gastos xerais consideraranse os de luz, calefacción, maquinaria, etc.

- g) O impreso será asinado pola Axencia Provincial que o cubra.

4. As axencias comarcais facilitarán ás correspondentes axencias provinciais, coa antelación suficiente, os datos necesarios para que estas poidan confeccionar a programación de cursos.

5. As axencias provinciais ditarán ás axencias comarcais as normas complementarias que consideren oportunas.

6. A dirección do Servizo comunicará ás axencias provinciais os cursos cuxa programación sexa aprobada polo PPT, para que estas elaboren os expedientes definitivos.

7. As escolas de capataces do Ministerio de Agricultura poden programar cursos en internado para agricultores; para tal fin os directores das escolas enviarán ás axencias provinciais en cuxa demarcación se sitúe a escola a programación, de acordo coas normas antes indicadas pero en impresos independentes dos cursos que se van realizar polas axencias.

Os capítulos do orzamento nestes cursos serán os mesmos que para os cursos en externado, xa que non debe orzamentarse cantidade ningunha para alimentación.

Expediente de solicitude de aprobación de cursos.

1. Aprobada a programación de cursos pola dirección Xeral de Promoción Social, procederase á tramitación dos expedientes de solicitude para a súa aprobación definitiva, os cales serán remitidos por sextuplicado á dirección do Servizo no momento no que esta o solicite.

2. O expediente de cada provincia será confeccionado polas axencias provinciais correspondentes, as cales enviarán así mesmo ao rexedor de actividades o calendario dos cursiños que figuran nel.

3. O expediente confeccionarase segundo o modelo que figura no apartado "Formularios" número 20, de acordo coas seguintes instrucións:

- a) Na portada indicaranse nos espazos correspondentes: número total de cursos que abarca a proposta, número total de alumnos bolseiros previstos para tales cursos e nome da provincia onde se celebrarán os devanditos cursos.
- b) Na solicitude ao Ilmo. director xeral consignarase: o nome da provincia, número de cursos e cantidade total orzamentada para a realización dos cursos que se inclúen na proposta (a cantidade indicarse en letras). Esta solicitude non se datará nin asinará.

- c) No apartado “Motivación dos cursos” exporase brevemente as razóns que aconsellan a realización do conxunto de cursos que se propoñen.
- d) En “Programas de ensinanzas” incluírase unha síntese do programa establecido para cada unha das especialidades ou temas sobre os que versarán os cursos.
- e) No apartado “Descrición de aulas, talleres ou fincas” reflectiranse brevemente as descricións dos lugares que para tal fin se utilizarán nos distintos cursos.
- f) No “Plan de divulgación da convocatoria” indícaranse os medios de difusión que se van utilizar. A convocatoria de cada curso farase mediante o modelo incorporado no expediente.
- g) No apartado “Colocación dos aprobados” sinalaranse as posibles colocacións que poderán alcanzar os asistentes, ou outras vantaxes que conseguirán como consecuencia das ensinanzas adquiridas.
- h) No capítulo de “Relación de profesorado”, que se refire tamén ao de todos e cada un dos cursos, indícarase na columna de “Cualificación profesional” o título ou profesión que posúa ou exerza. Na columna de “Cualificación docente” sinalarase o cargo que posúa no Servizo, se pertence a este, e se non pertence a el, a función docente que vaia desempeñar no curso.
- i) No “Plan do curso” exporase a relación destes datos que se indican no cadro. As columnas D, H e A totalizaranse.

Non poderán figurar cursos distintos aos que fosen programados con anterioridade polas axencias. Tampouco poderán realizarse cursos distintos que os que figuran no “Plan de cursos”. Non pode variarse nin a especialidade nin o tema, nin a localidade de celebración. Se non se puidese realizar o curso tal e como se proxectou nestes aspectos citados ou nalgún deles, o cursiño quedará anulado. Con carácter excepcional, pode admitirse a variación de datas, dentro do semestre de que se trata e previo coñecemento da dirección do Servizo, unha vez fose autorizado o dito cambio pola Axencia Provincial e o rexedor de actividades correspondente.

- j) No capítulo “Estudo económico dos cursos” a relación destes indícarase polo número de orde que a cada un se lle asignou no cadro anterior de “Plan dos cursos”. Para cada curso cubrirase a totalidade das columnas que se salientan:

Na columna “Importe seguro” indícarase a cantidade que resulte de multiplicar por 3,8 o produto dos números sinalados para o correspondente curso nas columnas D e A do cadro “Plan dos cursos”, é dicir, o número de días e alumnos do curso.

Nas tres primeiras columnas de “Gratificación do persoal” sinalaranse as cantidades que resulten dos produtos que nelas se indican e nas que D e H serán os números que para o correspondente curso figuran nas columnas así denominadas do cadro “Plan dos cursos”. Na cuarta columna, “Total”, indícarase a suma dos tres anteriores.

Polo que se refire a “Gastos de taller”, “Gastos de libros, etc.” e “Gastos xerais”, sinalarase en cada unha das columnas reservadas para gastos por alumno e día unha cantidade en pesetas, sen decimais, que, multiplicada en cada caso polo número de días e alumnos, nos dará os totais a incluír nas columnas T, L e G.

A cantidade que cómpre figurar na columna “Importe total”, que deberá ser igual ou inferior á que en tal concepto figuraba na programación, será a suma das indicadas en “Importe seguro”, “Total de gratificación do persoal”, “Total de gastos de taller”, “Total de gastos de libros, etc.” e “Total de gastos xerais”.

Totalizaranse as columnas que se indican no cadro “Estudo económico dos cursos”.

- k) No “Resumo do estudo económico” sinalaranse, nos lugares adecuados, as cantidades que resultaran totalizadas no cadro anterior, e completaranse as sumas que sexan necesarias.

A división da suma total polo total dos alumnos que asistan aos cursos daranos o importe da bolsa de estudos, que será única para todos os cursos da provincia. Isto trae como consecuencia que para cada curso incluído no expediente a Dirección Xeral de Promoción Social aprobará unha bolsa de estudos unificada

e, polo tanto, a cantidade aprobada para cada curso non será exactamente a orzamentada en principio pola Axencia, senón o resultado de multiplicar esta bolsa única polo número de alumnos do curso.

- l) *Os apartados “Modelos de convocatoria” e “Instancia” non teñen que cubrirse. Devolveranse, pois, tal e como figuran e servirán de modelo ás axencias para anuncio da convocatoria e para que os alumnos redacten as súas correspondentes instancias tal e como se indica.*

As probas sinaladas no “Modelo de convocatoria” soamente son necesarias realizalas no caso de que exista dúbida sobre os coñecementos dos alumnos.

- m) *Cada un dos documentos da memoria, o plan dos cursos e o estudo económico, deberá ir asinado polo xefe da Axencia Provincial.*

4. *Os servizos centrais comunicarán en cada caso ás correspondentes axencias provinciais, e estas á súa vez ás comarcais interesadas, a aprobación de cada un dos expedientes por parte da Dirección Xeral de Promoción Social.*

Na dita comunicación consignarase o número que lle foi asignado ao expediente pola Dirección Xeral de Promoción Social, a súa data de aprobación, a contía da bolsa de estudos aprobada e demais detalles que poidan interesar. Oportunamente, comunicarase tamén o número de expediente asignado polo Padroado Nacional de Protección ao Traballo (PPT).

Documentos xustificantes dos cursos realizados.

1. *As axencias comarcais deberán cubrir os seguintes impresos:*

1.1.- Relación nominal.

Confeccionarase por sextuplicado, enviando á Axencia Provincial cinco exemplares, quedando o sexto en poder da Axencia Comarcal, segundo o modelo que figura no apartado “Formularios” número 21.

Indicarase o número de orde, nome e dous apelidos dos alumnos que asistan ao curso e a súa idade, que non poderá ser nunca inferior a 18 anos.

Na columna “Cualificación profesional”, tanto en cursos para homes coma para mulleres, consignaranse algúns dos seguintes conceptos: obreiro agrícola ou agricultor. Na columna “Situación laboral” indicarase se é a de: subemprego, paro ou movemento migratorio.

A contía da bolsa de estudos, que será comunicada pola Axencia Provincial, indicarase en cifras para cada un dos alumnos.

O número de alumnos nunca será superior ao que figuraba na proposta.

1.2.- Nómína de bolseiros.

Confeccionarase por quintuplicado, debendo asinar os alumnos unicamente catro exemplares, dos que se enviarán á Axencia Provincial tres asinados e o exemplar sen asinar, quedando, polo tanto, un exemplar asinado en poder da Axencia. Ver apartado “Formularios” número 22.

Indicaranse tamén as datas de iniciación e remate do curso.

Os nomes e apelidos dos bolseiros coincidirán, incluso na súa orde, cos que figuran na relación nominal, e as sinaturas irán debaixo do recibín correspondente, non podendo ser asinadas máis que polos propios bolseiros.

O importe da bolsa de estudos será o mesmo que figura na relación nominal. Na columna “Importe da matrícula e outras prestacións” indicarase a mesma cifra que figura en “Importe da bolsa de estudos” e na columna “Líquido que se vai percibir”, que é a diferenza das dúas anteriores, porase 0,00. Nestas tres columnas repetiranse en cifras cada unha das cantidades, non sendo admisible substituír as cifras por comiñas, e deberán ser totalizadas cada unha delas no lugar axeitado que figura na última páxina do impreso.

Para a sinatura da nómina polos alumnos non se poderá utilizar o seu papel de copia; é dicir, asinarase cada exemplar por separado.

1.3. Documentos que cómpre remitir ás axencias provinciais.

Estes documentos, relación nominal (por quintuplicado) e nóminas (por cuaduplicado), enviaranse á Axencia Provincial acompañadas das instancias dos bolseiros asistentes e da nota de gastos, na que se diferenciarán os correspondentes

ao pago de persoal alleo ao Servizo de Extensión Agraria e o resto dos gastos. As instancias deberán levar unha póliza de tres pesetas.

2. As axencias provinciais deberán cubrir:

2.1.- Impresos "1-A e 1-B".

Unha vez recibida a documentación de todos os cursos celebrados na provincia, cubriranse os impresos "1-A e 1-B", por sextuplicado, que figuran no apartado "Formularios" número 23, consignando o seguinte:

Os números do expediente do padroado e do expediente de promoción; data de aprobación; número de cursos celebrados; data de iniciación do primeiro curso realizado e de terminación do último; nome da provincia e relación de cursos impartidos, indicando para cada un a localidade, número de bolsas reais, a súa contía e o importe total do curso, que se obterá multiplicando o número de bolsas polo importe de cada unha. Totalizaranse as columnas "Número de bolsas de estudo" e "Importe". Tamén se cubrirá a segunda dilixencia que figura na última páxina, sen asinala e data.

Os cursos figurarán na mesma orde coa que se incluíron na programación e no expediente, suprimindo os non celebrados.

2.2.- Documentos que cómpre remitir á dirección do Servizo:

a) As axencias provinciais enviarán á dirección do Servizo os seguintes documentos: "1-A e 1-B" (por quintuplicado); relacións nominais (por quintuplicado); nóminas (por cuadruplicado); certificado (por duplicado) da Axencia Provincial (ver "Formularios" número 24), no que se faga constar que as instancias dos alumnos de todos os cursos se encontran arquivadas nas dependencias da correspondente Axencia Provincial; e un exemplar da relación de gastos, que sexa resumo das notas de gastos que de cada cursiño recibiran das distintas axencias comarcais. A dita relación de gastos confeccionarase no impreso cuxo modelo se inclúe no apartado "Formularios" número 25, e deben figurar os cursos na mesma orde que nos impresos "1-A e 1-B".

2.3.- Xustificantes de gastos.

a) Aboados os gastos de cada cursiño, os axentes comarcais remitirán por triplicado á Axencia

Provincial correspondente o impreso de "Relación de gastos efectuados", debidamente cuberto, acompañado dos xustificantes de pago dos devanditos pagos.

Todos os xustificantes irán a nome da dirección Xeral de Capacitación e Extensión Agrarias.

b) As axencias provinciais enviarán por triplicado á Sección de Ensinanzas Intensivas o impreso de "Relación de gastos efectuados" (no que se sinalan os totais de cada un dos cursiños, é dicir, que sexa un resumo dos impresos remitidos ás axencias provinciais polas súas respectivas axencias comarcais), así como a totalidade dos xustificantes de todos os cursiños da provincia.

3. Informe do cursiño.

Dentro dos tres días seguintes á data de terminación do cursiño, enviarase aos servizos centrais, Centro Rexional e Axencia Provincial o informe que figura no apartado "Formularios" número 15, debidamente dilixenciado.

Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento dos cursiños que se van realizar con fondos do Servizo de Extensión Agraria

A programación destes cursiños efectuarase segundo o modelo que figura no apartado "Formularios" número 26, tramitándose a través da Axencia Provincial respectiva, que a enviará ao Centro Rexional, o cal á súa vez tramitará aos servizos centrais, previa a introdución das modificacións que considere oportunas.

Os directores das escolas de Capacitación Agraria que consideren oportuno a realización de cursos, de acordo cos centros rexionais e axencias provinciais, tramitarán as súas propostas á dirección do Servizo.

Para a xustificación dos gastos destes cursiños remitiranse os xustificantes, por cuadruplicado, acompañados dun impreso de relación de gastos, á dirección, por medio do Centro Rexional; figurarán por separado os gastos de persoal e xerais.

Dentro dos tres días seguintes á data de terminación do cursiño enviarase á Dirección, Centro Rexional e Axencia Provincial o informe que figura no apartado "Formularios" número 15, debidamente dilixenciado.

Comentarios ao Título V das normas e anécdotas ao respecto

Terminamos os comentarios sobre as Normas Vixentes do Servizo de Extensión Agraria coas correspondentes a este o seu último título.

O primeiro está referido ás xuntas locais de Extensión Agraria, mecanismo que buscaba o apoio da programación de Extensión polos estamentos comarcais e que, en principio, estaba cargado da mellor das intencións, pois buscaba a implicación destes no traballo e ideario do SEA, coa idea de beneficiar a poboación rural.

Nunha primeira fase as xuntas funcionaron, pero logo, quizais debido á súa ampliación, que as fixo moi numerosas e polo tanto pouco operativas, ou ao consabido desgaste de todo tipo de comisións ou xuntas deste tipo, nas que no seu nexos de funcionamento non existen vinculacións nin compensacións de tipo económico, nas que só se barallan ideas e boas intencións por persoas que, na súa maioría, non decidiron a súa integración ou pertenza a elas, terminaron por non funcionar, esgotadas por si mesmas, pois ninguén as disolveu.

Quen redacta este capítulo, que ingresou no SEA no ano 1971, chegou precisamente cando xa estaba redactaba a súa acta de defunción, pois oíu falar moito delas e da intención de resucitalas, pero nunca chegou a asistir a ningunha xuntanza que puidese interpretarse como a da xunta local, pois as reunións para a implicación na programación facíanse particularmente con agricultores destacados, líderes de comunidades, cooperativas, alcaldes, prohombres de irmandades sindicais, pero nunca en conxunto, quizais porque os tempos e os ritmos de vida eran xa outros e era impensable reunir e conxuntar tantas persoas por unha causa, a da programación á escala de Extensión, que empezaba a desvalorizarse principalmente polos políticos, pois comezaban a funcionar outros programas de aplicación xeral, que formulaban a obtención de resultados a curto prazo e establecidos dende arriba. A partir destes momentos sempre tivo prioridade o traballo ordenado dende os estamentos oficiais sobre o propio saído das necesidades e intencións dos agricultores da comarca de traballo e as súas familias, que en ocasións non resultaban parellos. Isto incrementouse e fíxose norma habitual a partir da transferencia de competencias do SEA

ás comunidades autónomas. Os extensionistas de verdade seguiron programando, procurando adaptar os seus plans de traballo aos programas oficiais, sen esquecer a atención aos desexos dos agricultores, amas de casa, mozos e comunidades.

Intentar que a programación, que viña condicionada na súa maior parte pola aplicación na comarca de programas oficiais determinados dende o Ministerio, ou logo máis tarde dende Santiago de Compostela ou por Bruxelas, fose ratificada e apoiada por unha xunta local, non tiña, a verdade, moito sentido, así que os intentos, que os houbo, de restablecelas non callaron.

Non obstante, a programación en Extensión Agraria foi unha constante case ata o final do SEA e consideramos que, pola súa característica de innovadora no seu tempo e definitiva do traballo fundamental que desenvolveu, merece a pena que sexa exposta e tratada nun capítulo específico deste libro, xunto coa metodoloxía empregada para o seu desenvolvemento.

As normas sobre as subvencións para as accións comunitarias promovidas polo SEA merecen un extenso comentario, pois esta actuación de Extensión Agraria constituíu en Galicia un elemento fundamental durante a maior parte da súa traxectoria, contribuíndo de forma decisiva á dotación dos servizos básicos no seu disperso medio rural, cun elevadísimo número de núcleos de poboación onde as carencias eran case totais.

A verdade é que nunca con tan pouco diñeiro se fixo tanto, aínda que a escasa partida orzamentaria creceu co tempo, ao mesmo ritmo co que se multiplicaban as accións de todo tipo: abastecementos domiciliarios de auga, melloras de camiños de acceso a núcleos e leiras mediante apertura ou ensanches, con afirmados e pavimentacións en ocasións, redes de sumidoiros, mellora ou construción de locais sociais, arranxo de levadas, presas e balsas de rega, electrificacións, acondicionamento de campos de festas e deportivos, construción de novos cemiterios, parques infantís, alumeados públicos, etc. E sempre coa participación decisiva e protagonista das comunidades, que eran as que tomaban as decisións para dar prioridade e solución ás súas carencias, poñéndose á fronte da acción mediante unha comisión elixida democraticamente e coa prestación persoal dos veciños nos

traballos na maioría dos casos, e na parte económica que non cubría as subvencións obtidas, que normalmente só eran a do SEA e as achegas que normalmente realizaban os concellos.

O número de accións comunitarias promovidas polo SEA en Galicia foi inxente. Houbo axencias, como foi o caso da Cañiza (Pontevedra), que chegaron a tramitar, co que supoña anteriormente de traballo na promoción e axuda na organización, ata preto de 100 obras comunitarias nun só ano. As primeiras tiveron carácter demostrativo para as restantes, cando os lóxicos desexos das comunidades veciñais foron os de progresar, ir cos tempos, e ter cubertos os seus servizos máis imprescindibles, coma os veciños da parroquia ou lugar próximo.

A actividade foi intensísima, ao principio porque o proceso con cada comunidade era máis lento, con moitas actividades para unha soa acción, pois os métodos para motivar, ensinar a organizarse, tomar decisións, estudar solucións técnicas, determinar acordos e achegas, executar e regular as accións, leváronse con pureza, implicando decididamente a poboación afectada na participación en todas as fases. Logo pola inmensa demanda, que sempre se canalizaba a través do SEA, pois todos querían facer e organizarse como os anteriores e solicitaban a axuda de Extensión, aínda que xa un grupo promotor tomase a decisión, non só pola subvención, senón para que interviñese na organización, co fin de conseguir a autenticidade de acción comunitaria, sistema que asimilou facilmente a poboación rural galega, que xa tiña na súa historia un longo costume de realización de traballos e labores agrícolas en común.

O elemento máis característico de todo o proceso de desenvolvemento comunitario abordado polo SEA en Galicia foi a poboación, os veciños. Eles foron os auténticos protagonistas, acometendo actuacións que hoxe en día se esixirían como de actuación pública, pero tomando plena conciencia de que o abastecemento de auga, por exemplo, era da súa titularidade, que as obras que facían eran deles, porque souberon conxuntar os esforzos, recursos e vontades necesarios para executalas, sen que existisen organismos ou institucións públicas que estivesen dispostos e dispuxesen dos recursos económicos suficientes para resolver sen máis os seus problemas.

O éxito das accións comunitarias promovidas polo SEA foi recoñecido e asumido por outros departamentos ministeriais, como deixa de manifesto a circular que, con data do 22 de outubro de 1973, foi remitida polo secretario xeral técnico da Presidencia do Goberno a todos os gobernadores civís, na súa condición de Presidentes das comisións provinciais de servizos técnicos, así como á Comisión Comarcal do Campo de Xibraltar e as xuntas coordinadoras de Ceuta e Melilla, que reproducimos deseguido:

Excmo. Sr.:

Como complemento de la circular de fecha 30 de mayo de 1973, que regula a concesión de subvenciones por el Servicio Central de Planes Provinciales a obras realizadas en régimen de acción comunitaria, se considera necesario, para un correcto funcionamiento del sistema, hacer las siguientes aclaraciones:

1ª.- Esta vía extraordinaria de ayudas de Planes Provinciales se ha creado como consecuencia de la satisfactoria experiencia de los últimos años en acciones comunitarias promovidas e orientadas por el Servicio de Extensión Agraria. Los resultados obtenidos aconsejan mantener el anterior planteamiento.

2ª.- En la referida circular de 30 de mayo de 1973 se indica que la documentación de solicitud de ayuda económica contará con el Vº. Bº. del Servicio de Extensión Agraria, precisamente por la razón expuesta en el punto anterior.

Este requisito debe sustituirse por un informe de la Agencia Comarcal correspondiente del citado Servicio, en el que se manifieste el carácter de acción comunitaria de la obra a emprender, describiendo el proceso de participación de los interesados en: la determinación de la necesidad de la mejora, la discusión de planteamientos, la toma en común de decisiones, la realización de gestiones por representantes elegidos y la aportación de recursos, metálico-trabajo, para la ejecución de las obras, de acuerdo con los principios del Desarrollo Comunitario.

3ª.- La promoción de acciones comunitarias podrá realizarse también por personas ajenas a las Agencias de Extensión Agraria. Pero, teniendo en cuenta que han de ser éstas quienes informen sobre el proceso antes citado, responsabilizándose

de su exactitud, se recomienda a los posibles promotores que, antes de iniciar la labor de animación de la comunidad, se pongan en contacto con la Agencia de Extensión Agraria de la comarca, a fin de acordar el procedimiento a seguir y alcanzar en el mayor grado posible la participación de los interesados.

4ª.- En el modelo de "Acta justificativa de la realización de la obra y de la inversión de la subvención concedida", anejo a la referida circular de fecha 30 de mayo de 1973, aparece también el Vº.Bº. del Servicio de Extensión Agraria.

Como en el caso anterior, deberá sustituirse por un informe de la Agencia Comarcal del citado Servicio, valorativo del cambio comunitario alcanzado, así como de sus defectos, medidos en previsiones de nuevas acciones colectivas de esa comunidad.

Lo que pongo en conocimiento de V.E., a los efectos oportunos.

Dios guarde a V.E.

El Secretario General Técnico,

Fdo.: Juan Luis de la Vallina

Para poñer de manifesto o grao de organización alcanzado polas comunidades, transcribimos a continuación, como mostramos, as normas aprobadas para a organización dos traballos e regulación do abastecemento domiciliario de auga ao lugar de Piñeiro, parroquia de Oroso, Concello da Cañiza, os acordos de constitución e regulamentación da comunidade para o aproveitamento de auga para usos domésticos dos lugares de Casteliño, Sobrado, Costa, Castro e Lombo da parroquia de Rubiós, do Concello das Neves, así como das estipulacións acordadas polos beneficiarios do regadío de Camán na parroquia de Albeos do Concello de Crecente, accións comunitarias desenvolvidas todas elas nos anos setenta na provincia de Pontevedra.

Abastecemento domiciliario de augas ao lugar de Piñeiro, parroquia de Oroso, Concello da Cañiza

Ponse en coñecemento de todos os veciños do lugar que se pretende en breve efectuar o abastecemento domiciliario de auga. Todos aqueles que desexen ser usuarios do dito servizo deberán rexerse polas seguintes normas:

Artigo 1º.- Os veciños que desexen ser beneficiarios do abastecemento de auga deberán comunicalo á comisión de veciños nomeada para o efecto e entregar ao seu presidente ou depositar na conta aberta na sucursal na Cañiza da Caixa de Aforros Municipal de Vigo, a nome de "Traída de augas a Piñeiro", a cantidade de 10.000 ptas., podéndoo facer calquera día a partir da data e ata o 20 de novembro de 1978.

Artigo 2º.- Durante a realización da mellora a comisión fixará as cantidades e datas para as entregas das sucesivas achegas, no caso de que fosen necesarias, para sufragar os gastos totais da obra.

Artigo 3º.- Unha vez finalizadas as obras, e antes de que o abastecemento entre en servizo, todos os abonados deberán ter entregada a diferenza, se a houbese, entre as entregas parciais xa efectuadas e o importe total da obra por veciño.

Artigo 4º.- O abonado que deixe de efectuar algunha entrega nos prazos sinalados, perderá todos os seus dereitos, incluso os depósitos parciais efectuados, a non ser que presente unha xustificación que a comisión considere razoable.

Artigo 5º.- Finalizadas as obras, poderanse admitir novos usuarios sempre que as condicións técnicas e disponibilidades de auga o permitan, pero aplicando o establecido, segundo o caso, nos seguintes artigos.

Artigo 6º.- Aqueles veciños que nesta data posúen vivenda no lugar de Piñeiro, estean edificando na actualidade ou pensen facelo de inmediato, e que, non solicitando ser beneficiario dentro do prazo sinalado, nun futuro si o desexarán, aboarán a cantidade que a cada veciño lle corresponda achegar, incrementada nun 100%, máis unha porcentaxe acumulativa por ano que estará en relación coa suba do nivel de prezos. Por outra parte, serán da súa conta, tamén, os gastos da súa acometida.

Artigo 7º.- Aqueles futuros usuarios que na data de realización da obra non posuían vivenda neste lugar, pero que posteriormente desexen beneficiarse do Servizo por fixar a súa residencia nel, poderán facelo aboando a mesma cantidade que a cada veciño lle correspondese, incrementada na porcentaxe acumulativa por ano á que se fai mención no artigo anterior.

Esta porcentaxe acumulativa, que dependerá dos anos transcorridos dende a realización da traída ao de petición da auga e do que subiran os prezos nese período de tempo, será fixado pola comisión que governe o abastecemento e será igual para todos os futuros usuarios que soliciten acometida dentro do mesmo ano.

Artigo 8º.- Todos os veciños beneficiarios deste Servizo están obrigados, xa que isto non supón prexuízo, a permitir o paso polas súas leiras para efectuar a instalación e posibles reparacións das canalizacións de distribución, se fose necesario e así o considerase a comisión.

Artigo 9º.- Se por calquera circunstancia fose necesario, unha vez realizado o abastecemento, efectuar algunha reparación ou rectificación no depósito ou nas redes de subministración, ou se causasen danos na propiedade dalgún veciño, valoraranse os gastos ou danos ocasionados e aboaranse mediante repartición entre os usuarios ou, se os houbese, cos fondos de reserva de que dispoña a comunidade.

Artigo 10º.- Para a realización dos traballos, que se levarán a cabo por prestación persoal dos veciños, fixarase o valor do xornal, por cada oito horas de traballo, en 1.000 ptas.

Artigo 11º.- Ao finalizar o abastecemento efectuarase unha reunión xeral de usuarios para presentar as contas, proceder á súa liquidación e acordar a ampliación destas normas noutros aspectos necesarios que non se contemplan actualmente e que puidesen ser de interese para un mellor goberno no sucesivo da traída de augas.

Artigo 12º.- Enténdese que ningún futuro beneficiario poderá, unha vez entrado en servizo o abastecemento, abastecer de auga procedente del a outro veciño, nin efectuar ningunha obra na traída, agás as de introducir a auga no interior da súa vivenda.

Artigo 13º.- Mentres non se elaboren outros estatutos, será aplicado o acordado neste regulamento. Para os casos non estipulados neste articulado será válido, e preceptivo para todos, o acordo tomado pola maioría simple de usuarios.

Artigo 14º.- Todos os interesados deberán asinar estes acordos en sinal de conformidade, nunha co-

pia que quedará en poder da comisión, quedando esta constituída da seguinte forma:

Presidente: Arturo Lorenzo Barcia.

Secretario: Antonio Barcia Estévez.

Tesoureiro: Manuel Rodríguez Fernández.

Vogal: Antonio Martínez Castro.

Oroso-A Cañiza, 7 de novembro de 1978.

Constitución e regulamentación da comunidade para o aproveitamento de auga para usos domésticos dos lugares do Couto, A Filgueira, Campos e O Lombo, da parroquia de Rubios, termo municipal das Neves, cuxos veciños:

Belarmino Groba Rocha, Valentín Rocha Méndez, Manuel Álvarez Rodríguez, Manuel Cuña Pérez, Francisco Álvarez R., José Pedrosa Durán, José Alonso González, Ignacio Méndez Rodríguez, José Álvarez Trigo, Raimundo Méndez Gil, Desiderio Rodríguez Gil, Alfeo Gil Jorge, Constantino Rodríguez R., José López Cuña, Ángel Domínguez González, Santiago Gil Gil, Victoriano Gil Jorge, Jesús Barreiro Campo, Manuel Gil Cuña, Constantino Gil Rodríguez, María Pérez Rodríguez, José Gil Gil, Marcelino González González, Antonio Méndez Cuña, Manuel Fernández do Lombo e Teresa Barbeitos Cuña.

ACORDAN

Os anteriormente citados dispoñen duns mananciais en “Pozas do Ferreiro”, na parte sur do monte San Mamede, e “Pozo do Xorxe”, no lugar do mesmo nome desta parroquia.

Os beneficiarios constitúen esta comunidade que se rexerá polas normas que se desenvolven no seguinte articulado:

Artigo 1º.- A prestación do servizo levarase a cabo por xestión directa, mediante un órgano especial de administración que se denominará Consello de Administración ou Xunta Directiva.

Artigo 2º.- O Consello de Administración estará composto por:

O presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais ou conselleiros.

Artigo 3º.- Os compoñentes do Consello renovaranse cada dous anos por metade e serán elixidos en votación polos usuarios do servizo.

É requisito indispensable para ser membro do Consello de Administración ostentar a calidade de usuario do servizo.

Artigo 4º.- Calquera cargo do Consello de Administración é obrigatorio e gratuíto, podendo ser elixido indefinidamente, sempre que sexa aceptado polo interesado.

Artigo 5º.- O Consello de Administración deberá autorizar a acometida da auga a todos aqueles novos usuarios que o soliciten, sempre que o permita o caudal dos mananciais e as condicións técnicas das instalacións.

Artigo 6º.- Serán de conta dos futuros usuarios os gastos e as obras necesarias para efectuar as novas acometidas.

Artigo 7º.- Debido a que para a instalación deste servizo os seus actuais usuarios contribuíron económica e persoalmente co seu traballo, establécense as seguintes tarifas para as novas acometidas:

a) Debido a que na actualidade as canalizacións de 6 de presión en kg/cm², de 40 e 63 mm de diámetro, que foron as empregadas dende os mananciais ao depósito, cun custo de 28 e 48'50 ptas. o metro lineal, respectivamente; e as de 10 de presión en kg/cm², de 25, 32, 40, 50 e 63 mm de diámetro, que se instalaron dende o depósito ás casas, cun custo de 14'50, 22, 31, 47'50 e 74 ptas. a mesma medida anterior, respectivamente, supuxeron o desembolso por usuario da cantidade de (non figura indicada no documento que transcribimos).

b) Todas as novas instalacións de auga dependentes deste servizo deberán aboar un recargo do 50% sobre os socios fundadores, á parte da suba que teña experimentada a tubaxe no intre no que soliciten o dito servizo; podendo acordarse novas tarifas nunha asemblea xeral.

Artigo 8º.- O servizo manterase cos ingresos procedentes dos dereitos de acometida anteriormente determinados e, se non alcanzasen, distribuiranse os gastos entre todos os usuarios a partes iguais. O importe das cantidades que se esixan aos usuarios non poderá exceder do custo do servizo, ou se ex-

cedese unicamente poderá utilizarse o dito exceso para aquelas ampliacións ou melloras do servizo que se crese oportuno realizar.

Artigo 9º.- Tamén poderá acudir o Consello de Administración á prestación persoal dos usuarios, para a realización dos traballos de conservación e mantemento do servizo.

Artigo 10º.- A auga abastecida por este servizo poderá o usuario empregala nos fins que queira, toda vez que sexa instalado un contador a cada usuario, o que non poderá facer é gastar máis da que en cada época determine o Consello de Administración, segundo sexa o caudal dos mananciais, para gasto por usuario; o que gaste máis pagará cen (100) pesetas o m³ de auga gastada a maiores da autorizada.

Os contadores serán revisados unha vez ao mes ou incluso antes se fose necesario, e verificados sempre que se crea necesario. Este servizo de vixilancia dos contadores levarase a cabo por dous socios cada ano, empezando a contar pola lista de arriba a abaixo.

Artigo 11º.- Cando por algunha rotura, limpeza do depósito ou escaseza de auga, sexa necesario interromper o abastecemento de auga, ningún usuario poderá efectuar reclamación algunha. O Consello de Administración avisará con antelación do corte da subministración da auga. O depósito limparase unha vez ao ano, no mes de marzo.

Artigo 12º.- Se a rede de tubaxes pasase pola propiedade de calquera persoa que agora autorizase o paso e en data posterior quixese realizar obras no dito sitio que a canalización puidese estorbar, debe ser cambiada por conta de todos os usuarios; non podendo ninguén reclamar tal cambio por simple capricho.

Artigo 13º.- Son considerados bens da comunidade o depósito e a rede de distribución ata as billas de paso de cada acometida, non podendo ninguén atentar contra eles; as billas de paso cara ás casas son propiedade de cada usuario, e polo tanto a eles correspóndelles a súa limpeza e conservación.

Artigo 14º.- Corresponde ao Consello de Administración representar á comunidade en xuízo ou fóra del, e propoñer e informar á asemblea xeral de cantos asuntos sexan necesarios e convenientes aos fins comunitarios.

Artigo 15º.- A comunidade reunirse en asemblea xeral dentro dos dous primeiros meses de cada ano, e todo socio ou usuario que non asista a ela, sen causa xustificada, será sancionado con cen (100) pesetas.

A asemblea xeral constitúe o órgano supremo da comunidade, podendo acordarse nela a modificación destes estatutos ou cambialos totalmente; porén, para tomar un acordo por válido, será necesario que o aproben as dúas terceiras partes.

Os acordos da asemblea e do consello plasmaranse nun libro de actas, que levará o secretario ou quen faga as súas veces. As actas de cada sesión deberán ser asinadas por todos os usuarios da auga asistentes.

Artigo 16º.- Os litixios que se susciten contra as resolucións do Consello de Administración sobre a constitución, organización, modificación e supresión do servizo, someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 17º.- No caso de transacción, sexa ou non hereditaria, o servizo pasará a un só herdeiro.

Artigo 18º.- Se un usuario ou o que herde cambia de residencia e vende a súa parte a outra persoa, terá que estar informada a comunidade cando menos un mes antes, e todos os gastos que ocasione o devandito cambio de servizo serán a conta e cargo do novo usuario.

En Rubiós, dezaoto de novembro de mil novecentos setenta e tres.



(Recortes de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



28 de outubro de 1973, inauguración da traída de augas á parroquia de Prado en Pontearreas (Pontevedra). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Fotos da Axencia de Extensión Agraria do Barco de Valdeorras (Ourense) relativas á realización e inauguración de accións comunitarias. (Fotos do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)

Normas acordadas polos beneficiarios do regadío de “Camán” para a realización das obras de acondicionamento do mencionado regadío:

1ª Dado o lamentable estado de conservación en que se encontra o regadío, todos os beneficiarios acordamos que é urxente a realización da súa mellora, pero procedendo á súa execución por fases, xa que o arranxo total e dunha soa vez resultaría dunha envergadura económica difícil de afrontar.

2ª Acórdase que a primeira fase da obra consista no levantamento en medio metro da presa de recollida de augas no leito do río Ribadil, a mellor captación dos mananciais de S. Xorxe e Caneiros, así como na canalización con tubaxe de formigón vibro-comprimido dos primeiros 1.000 metros do regadío, canalización que levará as

correspondentes arquetas para cortes de auga e de recoñecemento.

Todos os regantes están de acordo en que se trata da fase de obra que require unha máis urxente realización.

3ª Proceder á contratación da obra, acordando distribuír o seu importe por hora de rega ou, se é o caso, pola fracción de tempo mínimo empregado en regar.

Para tal efecto incorporárase a estas normas unha relación dos actuais regantes co tempo de auga que cada un demostre ter, previa presentación de documentos, debendo coincidir o total coas 96 horas de que consta a rolda de nove días que vén respectándose por usos e costumes. No caso de que unha vez realizado o cómputo total de horas non coincidise coas 96, as sobrantas, unha vez descubertas nos días que resulten, subastaranse ou repartiranse.

4ª Todos os usuarios que estean de acordo coa realización da mellora e coas normas acordadas para a súa realización deberán asinar unha copia destes acordos, que quedará en poder da Xunta Reitora, e ingresar antes do inicio das obras o 50% do que lle corresponde achegar na conta que, a nome de “Levada de Camán”, estará aberta na sucursal que a Caixa Municipal de Vigo posúe en Crecente. O resto do importe será aboado, de igual forma, unha vez efectuada a acta de recepción da obra e antes de que comece a temporada de rega.

5ª Se algún dos regantes non estivese de acordo coa mellora do regadío ou coas normas acordadas para a súa realización, o resto da comunidade respectaralle a auga de que é posuidor, pero co caudal que tiña antes de efectuar a mellora, caudal que será medido pola Xunta Reitora diante do interesado antes do inicio das obras.

6ª No caso de que algún comuneiro que asine este documento non cumprise co todo o establecido nel, perderá todos os depósitos en metálico que teña efectuados, entendéndose que se encontra na situación que se especifica na norma 5ª. Por outra parte, no caso de que se presente algún litixio e houbese que acudir a preito, o retractante comprometerase a que todos os gastos que puidesen derivarse del serán pola súa conta.

7ª Todos os regantes comprometémonos, cando se realicen as sucesivas fases da obra, a dividir os gastos de igual maneira que nesta primeira fase, aínda que o tramo da obra realizado anteriormente solucionase o noso problema, xa que entendemos que a mellora total do regadío beneficia a todos os usuarios.

8ª Ratificar nos seus postos a Xunta Reitora que para a constitución do Grupo Sindical de Colonización se elixiu o pasado ano. A dita xunta está constituída polos seguintes cargos e usuarios:

Presidente: Eugenio Pérez Álvarez.

Interventor: José Paz Abreu.

Secretario: Anibal Paz Abreu.

Tesoureiro: Clino Rodríguez Vázquez.

Vogais: Manuel Barcia Fernández.

Luis Pérez Álvarez.

Albeos (Crecente), 13 de xuño de 1976.

Polo interese que representa, tamén transcribimos deseguido o modelo de estatutos que empregou o SEA na promoción e constitución de teleclubs, labor no que tivo unha actuación destacada, pero tan só dos seus capítulos I, II, V e VI, así como das súas disposicións transitorias, deixando sen facelo dos capítulos III e IV, relativos á Xunta Directiva e Xuntas Xerais, de carácter máis común aos doutros tipos de asociacións.

Estatutos polos que se rexerá o Teleclub, de, do Concello de

Capítulo I.

Da situación e fins desta asociación.

Artigo 1º.- Constitútese este TELECLUB na localidade de, pertencente ao Concello de, provincia de, que se denominará, quedando instalado en

Artigo 2º.- Os fins primordiais deste TELECLUB serán os seguintes:

- Proporcionar unha canle educativa e formativa, unha promoción cultural e unha inquietude polas cuestións de formación do espírito entre os seus asociados, mediante a contemplación de emisións de televisión.

- Realizar, como complemento da acción anterior, ciclos anuais de diversos actos culturais e recreativos, tales como: conferencias-coloquios, proxecións, audicións musicais, veladas teatrais, etc.
- Crear paulatinamente, en función das dispoñibilidades económicas do TELECLUB e das posibles axudas e subvencións que se concedan, principalmente polo Ministerio de Información e Turismo, unha biblioteca, unha discoteca e unha colección de diapositivas, que contribúan á formación cultural dos asociados.
- Fomentar a convivencia social entre os seus membros, nas reunións que normalmente deben producirse.
- Colaborar co Ministerio de Información e Turismo facilitando aos organismos competentes tanta información sexa solicitada, tanto na orde do control de escoita de emisións coma noutros aspectos que afecten a actividade do TELECLUB.

Capítulo II.

Dos socios.

Artigo 3º.- O TELECLUB constituíse sobre a base asociativa voluntaria e en beneficio de cantos desexen participar del, sexan veciños desta localidade ou doutras que pola súa proximidade puidese convirllas solicitar o seu ingreso. Todos os seus membros se comprometen a acatar as presentes normas de funcionamento, a aboar puntualmente as cotas acordadas e a respectar as disposicións da Xunta Directiva e da CITE provincial.

Artigo 4º.- Os socios do TELECLUB serano de número ou familiares. Serán socios de número as persoas maiores de idade emancipadas ou cabezas de familia que soliciten voluntariamente a inscrición como tales. Serán socios familiares a esposa, fillos e outros familiares ou pupilos que vivan no mesmo domicilio e a expensas do cabeza de familia. Estes dividiranse, á súa vez, en infantís e maiores, entendéndose como infantís os que aínda non alcanzasen a idade de 16 anos. Para conseguir a categoría de socio familiar será necesario que o cabeza de familia solicite á Xunta Directiva a súa inscrición como tal.

Porén o dito, terase en conta o carácter dos actos e programas de televisión ou radiofónicos como determinantes da clase de público que, en función da súa idade ou outros factores, asistirá a eles. Para tales efectos, a Xunta Directiva ditará en cada caso as normas pertinentes, que deberán ser acatadas por todos os socios, someténdoaos ao mellor e máis elevado criterio do secretario xeral da CITE provincial. Responsabilizaranse os cabezas de familia, con independencia da vixilancia exercida pola xunta, da presenza de menores en programas non autorizados para eles.

Artigo 5º.- Os socios de número terán voz e voto nas xuntas xerais do TELECLUB e serán elixibles nas renovacións da Xunta Directiva que puidesen producirse.

Artigo 6º.- Todos os socios de número aceptan plenamente, como condición implícita á solicitude de asociado, a responsabilidade que puidese serlles esixida polos feitos propios ou polos cometidos polos seus familiares ou pupilos no maltrato do material e elementos de que conste o TELECLUB, sendo esta responsabilidade persoal e obrigándose á reparación dos danos causados.

Se o feito danoso fose intencional, con independencia da responsabilidade indicada na alínea anterior, poderá incorrer na que por vía xudicial se determine e na inmediata expulsión da comunidade de socios.

Artigo 7º.- Os acordos de corrección de faltas cometidas por socios, en calquera das súas categorías, corresponderá á Xunta Directiva, que procederá á súa comunicación á comisión provincial de Información, Turismo e Educación Popular, á que lle corresponde coñecer, considerar, confirmar ou vetar os ditos acordos. Para iso, resérvase o dereito de practicar as indagacións que cada caso requira por medio das informacións que estime pertinentes e oíndo as partes se así o considera oportuno.

Capítulo V.-

Das cotas.

Artigo 16º.- As cotas dos asociados serán de dúas clases: ordinarias e extraordinarias.

As cotas ordinarias, que se aboarán periodicamente e terán carácter mensual, clasifícanse da seguinte forma:

- *Cotas de socios de número.*
- *Cotas de socio familiar.*
- *Cotas de socio infantil.*

A súa contía queda establecida da seguinte maneira:

- *Cota de socio de número: pesetas.*
- *Cota de socio familiar maior: pesetas.*
- *Cota de socio infantil: pesetas.*

Artigo 17º.- Estas cotas rexerán en tanto non sexan modificadas por acordo do PLENO da Xunta Xeral.

O fondo constituído por este ingreso será destinado ao acondicionamento do local social e ao sostemento do TELECLUB en gastos de aluguer, fluído eléctrico, subscricións, etc.

Artigo 18º.- As cotas extraordinarias establece-ranse en cada caso, e cando fosen acordadas pola Xunta Xeral, polo sistema de contribución a partes iguais entre todos os socios. A súa implantación será motivada polo feito excepcional de melloras necesarias do local, adquisición de aparellos, etc., previa aprobación da Secretaría Xeral da CITE provincial.

Capítulo VI.-

Da disolución do TELECLUB.

Artigo 19º.- Deixando sempre a salvo a propiedade e demais dereitos que poidan corresponder ao Ministerio de Información e Turismo sobre todo ou parte do material subministrado a este TELE-CLUB, no caso da súa disolución, os seus bens pasarán a engrosar o patrimonio dunha sociedade benéfica que determinará previamente a Xunta Directiva.

Disposicións transitorias.

1ª.- A primeira Xunta Directiva do TELECLUB constituirase con carácter provisional cos membros da súa comisión organizadora.

2ª.- Confirmaranse os cargos mediante acordo da Xunta Xeral convocada ao efecto, para o período anual previsto.

Todos os membros da Xunta Directiva do TELE-CLUB de, que asinan deseguido, conformes co anteriormente exposto, deciden

someter os presentes estatutos á aprobación da Xunta Central de Información, Turismo e Educación Popular.

En a de de mil novecientos

As axudas do programa de desenvolvemento comunitario, que estaban orixinalmente destinadas para accións promovidas por grupos de agricultores ou mozos do sector agrario, comunidades rurais con poboación predominantemente agraria e agrupacións formalmente constituídas e integradas por poboación tamén agraria, mantivéronse, unha vez transferido o SEA á Comunidade Autónoma de Galicia, para as familias e mozos do medio rural que participaran de maneira organizada na realización de accións comunitarias, pero sen que a partida orzamentaria resultase incrementada de forma parella ao número de solicitudes e nun marco, onde o aumento do intervencionismo dos concellos no tipo de servizos básicos que amparaban na súa maioría, que levou á municipalización de moitas das obras realizadas polos veciños, terminouse por paralizar o sistema, e producíase a desaparición do programa a primeiros dos anos noventa.



Veciños traballando en accións comunitarias na comarca de Verín (Ourense). (Fotos do arquivo da Axencia de Verín)

En relación aos *planteles* de Extensión Agraria, temos que sinalar que en principio tiveron un carácter eminentemente local, coa participación de mozos e mozas maiores de 14 anos que xa superaran a ensinanza primaria. A finalidade establecida por norma era a de recibir os coñecementos elementais sobre a produción primaria, pero, tamén serviron para complementar os coñecementos adquiridos pola xuventude rural noutras materias e para a realización doutras actividades de tipo social, deportivo e cultural.



Álbum con cromos das principais pragas e enfermidades dos cultivos utilizado nos cursos de aprendizaxe agrario. (Documento escaneado, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Posteriormente, sen deixar de existir os primeiros, creáronse os *planteles* con tarefas de empresa, xa cun carácter, en relación á procedencia dos seus integrantes, máis disperso, a nivel municipal ou comarcal, e constituídos por mozos que desenvolvían tarefas de empresa para as que recibían os chamados créditos de Capacitación Agraria, mediante convenio co Banco de Crédito Agrícola, de ata 300.000 pesetas. Estas tarefas de empresa consistían no desenvolvemento de proxectos innovadores de tipo agrario nas explotacións familiares ou para a creación de postos de traballo no medio rural relacionados con outros sectores produtivos, *planteles* e axudas que se poden considerar precursores do programa de incorporación de mozos ás explotacións agrarias, o cal aparece posteriormente como de novo inventado polos sucesivos gobernos democráticos. Os *planteles* con tarefa de empresa da Axencia de Betanzos (A Coruña) foron o auténtico campo experimental

para o inicio do programa de incorporación de mozos con carácter nacional, tendo moito que ver no auténtico invento o seu entón xefe de Axencia Juan María Ruíz Revuelta e o especialista en xuventudes do Centro Rexional Eugenio Martín Martín († 2002).



Caderno do alumno sobre alimentación do gando empregado nos cursos de aprendizaxe agraria. (Documento escaneado, do arquivo persoal de José M. Pérez)

Os *planteles* non existiron, loxicamente, en todas as parroquias de Galicia, pero si en moitas das de maior poboación de carácter rural, para poder conseguir un número mínimo de integrantes. Algúns deles foron exclusivamente de carácter feminino. Houbo axencias que chegaron a ter constituídos e en funcionamento, á vez, máis de dez, co que a súa atención, polo menos semanal, con independencia da proporcionada regularmente polos colaboradores, normalmente curas e mestres, dados os medios dispoñibles para os

desprazamentos, debía programarse coidadosamente, moitas veces aproveitando as rutas e deixando o axente axudante e/ou a de economía doméstica nunha localidade, mentres que o xefe da Axencia proseguía cara a outra máis afastada, ou viceversa, repetíndose a historia para a recollida á hora do regreso.



Plantelistas de Extensión Agraria da bisbarra do Barco de Valdeorras (Ourense) mostrando ou realizando as súas tarefas. (Fotos do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)

Os *planteles* desenvolvían as súas actividades en locais sociais, normalmente teleclubs e escolas primarias abandonadas ou infrautilizadas. As desenvolvidas directamente polos axentes de Extensión Agraria realizábanse comezando ao atardecer se eran de aula, pois as prácticas ou a dirección e supervisión das tarefas executábanse durante o día nalgún campo de demostración ou nas explotacións ou vivendas. As mellores destas tarefas dos plantelistas participaban anualmente no Concurso Nacional de Tarefas Agrarias, que tiñan fase provincial, entregándose nas capitais de provincia os premios a ese nivel, acudindo os seleccionados nacionalmente a recibilos en Madrid, da man do xefe do Estado. Os *plantelistas* de Galicia recibiron en moitas ocasións os galardóns máis destacados.



Entrega dun trofeo a un *plantelista* polo presidente da Cámara Agraria Local de Ponteareas (Pontevedra). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Tamén se encargaban os *plantelistas* de efectuar as demostracións das técnicas e habilidades aprendidas, cara ao público, nas feiras internacionais do campo que se celebraban anualmente na Casa de Campo de Madrid, onde acudían representantes de toda España.

Os locais dos *planteles* eran dotados de mobiliario polo SEA, mesas e cadeiras axeitadas para o desenvolvemento de reunións e traballos por grupos, así como de armarios para gardar os cadernos de traballo e outros materiais didácticos, así como outros diversos e a biblioteca básica, normalmente formada por publicacións proporcionadas pola Axencia, das editadas polo Ministerio de Agricultura ou as específicas do SEA. Tamén dispoñían todos dun armario metálico coa ferramenta de traballo básica para manualidades.

Un feito que cómpre destacar na vida dos *planteles* en Galicia foron as viaxes que realizaron os seus integrantes pola xeografía galega e, fundamentalmente, pola zona norte de España, pois os recursos non chegaban para desprazamentos máis longos, realizados cos seus compoñentes para coñecer outras realidades e actuacións promovidas por Extensión Agraria. Foi a forma a partir da que moitos mozos do interior coñeceron por primeira vez o mar, ou os do litoral as montañas e vales nunca ata entón albiscados.



Viaxe de *plantelistas* da Axencia de Ponteareas (Pontevedra) a principios dos anos setenta. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

As viaxes programábanse concienciadamente polos axentes, sen necesidade de axencias de viaxe intermedias, valéndose para a reserva de hoteis e restaurantes, así como para a realización das visitas de carácter agrario e recreativo-cultural, da extensa rede de axencias comarcais existentes en todo o territorio estatal, onde eran recibidos polos do lugar, que os acompañaban sempre ata que abandonaban a súa comarca.

Os axentes levaban consigo as autorizacións paternais dos mozos que aínda non alcanzaran a maioría de idade.

Estas viaxes foron as precursoras das numerosas que máis adiante se realizaron con grupos de agricultores asistentes a SEXE (seminarios de xestión de explotacións), cursos de incorporación á empresa agraria ou de actualización nas orientacións produtivas existentes, grupos de amas de casa ou asociacións de mulleres rurais, xa máis lonxe, incluso ao estranxeiro, dos que falaremos máis adiante, e que tanto serviron, a pesar das inxustificadas reticencias que moitas veces xeraron, para enriquecer os coñecementos e a comprensión e visión de moitos problemas, tanto dos axentes coma dos integrantes destes grupos.

Noutra orde de cousas, os cursiños impartidos polo SEA tiveron ao longo do tempo unha importante evolución. Nun principio trataban, xeralmente, sobre un cultivo, unha técnica agraria, un sistema de manexo de gando concreto, cando se desenvolvían con agricultores e gandeiros, ou sobre un tema de interese da economía doméstica das familias ou dos seus problemas sanitarios, cando os cursos se facían coas amas

de casa rurais, e normalmente desenvolvíanse durante unha semana, impartindo as ensinanzas de forma intensiva, con horas teóricas de aula e outras de prácticas, normalmente realizadas nas explotacións agrarias ou nos fogares dos asistentes. Estes cursos eran impartidos fundamentalmente polos propios axentes da comarca, contando co apoio para determinados temas do equipo do Centro Rexional ou dos especialistas das axencias provinciais cando existían.

Posteriormente, sobre todo a partir dos anos oitenta, cando as explotacións van tendo un carácter máis comercial, os cursos dirixidos a agricultores transfórmanse e búscase a formación integral conforme as distintas orientacións produtivas, para posibilitar a integración de agricultores mozos ou para actualizar os coñecementos dos agricultores xa instalados, incrementándose substancialmente o número de horas impartidas.

Estamos a falar do que se coñecían como cursos de 200 horas, impartidos ao longo dun curso e descontinuamente por módulos, procurando adaptar as ensinanzas destes no tempo, simultaneamente ao seu suceder nas explotacións, para que a aplicación dos coñecementos adquiridos puidesen practicarse de inmediato. Algúns destes cursos tiñan carácter de área, e afectaban os agricultores de varias comarcas e incluso ás veces provincial, cando o número de explotacións dunha determinada orientación produtiva era moi reducido. A composición do profesorado incrementouse considerablemente, impartindo cada materia o axente da área, provincia ou rexión máis especializado nela, pero tamén contando coa participación de técnicos doutros servizos e organismos, así como de casa comerciais e outras entidades.

Normalmente estes cursos, que contaban cunha programación exhaustiva e un coordinador das actividades, desenvolvíanse en catro ou cinco módulos. Para que quede reflectido neste libro o grao de capacitación perseguido con estes cursos, transcribimos deseguido os programas dos relativos ás explotacións leiteiras e vitivinícolas:

Producción de leite en Galicia

I- Planificación da explotación de leite en Galicia.

Necesidade de definir o modelo de produción.

- *Os factores de produción.*
- *Sistemas de explotación.*

II- Pradeiras.

1. Producción de pradeiras:

- *Tipos de pradeiras.*
- *Fertilización de pradeiras.*

2. O pastoreo:

- *Crecemento da herba.*
- *Pastoreo durante a primavera. Bases teóricas.*
- *Pastoreo no verán (pastoreo de conservación).*
- *Pastoreo no outono (pastoreo de recuperación).*
- *Pastoreo no inverno.*

3. Conservación de forraxes:

- *Herba seca ou ensilado?*
- *O ensilado.*

4. A maquinaria na explotación de leite:

- *Maquinaria para ensilar.*
- *Maquinaria para a herba seca.*
- *Outras máquinas de posible uso en común.*



III- O uso de concentrados.

- *Introdución.*
- *Esquema de uso do penso.*

IV- O gando.

1. A selección do gando.
2. A reprodución.
3. Cría de becerras.
4. Prevención sanitaria.

V- A muxidura e a mamite.

1. A muxidura:
 - A práctica da muxidura.
 - As muxidoiras.
2. A mamite.

VI- Construcións.

1. A corte:
 - A corte trabada ou amarrada.
 - A estabulación libre.
 - Construcións para a recría.
2. A sala de muxir:
 - A sala en paralelo.
 - A sala en espiña.
3. Cercas:
 - Tipos de cercas.
 - Útiles e materiais necesarios.
 - Construción dunha cerca.

VII- A comercialización.

- O sector lácteo en Galicia.
- Propostas para mellorar a comercialización.

VIII- A xestión.

- A obtención de datos e a súa análise.
- Programa de control e xestión de explotacións leiteiras da Consellería de Agricultura.
- Modelo de programa de manexo baseado nos datos do programa de xestión.

Apuntes de viticultura e enoloxía

Capítulo 1.- A planta.

- 1.1.- Conceptos botánicos.
- 1.2.- Conceptos de fisioloxía.
- 1.3.- Ciclo anual.

Capítulo 2.- Plantación.

- 2.1.- Operacións diversas.
- 2.2.- Desinfección do solo.
- 2.3.- Nivelación e saneamento.
- 2.4.- Preparación do solo.
- 2.5.- Emendas e fertilización.
- 2.6.- Elección do patrón.
- 2.7.- Condicións do material que se van plantar.
- 2.8.- Densidade de plantación.
- 2.9.- Marco de plantación.
- 2.10.- Consideracións legais.
- 2.11.- Variedades recomendadas e autorizadas.
- 2.12.- Os portaenxertos en Galicia.

Capítulo 3.- Multiplicación vexetativa.

- 3.1.- Antecedentes da selección clonal
- 3.2.- Que é a selección clonal?
- 3.3.- Vantaxes da selección clonal.
- 3.4.- Como se realizou a selección clonal?
- 3.5.- Que é a selección sanitaria?
- 3.6.- O futuro.
- 3.7.- O enxerto.

Capítulo 4.- Poda da vide.

- 4.1.- Estudo das xemas.
- 4.2.- A poda da viña.
- 4.3.- Modos de condución.
- 4.4.- Operacións en verde.

Capítulo 5.- Fertilización.

- 5.1.- Consideracións previas: réxime hídrico.
- 5.2.- Fertilización. Aspectos xerais.
- 5.3.- Leis da fertilización.
- 5.4.- A acidez no solo. O concepto de pH.
- 5.5.- O complexo arxilo-húmico.
- 5.6.- Fertilizantes simples.
- 5.7.- Fertilizantes compostos.
- 5.8.- Fertilizantes líquidos.

Anexo I.- Valoración de fertilizantes.

Anexo II.- Interpretación de análises.

Capítulo 6.- Patoloxía.

- 6.1.- Insectos.
- 6.2.- Ácaros.
- 6.3.- Fungos.
- 6.4.- Tratamentos fitosanitarios.
- 6.5.- Cálculo de doses.
- 6.6.- Eutipiose.
- 6.7.- Isca.
- 6.8.- Excoriose.
- 6.9.- Necrose bacteriana.
- 6.10.- Control de malas herbas.
- 6.11.- Complexidade da loita fitosanitaria.
- 6.12.- Os métodos de defensa.
- 6.13.- A loita integrada en viticultura.
- 6.14.- As estacións de aviso.
- 6.15.- Novo concepto no control de pragas.

Capítulo 7.- A vendima.

- 7.1.- Proceso da vendima.
- 7.2.- A vendima mecanizada.
- 7.3.- Preparación de adegas.

Capítulo 8.- Viños.

- 8.1.- Elaboración de brancos.
- 8.2.- Elaboración de tintos.
- 8.3.- Conservación do viño. Estabilización biolóxica.
- 8.4.- Enfermidades dos viños.
- 8.5.- Tratamentos de estabilización dos viños.
- 8.6.- Factores de calidade.
- 8.7.- Cata de viños.

Capítulo 9.- A empresa vitícola.

- 9.1.- A vitivinicultura como empresa.
- 9.2.- Comercialización.
- 9.3.- Iniciación á mercadotecnia.
- 9.4.- Asociación e cooperación.



Outro tipo de cursiños que cómpre destacar eran os denominados de 60 horas, destinados a grupos de agricultores integrados nos grupos de xestión de explotacións, para abordar temas específicos e concretos de carácter innovador propostos polos seus integrantes e que normalmente eran determinados como consecuencia da análise do grupo realizado cos datos recollidos das súas explotacións.

Desenvolvíanse ao longo do curso e neles participaban como profesores técnicos de recoñecido prestixio a nivel estatal nas materias elixidas. Tamén respondían a unha esmerada e elaborada programación, cun coordinador de actividades.

Mediante a realización dos cursiños programados polas axencias introducíronse en Galicia moitas técnicas agrarias, pero tamén contribuíron á divulgación no medio rural, con carácter pioneiro sobre o urbano, de determinados temas que logo se demostraron de interese xeral, como foi, a modo de exemplo, o dos cogomelos, totalmente descoñecido cando Extensión Agraria comezou a súa divulgación, pois o seu coñecemento e aproveitamento era practicamente nulo. Hai que destacar neste sentido o traballo realizado polo axente de Extensión Agraria de Celanova, Mariano García Rollán, xa citado neste capítulo por outro motivo, autor do *Manual para buscar setas*, editado polo SEA en 1975, libro que, en sucesivas e melloradas edicións, serviu para a iniciación no mundo dos fungos a grande parte de afeccionados de toda España.



Edicións de 1975 e 1982

Os cursos con amas de casa derivaron fundamentalmente cara ao tratamento do aproveitamento dos recursos da explotación, tales como as conservas, e ás actividades complementarias, tales como a artesanía. Desenvolvéronse principalmente ao final da existencia do SEA coas asociacións de mulleres rurais, movemento asociativo que primeiro funcionou con grupos informais promovidos e constituídos por Extensión Agraria e que posteriormente o fixeron formalmente, alcanzando unha considerable implantación e destacando neste labor a maioría das axencias que contaban co posto de axente de economía doméstica, algunhas das cales, como as das comarcas de Ourense, Ribadavia e

Verín, foron pioneiras a nivel estatal neste tipo de asociacionismo.

Polo que respecta ás viaxes organizadas cos asistentes ao curso, debemos indicar que mercé a elas moitos agricultores e amas de casa coñeceron e estableceron contactos con semellantes, así como con institucións de toda Galicia, do resto de España e de Europa, fundamentalmente das comarcas e países onde tiñan algo que ensinar relacionado coas explotacións ou as súas actividades complementarias. Dentro de España as rexións máis visitadas foron as cantábricas, pola coincidencia na orientación produtiva das explotacións gandeiras, fundamentalmente de vacún, as de Castela e León, A Ríoxa e Cataluña para coñecer explotacións vitícolas e adegas, e as levantinas e Canarias para ver sistemas de explotación e comercialización de hortalizas. Dos países da Unión Europea os máis visitados foron Portugal, Francia, Holanda, Alemaña e Irlanda.

Estas viaxes sufragábanse coas axudas dos cursos para esta finalidade, máis en todas as ocasións os asistentes ao curso debían aboar do seu peto unha parte, que podía chegar ata o 50%, o que di moito do grao de interese dos agricultores e amas de casa daquel entón por coñecer outras realidades diferentes e situarse con respecto a elas. Ese era sempre o obxectivo fundamental das viaxes, ver e coñecer o que había fóra, non para copialo exactamente, senón para tomar nota e tratar de adaptarse ás circunstancias dun sistema agrario cada vez máis competitivo a nivel comunitario. Serviron para moito, sobre todo nos momentos posteriores á entrada de España na UE, cando todo o mundo falaba do que existía nos outros países e case ninguén coñecía, a non ser polos libros, as estruturas produtivas das explotacións coas que deberiamos competir. Moitos agricultores de Galicia descubriron, á par que os axentes de Extensión Agraria, a agricultura e os sistemas de organización e de vida dos seus homónimos da maior parte da Europa dos doce.



(Recorte de prensa do arquivo persoal de José M. Pérez)



Xuño de 1992, visita de asistentes ao curso da comarca da Limia á fabrica de patacas fritidas Matutano en Burgos. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Na tarefa de documentación e xustificación dos diferentes cursos, complexa xa, como se pode deducir da lectura das normas do SEA ao respecto, tivo unha participación decisiva, como noutras moitas de Extensión, o seu persoal administrativo, que como xa comentamos, debía realizar nunha pequena oficina, sen outros apoios, multiplicidade de cometidos, entre eles o de pegar as pólizas de 3 ptas. ás instancias dos cursos do PPT. A quen isto redacta unha das cousas que máis lle chamou a atención cando se incorporou a unha Axencia foi a existencia dunha carpeta repleta de pólizas deste valor, e non era que non estivese familiarizado coa súa utilización, que por aquel entón, e estamos a falar do ano 1971, era obrigatoria para a presentación de calquera tipo de solicitude na Administración Pública, senón porque ata entón, nesa cantidade, só as vira nos despachos de tabaco, que era onde se vendían tamén xunto con calquera outro timbre ou selo de correos. A pena foi que ao pouco tempo suprimiuse a obriga de timbrar as solicitudes e a

carpeta quedou sen valor ningún con todo o seu contido, que era renovado periodicamente.



Xuño de 1993, viticultores do Ribeiro á entrada das adegas Codorniu en Vilafranca del Penedés (Barcelona). (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Xuño de 1992, agricultores da bisbarra da Limia reciben unha explicación sobre tratamentos da pataca nas proximidades de París, nas instalacións dun centro de investigacións agrarias do Ministerio de Agricultura francés. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)

Terminamos este título, capítulo e apartado comentando que tanto os axentes coma o persoal administrativo non recibían polo seu traballo nos cursiños ningunha retribución complementaria de tipo regular, pois ía no soldo; pero durante algúns anos e dunha soa vez, sen ningunha regularidade e seguridade na súa percepción, o Servizo Central facía unha repartición entre todo o persoal, como se tratase dunha paga extra, dos remanentes resultantes dos cursos impartidos e financiados por outras organizacións. Era a famosa e esperada a “paga de cursiños”, que a máis dun axente lle serviu para mercar o seu primeiro coche. Esta medida graciante e compensatoria dos esforzos e desvelos de moita xente acabouse a mediados dos anos setenta, pois dela nunca máis se soubo.



Setembro de 1994, cunicultores da provincia de Ourense, alumnos dun curso programado pola Axencia Comarcal de Ourense, de visita a explotacións en Navarra. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Novembro de 1994, alumnos cos seus títulos acreditativos do curso sobre cultivos extensivos organizado pola Axencia de Extensión Agraria de Xinzo de Limia. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Xuño de 1994, viticultores valdeorreses de visita a explotacións vitícolas e adegas en Régua, na subrexión portuguesa do Douro. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Novembro de 1992, clausura dun curso de viticultura e enoloxía organizado pola Axencia Comarcal de Ribadavia. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Guisando (Ávila), de visita a explotacións na Serra de Gredos. (Foto do arquivo persoal de José M. Pérez)



Entrevista co director xeral de Extensión Agraria publicada polo diario *Arriba* o 02/12/1973. (Recorte de prensa cedido por Lucila Presa)

Capítulo XIII

Programación e metodoloxía
no SEA

J. M. Pérez Fernández

A planificación nas axencias de Extensión Agraria

Consideracións de tipo xeral

Se houbera que destacar algunhas das características funcionais do Servizo de Extensión Agraria, sen dúbida estas serían a súa ortodoxia e perseveranza no desenvolvemento dunha exhaustiva e persoal programación para a consecución do seu fundamental obxectivo de proporcionar servizos e educación á poboación rural, conseguindo o desenvolvemento integral do ser humano, e na aplicación duns métodos de traballo que, mediante un sistema educativo extraescolar, estimulaban que os adultos e mozos aprende-ran facendo as cousas. Estas dúas ferramentas constituíron, a todos os niveis da organización, os principais fundamentos para dar coherencia e prestancia a unha actuación que debía responder, á vez, ás mesmas características en todo o territorio nacional e adaptarse ás peculiaridades de cada rexión e comarca.

A unidade básica para a programación tivo a súa correspondencia sempre coa de traballo: a comarca. Por esta razón o SEA considerou natural a necesidade de elaborar en cada bisbarra de actuación un programa rural, a cuxa elaboración os axentes de Extensión Agraria debían dedicar unha parte importante do seu tempo de traballo. En realidade, en cada comarca elaboráronse programas de actuación a medio e longo prazo, que serviron, á súa vez, para confeccionar os programas de área e os rexionais.

O estudo de comarca

Para a elaboración de cada un dos programas fíxose necesario confeccionar nun principio os estudos de comarca, plasmando e estruturando nestes documentos todo tipo de datos dos medios físico, viario, social, político e agrario, que se actualizaban constantemente, co obxecto de que, con independencia do coñecemento da realidade persoal de cada un dos axentes como consecuencia da súa actuación no territorio, existise un instrumento que permitise situarse, coñecer e entender os problemas existentes aos recentemente incorporados, permitindo que o enfoque do seu traballo, adaptado ao plan existente e aplicado nese momento, fose o máis eficaz e eficiente posible.

O guión para o estudo de comarca proporcionado polos servizos centrais do SEA nos principios de Extensión Agraria daba as referencias básicas para a súa confección e as fontes de obtención de datos e documentación. De forma resumida, a súa estrutura era a seguinte:

GUIÓN PARA O ESTUDO DE COMARCA:

1.- O MEDIO FÍSICO.

1.- Factor xeográfico.

- *Situación xeográfica (plano rexional tamaño folio).*
- *Límites comarcais (plano xeral da comarca escala 1:150.000).*
- *Sectores ou subbisbarras, características.*
- *Caracteres orográficos (os que inflúen na agricultura).*
- *Caracteres hidrográficos.*
- *Extensión superficial (por sectores e total).*

2.-Factor solo.

- *Formación e tipos xeolóxicos comarcais.*
- *Síntomas e tipos de erosión do solo.*
- *Caracteres pedolóxicos, perfil (formación e evolución do solo como medio vivo).*
- *Caracteres edafolóxicos (o terreo en relación coa planta): resultados de análises físicas e químicas (dos tipos característicos de solos).*

3.- Factor climatolóxico.

- *Réxime termométrico (temperaturas medias, máximas, mínimas e extremas): oscilacións das temperaturas, integral térmica.*
- *Réxime de xeadas: xeadas e o seu período anual.*
- *Réxime pluviométrico: distribución das chuvias dentro da comarca (observacións empíricas se non existisen estacións meteorolóxicas), distribución anual e intensidade.*
- *Outros aspectos meteorolóxicos dentro da comarca: nebulosidade (días despexados, anubrados e cubertos); días de orballo, xeadas, néboa, tormenta, sarabia e neve; evaporación; higrimetría.*

- *Réxime eólico: frecuencia media e dirección dominante dos ventos.*

4.- Factor ecolóxico.

- *Ecoloxía vexetal (plantas características que definan, teñan interese ou sexan invasoras dos cultivos, nomes científicos e vulgares da comarca).*
- *Ecoloxía animal (especies características, caza e pesca).*

5.- Factor hidrolóxico.

- *Caracteres hidrolóxicos: riqueza freática (pozos), augas superficiais (fontes), calidade das augas (potables, aptas para a rega).*

2.- O MEDIO VIARIO.

1.- Factor estradas.

- *Estradas nacionais, comarcais, locais e camiños veciñais (o seu estado de conservación).*
- *Distancias dos diferentes itinerarios comarcais.*
- *Itinerarios e horarios dos coches de liña.*

2.- Factor ferrocarril.

- *Liñas de ferrocarril.*
- *Distancias dos diferentes itinerarios.*

3.- O MEDIO SOCIAL.

1.- Factor demográfico.

- *Poboación absoluta e relativa da comarca.*
- *Concentración e diseminación (nun núcleo, en casas diseminadas, en forma mixta).*
- *Crecemento e movemento vexetativo da poboación.*
- *Poboación por sectores de actividade, idades e sexos.*
- *Estudo demográfico da poboación agraria: propietarios, cultivadores directos, arrendatarios e parceiros; obreiros fixos e eventuais; emprego ou subemprego da poboación agraria.*
- *Porcentaxe da poboación agraria e a súa evolución.*

2.- Factor sociolóxico.

- *Estrutura social.*
- *Riscos e caracteres psicolóxicos e sociolóxicos: tendencia a asociarse, costumes (romarías, etc.).*
- *Movementos migratorios: da comarca cara a fóra (á mesma actividade, a distinta actividade), de fóra cara a comarca (á mesma actividade, a distinta actividade), dun sector a outro da comarca.*
- *Idioma ou dialecto (algunhas denominacións típicas agrarias).*
- *Familia e fogar: vivenda, alimentación, vestido, saúde e hixiene, recursos, aproveitamento dos recursos, aforro, traballos da muller.*

3.- Factor cultural.

- *Ensinanza primaria, secundaria e profesional. Coutos escolares agrícolas.*
- *Nivel cultural da poboación. Porcentaxe de analfabetos.*
- *Bibliotecas públicas ou de asociacións: sección agrícola, número de lectores, clase de lecturas.*
- *Publicacións periódicas.*
- *Emisoras e receptores de radio e TV. Emisións agrícolas.*
- *Centros ou asociacións culturais.*
- *Centros recreativos en xeral.*
- *Análise do tempo libre no sector agrario.*

4.- Factor sanitario.

- *Condicións sanitarias dos núcleos de poboación: auga corrente, rede de sumidoiros, servizos de recollida de lixos, rúas afirmadas, zonas verdes ou xardíns, proximidade a zonas insalubres (pantanosas, de residuos industriais, etc.).*
- *Asistencia sanitaria: hospitais, clínicas ou consultorios, médicos, practicantes, comadroas, distancias ás casas de socorro ou do médico.*
- *Enfermidades predominantes e epidemias (ao longo do ano ou en determinada época).*
- *Zoonoses transmisibles (triquina, febres de Malta, quiste hidatídico, etc.).*

5.- Factor económico.

- *Renda total, per cápita e por sectores de produción.*
- *Análise do nivel de vida no sector agrícola (porcentaxe de familias agrarias con coche, moto, TV, lavadora ou frigorífico).*

4.- O MEDIO POLÍTICO.

1.- Factor xurisdiccional.

- *Límites políticos.*
- *Dependencias administrativas.*

2.- Factor histórico.

- *Evolución económica.*
- *Historia dos mercados.*

5.- O MEDIO AGRARIO.

1.- Factor agroxurídico.

- *Número de explotacións, parcelamento e unidade media de cultivo.*
- *Formas e contratos de explotación (indicar as bases destes contratos).*
- *Medidas usuais e equivalencias no sistema métrico.*

2.- Factor hidráulico.

- *Superficie de regadío: orixe da auga, rede hidráulica, dotación de caudal dispoñible, roldas de rega entre usuarios, módulos empregados (caudal de auga utilizada por segundo por un regador), custo da auga de rega.*

3.- Factor mecanización.

- *Estudo da mecanización agraria.*

4.- Factor cooperación.

- *Movemento cooperativo: cooperativas de produción e de comercialización, asociacións para o uso común da maquinaria, grupos sindicais de colonización, seccións cooperativas de crédito agrícola, asociacións para o cultivo en común, asociacións de criadores de gando selecto, prestacións de xornais entre veciños.*

5.- Factor fitotécnico.

- *Estudo dos cultivos herbáceos. Por cada un dos principais existentes:*

- a) Superficie que se lle dedica nos distintos municipios nos que predomina. A súa evolución e tendencia actual.
- b) Características agronómicas dos terreos ocupados.
- c) Lugar que lle corresponde na alternativa.
- d) Labores preparatorios: propiamente ditos, fertilizacións, emendas, etc. Época e formas de realizalos.
- e) Sementeira ou plantación; época, métodos, marcos, cantidade de semente, densidade de plantas por hectárea, tratamentos, custo da semente, etc.
- f) Variedades cultivadas, características.
- g) Labores de cultivo e coidados culturais: sachas, fertilizantes, regas, podas, control de pragas e enfermidades, control de malas herbas, etc.
- h) Recolección. Épocas e métodos de efectuala.
- i) Producións por unidade de superficie local e por hectárea, variacións entre os municipios, etc.
- j) Estudo da mecanización.
- k) Coeficientes horarios das diferentes facetas do cultivo, xornais de home, de muller, de tractor, etc. Organización do traballo.
- l) Prezo unitario dos diferentes tipos de xornais.
- ll) Contas de gastos e produtos.
- m) Rendemento bruto e neto por hectárea.
- n) Custo da produción unitaria.
- ñ) Industrialización.
- o) Comercialización: fases, mercados, cooperativas, marxe comercial para o agricultor, preparación para o mercado, conservación, sistemas de vendas, calidade, clasificación oficial, competencia doutras áreas, abastecemento da comarca, etc.
- p) Influencias que recibe ou produce o cultivo na comarca:
 - *Do propio medio: sarabias, ventos, golpes de sol, excesos de humidade, secas, causa erosión, etc.*

- *Do medio social: absorbe xornais dispoñibles, provoca desequilibrios na man de obra, etc.*
 - *Doutras producións agrarias: admite grandes estercaduras, alimenta en grande parte o gando porcino.*
 - *Da industria derivada: é suficiente para ela, non o é, etc.*
 - *Doutras áreas: frean o seu desenvolvemento ou facilítano, abastéceas, etc.*
- q) Experimentacións, campos de ensaio, etc., establecidos na comarca por outros organismos ou particulares, con novas variedades, diferentes fertilizacións ou marcos de plantación, etc., e os resultados obtidos.
- r) Bibliografía do cultivo na comarca. Monografías, estudos económicos, artigos, etc.
- s) Terreos que destacan neste cultivo.

Nota: de existir superficies do cultivo en secaño e regadío, destacaranse en cada apartado as diferenzas propias de cada unha.

6.- Factor zootécnico.

- *Estudo da gandería. Por cada unha das principais especies existentes:*
 - a) Número de cabezas e densidade por hectárea de cultivo e municipios nos que predomina a especie. A súa evolución e tendencia actual.
 - b) Razas, estirpes ou cruzamentos explotados. Características de cada unha en relación á súa adaptación e rendibilidade.
 - c) Aloxamentos: ventilación, hixiene, superficie e espazos de dexecións, diferentes sistemas de aloxamentos, esterqueiras, custos de aloxamento por cabeza, etc.
 - d) Alimentación: cantidades de penso en seco e en húmido segundo idades, pensos comerciais, fórmulas equilibradas do agricultor, análise bromatolóxica dos pensos da comarca, forraxes e pastos, custo da alimentación, etc.
 - e) Patoloxía: enfermidades esporádicas, telúricas (dependentes do medio), pa-

- rasitarias e infecciosas, mortalidade (natal, prenatal ou posnatal), importancia económica de cada unha ou tanto por cento de risco, etc.
- f) Reprodución: cubrición e inseminación, reprodutores, selección, índices de natalidade, lactación, custo, etc.
- g) Sistemas de explotación: reprodutores, produción de carne, etc.
- h) Rendemento bruto en kg, en canal, en número de cabezas, etc.
- i) Estudo da mecanización e o seu custo: nas diferentes fases da explotación, da esterqueira, etc.
- j) Coeficientes horarios das diferentes facetas da explotación: xornais de home, de muller, variacións segundo os sistemas seguidos, etc.
- k) Organización do traballo.
- l) Prezo unitario dos diferentes tipos de xornais.
- ll) Contas de gastos e produtos.
- m) Rendemento bruto e neto.
- n) Custo da produción por unidade de produto.
- ñ) Influencias que recibe ou produce a especie na comarca:
 - *Do propio medio: excesos de calor, fríos, etc.*
 - *Do medio social: absorbe xornais, aprovéitanse horas puntas, etc.*
 - *Doutras producións agrarias: aproveita subprodutos, produce esterco, absorbe a produción de tal produto.*
 - *Da industria derivada.*
 - *Doutras áreas.*
- o) Centros ou granxas establecidas na comarca por organismos estatais, centros de mellora, ganderías diplomadas, etc. Experimentacións, ensaios e resultados obtidos.
- p) Terreos ou granxas familiares que destacan na explotación desta especie.
- q) Bibliografía da explotación na comarca: monografías, estudos económicos, artigos, etc.

7.- Factor forestal.

- *Estudo das especies forestais (piñeirais, faiais, aciñeirais, árbores de ribeira, chopeiras, etc). Por cada unha das de maior importancia económica:*
 - a) Superficie dos municipios nos que predomina. A súa evolución e tendencia actual.
 - b) Características agronómicas dos terreos ocupados. A súa altitude sobre o nivel do mar.
 - c) Viveiros estatais, de corporacións ou de particulares: formas de servir as plantas, prezos, solicitudes, etc.
 - d) Sementeira e plantación: época, métodos, marcos, densidade de pés por hectárea, repoboación espontánea, etc.
 - e) Labores e coidados do bosque: limpas, defensa contra pragas, cortalumes, ordenación, etc.
 - f) Roldas de corta: época, métodos, entresacas, etc.
 - g) Rendementos brutos por hectárea e ano da propia especie e dos seus aproveitamentos, variacións nos rendementos, etc.
 - h) Estudo da mecanización.
 - i) Coeficientes horarios: xornais de home, de mula, de motoserra, etc.; organización do traballo.
 - j) Prezo unitario dos diferentes tipos de xornais.
 - k) Contas de gastos e produtos.
 - l) Rendemento bruto e neto.
 - ll) Custo da produción por unidade de produto.
 - m) Industrialización.
 - n) Comercialización: fases, mercados, asociacións, cooperativas, etc.
 - o) Influencias que recibe ou produce o cultivo na comarca.
 - *Do propio medio: secas, sarabias, erosións, vías de comunicación, etc.*
 - *Do medio social: absorbe xornais dispoñibles, non hai man de obra, etc.*
 - *Doutras producións agrarias: embalaxes para a froita da comarca, sub-*

produtos para a calefacción, pastos, etc.

- *Da industria derivada.*

- p) Repoboacións forestais na comarca con outras variedades, prácticas ensaiadas, resultados doutros organismos ou particulares, etc.
- q) Explotacións que destacan ou bosques interesantes.
- r) Bibliografía da especie, monografías, estudos económicos, artigos, etc.

8.- Factor agronómico.

- *Análise económica da comarca: superficies de cultivo, número de cabezas de gando, superficies forestais, producións totais agrarias.*
- *Terreos que levan contabilidade de toda a explotación ou dunha ou varias actividades produtivas.*
- *Explotacións tipo da comarca.*
- *Análise económica das explotacións tipo: con predominio de cultivos herbáceos, con predominio de cultivos arbóreos, con predominio da gandería, con producións mixtas.*
- *Estudo dos capitais da explotación e a súa distribución.*
- *Aforro empresarial. Destino.*
- *Utilización de créditos.*

A planificación e a súa evolución

A elaboración dos programas, partindo do coñecemento das comarcas por parte dos axentes e da análise dos datos existentes nas axencias, foi evolucionando conforme as reformas introducidas nos sistemas educativos. Nun principio, Extensión Agraria era un medio para transmitir máis rapidamente os coñecementos elaborados nos centros experimentais e acelerar a adopción de prácticas melloradas que contribuísen ao crecemento económico, e o extensionista, sen apenas participación dos interesados, detectaba directamente os problemas, buscaba as solucións, establecía os obxectivos e organizaba as accións para resolvelos, respondendo á idea de “transmitir” os seus coñecementos e a súa cultura. Isto determinaba, con frecuencia, inadecuación dos obxectivos, pasividade e resistencia ao cambio, o

que se pretendía superar co emprego de técnicas de publicidade e a acumulación combinada de métodos para “vender a idea”. As familias rurais quedaban reducidas a simples receptores, sen que se aplicasen axeitadamente os principios básicos de Extensión, pois traballábase para os agricultores e actúase sobre eles, en lugar de colaborar con eles; en definitiva, púñase máis empeño en desenvolver as cousas que as persoas.

A partir dos anos setenta, conforme as conclusións da Conferencia Internacional de Xenebra de 1970, o SEA reafirmase na idea do sistema docente como motor do desenvolvemento socioeconómico, conseguindo unha maior participación da poboación rural, tanto no estudo dos seus problemas coma na elaboración e execución dos plans para resolvelos. O que se busca é a discusión e o diálogo, e non o monólogo e a receita, achegando tanto os agricultores coma os axentes os seus respectivos puntos de vista sobre a realidade que se intenta transformar, que os primeiros perciben a través da súa experiencia práctica e os segundos a través da súa formación científica, e ambos os dous aprenden na medida que se esforzan na busca da solución máis axeitada.

En consecuencia, con esta orientación educativa, os programas e plans de actuación fanse máis participativos e articulados coas necesidades da poboación rural, contendo análises e obxectivos sobre problemas concretos, concertados cos grupos permanentes de traballo.

Os programas de Extensión seguen a facerse nas catro liñas clásicas de actuación, pois os problemas derivados da actividade produtiva que desenvolven as familias agrarias condicionan moitos aspectos da súa vida e o seu nivel de ingresos, pero a indubidable relación destes problemas coa vida familiar e comunitaria fai imprescindible unha acción coordinada e simultánea sobre todos os membros da familia e dos veciños da comunidade, polo que o axente debe considerar as necesidades xerais da colectividade agraria, e non pode limitarse a establecer programas para estimular a produción nin concentrarse exclusivamente no desenvolvemento económico. A actuación das axencias diríxese fundamentalmente a aumentar a capacidade das familias, dos pequenos grupos e das comunidades rurais, para que poidan coñecer e resolver por si mesmas os

seus problemas e ser protagonistas do desenvolvemento da agricultura e da sociedade rural.

Para a aplicación deste novo enfoque, os primeiros que fan o esforzo do cambio son os propios axentes, pois teñen que variar os seus papeis, funcións e responsabilidades. Como promotores de cambios, tal e como se definen, deben estar dispostos a cambiar eles mesmos e a seguir evolucionando continuamente, porque a imaxe prospectiva da Extensión e Capacitación Agraria debe ser coherente coa evolución previsible da agricultura e da sociedade rural.

Así no campo de actuación coas explotacións agrarias, dunha actuación inicial caracterizada pola divulgación das melloras técnicas de produción, que podería definirse como a dun esforzo dirixido a axudar aos agricultores a facer mellor o que xa estaban a facer, os programas diríxense a abordar os problemas a nivel de ingresos das familias rurais, considerando todas as posibilidades e os resultados económicos das súas actividades, centrando o traballo de Extensión sobre o conxunto da empresa e non simplemente na introdución indiscriminada de técnicas destinadas ao incremento da produción, buscando aumentar e consolidar a capacidade empresarial dos agricultores, que comezan a empregar unha maior proporción de medios de produción externos á empresa, sendo necesario a avaliación certa do rendemento do capital. A solución aplicada consiste en capacitar os agricultores para que tomen as súas propias decisións, animando a creación de grupos SEXE (seminarios de xestión de explotacións).

É o momento de abordar nos programas problemas de explotacións que se ven vir e que comezan a preocupar, tales como: o incremento de recursos complementarios; a atención a tempo parcial ou o pase a outros sectores produtivos das familias con explotacións de subsistencia, sen posibilidades de competir comercialmente; a promoción da agrupación ou integración en unidades superiores de explotación mediante fórmulas de agricultura de grupo; a especialización das orientacións produtivas das explotacións; a preparación e a organización para a venda das producións; así como o financiamento da actividade comercial coa participación dos agricultores.

Estes novos programas de Extensión contemplan a necesaria reciclaxe permanente dos axentes e o desenvolvemento dun equipo técnico de especialistas que os apoie, pois seguen a conservar a súa polivalencia, articulando máis estreitamente as actividades de Extensión coas escolas de Capacitación, que tamén se adaptan a este cambio. Todo isto implica a modificación da estrutura da organización, pasando o axente, do seu primeiro carácter de adestrador profesional, a ser considerado un promotor de cambios, no que a preparación en técnicas de produción pasa a un segundo plano, reforzándose en cambio a súa formación de promotor, para a que é preciso ter unha boa visión global do conxunto de problemas da comarca, e en ciencias sociais, como base de comprensión da realidade social en que traballa e vive, e para que poida adoptar métodos de grupo, desenvolver técnicas de programación que fagan participar a maior parte da poboación e capacitar colaboradores voluntarios, co obxecto de que a súa tarefa fundamental consista en axudar as familias rurais a controlar o proceso de cambio que se está a producir aceleradamente no medio rural e do que deben ser protagonistas.

A Extensión Agraria faise pois máis “comprometida”, os axentes adquieran maior visión empresarial, e destaca o esforzo realizado para o traballo a nivel de xestión das empresas, para comparar explotacións e intercambiar experiencias. O axente é o primeiro en familiarizarse coa técnica de xestión das explotacións e logo é quen, a través do seu traballo con grupos, ensina a utilizala, para que os agricultores tomen as súas propias decisións.

O SEA establece un decálogo de principios básicos para guiar a planificación das axencias, que son continuamente repetidos en cursos de formación e reciclaxe, ao ditarse as normas anuais para a súa confección ou actualización, así como utilizados na súa avaliación polo equipo de supervisores e técnicos dos centros rexionais. O dito catálogo é o seguinte:

- 1.- *A planificación basearase nunha coidadosa análise da situación.*
- 2.- *Os programas estarán orientados de acordo co nivel técnico, económico e social da poboación rural.*
- 3.- *Teñen que ser amplos e incluír actividades, a ser posible de interese para todos os estratos sociais da comarca.*

- 4.- *Deben ser educativos e tendentes a mellorar a habilidade das xentes para resolver os seus propios problemas, individual e colectivamente.*
- 5.- *O programa establecerase coa participación de todos os que poidan contribuír, especialmente con aqueles a quen vai dirixido.*
- 6.- *As organizacións existentes utilizaranse como medios para lograr todos os obxectivos, aproveitando todo o que sexa posible o labor dos dirixentes voluntarios, tanto na confección do programa coma na súa realización.*
- 7.- *Será flexible, para abordar situacións a longo prazo, cambios a curto prazo e aínda situacións de emerxencia.*
- 8.- *Establecerase unha orde de importancia e prioridade para a resolución dos problemas.*
- 9.- *Os obxectivos serán claramente definidos e en función dos cambios que se pretende lograr da xente.*
- 10.- *Os obxectivos redactaranse en forma que permitan a valoración dos resultados conseguidos, é dicir que sexan medibles.*

A mecánica seguida para a planificación é a seguinte: todo se basea, como dicíamos, no coidadoso estudo de comarca de cada Axencia. Tomando como referencia este estudo, determínanse os problemas e propóñense as solucións xerais para a súa resolución. A análise dos problemas e o enfoque das solucións reflíctense nun documento que se denomina “Programa de traballo”. Elixidos os problemas que se van abordar en principio, redáctanse uns documentos por cada un deles, onde se reflicten os obxectivos a medio e longo prazo, as melloras técnicas para alcanzalos e a maneira de enfocar o traballo de Extensión para conseguir os anteditos obxectivos. Estes documentos reciben o nome de “Proxectos a medio ou longo prazo”. O traballo que se vai desenvolver durante un ano, xa sexa dun proxecto a medio ou longo prazo ou non, constitúe o “Plan anual de traballo”.

As axencias, guiadas continuamente pola supervisión e centros rexionais, responden a esta sistemática da planificación con regularidade e convencemento ata mediados dos anos oi-

tenta. Segundo se vai consolidando o proceso de transferencia á comunidade autónoma e o traballo se burocratiza coa xestión das axudas da PAC, as instrucións para a confección e avaliación dos programas dilúense, dependendo moitas veces do goberno no poder, e o apoio dos especialistas e técnicos do Centro Rexional case que desaparece, pois os seus compoñentes pasan a formar parte doutros servizos e estruturas administrativas, e os novos técnicos das axencias carecen da formación e preparación precisa para este tipo de tarefa. Ao final, case que por rutina, máis que por convencemento, o único que se mantén é a confección do plan anual de traballo de cada Axencia, sen ningunha ligazón co estudo de comarca, que se deixou de actualizar, e cos plans de traballo, que xa non se elaboran, case convertido no recheo dun formulario que é igual para todas as axencias de Galicia e de moi pouca utilidade e por suposto feito, na maioría dos casos, sen a participación das familias rurais, pois a actuación das axencias está supeditada ao calendario das solicitudes das axudas.

As directrices dadas pola superioridade para a actualización dos estudos de comarca a partir dos anos setenta introducen algunhas modificacións con respecto ao guión dos primeiros tempos de Extensión. Recoméndase a súa estruturación nas seguintes cinco partes:

- 1.- Unha visión da comarca no seu aspecto físico, a súa distribución política, o seu medio viario e cantos datos e aspectos xerais dela que poidan situarnos mellor.
- 2.- Clasificación de todas as explotacións da comarca por conxuntos socioeconómicos, coa descrición da explotación tipo de cada conxunto.
- 3.- Clasificación de todas as familias da comarca nos conxuntos que consideremos necesarios, e determinación do fogar que sexa tipo en cada un deles.
- 4.- Estudo da xuventude da comarca.
- 5.- Estudo das comunidades.

Polo que atinxe ao campo de actuación coas explotacións, o que se pretende con este novo enfoque é agrupalas, mediante a confección dunha ficha individual para cada unha delas, para o seu estudo en grupos homoxéneos en canto a intereses e recursos, nos límites que permite, dentro

da operatividade, o encadre en cada conxunto do maior número posible de explotacións da comarca, cuxo porvir teórico poida ser similar, pois teoricamente, tanto no presente coma no futuro, se presupón que terán unha identidade de problemas e unha semellanza de solucións. Para logralo as axencias establecen, moitas das veces a nivel de área, uns indicadores estables, fáciles de obter e sistematizar baixo os seguintes criterios:

- 1- Ocupación e orixe dos ingresos da familia.
- 2- Orientación produtiva da explotación.
- 3- Dimensión da explotación.
- 4- Réxime de posesión da terra.

Unha vez detectados os conxuntos en explotacións e en familia-fogar, a planificación establécese cun grupo de persoas identificadas cos problemas que determinan as prioridades, sinalan as metas e fixan os obxectivos educativos a curto e longo prazo, para conseguir certos compromisos de acción. Como lóxicamente non se pode conseguir reunir todos os membros dun conxunto, o SEA recorre á metodoloxía para proxectar o labor destes grupos de estudo e acción ao resto do conxunto ao que pertencen. As funcións resumidas destes grupos eran as seguintes:

- Estudar as situacións, problemas e solucións.
- Aplicar as solucións.
- Trasladar ao conxunto, formal ou informalmente, as solucións.
- Mostrar os resultados da súa acción ao conxunto.

Exemplos do contido dos programas de traballo

Como exemplo do contido dun programa de traballo a medio prazo, transcribimos deseguido o guión do confeccionado a nivel de cada unha das áreas naturais da provincia de Ourense para o período 1981-85:

- *Comarcas e concellos que comprende.*
- *Capítulo I, Comunidades.*
 - * *Identificación do campo de actuación (cadro con datos homoxéneos para cada un, determinando o existente).*

- *Equipamentos de servizos básicos:*
Abastecementos domiciliarios de auga.
Saneamentos-redes de sumidoiros.
Accesos a núcleos de poboación.
Pavimentación de núcleos.
Dotación de teléfonos rurais.
Alumeados públicos
- *Montes veciñais en man común:*
Número de montes veciñais existentes, familias afectadas e superficies totais.
Número dos clasificados e familias afectadas.
Número dos que elaboraron ordenanzas reguladoras e familias afectadas.
Superficies repoboadas e non repoboadas.
Superficies transformadas.
- *Cooperación:*
Rabaños comunitarios, con datos sobre número, familias e gando (cabezas de ovellas e cabras).
Regadíos comunitarios, con datos (número, regantes e superficies) dos tradicionais existentes e os mellorados.
Circuitos de insemnación artificial, con datos do número de circuitos, número de postos de aplicación e número de vacas insemnadas e explotacións afectadas.
Cooperativas, con datos do número de socios, actividade e resultados económicos da súa actividade.
Concentración parcelaria, con datos das executadas, en realizacións e solicitadas.
- *Comercialización:*
Circuitos de recollida de leite, con información do número de circuitos ou rutas, gandeiros que entregan e cantidades.
Matadoiros, con datos dos existentes e localidades
Tratantes de gando, con información dos existentes e localidades.
Almacenistas, con indicación dos existentes, actividade e localidade.
- *Análise da problemática por cada un dos campos identificados, con selección dos*

problemas sobre os que centrará o seu traballo o SEA a nivel de área.

- *Obxectivos a medio prazo.*
- *Plan de actuación.*

- *Capítulo II, Explotacións.*

- *Identificación do campo de actuación (cadro con datos homoxéneos para cada un, determinando o existente).*
- *Tipoloxía de explotacións (integradas en catro grandes grupos segundo a súa orientación produtiva principal; en cada grupo existen combinacións da orientación produtiva principal con calquera das orientacións dos outros tres grupos, agás no cuarto; en cada grupo identifícanse datos relativos a superficie media, número medio de animais, número de explotacións a tempo parcial e número total de explotacións por cada Concello):*

Cultivos de venda:

Agricultura xeral.

Horticultura ao aire libre.

Horticultura en invernadoiro.

Agricultura xeral e horticultura ao aire libre.

Agricultura xeral e horticultura en invernadoiro.

Calquera das anteriores orientacións combinadas con plantacións permanentes, gando alimentado con forraxes propias ou explotacións sen terra.

Producción gandeira con forraxes propias:

Bovino de leite (maiores ingresos proporcionados polo leite).

Bovino de cebo (maiores ingresos proporcionados pola carne).

Bovino de recría de xovencas.

Bovino con polo menos dúas das anteriores orientacións produtivas equilibradas en ingresos.

Ovino, caprino ou ambos os dous.

Bovino, ovino e caprino combinados.

Plantacións permanentes:

Froiteiras.

Viticultura.

Forestal.

Polo menos dúas das anteriores orientacións produtivas equilibradas en ingresos.

Calquera das anteriores orientacións produtivas combinadas con cultivos de venda, gando alimentado con forraxes propias ou explotacións sen terra.

Explotacións sen terra:

Porcino.

Avicultura.

Bovino de leite.

Bovino de cebo.

Cunicultura.

Polo menos dúas das dúas anteriores orientacións produtivas.

- *Análise da problemática por cada un dos tipos de explotación identificados predominantes na área, con selección dos problemas sobre os que centrará o seu traballo o SEA.*
- *Obxectivos a medio prazo para cada un dos tipos sobre os que se decide unha actuación a nivel de área.*
- *Plan de actuación.*
- *Capítulo III, Familias.*
 - *Identificación do campo de actuación (cadro con datos homoxéneos para cada un, determinando o existente).*
 - *Composición, número, subsidio e xubilación:*
 - Número medio de membros por familia.*
 - Número total de familias.*
 - Número de familias agrarias.*
 - Número de familias que viven de subsidios.*
 - Número de xubilados.*
 - *Indicadores sobre o fogar:*
 - Número de casas reformadas.*
 - Número de casas con cuarto de baño.*
 - Número de contratos de butano.*
 - *Análise da problemática e selección dos problemas sobre os que centrará o seu traballo o SEA a nivel de área.*

- *Obxectivos a medio prazo.*

- *Plan de actuación.*

- *Capítulo IV, Xuventudes.*

- *Identificación do campo de actuación.*

Número de mozos por estratos de idades:

Número de mozos entre 10 e 14 anos.

Número de mozos entre 15 e 20 anos.

Número de mozos entre 21 e 35 anos.

- *Análise da problemática por cada un dos estratos de idades e selección dos problemas sobre os que traballará o SEA a nivel de área.*

- *Obxectivos a medio prazo.*

- *Plan de actuación.*

Os plans anuais de traballo

Os plans anuais de traballo recollían os compromisos de actuación temporais, por proxectos de actuación a nivel de comarca, elaborados polo equipo da Axencia como aplicación dos programas de traballo. A participación na súa elaboración, a finais de cada ano, de todos os membros da Axencia supuña un forte vínculo e compromiso para manter o espírito de Servizo e de traballo coa poboación rural á que se dirixía. Nestes plans recollíanse tamén, cando a programación empezou a elaborarse a nivel de área, actuacións específicas sobre particularidades de cada comarca non contempladas nos programas conxuntos.

Os plans das axencias enviábanse á Axencia Provincial e ao Centro Rexional, realizando a supervisión unha análise e avaliación de cada plan, que se remitía a cada Axencia e ao rexedor de actividades. Nalgúns casos contiña instrucións para a súa reconsideración e adaptación aos programas de traballo, definición de obxectivos ou aplicación de métodos de traballo máis acordes.

O documento elaborado estaba permanentemente á vista, para a súa consulta, sendo o elemento empregado para a confección dos proxectos mensuais de actividades de cada un dos compoñentes do equipo, que se resumían nun único por cada dependencia, recollendo as actividades do conxunto dos seus compoñentes técnicos. Este último confeccionábase, baixo a coordinación do xefe da Axencia, en reunión

do equipo a finais do mes anterior ao que se refería, e era remitido á supervisión e ao Centro Rexional.

Exemplo do contido dun plan anual de traballo

Transcribimos e comentamos deseguido a estrutura dun destes plans, en concreto o elaborado para o ano 1979 na Axencia de Extensión Agraria da Cañiza (Pontevedra). O plan recolle os seguintes capítulos e apartados:

- *Capítulo I: Programación por áreas naturais.*

- *Introdución.*

- *Área natural “Montaña”:*

Descrición e cuantificación.

Problemas analizados e seleccionados:

Xerais das explotacións.

Gando vacún.

Gando cabalar.

Gando ovino-caprino.

Montes veciñais en man común.

Horta de autoconsumo (horto familiar).

Familia-fogar.

Xuventudes.

Obxectivos de certo alcance (coa mesma desagregación que a dos problemas).

- *Área natural do “Baixo Miño”:*

Descrición e cuantificación.

Problemas analizados e seleccionados:

Xerais das explotacións.

Vide e vinificación.

Horta de autoconsumo (horto familiar).

Horticultura especializada.

Gando vacún.

Montes veciñais en man común.

Familia-fogar.

Xuventudes.

Obxectivos de certo alcance (coa mesma desagregación que a dos problemas).

- *Capítulo II: Proxectos para o ano 1979.*

1- Comunidades:

- *Proxecto 1.1.- Accións de interese comunitario:*

Actualización (contendo cadro da situación dos servizos básicos na comarca).

Obxectivos.

Xustificación dos obxectivos.

Cadro cos pasos ou procedementos, metodoloxía, lugares e datas para cada un dos obxectivos.

- *Proxecto 1.2- Montes veciñais en man común (mesmo desenvolvemento que no anterior proxecto).*

2- Explotacións:

- *Proxecto 2.1.- Explotacións mixtas (mesmo desenvolvemento que nos anteriores proxectos).*

3- Xuventudes:

- *Proxecto 3.1.- Planteles (mesmo desenvolvemento que nos anteriores proxectos).*
- *Proxecto 3.2.- CECA (mesmo desenvolvemento que nos anteriores proxectos).*

- 4- *Cadro co calendario de traballo por trimestres, indicando por cada proxecto o número de reunións, demostracións de método, demostracións de resultado e cursos previstos para a consecución dos obxectivos.*

Na introdución referida ao capítulo I, programación por áreas naturais, faise a consideración de que a comarca de traballo da Axencia da Cañiza, que comprende os concellos de Covelo, A Cañiza, Crecente e Arbo, está situada en dúas áreas naturais. Na área natural de “Montaña” están situados os concellos de Covelo, o da Cañiza, agás a parroquia de Valeixe, e a parroquia da Ameixeira do de Crecente. Forman parte desta área natural as comarcas das axencias de Ponte Caldelas e Forcarei. Na área natural do “Baixo Miño”, na que tamén se integran as comarcas de traballo das axencias de Pontearreas, O Porriño, Tui e O Rosal, encádranse os concellos de Arbo e Crecente, agás a citada parroquia da Ameixeira. do de Crecente, máis a de Valeixe do da Cañiza.

Esta introdución matiza que a programación por áreas naturais se realizou por primeira vez a finais do ano 1977, segundo un programa conxunto realizado polas axencias citadas no que se describiu e cuantificou a situación real das explotacións, da agricultura e gandería, así como das familias e mozos, indicando os problemas que presentan e sinalando os obxectivos de certo alcance que debe promover o SEA para lograr a súa evolución desexable e posible, recolléndose nela un resumo do antedito programa, co fin de que poida correlacionarse coas actuacións previstas no plan anual de traballo.

Os problemas e obxectivos sinalados no programa de traballo para as explotacións da comarca que quedan reflectidos nese capítulo do plan anual son os seguintes:

A) *Na parte da comarca integrada na área natural "Montaña":*

De tipo xeral:

- *Dimensións inadecuadas pola súa pequena superficie (minifundio), ao que hai que engadir que os cultivos son na súa inmensa maioría de carácter extensivo.*
- *Excesivo parcelamento.*
- *Envellecemento da poboación, e en consecuencia dos titulares, resultado da emigración.*
- *Falta case absoluta dunha rede viaria que permita o acceso ás explotacións da maquinaria máis imprescindible, o que dá lugar, por outra banda, á ausencia de mecanización.*
- *Escasa tecnificación, como consecuencia da nula capitalización e a falta de coñecementos agrarios e gandeiros.*
- *Impedimento á participación dos veciños na explotación dos montes comunais, que non están aínda declarados como veciñais en man común.*
- *Falta de preparación dos titulares para a adopción de fórmulas cooperativas ou comunitarias de explotación colectiva, ou para a resolución de problemas comúns que afectan as explotacións.*
- *Abandono e mal acondicionamento de embalses e canles de rega, o que ocasiona, en veráns secos, deficiencias de auga nos cultivos.*

- *Escaseza de recursos económicos e auxilios da Administración aos que poidan acceder.*
- *Explotacións individualizadas de poucas cabezas de gando.*

Gando vacún:

- *Falta de selección.*
- *Manexo inadecuado.*
- *Instalacións deficientes.*
- *Alimentación irracional como consecuencia da alternativa forraxeira. Uso nulo de novas técnicas de alimentación para conseguir un maior rendemento da explotación.*
- *Falta case absoluta de control da sanidade e hixiene do gando.*

Gando cabalar:

- *O problema específico deste gando, que se explota en réxime de liberdade nos montes veciñais en man común, radica nas cuantiosas baixas producidas polo ataque de animalías.*

Gando ovino-caprino:

- *Todos os problemas do vacún, pero en grao menos acusado por tratarse de gando máis rústico.*

Horta de autoconsumo (horto familiar):

- *Pouca diversificación do número de especies cultivadas.*
- *Emprego de variedades e sementes non seleccionadas.*
- *Descoido total do horto froiteiro.*

B)- *Na parte da comarca integrada na área natural "Baixo Miño":*

De tipo xeral:

- *Dimensións inadecuadas pola súa pequena superficie (minifundio aínda máis acusado que na área de "Montaña").*
- *Excesivo parcelamento, tamén máis acusado que na área de "Montaña".*
- *Insuficiencia dunha rede viaria que permita o acceso ás explotacións da maquinaria apropiada, o que dá lugar, por outra banda, a unha escasa mecanización.*
- *Deficiente tecnificación.*

- *Impedimento á participación dos veciños na explotación dos montes comunais, que non están aínda declarados como veciñais en man común.*
- *Falta de preparación dos titulares para a adopción de fórmulas cooperativas ou comunitarias de explotación colectiva, ou para a resolución de problemas comúns que afectan as explotacións.*
- *Abandono e mal acondicionamento de embalses e canles de rega, o que ocasiona, en veráns secos, deficiencias de auga nos cultivos.*
- *Escaseza de recursos económicos e auxilios da Administración aos que poidan acceder.*
- *Falta de orientacións produtivas definidas, pois a maioría das explotacións practican un grande número de cultivos, pero case na totalidade sen ningún tipo de incidencia comercial, e polo tanto sen transcendencia económica substantiva.*

Vide e vinificación:

- *Substitución de variedades de vide autóctonas por outras de maior produción pero de peor calidade.*
- *Falta de garantía na adquisición de plantas nos viveiros da zona.*
- *Marcos de plantación inadecuados.*
- *Insuficiencia da fertilización mineral.*
- *Descoñecemento dalgunhas pragas e enfermidades, o que ocasiona que non se combatan.*
- *Diminución da labra como consecuencia da falta de man de obra.*
- *Malas condicións hixiénicas das adegas.*
- *Técnicas de elaboración e conservación dos viños sen base científica e deficientes.*

Horta de autoconsumo (horto familiar):

- *Falta xeral de tratamentos fitosanitarios.*
- *Falta de fertilización mineral, fundamentalmente de potasio e fósforo.*
- *Pouca diversificación do número de especies cultivadas.*
- *Emprego de variedades e sementes non seleccionadas.*

- *Falta de experiencia na produción de plantas.*
- *Exceso de excedentes en anos bos, que se estragan.*
- *Descoído total do horto froiteiro.*

Horta especializada:

- *Descoñecemento das novas técnicas de produción (semiforzado e forzado de cultivos).*
- *Non existe tradición, salvo casos illados, de comercialización.*

Gando vacún:

- *Os mesmos problemas que os indicados na área natural “Montaña”, aínda que con menor repercusión económica dada a súa menor importancia e a diversificación das explotacións.*

O resumo dos obxectivos xerais de certo alcances establecidos nos programas de traballo das áreas naturais que se relacionan neste capítulo do plan anual de traballo para as explotacións é o seguinte:

A)- Para as explotacións da área “Montaña”:

De tipo xeral:

- *Conseguir que as comunidades formulen a solución da concentración parcelaria e a soliciten.*
- *Conseguir mediante a formación profesional, os planteles, a realización de cursos, seminarios, reunións, etc., unha considerable alza na adquisición de coñecementos técnicos por parte de agricultores e gandeiros.*
- *Fomentar o cooperativismo agrario e gandeiro.*

Gando vacún:

- *Aumentar as SAU e os rendementos unitarios mediante a potenciación dos cultivos forraxeiros anuais.*
- *Conseguir unha capacitación dos gandeiros que lles permita abordar a mellora dos aloxamentos, a selección, o manexo, a sanidade e hixiene e a alimentación do gando.*

Gando cabalar:

- *Que os gandeiros afectados conciencien as autoridades competentes sobre o problema da presenza de animalias, co fin de que se tomen as medidas oportunas para combatalas.*

Gando ovino-caprino:

- *Os mesmos obxectivos que para o gando vacún.*

Horta de autoconsumo (horto familiar):

- *Mellorar a fertilización.*
- *Efectuar un mellor control de pragas e enfermidades.*
- *Diversificar as especies do horto.*
- *Mellorar as variedades xa cultivadas.*
- *Efectuar a conservación dos excedentes. Introducir novas técnicas de cultivo (herbicidas, alcouves, poda, etc.).*

B)- Para as explotacións da área “Baixo Miño”:

De tipo xeral:

- *Os mesmos que os sinalados na área natural “Montaña”, máis:*
- *Conseguir que certo número de agricultores da área adopten para as súas explotacións unha orientación produtiva máis definida, contemplando as posibilidades que ofrecen a viticultura e a horticultura.*

Vide e vinificación:

- *Conseguir que o maior número de novas plantacións de vide se realicen mediante un sistema e marco axeitados, co emprego de patróns e variedades convenientes, co obxecto de conseguir nuns anos unha mostra representativa que induza, polos resultados conseguidos, á reestruturación do actual viñado.*
- *Conseguir, paralelamente ao primeiro obxectivo, a reestruturación dos viveiros, a fin de que dispoñan de plantas de calidade, así como dos patróns e variedades máis apropiados para a zona.*
- *Conseguir unha maior e equilibrada fertilización mineral.*
- *Ampliar o coñecemento por parte do viticultor das pragas e enfermidades, para chegar a aplicar os tratamentos convenientes.*

- *Fomentar a utilización de herbicidas.*

- *Lograr unha maior capacitación do agricultor, co fin de conseguir unha substancial mellora na elaboración e conservación dos viños, así como das condicións hixiénicas das adegas.*

Horta de autoconsumo (horto familiar):

- *Os mesmos que os sinalados na área natural “Montaña”, máis:*
- *Introducir os cultivos forzados ou protexidos.*
- *Fomentar a produción de planta e que esta sexa seleccionada.*

Horta especialización:

- *Conseguir a creación dun grupo de agricultores, con posibilidades, que orienten fundamentalmente as súas explotacións cara á horticultura, co fin de que as súas referencias poidan servir de guía para o posible cambio doutras explotacións da zona.*

Gando vacún:

- *Idénticos que os sinalados para a outra área natural.*

Seguindo co exemplo, transcribimos a continuación a actualización e obxectivos determinados no plan anual de traballo a que nos referimos, concretamente os relativos ao proxecto “2.1.- Explotacións mixtas”:

Actualización:

Aínda que a comarca de traballo está situada en dúas áreas naturais diferentes, as explotacións teñen como característica fundamental e común a de ser de autoconsumo, con actividades que en grande parte son coincidentes. A pequena diferenciación entre elas vén dada, fundamentalmente, pola altitude e o clima da parte da comarca na que están situadas, pero os seus problemas son similares. Esta é a razón de incluílas a todas no mesmo proxecto de actuación.

Das 4.300 explotacións da comarca, 2.300 quedan encadradas na área natural “Montaña”. A súa característica primordial é a de tratarse de explotacións de autoconsumo, con pequenos ingresos complementarios procedentes da venda de leite, xatos e, en menor medida, cordeiros e cabritos.

A explotación tipo ten 1 ha de superficie agrícola laborable, 1 ha de pradeiras e 1,5 ha de monte repoboado. A superficie de labradío repártese do seguinte xeito: 0,5 ha a forraxes anuais (raigrás autóctono, centeo e aveá), 0,30 ha a millo gran e 0,20 ha a horto familiar (xeralmente integrado por cultivos de patacas, col forraxeira, repolo, xudía, cebolas e allos).

Todas as explotacións posúen unha pequena granxa familiar con galiñas, polos, coellos e porcos.

O número medio de vacas por explotación é de 2,5 cabezas, das que un total de 750 son de raza frisona.

As 2.000 explotacións restantes están situadas na parte da comarca que forma parte da área natural "Baixo Miño". A súa característica principal é a de tratarse, tamén, de explotacións de autoconsumo, que obteñen pequenos ingresos como consecuencia da venda de parte das producións vitivinícolas, hortícola e gandeira (leite e xatos).

A explotación tipo ten 1 ha de superficie agrícola laborable e 1 ha de monte repoboado. A superficie de labradío repártese do seguinte xeito: 0,20 ha dedicadas á vide, 0,45 ha a millo forraxeiro e 0,35 ha a horto familiar (pataca, repolo, leituga, tomate, pemento, allos, cebola e xudía).

Ao igual que nas explotacións encadradas na outra área, é xeral que posúan granxa familiar, das mesmas características que as sinaladas anteriormente.

O número de vacas por explotación é dunha cabeza, sendo case na súa totalidade da raza rubia galega.

Cultívanse nesta zona da comarca unhas 440 ha de viñedo. As plantacións están formadas xeralmente por parras que circundan as leiras. A distancia entre plantas é pequena, entre 0,50 a 0,80 m.

As variedades tintas representan un 80% do total, pero a calidade, fundamentalmente, obtense nos viños brancos.

As variedades máis representativas, en orde descendente de importancia, son as seguintes:

- Variedades brancas: Xerez, Treixadura, Torronés, Albariño, Loureiro e Godello.

- Variedades tintas: Alacante, Garnacha Tintureira, Gran Negro, Jacquez (patrón híbrido como produtor directo), Espadeiro, Mencía, Caíño e Pedral.

Os portaenxertos máis empregados son:

- Nas variedades brancas: Jacquez, 1.202 de Couder x Riparia (19617) e o 420 A de Millardet.
- Nas variedades tintas: o Jacquez, case exclusivamente.

De forma estimada, pódese calcular unha produción media anual na comarca de 4.000 tm de uva, cun rendemento de 27.000 hl de viño. Como termo medio cada agricultor produce de 2 a 4 pipas de viño.

Xeralmente, só se coñecen e combaten as enfermidades do oidium e mildio. Dende mediados de maio ata mediados de agosto adóitanse dar unha media de nove mans de sulfato (funxicida antimildio), que nalgúns tratamentos se mestura con xofre mollable. Tense comprobado no viñedo, ademais, a existencia das seguintes pragas e enfermidades, que non se tratan habitualmente:

- Pragas: trazas do acio, cochinillas, otiorrinco, araña vermella e erinose.
- Enfermidades: podremia gris e botrite.

Tan só se adoita dar un labor de cava, durante os meses de xullo ou agosto, con tendencia, debido á escaseza de man de obra, a suprimilo.

Xeralmente, non se fertiliza a viña con minerais nin esterco, a non ser na plantación na que se incorpora este último.

A elaboración do viño é unha industria tipicamente caseira na zona. As adegas, en xeral, reúnen malas condicións e soportan temperaturas relativamente altas, incompatibles coa elaboración de viños selectos e sobre todo estables, o que se agrava co escaso emprego de produtos enolóxicos e certos defectos observados na elaboración dos viños, facendo frecuente certas alteracións e enfermidades (quebra parda ou osidáxica, volta, picado e aceitado).

Nesta parte da comarca existe un pequeno grupo de dez agricultores que teñen as súas explotacións

un pouco máis orientadas cara á horta, pero sen abandonar as outras actividades, polo que aínda non posúen unha grande experiencia neste campo. O número de invernadoiros é de dez, cunha superficie media de 150 m² e un total de 0,151 ha, que se dedican ao cultivo do tomate e, en menor intensidade, pemento e leituga. A superficie de amorodo con acolchado de plástico suma 2,5 ha e, na súa maioría, pertence a estes agricultores.

Durante os últimos anos, e nas dúas subcomarcas, melloráronse máis de 325 hortos familiares coa introdución xeneralizada de especies tales como: amorodo, cenoria e acelga; así como a utilización de variedades máis selectas en: cebola, repolo, leituga, tomate, pemento, xudía e ervella.

Igualmente, durante os últimos anos, introduciuse a pequena escala e en plan de ensaio a utilización de herbicidas nos cultivos de viñedo, pataca e millo, con resultados que fan prever unha progresiva utilización destes produtos polos agricultores.

Repartidas por toda a comarca de traballo existen catro explotacións no límite da viabilidade dende o punto de vista gandeiro, pero complementan esta actividade coa fruticultura ou viticultura.

O número total de cortes modernizadas en toda a comarca nos últimos anos é de 14, cun total de 76 vacas e 177 xatos.

É común na maioría das familias a obtención de ingresos complementarios, proporcionados por algún membro que traballa permanente ou eventualmente noutra actividade.

Dado o apego das familias polo terra onde naceron, pode considerarse como un feito case irreversible a estrutura da propiedade.

Seguindo co exemplo, transcribimos deseguido os obxectivos establecidos no plan anual de traballo que comentamos, o da Axencia da Cañiza para o ano 1979, para o proxecto "2.1.- Explotacións mixtas", co obxecto de observar a correlación cos obxectivos establecidos para as áreas naturais nas que se encadra o seu territorio de actuación.

Obxectivos:

1º- Conseguir que 100 explotacións da comarca aumenten os rendementos unitarios da superficie agraria útil dedicada a forraxes e

grans, mediante a introdución de especies e variedades máis produtivas que as actuais, afectando a un total de 21 ha (18 ha de millo híbrido gran, 0,5 ha de sorgo, 0,5 ha de rai-grás tetraploide e 2 hs de pradeira artificial), así como o melloramento da fertilización de 10 ha de prado natural.

2º- Conseguir que 100 agricultores inclúan nos tratamentos do viñedo os produtos fitosanitarios necesarios para combater a botrite, trazas do acio e otiorrinco.

3º- Conseguir que 60 agricultores realicen ensaios de aplicación de herbicidas en viñedo, pataca, millo e pradeiras.

4º- Conseguir que 3 agricultores establezan 2 ha de viñedo cun sistema e marco de plantación adecuados, co emprego de patróns e variedades convenientes e cunha fertilización correcta.

5º- Conseguir que 50 agricultores comecen a aplicar fórmulas adecuadas de fertilización mineral nos seus viñedos, de acordo cos datos do estudo para o efecto realizado pola Axencia.

6º- Conseguir que dous viveiristas de vide melloren o estado fitosanitario das plantas que producen, así como aumenten a súa oferta de patróns indicados e variedades preferentes, acompañada dunha maior garantía.

7º- Conseguir que 80 agricultores melloren as prácticas enolóxicas, tales como: limpeza de adegas, preparación de envases, elaboración e conservación de viños.

8º- Conseguir que 100 explotacións de toda a comarca, actuando fundamentalmente sobre os grupos de amas de casa establecidos en anos anteriores, inicien ou prosigan a mellora dos hortos familiares nos seguintes aspectos:

- *Técnicas de cultivo: fertilización, tratamentos e podas.*
- *Producción graduada das especies que actualmente cultivan.*
- *Emprego de variedades selectas.*
- *Introdución de novas especies.*

9º- Conseguir que tres agricultores se inicien nos cultivos intensivos de horta e na produción de planta, coa introdución de catro

invernadoiros nunha superficie de 400 m², e que o resto dos agricultores iniciados na horticultura intensiva sigan incrementando a súa preparación, co obxecto de lograr unha mellora nas técnicas de cultivo practicadas.

Unha das partes máis importante de cada un dos proxectos de traballo do plan anual, pola transcendencia no compromiso de actuacións que se van levar a cabo ao longo do ano e o modo de realízalas, era o cadro que recollía para cada un dos obxectivos fixados os pasos ou procedementos e a metodoloxía para abordalos, así como os lugares e datas da actuación. Estes cadros servían para a confección dos proxectos mensuais de actuación, como recordatorio dos compromisos adquiridos. Para dar idea do contido destes cadros transcribimos o correspondente ao primeiro obxectivo do proxecto de actuación da Axencia da Cañiza que comentamos anteriormente, relativo a que 100 explotacións incrementen os rendementos unitarios das súas superficies agrarias útiles:

- *Pasos ou procedementos:*
 - 1- *Motivar e informar sobre a mellora de cultivos e a introdución de novas variedades.*
 - 2- *Orientar, asesorar e capacitar tecnicamente sobre estes cultivos.*
 - 3- *Valoración dos resultados.*
- *Metodoloxía (para cada un dos pasos anteriores):*
 - 1- *2 cursos, 4 reunións, visitas e follas divulgadoras.*
 - 2- *Cursos, 6 demostracións de resultado e visitas.*
 - 3- *Visitas.*
- *Lugares: Maceira, Achas, Sendelle, Ameixeira, Parada, Mourentán, Oroso e Valeixe (os mesmos para os catro pasos).*
- *Datas (para cada un dos pasos e procedementos):*
 - 1- *Febreiro a xuño.*
 - 2- *Febreiro a decembro.*
 - 3- *Outubro a decembro.*

O cadro resumo final, por trimestres, das actividades previstas no plan anual, recollía tan só

as relativas aos métodos de grupo: reunións (R), demostracións de método (D.M.), demostracións de resultado (D.R.) e cursos (C). Non se estimaba o número de visitas á leira (V.L.) ou fogar (V.F.) que se ían realizar. Para dar unha idea do volume de actividades da Axencia que estamos utilizando para ilustrar esta exposición, composta no ano 1979 polo xefe da Axencia, un axente comarcal, unha axente de economía doméstica, un monitor e un auxiliar administrativo feminino, cinco persoas en total, contando cun centro de formación profesional, resumimos nun cadro as actividades previstas por capítulos de actuación para os métodos sinalados:

PROXECTOS	R	D.M.	D.R.	C
Accións de interese comunitario	114	-	-	-
Montes veciñais en man común	38	-	-	1
Explotacións mixtas	26	15	12	4
Planteles	35	14	-	-
CECA	137	20	-	-
TOTAIS	350	49	12	5

O proxecto mensual de actividades

O proxecto mensual de actividades recollía, como xa temos comentado, as actividades previstas no plan anual de traballo máis outras, a maiores, non previstas, demandadas e acordadas como consecuencia da propia actuación e do constante contacto cos agricultores e as súas familias. Este documento estruturábase en un ou varios folios que recollían por columnas e semanas a localidade, o proxecto de actuación do plan anual, a clave do método (R, D.M., D.R., C, V.L. e V.F.) e o tema ou asunto.

O informe narrativo mensual

A actividade efectuada pola Axencia, tanto a da oficina coma a de campo, así como os resultados conseguidos, quedaban recollidos no informe narrativo que se confeccionaba mensualmente nos tempos propios de Extensión, e trimestralmente cando as tarefas burocráticas se incrementaron na etapa autonómica. Este informe narrativo elaborábase segundo o diario de actividades

realizado polas axencias, onde se recollían ata as consultas (CO) resoltas nas visitas a oficina (V.O.) dos agricultores e mulleres rurais, incluso con anotación do tema tratado e o nome do visitante ou grupo atendido, así como a localidade de procedencia, función que correspondía á auxiliar da Axencia, que debía requirir a información necesaria aos axentes para completar o parte diario, co obxecto de que a recompilación mensual resultase máis doada.


Os informes narrativos mensuais remitíanse á Axencia de zona e ao Centro Rexional, contendo no ano 1979, o mesmo do plan anual que comentamos anteriormente, a seguinte información:

Por cada proxecto do plan anual de traballo:

- *Resultados (en función dos obxectivos do plan anual de traballo): comentario sobre os conseguidos.*
- *Comentario sucinto das impresións sobre a marcha do proxecto.*
- *Cadro resumo sobre as reunións mantidas, con indicación do día, número, asistentes, localidade e tema.*
- *Cadro resumo sobre as demostracións de método realizadas, cos mesmos datos que no anterior.*
- *Cadro resumo das visitas a leira, con indicación do seu número por asuntos tratados.*
- *Cadro resumo das publicacións repartidas, normalmente follas divulgadoras (F.D.), con indicación do día, número e o das distribuídas.*
- *Igual có anterior para as cartas circulares (C.C.) remitidas.*
- *Cadro resumo para as tramitacións e xestións (T.X.) nas que interviu a Axencia, con indicación do día, número, localidade, agricultor e motivo.*
- *Cadro resumo das consultas resoltas, con indicación do número por asunto e o número total de visitas a oficina atendidas.*

- *Cadro resumo dos cursos realizados, con indicación do tema e número de asistentes. (Hai que ter presente neste método que a información se completaba cunha ficha cos datos completos de cada curso, indicando o temario impartido, profesorado, localidade, número de participantes, resultados conseguidos, etc.)*

Día	Comar	Nº	Agricultor	Localidad	Asunto
11	A	A	Benito	Benito	Reunión
12	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
13	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
14	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
15	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
16	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
17	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
18	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
19	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
20	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
21	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
22	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
23	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
24	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
25	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
26	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
27	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
28	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
29	A	A	Benito	Benito	T. de aguas
30	A	A	Benito	Benito	T. de aguas



Folla dun diario de actividades, do ano 1973, e portada dun informe narrativo, do mes de maio de 1975, ambos os dous da Axencia de Celanova. (Documentos do arquivo da Axencia de Celanova)

Para os traballos sen proxecto concreto no plan anual:

- *Cadro resumo con indicación do día, localidade, tema, especificación, método empregado e número.*

- *Resultados obtidos (reflectidos seguindo a orde do tema e especificación do cadro anterior).*

Comentario sobre o ambiente, evolución, tendencia e desenvolvemento da agricultura na comarca.

Incidencias no traballo da Axencia.

O informe narrativo modificouse máis adiante para dar entrada á información sobre os expedientes tramitados da PAC e os indicadores da avaliación do rendemento, e a súa periodicidade pasou a ser trimestral.

Os informes anuais de actividades e as enquisas de resultados

Outros documentos relativos á programación das axencias e os resultados conseguidos foron o informe anual de actividades e a enquisa anual de resultados, que servía, esta última, para acherar datos para a confección da memoria anual que o SEA publicaba a nivel estatal.

No primeiro deles cada Axencia, coa mesma estrutura de proxectos do seu plan anual, concretaba e explicaba os resultados conseguidos para cada un dos obxectivos establecidos e tamén os obtidos non relacionados con eles pero vinculados ao mesmo proxecto. Tamén se detallaban outros resultados sen correspondencia cos proxectos do plan, cuantificando en todos os casos o número de agricultores, familias ou comunidades afectadas, os datos de superficies ou gandos beneficiados e se os obxectivos se conseguiron totalmente, parcialmente, por enriba do establecido, ou non se conseguiron, explicando nos casos de non coincidencia coas previsións os motivos habidos ou dificultades encontradas. Este informe completábase cun cadro resumo, por cada capítulo de actuación, dos métodos empregados, diferenciados pola a súa afectación a grupos (R, D.M., D.R. e C), individuos (V.O., V.L. e V.F., T.X. e CO) e masas (H.D. e C.C.), indicando as cantidades de cada un e referidas estas tan só ás realizadas polo persoal da Axencia, sen ter en conta as dos colaboradores.

No segundo documento, as enquisas de resultados, proporcionábanse datos máis concretos, detallados por técnicas melloradas ou tipo de accións promovidas e asesoradas. Estas enquisas fóronse modificando conforme a evolución dos traballos de Extensión e o tipo de actuacións

emprendidas. Para dar unha idea da información e detalle que se subministrada, transcribimos as epígrafes dos apartados correspondentes a “gandería e hixiene pecuaria” e “cooperación e comercialización”, tal e como figuraban na enviada ás axencias polo Centro Rexional no ano 1969:

- *Gandería e hixiene pecuaria:*
 - *Número de parcelas sementadas con cultivos forraxeiros.*
 - *Hectáreas sementadas.*
 - *Cortes construídas e número de cabezas afectadas.*
 - *Silos construídos e capacidade en tm.*
 - *Número de silos enchidos e forraxe ensilada en Tm.*
 - *Animais de raza selecta introducida: vacún, porcino, aviar.*
 - *Número de accións concertadas tramitadas e número de cabezas afectadas.*
 - *Número de explotacións que iniciaron a súa transformación.*
 - *Número de explotacións que melloraron a alimentación do seu gando e número de cabezas afectadas.*
- *Cooperación e comercialización:*
 - *Número de cooperativas constituídas e socios.*
 - *Número de asociacións ou grupos constituídos e socios.*
 - *Número de cooperativas, grupos e asociacións asesorados.*
 - *Número de asociacións de explotación en común, socios, superficies e gando.*

Para terminar este apartado da planificación nas axencias de Extensión Agraria comentamos dous dos programas feitos coa súa participación, ambos os dous no campo da vitivinicultura. O primeiro deles, o denominado “Reestruturación do viñado en Valdeorras (REVIVAL)”, plasmado cunha decisiva intervención do persoal das axencias do Barco de Valdeorras e A Rúa e baixo os requirimentos estritos de Extensión Agraria, e o segundo, o coñecido como “Plan de calidade dos viños galegos”, coordinado pola Consellería de

Agricultura, pero confeccionado cunha importante participación do persoal do SEA.

O programa de reestruturación do viñedo en Valdeorras (REVIVAL)

Alá polo ano 1973 os servizos centrais do SEA indicaron ás axencias comarcais situadas nos distintos medios vitícolas a conveniencia de que intensificasen nas súas planificacións as actuacións coas explotacións con orientación produtiva de viñedo.

En consecuencia, a Axencia Comarcal do Barco de Valdeorras inicia a análise en profundidade na comarca valdeorresa desta orientación produtiva, definindo os seus problemas con base na inviabilidade de acometelos a través das producións brutas xeradas, pois a estrutura dos viñedos existentes atopábase en competencia desigual coa doutros medios vitícolas.


Os viñedos estaban concibidos para producir cantidade de uvas, o que facía necesario, ao final, a chegada de uva doutras procedencias, para poder poñer a produción de viño no mercado. A viticultura valdeorresa non producía produto final, senón que tiña a necesidade da presenza doutros viños para sacar o propio ao mercado. En resumo, importábase alcohol e ácidos que a viticultura de Valdeorras e as súas viñas non producían. A análise determinaba, pois, unha viticultura obsoleta e inviable.

De forma sinxela, pero contundente, determinouse que a viticultura existente non servía, que o camiño tiña que dirixirse á busca, definición e establecemento doutro modelo distinto, que ofrecese auténticas oportunidades aos viticultores.

Con esta idea, o SEA expuso os seus puntos de vista a persoas que puidesen entendelos, promovendo a formación dun grupo que no transcurso das actividades para o efecto emprendidas daría en denominarse “Xunta Rectora de REVIVAL (Reestruturación Viñedos Valdeorras)”, que facía as funcións, para esta finalidade, que no seu día tiveron as xuntas locais do SEA.

Para establecer a futura viticultura necesitábase coñecer que viño debería producir a nova

viticultura, para posteriormente establecer os viñedos apropiados. Para lograr este propósito seguíronse os seguintes pasos no tempo.



Distintos sistemas de formación estudados nun dos campos experimentais. (Documentos do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)

No ano 1973 realizouse unha enquisa aos viticultores que determinou que as variedades mellores ou máis lembradas para producir bos viños na comarca eran: en brancas, Godello, Valenciana, Dona Branca e Moza Fresca; e en tintas, Merenzao, María Ordoña, Estaladiña e Mencía.

En 1974 a Axencia centra o seu traballo na localización destas variedades na comarca, concretando aos seus propietarios a situación dos viñedos onde aínda existían, comprobando que algunhas delas se encontraban a piques da súa extinción e programando actuacións para abordar o problema da súa conservación.

No ano 1975 proxéctase a recollida e vinificación de mostras procedentes das uvas sinaladas nas enquisas, mais, ante a complexidade dos traballos e a escaseza dos medios de que se dispoñía, decidiuse por REVIVAL traballar só coa variedade Godello, pois naquel momento os viños brancos ofrecían máis posibilidades, pois existía no mundo dos tintos unha oferta xa moi ben definida para as demandas do consumo.

O SEA coordinou os produtores de uva coa Adegas Cooperativas do Barco de Valdeorras. Esta entidade aceptaron vinificar as uvas de Godello que se lograsen reunir, pagándoas aos viticultores que as entregasen a 15 pesetas o quilo, o que supuxo un incremento substancial sobre os prezos da uva establecidos ata ese intre, que non se diferenciaba por variedades.

O resultado do viño aparecido en maio de 1976 foi altamente positivo, desaparecendo da adega en breve tempo ao prezo de 250 ptas./botella, cando o viño branco da zona se estaba a vender a 20 ptas./botella.

A admisión e valoración positiva do viño comercializado determinou no ano 1976 a ocasión de planificar os pasos e procedementos para chegar a establecer os primeiros viñedos con esta variedade, pois as cepas existentes na comarca estaban diseminadas e mesturadas en plantacións con outras variedades, pois tratábase, en todo caso, de cepas vellas.

Así REVIVAL acordou o establecemento dos seguintes campos experimentais:

- a) De determinación da afinidade da variedade Godello coas raíces portaenxertos americanos máis en uso por entón.
- b) De determinación do sistema máis axeitado de formación das cepas e podas.
- c) De determinación da densidade máis conveniente de cepas/ha.

Durante os anos 1977 e 1978, a partir da colaboración dalgúns viticultores e entidades que ceden as súas leiras, concrétase o establecemento dos campos experimentais proxectados, todos eles no Concello do Barco de Valdeorras:

- a) O campo para os estudos de afinidade, na leira propiedade dos irmáns Blanco.
- b) O campo para os estudos dos sistemas de formación das cepas e podas, na leira propiedade de D. Luis Prada.
- c) O campo para o estudo da densidade axeitada de plantación, na finca propiedade da Adegas Cooperativas do Barco de Valdeorras.

A entidade dos traballos formulados mereceron a atención e interese, entón, do Instituto de Investigacións Agrarias do Ministerio de Agricultura, en concreto do seu departamento de viticultura e enoloxía, dirixido por D. Luis Hidalgo y Fernández Cano, de quen se recibiu a inestimable colaboración no deseño dos campos experimentais, proporcionándolle a cambio os datos obtidos do seu seguimento, que se lle remitían anualmente, referentes á produción de madeira das cepas, índices de maduración das uvas e producións obtidas.

Durante estes anos a Adegas Cooperativas do Barco de Valdeorras seguiu procesando as uvas seleccionadas da variedade Godello existentes nos viñedos da comarca, co éxito de vendas a prezos ata entón insospitados de 500 ptas./botella, chegando a remunerar o viticultor colaborador a 45 ptas./kg de uva.


O SEA e REVIVAL fomentaron nas súas planificacións a colaboración dos viticultores que dispoñían de cepas da variedade, para que estas fosen vinificadas baixo a acción cooperativa, máis o rumbo tomado pola entidade elaboradora e comercializadora, que se desviou dos obxectivos fundamentais do proxecto REVIVAL ao enfocar as súas actividades nos beneficios do proxecto entrando no mundo das especulacións, propiciou que se efectuase unha viraxe neste aspecto, pois os promotores estaban á marxe e descoñecían os tratamentos enolóxicos aplicados na elaboración do viño, perdendo polo tanto a ocasión de coñecer a auténtica definición do vino Godello.

En definitiva, o proxecto escapábaselle das mans dos impulsores, desvirtuándose, sen que tampouco o Consello Regulador da Denominación de Orixe, nin os representantes políticos e sociais, mostrasen un decidido interese por apoialo e buscar solucións, instalados no inmovilismo e na defensa da situación existente.

Cando os viñedos dos campos experimentais comezan a entrar en produción, os seus propietarios reciben por quilo de uva as 45 ptas. indicadas, comercializándose a botella de ¾ de litro a 500 ptas., o que orixina profundos desacougos.

No ano 1979 REVIVAL e Extensión de novo tiñan o camiño pechado, por canto o viño Godello posto no mercado perdía a súa definición real,

polo que apostan por facerse responsables da creación dunha pequena adega experimental que, baseada nos traballos xa citados, lles permite coñecer a expresión e o potencial auténticos do viño procedente da variedade. O conxunto dos campos experimentais máis a futura adega permitiría ter en mans exclusivas da promoción, mediante un estudo rigoroso, a posibilidade de afondar na definición do viño obtido da variedade Godello e situar os traballos de REVIVAL na fronteira da vitivinicultura entón coñecida.



Criterios e bases utilizadas por REVIVAL para a valoración das mostras. (Documentos do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)

En 1980 concrétese o proxecto de instalación da adega experimental mediante a cesión para esta finalidade dunha pequena instalación deste tipo situada na localidade do Barco de Valdeorras, propiedade de D. Jesús Díaz, denominándose “Adega de seguimento dos campos experimentais de REVIVAL”.

A colaboración do Ministerio e a dotación de medios para estes fins do SEA, da súa partida dedicada a campos de ensaio e experimentación, permitiron que no ano 1981 se realizase a primeira vinificación en madeira de castiñeiro parafinado, en barricas de 225 litros. Os resultados das catro distintas vinificacións de Godello practicadas resultaron alentadores, pois, aínda que o viño presentaba distintas características do que se coñecía no mercado, abría un campo moi esperanzador.

No ano 1982 conséguese a través do Ministerio e o SEA mellorar o equipamento da adega, dotándoa de tres depósitos de 300 litros e outro de 400, construídos en aceiro inoxidable, conforme os proxectos de vinificación realizados polo persoal de Extensión Agraria. Isto permite contar co

primeiro aceiro inoxidable utilizado na elaboración de viño en Galicia e o funcionamento da primeira adega experimental planificada con este material para a elaboración de viño.

Este proxecto, entón novo no mundo do viño en Galicia, resultou fundamental por canto permitiu ao persoal técnico do SEA coñecer directamente a manifestación real do viño procedente da variedade Godello, pero non todo foron satisfaccións, pois, como consecuencia destes resultados, que puxeron en evidencia a falta de tipificación do viño ata entón posto no mercado, apareceron discrepancias no seo de REVIVAL, debido a que determinados compoñentes se mostraron remisos a afrontar os cambios que a situación demandaba. Os intereses dos que posuían o viño eran uns, e os dos novos viticultores outros.

A adega experimental sinalaba a manifestación da calidade do viño, máis a súa presenza no mercado tiña as portas pechadas, pois non contaba coa entidade xurídica para acceder a el, así que as vinificacións realizadas por REVIVAL durante o período 1981-1983 foron postas no mercado local a modo de mostras gratuítas, para valorar a aceptación do viño e co significado de participación nos traballos.

En definitiva, os traballos de seguimento dos campos experimentais e da adega realizados polo persoal do SEA durante os anos 1981 a 1984 permitiron chegar a coñecer o potencial da calidade do viño da variedade Godello.

Durante os anos 1984 e 1985 o SEA valora a deserción de determinados compoñentes da rectora da Asociación REVIVAL, a negativa das accións cooperativas existentes na comarca valdeorresa a percorrer o novo camiño aberto e a intranquilidade dos viticultores que a través dos consellos das axencias de Extensión Agraria implantaran novos viñedos, decidindo canalizar as inquietudes destes últimos mediante a creación de iniciativas empresariais para abordar a solución da comercialización do novo viño.

Os exemplos asociativos existentes na comarca valdeorresa non suscitaban á toma de decisións nese sentido, máis xurdiron as primeiras iniciativas empresariais a nivel individual para dar comezo ao camiño da elaboración e comercialización polos propios produtores, aínda que non fose allea a eles a idea de aproveitar a oportu-

tunidade da especulación que a ocasión ofrecía, pois o viño monovarietal Godello, nas pequenas cantidades que aínda se producía, continuaba a venderse a un prezo elevado.

O labor realizado por Extensión Agraria ata esas datas, estamos a falar do ano 1985, permitiúlle proporcionar unha información honesta e correcta dos resultados obtidos nos campos experimentais e na adega de seguimento, posibilitando o establecemento dunha nova viticultura en Valdeorras, obxectivo logrado coas máis de 300 hectáreas de viñedos reestruturados existentes na actualidade da variedade Godello, que están deseñadas seguindo as ensinanzas impartidas polo persoal das axencias da comarca nos cursos anuais ofrecidos sobre viticultura e enoloxía dende os anos 1980 ata a actualidade.

O baleiro aparecido no ano 1984, a causa da fronte aberta no último elo produción-mercado, deixaba poucas posibilidades para a consecución dos obxectivos principais do plan, exposto á lei de Murphy, pois ou se contaba con empresas que se comprometesen a respectar as propostas do proxecto neste último tramo, ou caeríase novamente na indefinición.

Estes momentos de desacougo terminaron por provocar a aparición dunha nova iniciativa empresarial identificada co programa REVIVAL en todas as súas facetas, viña-adeга-comercio, que permitiu, dende o ano 1985, terminar de definir o viño nas premisas establecidas.

As persoas que impulsaron esta iniciativa foron Honorato López Isla, Victoriano Reinoso Reino, Javier Folla Macía, Horacio Fernández Presa e José Luis Bartolomé Lozano, estes dous últimos axentes de Extensión Agraria no Barco de Valdeorras, e a título persoal articularon esta empresa á maneira demostrativa, para cumprir o modelo desexado, integrando nos seus obxectivos o comportamento da viña, o da elaboración e o das relacións comerciais, tal e como dende un principio estaba contemplado no programa.

Os resultados conseguidos por esta empresa serviron de mostra ás iniciativas que dende aquela data apareceron en Valdeorras. Hoxe en día existen máis de corenta adegas na denominación de orixe con cualificacións asentadas na correcta definición do viño Godello.

Xusto é sinalar aquí o importante labor de colaboración desenvolvido no período 1990-

2002 por Antonio Raluy Rodríguez, durante a súa presidencia do Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras, que fixo seus os obxectivos de REVIVAL, dando ao traste coa falta de entendemento e incompreensión vivida en anteriores etapas.

Hoxe en día, transcorridos xa 22 anos de andadura do plan, o viño Godello de Valdeorras é coñecido no mundo e considerado como de elite, situado entre os de máis alta calidade polos expertos de maior prestixio.

A análise das causas polas cales o viño Godello tardou tanto tempo en ser considerado en comparación cos doutras denominacións de Galicia, lévanos a centralo na loita de intereses económicos, sociais e políticos de tipo local, que finalmente foron vencidos pola consistencia dun programa e a determinación de levalo adiante.

Un resumo dos resultados conseguidos podería ser o seguinte:

- Rescate dunha vinífera autóctona de calidade que estaba a punto de desaparecer.
- Establecemento na comarca dunha nova viticultura, como resposta ás esixencias da súa ordenación para a correcta aplicación dos labores culturais e a optimización do aproveitamento cualitativo da variedade. As máis de 300 ha de Godello existentes hoxe en día contribúen significativamente ao despertar económico da comarca valdeorresa.
- Consideración do viño a nivel mundial como de elite.

Entre as persoas que fixeron posible este programa cabe citar as seguintes:

- Axentes de Extensión Agraria: Horacio Fernández Presa, José Pedraza Montero, Salvador García Vidal, José Luis Bartolomé Lozano, Manuel Alfonso Losada Quiroga, Luis Llorente Llorente e José Mariano Pérez Fernández, estes dous últimos como supervisores do SEA.
- Técnicos colaboradores de distintos organismos: Luis Hidalgo y Fernández Cano, José Luis Hernáez Mañas e Antonio Julio Cartagena Ferreira, este último portugués que realizou un período de prácticas na Axencia e seguiu posteriormente interesado no desenvolvemento do plan.

- Viticultores e outros colaboradores: Gabriel Castellano Cubelos, Demetrio Macías Macías, Santiago Melo Pisón, Eladio Santos López, Jesús Díaz Díaz, Luis Prada Pérez, Gabriel Stoa Bouso e Eulogio Gavela García. Mención especial merece Enrique Mayo Dobao, viveirista de Vilamartín de Valdeorras, que percorreu con Horacio Fernández Presa os viñedos da comarca para identificar as cepas de Godello existentes, e logo colaborou multiplicando o material seleccionado no seu viveiro, traballo que levou como unha tarefa de empresa o seu fillo Julio.

Os datos dos campos experimentais, recompilados anualmente polo persoal do SEA, foron proporcionados durante 15 anos a D.Luis Hidalgo y Fernández Cano, do Instituto de Investigacións Agrarias, así como, dende que estivo operativa, á Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia, sendo analizados polos seus equipos técnicos. D. Luis Hidalgo publicou os resultados do campo de estudo de afinidades.

Merecen tamén mención especial, pola súa contribución ao desenvolvemento do plan, os estudos de selección clonal, iniciados no ano 1984 e realizados baixo o patrocinio da desaparecida Caixa Rural de Ourense, pois permitiron a determinación do comportamento de determinados clons ás viroses, produción, graduación, acidez total, madeira de poda, xemas, etc. No labor de campo deben destacarse os técnicos Cipriano Vivas Vivas e Evaristo Rodríguez Rodríguez, do equipo do Aula Agraria de Caixa Galicia, entidade na que quedou integrada a primeira, que percorreron as parcelas para a marcaxe dos clons e poder posteriormente seleccionar aqueles que representaban fielmente a variedade e que fosen capaces de proporcionar a mellor calidade xunto coa máis alta produtividade.



Instantáneas de actividades formativas realizadas nos campos de experimentación de REVIVAL. (Fotos do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)



Xornadas realizadas no Barco de Valdeorras para a exposición dos resultados dos campos de experimentación. (Foto do arquivo da Axencia do Barco de Valdeorras)

O plan de calidade dos viños galegos



Portada do documento que recolle o Plan de calidade dos viños galegos, editado no seu día pola Consellería de Agricultura.

Durante os anos 70 as axencias de Extensión Agraria das comarcas vitícolas de Galicia comezan a incluír nos seus programas de traballo e plan anuais de actuación obxectivos para a reconversión e reestruturación das plantacións de viñedo e para a mellora das elaboracións tradicionais, respondendo ao interese dos agricultores e adegueiros por adaptar as súas producións de viño cara ás incipientes esixencias de calidade que empezan a instaurarse no mercado.

Os axentes de Extensión Agraria implícanse estudando a situación desta parte do subsector agrícola e as posibilidades de competencia en calidade en relación a outras zonas máis desenvolvidas de España, onde a reconversión comezou con anterioridade, descubriendo o grande potencial dos viños galegos, fundamentalmente das variedades brancas autóctonas, que se encontran nunha clara regresión pois foron substituídas por outras foráneas máis produtivas pero de peor calidade.

O coñecemento da situación e das posibilidades de actuación por parte dos axentes, contando cos coñecementos do viticultor galego, que manexaba en termos xerais ben a viña e non tanto o proceso de elaboración do viño, determina que, a través dos seus especialistas na materia, se formule no ano 1985 a necesidade de elaborar un plan apoiado pola Consellería de Agricultura, que levaba escasos anos de funcionamento, para determinar as accións que cumpría emprender en cada unha das zonas para que Galicia non perdese o tren nesta materia, na que nese momento nos separaba unha enorme distancia co xa realizado noutras comunidades autónomas españolas e estados da Unión Europea, na que estabamos a punto de integrarnos.

Coa información facilitada polas axencias de Extensión Agraria redáctase no ano 1986 o Plan de calidade dos viños galegos, coa participación na súa elaboración dunha comisión, constituída o 23 de abril de 1986, presidida polo director xeral de Producións Agropecuarias e Industrias Agroalimentarias, e dous grupos de traballo, un para a redacción do programa e outro de actividade normativa, así como un coordinador dos grupos de traballo. No primeiro destes grupos figuran os especialistas en viticultura e enoloxía do Servizo de Extensión Agraria, depositarios de toda a información recompilada nas axencias, destacando como coordinador técnico José Anto-

nio Yglesias Prieto († 08/07/1995), especialista na materia na provincia de Ourense e con amplos coñecementos da viticultura galega, adquiridos nas súas etapas como axente de Extensión Agraria nas axencias do Barco de Valdeorras e Ribadavia, e posteriormente como especialista de apoio na materia ás axencias.

Na presentación do libro que recolle o plan, o entón conselleiro de Agricultura, Fernando Garrido Valenzuela, escribe o seguinte:

“O Programa de calidade dos viños galegos nace coa pretensión de ser un instrumento para que dentro de cada orzamento anual da Xunta se consideren as asignacións de fondos precisos para a súa execución. Neste sentido configúrase como un auténtico programa de desenvolvemento, do que a faceta orzamentaria non sería máis que unha concreción anual dunha formulación global a medio e longo prazo. Pero, por riba de todo, o programa aspira a ofrecer solucións viables para a modernización da nosa vitivinicultura. Desde esta perspectiva, debe considerarse que todos os obxectivos e medios teñen mero carácter indicativo e que, por isto, son esencialmente revisables en beneficio dunha maior garantía para acadalos obxectivos esenciais do programa.

O sector vitivinícola galego presenta na actualidade graves deficiencias que se explican polas súas imperfectas estruturas de produción, industrialización e comercialización.

O diagnóstico actual é certamente preocupante, como se deduce dos datos desta publicación. Así encontraremos, entre outros aspectos, cunha importante presenza de híbridos produtores directos, utilización inadecuada de portaenxertos e cepas, esaxerada porcentaxe de variedades viníferas de escasa calidade e utilización de procedementos, en xeral inadecuados, para a industrialización e comercialización dos produtos, principais e secundarios, dos viñedos de Galicia.

Pero a situación agrávase se comprobamos que o proceso de crise de abandono do viñedo galego se agudizou nos últimos decenios, ao tempo que a idade media desta non cesou de aumentar.

Agora ben, xunto con esta visión pesimista -que entendemos reflicten os datos achegados polos expertos e as estadísticas-, a realidade recolle á vez razoables expectativas para un futuro mellor. Ese

futuro que debe converterse entre todos -sectores económico-sociais e administracións públicas- debe ter como norte a elevación da calidade media dos nosos viños e, en definitiva, o aumento da renda do importante continxente de galegos que teñen na vitivinicultura o seu medio de vida.

Pero o conseguir tales obxectivos debe partir polo menos das seguintes bases:

- a) *É impensable promover un aumento da calidade dos viños galegos sen que á vez se fomente o da calidade da materia prima.*
- b) *O fomento da calidade da uva debe orientarse cara a variedades autóctonas que garantan a identidade, personalidade e calidade dos nosos caldos, que ademais, deberán estar en liña coas esixencias do mercado no ámbito de competitividade que se aveciña tras a adhesión de España ás comunidades europeas.*
- c) *Aínda con boas uvas se poden producir viños malos ou mediocres; de aí a necesidade de alentar as melloras precisas nos métodos de elaboración.*
- d) *Aínda conseguindo viños de calidade, os problemas de venda non quedarían resoltos de non mellorar e potenciar os procedementos de comercialización existentes.*
- e) *Carecerá de sentido o anteriormente exposto sen a existencia de liñas de investigación que contemplan o sector dende a produción ata o consumo.*
- f) *Finalmente, non resultará operativo ningún plan de mellora sen a presenza activa neste dos distintos intereses que conflúen no sector.*

O Programa de calidade dos viños galegos construíuse a partir desas bases e coa filosofía dunha programación flexible, dinámica e realista.

Os obxectivos xerais do programa, que no plano técnico e en última instancia significan a total reestruturación e reconversión da viticultura galega, esixirán un especial esforzo nos próximos quince anos. Esforzo non só financeiro para a nosa Comunidade Autónoma, senón esforzo de coordinación e comunicación entre as administracións públicas, organismos e entidades cunhas actuacións ou liñas de fomento que converxan no

sector. Será preciso ao respecto superar reticencias ou personalismos en beneficio dun mellor e máis amplo aproveitamento das potencialidades da vitivinicultura galega, superando os estrangulamentos que impiden o seu desenvolvemento.

Cremos que, á marxe da bondade intrínscica do programa -cuestión evidentemente discutible-, a existencia de tan importante documento e o propio procedemento da súa elaboración son de seu aspectos valiosos, tanto polo esforzo que significan coma polo emprego dunha metodoloxía integral na consideración dos problemas tratados.

Coa esperanza de que este programa sexa unha guía para actuacións futuras que sirvan para rescatar a nosa vitivinicultura para a modernidade, preséntanse a consideración do sector as liñas mestras que a Consellería de Agricultura prevé levar a cabo nos próximos anos, que se estiman esenciais para o futuro da vitivinicultura galega."

Transcribimos case integro, polo seu interese de síntese na descrición da situación, a presentación realizada polo conselleiro. Faltoulle dicir, quizais, que se trataba dun dos poucos programas realizados de abaixo arriba, a partir do coñecemento do subsector adquirido por uns técnicos que compartiran durante moitos anos as súas inquiredanzas cos vitivinicultores galegos, observando como facían e aprendendo deles para proporlles as solucións ao cambio imprescindible.

O cultivo da vide ocupaba en Galicia no momento de redacción do plan unha superficie de 33.014 ha en produción, das que só 900 ha eran de viñedos novos cunha idade inferior aos tres anos. A repartición por provincias do viñado vello era a seguinte: 1.467 ha á da Coruña, 2.965 ha á de Lugo, 17.257 ha á de Ourense e 10.425 ha á de Pontevedra; correspondendo a esta última 810 ha das plantacións novas, mentres que na de Ourense só existían 78 ha e na de Lugo 12 ha.

A superficie de vide representaba o 1,22% da superficie xeográfica e o 6% da labrada, sendo tan só superada polas dedicadas aos cultivos de millo (22% da superficie labrada), patacas (14,10%), fabas (12,60%) e centeo (8,30%).

A evolución ata aquel momento da superficie de viñado pode resumirse sinalando que antes de 1850 había en Galicia máis de 57.000 ha; que

en 1889 xa estaban reducidas á metade, 28.089 ha en concreto, polos ataques de mildio, oídio e filoxera; que en 196 xa se recuperaran parcialmente ata as 38.045 ha; e que a partir desa data se perderon algo máis de 5.000 ha.

Cando se redacta o plan, o 44,30% dos viñedos tiñan unha idade superior aos 35 anos, sendo moi variable por provincias, pois mentres na de Pontevedra só o 11,70% supera os 35 anos, na da Coruña chega ao 37%, sendo moi elevada a porcentaxe nas de Ourense e Lugo, 66% e 79% respectivamente. Este feito, unido ao escaso coidado das plantas novas, aconsella unha progresiva replantación.

Con respecto ao grao de parcelamento, o plan sinalaba que existían 1.002.310 parcelas, das que o 94,99% tiñan unha superficie inferior a 0,1 ha, o que puña en evidencia a grave dificultade dunha mínima mecanización.

Outro tanto pasaba co minifundismo, pois dos aproximadamente 70.000 propietarios de viñado, 41.000 (o 58,50%) tiñan ata 0,20 ha (viñedos basicamente para autoconsumo), 10.650 (o 15,20%) entre 0,20 e 0,50 ha (autoconsumo con produción parcial para o mercado), 13.450 (o 19,10%) entre 0,50 e 1 ha, e tan só 5.050 (o 7,20%) máis de 1 ha (produción con destino á venda).

A situación reflectida no plan variou a día de hoxe de forma significativa. A maioría dos obxectivos establecidos por cada unha das comarcas vitícolas de Galicia, de diversa índole, pois abarcaban a definición e recomendación de variedades e portaenxertos, a reestruturación e reconversión do viñado, o establecemento de liñas de investigación, a formación profesional e a renovación da industria transformadora e das canles de comercialización, cumpríronse e mesmo se superaron, incluída a creación da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA). Calquera que bote hoxe unha ollada ao plan pareceralle sorprendente o logrado en tan pouco tempo, cando moitos estaban a pensar entón, no seu inicio, que Galicia perdera o carro da modernización da súa vitivinicultura.



Plantacións mecanizadas de viñado en ladeira na DO Ribeiro. (Autor: José M. Pérez)

Os axentes de Extensión Agraria das comarcas vitícolas tiveron un especial protagonismo neste cambio xunto cos agricultores, pois, non regatearon esforzos para prepararse eles primeiro a través de cursos, transvase de experiencias en campos de demostración, creación de grupos de traballo por áreas de traballo e un longo etcétera, para transmitir logo os coñecementos e técnicas necesarias para a transformación. Este foi un dos temas en que os axentes mostraron maior interese, incluso algúns con destinos en comarcas non vitícolas, quizais levados por un desexo escondido no seu subconsciente, para non ter que degustar nunca máis, como tantas veces

fixeron, os intragables viños ofrecidos en moitas das adegas, xenerosamente e amablemente iso si, e por enriba ter que escoitar invariablemente, que o viño era bo e natural, cando moitas veces estaba picado ou dado a volta, con olores profundos das sempiternas e pouco coidadas as pipas, tendo que facer verdadeiros esforzos para tragalos e non cuspielos.

Neste labor hai que destacar, a parte do xa mencionado José Antonio Yglesias Prieto, que foi tamén o primeiro director da EVEGA, e polo tanto quen a puxo en marcha aínda que sen nomeamento oficial por non terse aprobado oficialmente a súa estrutura orgánica, aos seguintes axentes de Extensión Agraria:

Horacio Fernández Presa, xa xubilado, que recibiu no ano 1999 a Medalla de Bronce de Galicia en recoñecemento ao seu labor na recuperación da variedade Godello a través do programa REVIVAL (Reestruturación Viñedo Valdeorras), e José Luis Bartolomé Lozano, ambos os dous destinados na Axencia do Barco de Valdeorras.

José Pedraza Montero e Manuel Alfonso Losada Quiroga, na Axencia da Rúa, o primeiro trasladado máis tarde a Guadalaxara, e o segundo posteriormente técnico na EVEGA.

Cástor Gago Álvarez, na Axencia de Verín, que posteriormente, durante os anos 1997-2000, ostentou o cargo de conselleiro de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria.

Francisco José Rego Martínez e Xosé Carballido Presa, ambos os dous na Axencia de Ribadavia e posteriormente como técnico na EVEGA o primeiro deles, ocupando o segundo, cando se redacta este libro, o cargo de director xeral de Estruturas, e Infraestruturas Agrarias da Consellería do Medio Rural.

José Fernández Paz e José Luis Hernáez Mañas, axentes de Extensión Agraria no Porriño, o primeiro xa xubilado, ocupando o segundo posteriormente a dirección da Escola de Capacidades Agrícolas da Deputación Provincial de Ourense durante moitos anos e, xa como pertencente á escala técnica do SEA, a da EVEGA, posto no que permaneceu dende 1988, baixo o goberno tripartito da Xunta de Galicia, sendo conselleiro de Agricultura Francisco Sineiro García, ata 2001, cando a Consellería de Política Agroali-

mentaria e Desenvolvemento Rural é dirixida por Juan Miguel Diz Guedes.

Baltasar Cases Sancho e Julián Benítez Villanueva, especialistas do SEA na materia na provincia de Pontevedra, marchando posteriormente o primeiro para a súa terra do país valenciano e responsabilizándose o segundo da dirección da que en primeiro lugar se denominou Subestación Enolóxica do Salnés, situada en Leiro-Ribadumia (Pontevedra), e que finalmente se converteu en Estación Experimental de Viticultura e Enoloxía.

José Pérez Varela, na Axencia do Rosal durante moitos anos, con grande recoñecemento dos agricultores da comarca polo meritorio labor realizado neste e outros campos de traballo, hoxe en día xa xubilado.

Julián del Caño Abad, na Axencia de Sanxenxo, tamén durante moitos anos e xa xubilado, que publicou en 1983 un folleto, estilo folla divulgadora das tradicionais do SEA, sobre o cultivo e elaboración da variedade Albariño, resumo das recomendacións prácticas máis aconsellables para os vitivinicultores do Salnés, que resultou de grande aceptación e utilidade, e que en 1990 completou co seu libro *O Albariño. A uva e o viño*, publicado ao seguinte ano pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, cando o seu titular era José Manuel Romay Beccaría.



Viñedos reestruturados e adega en construción na DO Monterrei. (Autor José M. Pérez)

Terminamos esta relación, que non pretende ser exhaustiva porque sería moi longa, razón pola que só se mencionan os principais impulsores do cambio vitivinícola galego dende o traballo de Extensión, recoñecendo tamén a contribución nesta tarefa, porque sería inxusto non facelo, aos supervisores provinciais, máis tarde na

autonomía denominados xefes provinciais do Servizo de Extensión e Capacitación Agraria, Amador Rodríguez Troncoso, que foi posteriormente, antes das transferencias de competencias á Comunidade Autónoma, o último rexedor de actividades (xefe rexional) do SEA en Galicia, José Vázquez Álvarez († 1994), Antonio Rama Facal († 2007) e Alfonso Ruano Prieto, os catro na provincia de Pontevedra, así como a José Mariano Pérez Fernández na de Ourense, que foi posteriormente director xeral de Desenvolvemento Rural durante a época como conselleiro de Cástor Gago Álvarez; a todos eles, polo seu incansable labor de coordinación dos grupos de traballo por áreas e da formación ofertada tanto axentes coma os agricultores, así como polo seu irredutible empeño en que se programaran e avaliaran todo tipo de actuacións seguindo a metodoloxía de Extensión Agraria, partindo de obxectivos reais establecidos cos agricultores de cada comarca.



Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia situada en Ponte San Clodio-Leiro (Ourense). (Autor: José M. Pérez)


Segundo datos das *Contas Económicas da Agricultura do ano 2003* e do *Anuario de Estatística Agraria de 2004*, publicacións editadas pola Consellería do Medio Rural, a achega da actividade vitivinícola ao conxunto do subsector agrícola foi de case 201 millóns de €, representando o 27,46%, a de maior porcentaxe, por enriba das correspondentes ás hortalizas (126 millóns), pataca (98 millóns) e pastos e prados naturais (95 millóns), que lle seguen en orde decrecente; e o viño contribúe co 10,58% ao conxunto da produción final agraria de Galicia, alcanzando a máxima importancia na provincia de Pontevedra, cunha achega do 58,60% do valor total, sendo a segunda actividade agraria en importancia tanto nesta provincia coma na de Ourense.

Estamos na actualidade ante unha actividade que xera emprego e riqueza, cunhas 32.637 hectáreas que están en man de 227.000 propietarios, chegando a produción de viño amparado polas cinco denominacións de orixe existentes a 32 millóns de litros.

Independentemente da grande reestruturación habida con castes autóctonas e nos sistemas de plantación, coa conseguinte mellora da calidade e diferenciación dos viños galegos, produciuse un incremento da superficie media das parcelas, contribuíndo ao incremento da rendibilidade do cultivo.

Pero se cabe aínda máis significativo foi o cambio experimentado na industria transformadora. Existen na actualidade unhas 630 adegas en Galicia, das que 460 pertencen a algunha denominación de orixe. O seu nivel tecnolóxico é comparable ao das zonas vinícolas máis avanzadas do resto do Estado.





Adega SAT Godeval instalada no mosteiro de Xagoaza, no Barco de Valdeorras-Ourense. (Autor. José M. Pérez)

No eido da comercialización estase a vivir un momento transcendental, pois a pesar das dificultades para competir nun mercado cada día máis globalizado, os viños galegos, fundamentalmente os acollidos á denominación, están a conseguir incrementar as súas vendas no conxunto do Estado.

Podemos concluír que na actualidade o sector vitivinícola ten en Galicia unha grande importancia estratéxica e económica e que o labor realizado por Extensión Agraria resultou determinante para a transformación que experimentou en tan pouco período de tempo.

A metodoloxía no SEA

Consideracións de tipo xeral

Os métodos de traballo empregados para a aplicación dos programas determinados polo SEA formaron un conxunto de ferramentas indispensables para a consecución dos obxectivos establecidos, entre eles o fundamental lograr que a poboación rural puidese ver, oír e facer aquilo que debía aprender.

É coñecido que a xente aprende a través dos sentidos, fundamentalmente dos da vista e oído, e tamén accionando, é dicir participando, actuando e experimentando na súa propia aprendizaxe. É imprescindible, por outra banda, ter interese e confiar plenamente na persoa que ensina. Premisas todas elas que debe ter presente o ensinante.

Os traballadores de Extensión recibían durante os seus cursos de formación unha importante preparación para discernir en cada situación

o método ou conxunto de métodos que debían empregar, así como o adestramento para preparalos e desenvolveselos, sempre centrada na idea de lograr captar a atención, despertar o interese e crear o desexo de pasar á acción os agricultores e as súas familias; todo isto íase conseguir da forma máis sinxela e comprensible posible.

O éxito do programa educativo de Extensión dependeu sen dúbida da utilización dun conxunto numeroso de métodos, tal e como aconsellaba a experiencia existente na materia, pois, segundo se explicaba nos cursos de formación de axentes, os cambios de conduta nos agricultores aumentaban en proporción ao número diferente de métodos de ensinanza con que recibían a información. Estaba claro que había que chegar á poboación por varios métodos para lograr os resultados perseguidos.

Outro aspecto que había que ter en conta para a elección dos métodos máis acertados no traballo de Extensión foi o de facilitar aos agricultores e amas de casa o coñecemento dos axentes e a súa misión; é dicir, decantándose polos de maior contacto persoal, motivo polo que nun principio os máis recomendados e utilizados foron as reunións con pequenos grupos, as demostracións de resultado e as visitas a leiras e fogar, métodos que, por outra banda, permitían tamén aos axentes coñecer aos destinatarios da súa actuación e os seus problemas.

Segundo avanza o labor de Extensión, os métodos diversifícanse, sen esquecer nunca os que poderíamos considerar como individuais, que sempre foron básicos no traballo, tomando importancia os dirixidos a grupos ou a masas, co obxecto de lograr chegar á maior parte da poboación posible, aínda que sempre se procura empregarlos, en cada un dos obxectivos, conforme a súa necesidade e da forma combinada conveniente. Os mellores traballos de Extensión foron sen dúbida aqueles nos que se empregou unha cadea de métodos.

Os métodos de traballo máis empregados por Extensión Agraria en Galicia foron os seguintes:

- Individuais: visitas á oficina, a leiras e fogar, e a correspondencia persoal.
- De grupo: demostración de método, demostración de resultados, reunións, cursos e viaxes colectivas.

- De masas: follas divulgadoras, fichas técnicas, cartas circulares, campañas, prensa e radio.

Algúns dos métodos de traballo, como as demostracións de resultados, as campañas e os cursos, comprendían á súa vez varios métodos. Así unha demostración de resultados podía levar consigo, por exemplo, a realización de varias demostracións de método e a divulgación dos resultados conseguidos a todos os posibles interesados mediante follas divulgadoras, fichas técnicas, prensa e radio. As campañas estaban circunscritas a actuacións xenéricas para promover cambios colectivos, como puideron ser as realizadas durante varios anos pola maioría das axencias de Galicia, mediante a utilización de varios métodos, para a introdución dos millos híbridos, as pradeiras artificiais ou a semente certificada da pataca. Os cursos, obviamente, impartíanse fundamentalmente cos métodos de reunións, demostracións de método e visitas colectivas.

De seguido, para rematar este capítulo, comentamos, sen a pretensión de facer un estudo detallado de cada un deles, as características e peculiaridades dos métodos de grupo e dos individuais, agás das cartas persoais, por consideralos, para os efectos do exposto neste libro, que ten que ver coa actuación do SEA en Galicia, os máis significativos dos que habitualmente se empregaron.



Luis Llorente Llorente, nos seus tempos de axente de Extensión Agraria en Verín (Ourense) nunha visita e unha charla. (Fotos cedidas por Lucila Presa, viúva de Luis Llorente)

A reunión

O método da reunión foi utilizado, con independencia do seu emprego nos cursos, para todo tipo de asuntos xerais, pero fundamentalmente para tratar e analizar os problemas de índole comunitaria; é dicir os relacionados co desenvolvemento comunitario, asociacionismo e cooperación, ben nun principio cos grupos ou comisións promotoras, ben con toda a comunidade ou grupo de agricultores afectados, para discutir e tomar decisións que permitisen pasar á acción.

As reunións sempre eran preparadas concienzudamente, tendo en conta as ensinanzas ao respecto recibidas nos cursos de formación sobre o proceso xeral para a comunicación e a resposta dos individuos aos estímulos, facendo un guión do seu desenvolvemento nas distintas fases de presentación, exposición-motivación, análise do problema discutido e das súas posibles solucións, coloquio e resumo do tratado e acordado, se era o caso, sendo apoiadas moitas veces con axudas confeccionadas ou preparadas en carteis, franelógrafo, magnetógrafo, diapositivas, retroproyector ou coa proxección de láminas co epidiáscopo, e tamén con películas que tiñan relación co tema tratado, por aquilo de que as axudas visuais son imprescindibles para a aprendizaxe, pois só se aprende o 10% do que se escoita e, pola contra, con comunicación visual, a porcentaxe chega ata o 75%, segundo se repetía polos expertos en comunicación que interviñan nos citados cursos.

Outra das axudas empregadas nas reunións eran, sempre que se podía, os obxectos reais, pois permitían demostrar, palpar e ver para o que servían, utilizándose, cando eran grandes ou

moi pequenos, maquetas reproducidas a escala, como se fixo moitas veces, por exemplo, cos novos sistemas de estabulación do gando vacún.

O primeiro que se tiña presente era a mensaxe que se ía transmitir; é dicir, o que se quería dicir en función dos intereses do auditorio. O segundo máis importante era o coñecemento da materia que se ía tratar, con detalles de experiencias. Despois había que estudar, aprender e practicar sobre o bosquexo da charla, a poder ser en presenza de alguén. Chegado o momento, as recomendacións recibidas dicían que había que:

- saber o que dicir;
- saber como dicilo;
- coñecer ao receptor;
- dicirlle ao auditorio o que hai que facer, as súas vantaxes, como facelo e as súas dificultades;
- facelo no menor tempo posible, pero non inferior ao necesario;
- conseguir gañar o auditorio, poñelo da nosa parte, non contrariándoo;
- falar como se nos dirixíramos a determinados individuos do auditorio;
- ser entusiasta durante a charla, pois resulta contaxioso;
- mostrarse natural, como se se estivese na casa, con xestos espontáneos, coas mans sempre fóra dos petos e sen apoiarse na mesa;
- mirar o auditorio de fronte;
- intentar unha boa calidade de voz e moderar a súa velocidade;
- sorrir durante a exposición;
- non ser petulante e dar unha conferencia, falar como se o estivésemos a facer con amigos, sen ton de superioridade, pero sen achicarse;
- citar exemplos locais en referencia ao asunto tratado;
- estar seguro dos datos proporcionados e que estes sexan específicos e concretos;

- propiciar o coloquio, repetindo sempre as preguntas formuladas, para que todos atendan e saiban sobre o que se interroga;
- dar as grazas a todos os que falen, para que teñan unha satisfacción;
- rematar sempre a intervención con conclusións que induzan á actuación; e
- axudar, se é o caso, a decidir, a que os asistentes tomen a súa propia decisión.

O propósito da reunión determinaba esencialmente o seu tipo e as características e consideracións que cumpría ter en conta no seu desenvolvemento, ben fose de carácter xeral, con comunidades, foro de discusión, simposio, mesa redonda ou seminario.



Lendo o cartel que anuncia unha reunión sobre millo híbrido en Vilaza-Monterrei (Ourense), comarca da Axencia de Verín, no ano 1959. (Foto do arquivo da Axencia)

A demostración de método

As demostracións foron un dos métodos de Extensión máis efectivos na súa ensinanza, pois, entre outras vantaxes, aproveitaban o estímulo da imitación directa, ofrecendo a oportunidade de utilizar todos os sentidos, pois permitían ver, cheirar, tocar e incluso degustar, nalgúns casos, aquilo que se estaba a facer.

A demostración das prácticas recomendadas contribuíron, sen dúbida, ao apoio dos primeiros progresos do traballo de Extensión, pois propuñan o coñecemento das xa probadas e experimentadas.

As demostracións, para ser máis efectivas, realizábanse case sempre cos medios de que dispoñían os agricultores ou con elementos que puidesen estar ao seu alcance ou de fácil adquisición

e utilización por eles, facéndoas no seu propio medio e adaptadas ás súas necesidades.

Segundo José Mas Candela, experto extensionista en materia de comunicación, a demostración resultaba decisiva no traballo de Extensión, ata o extremo de que os axentes de Extensión Agraria tiñan que ter constantemente presente na mente, non na boca, a frase habitualmente empregada como argumento decisivo cando dúas persoas discuten tratando de convencer aos demais de algo, a de “e ademais demóstrollelo cando queiran”, pois para convencer das vantaxes do que ensinan aos agricultores teñen que empregar a cotío o método da demostración.

As demostracións de método sempre abordaban a ensinanza práctica dunha técnica agraria ou doutro tipo específica. Foi moi empregada en Galicia na mellora de sistemas de sementeira de pratenses, conservación de forraxes, plantación e poda de froiteiras, construción de alcoves, túneles e invernadoiros baixo plástico, e para a implantación doutras numerosas técnicas en cultivos hortícolas. Tamén na mellora da alimentación das familias e na conservación de alimentos producidos para o seu consumo fóra de época. Os axentes, cando se trataba de técnicas descoñecidas, ou que supoñían o manexo de máquinas e equipos, eran previamente adestrados e asistían a demostracións realizadas por expertos, para logo podelas repetir con coñecemento e seguridade nas súas respectivas comarcas. Foi o caso da primeira máquina picadora de forraxe e de moenda de todo tipo de grans que se trataba de introducir na comarca de Verín, aparello sobre o que non se tiña moito coñecemento do seu funcionamento e que era dun custo elevado para as economías agrarias daquel entón, pois, con todos os seus accesorios, incluído o seu motor de 3 C.V., custaba 7.750 pesetas, tendo un rendemento de 500 kg/hora para a forraxe e de 125 kg/hora na súa utilización para a moenda de grans, cuxo funcionamento foi demostrado previamente en presenza da maioría dos axentes de Extensión Agraria da provincia de Ourense.

As demostracións de método debían prepararse antes da súa realización, tendo en conta os seguintes pasos:

- Determinar a capacidade ou habilidade que se necesita e o tempo necesario para a adquisición da destreza.



Fotografías da demostración de funcionamento, ante os axentes de Extensión Agraria, da máquina comentada.
(Fotos cedidas por Lucila Presa)

- Facer unha lista dos pasos que había que seguir, remarcando os puntos clave nos que sería necesario efectuar un maior esforzo para captar a atención dos asistentes.
- Dispoñer e revisar o funcionamento dos equipos e materiais necesarios.
- Elixir adecuadamente o lugar de execución.

Ao inicio e durante o desenvolvemento da demostración o axente debía ter presente, ademais:

- Colocar os asistentes na posición máis adecuada para o seu seguimento.

- Determinar o grao de coñecemento con respecto á práctica dos asistentes.
- Interesalos na aprendizaxe, insistindo nos puntos clave, preguntando e poñendo exemplos que poidan interpretar facilmente.
- Dar as instrucións de forma clara, concreta e completa, seguindo, punto por punto, a orde lóxica do proceder.
- Dar a oportunidade aos asistentes de repetir a práctica e comentala ao resto, preguntándolles antes de decidir cada paso, e corrixíndolles os erros no caso de ser necesario.



Demostracións de construción dun alcove e dun invernadoiro. (Fotos do arquivo da Axencia de Verín)



Na fotos anteriores poden observarse distintas escenas de varias demostracións de poda.(Fotos do arquivo da Axencia de Verín)

A demostración de resultado

A demostración de resultados é un método de ensinanza baseado na aplicación práctica dun feito establecido ou dun conxunto de feitos relacionados entre si, que Extensión Agraria empregou para probar os resultados que se podían conseguir na adopción de novas prácticas agrícolas ou de fogar, probando por medio da comparación o seu valor en relación ás habitualmente empregadas.



Campo de demostración sobre o cultivo do liño na Limia. Recollida controlada para o rexistro de datos de produción.
(Foto cedida por Guillermo Budiño)

Sempre se trataba da introdución de prácticas que puidesen resolver problemas das explotacións ou fogares e que xa estivesen contrastadas en canto á súa utilidade e posibilidade de aplicación no medio; é dicir, carentes de carácter experimental.

Para a aplicación deste método resultaba esencial a selección do colaborador en cuxa explotación ou fogar se podía efectuar a demostración, que debía ser consciente da responsabilidade contraída para levar a bo éxito a demostración e os efectos que se buscaban causar na comunidade, para o cal tamén era preciso que se tratase dunha persoa de respecto e consideración entre os seus veciños.

Pero non bastaba cunha boa elección do colaborador, pois tiñan que terse presente outras moitas premisas para conseguir un bo resultado coa aplicación deste método, tales como:

- Elixir unha localidade onde existise o problema cuxa solución práctica se demostrase solucionable cunha demostración deste tipo.
- Dispor dunha leira, unha instalación ou un fogar con fácil de acceso para as persoas interesadas, de características similares ás predominantes na zona.
- Realizar unha boa planificación do método, que permitise a comparación de resultados coas prácticas normalmente realizadas polo colaborador.
- Levar os controis e anotacións pertinentes durante todo o proceso, preparando previamente o colaborador para este labor.

- Efectuar un seguimento puntual durante todo o tempo de duración.
- Deseñar un plan da utilización con fins educativos da demostración, con determinación do número de reunións, publicidade, axudas, día de campo, visitas colectivas e cartas circulares para dar a coñecer os resultados obtidos.

O método da demostración de resultados utilizouse en Galicia polo SEA fundamentalmente para a introdución de novas técnicas e cultivos, de variedades máis produtivas ou de ciclos máis adaptados ás características de cada comarca, así como para a divulgación de novos sistemas de explotación e manexo de gando, ou, no caso do traballo coas familias, na elaboración e conservación de produtos da explotación para a diversificación da alimentación.

As demostracións máis xeneralizadas tiveron que ver coa introdución do millo híbrido e forraxeiras e pratenses, sistemas de plantación e formación de froiteiras e vide, técnicas de forzado e semiforzado de cultivos hortícolas, utilización de pataca certificada de sementeira e sistemas de estabulación de gando vacún, aspectos que se foron diversificando e especializando no transcorrer do tempo, segundo foi aumentando a cualificación profesional dos agricultores e gandeiros, evolucionando á demostración de técnicas específicas como, por exemplo, as de alimentación, manexo e reprodución do gando.

O curso

Extensión Agraria entendeu o curso como o método educativo integrado por un conxunto de actividades realizadas de forma intensiva e durante un período máis ou menos longo de tempo cun grupo de persoas con intereses comúns e recursos similares, encamiñadas á resolución dun problema sentido.

O curso, un conxunto de métodos, pois non debía constituír un fin en si mesmo, senón servir sempre, como método de traballo, á consecución dun obxectivo concreto e establecido non plan anual de traballo das axencias, abordando e tratando un tema concreto relacionado cun problema do grupo de alumnos aos que se dirixía.



Desenvolvemento dun curso impartido pola Axencia de Verín (Ourense) nos inicios de Extensión Agraria. (Foto do arquivo da Axencia)

Os cursos impartidos polo SEA presentaban un aspecto de capacitación ou adestramento e outro de análise de situacións e problemas dos participantes, e a súa utilidade e eficacia estivo sempre ligada ao seu grao de sentimento do problema tratado.

Podemos dicir que o curso como método de Extensión naceu da necesidade de dar resposta á demanda dunha atención especial a un grupo de persoas, detectadas noutras actividades desenvolvidas pola Axencia nun determinado proxecto de traballo, para analizar con maior detalle unha situación concreta do seu fogar ou explotación, normalmente relacionada coa capacitación profesional, a mellora do traballo, o maior rendemento da explotación, novas técnicas, etc., posibles de solucionar nun prazo determinado e cun resultado de mellora económica en moitos casos para elas.



Visita realizada cos alumnos dun curso sobre gando ovino-caprino organizado pola Axencia de Xinzo de Limia (Ourense) ao mercado de Benavente (Zamora). (Autor: José M. Pérez)

O método foi moi utilizado nas primeiras épocas de Extensión en Galicia, cando apenas era empregado por outras institucións e a asistencia respondía aos verdadeiros intereses dos asistentes, sufrindo un decaemento cando este recurso formativo se xeneraliza noutros organismos, na década dos setenta, para propiciar a formación de parados ou a reconversión de agricultores a outros sectores produtivos, nos que, simplemente pola asistencia, recibían unha compensación económica a título individual, significativa nalgúns casos. Extensión Agraria, que non compite nesa liña, ve reducida a presenza de agricultores aos seus cursos e, consecuentemente, reduce a aplicación do método, chegando a pensar algúns axentes que será difícil recuperalo sen incentivos de carácter económico, pero, ben sexa porque se produce un grande salto na reconversión do sector agrario, ben porque os agricultores e familias que quedan no sector senten a necesidade de prepararse e adaptarse aos novos coñecementos e tecnoloxías. Na década dos anos oitenta rexorde potenciada a demanda de asistencia, sobre todo para dar resposta á incorporación de mozos á agricultura, e as aulas de Extensión na que se desenvolven os cursos énchense de novo de xente con este método, pero non só mozos, senón tamén adultos que desexan actualizar os seus coñecementos, e mulleres que se mostran interesadas en case todo o que teña que ver coa súa formación e participación na sociedade.

Para a preparación e bo resultado deste método o persoal das axencias de Extensión Agraria debía ter en conta os seguintes aspectos:

- Participación do maior número de membros da Axencia, repartíndose as tarefas de acordo coas experiencias de cada un.
- Estudar detalladamente o problema que se vai abordar e o grao de interese dos afectados, determinándoos con claridade.
- Elección acertada da época e duración, tendo en conta as necesidades dos posibles alumnos e o programa de traballo da Axencia.
- Sondar anticipadamente entre os posibles asistentes o seu interese en relación co tema do curso e os seus puntos de vista sobre os aspectos que se van tratar.
- Elaborar o temario dos asuntos que se van tratar, tendo presente facelo cunha orde

lóxica, respondendo ás necesidades das persoas e adaptado ás súas posibilidades económicas, á coordinación de todas as actividades previstas, que sexa sinxelo e fundamentalmente aplicable, para lograr a maior participación posible dos asistentes, que non desanime pola súa duración nin pola multiplicidade dos seus temas, e que, debidamente distribuídas, inclúa demostracións prácticas.

- Preparar adecuadamente os materiais que se van empregar, incluídos os medios audiovisuais, e, no caso de non dispor deles, solicitalos coa debida antelación ás unidades superiores.
- Igualmente, para as publicacións a distribuír.
- Solicitar a asistencia necesaria dos técnicos e especialistas do SEA.
- Preparar as referencias a experiencias existentes na comarca sobre o tema que se vai tratar.
- Elección e coordinación coas persoas que actúen como colaboradores non pertencentes ao cadro de persoal da Axencia (técnicos e especialistas do propio SEA, persoal doutros organismos oficiais, técnicos de casas comerciais e expertos e agricultores de prestixio).
- Programación de visitas e excursións.
- Selección dos futuros asistentes conforme os criterios preestablecidos, tales como: interese demostrado, homoxeneidade con respecto ao resto dos alumnos (problemas comúns, recursos, nivel cultural, coñecementos técnicos, idade, etc.) e capacidade de transmisión dos coñecementos adquiridos ou das solucións propostas.
- Divulgar o máis amplamente a súa convocatoria mediante reunións previas, visitas e contactos persoais, carteis anunciadores, cartas circulares, etc.
- Conseguir a participación dos asistentes nas actividades programadas.
- Efectuar unha adecuada avaliación, única forma de mellorar no sucesivo a aplicación deste método, tanto como recurso educativo para a finalidade perseguida coma dos resultados obtidos.

As viaxes colectivas

As viaxes colectivas organizadas cos agricultores, amas de casa e mozos, foron outro dos métodos empregados por Extensión Agraria durante todo o seu período de vixencia, que se foi incrementando no transcurso do tempo, tal e como foi crescendo a inquietude da poboación rural galega por coñecer outras realidades distintas ás súas e a maneira de acometer os problemas das explotacións noutras latitudes. Sen dúbida, facendo agora unha valoración deste método, podemos asegurar que foi un dos que máis contribuíu a cambiar a forma de pensar e, consecuentemente, as actitudes de moitos agricultores, non porque se decidiran a copiar exactamente o visto, senón porque moitos deles aprenderon nestas visitas que no exercicio da actividade agraria tiñan que ter presente outras moitas circunstancias que as que estaban acostumados a considerar; é dicir, a ter unha mente máis aberta e predisposta para realizar os cambios necesarios, pois todo era máis complexo do que inicialmente intuían e os competidores estaban, en moitas ocasións, máis preparados e organizados.

As viaxes colectivas tiñan sempre unha finalidade e obxectivos educativos, normalmente relacionados coa ensinanza de prácticas agrarias específicas, aínda que tamén ás veces con problemas das comunidades ou para coñecer realizacións de desenvolvemento rural. Consecuentemente, o seu itinerario tiña que establecerse de acordo co fin perseguido.

Este método foi moi utilizado como complemento doutros, cunha grande mobilización para a asistencia aos días de campo organizados polo propio Servizo ou por outros organismos ou entidades, como foron os casos da asistencia masiva aos organizados polo Centro de Investigacións Agrarias en Mabegondo e O Marco da Curra; a feiras e mercados gandeiros, como ocorreu por exemplo coas feiras de Vilagarcía de Arousa e a Semana Verde de Silleda, así como á lonxa de gando vacún desta última; a exhibicións e demostracións de maquinaria e campos de ensaio promovidas por empresas e casas comerciais; e visitas a accións relacionadas cos temas tratados nos cursos e reunións de todo tipo.

Como o resto dos métodos, o seu planeamento debía facerse meticulosamente, tendo en conta, entre outras as seguintes cuestións:

- Determinación concreta das visitas que se van realizar, previndo a duración das paradas, de tal forma que todos os asistentes poidan observar e recibir a información prevista en cada unha delas.
- Preparación, para a súa entrega a cada un dos membros do grupo, do programa e mapa do percorrido que se vai realizar.
- Identificación precisa dos medios de transporte, para que todo o mundo os poida identificar con facilidade.
- Determinación expresa dos puntos de encontro para o inicio e continuación da viaxe.
- Previsión para a manutención e aloxamento dos participantes, se fose necesario.
- Coordinación coas persoas que atenderán e explicarán o que se desexa ver, para que adapten a súa exposición ao obxectivo que se pretende, expoñéndoo no tempo limitado que se lles asigne.
- Preparación dos medios auxiliares de megafonía (altofalantes, megáfonos, etc.) necesarios para proporcionar explicacións, efectuar recomendacións ou transmitir informacións.
- Previsión nos días de campo, dos lugares apropiados de aparcamento, entretemento, dispoñibilidade de auga e servizos hixiénicos.

As visitas á oficina, leira e fogar


Estes métodos de contacto persoal foron os máis eficaces, como xa comentamos, dos empregados polo SEA e característicos da súa forma de relacionarse coa poboación rural, pois para chegar a coñecer os seus problemas era preciso escoitar unha ampla gama de puntos de vista. Foron os que contribuíron en maior medida ao recoñecemento do traballo de Extensión, pois xeneralizou a presenza dos axentes en calquera lugar das súas comarcas, sendo identificados con facilidade, ata tal extremo que os primeiros reproches formulados polos agricultores, cando as actividades burocráticas de oficina empezan a reducir o seu número de saídas, exprésanse sempre coa repetida frase de “agora xa non se lles ve tanto no campo coma antes”.

As visitas dos agricultores e amas de casa ás axencias supoñían, na maioría dos casos, cando non se trataba dunha consulta puntual, un primeiro contacto, que posteriormente determinaba unha cita na leira ou fogar, para observar ou comentar algún problema, ou a celebración dun contacto, demostración ou reunión cun grupo máis numeroso nunha localidade determinada. As visitas producíanse a cotío, pero tiñan a súa máxima expresión os días de feira e mercado na cabeceira da comarca, cando a presenza de agricultores era máis numerosa e aproveitaban os seus desprazamentos para a realización de todo tipo de xestións.

As visitas á leira e fogar debían prepararse e planearse, como o resto dos métodos, tendo en conta a posibilidade de establecer un itinerario que puidese dar satisfacción e resposta no mesmo día a varias familias na mesma ruta, co obxecto de abaratar o seu elevado custo. A súa preparación era moi importante, pois podían resultar determinantes para a obtención dun resultado positivo, así que se tiñan en conta os aspectos técnicos que se ían tratar e as circunstancias persoais das familias visitadas.

O extensionista nas visitas non deixaba de ter moi presente que era á vez un funcionario e un vendedor de ideas, cun prestixio e un obxectivo, e que para lograr este último tiña que actuar como mestre, pero sabendo escoitar sempre.

Cando o programa de incorporación de mozos se pon en marcha, o método da visita ás explotacións e ao fogar convértese en esencial para tratar, pais e fillos reunidos, os aspectos dos acordos de colaboración, e vencer moitas resistencias no relevo xeracional, así como para, posteriormente, facer un seguimento e análise da marcha do programa e resultados obtidos, converténdose esta faceta do traballo nunha das máis importantes do SEA en Galicia, posta en aplicación con intensidade xa dende principios da década dos anos oitenta.



(Fotos do arquivo da Axencia de Verín)

Capítulo XIV

**Dinamismo interno.
Asembleas rexionais**

A. Rodríguez Troncoso

Introdución a este capítulo

Extensión Agraria caracterizouse dende o primeiro momento por darlles aos funcionarios verdadeiro protagonismo, non só na programación e na execución do traballo, senón tamén na estruturación do seu funcionamento. Non esquezamos que o Servizo de Extensión Agrícola foi creado con carácter experimental e a título de ensaio.



Un gran amigo que se nos va: el doctor A. G. Apodaca, especialista norteamericano en Extensión.

Revista de Extensión Agraria nº 3 de decembro de 1961, páx. 27. O doutor Apodaca foi o importador da metodoloxía de Extensión americana en España e dos seus principios fundamentais.

Estas asembleas contribuíron a consolidar o Servizo de Extensión embrionario na súa propia traxectoria, sen ser arrastrado por tradicións viciadas que o desviasen do seu eficaz desenvolvemento. Como di o doutor Analecto G. Apodaca na entrevista publicada nas páxinas 26, 27, e 28 da Revista de Extensión Agraria nº 3 de decembro de 1961, a formación coidadosa dos primeiros axentes foi decisiva e fundamental para lle transmitir o verdadeiro espírito de Extensión ás sucesivas promocións, que “é a forza maior con que contou o Servizo para o seu feliz desenvolvemento”.

Na fotografía que antecede queda reflectida a súa capacidade docente: O contraste das caricaturas do cartel e os pasos para ensinar: “Captar la atención”, “Estimular el interés”, “Crear el deseo por la información”, “Formar la convicción de actuar”, “Producir satisfacción” e “Promover esa acción”.

Con data do 29 de maio de 1957, cando aínda estaban funcionando tan só as primeiras 20 axencias comarcais, a circular nº. 32, convocou

a “I Asamblea de los Agentes Comarcales del Servicio de Extensión Agrícola” para manter “un intercambio de ideas por los Agentes Comarcales entre si y con el Servicio Central”.

Esta primeira asemblea celebrouse en Madrid entre os días 10 a 14, ambos os dous incluídos, do mes de xuño de 1957.

Tratáronse os temas seguintes: 1º Administración; 2º Plans anuais de traballo; 3º Métodos de traballo; e 4º Relación con outras entidades e co persoal.

Foi obrigatorio o uso nesta asemblea do emblema de Extensión, que consistía nunha placa circular de metal con imperdible posterior, para colgar na parte dereita do peito (circular nº 13 do 17-11-1956), lixeiramente convexa pola parte anterior e visible, lacada en verde con resalte de herbas tamén verdes, destacando aínda máis a coroa real e as siglas SEA, todo entrelazado, do Servizo de Extensión Agrícola, e de 5,5 centímetros de diámetro.

Este emblema foi ideado, no curso de formación en internado, polo axente da primeira promoción José Mas Candela, que acabou sendo especialista de medios audiovisuais no Servizo Central, despois de desempeñar o cargo de xefe de Axencia e de axente de zona.

De acordo coas conclusións desta I asemblea, reguláronse pola circular nº 37, de data 10 de xullo de 1957, os conceptos seguintes: 1º, claves que se debían empregar nos escritos; 2º, envío de informes; 3º, envío de copia dos diarios das axencias; 4º, arquivo xeral; 5º, arquivo técnico; 6º, arquivo de consultas; 7º, biblioteca das axencias; 8º, informe estatístico mensual; 9º, informe anual; 10º, plan anual de traballo; 11º, desprazamentos; 12º, obras e adquisicións; 13º, envío de contas; e 14º, envío de fondos de funcionamento e de haberes ás axencias.

Durante os días 16 ao 21, incluídos ambos os dous, do mes de decembro de 1957, celebrouse, tamén en Madrid, a II “Asamblea de Agentes Comarcales del Servicio de Extensión Agrícola”.

Foron convocados a esta asemblea os axentes da 1ª e da 2ª promocións, que estaban á fronte das 44 axencias comarcais existentes naquel momento.



Emblema do Servizo de Extensión

Nesta II asemblea desenvolvéronse temas técnicos a cargo de persoas especializadas alleas ao Servizo, temas de carácter xeral abordados polo Servizo Central e temas máis específicos a cargo dos propios axentes.

Estes últimos, que testemuñan o protagonismo alcanzado polo persoal de base de Extensión, foron os seguintes:

- “Propósitos do Servizo de Extensión Agrícola”, por José Mas Candela.
- “Vantaxes da cooperación”, por José Vázquez Álvarez.
- “Labor desenvolvido na comarca”, por Manuel Mora Camacho.
- “Cultivo do champiñón”, por José Ángel Galarza San Millán e José María Ayala Delgado.
- “Mecanización agrícola”, por Plácido Pérez Gómez.
- “Plans anuais de traballo, por Francisco Hernández-Briz Vilanova.
- “Xuntas locais de extensión”, por Amador Rodríguez Troncoso.

Todos este axentes eran da primeira promoción, o que demostra que se tivo moi en conta a experiencia, fundamento progresivo do propio Servizo.

Os temas abordados nesta segunda asemblea, como se ve, de carácter técnico, metodolóxico e organizativo, foron sempre, e de maneira ininterrompida, as tres facetas de crecemento do Servizo de Extensión Agraria, dende o seu nacemento ata a súa desaparición.

Este criterio de intercambio de ideas e experiencias foi seguido polo Servizo de Extensión Agraria ata a súa desaparición.

Así, no ano 1962, celebráronse as seguintes asembleas rexionais en: Canarias, na Escola de Capataces Agrícolas das Palmas; zona centro, na Escola de Capataces de Talavera da Reina; rexión de Levante, na Escola de Capataces de Requena; Galicia e Cantabria, que se detalla máis adiante, na Escola de Capataces de Bastiagueiro; Castela a Vella, na Escola de San Rafael da Santa Espina; en Andalucía e Estremadura, na Escola de Capataces Sindicais Nosa Señora da Cabeza, en Marmolejo; e Aragón, Cataluña e Logroño, na Escola de Capataces de Caldas de Montbuy (Barcelona).

Primeira asemblea rexional

A finais dos anos 50 celebrouse na Escola de Bastiagueiro a primeira asemblea de axentes. Participaron os xefes das axencias de Negreira, Verín, Betanzos, Monforte de Lemos, Viana do Bolo, Xinzo de Limia, O Porriño, Caldas de Reis e Sarria. Non podemos asegurar nin descartar que participasen tamén algúns xefes das axencias de Asturias, Cantabria e o País Vasco porque non hai constancia escrita e baseámonos nas referencias encontradas na revista de Extensión Agraria, que relata a segunda asemblea.

Eran reunións onde se abordaban o estudo da comarca, o plan anual de traballo e o calendario mensual de actividades, así como a maneira de facer os informes que cada mes se enviaban ao Servizo Central de Madrid.

No ano 1961 non se fixo ningunha reunión de programación a nivel rexional porque durante este ano o inspector rexional, Francisco Barreiro Etchevers, con sede en Betanzos e con xurisdición sobre Galicia, Asturias, Cantabria e o País Vasco, permaneceu máis de sete meses en América. Estivo nun curso superior de supervisión cos axentes comarcais Julio Díez Sendino, Julián Caballero Paunero, Domingo Ramírez Velasco, Amador Rodríguez Troncoso e Antonio Fernández Cuevas. Este curso fíxose nas universidades de Río Pedras de Porto Rico, na de Stilwater de Oklahoma, no Ministerio Federal de Agricultura dos Estados Unidos de Washington, e co experto en avaliación, o doutor Frutchi, en Nova Iorque.

Os únicos solteiros eran Barreiro Etchevers e Ramírez de Velasco que, por certo, acabáronse casando con dúas colombianas que tamén participaban no curso de supervisión.

Faltoulle moi pouco para que o referido curso non acabase con auténticas estacadas entre nós no momento do regreso no aeroporto de Nova Iorque. A min, Amador, e aos demais, menos a Ramírez, que andaba ensimesmado coa súa noiva, ocorréusenos imprimir por uns centavos de dólar, nunha máquina dunha cafetería, unhas chapas douradas coa lenda “Amador Rodríguez Troncoso Supervisor In Extension Servis - Dr. Frutchi”. Ensinámosllas a Ramírez colocadas na solapa dicíndolle que nolas entregara o Dr. Frutchi. El mostrouse apesurado por non traer a súa para España e poder lucirse con ela ante as amizades. Previndo esta situación fixeramos outra co lema “Domingo Ramírez de Velasco Supervisor In Extensión Servis - ...(nome da noiva)...” e metémoslla no peto da súa chaqueta.

No momento de subir ao avión de regreso díxémolle que o doutor Frutchi tamén fixera unha para el e que sen darse conta lla meteramos no peto. Emocionado sacouna e ao lela enfureceuse, comprobando que fóra unha broma nosa, levantou o caxato que nos deran a todos nunha facenda de Hereford en Texas, e se non fose pola rápida intervención dos que o rodeaban, eu que fóra o autor da idea chegaría a casa de volta coa cabeza vendada, no caso de que non me tivesen que hospitalizar.

En relación con esta viaxe de estudos quero facer constar tamén a seguinte anécdota, dado que estamos escribindo este libro en galego:

Desde Washington fun unha fin de semana nun autobús a visitar a sepultura dun tío meu, que falecera no ano 1922, á localidade de Monessen do Estado de Pensilvania . Levaba unha carta de presentación para unha veciña miña alí residente. Cando cheguei a súa casa faleille primeiro en castelán e non me entendeu, despois en inglés e tampouco me comprendeu. Quedou pensativa uns segundos e de pronto díxome: *Ah!, ti es o fillo do Coroceiro de Guntín de quen me falou o meu irmán Genaro na última carta que me escribiu?* Neste intre dinme conta que só comprendía o galego e era así. Os seus fillos, que naceran alí, foron para min uns magníficos intérpretes en galego. Díxome que falara sempre en galego, de

inglés unicamente dicía “okey”, e que durante os 40 anos que levaba nos Estados Unidos tan só se relacionara con dúas familias, unha polaca e outra valenciana e para entenderse con ela tiveron que aprender a falar en galego. Tamén me contou que para reunirse co seu marido, co que casara por poder, desembarcou no porto de Nova Iorque e ao ver os negros pensou que a xente alí non se lavaba.

Segunda asemblea rexional

Durante os días 12, 13 e 14 de xuño de 1962 celebrouse esta segunda asemblea, tamén na escola de Bastiagueiro, e nela participaron os xefes das 20 axencias de Galicia de entón (6 da Coruña, 4 de Lugo, 4 de Ourense e 6 de Pontevedra).

Participaron tamén os xefes das axencias abertas ata o referido ano 1962 en Asturias, Cantabria e O País Vasco, porque aínda pertencían á Inspección Rexional de Galicia e da Zona Norte de España con sede en Betanzos. Estas axencias eran as seguintes: Pravia, Arriendas e Llanes (Asturias); Torrelavega, Solares e Cabezón de la Sal (Cantabria); e Marquina, Tolosa e Alegría (País Vasco). En Outubro de 1962 abríronse as axencias de Munguía e Yurre en Biscaia e as de Navia e Luanco en Asturias.

Esta asemblea foi clausurada polo subdirector xeral de Capacitación Agraria, don Emilio Gómez Ayau.

Os temas tratados nesta segunda asemblea rexional foron os seguintes:

Día 12.- Xuventudes. Desenvolvemento de líderes. Programación de cursos breves para agricultores.

Día 13.- Programación do traballo da Axencia a longo prazo. Avaliación de resultados. Colaboración coas casas comerciais.

Día 14.- Necesidade de habilitar un corpo de especialistas e os seus cometidos. Xustificación do proxecto de silos. Traballo en colaboración cos asistentes ao curso.

Non se tratou nesta asemblea o traballo de economía doméstica porque naquel momento acababa de superar o curso de internado a 2ª promoción de axentes de economía doméstica e,

coas que superaron no seu día a 1ª convocatoria, eran tan só 21 en toda España.

Desde esta asemblea toman bastante relevancia nas axencias tanto a programación do traballo coma a súa avaliación, e resaltouse tamén o descubrimento, utilización e manexo de líderes sociais e de proxecto.

Neste mesmo ano 1962 tamén se celebraron asembleas rexionais na Escola de Capacitación Agraria das Palmas, que foi a primeira de Canarias; na Escola de Capataces de Talavera da Reina, das axencias da Zona Centro; na Escola de Requena, das axencias de Levante; na de San Rafael da Santa Espina, das axencias de Castela a Vella; na de Nosa Señora da Cabeza de Marmolejo, das axencias de Andalucía e de Extremadura; e na Escola de Caldas de Montbuy (Barcelona), as axencias de Aragón, Cataluña e A Rioxa.

Aínda que en Galicia este ano 1962 se celebrou, como queda exposto, a segunda asemblea rexional, o Servizo Central considera que a nivel de España estas foron “Las Primeras Asambleas Regionales”, segundo consta nas páxinas 24, 25 e 26 da revista de Extensión Agraria nº. 9 de xuño de 1962. Resalta esta referencia as vantaxes destas asembleas rexionais sobre as que se facían a nivel nacional, porque crean un clima indispensable de coordinación entre as ensinanzas das escolas de Capacitación, onde se celebran, e a Extensión Agraria de ámbito rexional, e por outra parte os problemas que se abordan son máis vivos e próximos á realidade.



Escola de Bastiagueiro onde se celebraron as primeiras asembleas rexionais.

É xusto recordar que a rexión de Galicia, cando aínda non había inspección rexional, caracterizouse dende o primeiro momento por un claro sentido de promoción interna e conxunta das axencias. Así no ano 1958, os xefes das axencias

de Negreira, Verín, Betanzos, Monforte de Lemos, Viana do Bolo e Xinzo de Limia, asistiron a un curso dunha semana sobre implantación de pradeiras artificiais na Pobra de Brollón, impartido polos técnicos do Plan Agrícola de Galicia e clausurado o día 31 de maio do referido ano 1858 polo gobernador civil de Lugo.

Asemblea de axentes de Galicia celebrada na Toxa en 1969, cos seus relatorios

O día 3 de febreiro de 1969 o Servizo Central enviou cun oficio circular o programa para celebrar a asemblea de axentes de Galicia na Toxa.

O día 10 do mesmo mes o Centro Rexional convocou unha reunión para o día 21 de febreiro, co fin de preparar a asemblea da Toxa.

O día 31 de marzo remite un oficio o Centro Rexional ás 51 axencias existentes naquela data, sinalando o comezo da asemblea. Eran 14 axencias da Coruña, 13 de Lugo, 11 de Ourense e 13 de Pontevedra. Non participaron nesta asemblea da Toxa as axencias de Baio, Foz, Castro Caldelas, O Rosal, Sanxenxo, Santa Comba, Ribeira, Melide, Castroverde, Ourense, A Rúa, Forcarei, Vila de Cruces, Cedeira, Guitiriz, Lugo, Navia de Suarna e A Gudiña, que foron abertas con posterioridade.

Esta asemblea celebrouse no Gran Hotel da Illa da Toxa, onde foron aloxados os asistentes a cargo de Servizo Central.

As xornadas foron na segunda quincena do mes de abril de 1969.

Os relatorios foron analizados e discutidos por grupos de traballo e aprobados pola asemblea. Facemos deles o resumo seguinte:

a) Métodos de Extensión.

xefe de relatorio: Francisco Castrillón Quintana, de Verín; Vogais: José Antonio Yglesias Prieto, de Ribadavia, Fernando Mateos Sánchez, de Allariz, Juan Quintela Peteiro, de Verín, e Beatriz Somoza Sobrado, do Carballiño.

Recalca o valor educativo de Extensión, non tan formal como as ensinanzas regradas, pero máis difícil por ser a asistencia voluntaria, menos constante e máis aleatoria.

Detalla os métodos individuais, os de grupos e os de masas e describe as vantaxes e inconvenientes de cada un deles. Recomenda o uso de varios métodos para alcanzar con máis facilidade os cambios de conduta desexados.

En Galicia comprobouse que a influencia nestes cambios foi a seguinte en porcentaxes: métodos individuais, 30%; métodos de grupo, 40%; métodos de masas, 10%; e influencia indirecta, o 20%.

Nas conclusións aconsella o cambio de “visitas a leiras” polo de “visitas a explotacións”, referíndose a un dos métodos individuais. Resalta a grande importancia que ten a metodoloxía no traballo de Extensión.

b) Estudio de comarca.

xefe de relatorio: Federico Cabrera Domínguez, de Pontearreas; Vogais: Enrique Alzaga Moriche, de Pontearreas, Julián del Caño Abad, de Becerreá, Antonio Rama Facal, de Quiroga, María Remigia Meis Domínguez, de Pontearreas, e Carmen Torreiro Sande, de Mondoñedo.

Únense ao relatorio cinco anexos moi detallados cos datos que se deben recoller para un estudo de comarca e conclúe que considera imprescindible rematar o estudo de comarca para poder facer un bo plan anual de traballo; que este estudo debe ser progresivo e continuo, selectivo en razón da súa importancia, de fácil manexo, e que ademais dos datos físicos debe conter tamén os sociolóxicos. Tamén reclama que se apoie as axencias con asesoramento en psicoloxía e socioloxía rural. Aclara que este relatorio está baseado exclusivamente na experiencia dos que o redactaron.

c) Directrices xerais para enfocar os proxectos sobre a explotación do gando vacún en Galicia.

Asesor do relatorio: Crescencio Rodríguez Epelde; Relatores: José Daniel González Alonso, Félix Espósito Martínez, Agustín García Díez, Guillermo Gómez Quijano, Donato González Iglesias, Jesús López Díaz, Manuel Poblador Curto e Xeneroso Valle Leal.

Considera explotación familiar viable, naquel momento, cando alcanza ingresos anuais de 80.000 ptas. para o traballo, semellante aos ingresos dun obreiro industrial. Con base na

viabilidade analiza as explotacións de leite, as de carne, as mixtas de carne e leite e as mixtas de carne, leite e recría de xatos. Fixa a carga gandeira en tres vacas por hectárea, apoia o relatorio con dez anexos detallados e conclúe que se debe fomentar a mellora gandeira de carne e leite partindo de explotacións viables; que hai que fomentar o asociacionismo para a mecanización e a comercialización, encamiñando as explotacións non viables a outras orientacións produtivas ou a agrupacións, e considera fundamental a redacción dun plan de transformación da explotación tendo en conta as posibilidades actuais e futuras do empresario. Estima que as explotacións con máis futuro son as mixtas de leite e carne ou as de carne, leite e recría.

d) Ordenación de explotacións gandeiras.

Asesor do relatorio: Crescencio Rodríguez Epelde; Vogais: José Manuel Campo García, Felipe Galán Mateo, Ángel Gancedo Nistal, Juan Antonio Martín Díaz, Celedonio Prieto Rebollo, Gregorio Ruiz Peña e Julio Sanz Álvarez.

Recomenda como necesario planificar a explotación e como exemplo establece varios modelos tratando de buscar a mellor alternativa en función da superficie e da produción. Resulta bastante complexo este relatorio, xa que define 8 sistemas de bovino e, en canto á produción, chega a estruturar 40 modelos. Conclúe que estes modelos “poderán ser mellorados e ampliados a medida que os factores do medio, os criterios técnicos e as estruturas desexables sexan mellor coñecidos”.

e) Fruticultura.

Asesor do relatorio: Juan José Díaz Pardo; Vogais: Amador de Celis Suárez, Horacio Fernández Presa, Ángel Palomero Bretón, Marcos Salas Villa e Juan Uña Castaño.

Este relatorio considera como punto de partida as orientacións dadas na asemblea de axentes de Galicia celebrada en Guísamo en 1967. Estas orientacións figuran no relatorio desta asemblea “Iniciación e desenvolvemento da fruticultura en Galicia”.

En canto á explotación froiteira fai cinco grupos e considera pequenas as inferiores a 3 hectáreas. Como conclusión, propón conseguir plantacións

regulares de 40 a 60 hectáreas en cada comarca de produción.

f) Problemática xeral dos proxectos de horticu- tura.

Presidente de relatorio: Nazario Martínez Fuer- tes; Asesor: Juan José Díaz Pardo; Vogais: Lino Andión Barros, Carlos Bugallo Varela, Mariano García Rollán, Isaac Margusino Villar, José Reci- mil Tábora e María Cruz Santamarta Caballero.

A horticu- tura en Galicia é de autoconsumo pero pode permitir intensificar 8 ou 10 veces a produtividade do minifundio tan xeneralizado. Hai algunha tradición hortícola moi limitada nas comarcas de Ferrol, Betanzos, Padrón e Vila- garcía, con escaso volume de produción, vendas individuais e falta de redes comerciais.

Conclúe que a horticu- tura pode ser a única solución para pequenas explotacións polo clima e solos favorables, especialmente nas comarcas que xa teñen certa tradición en Galicia, onde se pode pensar nunha horticu- tura máis extensiva e especializada.

g) Explotacións comunitarias.

Relator: Jesús Alonso Rosano, Claudio Anse- de Suárez, Manuel H. Morán López, Lorenzo Mon- serrat Bermejo, Segundo Pérez Queiro e Evaristo Puñal Castro.

Describe as dificultades deste proxecto por parte das axencias, porque son lentos os seus resul- tados e por parte dos agricultores, dada a súa avanzada idade, polos problemas financeiros e o medo a perder a capacidade de decisión.

Conclúe que as axencias lle deben prestar aten- ción preferente a este proxecto, xa que os agricul- tores acéptano como solución, aínda que non o pareza a primeira vista. Ademais as posibilidades de éxito son seguras se se implica toda a familia. Acaba afirmando na conclusión 5ª que o traballo do axente será tanto máis perfecto canto menos se responsabilice el e asuman máis compromisos os agricultores.

h) Xestión.

Relatores: Feliciano Casado Gallego, Julio Mar- tín García, Ricardo Pérez Fernández del Pozo, José Antonio Muíña Rodríguez, José Pérez Va-

rela, Jorge Suárez García, Luis Acacio Martínez Cuétara e Francisco Ollar Moratalla.

Resalta a importancia para o Servizo de Ex- tensión de empezar a traballar en xestión de explotacións, conseguindo que os agricultores faciliten os datos oportunos das explotacións mediante as correspondentes anotacións.

Sinala as catro etapas da xestión: toma de datos, análise de resultados, previsión e toma de deci- sión.

Conclúe que é urxente empezar cos agricultores a actividade de xestión, previa formación dos axentes, empregando un sistema de contabili- dade por marxes brutas e usando o método de análise de grupo con explotacións homoxéneas.

Propón a celebración de cursiños e seminarios a nivel de zona ou de rexión para os axentes e suxire que se inclúa a xestión no plan anual de traballo.

i) Saneamento de solos.

Asesor: Juan José Díaz Pardo; Relatores: Jesús Alonso Flores, Camilo Fernández Rocha, Ma- riano de Leyva y Vega e Agustín Muñoz García.

Analiza en primeiro lugar as causas dos enchar- camentos dos solos, citando a climatoloxía, a topografía e a súa estrutura e textura; continúa describindo os problemas que causa e a súa importancia en Galicia, referida a froiteiras, prados, cultivos de millo, pataca e hortalizas, e nalgúns casos en terreos forestais.

Dos datos facilitados polas axencias desprén- dese que hai en Galicia 24.784 hectáreas que necesitan saneamento, 20.501 hectáreas que por exceso de humidade non admiten algúns cultivos propios da comarca e 28.600 hectáreas nas que é necesario facer a sementeira con atraso.

Apuntan algunhas solucións e conclúen que é importante o saneamento, en especial para froiteiras, pradeiras, millo e hortalizas, e que en moitos casos o exceso de humidade agrava o problema da acidez, repercute agudizando a seca no verán e dificulta a labra. En moitos casos impónse o saneamento colectivo.

j) Desenvolvemento de comunidades.

Colaborador: Gerardo Luis García Fernández; Relatores: César Domínguez Castro, Antonio Fernández Oca, Constantino Mariño Torreira, Manuel Miguel García, Julio Reigosa Minguilón, Juan María Ruiz Revuelta e Miguel Ángel Santamaría de la Chica.

Alega cinco razóns para intensificar o traballo con grupos: que o individuo está condicionado polo grupo; que as axencias deben chegar a todas as familias da comarca; que os problemas soluciónanse mellor a nivel de grupo; que o traballo con grupos integra máis o individuo na comunidade; e que o traballo en grupo é máis rendible co individual en termos económicos.

Xustifica o relatorio porque participa a xente, indica como motivala para que participe e recomenda que sempre se deben elixir como primeiras accións as que se saiba que van ter éxito. Relaciona as condicións para poder alcanzar o éxito dunha acción comunitaria, di que se lle debe imprimir continuidade, e sinala o proceso a seguir para organizar as comunidades.

Conclúe que a experiencia demostra que é necesario traballar coas comunidades; que non resulta difícil facelo; que se lle debe dar preferencia a aquelas comunidades que xa levaron a cabo algunha acción de forma satisfactoria; que se debe implicar nestas accións a xuventude; que hai que preparar os axentes neste campo; e que todas as axencias deberán incluír no seu programa de traballo actividades coas comunidades.

k) *Planteles* de Extensión Agraria.

Presidente do relatorio: Luis Curieses Díez; Relator xeral: José Luis de Marco Gómara; Vogais: María Isabel Álvarez Requejo e José Antonio Díaz Pérez; Asesor: Eugenio Martín Martín.

O relatorio ten en conta as suxestións recibidas das diferentes axencias de Galicia. Consta dun prólogo, tres capítulos e as conclusións. Recomenda que os mozos deben iniciarse na xestión das súas explotacións e dos seus fogares no campo da economía doméstica. Di que a súa permanencia no campo depende nalgunha medida en que sexa capaz de cambiar o mundo rural e que o medio máis idóneo para conseguilo é no seo dun *plantel*. A elección de tarefas debe ser decisión do mozo e nunca unha imposición de ninguén.

Ás 11 conclusións deste relatorio, no debate da asemblea, engadíronse cinco máis, ata totalizar 16.

En síntese: encóntranse algunhas dificultades para estruturar a aprendizaxe en determinadas épocas; hai poucas posibilidades para a xuventude na agricultura; é necesario organizar seminarios para formar os axentes nesta actividade; convén reforzar as axencias con persoal especializado en xuventudes; hai que formar líderes xuvenís; os libros de tarefas necesitan unha adaptación para mellorar o adestramento dos mozos; hai que elaborar axudas audiovisuais; faise necesaria a nivel rexional unha axente de economía doméstica especializada en xuventudes; e parece aconsellable a celebración de reunións conxuntas entre os axentes e os colaboradores dos *planteles*.

l) Grupos de amas de casa.

Coordinador: Amador Rodríguez Troncoso; Relatores: Francisco Calvo Gómez, María del Carmen Carballeda Pérez, Manuel Rodríguez Friol e Prudencia Santasmarinas Raposo.

Este relatorio foi elaborado na Axencia de Viveiro o día 8 de marzo de 1969. Aborda en primeiro lugar os principios xerais do traballo en grupo, continúa resaltando a importancia do traballo con grupos para o desenvolvemento individual, fai unha clasificación de grupos, describe os factores que hai que considerar dentro do grupo, analiza a dinámica de grupos, describe as relacións entre o axente e o grupo e o papel da axente de economía doméstica e o grupo, fixa os puntos básicos do traballo de grupo e acaba por dar unhas normas prácticas de actuación.

Como única conclusión, considera necesaria a organización de grupos de amas de casa, que sexan autónomos no futuro, para ampliar o campo de traballo con menos esforzo e máis eficacia.

m) Cursiños.

Asesores: José Vázquez Álvarez e José García López; Vogais: María Asunción Carrazoni Losada, Ángel Estevez Casal, José Luis Piñeiro Barrio, Virgilio González Fernández e José Manuel Rodríguez Bao.

Resalta a importancia dos cursiños como método de Extensión, porque permiten aplicar ao mesmo

tempo outros métodos como demostracións, reunións, visitas colectivas, publicacións, etc.

Conclúe que se deben programar cursiños en consonancia co programa de traballo das axencias; hai que divulgarlos e preparar ben os locais e o material; os asistentes ao curso deben ser homoxéneos; débese fuxir dun número elevado de asistentes por curso, para coñecelos ben a todos; os programas serán flexibles; en cada cursiño débese tratar un só tema; a duración, horarios e as datas adaptaranse ás conveniencias dos asistentes e das súas necesidades; hai que propiciar a participación dos asistentes ao curso, en especial nas clases prácticas, facendo un seguimento dos coñecementos adquiridos; e por último, os asistentes deberán seguir recibindo información despois de terminado o cursiño.

n) Distribución do traballo.

Presidente: Juan María Ruiz Revuelta; Asesor. Efrén Juanes Fidalgo; Relator xeral: Antonio Fernández Oca; Vogais: Julio Romero González, María Pilar González Redondo e Ricardo Andrés Mozo.

Establece como obxectivo este relatorio que semanalmente o equipo de traballo da Axencia programe e distribúa entre os seus membros a realización das actividades previstas. Fundaméntase na experiencia de varias axencias e en que se fomenta o espírito de equipo, apróveitanse os coñecementos, as iniciativas e as experiencias das persoas que o forman, crea responsabilidade, xera estímulos, actualiza os coñecementos compartidos, a evolución da Axencia, mellora o aproveitamento dos medios, e dálle máis participación ao administrativo, que se integra no equipo de traballo.

Conclúe o relatorio que deste xeito hai máis produtividade, que se racionaliza mellor o traballo, teñen todos unha visión global do traballo que se fai, e produce no público un impacto de eficacia e de orde na actividade, en beneficio do prestixio da Axencia e do Servizo en xeral.

ñ) Informes.

Relatores: César Domínguez Castro, Inés Fernández Herrero, Rafael Roldán Aragonés e Miguel Ángel Santamaría de la Chica.

O relatorio trata de adaptar os informes á realidade do traballo, uniformando criterios de todas

as axencias. Aborda os distintos métodos de ensinanza de Extensión como visitas á oficina, a leiras, a fogares, cartas particulares, consultas, tramitacións, actividades de grupo, reunións, demostracións de métodos e de resultados, cursiños, visitas colectivas e métodos de masas (follas divulgadoras, cartas circulares, publicacións en prensa, guiños radiofónicos e carteis). Detalla como informar en cada caso.

o) Material.

Relatores: Nicolás Conejero Albarrán, Constantino Martínez Fernández, Antonio Martín López, Mariano Pino Vázquez e María Dolores Tonda Pastor.

Aborda os locais das oficinas e o seu mobiliario, o material inventariable, o material da oficina funxible, equipo de traballo como vehículos e utensilios en xeral e varios (teléfono, emblemas, bandeiras, cinceiros e plantas ornamentais).

Conclúe propondo que se autorice o aluguer nos casos nos que os locais cedidos non reúnan as condicións idóneas, que se doten as axencias de dous coches e dunha biblioteca básica actualizada, que se autorice a subscrición a varias revistas técnicas e que se mellore o material audiovisual de que se dispón.

p) Persoal.

Asesores: Francisco Barreiro Etchevers e Francisco Roig Cuervo; Presidente: Manuel Domínguez Rodríguez; Secretario: José Santos Ucha; Relatores: Pedro Alonso Gago, Antonio Campos Beiro, Juan José Díaz Pardo, José Fernández Paz, Gerardo Luis García Fernández, Adoración Martín Martín e José Vázquez Álvarez.

Propón este relatorio que se aprrobe o regulamento de persoal para regular as escalas, os traslados, o dereito á permanencia no cargo, a convocatoria de prazas, a definición das distintas competencias, os coeficientes e as excedencias.

Propón tamén que todo o persoal antes de ascender a un posto superior pase por un curso de formación, e que se remedien as deficiencias que hai no asesoramento e coordinación das actividades de economía doméstica, polo menos a nivel rexional.

q) Valoración do persoal.

Relatores: Efrén Juanes Fidalgo, Luís Llorente Llorente, Isaac Margusino Villar, Amador Rodríguez Troncoso, Julio Sanz Álvarez, María Dolores Tonda Pastor e José Vázquez Álvarez.

Recolle de forma literal a Orde do 7 de novembro de 1963 que regula as condicións para o nomeamento de axente xefe, axente comarcal e axente de economía doméstica, e recalca que esta orde non é suficiente, xa que hai que regular a forma de promoción a postos de máis responsabilidade.

Considera a valoración como un medio para este último obxectivo, pero di que se debe facer co pleno coñecemento do valorado, e que tamén deben ser valorados os postos de máis responsabilidade polo propio persoal que depende deles, e que na valoración deben de quedar sempre a salvo os dereitos inalienables da persoa.

Conclúe propondo a nivel nacional a confección dun sistema de valoración que sirva para acceso a postos de traballo, que implique todos os cargos, incluíndo tan só os datos relacionados co traballo, que teña como premisa fundamental a mutua confianza, que o valorado coñeza as bases de valoración e que esta sexa integral e continua.

r) Persoal administrativo.

Relatores: Isaac Margusino Villar, María Teresa Cuiña Vence, Elvira Fernández Díaz, José Manuel González Vázquez e José María Pérez García. (Os relacionados eran, respectivamente: axente xefe de Vilagarcía, axente de economía doméstica da mesma Axencia, axente de economía doméstica da Estrada, auxiliar administrativo do Centro Rexional en Guísamo e o auxiliar administrativo da Axencia de zona de Verín).

Resalta que o crecemento do Servizo no campo da metodoloxía e da tecnoloxía non foi acompañado, por falta da debida atención, pola actividade administrativa e produciuse un desaxuste entre ambas as dúas actividades.

Achega a este relatorio un programa con trece temas para un curso de auxiliares administrativos.

Conclúe que se debería existir o título de bacharelato elemental ou de estudos semellantes para ser auxiliar administrativo; que se amplíe a dous

meses o período de prácticas, e que se fagan de maneira periódica cursos de perfeccionamento para o persoal administrativo.

s) Mutualidade.

Presidente de relatorio: Antonio Álvarez González; Relator xeral: Constantino Mariño Torreira; Vogais: Paz Álvarez González, Leandro Álvarez Villalón, Amador Rodríguez Troncoso e Santiago Sobejano Sobejano.

Propón que en caso de falecemento ou baixa xustificada antes da xubilación se lle abone a todo mutualista a cantidade de 500.000 pesetas, contía que debe ser revisada e actualizada cada cinco anos; que en lugar dun representante na sección especial da mutualidade por rexión, debería haber dous, e que os recursos da mutualidade non se invertan en bens inmoables.

Na redacción deste relatorio, aínda que non figure expresamente, influíu a morte en accidente, no ano 1966, do xefe da Axencia do Barco de Valdeorras, Higinio Movilla González. Con tal infausto motivo fíxose unha achega voluntaria de 87.836,57 pesetas polo persoal das diferentes axencias e escolas de Capacitación Agraria de España, que se lle entregou á súa viúva, Paz Álvarez González, membro deste relatorio. O número de achegas foi de 187, unhas individuais e outras a nome das unidades de traballo, e oscilaron entre 50 pesetas a máis baixa ata 2.550 pesetas a máis alta. Estas achegas foron promovidas polo Centro Rexional de Galicia.

Outras asembleas

Da análise destes vinte relatorios despréndese que a asemblea da Toxa representa o punto de consolidación do Servizo de Extensión Agraria en canto á experiencia adquirida e tamén pola aplicación posterior a nivel de toda España de moitas das conclusións aprobadas.

Tamén se deduce desta análise que no ano 1967 celebrouse na Escola de Guísamo outra asemblea de axentes de Galicia, onde se deron orientacións sobre a promoción da fruticultura en Galicia, e tamén se nomeou verbalmente unha comisión para estudar a forma de constituír unha mutua en Extensión dentro da sección especial, para casos de falecemento prematuro, inutilidade ou excedencia forzosa.

Xornadas técnicas de Extensión de abril e maio de 1977 en Sergude e Monforte de Lemos, cos seus relatorios

Foron convocadas polo Centro Rexional, sendo rexedor Juan Antonio Garrido Suárez e director xeral Antonio Salvador Chico.

Para a celebración destas xornadas o Centro Rexional elaborou un regulamento co fin de canalizalas, e nel recalca que os relatorios deben recoller a opinión da maioría e que pode incorporar ou desestimar as comunicacións que reciba. A constitución da mesa de cada sesión estará formada pola presidencia, o moderador, o equipo de redacción e os autores das comunicacións. O regulamento dispón que se deben formar grupos reducidos de traballo, que na sesión xeral intervirán o portavoz do relatorio e as persoas que polo menos un cuarto de hora antes o soliciten. O moderador fixará a orde de intervención e os tempos pero a dirección do Servizo poderá intervir cando o considere oportuno. No caso de que non haxa consenso, poderase chegar ás votacións antes das conclusións, que serán redactadas polo secretario das xornadas.

Estas xornadas técnicas celebráronse unhas na Escola de Capacitación de Sergude, nas que participaron as axencias das provincias da Coruña e Pontevedra e outras na Escola de Capacitación de Monforte de Lemos, nas que estiveron presentes as axencias das provincias de Lugo e Ourense. Interpretamos que se fixeron deste xeito por razóns de capacidade do internado, porque os relatorios foron os mesmos, con relatores diferentes como era lóxico.

As da Escola de Capacitación Agraria de Sergude celebráronse entre os días 26 a 29 de abril de 1977 e foron abordados os seguintes relatorios:

Relatorio I.- Mellora das explotacións.

Relator xeral: Antonio Campos Beiro; Equipo redactor: axencias de Negreira e Lalín.

Empeza facendo consideracións pouco concretas, complexas e algo difusas, queixándose da falta de actualización técnica, da despreocupación por parte da dirección, escaso apoio do Centro Rexional, do traballo burocrático, do abandono dos que teñen menos recursos agrarios, do alto grao de improvisación no tra-

ballo e da priorización da cantidade sobre a calidade. Fala do minifundio galego, do escaso financiamento, do envellecemento da poboación, das explotacións viables, as de menor dimensión e as de traballo a tempo parcial, e marca unhas pautas para mellorar o traballo en cada caso. Refírese ás explotacións comunitarias, indica pasos para a planificación do traballo e sinala a marxe neta mínima fixando a base territorial de 4 hectáreas para vacún e 2 hectáreas para horta e cultivos intensivos. Recomenda facer SEXE por conxuntos e incluso cre que en Galicia se debe reducir o número de axencias, reagrupando o persoal, xa que segundo o relatorio o traballo deberase facer fundamentalmente con grupos.

Ante tal complexidade de propostas a asemblea xeral sacou deste relatorio as conclusións seguintes: facer as programacións e o apoio técnico por áreas naturais; reestruturación do número de axencias; ter en conta no traballo as áreas naturais, a comarca, a subcomarca, os conxuntos de SEXE e a análise de grupo; o traballo débese facer fundamentalmente en grupos; hai que especializar o persoal con actualizacións periódicas; abordar tamén a comercialización e necesidade de ter unha información actualizada da política agraria.

Relatorio II.- A xuventude agraria.

Relator xeral: Juan María Ruiz Revuelta; Equipo redactor: axencias de Betanzos e Silleda.

Fai unha excelente análise da xuventude rural, dos antecedentes do traballo coa xuventude e das situacións a partir do ano 1971. Referíndose ás provincias da Coruña e Pontevedra, di que hai 41 *planteles* con tarefas de empresa nos que se integran 864 mozos e destes incorporáronse á agricultura o 97,8%. Propón medidas de acción realistas e concretas cos CECA e coas escolas de Capacitación Agraria. É un relatorio moi diáfano, realista e bastante esperanzador.

Conclúe, en síntese, que as axencias deben facer un estudo da xuventude rural da comarca; que se deben crear CECA intercomarcais; que as ensinanzas nos CECA e nas escolas de Capacitación Agraria deben ser en alternancia e que estas escolas deberán impartir cursos monográficos de curta duración sobre temas concretos para a formación continua dos agricultores mozos incorporados ás explotacións.

Relatorio III.- O traballo do SEA coas familias agrarias.

Relatores xerais: Ángel Estevez Casal e Elvira Fernández Díaz; Equipo redactor: axencias de Santiago e da Estrada.

Relaciona os problemas da familia rural galega (baixa renda, descapitalización, alto índice de emigración, analfabetismo, alimentación inadecuada, falta de servizos básicos, baixo nivel sanitario). Describe as familias en función da viabilidade das explotacións e analiza os campos de traballo coa familia (alimentación, mellora do fogar, traballos manuais, hixiene e sanidade, *planteles* femininos, puericultura), e laméntase de que os axentes masculinos traballen tan separados das axentes de economía doméstica, aínda que coincidan xuntos nalgũa explotación.

Como conclusións propón que o traballo da Axencia debería facerse en conxunto, tanto á hora de elaborar os programas coma á de facer o traballo, para poder abordar a familia como un conxunto, prestándolle atención non só á produción, senón ao máis adecuado uso dos ingresos. Todas as intervencións, polo tanto, deberían incidir na explotación-familia-fogar, e acaba propoñendo que se refundan as escalas de axentes e axentes de economía doméstica na de “Axentes comarcais do SEA”.

Relatorio IV.- Desenvolvemento de comunidades.

Relator xeral: Leandro Álvarez Villalón; Equipo redactor: axencias de Cangas e de Padrón.

Analiza os principios básicos do desenvolvemento comunitario, opinando que debería existir un departamento de desenvolvemento comunitario, sen especificar o nivel administrativo, para promover e coordinar as accións neste campo. Critica que se nos pidan “resultados medibles”, cando Extensión non resolve problemas concretos, senón que forma as persoas para que os resolvan. Ademais establece os pasos que se deben seguir neste traballo, entre eles o de nomear unha comisión veciñal de maneira democrática.

Entre as conclusións di que corresponde o protagonismo ás comunidades afectadas; que se lle debe prestar máis atención á nosa misión educativa; que antes de emprender accións comunitarias debemos espertar o interese por

elas na comunidade; e que se debe ter en conta o ámbito parroquial, polo arraigo que ten a parroquia no medio rural galego.

Relatorio V.- Supervisión, apoio técnico e metodolóxico no labor das axencias e das escolas.

Relator xeral: Javier Sáinz Gutiérrez; Equipo redactor: axencias de Vilagarcía e Ortigueira.

Resalta a importancia da avaliación dos programas máis cás das persoas e considera necesaria a coordinación entre a supervisión, o especialista, o técnico e o Centro Rexional. Incluso propón o nomeamento dun coordinador da supervisión a nivel do Centro Rexional. Cre que as escolas de Capacitación, o que fixeron ata hoxe foi preparar os alumnos procedentes do campo para traballar noutros sectores.

Nas conclusións, ademais de insistir no nomeamento de coordinadores a nivel rexional, pide esta coordinación tamén a nivel provincial do apoio técnico que os agricultores deben participar na programación das axencias. Establece nas conclusións un organigrama cun axente coordinador técnico, un axente coordinador de supervisores e métodos, e un axente coordinador de formación, os tres baixo a dependencia directa do rexedor.

Relatorio VI.- Programación por áreas naturais. Programas rexionais.

Relator xeral: José Vázquez Álvarez; Equipo redactor: axencias provinciais e Centro Rexional.

Relaciona as vantaxes da programación por áreas naturais, como poderían ser a comercialización dos produtos agrarios, os saneamentos gandeiros, o fomento do turismo rural en casas de labranza e o apoio técnico das axencias. Di que un programa rexional propiciaría unha mellor coordinación do apoio técnico ás axencias e ás escolas de Capacitación Agraria.

Conclúe que cómpre o estudo e determinación das áreas naturais, para que as axencias da mesma área fagan a planificación conxunta o próximo ano; que poden ser obxecto da programación rexional as incorporacións de mozos ás explotacións agrarias, as explotacións de vacún de leite e carne, os cultivos de froiteiras, horticoltura intensiva, a viticultura, a vivenda

rural, as explotacións comunitarias, os montes veciñais en man común, a formación do persoal, o asociacionismo agrario, e a reconsideración dos medios e os equipos para adaptalos ás necesidades das axencias.

Relatorio VII.- Política de persoal. Actitudes do persoal do SEA ante unha situación de cambio.

Relator xeral: José Vázquez Fouz; Equipo redactor: axencias de Caldas de Reis e Ferrol.

Empeza criticando a convocatoria destas xornadas, sentando que tan só van servir para reforzar a liña autoritaria habitual, xa que o cambio vai vir cando o experimente toda a sociedade española. Propugna unha profesionalización a fondo, unha formación permanente, a negociación co persoal das retribucións, a incompatibilidade non só para os funcionarios máis modestos e o dereito á libre sindicación.

Aborda o tema das retribucións e pide “a igual traballo, igual salario”; reclama unha gratificación por conducir; considera que as máximas diferenzas de retribucións deben manterse na proporción de 3 a 1; pide que se refundan as escalas de economía doméstica na de axentes de Extensión Agraria; que se creen postos de nivel A para axentes de Extensión Agraria; que se respecte o dereito de consorte e se flexibilice o dereito de residencia; que se aprobe o estatuto de persoal; rexeita o actual sistema de valoración; que se autorice a xornada intensiva de xuño a setembro; e considera normal o dereito a participar na vida política, de acordo coa lei.

As axencias das provincias de Lugo e Ourense celebraron estas xornada técnicas na Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos entre os días 11 a 14 de maio do ano 1977. Os relatorios achegados foron os seguintes:

Relatorio I.- Mellora das explotacións.

Relator xeral: Felipe Galán Mateos; Equipo redactor: axencias de Vilalba, Xinzo de Limia e A Pobra de Trives.

Analiza a complexidade das explotacións agrarias e a súa descapitalización. Falta de rendibilidade e baixo nivel de vida da poboación agrícola. Fala de explotacións inviables, potencialmente viables e viables, marca algunhas pautas para aumentar

a produción, e propugna que se debe de actuar coa máxima poboación posible, orientando o traballo non só á produción, senón tamén á comercialización.

Propón como método de traballo seleccionar explotacións por orientacións produtivas dentro de cada comarca, reunindo o maior número posible delas para que intercambien experiencias e se divulguen entre os agricultores os distintos modelos.

Conclúe que debe de haber unha preparación técnica permanente nos axentes; que hai que chegar ao maior número posible de agricultores, abordando o problema da comercialización; que se debe mellorar a produtividade con base nas explotacións comunitarias e aproveitamento dos montes veciñais; e que se debe desligar o traballo de Extensión das reivindicacións dos agricultores e da política agraria.

Relatorio II.- A xuventude agraria.

Relator xeral: Corona Meixeira Romasanta; Equipo redactor: axencias de Becerreá e Verín.

Fala de cursos de Capacitación Agraria, *planteles* locais, *planteles* con tarefas de empresa e escolas de Capacitación. Achega unhas enquisas das que se desprende que o 70,43% dos alumnos dos cursos de formación profesional agraria prefiren continuar estudando FP-2 en ramas distintas á agraria e tan só o 6,09% están dispostos a traballar na agricultura; que ningún membro dos *planteles* quere quedar na agricultura porque non lle gustan as condicións do traballo; que tan só o 3,53% dos alumnos de EXB pensan traballar na agricultura; e que os dos *planteles* con tarefas de empresa, que son explotacións viables, só están satisfeitos co traballo o 53,7%.

Di que a FP-2 está chamada a ser a clave do traballo coa xuventude e que a FP-1, tal como se leva, bordea os lindes da utopía e do ilegal.

Propugna unha ensinanza de máis nivel en FP-1 e considera que a FP-2 debería ser impartida por todas as escolas de Capacitación, coas correspondentes adaptacións.

Conclúe que o traballo cos *planteles* foi un fracaso, que os intereses da xuventude non coinciden cos perseguidos polo SEA, que os programas

de traballo do SEA coa xuventude prescinden da lexislación que está vixente, que a FP-1 da rama agraria debe ter o mesmo nivel que as outras ramas e que os CECA deberían impartir ensinanzas en internado.

En canto aos *planteles* con tarefas de empresa, considera que se deben aumentar as axudas económicas e elevar a idade dos interesados ata os 45 anos. En relación coa formación de segundo grao deben seleccionarse os alumnos en función das explotacións e adaptar os programas á normativa vixente.

Considera que os técnicos e os supervisores deben implicarse máis no traballo de xuventudes e que as escolas de Capacitación poden ser unha boa axuda no traballo cos mozos.

Relatorio III.- O traballo do SEA coas familias agrarias.

Relator xeral: Luis Curieses Díaz; Equipo redactor: axencias de Ribadeo e Ourense.

Empeza afirmando que a promoción faise sen a participación dos agricultores e con base na estrutura produtiva da explotación, sen ter en conta o carácter global da familia. Non se implican os fillos nas decisións e acaban por emigrar. Cre que hai que elevar o nivel cultural de todos os membros da familia, utilizando o idioma propio da xente do campo, que é o galego. É paradoxal que para un curso de muxidura se inviten os homes, cando as que moxen son as mulleres.

Clasifica as explotacións en dous grupos: as orientadas ao mercado, nas que inclúe as explotacións sen terras (aves, porcos, xatos) e as de produción especializada (leite e carne); e explotacións autárquicas para autoconsumo, nas que inclúe máis do 70% das explotacións galegas.

Conclúe que o traballo coa familia debe programarse coas persoas interesadas en lograr cambios, sen ter en conta a idade, o sexo nin a estrutura produtiva, procurando abranguer os distintos membros da familia, para elevar o seu nivel cultural. Con esta proposta xurdirán proxectos de explotacións, accións comunitarias, mellora da vivenda e demais obxectivos.

Relatorio IV.- Desenvolvemento das comunidades.

Relator xeral: Amador de Celis Suárez; Equipo redactor: axencias de Bande e Monterroso.

Define a filosofía do desenvolvemento comunitario, resalta a súa importancia e cre que nalgúns casos houbo demasiado protagonismo por parte dos axentes.

Aborda como posibles accións comunitarias as cooperativas de consumo e comercialización, as explotacións comunitarias de terra e gando, o aproveitamento dos montes veciñais en man común, a concentración parcelaria e as comunidades de regantes.

Conclúe que se debe manter a actual filosofía de Extensión, corrixindo desviacións; que as comunidades deben abordar accións de calidade; que se debe reforzar o apoio técnico ás axencias, reducindo ao máximo a burocracia; e que se debe prestar máis atención ás cooperativas de comercialización, ás explotacións comunitarias, ao aproveitamento dos montes veciñais en man común, de acordo cos usos e costumes, mentres non se legisla sobre eles, e á promoción de novos regadíos.

Relatorio V.- Supervisión, apoio técnico e metodolóxico no labor das axencias e das escolas.

Relator xeral: José Pedraza Montero; Equipo de redacción: axencias de Chantada e O Barco de Valdeorras.

Define a supervisión, os seus obxectivos, quen debe facela, así como o apoio técnico, que se basea nos axentes especializados e nos técnicos.

Con relación ás escolas de Capacitación, estima o relatorio que as axencias deben xogar un papel importante na captación de alumnos.

Conclúe que a supervisión debe recaer nos axentes e que debe empezar no momento da programación; que os especialistas do SEA deben estar conectados coa investigación de maneira estreita; que os técnicos deben integrarse nos equipos de traballo das escolas de Capacitación; que se coordine a investigación coas ensinanzas prácticas; e que os programas de ensinanza

das escolas non impliquen a desconexión coas explotacións dos alumnos.

Relatorio VI.- Programación por áreas naturais. Programas rexionais.

Relator xeral: Luis Llorente Llorente; Equipo de redacción: axencias provinciais e Centro Rexional.

No que se refire á programación por áreas naturais, entende o relatorio que sería de grande utilidade para o apoio mutuo entre as axencias, para a coordinación horizontal das actuacións, especialmente en cooperativismo, comercialización da produción, saneamento de gando e turismo rural.

En canto á programación rexional, considérase importante para a coordinación de todos os medios técnicos e da metodoloxía, a través do Centro Rexional e das axencias provinciais, para o apoio do traballo das axencias comarcais.

Conclúese que se considera necesario un estudo de áreas naturais; que as axencias da mesma área deben empezar a planificar accións conxuntas na programación do próximo ano (1978).

En canto á programación rexional, poden ser puntos indicativos: a incorporación de mozos as súas explotacións agrarias; as explotacións de carne e leite de vacún; as explotacións regulares de froiteiras; a horticoltura intensiva; a viticultura; a vivenda rural; as explotacións comunitarias de terra e gando; o aproveitamento dos montes veciñais en man común; a formación de axentes; e o asociacionismo profesional agrario.

Relatorio VII.- Política de persoal. Actitudes do persoal do SEA ante unha situación de cambio.

Relator xeral: Constantino Mariño Torreira; Equipo redactor: axencias de Foz e Ribadavia.

Afirma de maneira tallante que a actuación do SEA debe de ser profesional e estar á marxe da política.

Resalta de maneira entrecomiñada principios básicos de Extensión Agraria e di que somos un Servizo “neutral, aconfesional, apartidista e profesional”.

Algúns dos parágrafos deste relatorio son o preludio do que lle sucedeu o SEA despois das transferencias. Así cando di que se estamos apoiados pola poboación á que servimos é lóxico que nos apoie tamén a “Administración”, o “propio Servizo”, o “Goberno” e o “Estado”, continúa coa alínea seguinte: “Do contrario, ou a nosa función é outra ou somos simples peóns da oligarquía capitalista e administrativa; marionetas manipuladas polos fíos visibles dos seus intereses e os seus fins, auténticos enganadores e anestésicos da poboación rural, en vez de ser educadores e promotores do seu desenvolvemento e evolución como dicimos que debemos ser”.

Critica o Servizo por ser autoritario e demasiado xerarquizado.

Este relatorio ten 37 conclusións nas que propón, entre outras cousas, a supresión do período de prácticas; a definición de funcións para poder valoralas; a creación de células de valoración; a desaparición da actual xunta de persoal e o sistema de libre designación, así como o sistema de valoración que vén facendo o supervisor; que nas reunións de persoal deben estar todas as escalas; deben desaparecer as denominacións de “xefe” e “supervisor” e substituílas por “coordinador”; os traslados en comisión de servizo deben ser voluntarios; todo o persoal debe fixar libremente a súa residencia; hai que integrar a escala de axentes de economía doméstica na de axentes; debe recoñecerse o dereito de consorte e o de traballar no país de orixe; a adquisición de material e equipo non debe de estar centralizado en Madrid; hai que elaborar o estatuto do persoal; esixe que se respecte a liberdade persoal de opción política de calquera tipo; que se remunere co 100% a dedicación exclusiva; que se conceda a xornada de oficina de 8 a 3, sen prexuízo das actividades de campo; as axudas de custo deben de ser iguais para todos os funcionarios, calquera que sexa a escala; que se debe promover o persoal administrativo, fixando nun mínimo de ingresos de 30.000 pesetas os ingresos de todo o persoal; debe retribuírse ao persoal por conducir; hai que facilitar a FP-2 aos monitores; e debe considerarse a posibilidade de compensar aos axentes que traballan en axencias de alta montaña.

Neste mesmo relatorio foi obxecto de debate, na asemblea que tivo lugar na Escola de Sergude, a filiación ao PSOE de José Vázquez Fouz, xefe da

Axencia de Caldas de Reis, e no que se desenvolveu na Escola de Monforte de Lemos, a filiación ao BNG de José Antonio Yglesias Prieto, xefe da Axencia de Ribadavia.

Os dous foron apoiados por moitos axentes, e con relación a Vázquez Fouz chegaron a organizar na Axencia de Ponte Caldelas unha reunión en desagravio a maioría dos axentes da provincia de Pontevedra.

Os relatorios que quedan resumidos fóronnos facilitados por Juan José Díaz Pardo, a quen lle agradecemos esta achega tan importante.

Capítulo XV

Promoción da
micoloxía en Galicia

C. Mariño Torreira

A Galicia micófuga

Os principais investigadores da macromicología en Galicia, ao longo dos derradeiros 40 anos, coinciden en afirmar que non existen datos relativos á micología galega na antigüidade.

Segundo a Sociedade Galega de Historia Natural, en *Historia da Macromicología de Galicia*, Juan Camiña, en 1799, cita por primeira vez en Galicia un macromiceto, o *Lenzites betulina*. En 1820, José López Lorenzo, refírese a outras 11 especies. En 1866, Víctor López Seoane menciona o *Phalus impudicus*, chamado en Galicia “Carallán”. En 1869, Juan Texidor, cita catro especies máis, e Antonio Rodríguez Bustillo engade ao catálogo outras 5 especies, colectadas no partido xudicial de Tui. Todas estas especies foron recompiladas por Miguel Colmeiro na obra *Enumeración y Revisión de las Plantas de la Península Hispano-Lusitana e Islas Baleares*, publicada en 1889.

En 1909, César Sobrado Maestro, catedrático da Universidade de Santiago publica *Datos Para a Micoflora Galega*, no boletín da Sociedade Española de Historia Natural, enumerando 171 especies.

O botánico español Blas Lázaro Ibiza, nalgunha das súas obras refírese ás especies galegas.

Mariano Losa España, en 1942, describe 33 novas especies e, en 1943, publica *Datos Para la Flora Micológica Gallega*, no que inclúe 209 especies, contando as 33 anteriores. Noutro posterior traballo seu *Hongos de Galicia* engade outras 26 especies.

Ata aquí, toda esta importantísima e laboriosa investigación científica non tivo ningún calado na poboación galega, nin influíu para nada en aliviar a súa acendrada, fonda e case absoluta micofobia.

Cara a mediados dos anos 60, toda Galicia seguía sendo micófuga, a non ser as coñecidas excepcións dalgunhas zonas do sur das provincias de Lugo e Ourense, e nalgunha zona concreta do interior sur de Pontevedra (A Cañiza, Crecente), onde se consumían, porque o viñan facendo dende tempo inmemorial, as *macrolepiotas*; e no sur de Lugo tamén os *Boletus edulis*. Especies ás que daban e seguen dando nomes de aloumiño: choupíns, andoas, freiriños -en alusión, no caso

dos freiriños, a que as *macrolepiotas* semellan un frade franciscano-. Para o resto de Galicia só había pan de cobra, pan de lobo, pan do raposo, pan das lesmas, puchos de sapo, pan do demo..., non coñecéndose ningunha polo seu nome específico, nin científico nin popular, refugándose indiscriminadamente todos os cogomelos, e mesmo téndolles fobia. Por que?, sendo como foron apreciados e aproveitados dende a máis remota antigüidade para a alimentación humana; moi valorados polos romanos, que lles deron nomes como *Lepiota procera*, *Amanita caesarea*, e mesmo chegaron a establecer cultivos como o da *Pholliota aegerita* en madeira de ulmáceas.

Consumidas arreo noutras nacións ou comunidades ibéricas, que puido pasar en Galicia? A resposta non é doada. Por un lado, é lóxico pensar que os cogomelos foron apreciados antigamente. E logo, por que despois foron refugados? Quizais se sumaron varios motivos para acadar unha prohibición xeral: debido á existencia, frecuente e abundante, de especies como a *Amanita muscaria*, tóxica e alucinóxena, moi rechamante e probablemente usada en prácticas de bruxería. E tamén a existencia de especies moi venenosas, como a *Amanita phalloides*, que, aliadas coa ignorancia e a fame, puideron causar envelenamentos e mortes.

En tales circunstancias, o consumo de cogomelos seguro que foi desprezado, e quizais condenado e prohibido pola Igrexa, considerándoo pecaminoso e satánico ademais de perigoso, dando lugar, nun ambiente de medo e superstición, ao rexeitamento de todos os cogomelos. Idea que se robustece pensando que en Galicia naceu unha crenza relixiosa, o Priscilianismo, que foi perseguida, e os seus seguidores, que eran vexetarianos, obrigados a comer carne en público.

E logo, por que se seguiron consumindo cogomelos nesas zonas do interior sur de Galicia? Certo é que unha maior presenza romana nas provincias de Lugo e Ourense puido influír. En canto ao consumo, tamén, de *Boletus edulis* máis exclusivamente no val de Quiroga, A Rúa e O Barco, opina Troncoso que pode ter un motivo moito máis recente, debido á presenza de cataláns, vascos e outros na construción da vía do tren. Pero, acaso esa xente chámalle aos *Boletus edulis* andoas e mazarudos? Non. Pois son os nomes que reciben nesa zona. Eu son máis proclive a pensar que quen influíu nisto foron os árabes,

que dende o val de Lemos, e en toda esa zona interior, mal comunicada e próxima a Portugal, cando Don Pelaio desenvaiñou a espada, quedaron acazapados xunto cos seus protectores, os mozárabes. Creo que perdura nesas terras certo carácter e costumes musulmáns. Por exemplo, instrumentos, danzas, adornos e interpretacións folclóricas usadas no antroido, aínda que sexa un contrasentido mesturar carnestolendas con Islam. Pero hai que supoñer que aos cristián-musulmáns de aquí non lles importasen moito as prohibicións de Mahoma alí. Outros aspectos que poden avalar esta opinión son, por un lado a arquitectura popular e relixiosa, e por outro os topónimos, entre os que poden citar, todos nesa zona sur: A Mezquita, Mourisca, Portomourisco, Vilar de Mouros, Mourico, Mouril e Mourazos.

O rexurdir do interese polos cogomelos en Galicia. A actuación do Servizo de Extensión Agraria como promotor e catalizador

Eu coido que o xermolo do rexurdir empezou a medrar en Lourizán, cando Carlos Valencia e mais Antonio Odriozola, despois de comprobaren que os artigos que escribían personalidades coma Álvaro Cunqueiro, José María Castroviejo e o propio Odriozola, tampouco chegaban ao común da xente -como ocorrera xa co labor de Armando Castroviejo, que foi o primeiro en impartir conferencias animando a interesarse polos cogomelos-, decidiron impartir cursiños, anualmente no outono, de convocatoria aberta, pero aos que seguían asistindo coñecidos e amigos que formaban parte do reducido grupo de interesados polos cogomelos, sen proxección divulgativa real. Pero coa sorte de que no Servizo de Extensión Agraria, creado poucos anos antes, seguían abríndose novas axencias anualmente, sempre situadas en vilas cabeceiras de comarcas rurais, dende as que se atende a toda a poboación, indo ás parroquias e aldeas, estando en contacto coa xente de maneira continuada.

Eu asistín a un cursiño, en Lourizán, xunto con outros axentes de Extensión Agraria, no outono de 1964, cando abría a Axencia Comarcal da Fonsagrada, ano no que, casualmente, o Servizo de Extensión Agraria publicou e distribuíu a todas as axencias o moi didáctico libríño *Setas* de Manuel Perala Santolaria, o primeiro libro de cogomelos que tiven. Hoxe, na miña biblioteca familiar, hai unha pequena sección de micoloxía

de 42 volumes. Pero daquela, coa idea que traía dos "choupís" de Viana do Bolo, o cursiño de Lourizán e o de Perala Santolaria, xa empecei a traballar cun número moi limitado de especies. Por mor da seguridade, degustáronse cogomelos arreo na Fonda Víctor, en bares e mesóns da vila e noutros da comarca da Fonsagrada.

Era frecuente toparme con sitios onde se negaban a cociñalos, aínda que lles explicase como, e que era moi fácil. Pero como sempre estabamos entre coñecidos, accedían a que os cociñase eu mesmo, e entón axudábanme. Despois como os comía, a xente probaba. A partir de aí xa se rompía o xeito. Varios anos despois, seguiume ocorrendo o mesmo na comarca de Foz e noutras, onde en principio ninguén quería saber nada dos cogomelos. De todos modos, nunca me topei cun rexeitamento tan forte e, como el di, atávico, como lle ocorreu a Troncoso en Becerreá, cando chegou á fonda onde paraba, cuns *Marasmius oreades* para que llos preparasen; botárono fóra sen consentir que os pousase en ningún sitio, esixíndolle que os fose tirar onde ninguén tropezase con eles, e á volta lavar ben as mans antes de entrar no comedor, pois nin a comida lle daban.

Mariano García Rollán, axente de Extensión Agraria en Celanova, despois en Redondela, e máis tarde como especialista no Centro Rexional en Santiago, entra neste mundo da micoloxía, sendo o científico micólogo indiscutible do Servizo de Extensión Agraria en Galicia. Publicou un traballo titulado *Contribución al conocimiento de las setas de la provincia de Orense y de sus posibilidades de aprovechamiento*, achegando 40 especies novas ao catálogo galego. Máis tarde publicaría os libros *Hongos de la madera* e *Manual para buscar setas*, e varias follas divulgadoras, publicacións editadas polo Servizo de Extensión Agraria e distribuídas a todas as axencias. Pero como é axente de Extensión Agraria en activo, o seu labor non queda soterrado nos arquivos da universidade, senón que chega á xente en forma de cursiños, charlas, recoleccións, exposicións, cociña e degustacións.

Colle tamén este asunto con moitísimo interese Amador Rodríguez Troncoso, coa vantaxe de que era axente de zona ou supervisor do Servizo de Extensión Agraria na provincia de Lugo, e despois rexedor de actividades para toda Galicia, no Centro Rexional de Santiago; podendo así

espallar o seu interese e facilitar e promover a programación de actividades neste senso, tanto nas axencias de Extensión Agraria coma procurando a colaboración e apoio doutras entidades e empresas. Compartiu persoalmente esta afección coa de apicultor, chegando a ser un notable micólogo. Desde que se xubilou publicou, co seu fillo Jesús Manuel Rodríguez Casabiell, o interesante libro *Manual e guía práctica de micoloxía no val de Barcala*, Xunta de Galicia, 2007.

Conta Troncoso que de pequeno xa comía “freiños” na súa Cañiza natal. Cando se fixo cargo da provincia de Lugo como axente supervisor, -antes foi Efrén Juanes Fidalgo-, a primeira vez que foi á Fonsagrada fixemos, entre outras, a correspondente visita á parroquia de Allonca. Fomos pola Louseira e por Vilarello; hai que andar un bo treito a pé. Topámonos con dous ou tres pequenos exemplares de *Fistulina hepatica*. Preparáronas na Fonda Víctor para poder probalas, pero sen interferir para nada na comida prevista, así que fomos comendo. Compartiamos mesa co capitán da Garda Civil e máis co coñecido avogado de Lugo, López Graña. Cando os cogomelos estiveron listos, servíronos nunha bandexiña racioneira, que cadrou quedar mesmo diante de Amador, e el, distraído como estaba en apaixonada conversa, colleu e baleirouna no seu prato; e eu díxenlle: *Que me gastes esa broma a min, está ben, pero os compañeiros de mesa tamén queren probalas*. Contestou: *Aaah, coño, pero son as setas!, cala ho, que pareceume figado encebado que servían para min*.

O caso é que durante eses días falouse moito sobre cogomelos, e Troncoso, como xa queda dito, collera o tema con moito interese, sendo o Servizo de Extensión Agraria, por medio da Axencia de Zona de Lugo, o primeiro organismo que prestou atención global ao aproveitamento dos cogomelos en Galicia.

Non tardou Troncoso en convocar o que sen dúbida foi o primeiro cursiño que Extensión Agraria impartiu en Galicia sobre cogomelos. Celebrouse en Lugo, nun local da Casa Sindical, e xestionou e conseguiu a colaboración da Delegación Provincial de Información e Turismo, de varios restaurantes da cidade onde se fixeron degustacións, de Antonio Odriozola e Carlos Valencia como profesores, e dun comerciante catalán apelidado Albite, co que xa tratara anteriormente e que se estableceu en Lugo para

recoller, envasar e mandar cogomelos para Cataluña. Algúns anos máis tarde vímonos en Foz, a onde chegaron un día Amador e máis Albite para estudar a posibilidade de recoller e envasar nesta zona, aproveitando as autoclaves dunha conserveira que estaba pechada.

Volvendo ao mencionado cursiño, eu estiven un día como profesor, outro como ouvinte, e mais o día da clausura, que se celebrou no restaurante Campos. Na miña charla usei como axuda visual cogomelos ao natural, que eu mesmo recollera, escollendo non máis de sete ou oito especies, das máis interesantes, que ía describindo ao tempo que as ía mostrando, primeiro enteiras e despois por partes, explicando os detalles de interese. Foi moi valorada polos asistentes. Quizais se trata da primeira charla dada en Galicia sobre cogomelos por un extensionista. O día que estiven como ouvinte saímos a buscar cogomelos Odriozola, Valencia, Troncoso e mais eu por varios lugares entre Nadela e Sarria. Foi un día moi interesante para min.

Troncoso non fixera máis que empezar, porque a partir de aí, e maiormente cando foi rexedor rexional, continuou promovendo o aproveitamento dos cogomelos e involucrando as axencias comarcais alí onde se estableceron outros recolectores de temporada: Lalín, Silleda, O Barco de Valdeorras, Carballo de Bergantiños; ou factorías como Arhoz en Monterroso, onde colaborou o axente Julián Gil Cabrera, e “Cuevas y Compañía” en Ourense, ademais da Axencia de Vilalba, con José Luís Marco Gómara, que xa colaboraba con Albite.

Comprobou Troncoso que as familias campesiñas obtiñan, recollendo cogomelos, ingresos semellantes aos dos andaluces que ían á vendima a Francia. Algunhas axencias promoveron interesantes experiencias de cultivo de champiñón (A Estrada, Lalín e Silleda), e máis tarde establecéronse cultivos, que aínda perduran, de champiñón e *Pleurotus ostreatus* en Lalín, Monforte, Sigüeiro, Ordes e Cambre. Fixéronse e fanse outras diversas probas de cultivo.

Ano tras ano foise xeneralizando a programación de cursiños, semanas e xornadas micolóxicas; sempre con charlas, saídas ao campo, identificación e exposición de cogomelos, concursos varios -salientando os de cestas de cogomelos ben identificados, fotografía e debuxos infantís-,

así como mostras bibliográficas; rematando cada día en demostracións de cociña e degustacións. Promovéronse asociacións micolóxicas, colaborando ou recibindo a cooperación do incansable Antón Patiño Regueira, que daquela presidía a asociación “A Zarrota” de Vigo.

Resulta paradigmático como o Servizo de Extensión Agraria abriu camiño en tantos e tantos sitios, como pode comprobarse hoxe en día na páxina web da agrupación “A Cantarela” de Vilagarcía, cuxo comentario citamos máis adiante.

En Santiago, en 1974, José María Losa Quintana, catedrático de botánica da Facultade de Farmacia, publica un estudo dos macromicetos do bosque de *Queces robur*, no que menciona 11 especies novas. Aquí aparece a salientable figura do micólogo Luís Freire García, que en colaboración con Losa Quintana, en 1977, publican varios traballos, onde describen e propoñen como nova para a ciencia a *Psathyrella ascaroides*, e engaden 47 novas especies ao catálogo galego. A partir de 1980 dirixe o Departamento de Botánica, da Facultade de Farmacia, o profesor Jesús Izco Sevillano, e en 1981, coa colaboración de Luís Freire e Marisa Castro, entre outros, organizan a III Semana Micolóxica Galega, na que eu mesmo colaborei, sendo a primeira vez que a Universidade de Santiago organiza un evento deste tipo, que entreabre cara ao gran público as portas da investigación e divulgación micolóxica científica.

Pero moi pronto, a falta de entendemento e o desencontro, ou mellor dito o encontro, entre Izco Sevillano e Luís Freire, afasta a este da universidade, e pasa á presidencia da Sociedade Galega de Historia Natural, onde, secundado pola vicepresidenta Marisa Castro Cerceda, realiza un gran labor de investigación e divulgación, xunto con Lourizán, labor no que é constantemente requirido en cursiños, semanas micolóxicas e xornadas dedicadas aos cogomelos programadas polo Servizo de Extensión Agraria e polo gran número de sociedades e agrupacións micolóxicas conseguidas en toda Galicia, xa que a esas alturas Extensión Agraria xa levaba máis de 15 anos batallando sen parar.

Pero ademais xa había algún tempo que tiña saltado á palestra a moi importante figura do libreiro vigués Antón Patiño Regueira, que dende a asociación “A Zarrota” de Vigo, e desprazán-

dose anualmente a diversas localidades de toda Galicia, foi o incansable promotor dunhas 18 asociacións e a súa agrupación na Federación Galega de Micoloxía, da que foi o seu primeiro presidente. Xestor de recursos, programador de actividades e gran divulgador, seguindo tamén o sistema de recoller, identificar, expoñer, cocinar e degustar os cogomelos coa xente, para facer proselitismo.

Un micólogo italiano que estivo por Galicia, aló por mediados dos anos oitenta, dando algunhas conferencias e coñecendo e recollendo datos para un libro que estaba escribindo, cando ao parecer xa sondara algo o ambiente, díxome un día en Vigo: *Ti e mais Patiño sodes a Catterpillar e mais a motoniveladora dedicadas a abrir o camiño polo que transcorre o crecente interese polo coñecemento e aproveitamento micolóxico en Galicia*. Estamos de acordo; ben se entende que en tratándose de montes e enraizadas micofobias, namentres non pasen as mencionadas máquinas, endexamais pasarán os Rolls Roice, nin os Beemeuves, nin os Mercedes, nin nada parecido. Tampouco terían onde ir; nin a quen vender os seus libros, nin quen aproveitase a súa investigación para aprender e avanzar. Seguiríamos na mesma, coa ciencia gardada nos arquivos e nas hemerotecas, e a poboación galega sen consumir nin coñecer os cogomelos, a non ser para refugalos. Cómpre dicir que nisto Troncoso foi algo así como o empresario, que foi agrandando a empresa, a actividade e mais o “parque de maquinaria”. Pero houbo, e sobre todo hai, outras moitas persoas que sucesivamente foron contribuíndo. Por iso, e por fortuna, hoxe a empresa é tan grande, complexa e ben equipada.

Eu desenvolvín actividades micolóxicas, ademais de na comarca da Fonsagrada e na de Foz, nas localidades que relaciono deseguido, na maioría delas en repetidas ocasións en anos sucesivos:

Burela, Asociación Micolóxica: colaboración en xornadas micolóxicas.

Ribadeo, Asociación Cultural Francisco Lanza: xornadas micolóxicas.

Ribadeo, instituto: xornadas micolóxicas.

Ribadeo, colexio público e colexio das monxas: charlas sobre micoloxía e medio ambiente, varias.

Barreiros, colexio público e colexio público Reinante: charlas sobre micoloxía e medio ambiente.

Mondoñedo, Asociación Amas de Casa: cursiños, colaboración varios anos.

Mondoñedo, instituto: xornadas micolóxicas, varias.

Mondoñedo, Escola FP Agraria: cursiños e xornadas micolóxicas, varios anos.

Mondoñedo, colexio público: charlas micoloxía e medio ambiente, varias.

Lourenzá, colexio público: charlas micoloxía e medio ambiente, varias.

Trabada, colexio público: Día dos Cogomelos, varios anos.

A Pontenova, asociación de veciños: xornadas micolóxicas.

A Pontenova, colexio público: charlas sobre micoloxía e medio ambiente.

Riotorto, asociación cultural: xornadas micolóxicas.

Riotorto, colexio público: charlas sobre micoloxía e medio ambiente, varios anos.

Vilalba, Extensión Agraria: colaboración en cursiño.

Castro de Ribeiras do Lea, IES Terra Chá: xornadas micolóxicas, varios anos.

Lugo, asociación micolóxica "Andoa": xornadas micolóxicas.

Lugo: colaboración na Semana Micolóxica Galega, 1985.

Sarria, Agrupación Micolóxica A Muiñeira: colaboración cursiños Extensión Agraria, varios anos.

Monforte de Lemos, Agrupación micolóxica Os Lactouros: colaboración na semana micolóxica, varios anos.

Monterroso, Agrupación Micolóxica Puchos de Sapo: xornadas micolóxicas.

Quiroga, Agrupación Micolóxica Xan Rolo: colaboración en xornadas micolóxicas.

San Román de Cervantes: desenvolvemento cursiño convocado pola Axencia de Extensión Agraria de Becerreá.

Becerreá, Escola de Alta Montaña: xornadas micolóxicas.

Pol-Mosteiro, Agrupación Cultural Leña Verde: xornadas micolóxicas, varios anos sucesivos.

O Incio, Vilasouto: desenvolvemento do cursiño convocado pola asociación veciñal.

A Fonsagrada, anos posteriores ao meu traslado a Foz: colaboración en xornadas organizadas por Extensión Agraria.

Santa Marta de Ortigueira, agrupación micolóxica: xornadas micolóxicas organizadas por Extensión Agraria.

Cedeira, agrupación micolóxica: xornadas micolóxicas organizadas por Extensión Agraria.

Ferrolterra, Agrupación Micolóxica Viriato: colaboración en semana micolóxica.

Ferrolterra, Agrupación Micolóxica Viriato: visita colectiva ao parque micolóxico do río Beelle.

Cambre, agrupación cultural e micolóxica: colaboración en xornadas micolóxicas.

Cambre: visita detallada á explotación de Antonio Muiños, a maior de cultivo de cogomelos de Galicia.

Santiago de Compostela: colaboración na Semana Micolóxica Galega, 1981.

Santiago de Compostela: cursiños para axentes organizados polo Centro Rexional de Extensión Agraria.

Santiago de Compostela: xornadas micolóxicas da Facultade de Biolóxicas.

Negreira, Asociación Monte Miñado: colaboración en xornadas micolóxicas.

Cee, Agrupación Micolóxica Pan de Raposo: colaboración en xornadas micolóxicas.

Boiro, Concello, centro cultural: colaboración en xornadas micolóxicas.

Noia, Asociación Micolóxica Os Pan de Cobra: colaboración en Semana Micolóxica Galega, 1992.

Arzúa, Centro de FP: xornadas micolóxicas, varios anos.

Viana do Bolo, instituto: xornadas micolóxicas, divulgación circunstancial varia.

A Rúa: colaboración Semana Micolóxica Galega, 1986.

O Carballiño, asociación micolóxica: colaboración xornadas micolóxicas.

Vigo, Asociación Micolóxica A Zarrota: colaboración II Semana Micolóxica Galega, 1980.

Vigo, Asociación Micolóxica A Zarrota: colaboración XV Semana Micolóxica Galega, 1993.

Vigo, Asociación Micolóxica A Zarrota: colaboración e sucesivos “..... Anos de Micoloxía”.

Vilagarcía de Arousa, Asociación Micolóxica Cantarela: colaboración Semana Micolóxica Galega, 1988.

Pontevedra, agrupación micolóxica: colaboración xornadas, varios anos.

A Estrada, Asociación Micolóxica Cogoxa, SEA: colaboración xornadas.

Lalín, agrupación micolóxica, SEA: colaboración xornadas.

Vegadeo (Asturias): colaboración xornadas micolóxicas.

Castropol (Asturias): colaboración xornadas micolóxicas.

Braga (Portugal): colaboración xornadas micolóxicas.

Outras actividades especiais

En Foz, dende 1970, houbo anualmente cursiño ou semana micolóxica, e outras actividades diversas.

Publiquei varios artigos, en anos sucesivos, na revista Irimia, que se distribúe basicamente no medio rural.

En 1987 e 1989 difundíronse sendas entrevistas que tiveron na TVG, nos seus estudos de Santiago, sobre a temporada de cogomelos, a Semana Micolóxica Galega e o panorama “actual” da micoloxía en Galicia.

En 1989 asistín ao Iº Congreso Galaico-Luso de Micoloxía, no que presentei un traballo sobre cultivo de *Lentinus edodes* en tronquiños de frondosas. Figura na acta do dito congreso, nas páxinas 43 a 51 inclusives.

En 1986 presentei o traballo fin de carreira, Escola Universitaria de Enxeñería TA- Lugo, sobre “Identificación e Aproveitamento das Principais Especies de Cogumelos Silvestres Comestibles en Galicia”, obtendo a máxima cualificación da dita convocatoria. Inédito. Consta de 129 folios, dos que 28 son dobres. Descríbense 36 xéneros e 80 especies, coas correspondentes fotografías ou debuxos.

No ano 1987, como presidente da Asociación Micolóxica Os Bolouros de Foz, fun o máximo responsable da organización e celebración da IX Semana Micolóxica Galega.

Este meu *curriculum* micolóxico detallado ten sentido, porque é o que eu coñezo con detalle, e dá unha certa medida cabal do labor de só unha persoa; no Servizo de Extensión Agraria en Galicia houbo e hai moitas, algunhas de moito nivel, sen menosprezar en maneira algunha a achega de ninguén.

Outros axentes de Extensión Agraria aínda non mencionados, e que eu coñezo, que se involucraron máis ou menos no tema son: en Celanova, Ricardo Mínguez Abajo, do que coñezo as súas publicacións *Os mellores cogomelos de Galicia* e *Os cogomelos máis tóxicos e perigosos de Galicia*; en Becerreá-Sarria, José Folgueira, Beatriz. Foz, David Macía e Francisco Otero Otero; en Ribadeo-Mondoñedo, Lorenzo Molejón; en Cedeira, irmáns Taracido; en Ortigueira, irmáns Taracido; en Noia, Gerardo; na Estrada, Viruca; en Lalín, Lorenzo; na Fonsagrada, Juanjo e Mari Paz; e en Vilalba, Carretero e Rosa. Por suposto que hai outros e outras, axentes e axencias, que desenvolveron actividades de divulgación micolóxica.

No Centro Rexional en Santiago impartín cursiños convocados para o persoal das axencias de Extensión Agraria, aos que asistiron uns 30 axentes e algunhas axentes de economía doméstica.

En moitas das asociacións micolóxicas existentes foron asomando persoas moi capacitadas, que continúan o labor de divulgación que comenzamos. Sumando tamén a incidencia actual

das empresas comercializadoras e o movemento de paisanos recolledores, isto é xa imparabile. Por suposto que tamén se conta co considerable número de persoas preparadas que foron saíndo das universidades e escolas técnicas galegas.

Agora, para facernos unha idea da importancia económica dos cogomelos silvestres, direi que no meu traballo fin de carreira, Escola Universitaria de Enxeñería TA Lugo, 1986, sobre “Identificación e Aproveitamento de Cogomelos Silvestres en Galicia”, dedico un capítulo á comercialización. Recollo datos moi fiables das empresas que puíden coñecer que nese momento operaban en Galicia, resumo os datos seguintes:

Empresas e volumes:

AROTZ, S. A., en Monterroso - Lugo.

CUEVAS Y COMPAÑÍA, en Ourense.

SANTESMASES, en Begonte - Lugo.

ALFONSO DÍAZ, en Corgo - Lugo.

SOCOVELSA, en Outeiro de Rei - Lugo.

TOHER, en Lalín - Pontevedra.

VARIOS, que recollen e mandan en fresco a outras comunidades españolas ou ao estranxeiro.

Sumando as cantidades declaradas ese ano polo conxunto destas empresas, tratando de achegarse máis ben á media dos tres últimos anos, e sempre tirando máis a mínimos que a máximos, tanto en prezos coma en quilogramos, e sen ter en conta especies que algunha destas empresas tiña en proba, como o *Boletus luteus* e o *Boletus badius*, temos:

Xénero e especie	Total kg/ ano	Ptas./kg recollido en monte	Ptas. total/ monte
<i>Boletus</i> , grupo <i>edulis</i>	738.000	400	295.200.000
<i>Lactarius</i> , tipo <i>deliciosus</i>	103.000	200	20.600.000
<i>Cantharellus cibarius</i>	5.900	500	2.950.000
<i>Tricholoma portentosum</i> , terr.	44.000	200	8.800.000
TOTAIS	890.900	-	327.550.000

Suponse que recollen en total non máis do 20% do posible, e tan só das poucas especies que se relacionan: *Boletus* do grupo *edulis*, *Lactarius*, tipo *deliciosus*, *Cantharellus cibarius* e *Tricholomas portentosum* e *terreum*.

Valoradas ao prezo que pagan os intermediarios aos recolledores no monte, -tanto os prezos coma os quilos declarados son mínimos-, polos quilogramos totais que entran ao ano nas mencionadas empresas, supoñen o montante de trescentos vinte e sete millóns cincocentas cincuenta mil (327.550.000) pesetas, que equivalen naquel tempo, 1986, á marxe neta de duascenas (200) explotacións leiteiras de 18 vacas cada unha. Datos moi fiables, dado que na Mariña de Lugo coñeciamos daquela os datos concretos dun grupo de máis de 50 explotacións deste tipo, mediante control contable.

A colleita de cogomelos estendeuse e intensificouse dende entón, de maneira que posiblemente hoxe o aquí referido se poida multiplicar por tres. Temos que considerar tamén, por outro lado, os cogomelos de autoconsumo. É un valor moi importante, dado que xa os aproveita moita xente, e estamos a falar de moitas máis especies, cunha incidencia moi importante na cociña popular galega.

Outros datos informativos de interese

A Semana Micolóxica Galega veuse celebrando de xeito itinerante dende 1979, nas seguintes localidades:

I, 1979, en Lourizán, organizada polo Centro de Investigación e Experiencias Forestais.

II, 1980, en Vigo, organizada pola Sociedade Micolóxica A Zarrota. Aquí nace, este ano, a Federación Galega de Micoloxía, que preside Antón Patiño Regueira.

III, 1981, en Santiago, organizada polo Departamento de Botánica da Facultade de Farmacia.

IV, 1982, en Ourense, organizada pola Sociedade Micolóxica Os Cogordos.

V, 1983, en Ferrol, organizada pola Sociedade Galega de Historia Natural.

VI, 1984, no Porriño, organizada pola Sociedade Micolóxica do Círculo Recreativo e Cultural.

VII, 1985, en Lugo, organizada pola Sociedade Micolóxica Andoa.

VIII, 1986, na Rúa, organizada pola Agrupación Micolóxica Sendeiriña.

IX, 1987, en Foz, organizada pola Asociación Micolóxica Os Bolouros.

X, 1988, en Vilagarcía de Arousa, organizada pola Asociación Micolóxica Cantarela.

XI, 1989, en Pontevedra, organizada pola Agrupación Micolóxica Antonio Odriozola.

XII, 1990, en Monforte de Lemos, organizada por Asociación Micolóxica Os Lactouros.

XIII, 1991, nas Pontes de García Rodríguez, organizada pola Asociación Micolóxica Poupariña. Esta sociedade vén celebrando anualmente a sonada feira e festa dos cogomelos, dende 1987. Pero a primeira feira e festa popular dos cogomelos celebrouse en Mondariz Balneario en 1983.

XIV, 1992, en Noia, organizada pola Agrupación Micolóxica Os pan de Cobra.

XV, 1993, en Vigo, organizada pola Agrupación Micolóxica A Zarrota.

XVI, 1994, en Ferrol, organizada pola Agrupación Micolóxica Viriato.

Aquí convén explicar que a Semana Micolóxica Galega non está vinculada, nin moito menos, á Federación Galega de Micología, senón que se vén celebrando por entidades e asociacións federadas ou non. Se observamos a relación anterior, vese que hai certa alternancia, que non estivo exenta de pugna. Sempre houbo certas persoas que trataban de convertela máis nunha especie de congreso científico que nunha celebración popular. Na asemblea que se celebrou na Estrada, quizais en 1989?, cesou Patiño como presidente da Federación; e despois de propostas e contrapropostas nomeouse a Alfredo, “O Truman”, de Monforte de Lemos. Pero notábase certa tensión, ata o punto de que eu, vendo sobre a marcha a situación de Patiño, sen aconsellarme con ninguén, pedín a palabra e fixen unha motivada e tirando a solemne proposta de nomear a Patiño presidente de Honra Perpetuo da Federación; e foi tal que, aínda a contragusto de alguén, a proposta foi aceptada e Patiño foi nomeado

por aclamación, nomeamento que el aceptou agradecido.

A partir de 1994 houbo catro anos nos que só se celebrou unha Semana Micolóxica Galega da que non teño datos. Despois seguiu celebrándose itinerante, faltando só no ano 2005, e decantándose claramente pola Federación Galega de Micología, dada a súa gran capacidade para a organización de eventos populares deste tipo, continuando como segue:

XVIII, 1999, en Chantada, homenaxe a Luís Freire, organizada por Asociación Micolóxica Cogumelo.

XIX, 2000, en Vilagarcía, homenaxe a Enrique Valdés, organizada pola Agrupación Micolóxica Cantarela.

XX, 2001, en Ferrol, organizada pola Asociación Micolóxica Viriato coa colaboración do Concello.

XXI, 2002, en Vigo, organizada pola Agrupación Micolóxica A Zarrota.

XXII, 2003, en Vilagarcía de Arousa, organizada pola Agrupación Micolóxica Cantarela.

XXIII, 2004, en Monforte de Lemos, organizada conxuntamente pola Asociación Micolóxica Os Lactouros e a Asociación Micolóxica Pingadouro.

XXIV, 2006, en Cee, organizada pola Asociación Micolóxica Naturista Pan de Raposo, dedicada a Antón Patiño.

XXV, 2007, en Ourense, organizada pola Asociación Micolóxica Os Cogordos.

XXVI, 2008, en Vilagarcía de Arousa, organizada pola Agrupación Micolóxica Cantarela.

En 1993 foi nomeado presidente da Federación Andrés Roca Romalde, da Asociación Viriato, e en 1997 pasou a dita presidencia a Fernando de la Peña Paz, de Monforte de Lemos. Actualmente ostenta a presidencia da Federación Carlos Álvarez Puga, da Agrupación Cantarela de Vilagarcía de Arousa.

Na Federación Galega de Micología englobáronse polo menos as seguintes asociacións locais:

“A Zarrota”, de Vigo.- “Os Lactouros”, de Monforte.- “Pucho de Sapo”, de Monterroso.- “Pan de

Cobra”, de Noia.- “Os Bolouros”, de Foz.- “Pan de Lobo”, de Marín.- “Os Choumelos”, de Mondariz-Balneario.- “Os Cogordos”, de Ourense.- Agrupación “Xan Rolo”, de Quiroga.- Asociación “Viriato”, de Fene-Ferrolterra.- Asociación “Brincaboís”, de Pontevedra.- Asociación “Cantarela”, de Vilagarcía.- Agrupación “Carlos Valencia”, de Redondela.- Agrupación “Río Toxa”, de Silleda.- Asociación “Cogoxa”, da Estrada.- Asociación “A Roca”, do Riós.- Asociación do Barco de Valdeorras.- Agrupación Micolóxica do Carballiño.- Agrupación Micolóxica “Antonio Odrizola”, de Pontevedra.- Asociación “A Muiñeira”, de Sarria.- Agrupación Micolóxica “Andoa”, de Cambre.- Agrupación Micolóxica “Pingadouro”, de Sober.- Asociación Micolóxica Naturista “Pan de Raposo”, de Cee.- Agrupación Micolóxica “O Ferroedo”, de Escairón.- Agrupación Micolóxica “Lucus”, de Lugo.- Agrupación Micolóxica “Cogumelo”, de Chantada.- Grupo Micolóxico Galego “Luís Freire”, de Vigo.- E a agrupación colaboradora, “Aventura da Saúde”, de Braga-Portugal.

Existían e existen outras asociacións micolóxicas fóra da Federación, e outras foron xurdindo posteriormente, algunhas moi interesantes, con xente estudosa e moi preparada. Podemos citar a do Centro Recreativo e Cultural do Porriño e a Agrupación Micolóxica Poupariña das Pontes de García Rodríguez. Dentro da Federación tamén son polo mesmo moi salientables, “A Zarrota” de Vigo, “Cantarela” de Vilagarcía, “Cogordos” de Ourense, “Lactouros” de Monforte, “A Muiñeira” de Sarria, “Os Bolouros” de Foz, “Viriato” de Fene-Ferrolterra, e a Agrupación Micolóxica Naturista Pan de Raposo de Cee. Pero todas, sen excepción, celebran permanentemente actividades de divulgación, coñecemento e aproveitamento dos cogomelos.

Dentro e fóra das organizacións micolóxicas mencionadas, son hoxe en día moitas as persoas que se interesan polos cogomelos e ademais colaboran na divulgación do seu coñecemento e aproveitamento. E tamén asociacións non micolóxicas, senón de veciños, amas de casa, centros de ensino, concellos, e outras entidades e formas de agrupación en xeral, que tamén se veñen interesando polo seu coñecemento e aproveitamento.

A bibliografía micolóxica galega ao alcance popular

A bibliografía pasou, nos derradeiros 30 anos, da nada á que segue:

García Rollán, M.-*Manual para buscar setas*. -Publicacións de Extensión Agraria, 1ª edición, 1975.

García Rollán, M. -*Hongos de la madera*. -Publicacións de Extensión Agraria, 1976.

Departamento Forestal de Lourizán. -*Aportaciones a la I y II Semana Micolóxica Galega, 1979-80*.

Castro, M. e Freire, L. -*Guía das setas ou cogumelos comestibles de Galicia*. -Xerais, 1982.

Mínguez Abajo, R. e Mínguez González, A. -*Manual dos cogomelos máis frecuentes ou curiosos na zona de Celanova*. -Asociación Xuvenil O Grado. Celanova, Ourense 1995.

Francisco J.F. de Ana Magán e Rodríguez Fernández, A. -*Os cogomelos nos ecosistemas forestais galegos*. Montes e fontes. -Xerais, 2000.

Mínguez Abajo, R. -*Os Melliores cogomelos de Galicia*. -Follas divulgadoras. Xunta de Galicia, 2001.

Mínguez Abajo, R. -*Os cogomelos máis tóxicos e perigosos de Galicia*. -Follas divulgadoras. Xunta de Galicia, 2001.

Roca Romalde, J.C. -*Parque micolóxico do río Beelle*. -Deputación da Coruña, 2002.

Castro Marcote, J.M., Traba Velay, J.M. e Pose Carracedo, M., -*Setas de Galicia*. -Xunta de Galicia, 2003. Edición en castelán. Prólogo-presentación de Manuel Fraga Iribarne.

Os mesmos autores e a mesma obra anterior, adaptada, -*Cogomelos de Galicia*, 1ª edición en lingua galega. -Xunta de Galicia, 2005. Prólogo-presentación de Alfredo Suárez Canal.

Xuntanza de micólogos Os Cogordos Ourense. -*Cogomelos de Galicia*, I e II, láminas, 2002-03.

Castro, M. -*Guía dos cogomelos de Galicia e norte de Portugal*. -Xerais, 2004.

Castro, M. Justo, A. Lorenzo P. e Soliño A. -*Guía micolóxica dos ecosistemas galegos*. -Baía Edicións, 2005.

Federación Galega de Micología, presidida por Antón Patiño Regueira. -*Tarrelos*, núms. 1, 2, 3, 4 e 5, anual, 1983-1987. Despois dunha interrupción de varios anos, vólvese a editar a partir de 2004, de maneira que actualmente chega ao núm. 10, que se editou o pasado outubro de 2008, cambiando de formato nesta segunda etapa.

Rodríguez Troncoso, A. e Rodríguez Casabiell, J.M. -*Manual e guía práctica de micología no val de Barcala*. -Xunta de Galicia, 2007.

Sociedade Galega de Historia Natural. -*Historia da macromicología de Galicia*. -1986.

Mínguez Abajo, R. e Mínguez González, A. -*Cogomelos máis frecuentes nas terras de Celanova e Baixa Limia*. -Xunta de Galicia, 2000.

Grupo Micolóxico Pan de Lobo. -*Culinaria das setas ou cogomelos*. -Xornadas micolóxicas do Morrazo. Marín.

Nota: Os libros publicados por Mariano García Rollán, se ben foron paridos editorialmente en Madrid, tamén é certo que foron xerados en Galicia, onde el traballou polo menos os dez ou doce anos anteriores á data da súa publicación.

Cando un axente de Extensión Agraria actúa con grupos en reunións, cursiños, *planteles* xuvenís, amas de casa, colexios e asociacións, impartindo charlas e demostracións de método, case sempre remata distribuíndo aos asistentes follas divulgadoras axeitadas ao tema. Tratándose de cogomelos, lévanse distribuído moitos milleiros deles: bibliografía recomendable, receitas de cociña, cogomelos máis interesantes, cogomelos venenosos, cultivos, normas elementais para a colleita e aproveitamento, etc. E tratándose de cursiños sobre micología e cogomelos, sempre se lles deu aos asistentes un libro a cada un, xa fose dos editados polo Servizo ou adquiridos con cargo ao orzamento do cursiño.

Por conseguinte, entre todos os que fixemos algo ou moito neste senso ao longo de tantos anos, enchemos Galicia de xente “armada” con libros e información xeral sobre cogomelos.

A Federación Galega de Micología, e o seu presidente fundador, Antón Patiño Regueira, espallou por toda Galicia, durante anos, a interesante revista *Tarrelos*. E tanto a Federación como cada unha das moitas agrupacións micolóxicas

conseguidas fixeron convocatorias de actividades anuais, con profusión de rechamantes e artísticos carteis e programas. Distribuídos, cando menos, no ámbito comarcal, pero en moitos casos, por toda Galicia.

En memoria dos protagonistas desaparecidos

Entre os principais protagonistas desta crónica micolóxica contemporánea en Galicia hai varios que xa non están, polo que considero oportuna a súa mención neste comentario *in memoriam*.

En 1977 falece Carlos Valencia Vázquez-Monjardín. Francisco J. F. de Ana Magán e Antonio Rigueiro toman o relevo en Lourizán.

Antonio Odriozola faleceu en decembro de 1987, nun tráxico accidente, atropelado por un coche en Pontevedra. A mediados de novembro anterior estivera en Foz dando a que moi probablemente foi a súa derradeira conferencia sobre cogomelos, con motivo da IX Semana Micolóxica Galega. Veu acompañado de Antonio Rigueiro, que marchou despois da súa actuación. Pero Odriozola quedou para o día seguinte, para facer unhas xestións, porque segundo me dixo andaba á pescuda dun posible incunable que podía haber en Foz, relacionado coas catedrais de Mondoñedo e San Martiño de Mondoñedo. Despois de falar co párroco, pola mañá cedo, pediume que o levase a Mondoñedo, onde tamén falou con algún cóengo. O incunable non apareceu. Quixo visitar a tumba de Álvaro Cunqueiro, no cemiterio vello, a onde o acompañei. E alí, na miña presenza, púxose de xeonllos, dixo algunhas palabras non audibles por min, quitou do ollal da chaqueta a camelia que levaba coma sempre, e deixouna diante da tumba do ilustre escritor. Cando, un pouco máis tarde, o despedín, ao marchar no coche de liña, foi a primeira vez que o vin ir sen a camelia no ollal, e non sospeitaba que era tamén a derradeira vez que o vía a el.

Algúns anos máis tarde, en Monforte, faleceu Alfredo “O Truman”, que foi presidente da Federación Galega de Micología, sucedendo a Patiño na asemblea da Estrada. Sempre me pareceu moi boa persoa; entendido en viños da terra de toda a Ribeira Sacra. Recordo que posuía, orgulloso, un exemplar extraordinario de *Ganoderma applanatum*, que era un auténtico trofeo e seguro

que o segue sendo, e que a familia gardará como prezado recordo.

En 1997 falece Luís Freire García, un home enérxico, sinxelo, receptivo e acolledor, como todos os verdadeiros sabios. Poucos anos antes ofrecéuselle unha multitudinaria homenaxe, con motivo do seu 85 aniversario, á que tiven a vontade e a honra de asistir na cidade da Coruña, que tamén o acolle agora no cemiterio de San Amaro. Creo que foi o faro que mellor iluminou o camiño da ilustración, a través do que moitos puidemos aprender e avanzar no coñecemento micolóxico.

Antón Patiño Regueira, xa queda dito cal foi a súa fundamental participación e colaboración extraordinaria neste rexurdir do interese polos cogomelos en Galicia, faleceu en Vigo en xullo de 2006, cando estaba xa retirado, por enfermo, que por anos endexamais. Agora descansa en Monforte. Pero non faleceu sen antes publicar *Memoria de Ferro*, un estremecedor e arrepiante relato dos asasinatos cometidos polo fascismo, despois do golpe de 1936, na Coruña, mariña coruñesa e outros lugares de Galicia, cando tiña uns 17 anos (naceu na Coruña en 1919).

Este libro, *Memoria de Ferro*, 1ª edición febreiro de 2005, Promocións Culturais Galegas S.A., Príncipe 22, 36.202, Vigo, leva un prólogo de Manuel Rivas. Entre outras cousas conta que o semanario coruñés “Brazo y Cerebro”, de data 15 de xullo de 1936, anunciaba que betanceiros e coruñeses preparaban a festa dos Caneiros para o 2 de agosto, cun tren especial e un programa cultural e festeiro... que non puido ser... “De súpeto, a luz dun proxector ilumina un rostro: Antón Patiño Regueira. Non sei moi ben por que, ou si, mais sempre vexo nos ollos limpos de Antón, aquela xira aos Caneiros que non foi. Vexo neses ollos humedecidos os fíos daquela auga festeira e soñadora...”.

A páxina web da agrupación A Cantarela

Breve historia da agrupación.

El año 1979 la Agencia de Extensión Agraria de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) organizó unas charlas sobre Micología que fueron la semilla de una afición que daría pie a la fundación, en el año 1983, de la Agrupación Micológica de Vilagarcía de Arousa “A Cantarela”.

La “Festa dos cogomelos”.

Desde aquella fecha la Agrupación organizó, año tras año, “Semanas Micológicas”, salidas al campo, excursiones colectivas, charlas en colegios públicos y concertados de nuestra comunidad y fuera de ella, así como a las agrupaciones de mujeres rurales, teleclubs y sociedades culturales. Se celebraron también comidas micológicas y concursos de cocina. Desde el año 1.991, institucionalizamos la “Degustación Popular de Cogomelos (Setas)”, que pronto pasaría a denominarse “Festa dos Cogomelos” (Fiesta de las Setas), que consiste en ofrecer al público asistente setas preparadas de forma variada, acompañadas de vino albariño, todo por un módico precio. Se celebra además, en el mismo día, el Concurso de Cocina y la Exposición de Cestas de Otoño.

Durante algunos años, junto con el “Grupo Briñas” de la “Sociedade Galega de Historia Natural”, se hicieron en primavera, “Semanas de Natura”.

El largo período de inactividad entre otoño y otoño, lo llenamos desde hace 4 años con las llamadas “Salidas de Primavera”, en las que visitamos distintos espacios naturales de Galicia.

Los socios.

La Agrupación cuenta actualmente con 190 socios, y un Cuadro de Honor en el que hasta hoy entraron a formar parte de él: D. Antonio Odriozola y D. Aurelio Olivar, primer Presidente de la Agrupación, en el año 2000, desgraciadamente a título póstumo, D. Enrique Valdés Bermejo, Socio Fundador, Ex-Presidente e inolvidable amigo, y por último, en el año 2003 D. Antón Patiño Regueira, incansable promotor de agrupaciones micológicas en Galicia, fundador de la Agrupación Micológica “A Zarrota” de Vigo, y otras; y fundador de la Federación Gallega de Micología.

Este año, volveremos a celebrar el “Outono Micológico”, en el mes de noviembre. De nuevo una etapa más en nuestro recorrido por el impresionante mundo de la Micología.

Un cordial saludo.

Carlos Álvarez Puga

Actual Presidente de la Agrupación Micológica “A Cantarela”.

Capítulo XVI

Promoción da
apicultura en Galicia

A. Rodríguez Troncoso

Os antecedentes da apicultura en Galicia

O interese pola apicultura está xeneralizado en toda Galicia. Se consultamos o Catastro de Ensenada podemos comprobar que foron inventariadas colmeas en todas as parroquias da nosa xeografía en cantidade bastante significativa xa no ano 1752.

Con moita anterioridade, algunhas cargas forais eran pagadas en mel e cera. Ademais, sábese que todos os mosteiros galegos tiñan alvarizas para produción de cera e de mel.

Se analizamos os diferentes sistemas de explotación das colmeas nas nosas diversas áreas xeográficas, chegamos á conclusión de que o aproveitamento apícola remóntase a épocas prehistóricas. Non é difícil aceptar que os nosos antecesoros recollesen, incluso antes do Neolítico, o mel das colmeas silvestres que encontraban nos ocos das árbores ou das rochas, da mesma maneira que cazaban, pescaban e comían froitos silvestres.

A simple observación informal, sen facer unha análise rigorosa e cos coñecementos que temos, moi por enriba, podemos sinalar dúas áreas apícolas en Galicia bastante diferentes nos sistemas de castración e aproveitamento das abellas.

Unha das áreas son as provincias de Lugo e A Coruña, onde lle sacan o mel pola parte de abaixo das colmeas, cortándolle os favos ata os paus inferiores (os xuízos de abaixo). Nalgunhas localidades chámanlle “rabichar”. En certo modo é “cortarlle o rabo”. Esta operación, loxicamente, hai que facela na plenitude do inverno (xaneiro ou febreiro), que é cando non pon ovos a “mestra”, porque se o fan no outono ou na primavera, sácanlle tamén favos coa cría, que é o futuro da colmea

Nestas provincias, especialmente na parte norte delas, concretamente en Muras e Ortigueira, aínda se practicaba o “apicidio” polos anos 1960. Algúns apicultores tiñan colmeas no monte e, cando os fríos do inverno eran máis rigorosos, collían as máis pesadas, que eran as que tiñan máis mel, e levábanas para a cociña da casa, dábanlle a volta, escaldábanas con auga ben quente e despois, coas abellas mortas, sacábanlle o mel sen risco ningún de que os picasen. (As abellas

con temperaturas inferiores a 12 graos centígrados non poden voar porque son de sangue frío e para que piquen hai que apertalas).

O padre Lemer queixábase no ano 1907 porque na Bretaña francesa continuaban practicando o apicidio.

Outra das áreas son as provincias de Ourense e Pontevedra, onde lle sacan o mel ás colmeas pola parte de arriba. Levántanlle a tapadeira superior e córtanlle o mel ata os paus superiores (xuízos de arriba). Esta operación facíase en pleno verán, polos meses de xullo-agosto. Deste xeito non se lle tocaba á cría que estaba nos favos de abaixo e quedáballe espazo ás abellas para o mel que necesitaban para o inverno.

Os apicultores romanos, e concretamente Columela, recomendaban que se lle sacase o mel un ano por arriba e ao ano seguinte por abaixo, para que renovasen a cera. Loxicamente, se llo sacaban por abaixo sería no inverno, para non matar a cría, e se era por arriba faríano no verán. Deste xeito as colmeas quedaban sempre con mel para o inverno, que é fundamental para a súa supervivencia.

No que concordan todos os autores é que os romanos non practicaban o apicidio. En contra do que nos sucedeu en Ortigueira e en Muras, non chegou ao noso coñecemento que se practicase o apicidio en ningunha das comarcas das provincias de Ourense e Pontevedra.

Tendo en conta canto acabamos de dicir, e tamén que sucede algo parecido co sistema das herdanzas, podemos colixir que nas provincias de Lugo e A Coruña perdurou a cultura apícola dos celtas, mentres que nas de Ourense e Pontevedra a tecnoloxía das abellas era de orixe romana en termos xerais.

É indubidable que a cultura romana chegou a toda Galicia pero con maior peso específico nas provincias de Ourense e Pontevedra. É xeral o refrán seguinte relacionado coa castración das abellas: *Se queres mel, por San Miguel (30 de setembro), e se queres abellas, polas candeas (2 de febreiro)*. No primeiro caso a castración faríase por arriba e no segundo por abaixo, cumprindo así a recomendación de Columela, alternando un ano con outro para renovar a cera.

Situación da apicultura galega no momento da creación do Servizo de Extensión

Agás na provincia de Lugo, onde había moitas colmeas mobilistas tipo “Layens” introducidas por don Benigno Ledo González dende o ano 1880, no resto das provincias as alvarizas eran todas tradicionais ou fixistas, con colmeas de cortiza, nas zonas onde había sobreiras ou corticeiros, ou trobos en forma de prisma cuadrangular feitos con táboas de castiñeiro dunha altura semellante á dos cortizos. Tamén abundaban nas zonas costeiras da provincia da Coruña as laccenas, que eran aberturas, forradas de madeira, abertas nas paredes das vivendas e pallares, coas piqueiras orientadas normalmente ao nacente ou ao mediodía, e sempre con alturas superiores a dous metros para que as persoas que pasasen por diante non interceptasen o voo das carrexadoras.

Á parte dos “cortíns” (alvarizas cerradas con muros de pedra) que abundaban nas comarcas de montaña, encontramos unha alvariza en Cambre (1966) e outra na zona de Bergantiños (1984) con peculiaridades moi ancestrais. A de Cambre consistía nun montón de dez ou doce troncos de máis de un metro de longo, ocos amoreados uns enriba dos outros, de maneira horizontal, ao carón dun camiño, no medio dunha aldea, sen cerrume ningún. Os troncos estaban tapados cada un coa súa táboa por un lado e abertos totalmente pola outra, que era por onde entraban e saían as abellas sen ningunha piqueira. A de Bergantiños consistía nun conxunto de colmeas feitas con catro táboas cravadas, tamén de máis de un metro de longo, formando un prisma cuadrangular tapado por unha cara con outra táboa e pola outra totalmente aberta, por onde entraban e saían as abellas. Non estaban amoreadas, como no caso dos troncos, pero encontrábanse protexidas por un cuberto e illadas entre si.

Había colmeas en case todas as aldeas, nalgúns casos agrupadas en parcelas pechadas, case sempre con sebes, preto da vivenda, e recibían en certos lugares o nome de “conchousos” (A Cañiza-Pontevedra).

Tiñan daquela especial relevancia no cultivo das abellas, e polo tanto na produción de mel, as seguintes zonas de Galicia:

Os vales de Quiroga e O Barco de Valdeorras, pola súa flora mediterránea e onde abunda a

xara e outras plantas melíferas. O val do Sil xa tiña fama de producir moito e bo mel dende o século XVIII, polo que dicía Lucas Labrada. Na Rúa de Petín chegouse a constituír unha asociación de apicultores.

A comarca de Mondoñedo, onde os apicultores empezaron a comprobar o incremento da apicultura e a produción de mel como consecuencia da floración dos eucaliptos plantados para soste a factoría de taboleiros establecida nesta localidade con tecnoloxía alemá. No Valadouro tamén se formou unha asociación de apicultores.

Na comarca de Ferrolterra tamén resaltou o cultivo das abellas e a produción de mel como consecuencia da crise de Astano. Moitos traballadores deste estaleiro que quedaron no paro buscaron ingresos complementarios na actividade apícola. Chegouse a constituír a Cooperativa apícola A Queiroga, que fomentou a apicultura.

Como naceu o interese de Extensión pola apicultura

Durante o curso de internado da primeira promoción de axentes, celebrado dende o 5 de marzo ao 4 de xullo de 1956 no predio do Instituto Nacional de Investigacións Agrarias de El Encín en Alcalá de Henares (Madrid), impartiu clases teóricas e prácticas de apicultura o sacerdote don Emilio de la Concha.

A apicultura foi unha das ensinanzas técnicas en materia agraria que impartiron expertos en diferentes disciplinas, ao mesmo nivel que o de maquinaria, control de pragas e enfermidades das plantas e cultivos, fertilización, manexo da gandería, produción forestal e axudas institucionais. Estas ensinanzas técnicas alternábanse coas de metodoloxía, que corrían a cargo de expertos americanos.

Don Emilio de la Concha, que achegou un libro de texto escrito por el, tomou con moito interese as ensinanzas de apicultura e conseguiu transmitirnos a todos esta actividade.

No inverno do ano 1956 a Axencia de Negreira comprou na parroquia de Cornanda, do Concello de Brión, dúas colmeas fixistas en habitáculos de cortiza e transportounas envoltas en sacos de esparto atados no portavultos da motocicleta *LUBE*. Cando trataron de instalalas no lugar de Zas, da parroquia de Aro, comprobaron que

unha delas estaba morta. Envolverana e atarana tan ben que “acorara” por falta de osíxeno.

Empezaron a poñer en práctica as ensinanzas de don Emilio de la Concha cunha colmea fixista, que pasaron a unha mobilista tipo “perfección” ou de alzas.

Desde entón o Servizo de Extensión Agraria de Negreira non deixou de promover a apicultura de maneira continua e ininterrompida, asesorando a moitos agricultores interesados na súa modernización. Que recordemos, daquela eran moi afeccionados á apicultura o señor Cantelar, de Ons (Brión), un agricultor de Liñares (A Baña) e Juan Leis Pérez, do lugar de Trece, parroquia de Liñaio (Negreira). Este último tiña fama en toda a comarca como coñecedor da apicultura, porque ademais de contar cunha alvariza propia atendía as colmeas e lacenas da contorna. Segundo usos e costumes ao extraerlle o mel quedábase coa cera, e vendíalla a un cereiro que lla viña a buscar nunha mula todos os anos. Os seus descendentes aínda teñen na actualidade algunhas lacenas nas que sempre hai enxames. A afección á apicultura estaba xeneralizada, se ben en todos os casos era de tipo tradicional ou fixista, ben en “cortizos” ou en “lacenas” feitas nas paredes das vivendas, normalmente orientadas a nacente ou mediodía.

A Axencia de Negreira mantivo contactos moi estreitos con Don Manuel Tarrío, cura párroco de Trasmonte, Concello de Ames, que escribiu un libro sobre apicultura que non se chegou a publicar. A Axencia intentou que o publicase a Cámara Agraria Provincial da Coruña, pero ao non conseguilo devolveulle o exemplar mecanografiado a unha sobriña de don Manuel Tarrío, despois de que este falecese.

A alvariza do lugar de Zas á que nos temos referido visitouna en dúas ocasións o rexedor rexional de Galicia, don Francisco Barreiro Etchevers.

No ano 1964 o xefe da Axencia de Negreira, Amador Rodríguez Troncoso, foi destinado como adxunto á Inspección Rexional do Servizo en Betanzos e pasou á Escola de Capacitación Agraria de Guísamo ao pouco tempo. Esta escola instalou unha pequena alvariza con intención de fomentar as ensinanzas e a modernización da apicultura galega. Como daquela a escola non

tiña terreo propio, estableceu a alvariza nun do Centro de Investigación Agraria dedicada á fruticultura. Un bo día apareceron todas mortas como consecuencia dos tratamento que lle aplicaron os de investigación ás froiteiras. Os pesticidas e as abellas son incompatibles.

Actividades apícolas na provincia de Lugo

A finais dos anos 60 a Axencia de zona do Servizo de Extensión Agraria de Lugo, que tiña a súa sede en Monforte de Lemos, púxose en contacto coa Cátedra Benigno Ledo, que patrocinaba a Deputación Provincial, co fin de promover a apicultura naquela provincia.

Estaba encargado da referida cátedra o cura párroco de Nadela e foi con el con quen deron comezo as primeiras actividades de divulgación apícola mediante visitas a alvarizas tradicionais da comarca de Quiroga e algúns cursos breves en Monforte e en Chantada.

Ao pouco tempo fíxose cargo da dirección da Cátedra Benigno Ledo o mestre Vicente Devesa Jul, que organizou a Asociación de Apicultores da Provincia de Lugo e conseguiu que a Deputación establecese na localidade de Teixeira, estrada de Lugo a Meira, unha alvariza en terreo propio, cun local o suficientemente amplo para impartir clases teóricas e prácticas aos membros da asociación. Tiñan un pequeno centro de extracción e envasado de mel na mesma alvariza onde facían as prácticas os socios.

A cátedra Benigno Ledo

Benigno Ledo González naceu o 20 de xullo de 1867 na súa casa da Chanca, parroquia de San Vicente de Argozón, Concello de Chantada (Lugo). Cursou Humanidades e Filosofía no Seminario de Ourense e Teoloxía no de Lugo. En 1893 foi nomeado cura da referida parroquia de San Vicente de Argozón. Polo seu labor e traballo abnegado na gripe de 1918 foille concedida a cruz de Beneficencia de Orde Civil de primeira clase o 14 de abril de 1919.

Foi o primeiro apicultor español que introduciu dende Francia o ano 1880 a colmea “Layens” no lugar da Chanca, onde nacera e uns trece anos antes de ser nomeado cura párroco da freguesía de San Vicente de Argozón.

Pola súa vocación e dedicación apícola foi coñecido como “O cura das abellas” e así nolo resaltou de maneira reiterada no curso de internado en Alcalá de Henares don Emilio de la Concha.

De acordo co bispo Fr. Ángel Rey Lemos, a Deputación de Lugo nomeouno profesor de apicultura o día 10 de decembro de 1927.

O ano 1929 publicou o libro *Cursiño práctico de apicultura adaptado a la región Gallega*. Fixéronse dúas edicións máis, a segunda en 1938 e a terceira, notablemente corrixida e aumentada, co título de *Curso práctico de apicultura*, en 1946, con prólogo do apicultor e laureado coronel de sanidade militar don Isaac Correa Calderón.

Na cuberta deste libro, que se imprimiu na imprenta da Deputación de Lugo, como as edicións anteriores, figura como ano de edición o ano 1947. Como dato anecdótico este libro vendíase no ano 1956 por 30 pesetas na Librería González da rúa do Vilar de Santiago.

Da referida terceira edición, por estar esgotada e considerarse de interese para o fomento da apicultura de Galicia, publicou a Área de Ciencias Agrarias do Seminario de Estudos Galegos unha edición facsímile en 1982 (Edicións do Castro-Sada-A Coruña).

Finou don Benigno Ledo González o ano 1950 no lugar da Chanca, onde nacera.

Continuou a actividade apícola o seu sobriño Jaime Fernández Ledo, que para perpetuar a memoria do seu tío “O cura das abellas” erixiulle no lugar do seu nacemento unha estatua de pedra ao carón dunha súa e a da súa muller.

Jaime Fernández Ledo colaborou con moitas axencias de Extensión Agraria, entre elas a de Chantada e a de Monforte de Lemos, impartindo cursos de apicultura nas respectivas comarcas e contribuíu dende o primeiro momento á constitución da Asociación de Apicultores de Galicia (AGA), con sede en Santiago de Compostela.

No lugar da Chanca conservou o centro de extracción de mel orixinario que establecera o seu tío “O cura das abellas” e o pequeno taller con dous rolos manuais para o estampado das láminas de cera, así como o dispositivo cun sistema artesanal para fundir a cera, preparar as láminas

e proceder ao seu estampado. As láminas eran para a colmea "Layens" exclusivamente, porque Jaime Fernández Ledo continuou defendendo esta colmea como a máis idónea para Galicia.

Pese a que no momento da modernización da apicultura galega se optou pola colmea "Langstroth" de sistema vertical e con posibilidades ilimitadas de ampliar a súa capacidade, Jaime, mentres viviu, mantivo a fidelidade á colmea "Layens" de tipo horizontal e capacidade limitada. Reducía a amplitude da cámara de cría no inverno mediante uns taboleiros *ad hoc* axustados ás medidas das colmeas.

Grazas á actividade do “Cura das abellas”, algún ano a provincia de Lugo foi a maior produtora de mel de toda España. Durante moitos anos os alvarizas mobilistas da provincia de Lugo foron de tipo “Layens”. As de Pontevedra, unicamente eran “Layens” as dun cura da comarca da Estrada, que fora asesorado por Jaime Fernández Ledo. As demais colmeas mobilistas desta provincia así como as de Ourense e A Coruña eran tipo “Perfección”, ou sexa, verticais.

Co patrocinio da Deputación Provincial creouse a Asociación Luguesa de Apicultores, que celebraba todos os anos encontros no Apiario Escola de Teixeira. Esta asociación establecera un posto de venda de mel no mercado da praza de abastos de Lugo, que abría todos os martes e venres.

Na Escola Politécnica Superior de Lugo a referida asociación chegou a celebrar, como mínimo ata o ano 1997, cursos anuais de apicultura, algún ano con 170 asistentes.

Tamén debemos constatar que os alumnos da Escola de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo contribuíron á modernización da apicultura elaborando un elevado número de traballos de fin de carreira sobre diversos aspectos da apicultura.

Actuacións de Extensión no campo da apicultura

A Axencia de zona de Lugo, a partir do mes de maio de 1966, organizou cursos de apicultura en Monforte e en Chantada para axentes comarcais coa colaboración de Benigno Fernández Ledo, sobriño do “Cura das abellas”, que introducira, como queda dito, a modernización desta acti-

vidade mediante colmeas "Layens" na referida provincia.

A estes cursos asistiron aqueles axentes de toda Galicia que tiñan algún interese persoal sobre a actividade apícola ou que necesitaban adquirir coñecementos sobre o tema para poder asesorar mellor os apicultores das súas comarcas de traballo.



Curso de apicultura en Monforte, 9 de abril de 1980, impartido por Jaime Fernández Ledo, sobriño de Benigno Ledo González, coñecido por "O cura das abellas", de San Vicente de Argozón-Chantada. (Autor: A. R. Troncoso)

Ademais do apoio referido de Benigno Fernández Ledo no aspecto práctico e operativo sobre o manexo das abellas, contou se co asesoramento de Antonio Gómez Pajuelo, un biólogo experto a nivel de toda España e coñecedor das posibilidades da apicultura a nivel comercial e tamén das posibles enfermidades das abellas e o seu control. Estaba en contacto cos apicultores profesionais do resto do país, non só no referente á produción do mel, a cera, o pole e outros produtos das abellas, senón tamén nas técnicas máis avanzadas sobre a extracción, envasado e conservación do mel.

Como consecuencia destes cursos propúxose crear na Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos unha unidade didáctica de apicultura para toda Galicia, pero o único que se conseguiu foi establecer no terreo da dita escola unha pequena alvariza para as prácticas dos alumnos e apoio aos diferentes cursos que se celebraron para os axentes de Extensión.

A actividade apícola non é xeneralizable nin para os axentes nin para os agricultores polas súas peculiares características. Por unha parte, non son aptas todas as explotacións agrarias

para a instalación de alvarizas, e por outra as abellas non deixan de ser uns animais salvaxes aproveitados polo home dende tempos prehistóricos e que revisten algunha perigosidade polas posibles picaduras. O seu veneno, con carácter xeral, non resulta letal para a xente ata unhas corenta picaduras, pero é doloroso en todos os casos e molesto polo inchazo que produce coas súas aguilloadas. Ademais, sábese que estatisticamente a nivel mundial aproximadamente o sete por cento da poboación é alérxica á picadura das abellas e neste caso unha soa picadura pode resultar mortal se non se toman con urxencia as medidas previstas pola medicina.

Ata tempos bastante recentes había apicultores que manexaban as colmeas sen protección de ningunha clase. É posible, como dicían algúns, que as abellas estivesen familiarizadas con eles, posiblemente polo cheiro, e que os coñecesen, pero na actualidade o manexo das colmeas require inexorablemente unha protección e a utilización do fume cando se achega un a elas a menos de nove metros diante da piqueira, porque dende que as ataca a "varroa" fixéronse moito máis agresivas e non coñecen a ninguén.

Para dedicarse de maneira directa á apicultura é imprescindible non ser alérxico ás súas picaduras e ter vocación apícola.

Que recordemos prestáronlle certa atención a esta actividade en Galicia as axencias de Negrreira, Chantada, Monforte, Viveiro, Maceda e Quiroga. Nas dúas últimas os axentes, Justiniano Miguélez López e José Cerrato Gómez, eran expertos no manexo das abellas. Tamén coñecía de maneira directa e persoal este manexo José Fernández Paz, xefe da Axencia do Porriño, que tiña unha alvariza propia no Concello de Cea (Ourense).

Promoción da apicultura en toda Galicia polo Servizo de Extensión

A partir do mes de novembro do ano 1978 o Centro Rexional de Santiago apoiou a promoción da apicultura en toda a Comunidade Autónoma porque se ben, polo que queda dito, non era xeneralizable, o certo é que tiña un verdadeiro interese en todas as comarcas de traballo, non só para aproveitar os recursos que se estaban perdendo en todo o territorio, senón polo interese ecolóxico das abellas coa polinización e o

mantemento da biodiversidade vexetal. Non nos referimos só ao mel e os outros produtos das abellas, senón a que coa polinización contribuían a aumentar a produción en moitos cultivos, en especial no kiwi e froiteiras en xeral.

Queremos aclarar que esta iniciativa de promoción se fixo en contra do criterio da Dirección Xeral. Nunha ocasión en que o rexedor levou ao director xeral, Gerardo Luis García Fernández, ao aeroporto de Lavacolla, cando se ía para Madrid, este díxolle textualmente que non lle dedicase tanto tempo á apicultura porque “en Galicia hai máis vacas que abellas”. Realmente era certo que a base da economía familiar eran fundamentalmente as vacas e non as abellas, pero o rexedor estaba convencido de que a diversificación dos cultivos e aproveitamentos non era incompatible coa gandería.

Como o rexedor tiña vocación apícola dende as clases prácticas dos cursos de internado de El Encín, establecera con bos resultados unha alvariza propia sendo axente en Negreira e promovera en Lugo cursos de apicultura, estaba convencido das súas posibilidades en toda Galicia.

O Centro Rexional contratara por horas, para a reprodución de axudas audiovisuais e material impreso con destino ás axencias, a Jesús Asorey Martínez, un biólogo que naquel momento non dispuña dunha ocupación fixa. O rexedor viu nel a persoa adecuada para fomentar a apicultura e tratou de que pasase ao Centro Rexional como persoal fixo en calidade de subalterno, coa intención de que se dedicase a promover a apicultura galega. Presentouse a unhas oposicións de subalterno no Servizo Central de Extensión Agraria de Madrid, co propósito xa indicado, pero inexplicablemente non as superou.

Máis tarde sóbose que un funcionario do Centro Rexional, sen coñecemento do rexedor, encargouse de lle facer chegar ao tribunal cualificador o conto de que Asorey era un membro da extrema esquerda do galeguismo. Naqueles tempos tan próximos ao franquismo unha infiltración de tal natureza esborrallaba calquera propósito por moi bo que fose.

As relacións do Centro Rexional con Jesús Asorey continuaron sendo cordiais e conseguíuse que el, aínda que nunca tivese relación ningunha coa apicultura, promovese a creación da Aso-

ciación Galega de Apicultura (AGA). Animaron a creación desta asociación todas as axencias comarcais de Extensión Agraria, destacando as de Viveiro e moi especialmente a de Mondoñedo, en cuxa comarca había xa varios envasadores de mel. A Asociación Galega de Apicultura (AGA) constituíuse concretamente no ano 1980. O día 1 de xullo de 1990 celebrouse en Silleda o seu décimo aniversario no recinto da Feira Internacional da Semana Verde de Galicia. Neste décimo aniversario era o seu presidente Abel Yáñez Armesto e foron condecorados pola asociación os anteriores presidentes, que foron por esta orde: Manuel Calvo Landeira, de Santa Comba, Manuel Gallas Martínez de Santiago, e Amador Rodríguez Troncoso, que foi rexedor rexional do Servizo de Extensión Agraria.

Jesús Asorey Martínez percibía un salario de AGA como asesor técnico e facía un bo labor cohesionador. Chegou a establecer un apiario propio na parroquia de Aríns do Concello de Santiago e promoveu dende AGA a constitución da Cooperativa Erica Mel, con sede en Arzúa.

Había dous puntos non coincidentes entre o Centro Rexional e a política de AGA. O asesor técnico desta asociación pretendía que AGA abarcase todos os apicultores de Galicia, con exclusión de calquera outra asociación apícola, e non lle preocupaba que a apicultura das comarcas estivese en mans foráneas. Pola contra, o Servizo de Extensión consideraba conveniente o apoio ás asociacións provinciais ou comarcais, por estar máis preto da realidade, e trataba de que a apicultura estivese nas mans dos agricultores, como ingreso complementario das súas explotacións.

Cando xa era presidente de AGA Abel Yáñez Armesto, o presidente da Asociación Galega de Mel de Montaña, con sede en Silleda, Amador Rodríguez Troncoso pretendeu facer unha confederación galega de asociacións de apicultores e adheríronse á idea a Asociación Luguesa de Apicultores (APLA), a Asociación Valdeorresa de Apicultores, con sede na Rúa, a Asociación de Apicultores da provincia de Pontevedra, con domicilio en Vigo, e a Asociación de Apicultores do Valadouro. Como AGA deu a calada por resposta e daquela tiña bastantes apicultores de toda Galicia, o proxecto non se realizou.

Garantía de calidade do mel de Galicia

Ademais de promover a modernización da apicultura mediante a reconversión das colmeas tradicionais fixistas en mobilistas, potenciando as asociacións de apicultores, o Centro Rexional de Santiago deu comezo ás posibilidades de que o mel de Galicia fose declarado a nivel institucional como “Produto Galego de Calidade”, cara á súa comercialización.

Empezou este camiño en dúas fronteas, pero de forma simultánea. En primeiro lugar, conseguiu que a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se interesase polo tema, xa que era o único órgano competente para producir a normativa legal precisa. Con este fin o rexedor mantivo unha estreita, continua e harmónica relación con Enrique Pantín Chaos, entón responsable do Servizo de Calidade Alimentaria na Consellería e co que o referido rexedor mantiña unha antiga amizade dende que o coñecera na Xefatura Provincial de Pontevedra, sendo supervisor adxunto de Extensión naquela provincia.

En segundo lugar, o Centro Rexional conectou coa Cátedra de Bromatoloxía da Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago, da que era catedrático o doutor Jesús Simal Lozano, e adxunto don José Francisco Huidobro Canales, co fin de que se procedese a determinar os parámetros de calidade do mel de Galicia, indispensables para que a Consellería propuxese a normativa legal oportuna con verdadeira solvencia.

As axencias comarcais de toda Galicia enviáronlle, a través das axencias provinciais e do Centro Rexional, 91 mostras de mel ao señor Huidobro, das que fixo entre os anos 1979 a 1983 unha análise comparativa con 24 mostras comerciais dalgúns parámetros de interese para o oportuno control de calidade.

Con tales análises, debidamente contrastadas e plasmadas nunha tese de doutoramento, o señor Huidobro defendeu a superior calidade do mel de Galicia no Primeiro Congreso Nacional de Apicultura de España, coordinado polo técnico de Extensión Jesús Bernardo Marquina Pérez e celebrado na Escola Central de Capacitación Agraria de San Fernando de Henares (Madrid) durante os días 17 a 22 de outubro de 1983. A participación deste profesor da Universidade de

Santiago neste congreso tivo moita repercusión e verdadeira sona en todos os sectores apícolas de España, tanto no sector produtivo coma no comercial, e moi especialmente no campo da investigación da calidade do mel no mundo universitario, onde foi pioneiro.

Ademais desta promoción do mel fóra de Galicia, tamén se resaltou a súa importancia ante os consumidores galegos e os compradores para mercados internacionais. Así, no Primeiro Salón Agroalimentario da Feira Internacional “Semana Verde de Galicia”, celebrada en Silleda entre os días 23 e 29 de maio de 1989, o señor Huidobro fixo, á vista do público visitante e todos os días, demostracións prácticas dos parámetros de calidade do mel de Galicia exposto polos envasadores no referido salón agroalimentario. Como consecuencia deste apoio da universidade á calidade do mel de Galicia, un importador alemán quixo comprar 50 toneladas de mel galego, pero non foi posible porque daquela non dispuña de tanta cantidade ningún dos expositores. Desde entón algún dos ditos expositores vén exportando todos os anos mel de Galicia a Alemaña e a outros países.

Ao amparo dos parámetros fisicoquímicos avaliados polos traballos de investigación do señor Huidobro, o mel de Galicia foi declarado “Produto Galego de Calidade–Mel de Galicia” en 1989 (DOG do 14 de abril).

Foi o primeiro produto de calidade que alcanzou este cualificativo e polo tanto o que abriu camiño para que outros, como a pataca, o queixo, a augardente ou a tenreira galega, seguisen a mesma senda. Incluso o mexillón foi estudado pola universidade para conseguir o cualificativo de calidade.

En 1997 (orde do 1 de outubro) pasou a chamarse “Denominación Específica-Mel de Galicia”, e a partir de marzo de 2003 “Indicación Xeográfica Protexida-Mel de Galicia (orde de 19 de febreiro).

Creación do órgano reitor do Produto Galego de Calidade Mel de Galicia

Ao abeiro do Decreto 69/1988 do 10 de marzo da Xunta de Galicia, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, por orde do 1 de xullo de 1988, reconece a denominación “Produto Galego de Calidade-Mel de Galicia” e nomea ao seu

órgano reitor provisional, que redacta o seu regulamento. Este regulamento foi aprobado por orde da mesma Consellería do 8 de febreiro de 1989.

A orde do 14 de agosto de 1990 convoca eleccións e dita normas para a renovación do órgano reitor provisional, que se fai efectiva o día 12 de decembro de 1990 mediante entrega do presidente provisional saínte, Amador Rodríguez Troncoso, que non se presentou á reelección, ao presidente entrante, Jesús Asorey Martínez, das contas, xustificantes, saldo existente, selo do órgano reitor e a documentación orixinal de Facenda (CIF: G15211303).

Composición do órgano reitor provisional e actividades principais

A presidencia recaeu en Amador Rodríguez Troncoso, que fora rexedor rexional de actividades do Servizo de Extensión Agraria de Galicia e promovera con Enrique Pantín Chao as disposicións citadas da Consellería sobre o mel.

Actuaba como secretario Benjamín Nieto Rodríguez, directivo da Asociación de Apicultores da Provincia de Pontevedra.

Foron vogais Nazario Blanco Meire, Romá Cid Álvarez, os dous de Ourense, Carlos Barja Dapoza, de Xinzo de Limia, Armando Rodríguez Losada, da Rúa, Manuel Carballo Conde, de Xunqueira de Ambía, José María Romero Téllez, de Riós, José Castedo Vila, Marcos Varela Lorenzo, Vicente Devesa Jul, os tres de Lugo, Evaristo Vila Pico, Luis Garnelo Prada e José López Estraviz, de Ferrolterra, Isidro Pardo Varela, de Portodemouros, e Antonio Saavedra Pereira, de Santiago.

Había seis da Coruña, incluído o presidente, tres de Lugo, seis de Ourense e un de Pontevedra. Estaban representados todos os produtores e envasadores do sector apícola galego.

Este órgano reitor provisional foi moi dinámico. Fixo promoción en toda Galicia da importancia da denominación de calidade para captar membros, e o propio presidente desprazouse a todas as comarcas, contactando coa maioría dos envasadores e coas axencias de Extensión Agraria para que animasen os produtores a se integraren.

Durante o ano 1989 este órgano celebrou as seguintes reunións: o día 27 de febreiro en Silleda, o 15 de abril no apiario-escola de Teixeiro da Deputación de Lugo, o 26 de xuño outra vez en Silleda, o 7 de xullo en Ourense, o 15 de setembro novamente en Silleda, o 2 de outubro en Ourense, o 9 de outubro en Arzuá e o 26 de novembro en Xinzo de Limia.

Os membros deste órgano reitor percibían 18 pesetas por cada quilometro percorrido nos desprazamentos e 5.800 pesetas de axudas de custo por cada reunión ata a do día 2 de outubro, e a partir desta data as axudas de custo foron reducidas a 3.800 pesetas.

O primeiro representante da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes neste órgano era don Enrique Pantín Chao, ou o señor Meiriño pola súa Delegación. Máis tarde esta representación caeu en don Carlos Álvarez Antolínez, que foi o que reduciu as axudas de custo. Enrique Pantín Chao cesou na Consellería o día 15 de outubro de 1990 e pasou á Dirección Provincial do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación de Pontevedra.

Nunha das reunións celebradas no recinto feiral da Semana Verde de Silleda, alguén do órgano reitor, que non recordamos, fíxolle chegar ao presidente dous papeis cunhas estrofas improvisadas, que pola súa curiosidade transcribimos de maneira literal:

Si vienes a Silleda
ven en semana verde
Entrarás como quieras
Pero has de salir verde
Que pisando la tierra
de todo el suelo patrio
dejó para la historia
siempre el verde marcado

El verde de Galicia
Por los cuatro costados
Se concentró en Silleda
De pinceles cargado

Son verdes nuestras Hembras
i verdes nuestros machos
Verdes nuestras montañas
i verdes nuestros prados

i verdes los amigos
que nos van visitando

Que sean, Andaluces,
Catalanes, o Vascos,
Nos abrazamos todos,
En abrazo de Hermanos
al estar todos verdes
no nos diferenciamos

Los que siguen
la ruta que los lleva a Santiago
se ban quedando verdes
Cuanto mas van andando

Damos verde
a las embras
Damos verde
a los machos
damos culto a la tierra
de Rosalía de Castro

Outras actividades do órgano reitor provisional

Ademais de redactar o regulamento fixo as seguintes actividades destacables:

Organizou en ALIMEGA de Ferrol o I Seminario sobre comercialización do mel de Galicia durante os días 24 a 26 de novembro de 1989, onde lle foi outorgado un diploma pola colaboración no certame.

O seu presidente participou nunha mesa redonda sobre a produción, envasado e comercialización do mel en Pravia (Oviedo), o día 15 de novembro de 1990. Participou tamén no 5º Congreso Nacional de Apicultores de Don Benito (Badaxoz), os días 9 e 10 de novembro de 1990.

No ano 1990 foi invitado o órgano reitor ás xornadas apícolas que se celebraron en Macedo de Cavaleiros e en Chaves (Portugal), onde o presidente expuxo e deu a coñecer a organización do sector apícola en Galicia. Con tal motivo estableceu contactos con “Mel Norte Cooperativa”, de Vila Real, “Asociación Apic-Norte de Portugal”, “Cooperativa Apidouro”, de Pazos de Ferreira, “Asociación dos Amigos das Abelleas”, de Coimbra, “Cooperativa Mel”, de Lisboa, “Sociedade de Criadores de Raiñas”, de Braga, e co “Museo de Ovar”, preto de Porto.

Mantivo contactos con “Slow Food España”, con sede en Madrid, sobre as posibilidades do consumo de mel de Galicia.

Organizou xornadas técnicas sobre a calidade e a comercialización do mel; concursos de presentación e calidade deste produto, con trofeos e premios en metálico; actos masivos de cata de mel, coa participación da televisión e demais medios de comunicación social; participou nas Mostras Galegas de Apicultura, co escaparate do mel de Galicia.

Levou a cabo todos os anos en certames agrarios o Salón Monográfico do Mel de Galicia. Participou en exposicións nacionais, como na Alimentaria de Barcelona, Gourmet de Madrid, Salón Alimentario da Feira Internacional da Semana Verde de Galicia, Agronatura de Ourense, e Alimega de Ferrol, como queda dito.

Tamén participou en certames fóra do territorio español, como na Semana Verde de Berlín, en Alimentaria de Esponsor de Porto e Agro 90 de Braga.

Durante o mes de setembro de 1990, con prolongación ata o día 9 de outubro, o órgano reitor estivo presente con mel de Galicia nos pequenos almozos das sete feiras flotantes, de tres días de duración cada unha, que organizou polo Mediterráneo ENCONSA INTERNACIONAL S.A. e nas que participaron importantes empresas sponsorizadoras internacionais, así como empresarios da restauración, hoteis e grandes cadeas comerciais.

Regulamento do Produto de Calidade Mel de Galicia

Foi aprobado pola Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 8 de febreiro de 1989 (DOG núm. 47 do 8 de marzo).

Ten 32 artigos, unha disposición transitoria e catro derradeiras. Os referidos artigos distribúense nos nove capítulos seguintes: Capítulo I. -Xeneralidades; Capítulo II. - Definición e ámbito; Capítulo III. -Elaboración; Capítulo IV. -Características; Capítulo V. -Rexistros; Capítulo VI. -Dereitos e obriga; Capítulo VII. -Control de calidade; Capítulo VIII. -Do órgano reitor; e Capítulo IX. -Infraccións e sancións.

En relación co mel para comercializar o Capítulo IV establece os seguintes parámetros físicoquímicos de calidade do mel de Galicia: Humidade máxima, 18,5%, agás o mel de breixo que pode

chegar ao 21%; Actividade diastásica, como mínimo 15 na escala de Gothe; e Hidroximetifurfural (HMF), non máis de 28 mg por quilo.

Estes parámetros son todos eles máis exixentes que os dos meles comerciais non protexidos. Así, por exemplo, no caso da humidade a lei que regula a comercialización interior do mel permite unha humidade do 21% e se é de breixo o 23%, para calquera mel do mercado. Tamén permite unha actividade diastásica mínima de 8 e un HMF de máis de 28 mg por quilo.

Número de produtores inscritos no órgano reitor

Tamén figuran por provincias no cadro seguinte:

Provincia	Nº Apicultores	Nº. Apiarios	Nº. colmeas
A Coruña	101	178	4.084
Lugo	111	189	3.021
Ourense	91	170	4.714
Pontevedra	38	58	1.205
Totais	341	595	13.024

É destacable o feito de que un apicultor da provincia da Coruña sexa posuidor de 1.427 colmeas.

Número de envasadores inscritos no órgano reitor

Tamén figuran por provincias no cadro seguinte:

Provincia	Nº Envasadores	Mel Envasado En Tm
A Coruña	12	71
Lugo	11	31
Ourense	10	45
Pontevedra	4	7
Totais	37	154

Control de calidade

O órgano reitor estableceu dous procedementos para garantirlle ao consumidor a calidade do mel de Galicia.

Un de carácter interno, mediante visitas de persoal técnico propio a alvarizas e centros de envasado. Outro de carácter externo, contratado con “Foster Galicia, S.A.” Esta empresa comprometeuse, mediante a sinatura dun contrato co órgano reitor, a facer controis en centros de envasado e puntos de venda ao público do mel de Galicia, procedendo á súa análise para comprobar se o mel reúne os parámetros de calidade establecidos no seu regulamento.

Logotipo

Foi aprobado polo director xeral de Produción Agropecuaria e Industrias Agroalimentarias don Francisco Mombiela Muruzabal, a proposta do órgano reitor, con data do 3 de novembro de 1989.



Fig. 1



Fig. 2

Logotipos do MEL DE GALICIA de medio quilo (fig. 1) e de 1 quilo (fig. 2)

Antes de facer a proposta deste logotipo, achegado polos membros do órgano reitor de Ferrolterra, examináronse dous máis. Un achegado polos membros da provincia de Ourense e o outro polo presidente, feito por un deseñador de Vilagarcía de Arousa. Estes dous últimos foron rexeitados por maioría nunha reunión do órgano reitor celebrada na localidade de Arzuá o día 9 de outubro do referido ano 1989.

Domicilio social do órgano reitor provisional

Fixou o seu domicilio no Instituto Galego de Información, nun despacho cedido por Isaac Díaz Pardo de maneira gratuíta, por entender que se lle estaba prestando un servizo a Galicia en

concordancia co seu ideario e sobre todo porque interpretaba que o órgano reitor estaba sendo impulsado polo Servizo de Extensión Agraria, que tanto se preocuparapolo medio rural galego.



Membrete do domicilio e enderezo postal do órgano reitor provisional do P.G. de Calidade "MEL DE GALICIA"

Resposta dos apicultores ás iniciativas do órgano reitor provisional

Como os apicultores sempre viron os obxectivos do órgano reitor apoiados polo Servizo de Extensión Agraria, no que confiaban, recibiron con optimismo e incluso con ilusión as propostas sobre a mellora da comercialización do mel.

O día 10 de setembro de 1990 o presidente do órgano reitor provisional envioulles unha carta a todos os produtores inscritos na que entre outras cousas lles dicía:

Na miña condición de presidente do órgano reitor provisional, permítame que conte coa súa importantísima colaboración, para que o esforzo que fixemos e seguiremos facendo con verdadeira ilusión todos os APICULTORES DE GALICIA teña os resultados que esperamos.

Coa súa axuda, teña a seguridade de que no ano 1993, en que entra a funcionar a ACTA ÚNICA EUROPEA, os apicultores galegos poderemos presumir, con orgullo, que sabemos por onde andamos, porque sen dúbida ningunha o mel das nosas abellas estarán entre os máis preferidos por todos os consumidores de Europa.

No caso necesario, recoméndolle que acuda a consultar calquera dubida á Axencia de Extensión Agraria da súa comarca.

A resposta a esta carta de Juan Lorenzo Giráldez, do Porriño, que se transcribe textualmente a continuación, é proba evidente de canto dicimos:

Señor Troncoso: He recibido con satisfacción el documento acreditativo como productor de miel y

al mismo tiempo reconozco su labor en beneficio de todos los agricultores.

Yo a usted no lo conozco personalmente pero algun día tendré la ocasión de estrecharle la mano y hacer algún comentario.

Bueno no escribo en gallego porque tengo muchas faltas y le diré para poner al día el fichero pues me han cambiado el número y queda así

*Juan Lorenzo Giráldez
Lousedo Arrufana 17 (Quintal)
Porriño Pontevedra 36415*

con esto basta

Tambien le diré que puede contar con mi voto porque yo de momento por mi trabajo no dispongo de mucho tiempo.

Reciba un abrazo de este su amigo

Constatación final

Cando a Consellería nomeou presidente do órgano reitor provisional a Amador Rodríguez Troncoso, este ostentaba o cargo electo de presidente da Asociación Galega de Apicultores (AGA).

Non había incompatibilidade entre os dous cargos, pero ao pouco tempo afloraron suspicacias e sospeitas de posibles parcialidades por parte das outras asociación de apicultores.

As asociacións galegas de apicultores daquela eran as seguintes:

Asociación Galega de apicultores (AGA), cuns 1.800 socios.

Asociación Provincial Lucense de Apicultores (APLA), con 600 socios.

Asociación de Apicultores da Provincia de Pontevedra (AAPP), con outros 600 socios.

Asociación Valdeorresa de Apicultores (AVA), con 120 socios.

Asociación de Apicultores do Valadouro (AAV), con 92 socios.

Para evitar as referidas suspicacias, e ademais porque “non basta ser honrado, senón que tamén hai que parecelo”, Amador Rodríguez Troncoso presentou a dimisión como presidente de AGA. Loxicamente, isto non lle pareceu moi ben aos poderes fácticos desta asociación que, como xa queda dito, aspiraban a centralizar todo o asociacionismo apícola en Santiago de Compostela, en contra dos criterios do Servizo de Extensión Agraria.

Confirma esta afirmación a carta que lle escribiu Abel Yáñez, presidente de AGA o día 2 de novembro de 1990, pedíndolle aos 450 produtores e aos 35 envasadores o voto do seu candidato á presidencia do órgano reitor, fundamentándose en que “representan amplamente ao sector apícola”.

A amplitude de tal representación non é tan manifesta porque as outras asociacións, como se pode comprobar, achéganse aproximadamente ao 50% dos apicultores galegos interesados polo asociacionismo apícola.

Con data 8 de decembro de 1990, cando xa AGA se fixera coa presidencia do órgano reitor, ao que Amador Rodríguez Troncoso non se presentara, este, na súa calidade de presidente da Asociación Galega de Produtores de Mel de Montaña, da que acababa de ser elixido, envioulle unha carta en castelán ás seguintes persoas:

Dona Carmen Díaz Cortiñas, presidenta da Asociación Provincial Lucense de Apicultores (APLA).

Don Armando Rodríguez Losada, presidente da Asociación Valdeorresa de Apicultores (AVA).

Don José María Seijo Coello, presidente da Asociación de Apicultores da Provincia de Pontevedra (AAPP).

Don Abel Yáñez Armesto, presidente da Asociación Galega de Apicultores (AGA).

Don Rodolfo Chao Salas, presidente da Asociación de Apicultores do Valadouro (AAV).

A referida carta pretendía chegar á constitución da Federación Galega das Asociacións de Apicultores e, entre outras moitas cousas concordantes, dicía:

Para la búsqueda de puntos de encuentro, sin merma alguna de los objetivos propios de cada asociación, es necesario que nos reunamos para establecer, previamente, las bases de discusión como punto de partida. Estoy convencido de que cuantos esfuerzos hagamos en el sentido de cuanto queda expuesto, van a repercutir a muy corto plazo en el beneficio de la apicultura de Galicia y nos lo van a agradecer cuantos nos sucedan en esta actividad.

A esta carta contestaron favorablemente todos menos Abel Yáñez Armesto, que deu a calada por resposta. É máis, pasado algún tempo, Amador Rodríguez Troncoso foi expulsado de AGA por asistir a unha reunión convocada para a constitución da Asociación Provincial da Coruña. Loxicamente, tendo sido Presidente de AGA non necesito preguntar quen propuxo a miña expulsión. Cando se constituíu a Asociación de Apicultores da Provincia de Pontevedra, tamén se propuxera a expulsión de AGA de David de la Iglesia, que era un socio fundador, e daquela opúxenme eu a tal expulsión nunha asemblea xeral celebrada no Mercado de Gando de Salgueiriño de Santiago de Compostela.

Capítulo XVII

**Transferencia do Servizo de
Extensión á Xunta de Galicia
e a súa desaparición**

A. Rodríguez Troncoso

Normas reguladoras

Real decreto 3.318/1982 do 24 de xullo (BOE núm. 291 do 24 de decembro), que traspasa as funcións e servizos do Estado en materia de agricultura, gandería e pesca á Xunta de Galicia.

Por este real decreto transfírese Extensión e Capacitación Agraria, sanidade vexetal, produción vexetal, produción animal, ordenación da oferta, desenvolvemento gandeiro, industrias agrarias, pesca de augas interiores, marisqueo e acuicultura e as confrarías de pescadores.

Real decreto 999/1984 de 28 do marzo (BOE núm. 128 do 29 de maio), que traspasa o persoal da Escola de Benquerencia, tanto funcionario coma laboral; o persoal que fora situado na rúa Altamira, 18-2º, de Santiago, sen transferir polo anterior real decreto; e o da escola de Ourense que quedara tamén sen transferir no primeiro momento.

Por este último real decreto tamén se transferiron o Centro de Capacitación e Extensión Agraria de Becerreá, de 7.177 metros cadrados de superficie, doado ao Estado por don Manuel Duro Campos e Dona María Concepción Rodríguez Pereira; o Centro de Capacitación e Extensión Agraria de Silleda, de 10.000 metros cadrados, doado ao Estado por Dona María Lázaro San Martín; a Axencia Comarcal, de 130 metros cadrados, en arrendamento, de Altamira 18- 2º de Santiago de Compostela; e a Axencia Provincial, de 286 metros cadrados, no edificio de servizos múltiples do Barrio Monelos, planta 4ª, esquerda, da Coruña, no que o Servizo de Extensión Agraria contribuíu coa cota correspondente a financiar a súa construción.

Persoal traspasado no ano 1982

a).- Funcionarios traspasados por escalas:

Catro enxeñeiros superiores, dous técnicos, 146 axentes de Extensión, 50 axentes de economía doméstica, 5 administrativos, 26 monitores, 80 auxiliares administrativos, 1 subalerno e 1 condutor.

Os postos de traballo por niveis foron os seguintes: 4 supervisores con nivel 20; 3 supervisores de nivel 19; 1 asesor de nivel 19; 3 xefes de negociado A de nivel 15; 5 xefes de negociado B de nivel 12; 13 xefes de grupo de nivel 9; e 6 auxiliares principais de nivel 8.

b).- Contratados por categorías profesionais:

Cincuenta e sete fixos descontinuos, limpadoras; 6 fixos continuos, limpadoras; 1 fixo continuo, despenseiro; 2 fixos continuos, conserxes; 2 fixos continuos, cociñeiros; 1 fixo continuo, gobernanta; 1 fixo continuo, oficial 1ª; e 1 fixo continuo, oficial 2ª.

Neste primeiro real decreto de transferencias faise a seguinte observación: *Se hace reserva del uso de la vivienda que ocupa el Regidor de Actividades del Servicio de Extensión Agraria, por un periodo de un año prorrogable, por acuerdo de ambas partes.* Esta observación resulta paradoxal, pois o rexedor non se transferiu co Servizo que rexía.

Persoal traspasado no ano 1984

a).- Da escola de Benquerencia: 2 axentes, 1 axente de economía doméstica e 5 monitores, e o persoal laboral seguinte: 8 limpadoras, 1 gobernanta, 2 cociñeiras, 2 axudantes de cociña, 1 porteiro e 1 auxiliar administrativo.

b).- Do persoal situado na rúa Altamira, 18, de Santiago: o rexedor, 1 enxeñeiro superior, 1 asesor técnico, 2 axentes, un con categoría de xefe de negociado e o outro especializado, e 2 auxiliares administrativos, un con categoría de xefe de grupo e o outro con nivel 8.

Este real decreto anula a observación do anterior que reservaba por un ano prorrogable a vivenda que ocupaba o rexedor. Facemos constar que o rexedor deixou libre a dita vivenda no mesmo momento en que o situaron en Altamira 18-2º á fronte da unidade non transferida cos funcionarios citados.

c).- Da escola de Ourense: 1 enxeñeiro superior con categoría de asesor técnico. Era o director da Escola de Capataces da Deputación Provincial.

d).- Da escola de Guísamo transferiuse a: 1 monitor, que era xefe de internado en dita escola e que non fora transferido no ano 1982.

Resumo do último persoal transferido

a).- Por escalas: 2 enxeñeiros superiores, 1 técnico de Extensión, 5 axentes, 1 axente de economía doméstica, 6 monitores e 2 auxiliares administrativos.

b).- Postos de traballo por niveis: 1 rexedor con nivel 24, 1 xefe de sección con nivel 20, 2 asesores con nivel 20, 2 xefes de negociado con nivel 16, 2 especialistas con nivel 16, 2 xefes de grupo con nivel 10, 6 administrativos con nivel 8, e 1 con nivel 7.

Vehículos transferidos

a).- En 1982: 128 Citroën 2 CV, berlinas; 5 Citroën 2 CV, furgonetas; 1 DKV, furgón; 4 Mercedes, furgóns; 9 Land Rover; 1 Renault-6, berlinas; 8 Renault 4-L; 3 Simca 1200; 1 SEAT Panda 35; 1 motocicleta LUBE; 4 motocicletas OSSA; e 3 motocicletas VESPA.

A motocicleta LUBE estaba no Centro Rexional de Santiago de Compostela, tiña a matrícula PMM-6717 e fora adquirida no ano 1961. Había tamén unha moto OSSA do mesmo ano, coa matrícula PMM-7729, en Ribadeo. Estas dúas motocicletas foron os vehículos máis antigos que se transferiron no ano 1982.

O primeiro vehículo que utilizamos os axentes de Extensión foi a motocicleta LUBE, substituída máis tarde pola OSSA, ata que nos facilitaron furgonetas Citroën 2 CV, que se foron substituíndo de forma progresiva por Citroën 2 CV berlinas. As axentes de economía doméstica foron equipadas no primeiro momento con motocicletas VESPA, ata que foron accedendo, como era lóxico, ás berlinas.

En Galicia os axentes de zona foron dotados sempre con berlina Citroën. Ao axente de zona adxunto da Coruña asignáronlle unha berlina Renault-4L.

Houbo un momento en que as axentes de economía doméstica coñecíanas pola VESPA, aos axentes pola furgoneta Citroën e aos axentes de zona pola berlina.

En relación cos coches transferidos había unha berlina Citroën 2 CV do ano 1960, matrícula PMM-6172, que estaba en Padrón, outra do mesmo ano, a PMM-6175, que estaba en Carballo, e tamén outra Betanzos, o referido ano 1960, a PMM-6176.

Todos os demais vehículos eran da década dos 70, agás 6 que eran do ano 1980 e un que era do ano 1981.

b).- No ano 1984 transferíronse 2 Mercedes furgóns, 1 Land Rover, 1 Simca 1000 que era o PMM-8859 de 1976 asignado ao rexedor e 5 berlinas Citroën 2 CV.

Algunha Axencia de alta montaña con camiños difíciles ou nevadas de inverno, como as da Fonsagrada, Navia de Suarna, Becerreá, Quiroga e A Pobra de Trives, cando o reclamaban os axentes, facilitábenselles Land Rover de dobre tracción.

Competencias, servizos e funcións que se reservou a Administración do Estado

O Estado en materia de Extensión e Capacitación Agraria mantén competencias exclusivas en:

- a) Ordenación e planificación das ensinanzas de Capacitación Agraria.
- b) Obtención, expedición e homologación de títulos de carácter agrario.
- c) Alta inspección, na forma que se determine legalmente.
- d) Dirección e xestión dos centros de formación profesional e Capacitación Agraria que teñan ámbito nacional.
- e) Aprobación, coordinación e avaliación dos programas de Extensión de interese xeral que se establezan coa participación da Comunidade Autónoma, a xestión orzamentaria das subvencións e o seu control, así como a aprobación de créditos supervisados para facilitar a incorporación e instalación de agricultores mozos.
- f) A difusión das medidas conxunturais derivadas da planificación xeral da actividade agraria.
- g) As relacións internacionais en materia de formación profesional de Extensión Agraria.
- h) A formalización de concertos para impartir ensinanzas de Capacitación Agraria que leven consigo subvencións para investimentos ou gastos de funcionamento.

Orde cronolóxica das transferencias ás diferentes comunidades autónomas

As transferencias das competencias do Estado en materia de Extensión e Capacitación Agraria ás

comunidades autónomas fixéronse entre os anos 1978 e 1983.

As primeiras comunidades en recibilas foron o País Vasco e Cataluña, seguidas de Estremadura, e concretamente o 29 de decembro do ano 1981 fóronlles transferidas a Castela A Mancha, Asturias, Andalucía, País valenciano, Murcia, Castela e León, Canarias, Baleares e Aragón.

No ano 1982 transferíronse a Cantabria e Galicia, e no ano 1983 á Rioxa e Madrid.

Aínda que houbo unha transferencia en materia de Extensión e Capacitación Agraria a Navarra, non facemos constar nin o real decreto nin a data porque en Navarra non se chegaron a crear axencias de Extensión Agraria e os agricultores foron atendidos directamente pola Deputación Foral.

Desde Galicia algunha Axencia Comarcal fixo visitas colectivas con agricultores á Comunidade de Navarra para ver explotacións, especialmente gandeiras.

No cadro seguinte, para unha máis doada comprensión, figuran as comunidades autónomas coas datas e os correspondentes reais decretos de transferencias.

Nº De Orde	Comunidade Autónoma	Real Decreto
1	PAÍS VASCO	Núm. 1981/1978 do 15 de xullo e núm. 2709/1980 do 26 de setembro.
2	CATALUÑA	Núm. 1380/1978 do 26 de setembro.
3	ESTREMA-DURA	Núm. 2912/1979 do 21 de decembro e núm. 3539/1981 do 29 de decembro.
4	CASTELA-A MANCHA	Núm. 3072/1979 do 29 de decembro.
5	ASTURIAS	Núm. 3461/1981 do 29 de decembro.
6	ANDALUCÍA	Núm. 3490/1981 do 29 de decembro.
7	COMUNIDADE VALENCIANA	Núm. 3533/1981 do 29 de decembro.
8	REXIÓN DE MURCIA	Núm. 3536/1981 do 29 de decembro.
9	CASTELA E LEÓN	Núm. 3537/1981 do 29 de decembro.

10	CANARIAS	Núm. 3538/1981 do 29 de decembro.
11	ILLAS BA-LEARES	Núm. 3540/1981 do 29 de decembro.
12	ARAGÓN	Núm. 3544/1981 do 29 de decembro.
13	CANTABRIA	Núm. 3114/1982 do 24 de xullo.
14	GALICIA	Núm. 3318/1982 do 24 de xullo e núm. 999/1984 do 28 de marzo.
15	A RIOXA	Núm. 2892/1983 do 13 de outubro.
16	MADRID	Núm. 3297/1983 do 2 de decembro.

Evolución do Servizo de Extensión Agraria en Galicia despois das transferencias

Hai que constatar que, con data do 26 de febreiro do ano 2002, no DOG núm. 41 publícase o Decreto 50/2002 do 14 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural e do Instituto Lácteo Gandeiro de Galicia. Neste decreto omítese toda referencia ao Servizo de Extensión Agraria e ás axencias comarcais. Hai que entender que estas son substituídas “caladamente” polas “oficinas agrarias comarcais” que menciona o artigo 12º punto 1.1 do dito decreto sen especificar ningún cometido. Trátase, polo tanto, da supresión do Servizo, non de maneira expresa, senón tácita e por omisión.

A Xunta de Galicia non foi consciente en ningún momento da importancia do Servizo de Extensión Agraria para o futuro da nosa economía produtiva agraria nin para o desenvolvemento do medio rural galego e actuou por mimetismo con outras autonomías, convertendo as axencias de Extensión Agraria en oficinas agrarias comarcais como estritos órganos burocráticos para as tramitacións administrativas.

O verdadeiro valor das axencias para unha comunidade tan ruralizada e dispersa como a galega estaba na súa capacidade creativa, promotora e protagonizadora de iniciativas dende o mundo rural endógeno, mediante unha metodoloxía participativa e democrática perfectamente asumida, que puña os axentes, nos que confiaba a xente, en contacto directo cos agricultores, nas súas propias explotacións e no seu medio social

rural, sen fronteiras de horarios, mostradores ou xanelas.

Os axentes de Extensión non só sabían o que facían senón que estaban ilusionados co que facían, fronte moitas veces á desilusión do campesiño, e contaxiábanlles esta ilusión aos agricultores, porque estaban convencidos de que eran os que mellor coñecían as leiras que traballaban e as comunidades onde vivían, e tamén os que máis cariño sentían pola terra onde naceran. Había un mutuo entendemento e unha forte atmosfera de confianza entre o axente e o agricultor, e deste xeito non resultaba difícil conseguir que este fose e se sentise protagonista e satisfeito do seu propio progreso. Nada é máis satisfactorio para unha persoa que a súa mellora co seu propio esforzo.

As axencias de Extensión tiñan un claro arraigo no medio rural. Proba do que dicimos é que cando a Xunta no ano 1992 pretendía que a Axencia da Fonsagrada pasase a depender da área de Becerreá, *os veciños, convencidos de que esta nova organización administrativa provocaría o desmantelamento de Extensión Agraria, organizaron un motín diante do Concello, pechando os establecementos durante varios días e o 17 de xaneiro do referido ano, cen axentes antidisturbios desaloxáronos do consistorio. Na madrugada do día 19 uns descoñecidos prendéronlle lume á casa dunha edil, afirmando o alcalde que lle quixeron forzar a porta da súa casa. Despois de un mes sen poder entrar no Concello pola oposición dos veciños, foi escoltado pola Garda Civil para poder facelo e recibírono cunha chuvia de ovos, mentres os gardas civís aguantaban como podían as estacadas da xente.* (EL PAÍS -José Hermida -Santiago de Compostela, 27-01-1992).

O abandono e o desinterese polas axencias era evidente, así cando en maio de 1999 o xefe do Servizo de Extensión e Capacitación Agraria informou que había na Axencia Comarcal de Ponte Caldelas, que estaba en obras, documentación de interese; cando estas remataron xa desaparece-ran na súa totalidade os documentos.

Cando o que fora rexedor rexional do Servizo en Galicia, Amador Rodríguez Troncoso, quixo consultar no Centro Rexional de Santiago certos documentos do arquivo, manifestoulle o administrativo encargado, José Gómez Diéguez, que por falta de espazo llos mandara queimar o conselleiro.

O forte impacto que deixou o Servizo de Extensión Agraria no mundo rural é evidente e para demostralo limitámonos a sinalar, despois de suprimilo no ano 2002, os seguintes datos:

O 22 de marzo do ano 2005 o secretario de organización do Sindicato Labrego Galego, Xoán Monasterio, dixo: *O desmantelamento dos servizos de Extensión Agraria, que serven para asesorar as persoas mozas nas súas exploracións, é unha eiva moi importante.* En *La Voz de Galicia* do 25 de outubro do 2006 lese na páxina de Ourense: *La oficina de Extensión Agraria de Verín organiza unas jornadas para enseñar a distinguir las setas.* Este mesmo anuncio aparece no portal de Internet "Verin.com".

La Voz de Galicia do día 12 de outubro do ano 2006, na páxina de Ourense di: *Extensión Agraria DE ESTRENO*, referíndose a que o persoal da Oficina Agraria Comarcal de Ribadavia trasládase a partir do mes de novembro ao Centro Comarcal do Ribeiro, na avenida de Redondela de Ribadavia.

Na Resolución do 15 de decembro do 2006 (DOG núm. 20 do 29 de xaneiro de 2007), do Consello Galego de Cooperativas, dise que, *entre outros, poden participar no concurso de iniciativas de proxectos cooperativos experimentais os axentes de Extensión Agraria.*

O Banco de Terras de Galicia (BANTEGAL) di na súa publicidade, con data 26 de febreiro do 2008, que: *Las Oficinas Agrarias Comarcales (antes de Extensión Agraria) actúan como sucursales del BANTEGAL*, o que referencia o interese da Consellería do Medio Rural de nomear ao Servizo de Extensión polo seu prestixio entre os agricultores. A nós non nos estraña, porque o Cid Campeador gañou batallas despois de morto.

Os agricultores aínda lle seguen chamando ás oficinas agrarias comarcais "Os de Extensión", e seguirano facendo mentres non se lle borren da memoria. Despois de máis de vinte anos de xubilado saudoume un agricultor de Troitosende na rúa, botando de menos os tempos en que traballei como axente de Extensión en Negreira, e díxome: *Agora non lle é como antes, falan moito galego, pero para que nos atendan temos que vir nós por aquí, aquel respecto e aquel aprecio que vostedes tiñan pola nosa aldea e polas nosas cousas xa non existe.*

É oportuno dicir que naqueles tempos para chegar a Troitosende dende Negreira había que ir na motocicleta LUBE uns seis quilómetros ata Tapia, camiñar a pé por un carreiro ata o río Tambre, como un quilometro, cruzalo nunha barquiña e volver percorrer outro carreiro a pé ata a aldea. Para José Vázquez Álvarez, entón axente de zona, foi unha verdadeira odisea chegar a Troitosende, porque cadrou nun día de tormenta e vímonos obrigados a aloxarnos nun silo baleiro, cubertos cunhas uralitas.

As oficinas agrarias comarcais

En Galicia coinciden coas antigas axencias comarcais de Extensión Agraria. Neste sentido reconecemos que a Xunta de Galicia respectou con fidelidade as comarcas. Temos a seguridade de que se non o fixesen así, tal e como se actuou suprimindo “caladamente e de forma subrepticia” o Servizo de Extensión, os problemas da Fonsagrada de 1992 teríanse estendido como o lume por toda Galicia, de maneira espontánea. O certo é que cando se crearon as oficinas agrarias comarcais, o Servizo de Extensión Agraria xa fora practicamente “descafeinado”.

Para o apoio e coordinación das axencias de Extensión había sete supervisores ou axentes de zona. Dous en cada unha das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, e un na provincia de Ourense, que tiña menos axencias. Nun principio os axentes de zona tiñan a residencia en Betanzos, para A Coruña; en Monforte de Lemos, para Lugo; en Verín, para Ourense; e en Vilagarcía de Arousa, para Pontevedra. No momento en que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación creou as delegacións provinciais, os supervisores integráronse na Comisión Provincial Agraria respectiva, presidida polo delegado, e pasaron as súas sedes ás respectivas capitais de provincia. O supervisor xefe tiña o nivel retributivo 20 e o supervisor o 19.

A Xunta substituíu aos supervisores por xefes de área e estableceu as seguintes xefaturas de área:

Provincia da Coruña:

Área de Betanzos-Ferrol, coas oficinas de: Ferrol, Cedeira, Ortigueira, Pontedeume, Betanzos, As Pontes de García Rodríguez e Teixeiro.

Área de Carballo, coas oficinas de: Carballo, Baio, Corcubión e Cambre.

Área de Arzúa, coas oficinas de: Ordes, Arzúa e Melide.

Área de Noia-Santiago de Compostela, coas oficinas de: Santiago de Compostela, Negreira, Santa Comba, Noia, Padrón e Ribeira.

Provincia de Lugo:

Área de Lugo, coas oficinas de: Lugo, Castroverde, Friol e Sarria.

Área de Becerreá, coas oficinas de: Becerreá, Navia de Suarna e A Fonsagrada.

Área de Monforte de Lemos, coas oficinas de: Monforte de Lemos, Chantada, Monterroso e Quiroga.

Área de Mondoñedo, coas oficinas de: Mondoñedo, Viveiro, Foz e Ribadeo.

Área de Vilalba, coas oficinas de: Guitiriz, Vilalba e Meira.

Provincia de Ourense:

Área de Ourense, coas oficinas de: Ourense, Bande, O Carballiño, Celanova e Ribadavia.

Área do Barco de Valdeorras-A Pobra de Trives, coas oficinas de: O Barco de Valdeorras, A Pobra de Trives, Castro Caldelas, A Gudiña, A Rúa e Viana do Bolo.

Área de Verín, coas oficinas de: Verín, Allariz, Maceda e Xinzo de Limia.

Provincia de Pontevedra:

Área de Lalín, coas oficinas de: Lalín, Silleda, A Estrada, Forcarei e Vila de Cruces.

Área do Porriño, coas oficinas de: O Porriño, Redondela, Ponteareas, A Cañiza, Tui e O Rosal.

Área de Vilagarcía de Arousa-Pontevedra, coas oficinas de: Vilagarcía de Arousa, Ponte Caldelas, Cangas e Caldas de Reis.

Mentres o Servizo de Extensión Agraria dependeu de Madrid fuxiu de toda burocratización, para romper a rixida barreira existente entre a Administración e os administrados, en concreto os agricultores. Tan pronto se transferiu ás autonomías foi burocratizado, non só no funcionamento ao sacarlle a función promotora

e de contacto directo na propia explotación co agricultor, transformándoo en mero órgano de consulta e tramitacións, senón tamén por suprimirle ás unidades comarcais o nome de Axencia e chamarlle “oficina”, coa conseguinte supresión dos cualificativos de “Extensión Agraria”.

Como se pode comprobar, dos sete axentes de zona existentes antes das transferencias en Galicia, dos que catro deles asumían as xefaturas provinciais, pasouse a quince xefes de área, ou sexa, que dos sete funcionarios encargados de apoiar as axencias pasouse a 15 co cometido de fiscalizalas e controlalas.

A evolución do Servizo de Extensión Agraria nas demais autonomías

Foi semellante á da Comunidade Galega, se ben nalgúns casos como en Andalucía, onde había 145 axencias de Extensión, reducíronse as oficinas comarcais agrarias a 59. Concretamente, con referencia á provincia de Huelva, onde había 13 axencias, con data do día trece de xaneiro de 1998 (Boletín Oficial da Xunta de Andalucía núm. 4 do 13-01-98), suprimense as axencias de Extensión Agraria e créanse sete oficinas comarcais agrarias nas localidades de Almonte, Aracena, Cortegana, Cartaya, Palma del Condado, Puebla de Guzmán e Valverde del Camino. En todas estas localidades había Axencia de Extensión Agraria.

En Asturias, que tiña 25 axencias, foron menos drásticos e creáronse 20 oficinas comarcais agrarias, agrupadas en tres zonas, a occidental, a central e a oriental, suprimindo expresamente as referidas axencias de Extensión Agraria (Decreto 20/1985 do 21 de febreiro, BOPA núm. 53 do 4 de marzo de 1985).

No País Vasco o Decreto 42/1982 do 8 de febreiro, que modifica a estrutura orgánica do Departamento de Agricultura, non cita para nada as axencias de Extensión Agraria, pero define as oficinas comarcais agrarias como órganos periféricos dependentes do referido Departamento de Agricultura. Crea dentro deste departamento, como órgano central, a Dirección de Promoción e Formación Agraria.

O Goberno de Aragón, no Decreto 1/2000 do 18 de xaneiro, que aproba a estrutura orgánica do Departamento de Agricultura, inclúe na Dirección Xeral de Tecnoloxía Agraria ao Servizo de

Formación e Extensión Agraria, e dispón que no prazo de seis meses establecerá a estrutura e funcións das oficinas comarcais agroambientais.

Na única comunidade autónoma onde, ao noso xuízo, se respectaron os principios fundamentais do Servizo de Extensión Agraria foi en Canarias. Dicimos isto porque non só conservaron as 25 axencias comarcais recibidas nas transferencias, senón que as ampliaron ata chegar a 31, coa moi acertada denominación de “Oficinas de Extensión Agraria e Desenvolvemento Rural”.

Non criticamos os cambios feitos polas comunidades autónomas dentro das súas competencias, porque toda evolución leva implícitos estes cambios, o que lamentamos é a falta de visión por non utilizar o excelente recurso de Extensión que recibiron do Estado para a conservación do medio ambiente, para afondar máis nunha agricultura ecolóxica e para garantir a transferencia tecnolóxica. Desperdiciaron as comunidades autónomas a eficacia demostrada da metodoloxía de Extensión no traballo e a súa capacidade de promoción dende o protagonismo ilusionado e ilusionante do agricultor.

Esquecer a formación dos agricultores e a promoción das súas capacidades e iniciativas, que viñan facendo as axencias de Extensión Agraria tanto en ensinanzas informais coma regradas a través da Capacitación Agraria, foi sen dúbida ningunha un flagrante erro.

Nas xornadas sobre “Formación e Innovación Agraria” celebradas en Madrid o 9 de abril do ano 2003, o profesor titular de socioloxía rural da UNED, Cristóbal Gómez Benito, deixa ben patente o baixo nivel cultural e educativo dos agricultores españois.

Nas conclusións do seu relatorio, baseado no estudo 2.273 do CIS sobre *Condicións de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros españois*, de 1998, di que *a formación profesional dos agricultores non é un tema que lle preocupe moito ás administracións nin ás OPAS e nin sequera aos agricultores; estes danlle máis importancia ás experiencias prácticas.*

Resalta tamén este relator que *los agricultores echan en falta unos servicios técnicos de apoyo directo como la antigua Extensión Agraria, a la que acusan de haberse burocratizado, convirtiéndose en meros tramitadores de ayudas agrarias.*

Y reclaman unos servicios de este estilo, aunque adaptados a los tiempos.

No momento en que se creou o Servizo de Extensión Agraria era necesario conseguir que os agricultores aumentasen a produción para satisfacer as necesidades dunha sociedade inmersa na autarquía, estacionada no seu crecemento e empobrecida. Referímonos á sociedade en xeral, tanto a urbana coma a do mundo rural. O campo tiña que producir máis para alimentarse mellor e tamén para que se alimentasen os sectores da industria e dos servizos.

Extensión cumpriu de maneira satisfactoria este cometido asumido e contribuíu ao fomento do benestar da sociedade, con sensible notoriedade a partir dos anos sesenta do pasado século.

Agora que estamos acabando a primeira decena do ano dous mil, de se ter mantido o Servizo de Extensión Agraria coa mesma “filosofía” de traballo que tivo ata a súa transferencia ás comunidades autónomas, podería contribuír a afondar, como queda dito, na promoción da agricultura ecolóxica e na transferencia tecnolóxica. Pero onde faría un labor fundamental sería na conservación do medio ambiente.

Como di o profesor Díaz Fierros, en Galicia a descontrolada xeración de xurros nas cortes e a aplicación de fertilizantes químicos están agravando moitas explotacións agrarias por contaminación do medio. O impacto do nitróxeno orgánico nalgúñas comarcas como as do Deza e Ordes está moi por encima, unhas tres veces, de Irlanda, Francia e as comunidades autónomas de Asturias e o País Vasco.

Nos últimos 30 anos as filtracións de nitratos, amonio, sulfato, potasio e fósforo están contaminando as augas superficiais e as soterradas, con efectos negativos para a saúde humana e para a pesca fluvial. Máis da metade dos pozos e dos ulleiros de auga do medio rural teñen índices alarmantes de contaminación fecal. Os problemas aínda se agudizan máis nas explotacións sen terra (engorde de xatos, granxas de porcos, cellois, aves e visóns).

O uso incontrolado de pesticidas e herbicidas está poñendo en perigo a saúde das persoas e

a supervivencia das abellas e outros insectos fundamentais para a polinización, tan importante para o incremento da produción e para a conservación da biodiversidade das especies.

Desde que desapareceu o Servizo de Extensión Agraria non se lle está prestando a adecuada atención á depuración e canalización dos residuos domésticos do medio rural nin ao saneamento dos seus núcleos de poboación, porque non hai quen promova, como antes, as accións de desenvolvemento comunitario da xente, mediante o principio de “axuda mutua e esforzo propio”. Os plásticos e outros materiais reciclables de uso agrario están a cotío contaminando o medio ambiente.

Os incendios forestais, que como se sabe están incidindo na deterioración ambiental, non só porque hai menos absorción de nitróxeno senón tamén porque existe maior erosión do solo e contaminación das augas fluviais e mariñas, poderíanse reducir se se aplicase a metodoloxía de proximidade contrastada polos axentes de Extensión, implicando os agricultores e propietarios dos montes na súa prevención e control. Está demostrado que as medidas coactivas o único que poden facer é atizar máis o lume.

En Galicia hai unha falta de motivación e de formación ao carón dos agricultores e dos propietarios dos montes para a repoboacións con caducifolias.

A superficie de espazos naturais protexidos era do 0,79% da Extensión de Galicia no ano 2000, cando en Asturias alcanzaba o 10,21%, en Cantabria o 6,77%, no País Vasco o 9,63%, e a media de España chegaba ao 5,77%.

Os atrancos que encontrou e que segue encontrando a Xunta de Galicia para subir a referida porcentaxe dos espazos naturais protexidos débense, ao noso entender, a que non se está aplicando a promoción que utilizou sempre con éxito o Servizo de Extensión Agraria, ao carón permanente da xente do medio rural.

Polo que se ve, non é doado convencerse de que queremos facer con éxito calquera proposta, temos que implicar nela o protagonismo dos que resulten afectados.

A modo de colofón

Para rematar este libro queremos condensar en moi poucas palabras as características peculiares é exclusivas do Servizo de Extensión Agraria. Trátase de características que non existían antes da súa creación e que desapareceron cando foi suprimido, porque non houbo ningunha Administración que ocupase o baleiro que deixou Extensión Agraria.

Esta singularidade comprímese na seguinte frase: “O máis importante para o axente de Extensión é o agricultor”. Tanto para o axente masculino coma para a axente de economía doméstica o agricultor e a ama de casa tiñan sempre carácter preferente. Considerábanos como amigos e como obxectivo prioritario de consideración e atención en calquera lugar que os encontrasen.

O único e exclusivo destinatario do Servizo de Extensión Agraria era o agricultor; fundamento da razón de ser e existir da misión encomendada aos axentes.

Por suposto que o agricultor non foi creado polos axentes, nin tiña relación ningunha de pertenza nin dependencia deles, pero dende o primeiro momento en que se creou o Servizo o agricultor ocupou o espazo prioritario dos obxectivos do traballo de Extensión, non como suxeito fiscal nin como ente creador de riqueza, que tanto necesitaba entón España, senón como persoa amiga, que tiña que mellorar a súa condición humana como individuo, como pai de familia e como cidadán, a base de aumentar a produción agraria coas posibilidades da propia explotación e doutros recursos ao seu alcance, asumindo con protagonismo as técnicas adecuadas e adoptando posicións de creatividade con responsabilidade propia, tanto nos casos de éxito coma nos de fracaso.

O agricultor, coa creación do Servizo de Extensión Agraria, deixou de ser tutelado e manipulado, porque se sentiu importante e protagonista do seu propio progreso, adquirindo dende a óptica dos axentes a verdadeira maioría de idade en todos os campos, pero moi especialmente na aprendizaxe das técnicas agrarias e na súa aplicación, e tamén na administración do fogar e na convivencia familiar e comunitaria.

O fomento da autoestima do agricultor, en franca depauperación cando se creou o Servizo

de Extensión, foi o obxectivo prioritario dos axentes.

Un dos traballos máis dificultosos foi romper a barreira, para franqueala, que separaba a ancestral rutina do agricultor, baseada nas manualidades, e a teoría tecnolóxica, que se trataba de impoñer dende os estamentos oficiais. Esta fronteira, e tamén a que existía entre a Administración e o administrado, foi rota polos axentes de Extensión Agraria mediante a metodoloxía de “aprender facendo” e colocando en todas as axencias o cartel de “Pase sen chamar”, en contraposición do que colgaba en todas as oficinas das administracións públicas de “Chame antes de entrar”. E unha vez dentro, tamén se eliminaron os clásicos mostradores e xaneliñas, substituídos pola mesa redonda, onde se departía e estudaba calquera tema, sinxelamente en termos e modos de natural igualdade, dentro do mutuo respecto e confianza.

Estes elementais principios foron asumidos pola totalidade dos axentes de Extensión de España e ocuparon o primeiro nivel do seu comportamento profesional, por enriba das diferentes linguas do país, dos niveis económicos e culturais da xente, das ideoloxías e das crenzas, así como de calquera particularismo avalado polos usos e costumes de cada lugar.

A identificación de todos os axentes cos agricultores galegos e as súas familias foi total porque se fundamentou no respecto mutuo e na confianza absoluta, pero merece un especial recoñecemento o mérito daqueles, moitos, que procedendo doutras terras traballaron con verdadeira ilusión e dedicación nas axencias que quedan descritas, coa mesma entrega que os que naceran aquí; mais hai algúns que lembramos con verdadeira saudade polas experiencias que compartimos con eles nas corredoiras galegas, desafiando tormentas, molladuras, xélidos fríos, enlodamento por caídas, picaduras de toxos e silveiras, ou desorientacións nocturnas cando regresabamos de algunhas reunións cos agricultores.

Antes do nacemento de Extensión Agraria, en Galicia existía unicamente a Escola de Capataces de Bastiagueiro, da que saíron tres axentes, e todos os restantes que serviron aquí nun principio, incluso os galegos, formáronse en centros doutras comunidades, destacando a Escola de

Peritos Agrícolas de Pamplona e a Facultade de Veterinaria de León.

A estes máis de 125 axentes foráneos, que trataron con tanto afecto a nosa xente do campo e que deixaron anacos das súas vidas polos camiños galegos, sentímonos obrigados a testemuñarlles persoalmente, como queda dito, o noso recoñecemento.

Como non é xusto que se perdan na noite dos tempos, sendo o obxectivo deste libro preservar a memoria histórica do Servizo de Extensión en Galicia, recordamos, en nome de todos, aos 23 seguintes, dos que nos consta o seu falecemento:

Nicolás Prieto Pastrana, Gonzalo Casino Mínguez, Feliciano Casado Gallego, José Antonio Hoyos Ruiz, Donato González Iglesias, Juan José Cruz Martín, Amador de Celis Suárez, Luis Llorente Llorente, Mario Fernández Fernández, Guillermo Gómez Quijano, Nazario Martínez Fuertes, José Luis de Marco Gómara, Manuel Teodosio López Marcos, Eugenio Martín Martín, Justiniano Miguélez López, Manuel Poblador Curto, Arturo Hernando Abad, Juan Lorenzo Micó Jornet, Isaac Margusino Villar, Adoración Martín Martín, José Antonio Puente Perosanz, Mariano Pino Vázquez e Crescencio Rodríguez Epelde.

Por outra banda, interpretando o sentimento maioritario de todos os extensionistas galegos,

tamén queremos deixar testemuña do sinxelo recoñecemento a cantos contribuíron a potenciar o noso traballo dende os seus cargos directivos e outras áreas da Administración, entre os que se encontran: Francisco Sineiro García, enxeñeiro do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e conselleiro de Agricultura; Fernando Garrido Valenzuela, conselleiro de Agricultura; Víctor Tello Calvo, técnico da Axencia de Desenvolvemento Gandeiro e director xeral na Consellería de Agricultura; Juan Piñeiro Andión, enxeñeiro do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo; Francisco Díaz-Fierros Viqueira, catedrático de Edafoloxía na Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela; Francisco Huidobro Canales, profesor de Bromatoloxía na Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela; Odón Abad Flores, enxeñeiro do Servizo de Concentración Parcelaria e director xeral na Consellería de Agricultura; Dasio Carballeira Tella, delegado do Ministerio de Agricultura en Lugo e director xeral na Consellería de Agricultura; Eduardo Olano Gurriarán, delegado da Consellería de Agricultura en Ourense; e Miguel Ángel Delmas e Pérez de Salcedo, delegado do Ministerio de Agricultura en Pontevedra. Todos eles demostraron simpatía, sensibilidade e recoñecemento cara ao labor que o Servizo de Extensión Agraria facía para a modernización do sector agrogandeiro galego.

Os autores

**Apéndices I e II
e
Bibliografía**

APÉNDICE I

Por consideralo de interese, os autores engaden, de maneira textual, este apéndice que nos enviou Anxo Vázquez Pernas, a quen agradecemos a súa colaboración:

Historia dos programas agrarios na Televisión de Galicia

Pouco antes de que o Estado das Autonomías fose unha realidade, o Servizo de Extensión Agraria levaba a cabo a súa tarefa seguindo as pautas establecidas na súa fundación.

Esta, asentábase nunha ortodoxia pouco común para as administracións públicas existentes naquel momento. As axencias comarcais eran as unidades básicas do Servizo que tiñan a capacidade de facer a programación de obxectivos e actividades, seguindo as liñas da política agraria existente. En consecuencia, cada Axencia estudaba a realidade socio-económica da comarca para coñecer as circunstancias nas que estaba e poder deseñar programas de actuación concreta que cambiaran a realidade herdada dos sistemas tradicionais de produción.

De aí saían o programa a longo prazo, base da actuación da unidade nun período de varios anos, e os programas anuais que estaban en sintonía co primeiro. Os plans anuais de traballo desenvolvíanse dentro de catro liñas de actuación: explotacións, acción comunitaria, familia e xuventude.

Un aspecto fundamental no desenvolvemento do programa anual de traballo era a marcaxe de obxectivos, que tiñan que ser cuantificados para poder comprobar a efectividade do traballo da unidade. Este feito era de especial importancia, dado que a relación coas instancias superiores, chamadas daquela axencias de Zona, Centro Rexional e Dirección Xeral, non se rexía por principios de autoridade que supuxesen unha liña vertical de mando. Os seguintes na escala, os axentes de zona, eran supervisores das actividades programadas pola Axencia Comarcal. Toda esta realidade envolvíase nunha filosofía de servizo ao agricultor.

Este sistema, no que os axentes se sentían protagonistas do seu traballo, tivo uns excelentes resultados.

No ano 1981 estaba destinado na Axencia Comarcal de Pontedeume, centrado nos quefaceres diarios e desenvolvendo a afección polo mundo audiovisual, cando xurdiu a posibilidade de facer un programa de agricultura no Centro Rexional de Televisión Española.

Por aquel tempo estaba de director do dito centro Eugenio Pena Leira, un gran profesional de televisión que dirixira e realizara os programas *Reina por un día* e *Esta es su vida* en Televisión Española nas décadas dos anos 60 e 70 e que tiveran un grande éxito.

Cando voltou á súa terra de Pontedeume, Eugenio mercou unha casa cunha parcela que tiña 2,75 hectáreas, a leira quíxo a poñer a producir e así plantou kiwis e instalou invernadoiros de flores. Eu asesorábo nas técnicas agrarias, o que nos levou a establecer unha forte relación.

Anteriormente a esta época de comezos da década dos 80, a “Dirección General de Capacitación y Extensión Agraria”, propuxera a realización de cursos de cinematografía para aqueles axentes que tiñan interese polo tema; de Galicia fomos tres: Amador Rodríguez Troncoso, Julián del Caño Abad e mais eu.

O equipo composto por Neches e Durán, da sección de cinematografía da Dirección Xeral, foi o que nos formou nas técnicas de comunicación audiovisual para a realización de películas de divulgación agraria.

Coñecedor desta circunstancia, Eugenio Pena que quería aumentar o tempo de emisión do Centro Rexional pasando da media hora diaria de *Panorama de Galicia* a unha hora coa incorporación de varios programas temáticos, propúxome a realización dun programa dedicado ao mundo do campo. A idea pareceume boa pero eu non era quen para decidir sobre este tema, propúndolle que se estudase a posibilidade dun acordo de colaboración co Centro Rexional de Extensión Agraria, á fronte do cal estaba Amador Rodríguez Troncoso.

En Extensión, a posibilidade de colaborar nun programa de divulgación agraria pareceulle de moito interese para o desenvolvemento da función encomendada ao Servizo.

Aos tres meses estaba dedicado a un traballo que me entusiasmaba, pero con moitas dúbidas sobre a posibilidade de que fose capaz de darlles contido aos programas segundo pasase o tempo. Seis meses foi o período de proba que se estableceu para o programa *O Agro*, iniciándose a emisión no mes de setembro de 1981, despois de varios meses de preparación.

Naquel tempo a gandería de leite en Galicia estaba medrando considerablemente, mais este aumento da produción non ía acompañado da calidade do produto debido a certas prácticas realizadas erroneamente.

Extensión, que estaba metida de cheo no proxecto leiteiro do país, iniciou uns programas para a mellora desa calidade, facendo fincapé na práctica da muxidura, na calidade bacteriolóxica e no control das mamitas. Estes tres temas foron os que inauguraron a programación do *Agro* os martes ao mediodía das tres primeiras semanas de setembro, seguíndolle despois outros moitos dos máis variados temas, pero sempre dende a perspectiva de programas de divulgación agraria destinados aos profesionais do agro.

A acollida do programa de televisión no campo foi excelente, o mesmo que o foi nas institucións relacionadas co sector agrario, este feito traducíuse nun nivel de audiencia moi alto que satisfizo as perspectivas sobre o espazo que tiñan postas os dous centros rexionais, o de Extensión e o de televisión.

Pasaron os seis meses, o programa seguiu emitíndose varios anos mentres a vida política do país encheuse de acontecementos. Primeiro foi a constitución da Comunidade Autónoma co traslado de competencias, entre as que estivo a de Extensión Agraria, cun funcionamento ao principio semellante a como o facía na etapa anterior. Os novos poderes públicos tiveron sempre unha actitude de recoñecemento e respecto polo programa, dándose a circunstancia que mentres o Centro Rexional de Televisión de Galicia dependía do Goberno de Madrid, no que estaba o partido socialista, en Galicia gobernaba Alianza Popular.

No ano 1985 empeza a emitir a Televisión de Galicia e hai unha proposta de cambio do programa para que se incorpore ás súas emisións, cuestión que se materializa a primeira semana

de xaneiro do ano 1986, baixo o título de *A Terra*. A última semana de 1985 aínda estiveron ao fronte do *Agro*.

Desde que se incorporou o programa agrario á Televisión de Galicia, estivo sempre en pantalla ata a actualidade, se ben hai que facer unha excepción duns poucos meses, cando entrou o goberno tripartito na Xunta. Aquela época de mediados da década dos 80 estivo chea de cambios no sector agrario como consecuencia da entrada na Comunidade Europea.

A Extensión afectoulle fortemente, en especial coa chegada dos programas económicos da PAC, que compensaba a baixada dos prezos de garantía co establecemento de axudas puntuais ás explotacións. A xestión destas axudas era prioritaria para a Xunta de Galicia, que necesitaba funcionarios e oficinas que estivesen nas comarcas agrarias.

Ao encomendarlle esas axudas a Extensión Agraria fixo que os fins de promotores do cambio e de divulgadores de técnicas, o traballo tradicional, quedase nun segundo plano. Aínda que este feito foi definitivo no cambio de orientación do traballo de Extensión, dende había anos víñase perdendo entidade propia ao quedar engarzada dentro do aparello administrativo da Consellería de Agricultura.

Na Televisión de Galicia, do programa *A Terra* pasouse a *O Noso Agro* no cambio de goberno autonómico do ano 1987, e permaneceu en antena co formato clásico, media hora de duración fundamentalmente na franxa horaria de mediodía.

O contido dos programas de televisión foron cambiando segundo pasaron os anos e as circunstancias foron outras. Nun principio eran fundamentalmente contidos de divulgación técnica, co transcorrer do tempo apareceron elementos como a incorporación á Comunidade Europea, que tivo unha forte presenza nas emisións.

A principios dos 90 iníciase un cambio na programación dos contidos agrarios na Televisión de Galicia, mantense o formato clásico de programa de divulgación con media hora de duración un día á semana e pasa a chamarse *Labranza*. Ao mesmo tempo, auméntase a emisión agraria

cun informativo de 5 a 6 minutos de duración co nome de *O Agro* e que se emite na franxa horaria de mediodía de luns a venres. Este formato mantense despois de 22 anos, sendo o programa *Labranza* o máis antigo da Televisión de Galicia.

No contido dos programas déixase sentir o cambio que se produciu na agricultura galega. Cando empezou *O Agro* no Centro Rexional de Televisión Española en Galicia, o sector agrario ocupaba máis do 40 por cento da poboación activa, na actualidade debe andar entre o 7 e o 8 por cento. Pasouse dunha agricultura que estaba en proceso de cambio, rachando co sistema tradicional de autoconsumo e reemprego, a outra que se especializaba para producir para o mercado, integrada na Comunidade Europea, que ten a difícil tarefa de competir con outras nas que están algunhas das máis eficaces do mundo.

Co paso dos anos houbo que adaptarse ás esixencias en calidade hixiénico-sanitaria dos produtos agrarios, a desenvolver sistemas de produción sostibles que fosen respectuosos co medio e acostumarse a producir calidade a prezos baixos; son algúns dos aspectos da PAC e os acordos sobre comercio internacional de produtos agrarios.

Sobre todos estes temas houbo moito que informar, os contidos dos programas foron cada vez menos de divulgación técnica, para dar paso a informacións sobre os cambios que lle esixían ao sector.

Os programas agrarios na televisión mantivéronse permanentemente a pesar dos cambios. Non foi así Extensión Agraria que desaparece hai uns anos para dar forma ás oficinas agrarias comarcais, unhas entidades con fins fundamentalmente administrativos e sen entidade propia, moi en consonancia coa actual Administración Pública que ten unha dependencia excesiva do poder político.

Difícilmente se pode entender, dentro desta Administración, un organismo e unhas unidades que teñen capacidade para programar o seu traballo, que definen obxectivos para o cambio, que ten unha filosofía de actuación de cara ao labrego, cando o que prevalece actualmente é unha estrutura na toma de decisións en vertical, onde as responsabilidades sempre están no nivel superior de mando e, na maior parte dos casos,

os intereses políticos dos partidos priman por encima de todo.

Afortunadamente os programas agrarios da Televisión de Galicia seguen emitíndose e cumprindo co fin encomendado, a pesar da xubilación do fundador.

Anxo Vázquez Pernas. Axente de Extensión Agraria. Exdirector dos programas *O Agro*, *O Noso Agro* e *Labranza*.

APÉNDICE II

Pola mesma razón exposta no apéndice anterior, engádesse este outro que nos proporcionou José Manuel Rodríguez Bao, a quen agradecemos tamén a súa colaboración:

A obtención do pemento tipo Padrón, variedade Entenza, non picante.

Dende 1995 José Manuel Rodríguez Bao, axente de Extensión Agraria e director naquel entón da actual Estación Experimental Agrícola do Baixo Miño, sita en Salceda de Caselas (Pontevedra), dedicouse, entre outros proxectos de experimentación e investigación, á caracterización de pementos autóctonos de Galicia, entre eles o de Padrón.

Respecto a este último, denominado orixinalmente de “Padrón” ou “Tipo Padrón”, os traballos iniciáronse partindo de 20 seleccións pertencentes a agricultores destacados das distintas comarcas de Galicia onde se cultivaba maioritariamente, sendo facilitadas as sementes polas axencias de Extensión Agraria. A súa orixe e número foron: nove liñas de Herbón, catro do Rosal, catro do Salnés e tres de Pontearreas.

O método de selección foi o *masal*, garantíndose a autofecundación mediante illamento de cada planta con veo que impide practicamente o paso de insectos e pole. Os criterios técnicos de cultivo mantivéronse sen variación ano tras ano: deseño en bloques ao chou e cultivo en invernadoiro tipo túnel, efectuándose fertilización, rega e ventilación escasas, para potenciar a maior incidencia da *capsicina* causante do ardor padal.

A semente e a caracterización obtivéronse de pementos maduros (vermellos), seguindo as normas “Descritores para *Capsicum spp*” do Instituto Internacional de Recursos Fitoxenéticos (IPGRI). Incorporáronse algúns criterios propios en canto á forma do froito que, de acordo con agricultores e técnicos, determinamos como máis desexable o alongado (lonxitude maior que o dobre da súa anchura), trapezoide e morro de vaca trilobulado.

Na súa selección determinouse e valorouse a produción en número de pementos maduros por planta, a precocidade, a maior porcentaxe

de fenotipo desexado e o sabor mediante catas, desbotando os picantes ou máis picantes.

En 1998 conseguíronse catro liñas non picantes, das que se elixiu unha para a súa inscrición no rexistro de variedades dependente da Subdirección Xeral de Sementes e Plantas de Viveiro do Ministerio de Agricultura, o que se fixo co nome de Herbón, núm. 20014379, en xusto recoñecemento aos agricultores desta parroquia, xa que dita liña procedía da semente orixinal que no seu día proporcionaron determinados produtores desta localidade. Posteriormente, a raíz da demanda do sector para o proceso da creación da denominación de orixe Pemento de Herbón, cambiouse o nome polo de Entenza, que se corresponde co nome da parroquia do Concello de Salceda de Caselas onde está situada a estación experimental que desenvolveu o proxecto.

A explotación e comercialización desta variedade foi aprobada en Consello da Xunta o 16 de marzo de 2000, seguindo producindo semente seleccionada a Estación Experimental do Baixo Miño, para a súa entrega gratuíta aos produtores que a demandaban, ata o ano 2012.

BIBLIOGRAFÍA

- Pintor, B. (1976). *O Santuario de nossa Senhora da Peneda*.
- Bohúer, A. (2001). *GALICIA*, tradución de Benjamín Casal. Xunta de Galicia.
- Actas Asembleas de Monforte de Lemos, Sergude e A Toxa*, inéditas.
- Actas dos primeiros e segundos Encontros de Técnicos Agrarios de Trás-os-Montes, Entre Douro e Minho e Galicia*, inéditas.
- Troncoso, A., García, J. e García, G. (2009). *El Servicio de Extensión Agraria en España. Vivencias, Recuerdos y Vigencia*. Madrid: Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.
- Cabana, A. (2006). *Pedro Murias; banqueiro na Habana, indiano na Devesa*, Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia.
 - Bernárdez Sobreira, A. *Planificación agraria na Galicia da autarquía 1939-1955*, Servizo de Publicacións da Xunta de Galicia, Colección Eidos núm. 2, 1999.
 - *Boletíns Oficiais do Estado*. Os citados no texto.
 - Cabo Villaverde, M. (1999). *Estación de Fito-patoloxía Agrícola da Coruña (1926-1951)*, Xunta de Galicia, Colección Eidos,
 - *Censo de la población de España de 1970. Nomenclator de las provincias de La Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra*. Instituto Nacional de Estadística, Madrid, 1973.
 - Consello da Cultura Galega. *Economía Ambiental e Sociedade*, coordinadores: Albino Prado Blanco e María Xosé Vázquez Rodríguez, Santiago, 2001.
 - Dr. Hércules Giamichele, corrixida por J. M^a Trías de Bes. *Instituciones de Derecho Romano*, Tomo I, Espasa Calpe S.A. Madrid-Barcelona, 9^a edición italiana, 1927.
 - Fernando Sánchez Puerta T. *Extensión Agraria y Desarrollo Rural*, Serie Estudios Secretaria Xeral Técnica do MAPA, Madrid, 1996.
 - Rodríguez, F. (1991). *Galicia-Historia*, Tomo VIII, varios autores, Hércules de Ediciones S.A. A Coruña.
 - *Gran Enciclopedia Galega*. Tomo 11, voz “Extensión”, Silverio Cañadas Editor, Santiago, 1974.
 - José Mas Candela. *Manual de ayudas audiovisuales*, Publicacións de Capacitación Agraria, Madrid, 1970.
 - Justo Beramendi González. *De provincia a nación - Historia do galeguismo político*, Edicións Xerais de Galicia, S.A., Vigo, 2007.
 - L. D. Kelsey - C.C. Hearne. *Trabajo de Extensión Agrícola*, Editorial Reverté, S.A., Barcelona-México-Bos Aires, 1961.
 - Meijide Pardo A. *Testimonios históricos sobre la antigüedad del cultivo de la patata en Galicia*, Área de Ciencias Agrarias do Seminario de Estudos Galegos, Edicións do Castro, 1984.
 - Pegerto Saavedra. *A Galicia do Antigo Réxime, Economía e Sociedade*, Galicia Historia, Tomo III, Hercules Ediciones S.A., A Coruña 1991.
 - *Primer Censo Agrario de España, año 1962, de La Coruña, Lugo, Ourense y Pontevedra*. Instituto Nacional de Estadística, en colaboración co Ministerio de Agricultura e a Organización Sindical, Madrid, 1964.
 - Servizo de Publicacións da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia. *100 anos de investigación agraria, 1888-1988*, varios autores, 2 tomos, 1992.
 - Servizo de Extensión Agraria. Fotocopias das 106 primeiras circulares enviadas ás axencias polo Servizo Central.
 - Servizo de Extensión Agraria. *Normas vixentes, 3^a edición refundida de 9 de maio de 1972*, enviadas ás axencias.
 - Servizo de Extensión Agraria. *Revista de Extensión Agraria*, varios números dende 1961 a 1987.
 - Barreiro, J.R. (1985). *Historia Contemporánea, Ensino e Cultura*, Galicia Historia, Tomo VII. A Coruña, Hércules Ediciones, S.A.



Índice

Presentación	7
Informe do Consello da Cultura Galega	9
Prólogo	11
Dedicatoria	13
Capítulo I.- Estrutura agraria de Galicia	15
Dominio dos eidos dispostos en bancais e socalcos	16
Eidos de cerrados das montañas setentrionais	17
Os eidos de agras	18
Paisaxes de campos abertos con ausencia de cerrumes do extremo sueste ...	22
Formas agrarias peculiares	22
Capítulo II.- Evolución histórica do agro galego	25
Agricultura prehistórica	26
A romanización	26
O mundo suevo	27
A época altomedieval	27
A Baixa Idade Media.....	28
O mundo rural galego do século XVI	30
<i>Os viñedos</i>	31
<i>A gandería</i>	31
<i>Control político e relixioso do campesíño</i>	31
Fames e pestes.....	32
Expansión do millo.....	33
O cultivo da pataca	33
As rendas e foros e a súa redención.....	34
O agrarismo.....	35
<i>As ligas galegas</i>	35
<i>Solidariedade Galega</i>	36
<i>Os problemas máis importantes do campo</i>	36
<i>Mentalidade agrarista</i>	37
<i>Asociacións máis importantes</i>	37
Capítulo III.- Os antecedentes máis inmediatos	39
O século XIX	40
<i>Mudanzas do sistema agrario</i>	40
<i>A gandería</i>	40
<i>A preocupación do Estado pola formación agraria</i>	40
<i>O problema agrario de Galicia</i>	41
<i>As deputacións e a Real Sociedade Económica de Santiago</i>	41
<i>Razóns fundamentais da falta de eficacia</i>	41
O século XX.....	42
<i>A Granxa Agrícola da Coruña</i>	42
<i>A Misión Biolóxica de Galicia</i>	42
<i>A Granxa Pedro Murias de Ribadeo</i>	43
<i>O Plan Agrícola de Galicia</i>	44
<i>Explotacións agrarias exemplares</i>	44
Capítulo IV.- Relacións de Extensión Agraria con outros organismos	47
O Servizo de Extensión e o de Concentración Parcelaria	48
Relacións de Extensión con investigacións agrarias	50
Extensión e o Patrimonio Forestal do Estado.....	51
Extensión e a universidade.....	53
Relacións co Plan Agrícola de Galicia	55
Capítulo V.- Relacións de Extensión cos servizos agrarios do norte de Portugal	57
As primeiras visitas a Portugal.....	58
Outros contactos destacables.....	59
Primeiros encontros de técnicos agrarios de Trás-Os-Montes, Entre Douro e Minho e Galicia	59
Segundos encontros de técnicos agrarios de Trás-Os-Montes, Entre Douro e Minho e Galicia	63
Capítulo VI.- Centro Rexional e axencias da provincia da Coruña	67
O Centro Rexional de Santiago de Compostela.....	68
<i>Primeira etapa</i>	68
<i>Segunda etapa</i>	68
<i>Persoal</i>	69
<i>Transferencia á Xunta de Galicia</i>	69
<i>Funcións específicas do Centro Rexional</i>	70
Axencias da provincia da Coruña	70
1.- Axencia Comarcal de Negreira.....	70

2.- Axencia Comarcal de Betanzos.....	76	Capítulo VIII.- Axencias da provincia de Ourense	129
3.- Axencia Comarcal de Padrón.....	77	Axencia de zona ou provincial	130
4.- Axencia Comarcal de Carballo.....	80	1.- Axencia Comarcal de Allariz	134
5.- Axencia Comarcal de Arzúa	81	2.- Axencia Comarcal de Bande	138
6.- Axencia Comarcal de Ortigueira.....	82	3.- Axencia Comarcal do Barco de Valdeorras	142
7.- Axencia Comarcal de Ordes	83	4.- Axencia Comarcal do Carballiño	151
8.- Axencia Comarcal das Pontes de García Rodríguez.....	84	5.- Axencia Comarcal de Castro Caldelas	155
9.- Axencia Comarcal de Corcubión.....	86	6.- Axencia Comarcal de Celanova.....	161
10.- Axencia Comarcal de Pontedeume	88	7.- Axencia Comarcal da Gudiña.....	169
11.- Axencia Comarcal de Teixeira-Curtis ..	89	8.- Axencia Comarcal de Maceda	173
12.- Axencia Comarcal de Ferrol.....	89	9.- Axencia Comarcal de Ourense	179
13.- Axencia Comarcal de Noia	92	10.- Axencia Comarcal da Pobra de Trives	183
14.- Axencia Comarcal de Santiago de Compostela.....	93	11.- Axencia Comarcal de Ribadavia	189
15.- Axencia Comarcal de Cambre.....	94	12.- Axencia Comarcal da Rúa	196
16.- Axencia Comarcal de Baio	96	13.- Axencia Comarcal de Verín	200
17.- Axencia Comarcal de Santa Comba.....	96	14.- Axencia Comarcal de Viana do Bolo..	211
18.- Axencia Comarcal de Ribeira.....	98	15.- Axencia Comarcal de Xinzo de Limia	214
19.- Axencia Comarcal de Melide.....	99	Capítulo IX.- Axencias da provincia de Pontevedra	225
20.- Axencia Comarcal de Cedeira	100	1.- Axencia Comarcal do Porriño	226
Capítulo VII.- Axencias da provincia de Lugo	101	2.- Axencia Comarcal de Caldas de Reis.....	227
1.- Axencia Comarcal de Monforte de Lemos	102	3.- Axencia Comarcal de Silleda.....	229
2.- Axencia Comarcal de Sarria.....	104	4.- Axencia Comarcal da Estrada	230
3.- Axencia Comarcal de Vilalba.....	105	5.- Axencia Comarcal de Tui.....	231
4.- Axencia Comarcal de Ribadeo	106	6.- Axencia Comarcal de Ponteareas.....	233
5.- Axencia Comarcal de Monterroso.....	107	7.- Axencia Comarcal de Lalín	234
6.- Axencia Comarcal de Mondoñedo	108	8.- Axencia Comarcal de Vilagarcía de Arousa.....	236
7.- Axencia Comarcal da Fonsagrada	109	9.- Axencia Comarcal da Cañiza.....	237
8.- Axencia Comarcal de Becerreá	114	10.- Axencia Comarcal de Ponte Caldelas ..	238
9.- Axencia Comarcal de Chantada	116	11.- Axencia Comarcal de Cangas de Morrazo.....	240
10.- Axencia Comarcal de Viveiro	119	12.- Axencia Comarcal de Redondela	241
11.- Axencia Comarcal de Meira	119	13.- Axencia Comarcal do Rosal.....	242
12.- Axencia Comarcal de Quiroga.....	121	14.- Axencia Comarcal de Sanxenxo	243
13.- Axencia Comarcal de Friol	122	15.- Axencia Comarcal de Forcarei	243
14.- Axencia Comarcal de Foz.....	123	16.- Axencia Comarcal de Vila de Cruces ..	245
15.- Axencia Comarcal de Castroverde	124	Capítulo X.- Centros de Capacitación Agraria (CECA)	247
16.- Axencia Comarcal de Guitiriz	124	A orixe dos CECA e o seu marco legal.....	248
17.- Axencia Comarcal de Lugo.....	127		
18.- Axencia Comarcal de Navia de Suarna	127		

Ensinanzas que se impartían nos CECA e o seu obxectivo	248
Causas da desaparición dos CECA.....	249
CECA que funcionaron en Galicia	249
<i>Provincia da Coruña</i>	249
1.- CECA de Santiago de Compostela	249
2.- CECA de Carballo	250
3.- CECA de Corcubión.....	251
4.- CECA de Teixeira	251
5.- CECA de Guísamo	251
<i>Provincia de Lugo</i>	252
1.- CECA de Benquerencia	252
2.- CECA de Castroverde	253
3.- CECA de Sarria	254
4.- CECA de Monterroso.....	254
5.- CECA de Monforte de Lemos.....	256
6.- CECA de Becerreá	256
7.- CECA de Chantada	257
<i>Provincia de Ourense</i>	257
1.- CECA de Verín	257
2.- CECA de Maceda	258
3.- CECA de Xinzo de Limia.....	258
4.- CECA da Gudiña.....	259
<i>Provincia de Pontevedra</i>	260
1.- CECA da Cañiza.....	260
2.- CECA de Forcarei	260
3.- CECA de Silleda.....	261
Capítulo XI.- Escolas de Capacitación Agraria	263
Normativa legal aplicable.....	264
Escolas de Capacitación Agraria existentes no ano 1956 en que se crea o Servizo de Extensión Agraria	264
Escolas de Capacitación Agraria existentes en España no momento das transferencias	264
Ensinanzas que se impartían	265
Evolución das ensinanzas nas escolas de Capacitación Agraria despois das transferencias	265
As escolas de Capacitación Agraria en Galicia.....	266
1.- Escola de Capacitación Agraria de Guísamo	266
2.- Escola de Capacitación Agraria de Sergude.....	270
3.- Escola de Capacitación Agraria de Monforte de Lemos.....	271
4.- Escola de Capacitación Agraria Pedro Murias.....	273
5.- Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Becerreá	275
6.- Escola de Capataces da Deputación Provincial de Ourense	279
Capítulo XII.- As normas do Servizo de Extensión Agraria, comentarios e anécdotas	283
Título I. Organización das normas do SEA	285
<i>Capítulo I.- Apertura das axencias</i>	285
<i>Capítulo II.- Horario de oficinas</i>	285
<i>Capítulo III.- Calendario oficial de festas</i>	286
<i>Capítulo IV.- Redacción de escritos e rexistro de correspondencia</i>	286
<i>Capítulo V.- Arquivo de documentos</i>	286
Comentarios ao Título I das normas e anécdotas ao respecto.....	287
Título II. Administración das normas do SEA.....	294
<i>Capítulo I.- Réxime económico dos centros rexionais, axencias provinciais e axencias comarcais</i>	294
<i>Capítulo II.- Arrendamento de locais</i>	298
<i>Capítulo III.- Axuda de custo, locomoción, traslados forzosos de residencia e comisións de servizo</i>	299
<i>Capítulo IV.- Control económico- administrativo da utilización de vehículos</i>	300
<i>Capítulo V.- Material e equipo de traballo</i>	301
<i>Capítulo VI.- Normas sobre contratación por horas de persoal para traballos administrativos</i>	302
Comentarios ao Título II das normas e anécdotas ao respecto.....	302
Título III. Persoal das normas do SEA	306
<i>Capítulo I.- Estatuto do persoal ao servizo dos organismos autónomos</i>	306
<i>Capítulo II.- Actuación e comportamento do persoal</i>	308
<i>Capítulo III.- Peticións de carácter persoal</i>	311

<i>Capítulo IV.- Desprazamentos do persoal en acto de servizo</i>	312
Comentarios ao Título III das normas e anécdotas ao respecto	313
Título IV. Material e medios de traballo das normas do SEA.....	329
<i>Capítulo I.- Normas sobre publicacións</i>	329
<i>Capítulo II.- Fotografías</i>	336
<i>Capítulo III.- Películas e diapositivas</i>	338
<i>Capítulo IV.- Utilización de vehículos do Servizo de Extensión Agraria</i>	338
Comentarios ao Título IV das normas e anécdotas ao respecto	340
Título V. Actividades das normas do SEA	345
<i>Capítulo I.- Xuntas locais de Extensión Agraria</i>	345
<i>Capítulo II.- Programación e informes</i>	348
<i>Capítulo III.- Axudas económicas para as accións de desenvolvemento de comunidades</i>	348
<i>Capítulo IV.- Instrucións administrativas sobre actividades con mozos</i>	349
<i>Capítulo V.- Ensinanzas intensivas</i>	353
<i>Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento de cursiños que se van realizar con axuda do Padroado de Igualdade de Oportunidades (PIO)</i>	354
<i>Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento de cursiños que se van realizar con axuda do Padroado de Protección ao Traballo (PPT)</i>	355
<i>Normas que cómpre seguir na programación e desenvolvemento de cursiños que se van realizar con fondos do Servizo de Extensión Agraria</i>	359
Comentarios ao Título V das normas e anécdotas ao respecto	360
Capítulo XIII.- Programación e metodoloxía no SEA	379
A planificación nas axencias de Extensión Agraria	380
<i>Consideracións de tipo xeral</i>	380
<i>O estudo de comarca</i>	380
<i>A planificación e a súa evolución</i>	384
<i>Exemplos do contido dos programas de traballo</i>	387
<i>Os plans anuais de traballo</i>	389
<i>Exemplo do contido dun plan anual de traballo</i>	390
<i>O proxecto mensual de actividades</i>	396
<i>O informe narrativo mensual</i>	396
<i>Os informes anuais de actividades e enquisas de resultados</i>	398
O programa de reestruturación de viñedos en Valdeorras (REVIVAL)	399
O plan de calidade dos viños galegos.....	403
A metodoloxía no SEA.....	409
<i>Consideracións de tipo xeral</i>	409
<i>A reunión</i>	410
<i>A demostración de método</i>	411
<i>A demostración de resultado</i>	413
<i>O curso</i>	414
<i>As viaxes colectivas</i>	416
<i>As visitas á oficina, leira e fogar</i>	417
Capítulo XIV.- Dinamismo interno. Asembleas rexionais	419
Introdución a este capítulo	420
Primeira asemblea rexional.....	421
Segunda asemblea rexional.....	422
Asemblea de axentes de Galicia celebrada na Toxa en 1969, cos seus relatorios	423
Outras asembleas	428
Xornadas técnicas de Extensión de abril e maio de 1977 en Sergude e Monforte de Lemos, cos seus relatorios ...	429
Capítulo XV.- Promoción da micoloxía en Galicia	435
A Galicia micófuga.....	436
O rexurdir do interese polos cogomelos en Galicia. A actuación do Servizo de Extensión Agraria como promotor e catalizador	437
Outras actividades especiais.....	441
Outros datos informativos de interese.....	442
A bibliografía micolóxica galega ao alcance popular.....	444
En memoria dos protagonistas desaparecidos.....	445
A páxina web da agrupación A Cantarela.....	446

Capítulo XVI.- Promoción da apicultura en Galicia	447
Os antecedentes da apicultura en Galicia.....	448
Situación da apicultura galega no momento da creación do Servizo de Extensión	449
Como naceu o interese de Extensión pola apicultura	449
Actividades apícolas na provincia de Lugo	450
A cátedra Benigno Ledo	450
Actuacións de Extensión no campo da apicultura	451
Promoción da apicultura en toda Galicia polo Servizo de Extensión	452
Garantía de calidade do mel de Galicia....	454
Creación do órgano reitor do Produto Galego de Calidade Mel de Galicia	454
Composición do órgano reitor provisional e actividades principais.....	455
Outras actividades do órgano reitor provisional	456
Regulamento do Produto de Calidade Mel de Galicia	456
Número de produtores inscritos no órgano reitor	457
Número de envasadores inscritos no órgano reitor	457
Control de calidade	457
Logotipo	457
Domicilio social do órgano reitor provisional.....	457

Resposta dos apicultores ás actuacións do órgano reitor provisional.....	458
Constatación final	458

Capítulo XVII

Transferencia do Servizo de Extensión Agraria á Xunta de Galicia e a súa

desaparición	461
Normas reguladoras	462
Persoal traspasado no ano 1982.....	462
Persoal traspasado no ano 1984.....	462
Resumo do último persoal transferido	462
Vehículos transferidos	463
Competencias, servizos e funcións que se reservou a Administración do Estado .	463
Orde cronolóxica das transferencias ás diferentes comunidades autónomas	463
Evolución do Servizo de Extensión Agraria despois das transferencias	464
As oficinas agrarias comarcais	466
A evolución do Servizo de Extensión Agraria nas demais autonomías.....	467
A modo de colofón	469
Apéndice I. Historia dos programas agrarios na Televisión de Galicia	474
Apéndice II. A obtención do pemento tipo Padrón, variedade Entenza, non picante	477
Bibliografía	478

galicia